

Roberto L. Blanco Valdés

A CONSTRUCCIÓN DA AUTONOMÍA GALEGA 1981-2007

DIARIO OFICIAL

de GALICIA

Páxs.

**CONSELLERÍA DE
E ORDENACIÓN**

— Orde do 30 de outubro de 2008 pola que se autoriza a creación de unidades ao censo de actividades especial Jerónimo de la Guarda (Pontedeume).

— Orde do 7 de outubro de 2008 que autoriza o cambio de titularidade do privado Cofisad, S.L.

**CONSELLERÍA DE
E INDUSTRIA**

— Orde do 21 de outubro de 2008 que se amplía o prazo de subvencións previstas no artigo 1.º do Real Decreto do 12 de setembro de 2008 que regula as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a realización de actividades de investigación e desenvolvemento tecnolóxico en materia de innovación e desenvolvemento tecnolóxico.

20.128

20.128

XUNTA DE GALICIA

**DE SANTIAGO DE
LA**

de outubro de 2008 para a publicación do empenho de persoas que presenten participación nas propostas de ingreso na escala técnica da Administración da Universidade de Compostela, convocada o 12 de maio de 2008.

ADMINISTRACIÓN
JUSTIZA

A CONSTRUCIÓN DA AUTONOMÍA GALEGA 1981-2007

Autor

Roberto L. Blanco Valdés

Escola Galega de Administración Pública

Santiago de Compostela, 2008

Edita_	ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (EGAP) Rúa de Madrid 2 – 4, Polígono das Fontiñas 15707 Santiago de Compostela
Autor_	Roberto L. Blanco Valdés
Tradución_	Ramiro Combo
Deseño e maquetación_	Krissola Diseño, S.L.
Imprime_	OFELMAGA S.L.
ISBN_	978-84-453-4685-3
Depósito legal_	

Para Mario e Roberto Blanco Torres
Para Mario e Segismundo Blanco Fuentes
Todos afervoados autonomistas

ÍNDICE

Introdución: a xénese dun libro	11
Primeira parte: a institucionalización da autonomía en Galicia	17
Capítulo I: As claves da descentralización	19
Capítulo II: A primeira década de produción legislativa	43
Segunda parte: a evolución do proceso autonómico galego	61
Capítulo III: ano 1989	63
Capítulo IV: ano 1990	69
Capítulo V: ano 1991	79
Capítulo VI: ano 1992	89
Capítulo VII: ano 1993	101
Capítulo VIII: ano 1994	113
Capítulo IX: ano 1995	127
Capítulo X: ano 1996	145
Capítulo XI: ano 1997	163
Capítulo XII: ano 1998	181
Capítulo XIII: ano 1999	197
Capítulo XIV: ano 2000	213
Capítulo XV: ano 2001	229
Capítulo XVI: ano 2002	245
Capítulo XVII: ano 2003	261
Capítulo XVIII: ano 2004	279
Capítulo XIX: ano 2005	297
Capítulo XX: ano 2006	313
Capítulo XXI: ano 2007	331
Terceira parte: a Xunta e o Parlamento de Galicia: datos institucionais (1990-2007)	351

INTRODUCCIÓN A XÉNESE DUN LIBRO

O correo electrónico eliminou practicamente de raíz a posibilidade de levar un susto ao regresar dunha longa viaxe. Pero, á altura de 1989, o grande invento do *E-mail*, que fai que a nosa vida cotiá nos persiga sexa cal sexa o sitio onde esteamos, constituía aínda un luxo excepcional. Por iso, cando a comezos do outono dese ano, xusto despois de chegar á miña casa tras pasar varios meses na Universidade washingtoniana de Georgetown, atopei no correo (é dicir, na caixa de correos) unha carta atrasada do meu colega Eliseo Aja, quedei abraiado. Nela facíame Eliseo unha proposta que me tivo preocupado ata que finalmente puiden falar con el en persoa: que me encargase de redactar o capítulo correspondente a Galicia dun informe anual sobre o Estado autonómico que, impulsado por un grupo de profesores cataláns, el ía dirixir. Aínda que, desde o primeiro momento, a idea do informe me pareceu interesantísima, pois nada similar nin tan necesario había aínda na nova España das autonomías que estabamos comezando a construír, o meu temor era o de se resultaría eu a persoa idónea para encargarme da tarefa que tan xenerosamente se me encomendara. E é que, por esas datas, apenas traballara no complexo asunto da descentralización. Botando man da súa habitual capacidade de convicción, Eliseo insistiu amigablemente e eu acabei por aceptar, co resultado do que é proba concluínte o libro que ten agora nas súas mans o lector.

Recóllense, así, na segunda e terceira partes desta obra, os dezanove informes sobre Galicia que elaborei entre 1989 e 2007 para o que acabará por ser, desde moi pouco tempo despois da súa feliz aparición, o máis rigoroso e completo documento sobre a evolución da España autonómica e sobre a de cada unha das súas comunidades: o *Informe Comunidades Autónomas*, elaborado por un grupo de expertos, entre os que tiven a honra de figurar, baixo a dirección dos responsables do Institut de Dret Públic de Barcelona. Aos citados informes engadíronse, ademais, para completalos, os dos traballos –agora reescritos– que conforman a primeira parte deste libro. Publicados con motivo dos primeiros dez anos de funcionamento do parlamento de Galicia e do vinte e cinco aniversario da aprobación da Constitución, un e outro céntranse, respectivamente, no estudo da produción lexislativa da cámara autonómica no crucial período inicial de posta en marcha das disposicións do Estatuto de Galicia e nos avatares da construción e o progresivo asentamento da Comunidade Autónoma que naquel se prevía.

A construción da autonomía galega (1981-2007) é, así, o resultado final de moitos anos de traballo e reflexión sobre a evolución do sistema autonómico de Galicia e sobre a do propio Estado autonómico español en que se insire. As razóns que me levaron agora a publicalo teñen que ver fundamentalmente coa vontade de poñer á disposición do lector interesado o conxunto deses materiais, moitas veces dispersos en diferentes bibliotecas, dunha maneira ordenada e accesible. En todo caso, a orixe da maior parte dos capítulos do libro —é dicir, a súa procedencia do *Informe Comunidades Autónomas* citado— obrígame a facer algunhas precesións que permitan a mellor comprensión e o máis fácil manexo desta obra. A primeira delas refírese ao espírito con que foron escritos no seu momento os informes anuais, que, como poderá comprobarse, son exclusivamente descritivos e xamais valorativos. A razón é ben sinxela: así o decidimos desde o principio os membros do equipo redactor, que nos propuxemos a tarefa de lles ofrecer aos lectores os datos necesarios para que cada un puidese obter despois, a partir da información subministrada, as súas propias conclusións. Nesta edición mantívenme fiel á referida decisión, de tal xeito que as únicas modificacións que introducín nos informes anuais son de estilo literario e non lle afectan para nada, polo tanto, ao sentido obxectivo e imparcial con que aqueles foron orixinariamente concibidos.

Outras precesións son de entidade moito menor, aínda que resultan igualmente necesarias para poder obter deste libro toda a utilidade que espero que teña. Como o lector poderá observar, as leis que se inclúen e que (coa excepción das orzamentarias) se analizan en cada un dos informes anuais son as publicadas no *Diario Oficial de Galicia* da anualidade correspondente e non as aprobadas parlamentariamente nese ano: quere dicirse que, naqueles casos excepcionais en que unha norma non se publica no ano en que foi aprobada pola cámara galega, o informe en que tal lei se estuda é o do período anual en que se publica oficialmente. Mentres que o tratamento das leis é máis amplo, as normas da Xunta de Galicia de dimensión regulamentaria simplemente se enumeran, aínda que o lector interesado en coñecer os seus respectivos contidos poderá facelo consultando o *Informe Comunidades Autónomas* correspondente, pois en todos se inclúe un resumo material das aprobadas no ano. Polo demais, e coa excepción do primeiro informe anual —o correspondente a 1989—, vítima lóxica das dúbidas iniciais, todos os demais teñen unha invariable sistemática, aínda que, como tamén era de esperar, fosen crescendo co tempo en exhaustividade e precisión. Espero que tal evolución redunde en beneficio do lector.

A elaboración, ano tras ano, e durante as dúas últimas décadas, do *Informe Comunidades Autónomas*, do cal este libro é directísimo debedor, foi para min unha experiencia profesional e persoal irrepitible. De feito, éo en si mesma, pois que un grupo de profesores universitarios (xuristas, economistas e politólogos) fosen capaces de traballar xuntos durante vinte anos sen apenas máis conflitos que os que tan longa andaina provoca a pura forza resulta cousa máis que rara nunha profesión onde os enfrontamentos son o pan de cada día. O Estado autonómico cambiou dun xeito sideral neses vinte longos anos, aínda que algúns se empeñen en negalo, e fixémoslo tamén, de forma paralela, os que desde o *Informe Comunidades Autónomas* intentamos dar conta puntual e honesta dese cambio. Para que o lector se faga unha idea aproximada, basta un dato: cando comezamos a aventura, en 1989, fumaba na sala de reunións todo o mundo (ou, polo menos, a inmensa maioría), pero, xa bastante antes de que as leis limitasen o uso do tabaco, os que o consumían pasaran a ser a inmensa minoría.

Remato xa. Desexo deixar constancia do meu recoñecemento ao Institut de Dret Públic, que me deu todas as facilidades para publicar o libro que agora se presenta: aínda que lembro co mesmo cariño todos os amigos e colegas vinculados a el polo seu traballo, é de simple xustiza mencionar expresamente a Eliseo Aja, durante moito tempo auténtica alma dun grupo excepcional. Silvia del Pino Ramírez puxo á miña disposición os arquivos do Institut e facilitoume, cunha eficiencia e amabilidade extraordinarias, todos os materiais dos cales eu non dispoñía, polo que este libro lle debe moito máis

do que ela imaxina. Ramiro Combo realizou unha excelente tradución ao galego do orixinal castelán desta obra, que se edita simultaneamente en ambas as dúas linguas, e quero deixar aquí pública constancia da miña satisfacción polo seu magnífico traballo. Finalmente, aínda que non por suposto en último lugar, Carlos Suárez-Mira, director da Escola Galega de Administración Pública, acolleu con entusiasmo unha iniciativa que só foi posible ao cabo polo seu apoio. A todos eles moitas grazas.

Roberto L. Blanco Valdés

Brandía, 12 de outubro de 2008

PRIMEIRA PARTE A INSTITUCIONALIZACIÓN DA AUTONOMÍA EN GALICIA

CAPÍTULO I AS CLAVES DA DESCENTRALIZACIÓN

1. O proceso autonómico español e o federalismo do revés

A experiencia federal desenvolvida no noso país tras a entrada en vigor da Constitución de 1978 non foi única, aínda que si moi peculiar. A causa de tal peculiaridade resulta doada de explicar: a pluralidade e a diversidade territorial non constituíron en España –como aconteceu, en xeral, na historia do federalismo comparado– a base histórica para chegar á unidade. Moi pola contra, o proceso autonómico caracterizarase polo feito de que a férrea unidade do Estado resultará en España o punto de partida para alcanzar a pluralidade de centros de poder e o recoñecemento da diversidade territorial. O federalismo español, resultado do proceso autonómico aludido, rematará por ser, así, un federalismo *do revés*, dato que o situará no contexto das súas dificultades verdadeiras. E é que cando comeza a transición política española houbera xa experiencias en Europa que permitían obter non poucas conclusións relevantes sobre como podía erixirse un Estado democrático a partir das ruínas dun Estado autoritario. Nada se sabía, non obstante, sobre a forma en que se podería ou debería afrontar o proceso de conversión dun Estado fortemente centralizado nun outro cun alto grao de descentralización do poder territorial. Ese foi, en realidade, o impresionante desafío que os españois houbermos de afrontar nos anos de elaboración da Constitución e no éxito relativo dese empeño reside unha das particularidades da nosa transición, particularidade que, a forza de sinceros, segue sorprendendo moito máis fóra de España do que sorprendeu no pasado e sorprende aínda hoxe os millóns de cidadáns que a protagonizaron.

É certo, claro, que a posta en marcha das previsións do título VIII da lei fundamental se produciu de forma paulatina e que o seu modo de avanzar, moitas veces por tanteo, permitiu que os ritmos e contidos da descentralización fosen axustándose ás exixencias dos diversos territorios e ás posibilidades que ía permitindo unha transición na que resultou sempre necesario manter uns delicados equilibrios políticos internos, cuxa ruptura podía provocar un perigoso parón ou unha desastrosa marcha atrás. De feito, a Constitución, que non funcionou entón como un *modelo* de organización territorial (modelo que só se culminaría na fase estatuínte), ía facelo, en todo caso, como a norma reguladora do proceso de progresiva descentralización do poder territorial que daquela se articula partindo das catro decisións políticas fundamentais que sentara, a este respecto, o lexislador constituínte no pro-

pio texto constitucional: primeira, a consagración solemne do principio de unidade territorial no seu artigo 2º, a partir da afirmación da *indisoluble unidade* da nación española, patria común e *indivisible* de todos os españois; segunda, o recoñecemento e garantía, con idéntica solemnidade, e no mesmo artigo 2º, do dereito á autonomía das nacionalidades e rexións; terceira, a previsión dos procedementos oportunos para que os suxeitos aos que se outorgaba a *auténtica* titularidade xurídica do dereito á autonomía garantido ás nacionalidades e rexións (as provincias limítrofes con características históricas, culturais e económicas comúns, os territorios insulares e as provincias con entidade rexional histórica do artigo 143.1 da Constitución) puidesen exercelo efectivamente e na práctica segundo o previsto no título VIII e nos respectivos estatutos; e cuarta, e última, a decisión de que os territorios que no pasado plebiscitasen afirmativamente proxectos de Estatuto de autonomía e contasen ao tempo de promulgarse a Constitución con réximes provisionais de autonomía (perífrase constitucional a través da cal a disposición transitoria segunda da lei fundamental mencionaba, sen citalas, as tres provincias vascas, as catro galegas e as catro catalás) poderían acceder directamente á vía *especial* –a do artigo 151 da norma suprema– que garantía unha autonomía plena tanto no ámbito institucional coma no competencial, sen necesidade de cumprir as durísimas condicións contidas con carácter xeral para acceder por esa vía no artigo 151.1 da norma constitucional. Unhas condicións esas que supoñían non só contar coa existencia dun amplísimo consenso ao respecto entre as elites políticas, senón que existían implementar, ao propio tempo, un proceso de mobilización popular de resultados finais dificilmente previsibles.

Pero, máis alá desas *decisións políticas fundamentais* adoptadas polo lexislador constituínte, o certo é que será a xa aludida forma de avance por tanteo, posibilitada por un texto susceptible de ser interpretado de forma moi flexible, a que xerará finalmente unha alteración substancial no modelo territorial que, sobre a base das previsións constitucionais, intentaron construír ao principio os partidos encargados de dirixir o proceso de descentralización política español. Iso permitiu, cando así o exixiron inescusablemente as circunstancias do momento, impulsar un cambio nesa interpretación constitucional adoptada inicialmente polas grandes forzas signatarias do pacto constituínte, interpretación que levaba implícita a apertura dunha máis ou menos profunda reestruturación do poder do Estado.

Tal cambio ía ser moi significativo porque a lectura inicial do texto constitucional intentou ser tan asimétrica como asimetricamente cabía interpretar as previsións procedementais contidas no título VIII da lei fundamental. De feito, a composición política das Cortes constituíntes favorecerá nun primeiro momento a converxencia das tres grandes correntes político-ideolóxicas presentes nestas (a dereita, a esquerda e os nacionalistas) no que Javier Pérez Verde denominou con acerto unha interpretación *nacionalista* da Constitución: certamente, a relevancia electoral das forzas catalanistas e vasquistas nos seus respectivos territorios, o recoñecemento por parte da esquerda estatal (socialista e comunista) da necesidade de dar un tratamento *singular* aos casos vasco e catalán e, por último, a posición *centralista* do partido do Goberno (Unión de Centro Democrático), partidario de non estender a autonomía *política* máis alá dos territorios nos que se manifestara a vixencia do denominado *problema nacional*, conduciron historicamente a unha lectura constitucional segundo a cal a estrutura autonómica debía ser unha estrutura asimétrica, conformada por dous territorios plenamente autónomos (Cataluña e o País Vasco) e outros (todos os demais, salvo Galicia) dotados dunha mera descentralización administrativa, maior ou menor, dependendo dos casos.

Esta interpretación *nacionalista*, adoptada inicialmente polos partidos asinantes do pacto constituínte, ía ter tres manifestacións esenciais. As dúas primeiras (a tramitación preferente dos estatutos de autonomía do País Vasco e Cataluña, territorios que asumían o máximo teito competencial constitucionalmente posible no momento; e a tentativa de tramitar as restantes iniciativas autonómicas, incluída a andaluza, pola vía *lenta* do artigo 143 da Constitución) importan agora menos, para os

efectos do balance da experiencia autonómica galega. A terceira, a consistente en *degradar* o nivel de autonomía da futura Comunidade Autónoma de Galicia, comunidade incluída tamén *inevitablemente* na transitoria segunda da Constitución, supón, pola contra, un indispensable punto de partida. Porque, como é sabido, *contar unha historia* cabalmente adoita exixir comezar polos seus inicios.

2. O proceso autonómico galego, no ollo do furacán territorial

Unha vez aprobados os estatutos vasco e catalán, o Goberno e o seu partido (Unión de Centro Democrático) decidiron imprimir un xiro radical na marcha do proceso autonómico español. Apoiados neste punto polos nacionalistas do País Vasco e Cataluña –que abominaban do que pronto denominarán despectivamente «o café para todos», dando con iso por suposto que ambos os dous territorios tiñan un *dereito* (¿constitucional?) *ao café* do que carecían os demais–, ese xiro ía deixar as provincias galegas nunha especie de terra autonómica de ninguén: nin Galicia entraba –en sentido *material* e máis alá do concreto procedemento xurídico de acceso– no grupo das comunidades de cabeza, nin quedaba recluída no numeroso grupo que formaban as de cola. ¿Que conducira a Galicia a esa estraña situación? A resposta depende do modo en que se formule tal asunto. Pois a clave non consiste en preguntarse por que se lle daba a Galicia un tratamento politicamente diferente ao que se lles dera ao País Vasco e Cataluña, sendo, como era, idéntica a posición constitucional que para as tres rexións se deducía do previsto na transitoria segunda da lei fundamental, senón máis ben en darlle a volta a ese argumento e, tras iso, formular a consulta dun modo oposto: ¿por que os partidos que dirixían a posta en marcha do proceso autonómico español haberían de tratar a Galicia do mesmo modo que a Cataluña e o País Vasco se en Galicia apenas existía a realidade (nacionalista) que politicamente os levara a abordar dun modo diferente, e substantivo, os casos vasco e catalán? É certo que a busca dunha fórmula xurídica *obxectiva* con que designar as catro provincias catalás e as tres provincias vascas xerou un resultado ineludible, pois a única forma de referirse –sen nomealas– a Cataluña e o País Vasco, para lles permitir unha vía de acceso privilexiada a unha autonomía xenuína, sen xerar con iso unha explosión de agravios territoriais nas restantes rexións españolas –que poderían acabar por sentirse maltratadas fronte a un *descarnado* privilexio vasco e catalán–, foi botar man dunha perífrase obxectivante (a dos territorios que no pasado plebiscitasen afirmativamente proxectos de Estatuto de autonomía) que levaba de xeito indefectible a incluír tamén Galicia nese grupo, malia ser Galicia unha rexión na que, en contraste co que acontecía no País Vasco e Cataluña, o nacionalismo resultaba neses momentos iniciais da descentralización un fenómeno político e social testemuñal.

Foi así como entrou Galicia pola *porta* da plena autonomía, pero só para que a maioría dos entón responsables do deseño nacionalista segundo o cal se quería construír inicialmente o noso modelo de organización territorial intentasen enseguida sacala pola *ventá*, rebaixando aquela autonomía de plena a *degradada*. ¿Como? Pois a través de toda unha serie de medidas de natureza moi diversa que, incluídas no proxecto de Estatuto, tiñan por único obxectivo reducir a *densidade* xurídica e política do feito autonómico galego. Dúas delas presentaban unha importancia primordial: en primeiro lugar, a que tiña por obxecto limitar o pluralismo da futura Cámara autonómica galega, establecendo que para acceder á que se elixiría inmediatamente despois da aprobación do Estatuto non serían tidas en conta as listas que non obtivesen, polo menos, o 3% dos votos do censo electoral, unha restrición que, ademais de supoñer un perigosísimo precedente cara ao futuro, supoñía de feito, e vistas as porcentaxes de abstención daquela rexistradas en Galicia, colocar a barreira electoral en torno a un 6% dos votos expresados. A proba irrefutable de que o asunto non era en absoluto irrelevante puido obterse nada máis celebradas –no outono de 1981– as primeiras eleccións autonómicas, eleccións nas que, de manterse a barreira de acceso ao Parlamento no 3% do censo electoral, os resultados referidos á repartición dos escaños na Cámara serían para as minorías bastante diferentes dos

que foron finalmente: o Partido Comunista e Esquerda Galega (a menos radical das dúas forzas en torno ás cales se articulaba entón a oferta dos nacionalistas) desaparecerían da Cámara –na que un e outra obtiveran un escano– e o Bloque-PSG, que representaba o nacionalismo independentista, perdería polo menos un dos tres escanos conseguidos.

Pero a vontade de rebaixar a densidade do feito autonómico galego non se reducía ao obxectivo de intentar limitar a representatividade do futuro Parlamento, que ía quedar, ademais, moi pervertida pola sobrerepresentación das provincias interiores (e máis rurais) de Galicia e a infrarrepresentación das costeiras (e máis urbanas), provincias unhas e outras onde os votos se repartían de forma ben distinta entre a esquerda e a dereita. E é que á medida mencionada se lle engadía outra directamente dirixida a condicionar o exercicio por parte da futura Comunidade Autónoma galega das súas competencias e poderes a través da introdución dunha denominada *cláusula competencial*. Contida no apartado segundo da disposición transitoria terceira do proxecto de Estatuto aprobado finalmente pola Comisión Constitucional do Congreso dos Deputados («co concurso e asistencia dunha delegación da asemblea proponente») e publicado polo *Boletín Oficial de las Cortes Generales* o 14 de decembro de 1979, a cláusula competencial determinaba, no seu primeiro inciso, que «naquelas competencias que recaen sobre materias, que de acordo co disposto na Constitución e no presente Estatuto son obxecto tamén de competencias estatais, rexerá a delimitación que destas fagan as Cortes xerais mediante lei». Como é doado de entender, a introdución dunha previsión de tal natureza significaba, nin máis nin menos, que facer depender das Cortes estatais a extensión que na práctica habería de ter cara ao futuro o exercicio das súas competencias por parte da Comunidade Autónoma galega, pois esas competencias prefigurábanse na inmensa maioría dos casos como competencias compartidas entre aquela e o Estado.

Aínda que a introdución das dúas restricións aludidas non eran os únicos motivos de grave desacordo que, finalmente, ían levar á oposición a rexeitar de plano o proxecto de Estatuto, o certo é que tanto a barreira electoral (e a desigual distribución interprovincial dos escanos para a primeira Cámara autonómica) como a cláusula competencial abriron finalmente unha distancia insalvable entre as pretensións do Goberno e o seu partido e as demais forzas que estaban a participar no proceso de elaboración estatutaria. E iso ata o punto de que na votación celebrada na madrugada do 22 de novembro pola Comisión Constitucional do Congreso, ampliada (segundo o previsto no artigo 151.2.2º da Constitución) por unha delegación da asemblea proponente, o resultado fose de 28 votos a favor fronte a 19 en contra. Tanto o sucedido entre os representantes da Comisión Constitucional (na que 17 deputados, todos de UCD, votaron a favor; 15 en contra: os dos tres grupos socialistas –do Congreso, vascos e cataláns–, e os dos grupos Andalucista e Comunista; mentres Manuel Fraga –de Coalición Democrática– se ausentaba da Cámara e os representantes das minorías vasca e catalá non asistían) como o acontecido entre a delegación da asemblea proponente (na que apoiaron o proxecto 11 dos seus membros –todos de UCD–, rexeitárono catro –todos do PSOE– e tres máis –un de UCD e dous de Coalición Democrática– non chegaron a votar) demostraba ben ás claras a inmensa soidade da maioría parlamentaria centrista que decidira converter Galicia no terreo de probas dunha estratexia de estrita interpretación constitucional nacionalista, tan estrita que mesmo un dos territorios da transitoria segunda da lei fundamental acababa por quedar fóra do grupo que formaban o País Vasco e Cataluña.

As reaccións ante o que moi pronto foi considerado «o Estatuto da aldraxe» non se fixeron esperar. Manuel Fraga afirmou que Galicia fora maltratada polo goberno de UCD e describiu cunha dureza extraordinaria a forma en que se xerara o texto do proxecto: «Un Estatuto que debeu de estudarse en dous meses seriamente, estudouse en tres noites, o cal é unha vergoña. A última reunión pareceume tabernaria, porque non soamente alí se bebía demasiado alcohol, senón que os ánimos se excitaron porque a xente estaba cansa. O movemento de protesta e descontento era inevitable». A súa compa-

ñeira de partido e deputada coruñesa María Victoria Fernández-España incidiu, ademais, na significación política profunda da decisión así tomada: «O Estatuto non me gusta porque eu non acepto a división entre autonomías de primeira e de segunda. Se imos a un Estado federal, imos todos ou non vai ninguén. UCD quixo pactar só co PSOE e, ao fallar os acordos, quedou como único partido responsable do texto». Desde o outro lado do arco parlamentario, o deputado comunista e membro da Comisión Constitucional Jordi Solé Tura insistía na importancia crucial dos dous temas que separaban maioría e minorías: «O Estatuto foi liquidado coa inclusión do artigo 37.4 [a *cláusula competencia*] nunha disposición transitoria. O seu texto dá paso a dúas categorías de estatutos e posibilitará, no caso galego, a perpetuación do centralismo, a frustración das súas ansias autonomistas e a provocación de enfrontamentos entre os pobos. UCD propúxonos, nun momento concreto, rebaixar o mínimo do 3% para acceder ao Parlamento galego, a cambio de que modificásemos a nosa actitude». Desde o Partido Socialista, en fin, o xuízo incidía tamén na responsabilidade do goberno na *aldraxe* por todos proclamada, *aldraxe* que era denunciada así polo presidente do PSOE galego Francisco González Amadiós: «UCD non ten homes capaces de defender a Galicia. Regresamos de Madrid cun Estatuto, imposto polos centristas, que discrimina a Galicia».

Moi lonxe desas posicións, os dirixentes galegos de UCD emitían xuízos de ton moi diverso. Simplemente resignado o do deputado Meilán Gil: «É o mellor Estatuto dos posibles nas circunstancias actuais». E entusiasta, por contraste, o do presidente da Xunta preautonómica, José Quiroga Suárez: «É un Estatuto no que se define claramente a personalidade da rexión galega, que contempla as súas características culturais e que fai unha mención moi clara á recuperación da lingua. A través del [Galicia] poderá desenvolver as súas apetencias autonómicas. Pido aos galegos que o estuden e que non se fíen dos falsos profetas que, con algaradas e con pretensións partidistas, veñen levantando bandeiras dos seus propios partidos».

As *algaradas* estaban servidas, non obstante, pois o descontento entre os partidos contrarios ao proxecto, que manexaron habilmente o argumento do maltrato, do agravio e a discriminación contra Galicia, expandiuse, igual que a lapa nunha mecha, entre a opinión pública galega. O propio 22 de novembro –coincidindo, polo tanto, coa reunión da Comisión de Asuntos Constitucionais ampliada na que se aprobou «o Estatuto da *aldraxe*»– miles de persoas, convocadas polas forzas da esquerda nunha «xornada de dignidade nacional», manifestáronse nas principais cidades do país exixindo unha autonomía plena e sen recortes. Non faltou, ademais, na escenificación daquela *aldraxe* ningún dos elementos que podían darlle a credibilidade que necesitaba para converterse nunha reivindicación auténticamente *nacional*: a bandeira de Galicia, co seu correspondente crespón negro, ía ondear a media hasta na sede da Real Academia Galega; alcaldes e concelleiros encerráronse nos seus concellos como mostra de protesta; pequenos comerciantes «solidarios fronte ao agravio» botaron o peche aos seus negocios; e os principais xornais galegos converteron a exixencia dunha autonomía de primeira en verdadeiro *casus belli*. Todo este amplo movemento desembocaría finalmente nunha inmensa marcha que, co apoio dos grandes partidos e sindicatos de Galicia (excluído o nacionalismo independentista do Bloque Nacional Popular Galego e, obviamente, a UCD) e baixo o lema «Fronte ao Estatuto de UCD. Auténtica Autonomía», conseguiría reunir en Vigo o 4 de decembro ducias de miles de persoas na que, de inmediato, foi considerada polos organizadores como a manifestación máis numerosa da historia de Galicia.

O resultado político de todo este amplo movemento foi, sinxelamente, que o proceso de aprobación do Estatuto galego se parou. Pero cando se puido retomar, pasado case un ano, as circunstancias españolas eran xa politicamente moi distintas. E é que o 18 de febreiro de 1980 se celebrara en Andalucía un referendo, o de iniciativa autonómica previsto no artigo 151 da lei fundamental, cuxo sorprendente resultado tivo unha importancia extraordinaria para o futuro do proceso autonómico

español ao constituírse como orixe dun xiro substancial na marcha da descentralización. Os resultados do referendo andaluz provocaron, en efecto, o abandono da interpretación nacionalista da Constitución, vixente ata o momento, e a súa substitución por unha nova interpretación non nacionalista, cuxa directa consecuencia serían os Acordos Autonómicos asinados polo Goberno da nación e o Partido Socialista Obreiro Español o 31 de decembro de 1981.

A maioría parlamentaria nas Cortes xerais e o Goberno centrista que esa maioría sostíña tiveron que abandonar, tras todo iso, as dúas tentativas sobre cuxas bases se pretendera articular o xiro da súa política autonómica (a de degradar a autonomía galega e tramitar o proceso autonómico andaluz pola vía *xeral*), tentativas cuxo fracaso estrepitoso acabou por levar por diante o partido que se empeñara en defendelas mesmo cando xa se impuxera a evidencia de imposibilidade de facelas realidade. A derrota do Goberno e de UCD no referendo de iniciativa autonómica andaluz do 18 de febreiro de 1980, no que os cidadáns andaluzes decidiron, a partir do previsto no artigo 151.1 da Constitución e contra a posición defendida polo Executivo, tramitar a súa iniciativa autonómica pola vía *rápida* do artigo citado e non pola vía *lenta* do 143, e a completa marcha atrás á que o Goberno e o seu partido se viron forzados en Galicia ían constituír proba irrefutable da envergadura do fracaso dun proxecto sinxelamente irrealizable: o de aplicar a Constitución de acordo a unha interpretación nacionalista.

Óptase entón por ensaiar unha vía de interpretación *homoxeneizadora* segundo a cal todos os estatutos que aínda entón estaban pendentes de elaboración e aprobación (excluído, obviamente, o andaluz) se tramitarían pola vía *lenta* do artigo 143 da Constitución, pero cunha importantísima particularidade, de cuxas extraordinarias consecuencias a medio e longo prazo non foron sen dúbida entón de todo conscientes os que asinaban os Acordos: a de que nas comunidades de vía *xeral* se establecería unha armazón de poderes practicamente idéntica á prevista para as comunidades *especiais*. Para tal efecto nos Acordos pactábase estender a todas as comunidades a organización prevista no artigo 152.1 da Constitución, con independencia de cal fose o respectivo teito competencial de cada unha.

Esa nova situación ía posibilitar que o proceso autonómico galego puidese retomarse sobre unhas bases moi diferentes das vixentes no momento en que fora *conxelado*, o que resultou factible tras o amplo acordo ao que chegaron os cinco partidos que meses despois apoiarían a ratificación do Estatuto: UCD, o PSOE, Coalición Democrática, o Partido Comunista de Galicia e o Partido Galeguista. Todas esas forzas participaron en diversas sesións de traballo ao longo do mes de setembro de 1980 e, tras elas, chegaron a un acordo –o coñecido como «pacto do Hostal»– aceptado logo pola Asemblea de Parlamentarios de Galicia. Foi así como o *Boletín Oficial de las Cortes Generales* do 28 de outubro de 1980 puido publicar un denominado «Escrito da Asemblea de Parlamentarios de Galicia» solicitando nova reunión da Comisión Constitucional e da delegación daquela para a reconsideración parcial do texto acordado, reunión que permitirá, finalmente, desbloquear a situación que durante un ano permanecera bloqueada. A propia explicación que daban os autores do Escrito sobre a finalidade e o contido do seu texto resulta dunha claridade que fai innecesario calquera comentario adicional: «As circunstancias en que se produciu o debate do proxecto de Estatuto na Comisión Constitucional, a evolución dos acontecementos públicos desde aquela data e o cambio fundamental operado na lectura e aplicación do título VIII da Constitución, moveron os partidos políticos asinantes, recollendo o sentir de amplos sectores do pobo galego conscientes da súa responsabilidade histórica, a manifestar a súa vontade política de emprender as accións conducentes a eliminar os obstáculos que actualmente existen para que poida convocarse o referendo [de ratificación] nas condicións de concordia e solidariedade que o Estatuto de autonomía require». ¿Cales eran eses obstáculos? Os asinantes do documento respondían tamén dunha forma precisa á cuestión: «Os principais obstáculos proveñen da existencia no actual texto dunha serie de preceptos que, por diversos motivos, supoñen unha inseguridade en canto á aplicación do Estatuto en termos de igualdade cos das outras dúas nacionalida-

des históricas a que tamén se refire a disposición transitoria segunda da Constitución». Tras iso, o escrito enumeraba os preceptos referidos, dentro dos cales se incluían por suposto, e entre outros, os relativos á cláusula competencial e á barreira electoral. A modificación do proxecto de Estatuto seguindo as peticións contidas no escrito do presidente da Asemblea de Parlamentarios de Galicia deu paso, á fin, á convocatoria do correspondente referendo de ratificación estatutaria, que, no medio dunha apatía xeral, tivo lugar o 21 de decembro de 1980.

3. O Estatuto galego: autonomismo, nacionalismo... e abstención

A mellor manifestación desa apatía, que contrastaba certamente coa ampla mobilización popular que en favor dunha verdadeira autonomía tivera lugar un ano antes, foi que o Estatuto en que, finalmente, esta adquirira plasmación ía ratificarse nun referendo cunhas ridículas porcentaxes de participación: na xornada do 21 de decembro abstivéronse en Galicia o 72% dos chamados a votar (68% na Coruña, 80% en Lugo, 79% en Ourense e 68% en Pontevedra), cifras de abstención que se situaban por moi por enriba non só das producidas en todos os procesos electorais anteriores celebrados en Galicia (eleccións xerais de 1977 e eleccións xerais e locais de 1979), senón tamén dos datos de abstención do referendo previo de ratificación da Constitución, no que non acudiron a votar o 50% dos inscritos no censo (46% na Coruña, 58% en Lugo, 59% en Ourense e 48% en Pontevedra).

Pero, con ser moi significativa a alta porcentaxe de abstención, o feito de que os *sís* fosen moi superiores aos *nons* entre os que expresaron as súas preferencias nas urnas converteu o resultado do referendo de decembro nun dato dunha transcendencia política bastante relativa. É certo que se manexaron hipóteses distintas para dar unha explicación a aquel fracaso, desde as máis razoables (as que identificaban a abstención coa conciencia xeneralizada de que a ratificación non estaba en risco ao ser a fronte antiestatutaria moi pouco relevante desde o punto de vista electoral, ou as que poñían de relevo a influencia que no resultado podía rematar por ter a confusión xerada por un proceso de elaboración estatutaria moi longo e cheo de enfrontamentos partidistas), ata algunhas certamente pintorescas, como as que se atrevían a aventurar que a indiferenza ante as urnas quizais tivese ¡raíces celtas! ou as que consideraban a abstención unha rebelión contra o centralismo españolista.

Nesta última liña destacou a valoración das forzas nacionalistas, as únicas que decidiran, finalmente, quedar fóra do proxecto autonómico galego. O nacionalismo independentista, que entón representaba o BNPG (Bloque Nacional Popular Galego), proclamou, así, que acontecera «por primeira vez un fenómeno fundamental, cal é o da liberación do voto das poutas dos partidos estatalistas [...] Os resultados son unha vitoria nada desdeñable das forzas nacionalistas que defenden a soberanía nacional». O Partido Obreiro Galego (POG), tamén de esquerdas e tamén nacionalista, aínda que máis temperado en ambos os dous campos, puxo, pola súa banda, de relevo que os resultados demostraran «que unha gran parte do pobo galego deixou de apoiar o centralismo e os partidos do si, que perderon medio millón de votos [...] A abstención revela que o centralismo xa non pode integrar ou manipular o voto galego, que tras este período de transición se inclinará paulatinamente a favor dos partidos nacionalistas».

En todo caso, ese vicio *de orixe* que a abstención significou para o proceso descentralizador galego, vicio que, certamente, non afectaba á súa legalidade, pero que podía acabar lesionando seriamente a lexitimidade do experimento autonómico, ía ter, non obstante, a medio prazo, moi limitadas consecuencias. Moito máis importantes para o futuro do subsistema galego de partidos e, máis en xeral, para o do propio réxime político autonómico galego sería, pola contra, a oposición dos nacionalistas ao novo marco estatutario, oposición que haberá de explicar cara ao futuro, en boa medida, a escasa relevancia que –contravindo ese optimismo expresado polo POG tras a alta abstención supostamente anticentralista do

referendo do texto estatutario– o nacionalismo galego estaba chamado a ter por moitos anos. E é que, en efecto, malia o feito de que nalgunhas das fases do proceso estatuínte participasen non só as forzas do arco parlamentario, senón tamén outras de natureza extraparlamentaria no momento, incluídas algunhas das nacionalistas, a través de diversas vías indirectas (así sucedera, por exemplo, na elaboración do chamado «Estatuto dos 16»), o certo é que todo iso non conseguiu, a fin de contas, concitar a adhesión ao Estatuto das forzas nacionalistas que contaban con certo apoio electoral, aquelas que tras as primeiras eleccións autonómicas conseguiron entrar na Cámara galega: o Partido Obreiro Galego (POG) –transformado máis tarde Esquerda Galega (EG)– e o Bloque Nacional Popular Galego, que optaron, respectivamente, pola abstención e o voto negativo no referendo de decembro. Moi pola contra, o Estatuto foi apoiado unicamente por un partido nacionalista cuxa presenza en Galicia resultaba na práctica pouco máis que puramente testemuñal, o xa mencionado Partido Galeguista, o único dese espectro político-ideolóxico que fixo campaña e solicitou o voto en favor do Estatuto.

Todo iso significaba, a fin de contas, que a galega ía ser a única das tres comunidades de vía especial en que a autonomía non se configuraría, segundo xa sucedera no País Vasco e Cataluña, como o froito dun dobre pacto histórico, político e ideolóxico: un entre a esquerda e a dereita e outro entre o nacionalismo e o non nacionalismo. De feito, a ausencia do POG e o BNP no acordo autonómico galego afectaba non só ao ámbito do nacionalismo, senón tamén ao da esquerda, fortalecendo fronte a aquela, como máis adiante veremos, a posición da dereita e as posibilidades desta de ir ampliando o seu espazo de competencia nun terreo, o do galeguismo constitucional e estatutario, que quedaba libre dunha marca electoral que puidese reivindicalo como propio.

Pero, en todo caso, e malia constituírse como unha das dificultades de saída coas que houbo que contar á hora de afrontar o proceso de construción da nova armazón de poderes e competencias autonómicas, non pode dicirse que a ausencia do nacionalismo do pacto que deu lugar ao nacemento do réxime autonómico galego fora, finalmente, a máis fundamental. Lonxe diso, as dificultades iniciais deriváronse sobre todo das propias condicións en que tivo lugar o punto de partida. E é que, tamén aquí, no principio foi, en certo modo, o caos.

4. As dificultades, e vantaxes, de empezar polo principio

Escribía Tocqueville, tras a súa viaxe de estudo e observación da nacente democracia americana, que en poucos sitios como en América do Norte podía observarse a influencia exercida polo punto de partida sobre o porvir dos estados. A afirmación, rebaixada, claro está, da dimensión transcendental que ía ter o proceso de construción de Norteamérica para a historia da humanidade e posta, en consecuencia, no modestísimo contexto da *pequena* historia democrática española, podería servir para situar, de calquera modo, a conxuntura en que se ían atopar os territorios autonómicos unhas semanas despois de publicados oficialmente os seus respectivos estatutos.

Aprobado por Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, o de Galicia, moi similar no esencial ao vasco e catalán, contemplaba, como aqueles, unha ordenación de competencias que exixía a inescusable posta en marcha da complexa armazón de poderes: a *organización institucional autonómica* á que se refería o artigo 152 da Constitución, segundo o cal aquela sería a característica dun sistema parlamentario de goberno, pois articularíase sobre a base dunha asemblea legislativa elixida por sufraxio universal, un consello de goberno con funcións executivas e administrativas e un presidente, elixido pola asemblea de entre os seus membros, ao que correspondería, entre outras funcións, a dirección do Consello de Goberno.

A elección do primeiro Parlamento galego, o 20 de outubro de 1981, supuxo así, en sentido estrito, o inicio da dinámica de configuración do sistema autonómico galego, un sistema que ao igual que

os que o precederan e que os que o subseguiron no tempo viría a sosterse en dous procesos esenciais, interrelacionados tanto desde o punto de vista material como desde a perspectiva cronolóxica: en primeiro lugar, o proceso de construción dun conxunto de institucións propias a partir da elección dun parlamento democrático, punto de arranque e fonte de lexitimidade de todas as demais; e en segundo lugar, o de progresiva atribución de competencias, que naqueles momentos de arranque do sistema serían na súa práctica totalidade froito das transferencias levadas a cabo polas institucións centrais do Estado. Se tal parecía a foto do futuro en *positivo*, o *negativo* desa imaxe resultaba ser o dun espazo politicamente inexistente, espazo en que, segundo antes se apuntaba, podía observarse a influencia exercida polo punto de partida sobre o porvir dunha autonomía que entón repousaba sobre o papel e sobre o pouco que foran construindo xa as institucións preautonómicas: apenas un pequeno montón de funcionarios transferidos, un conxunto de edificios (moitos deles ¡pisos de alugueiro!) e unha mínima infraestruturas de servizos materiais.

Pero esa provisionalidade, algo heroica e algo *cutre* ao mesmo tempo, ía durar bastante menos do que, á sazón, moitos se empeñaron en pensar: os antiautonomistas centralistas (moi poucos, en verdade), convencidos de que aquel experimento era tan artificial que estaba de antemán condenado a un fracaso estrepitoso; os antiautonomistas nacionalistas (tamén poucos, aínda que bastantes máis que os españolistas), persuadidos de que os galegos virían antes ou despois a descubrir a inmensa trampa na que os metera o *españolismo* constitucional e estatutario e acabarían por reclamar, en consecuencia, un novo marco de relacións entre Galicia e o que o nacionalismo denominará xa desde entón «o Estado español»: as bases constitucionais, a independencia e a confederación; e, en fin, os defensores da Constitución e o Estatuto que nacera das previsións contidas na lei fundamental, a inmensa maioría dos cidadáns de Galicia, inseguros sobre como podía ir evolucionando un proceso que, ademais de se presentar politicamente nada doado, resultaba, ao propio tempo, dunha complexidade técnica realmente extraordinaria.

Tras a celebración das eleccións rexionais que inauguran o ciclo democrático descentralizado, o primeiro Parlamento autónomo da historia de Galicia constituíuse, con menos solemnidade da que a grande ocasión histórica parecía requirir, no santiagués Pazo de Xelmírez ao mediodía do 19 de decembro, data esa na que en 1932 a Asemblea Rexional de Concellos de Galicia aprobara o anteproxecto do que tería que ser o primeiro Estatuto da historia do país. Constituído o Parlamento, e elixidos os seus órganos internos, o paso seguinte na institucionalización da Comunidade Autónoma galega ía producirse comezando xa o ano 1982: os días 7 e 8 de xaneiro celebrouse a sesión de investidura do primeiro presidente (non provisional) da Xunta de Galicia, na que resultou elixido por 52 votos a favor e 17 en contra Gerardo Fernández Albor, o candidato de Alianza Popular. Dúas semanas despois, o *Diario Oficial de Galicia* publicaba os decretos 1, 2 e 5/1982, do 21 de xaneiro, polos que se procedía, respectivamente, a estruturar a Xunta de Galicia, nomear os titulares das súas consellarías e declarar o cesamento nas súas funcións dos conselleiros da Xunta preautonómica galega.

Pechábase así a etapa de primixenio nacemento das institucións esenciais conformadoras do réxime político autonómico galego: o Parlamento, a Xunta e o presidente da Xunta. Pero a ela encadeábase, sen solución de continuidade, a de consolidación da nova armazón de poderes sobre cuxas bases se ía soster a autonomía de Galicia, autonomía que exixía, claro está, a transferencia das competencias que, ben con carácter exclusivo, ben con carácter compartido, lle foran estatutariamente atribuídas. O incremento espectacular do número de reais decretos de traspasos de funcións e servizos resulta neste sentido un bo indicador, cuantitativamente preciso e cualitativamente significativo, do progresivo fortalecemento do sistema autonómico galego durante esta etapa intermedia de asentamento político e administrativo. Así, mentres nos anos previos á posta en marcha das institucións autonómicas se publica un número moi reducido de reais decretos polos que se transfiren compe-

tencias á aínda entón Xunta preautonómica (2 en 1979, 1 en 1980 e 1 en 1981), unha vez constituído o Parlamento, elixido o presidente da Xunta e designados os membros de Goberno, o ritmo de transferencias vai dar un salto acorde coa nova situación, que converte os primeiros anos de funcionamento das institucións autonómicas no período máis intenso de reordenación das competencias do Estado no territorio de Galicia: en tan só 4 anos –os que van de 1982 a 1985– apróbanse ata 68 reais decretos de traspasos (20, 18, 18 e 12, respectivamente para cada un dos catro anos apuntados), reais decretos que constitúen case a metade do total de 139 aprobados polo Goberno central no período que transcorre entre 1978 e 2002. Ese ritmo extraordinario de traspasos, que afectarán ás materias máis diversas (industria, sanidade, cultura, pesca, conservación da natureza, educación, disciplina de mercado, traballo, turismo, Administración local, portos, estradas, vivenda rural, protección da muller, investigación, transportes, asistencia social, prezos, protección de menores, xogo, obras hidráulicas, reforma e desenvolvemento agrario, etc.), ralentizarase con toda claridade no período 1986-1993. E iso ata o punto de que en tal período, que dobra cronoloxicamente o anterior (oito anos fronte a catro), o número de reais decretos de traspasos se reduce máis da metade, ata un total de 20 (3, 4, 2, 8, 1, 0, 2, 0, respectivamente para cada un dos oito anos apuntados). Finalmente, no período de 1994-2002 prodúcese unha nova repunta, pois ao longo deste apróbanse un total de 47 reais decretos de transferencias (7, 9, 11, 6, 5, 8, 0, 0, 1, respectivamente para cada un dos nove anos apuntados).

É certo, claro, que o dato illado da evolución cuantitativa das transferencias, como indicador do grao de avance do proceso de asentamento da autonomía, ha de ser necesariamente complementado con outros datos engadidos, pois os reais decretos de transferencias tiveron, de feito, unha significación cualitativa moi distinta dependendo das materias ás que cada un deles afectaba, materias que xeraban un volume de traspasos funcionais e económicos de moi diversa envergadura: pénsese, por poñer só un par de exemplos, nas transferencias do sistema sanitario ou do sistema educativo (universitario e non universitario), un e outro de transcendencia orzamentaria e material de primeira orde. Por todo o apuntado, aos datos relativos ao ritmo temporal con que se foron producindo os traspasos deben engadirse os referidos, sobre todo, á evolución dos orzamentos autonómicos, que constitúen quizais a mellor mostra non só do proceso de progresivo asentamento da autonomía como feito institucional transcendental, senón tamén, máis en concreto, dos ritmos temporais conforme os cales se produciu tal proceso.

Os primeiros orzamentos xerais da Comunidade Autónoma galega, os correspondentes ao exercicio de 1981, ascenderon a unha cifra de 1666 millóns de pesetas; o crecemento nos anos sucesivos, calculado sempre en pesetas correntes, non deixa lugar a moitas dúbidas sobre a extraordinaria progresión dunhas cifras económicas que traducen mellor que calquera outra magnitude a dimensión do proceso descentralizador: o incremento do importe orzamentario será do 709% en 1982 e do 491% en 1983. Na década 1984 a 1993, período durante o cal se producirán transferencias de gran relevancia económica, como as da educación universitaria e a sanidade, os incrementos orzamentarios, coa excepción do correspondente a 1986 (do 8,1%), serán sempre de dous díxitos: 1984 (33%), 1985 (19,6%), 1987 (39,3%), 1988 (23,5%), 1989 (20%), 1990 (25,4%), 1991 (44,8%) e 1992 (20,3%). A transferencia de competencias en materia de sanidade en 1990, que supoñerá a incorporación de máis de 22.000 empregados públicos, marcará, deste modo, un punto de inflexión, pois tras o alto incremento orzamentario de 1991, que supón case dobrar o importe dos orzamentos xerais de 1990, a partir de 1993 os incrementos experimentados polos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma reduciranse a cifras porcentuais dun só díxito, o que constitúe unha proba evidente da culminación da parte esencial do proceso de traspasos: 1993 (9,4%), 1994 (8,8%), 1995 (7,5%), 1996 (3,7%), 1997 (6,2%), 1998 (5,9%), 1999 (6,3%), 2000 (6,1%), 2001 (8,1%), 2002 (6,4%) e, por último, 2003 (5%).

A significación final de todos os incrementos referidos parece dificilmente discutible: aquel magro orzamento inicial de 1666 millóns de pesetas con que botaba a andar a autonomía multiplicárase por 774 no período 1981-2003, polo que se converte nunha cifra espectacular de 7749 millóns de euros (1.289.325.114 de pesetas), crecemento que, aínda deflactado para corrixir o incremento derivado dos correspondentes índices anuais de inflación, ilustra dunha forma seguramente insuperable a envergadura e rapidez dun proceso descentralizador que, paralelo aos demais desenvolvidos en España, non ten probablemente parangón en ningún dos estados europeos.

En todo caso, este balance do proceso de asentamento e consolidación da autonomía de Galicia non daría idea da verdadeira dimensión ou, por expresalo doutro modo, da auténtica *densidade* do feito autonómico galego se non se fixese unha referencia minimamente pormenorizada á actividade da institución que dotou en realidade de auténtica significación política a armazón de poderes estatutariamente establecido: refírome, claro está, á actividade do Parlamento de Galicia.

5. Nin un parlamentiño nin un parlamento de papel

Un ou outro, e en ocasións un e outro, foron os apelativos despectivos con que durante os primeiros anos do experimento autonómico galego adoitaban referirse ao Parlamento as forzas políticas do nacionalismo galego e os intelectuais orgánicos que servían desde os medios de comunicación á súa estratexia de desautorización da autonomía, considerada sen máis como unha trampa que viña, no fondo, privar a Galicia da posibilidade de obter aquilo ao que supostamente aspiraban os galegos: unha *auténtica* capacidade de decisión.

Pois ben: a contemplación da acción lexislativa do Parlamento de Galicia durante o período completo que media entre 1981, cando se elixe a primeira Cámara autonómica, e comezos do ano 2003, cando se celebra o 25 aniversario da Constitución que fixo posible a apertura do proceso autonómico galego, pon de relevo con toda claridade que o Parlamento non foi –e non o foi desde o principio– nin un *parlamentiño* nin un *parlamento de papel*. Moi lonxe de tal consideración, non só politicamente interesada, senón ademais tecnicamente insostible, o Parlamento de Galicia demostrou desde o principio unha notable vitalidade lexislativa. En canto á súa acción no ámbito concreto da función de control parlamentario, o certo é que aínda que aquela non ía resultar finalmente moi distinta da que adoita producirse no parlamentarismo característico do moderno Estado de partidos, si rematará por ofrecer, en todo caso, sobre todo durante a longa etapa do *fraguismo*, algunhas peculiaridades que parecen dignas de mención.

Comezando pola primeira das accións referidas –a de produción lexislativa–, baste un dato: o Parlamento de Galicia aprobou, desde a súa instalación ata o final do ano 2001, un total de 202 leis, repartidas de forma moi uniforme nas cinco lexislaturas en que estivo reunida ata esa data a Cámara autonómica: 40 leis na primeira (1981-1985), 42 na segunda (1985-1989), 44 na terceira (1989-1993), 44 na cuarta (1993-1997) e 32 na quinta (1997-2001). Esa importante produción lexislativa dirixiu a acción do Parlamento rexional aos sectores materiais de actividade máis variados: desde a lexislación en materia orzamentaria e financeira ata a de carácter institucional, pasando pola organización administrativa e función pública, a lingua, o patrimonio e a cultura, a educación, a sanidade e a política social, a economía e as finanzas, a agricultura e a pesca, a organización do territorio, as obras públicas, o urbanismo e a vivenda, o dereito civil, o xogo, os transportes e as comunicacións, o turismo ou a protección do ambiente. Aínda que, como é obvio, o número de leis non é o único dato que cómpre ter en conta á hora de realizar un balance da acción lexislativa dun determinado Parlamento, non o é menos, porén, que non cabe afondar moito máis nese ámbito nun breve balance, salvo engadir que a cifra referida coloca a Galicia no período 1980-2000 nunha posición que vén demostrar que, en todo caso, a súa produción lexislativa

(190 leis nas dúas décadas citadas) se situou en cifras comparables ás da maioría das comunidades do sistema autonómico español: aínda que inferior á das comunidades que se constituíron pouco máis dun ano antes que a galega (240 o País Vasco e 377 Cataluña) e algunhas que se constituíron con posterioridade (254 Madrid, 388 Navarra e 197 Aragón), a produción das once comunidades restantes, constituídas todas no período 1981-1983, foi no período referido inferior á galega, por máis que con diferenzas que só poden considerarse realmente substanciais en tres territorios autonómicos: Castela-A Mancha (onde se aproban só 124 leis), Estremadura (112) e A Ríoxa (97).

En calquera caso, de todo ese amplo conxunto normativo debe destacarse, sen ningún xénero de dúbidas, o grupo normativo formado por aquelas leis que, moi pronto, viñeron dar cumprimento desenvolvemento a mandatos específicos contidos na norma estatutaria e que creou a base legal que ía permitir poñer en pé a armazón institucional indispensable para que a autonomía puidese funcionar. Ademais do Regulamento do Parlamento, aprobado o 14 de xullo de 1983, compuxeron ese grupo as seis *leis de desenvolvemento básico* aprobadas pola Cámara galega: a 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e o seu presidente; a 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística; a 6/1984, do 4 de xuño, do Valedor do Pobo; a 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas; a 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia e, a máis tardía, a 1/1988, do 19 de xaneiro, de iniciativa lexislativa popular ante o Parlamento de Galicia. A imitación das orgánicas do artigo 81 da Constitución, todas esas leis presentarán certas particularidades procedementais que as van diferenciar das leis *ordinarias* autonómicas: a máis fundamental, a de que para a súa aprobación é necesario o voto favorable da maioría absoluta dos membros da Cámara nunha votación final de totalidade. Xunto a elas, outras catro leis ordinarias completaron o bloque normativo da lexislación de natureza institucional: a Lei 1/1982, do 24 de xuño, de fixación da sede das institucións autonómicas de Galicia (á que posteriormente se engadíra a Lei 4/2002, do 25 de xuño, do Estatuto de capitalidade da cidade de Santiago de Compostela); a 4/1983, do 15 de xuño, de recoñecemento da galegitude; a 5/1984, do 29 de maio, de símbolos de Galicia e, finalmente, a 9/1995, do 9 de novembro, do Consello Consultivo de Galicia.

O sistema institucional derivado do importante conxunto de normas ata agora referidas mantivo unha estabilidade en termos xerais aceptable ao longo de todo o período autonómico: de feito, e á marxe de modificacións lexislativas de menor entidade, os tres cambios máis fundamentais van ser os que, por esa mesma orde cronolóxica, acabarán por afectar á Lei reguladora da Xunta e do seu presidente, á Lei electoral e ao Regulamento do Parlamento de Galicia. A primeira das tres foi reformada en 1988 (pola Lei 11/1988, do 20 de outubro) coa finalidade fundamental, aínda que non única, de facultar o presidente da Xunta para proceder a disolver de forma anticipada o Parlamento, facultade non prevista no Estatuto de autonomía para Galicia e de cuxa ausencia se derivaran no período inmediatamente anterior á adopción da reforma gravísimas consecuencias para o normal funcionamento do sistema parlamentario galego, segundo teremos ocasión de ver máis adiante.

A norma electoral foi reformada a finais de 1992 (pola Lei 15/1992, do 30 de decembro), reforma que, malia a súa concisión, afectou a aspectos moi relevantes do sistema: á regulación do réxime de inelxibilidades e incompatibilidades dos candidatos aos comicios autonómicos (polo que se creou un Rexistro de intereses, dependente do presidente da Cámara), aos criterios para a atribución de escanos do Parlamento galego (aumentouse do 3% ao 5% a barreira electoral para entrar na repartición), ao réxime de campaña electoral (detallouse a repartición dos tempos de presenza dos candidatos nos medios de comunicación de titularidade pública) e, en fin, ao réxime das subvencións electorais.

A terceira novidade foi a referida ao Regulamento do Parlamento de Galicia, modificado polo Acordo do 22 de xullo de 1993, cun alcance parcial (tan só 13 dos seus 166 artigos) pero significativo, ao referirse a aspectos importantes para o desenvolvemento da vida político-parlamentaria autonómica: entre outros, á comprobación do réxime de incompatibilidades dos parlamentarios, á introdución do voto

ponderado no funcionamento da Comisión do Estatuto dos Deputados e das comisións non permanentes, ás intervencións dos membros da Xunta nos debates e ás facultades de ordenación do presidente da Cámara no desenvolvemento destes, ao réxime dos debates en pleno dos proxectos de lei remitidos pola Xunta, ou, en fin, á regulación do debate de totalidade do Proxecto de lei de orzamentos.

O certo é que tanto na reforma da Lei electoral coma na do regulamento da Cámara –normas ambas as dúas esenciais que fixan, en distintos momentos do proceso, as *regras de xogo* do desenvolvemento da vida político-parlamentaria–, as iniciativas de modificación acabaron por ter unha transcendencia política moi superior á que, en principio, podería atribuírseles, dado o seu carácter limitado. En efecto, algunhas das novidades introducidas pola maioría parlamentario-gobernamental (a inellexibilidade dos alcaldes e o tope do 5% no caso da reforma electoral, ou o principio do voto ponderado e a modificación do réxime dos debates no caso da parlamentaria) deron lugar a durísimos debates políticos no seo da Cámara galega en torno a elas e traducíronse, finalmente, en que dous textos aprobados no seu día cun altísimo nivel de consenso parlamentario fosen posteriormente reformados cos únicos votos do Grupo Parlamentario do Partido Popular, o que supuxo a ruptura do principio parlamentario orixinariamente establecido: o da busca de amplísimos acordos para a adopción das decisións políticas de natureza institucional.

6. As dificultades do control parlamentario no sistema autonómico galego

Ese cambio de tendencia reflectía dunha forma transparente, en calquera caso, as modificacións que se produciran no ámbito da función de control parlamentario tras a chegada de Manuel Fraga á Presidencia da Xunta e a alteración das relacións entre maioría e minorías derivadas da existencia dun Executivo apoiado pola maioría absoluta da Cámara. E é que o exercicio do control, condicionado desde o principio polo formato da democracia de partidos característico do parlamentarismo autonómico, ía pasar en Galicia por dúas fases sucesivas, en función do tipo de maioría existente no Parlamento rexional en cada unha destas: unha primeira, de alta inestabilidade parlamentaria (desenvolvida entre 1981 e 1989), e outra posterior, de estabilidade e forte control governativo, aberta tras a vitoria de Manuel Fraga nas terceiras eleccións autonómicas, as celebradas o 17 de decembro de 1989, cando o Partido Popular gaña el só aos demais, ao obter 38 dos 75 deputados da Cámara. Clausura, con iso, a fase inicial de maiorías relativas e gobernos inestables vixente durante as dúas primeiras lexislaturas autonómicas, e inaugura unha época de maiorías absolutas que se estenderá durante catro lexislaturas sucesivas.

Durante ese dilatadísimo período, o forte liderado de Manuel Fraga no seu partido e na Presidencia da Xunta e a solidez da maioría parlamentaria sobre a que un e outro liderados ían sentar rematarían por producir en Galicia un dobre efecto na esfera do funcionamento dos instrumentos do control parlamentario: o de asegurar a estabilidade da maioría parlamentario-gobernamental e o de dificultar a posta en práctica dalgúns dos mecanismos de control previstos regulamentaria ou legalmente. Ata tal punto sería así que, malia o normal funcionamento dos máis habituais instrumentos de control ordinario do Goberno (preguntas, interpretacións ou mocións), outros varios, como as comparecencias de membros do Goberno, e especialmente do presidente, ante a Cámara ou a formación de comisións de investigación irían contraéndose ata practicamente desaparecer da práctica parlamentaria na Comunidade Autónoma galega. Non é de estrañar, polo apuntado, que as críticas da oposición socialista e nacionalista á maioría parlamentario-gobernamental do Partido Popular acaben por centrarse de forma crecente nas tres lexislaturas comprendidas entre 1989 e 2001 nos graves déficits do control parlamentario da Xunta. Nunha palabra, a tendencia inicial cara ao protagonismo parlamentario, que presidiu as dúas primeiras lexislaturas da Cámara, remataría por ser corrixida, tras as sucesivas vitorias

do Partido Popular desde ao ano 1989, nunha deriva claramente presidencialista, que virá a ter diversos efectos que paga a pena destacar.

En primeiro lugar xerará un extraordinario protagonismo do que poderían denominarse instrumentos *externos* de control, é dicir, daqueles que actúan á marxe do circuíto representativo, polo tanto da relación maiorías-minorías e, en última instancia, do mecanismo da competición electoral. O Valedor do Pobo e sobre todo o Consello de Contas de Galicia xogarán, así, durante anos, un papel esencial na dinámica do control do Goberno e a Administración da Comunidade Autónoma. Sirvan, como mostras significativas da importancia do seu labor de control *apartidista*, o Informe do Valedor correspondente a 1997, onde se pon de relevo, entre outras cousas, a necesidade de reforzar o pluralismo informativo na televisión pública autonómica; ou o Informe do Consello de Contas ante a Comisión de Economía da Cámara, presentado en 1998, no que se denuncia a *fuxida* da Administración autonómica cara ao dereito privado, a través da creación de entes, fundacións e organismos autónomos que dificultan a fiscalización das contas públicas con eficacia e racionalidade.

Un e outro exemplos resultan altamente expresivos tanto da falta de pluralidade informativa como da tendencia cara á privatización da Administración autonómica, fenómenos ambos os dous que, desde o punto de vista do control parlamentario, haberán de ter notable transcendencia na recente historia autonómica galega, ao contribuír a dificultar aquel control dun xeito dificilmente discutible: a tendencia á privatización da Administración, porque exclúe tanto da relación Goberno-Parlamento –é dicir, da existente entre maiorías-minorías– como da fiscalización por parte de órganos externos unha acción administrativa que, malia ser pública pola súa natureza, devén tecnicamente opaca e politicamente incontrolable como consecuencia da tendencia referida; e a ausencia de pluralidade, porque diminúe as posibilidades reais do control *difuso*.

Utilízanse eses termos (responsabilidade *difusa* e control *difuso*) no sentido en que foron establecidos polo constitucionalista Giuseppe Ugo Rescigno no seu coñecido estudo sobre *La responsabilità politica*, obra onde o gran xurista italiano pon de relevo como, máis alá da estrita responsabilidade que cabe exixir por vías institucionais, existe outra que se deriva da posta en práctica de mecanismos de control social e non meramente institucional: «Nunha comunidade política, e desde logo nunha comunidade política moderna, articulada e complexa, os suxeitos investidos de poder político non temen soamente as críticas daqueles outros aos que institucionalmente compete controlalos, senón que, en principio, reputan digna de atención calquera crítica, sexa o que sexa o suxeito da comunidade política da que proveña, e de feito preocupáanse tanto máis desas críticas e tanto máis intentan evitalas canto maior é a influencia do suxeito que critica ou pode facelo e canto máis as circunstancias ou a incerteza do futuro as fan perigosas». ¿Cal veu sendo, nas comunidades autónomas, a influencia do suxeito que critica ou pode facelo? Obviamente calquera resposta prudente a tal cuestión aconsellaría afirmar que depende da situación de cada unha destas. O certo é, porén, que existen pautas xerais, perfectamente perceptibles na recente historia de Galicia, que peculiarizan, ao tempo que dificultan dunha forma extraordinaria, a posibilidade de poñer en práctica os mecanismos necesarios para facer efectivo o control difuso e a responsabilidade que este leva aparelado. A *proximidade* do *poder* (é dicir, do Goberno e da Administración), durante moito tempo considerada, non sen certa inxenuidade, como garantía da eficacia dun e outra, colocará unha boa parte das institucións de control social nunha posición moito máis comprometida do que adoitan estalo en *termos* globais cando do *afastado* poder central se trata, posición que chegou a ser case imposible para elas cando a súa propia actividade depende –por vía, por exemplo, de autorización ou subvención– do Goberno e/ou da Administración que, en principio, estarían chamadas teoricamente a controlar: as subvencións (directas ou indirectas) á prensa, que no período autonómico alcanzarán en Galicia, en relación con certos medios, cifras verdadeiramente escandalosas, consti-

túen o exemplo máis destacado, aínda que non o único en verdade, desta dificultade para poñer en marcha un control difuso susceptible de actuar como elemento corrector da acción dos poderes públicos autonómicos.

Se a iso se lle engade a moi peculiar situación da oferta informativa televisiva de Galicia e, máis en xeral, das comunidades autónomas, lugares nos que a televisión estivo indefectiblemente en mans do Goberno respectivo, coa particularidade de que a súa oferta non adoita ter competencia no ámbito da información *territorializada* nas demais cadeas televisivas públicas e privadas, pódese obter unha aproximación bastante exacta da *paisaxe* que, dominante en boa parte das comunidades autónomas, dominou tamén a de Galicia, onde a Xunta e a súa Administración actuaron virtualmente blindadas fronte ao control difuso dunha boa parte das organizacións presentes na sociedade. Só así pode explicarse o fenómeno da longa duración do ciclo de goberno do centro-dereita que, aínda que explicable en Galicia tamén por unhas circunstancias peculiares, como de inmediato habemos de ver, se inscribiu en todo caso nun contexto onde tal fenómeno non foi a excepción, senón a regra.

Unha regra que se viu favorecida tamén polo tipo de relacións Goberno-oposición establecidas nunha boa parte das comunidades que conforman o sistema autonómico español. E é que, curiosa aínda que non sorprendentemente, tales relacións non discorron, como adoita ser habitual no parlamentarismo dos estados unitarios ou, polo menos, non fortemente descentralizados, pola canle dunha mera confrontación dual entre maioría e minoría (ou minorías). Pola contra, a forma peculiar do noso Estado federal das autonomías determinou que, xunto a tal dinámica propiamente autonómica, se manifesten case sempre polo menos outras dúas. Por un lado, a que xera a minoría (ou minorías) confrontándose politicamente co Goberno central, cando aquel corresponde ao mesmo partido que goberna a Comunidade de que se trate, Goberno ao que se somete a control e a existencia de responsabilidade, aínda que só sexa difuso, coa finalidade de controlar e exixir así responsabilidade, aínda que só sexa indirecta, ao propio Goberno da Comunidade: o acontecido, por exemplo, nos últimos meses do ano 2002 e primeiros do ano 2003 coa crise política derivada do afundimento do petroleiro *Prestige* e da trágica marea negra á que aquel afundimento deu lugar constituirán unha mostra inmejorable desa acción de presión das minorías autonómicas sobre o Goberno central coa finalidade de debilitar o Goberno autonómico, ambos os dous do mesmo signo político.

Por outro lado, e naqueles casos en que o Goberno central está en mans do mesmo partido que fai oposición na Comunidade de que se trate, foi o propio Goberno da Comunidade Autónoma o que a maior parte das veces se colocou, fronte ás minorías que pretenden controlar a súa maioría parlamentar-gobernamental, como unha auténtica oposición da oposición. Esa foi, de feito, a situación da Comunidade Autónoma galega desde finais do ano 1982, cando o Partido Socialista gañou as eleccións xerais, e ata o ano 1996, en que as perdeu e foi desaloxado do Goberno central polo Partido Popular. En todo ese período, e salvo a breve paréntese da Xunta tripartita (1987-1989), as maiorías de centro-dereita gobernantes na Comunidade Autónoma galega exerceron de forma sistemática, aínda que é certo que con éxito diverso, de oposición dunha oposición que ata 1997 hexemonizou en Galicia o Partido Socialista. Todo iso ía xerar unha dinámica de competición política verdadeiramente peculiar, na que resultaba moi frecuente contemplar a Xunta de Galicia, en contestación aos intentos de existencia de responsabilidade por parte da minoría socialista galega, confrontándose directamente co propio Partido Socialista que accionaba os mecanismos de control e era considerado, *via Madrid*, como o auténtico responsable daquilo que eventualmente constituía o obxecto de crítica: a discusión sobre as infraestruturas (desde a rede de autovías á mellora do ferrocarril), sobre o financiamento da Comunidade ou sobre o proceso de asunción de competencias respondía así, de forma recorrente, á dinámica apuntada. Todas as circunstancias referidas acabaron por blindar, aínda máis se cabe, a Xunta

de Galicia, que se viu favorecida, en suma, por unha posición de clarísima vantaxe se aquela se compara coa que adoita ser habitual no Goberno central do Estado.

Pero nin a dinámica Goberno-oposición —é dicir, maioría-minorías— que presidiu a vida política autonómica durante o longo período de Goberno do centro-dereita pode ser entendida, en todo caso, sen ter á vista a peculiar evolución dun sistema de partidos que favoreceu a estabilidade e dificultou extraordinariamente a alternancia, nin a peculiar evolución dese sistema de partidos pode comprenderse cabalmente sen ter á vista a indiscutible transcendencia da entrada de Manuel Fraga Iribarne, a finais da década dos oitenta, no escenario político galego.

7. O proceso autonómico galego e as eleccións rexionais

De feito, a profunda significación do desembarco na vida política galega de quen tras sucesivos fracasos na política estatal matizaba co *retorno* a Galicia as súas patrióticas proclamas iniciais («¡España é o único importante!») resultou no seu día inescindible da situación que a autonomía atravesara durante os seus primeiros anos de dificultoso nacemento. Unha situación marcada de forma decisiva pola galopante crise de UCD a comezos da década dos oitenta e pola batalla interna entre os centristas e Alianza Popular para dilucidar quen ía ser hexemónico na dereita española da época. As primeiras eleccións autonómicas, celebradas no outono de 1981, constituíron, de feito, a gran vitoria inaugural de Alianza Popular, que conseguiu adiantar en dous escaños a UCD (26 a 24) nun Parlamento onde a oposición quedaba reducida pouco máis que á condición de mera comparsa da dereita gañadora. O panorama cambiaría de forma substancial nos seguintes comicios autonómicos, os do ano 1985, dos que saíría un Parlamento que non foi capaz de asentar unha maioría estable de goberno: Coalición Popular, *transubstanciación* da primixenia Alianza Popular, comía entón unha parte dos votos de UCD e con 34 deputados quedaba a dous da cifra máxima (36 escaños) que marcaba a fronteira da maioría absoluta nunha Cámara galega que se compoñía entón de 71 deputados. Mentres, outra parte do antigo electorado de UCD apoiaba unha nova formación, de vocación centrista e galeguista, Coalición Galega, que cos seus 11 escaños se convertía non só na gran revelación dos comicios, senón tamén na chave para a gobernabilidade das institucións autonómicas.

A seguinte secuencia da historia, ben coñecida polo escándalo maiúsculo que a rodeou, converteu a Galicia nunha especie de laboratorio peculiar do que, sendo precisos, poderíamos denominar o *parlamentarismo*: os populares formaron goberno contando coa abstención dos *coagas*, e lograron, a trancas e barrancas, *ir tirando*, ata que a ruptura interna de Coalición Galega converteu a gobernabilidade en imposible. O *gravísimo impasse* político ao que abocou tal escenario —caracterizado pola existencia dun Goberno que non tiña maioría, dun presidente da Xunta que non dispoñía da facultade de disolver anticipadamente o Parlamento e dunha oposición, en fin, que non sumaba o número de deputados necesarios para aprobar unha moción de censura construtiva— acabou rebentando por unha, certamente, insólita costura: cinco deputados do Grupo Popular, comandados por quen era á sazón vicepresidente da Xunta, Xosé Luís Barreiro Rivas, *transfugáronse* da súa antiga disciplina de partido e apoiaron unha moción de censura presentada polo Partido Socialista, que fixo a un dos seus dirixentes (Fernando González Laxe) presidente, á fronte dun chamado Goberno *tripartito*, sostido polos socialistas e os dous partidos nacionalistas moderados en que se escindiran os *coagas*.

Deste xeito, tanto a longa etapa de inestabilidade governamental previa á moción de censura —producida, non se esqueza, nunha conxuntura en que a autonomía non adquirira aínda o altísimo grao de aceptación popular de que acabará gozando— como as propias peculiaridades dunha iniciativa parlamentaria que necesitará para triunfar do apoio activo de deputados elixidos nas listas do partido que resultaba ser a súa vítima explican a expectativa social que levantou en Galicia

unha chegada, a de Fraga, *bíblicamente* presentada polos seus partidarios como o retorno do fillo pródigo que malgastara as súas virtudes intentando convencer uns ingratos españois da necesidade de entregar o Goberno nacional a unha (suposta) *maioría natural* da que o propio Fraga se ofrecía como guía e arquitecto. As enquisas preanunciaban xa entón con claridade aquela expectativa: segundo o Estudo 1700 do Centro de Investigacións Sociolóxicas, realizado a mediados de setembro de 1987, é dicir, uns días antes da censura socialista, case seis de cada dez entrevistados consideraban que Coalición Popular obtería en Galicia máis votos con Fraga que sen el, e unha proporción lixeiramente superior atribuía a este último moitas ou bastantes posibilidades de vencer en eleccións autonómicas. As de 1989 confirmaron o comezo da irresistible ascensión de Manuel Fraga: co 45% dos votos, os populares obtiñan nelas 38 deputados –a maioría absoluta dun Parlamento que pasara de 71 a 75 escaños– e iniciaban unha espectacular e diríase que infreable escalada electoral. En todo caso, o sólido dominio do PP non se derivará exclusivamente da súa hexemonía electoral e parlamentaria indiscutible –43 escaños (co 52% dos votos) nas autonómicas de 1993, 42 (co 52%) nas de 1997 e 41 (co 52%) nas de outubro de 2001–, senón tamén do seu fortísimo control sobre as deputacións provinciais e sobre a inmensa maioría dos concellos de Galicia, excluído algún dos das sete grandes cidades (as catro capitais provinciais, mais Ferrol, Vigo e Santiago), que, ocasional ou permanentemente, estarían presididos por alcaldes socialistas e, con posterioridade, tamén nacionalistas.

De calquera xeito, a significación do xiro que se inicia coas eleccións do ano 1989 non se reduce á consolidación do dominio do PP. E é que, ao propio tempo, o formato da oposición vai experimentar na década dos noventa unha remodelación interna substancial, remodelación que, xunto á hexemonía popular, configurará finalmente un sistema de partidos que virá a definirse sobre todo pola escasa competitividade entre a esquerda e a dereita. Así, a correlación de forzas socialistas/nacionalistas resultaba en 1989 claramente favorable aos primeiros, que, co 33% dos votos e 28 deputados, se colocaban a gran distancia do 8% e os 7 escaños que sumaba o nacionalismo no seu conxunto. Pero esa proporción irá cambiando, elección tras elección, ata dar lugar, durante un tempo, a unha auténtica inversión das respectivas posicións de partida. A forte crise interna socialista, endémica en Galicia desde os inicios da etapa democrática, unida á crecente concentración da oferta nacionalista, que acabará por articularse toda ela en torno ao Bloque Nacionalista Galego, e á moderación dalgúns dos máis radicais perfís programáticos deste último van explicar o progresivo afundimento socialista e o ascenso paralelo dos nacionalistas: nas autonómicas de 1993, o PSdeG cae ata o 23% dos votos, que lle significan 19 escaños, mentres que o BNG crece ata o 19%, obtendo 13 escaños; a inversión culmínase nas seguintes eleccións, as de 1997, que, por primeira vez, dan a dianteira ao BNG: os seus 18 escaños e 25% dos votos contrastan coa derruba do Partido Socialista, confinado, co 19% dos votos e 15 asentos, a ser a terceira das tres forzas con representación parlamentaria. Unicamente tras as eleccións autonómicas do outono do ano 2001 volverán socialistas e nacionalistas a colocarse nunha situación de práctico equilibrio electoral e de total paridade parlamentaria: os primeiros obtendrán nelas case o 22% dos votos, que lle outorgan 17 escaños na Cámara galega, os mesmos que obtén o BNG con algo máis do 22% dos sufraxios expresados.

8. A Galicia enladrillada a comezos do século XXI

Á vista de todo o apuntado, non resulta difícil comprender o contexto institucional que definirá o desenvolvemento da vida política autonómica nos momentos en que o país entra no século XXI. Unha vida política que, recordando o coñecido trabalinguas popular, podería considerarse *enladrillada*. Dun lado do espectro, o Partido Popular, que baixo o liderado de Fraga Iribarne conseguirá gobernar Galicia durante case todo o período de asentamento do novo marco territorial, aquel en

que a autonomía galega deixa de ser un proxecto apenas esbozado e pasa a converterse nunha indiscutible realidade, con competencias sobre un vasto e variadísimo abano de materias, a dispoñer dunha ampla Administración ao seu servizo e a controlar un orzamento situado amplamente por enriba do billón de pesetas anuais; doutro lado, o BNG e o Partido Socialista, que compartirán, competindo un con outro, a oposición ao Partido Popular. Eses datos prefigurarán, á súa vez, as dúas regras coas que acabará por xogar a partida Goberno-oposición desde a chegada de Manuel Fraga á Presidencia da Xunta de Galicia: a de que o PP non poderá asegurarse, sen maioría absoluta, esa presidencia, pois a falta de quen lle sirva de bisagra, a perda daquela trasládalle de inmediato á oposición nacionalista e socialista a decisión de deixalo gobernar en minoría ou desaloxalo do poder pactando a formación dunha maioría alternativa; e a de que a esquerda só poderá gobernar en coalición, vista a distancia que separa da maioría absoluta cada unha das dúas forzas sobre as que esta se articula. É a vixencia desas dúas regras a que permite captar as causas últimas polas que a alternancia acabará por resultar en Galicia máis complicada do que a simple vista podería parecer, sentado o dato ineludible de que ao Partido Popular só lle serve para gobernar unha maioría (a absoluta) difícil de obter cun sistema electoral tan proporcional como é o galego en comicios autonómicos.

Pero ese contexto institucional antes referido non é cabalmente intelixible, en todo caso, sen ter á vista as dificultades para a alternancia que se derivarán, en termos xerais, do tipo de sistemas políticos establecidos nas diferentes comunidades autónomas españolas. De feito, podería mesmo sosterse sen temor a exaxerar que a ausencia de alternancia acabou constituíndose como un dato estrutural do sistema político autonómico, onde, tamén nos momentos iniciais do século XXI, case a metade das comunidades autónomas españolas só coñeceron un partido de goberno, polo que foron varios os que non tiveron que afrontar nunca a sa, e dura, práctica de alternar no poder. E dun sistema político onde, ademais, as porcentaxes de voto provinciais e locais situadas por enriba do 50% dos sufraxios expresados non resultaron tan insólitas como parecen crer os que insistirán en falar da galega como dunha realidade electoral absolutamente excepcional: Andalucía, ambas as dúas Castelas, Estremadura ou o interior de Cataluña, por poñer só algún exemplo, están aí para demostralo de modo fidedigno.

A evolución electoral galega en autonómicas non resultaría, en realidade, tan excepcional como podería parecer antes de comparala coa doutras comunidades autónomas se non fose porque a súa persistencia escapa bastante do que adoita ser habitual onde existe un sistema de partidos verdadeiramente competitivo. De feito, aí é onde vai residir, a fin de contas, unha das claves para entender as peculiaridades dun tipo de goberno democrático en que un partido é capaz de gañar durante bastantes anos en todas as circunscricións provinciais e na inmensa maioría dos municipios en que estas se dividen, obtendo neles porcentaxes de voto que superan moi frecuentemente a barreira do 50% e mesmo do 60% dos votos expresados. Nas eleccións autonómicas de 2001 –despois, polo tanto, de levar case doce anos gobernando– os populares foron capaces de superar o 50% dos votos en 232 municipios, a inmensa maioría deles de moi reducido censo de votantes, pero situáronse tamén nunha porcentaxe media do 44,4% nas sete cidades da Comunidade Autónoma: en todas foron a primeira forza electoral e en ningunha sufriron unha caída substancial respecto das previas eleccións autonómicas.

Á vista deses datos podería, obviamente, seguir sosténdose, como fixeron moi frecuentemente algúns analistas e case todos os líderes da oposición ao Partido Popular, que este logrou gañar as eleccións autonómicas galegas só polo seu control das redes clientelares e só pola manipulación da radio, a televisión e os xornais. E podería seguir ignorándose que a distribución poboacional resulta en Galicia difícil de axustar a ese diagnóstico: en efecto, considerar rurais todos os electores que votan fóra deses sete grandes municipios resulta un erro de vulto só comparable ao de pensar que absolu-

tamente todos os que votan neles son urbanos. Pero nin sequera nese caso de extrema cerrazón aos datos obxectivos da propia realidade cabería obviar un elemento da análise que permite colocar as cousas no seu sitio: o de que a distribución interna da porcentaxe de voto rural e voto urbano que os tres grandes partidos obteñen en Galicia é relativamente similar e se mantivo sen cambios substanciais entre as eleccións autonómicas de 1997 e 2001.

A cuestión non parece ser, polo tanto, a de que as redes clientelares e os medios ao servizo do PP viñeran controlando durante anos uns electores urbanos que, de feito, foron libres, na súa inmensa maioría, de votar o que lles prouguer, senón a de explicar por que tales electores (que non son só –nin todos, claro– os das sete cidades de Galicia, senón tamén moitos dos das dúcias de vilas medianas e pequenas cuxas pautas de comportamento electoral resultan tan urbanas como as dun elector do centro de Santiago, de Vigo ou da Coruña) apoiaron o PP en eleccións autonómicas case sen fisuras malia o lóxico desgaste que sería de esperar tras tantos anos de goberno. A clave estaría en saber por que os votantes urbanos, que non parecen estar suxeitos a eventuais presións clientelares e teñen a posibilidade de informarse pluralmente, votaron o PP unha e outra vez nunha porcentaxe que lle posibilitou alcanzar unha maioría absoluta para ese partido indispensable, malia a existencia dunha fórmula electoral proporcional que dificulta a súa obtención. Pois é ese electorado urbano, que debería resultar, por definición, moito máis volátil, o que dispón da chave da alternancia no sistema autonómico galego. ¿Por que eses electores se mantiveron fieis ao Partido Popular nunha porcentaxe que lle permitiu gañar eleccións desde o ano 1989 ata o ano 2001?

Segundo xa antes se apuntaba, a resposta a esa cuestión debería buscarse nas peculiaridades do sistema galego de partidos, un sistema caracterizado pola ausencia case total de competencia en eleccións autonómicas entre a esquerda (nacionalista e non nacionalista) e a dereita. Tras os comicios do ano 1993, nos que quedará fixado o formato autonómico galego de tres partidos dominante desde entón, a repartición entre bloques dos votos apenas experimentará variacións, de modo tal que o avance neto da suma de socialistas e nacionalistas no período 1993-2001 será de dous puntos e a caída do PP de só un punto (1993: PP: 52%, PSdeG+BNG: 42%; 1997: PP: 52%, PSdeG+BNG: 44%; 2001: PP: 51%, PSdeG+BNG: 44%). Os cambios serán, non obstante, notables no interior do bloque da oposición, o único onde se dará competencia de verdade: mentres que en 1993 a repartición dos votos favorecía o PSdeG, que avantaxaba o BNG en case cinco puntos (23,5%-18,7%), a proporción inverterase nas seguintes eleccións (BNG: 24,8%; PSdeG: 19,5%) e chegará case ao equilibrio nas de outubro de 2001 (BNG: 22,6%; PSdeG: 21,8%).

Constatar onde houbo e onde non houbo competencia non permite explicar, en todo caso, por que o sistema galego de partidos funcionou en autonómicas durante un longo tracto temporal dun modo bastante diferente a como o veu facendo en xerais e en locais, onde a oposición, sobre todo socialista, si demostrará ser capaz de competir co PP. Unha explicación plausible sería que a inexistencia de competencia entre bloques en autonómicas tería que ver esencialmente coas características das ofertas nacionalista e socialista. A credibilidade desta última sufriría así un constante e fortísimo desgaste desde 1989 –cando os socialistas, co 32,7%, chegaron ao seu cénit autonómico– ata o período posterior aos comicios do ano 2001, como consecuencia sobre todo da conflitiva dinámica interna dun partido que vivirá en constante e aberta loita faccional: sirva como exemplo desa realidade o feito de que desde 1989 o candidato socialista a presidente da Xunta será sempre diferente (González Laxe en 1989, Sánchez Presedo en 1993, Caballero Álvarez en 1997 e Pérez Touriño en 2001), pasando cada un deles, agás o último, a ser convenientemente *laminados* nada máis pecharse a correspondente xornada electoral. Así as cousas, os potenciais electores socialistas de Galicia distinguirían cando se trataba de votar o PSOE (en xerais) e o PSdeG-PSOE (en autonómicas) e comportaríanse en cada caso dun modo substancialmente diferente.

As razóns, de todo distintas, que explicarían a incapacidade do BNG para competir co PP (que non co PSdeG, como se viu) conectarían principalmente cos perfís radicais da súa oferta que, tanto no eixe dereita-esquerda como o eixe nacionalismo-autonomismo, acabará por situarse nun espazo político e ideolóxico moi afastado a aquel en que se veu situando a inmensa maioría do electorado popular. E é que, malia os esforzos de moderación realizados polo Bloque, as súas políticas máis rechamantes seguirán situándoo no período que comentamos nun terreo en moitos casos lindeiro cos dun partido antisistema: o seu indisimulado desacordo co marco constitucional e estatutario, o terceiromundismo da súa política exterior, o radicalismo identitario da súa política lingüística, serían, entre outros, aspectos que non contribuirían a expandir, senón, moi pola contra, a contraer as fronteiras de competencia do BNG pola dereita do espectro político galego. As eleccións de 1997, nas que o BNG adiantou por primeira vez o PSdeG e pasou a situarse, en consecuencia, como cabeza dunha potencial alternativa de goberno, viñeron, en fin, a bloquear ata o extremo unha situación xa de por si pouco volátil. ¿Por que? Pois porque a perspectiva de que o BNG puidese chegar a gobernar apoiado polo Partido Socialista ía terminar actuando como un elemento de cohesión fundamental daquela parte do electorado popular que, indecisa uns meses antes da consulta electoral, podía estar pensando en transferir o seu voto ao Partido Socialista, pero que decidiu non o facer finalmente temerosa de que os seus votos puidesen servir para levar o BNG á Presidencia da Xunta. Este temor, moi estendido entre os votantes do PP, estábao tamén entre unha parte substancial dos votantes socialistas, o que daría unha idea da súa importancia como factor determinante da forma de actuar duns e doutros.

¿A Galicia, pois, enladrillada? Si, en efecto, enladrillada por un sistema de partidos do que, despois das eleccións autonómicas de 1989, practicamente desapareceu a competencia efectiva entre o partido do Goberno e os da oposición e no que, despois das de 1997, se introducirá un elemento obxectivo de bloqueo que acabará favorecendo a pretensión do Partido Popular de manter perfectamente cohesionada a súa masa de electores. Todo iso conducirá, en definitiva, a *enladrillar* unha Galicia na que, a fin de contas, a dereita gobernou durante as dúas décadas que van de 1981 a 2001. E na que a da alternancia acabará por converterse, finalmente, nunha das poucas materias pendentes dunha autonomía que rematou por consolidarse, á fin, tamén culturalmente. Tanto, que a opinión sobre esta veu ser, ao cumprirse o vinte e cinco aniversario da Constitución que a posibilitou, claramente positiva e de todo equiparable á existente en calquera dos outros territorios autonómicos que conforman a actual España democrática. Así o indicaban, transcorrido xa o período de asentamento das institucións autonómicas e da cultura política xerada por estas, as respostas contidas, entre outros, nun dos máis exhaustivos estudos de opinión realizados polo Centro de Investigacións Sociolóxicas sobre «conciencia nacional e rexional»: o 2228, de novembro-décembro de 1996.

Preguntados os entrevistados en Galicia sobre as súas preferencias respecto da organización territorial, os partidarios do Estado autonómico (68%) superaban amplamente os defensores dun Estado sen autonomías (16%), e gañaban por rotunda goleada aos defensores da opción independentista, que non superaban un exíguo 5% da mostra. En plena coherencia con esa distribución das preferencias, o 70% dos entrevistados mostrábanse partidarios de que Galicia seguise sendo unha Comunidade Autónoma (un 50% como ata a data e un 20% aumentando as súas competencias), fronte a un 16% de partidarios de que se integrase nun Estado cun único goberno central e un 6% de defensores do dereito de autodeterminación. Tras estas claras mostras de identificación maioritaria co modelo autonómico, os entrevistados expresaban a súa opinión acerca dos diversos efectos inducidos pola implantación daquel: achegar a xestión dos asuntos publicados aos cidadáns (A: moi ou máis ben de acordo: 50%; B: máis ben ou moi en desacordo: 14%); favorecer a convivencia entre as distintas rexións e nacionalidades (A: 41%; B: 17%); contribuír ao desenvolvemento dos separatismos (A: 35%; B: 25%); aumentar o gasto público sen mellorar os servi-

zos públicos (A: 40%; B: 26%). As visibles críticas sobre algúns dos efectos derivados do modelo non impedían confirmar, en todo caso, unha actitude claramente favorable á descentralización da política autonómica. E así, mentres o 59% dos galegos manifestaban que o desenvolvemento das comunidades autónomas resultara positivo para España, tan só un 18% o consideraba negativo. Iso levaba, finalmente, o 35% dos entrevistados galegos a manifestar que, en conxunto, a organización do Estado en comunidades autónomas lles parecía ben ou moi ben, fronte a un curto 13% aos que lles parecía mal ou moi mal (41% regular); a distribución das opinións resultaba aínda máis favorable cando o modelo se xulgaba desde o punto de vista da propia experiencia da Comunidade Autónoma galega, que consideraba beneficiosa o 62% dos entrevistados, fronte a un escaso 14% que a consideraba prexudicial.

9. A autonomía invisible

En suma, tras máis de vinte anos de normalizada práctica política, a autonomía configurárase en Galicia, ao igual que nas restantes comunidades españolas, como unha parte máis da paisaxe cotiá, un tipo de paisaxe esa –a cotiá– que a forza de resultar habitual se transforma, de feito, en invisible. Iso mesmo pasou, en certo modo, coa autonomía nas diversas comunidades que conforman o sistema autonómico español e, entre elas, por suposto, coa autonomía de Galicia: que a forza de ser un fenómeno normal se converteu tamén en *invisible*. Ben pode dicirse por iso que tras máis de vinte anos de descentralización se está moi lonxe daqueles momentos fundadores en que calquera conversación de ton crítico sobre a actuación da nova armazón de poderes adoitaba concluír en Galicia co consabido: «É que a Xunta xa se sabe», ou con aquel outro: «Sonche cousas da Xunta». É dicir, e por elevar o anecdotario a categoría útil para a análise social, estamos lonxe dos momentos conformadores en que as institucións autonómicas eran xulgadas pola súa *natureza* (polo seu carácter autonómico) e non polo seu *principio* (pola xestión positiva ou negativa que realizaban). E é que, por continuar coa célebre distinción de Montesquieu, cando as autonomías comezaron a súa andaina, a percepción social maioritaria dunha cidadanía que contemplaba con auténtico estupor un fenómeno completamente novidoso reducía as institucións autonómicas á súa *natureza* (o que as facía ser tales) sen ter case en conta para nada o seu *principio* (o que as farían actuar no futuro). Á altura do ano 2003, pola contra, e coa única excepción do nacionalismo independentista e do españolismo máis recalcitrante, xa practicamente todo o mundo vulga a actuación das institucións autonómicas polos seus resultados, medidos en termos de eficacia de xestión, facendo, en conclusión, coas institucións autonómicas, o mesmo que se fai coas institucións locais ou coas institucións centrais do Estado, respecto das cales ninguén se formula a súa inutilidade ou utilidade, senón tan só o acerto ou desacerto da particular xestión realizada polos que as dirixen concretamente en cada caso: como resulta ben visible, nesa situación de completa prevalencia da súa *natureza* sobre o seu *principio* só quedan xa, en fin, na percepción dos cidadáns españois, as institucións europeas.

A constatación científica desa realidade resulta posible, polo demais, botando man dos referidos datos sociométricos, que, se demostran, en termos xerais, o asentamento social do noso modelo federal, demostran ademais, no caso concreto de Galicia, como acaba de apuntarse, o balance maioritariamente favorable respecto ao funcionamento *institucional* do «poder galego», por utilizar a expresión de que se serve o Estatuto para designar a Xunta, presidente da Xunta e Parlamento. Un poder que se estreou en Galicia hai algo máis de vinte anos como unha experiencia en certo sentido pintoresca, pero que demostrou a súa irresistible capacidade para democratizar horizontalmente a vida política española como non o estivera nunca antes na súa historia. E é que a revolución autonómica foi, sobre todo e antes que nada, unha gran revolución democrática. Esa resultou, á fin e ao cabo, a clave do seu éxito.

10. *Postscriptum*

Como puido verse, as páxinas precedentes, escritas con motivo da celebración do vinte e cinco aniversario da Constitución española, configuran un balance do proceso autonómico galego desde a súa iniciación ata o ano 2003. Con posterioridade a esa data producíronse na vida autonómica de Galicia algunhas novidades dignas de mención, a máis importante das cales foi, sen dúbida, a chegada da alternancia democrática ás institucións galegas, da man dos resultados das eleccións autonómicas celebradas no ano 2005, que supuxeron a configuración dunha maioría parlamentaria socialista-nacionalista e deron lugar á formación dunha Xunta bipartita entre o PSdeG e o BNG. Dese acontecemento, así como da evolución xeral da autonomía desde o ano 2003, queda detallada constancia nos informes anuais de 2003 a 2007 que se inclúen na segunda parte desta obra. Remito, polo tanto, o lector interesado, ao alí analizado e relatado, para obter a información que lle permitirá completar, pola súa conta, o balance parcial que ata aquí intentou ofrecérselle.

11. Breve referencia bibliográfica

Javier Pérez Royo refírese á interpretación en clave *nacionalista ou diferenciadora* da Constitución no seu admirable *Curso de derecho constitucional*, Marcial Pons, 1.ª edición, 1994, p. 651. Os diversos textos e documentos citados en relación co proceso de tramitación do Estatuto de autonomía para Galicia poden consultarse en *A autonomía galega (1846-1981)*, Xunta de Galicia, 1986. Máis en concreto, para algunhas das incidencias históricas do citado proceso é de utilidade o libríño *El Estatuto gallego* (Biblioteca Galega, La Voz de Galicia, 1979) e a crónica de Manoel Reimóndez Portela, *O Estatuto dos 16* (Vigo, Galaxia, 1979). Os datos comparados de produción lexislativa dos diversos parlamentos autonómicos poden verse en A. Porras, F. Gutiérrez e M. L. Morillo, «La actividad legislativa de los parlamentos autonómicos, 1980-2000: agenda legislativa y mapa normativo», en J. Subirats e R. Gallego, *Veinte años de autonomías en España*, Madrid, CIS, 2002, p. 167 e ss. A cita de Giuseppe Ugo Rescigno éo ao seu clásico estudo *La responsabilità politica*, Milán, Giuffrè, 1967, p. 114 e ss. A Enquisa 1700 do CIS, xunto con outras dúas (1702 e 1720), foi obxecto dun estudo que realicei por encarga deste en 1987 e que logo se publicou co título de *Actitudes y opiniones socio-políticas en la Comunidad Autónoma de Galicia: evolución y expectativas*, CIS, Madrid, 1988. O título da epígrafe «A Galicia enladrillada» procede dun artigo homónimo que publiquei na revista *Claves de Razón Práctica* (n.º 118, decembro de 2001, pp. 36-43), parte do cal reproduzo agora coas adaptacións que veñen ao caso. O Estudo 2228 do Centro de Investigacións Sociolóxicas (CIS), de ámbito nacional e autonómico, realizouse a partir dunha mostra nacional ampliada ás CCAA de Andalucía, Baleares, Canarias, Cataluña, Comunidade Valenciana, Galicia, Navarra e País Vasco (con 4932 entrevistas realizadas a españois de ambos os dous sexos de 18 anos e máis entre o 16 de novembro e o 5 de decembro de 1996, foron obxecto de mostra 264 municipios e 46 provincias): referinme amplamente ao seu contido no meu libro *Nacionalidades históricas y regiones sin historia. A propósito de la obsesión ruritana*, Alianza Editorial, Madrid, 2005, pp. 133-142.

CAPÍTULO II A PRIMEIRA DÉCADA DE PRODUCCIÓN LEGISLATIVA

1. Balance xeral

O estudo da produción lexislativa do Parlamento autonómico galego durante os primeiros anos de institucionalización da autonomía galega debe comezar, en boa lóxica, por unha referencia, basicamente descritiva, ao seu balance final de resultados. O cadro 1 deixa constancia, en tal sentido, dos datos máis fundamentais do proceso, datos a partir dos cales poderían obterse algunhas conclusións significativas.

Cadro 1

	1982	1983	1984	1985	Total
1.ª lexislatura (1981-1985)	2	11	12	15	40
	1986	1987	1988	1989	Total
2.ª lexislatura (1985-1989)	4	8	13	17	42
	1990	1991			
3.ª lexislatura (1989-1991)	2	15			

En primeiro lugar obsérvase un notable equilibrio na produción lexislativa da primeira e segunda lexislaturas, con 40 e 42 leis aprobadas respectivamente en cada unha. Outro fenómeno común é o da escasa produción normativa no ano inmediatamente posterior ao de eleccións: 1982, en que se aproban tan só 2 leis; 1986, en que se aproban 4, e 1990, en que se aproban 2. De todos os xeitos, tanto na primeira como na segunda lexislaturas pode observarse un crecemento sostido do número de leis aprobadas, que se incrementa a medida que a lexislatura vai avanzando: 2, 11, 12 e 15 na primeira e 4, 8, 13 e 17 na segunda. Non se producen tampouco variacións substanciais como consecuencia dos cambios de maioría parlamentario-gobernamental, cambios derivados da aprobación, en setembro de 1987, da moción de censura contra o goberno conservador de Fernández Albor e da súa conseguinte substitución por un goberno de coalición hexemonizado polo Partido dos Socialistas de Galicia. En efecto, o número de leis aprobadas pola maioría que soste este último durante a segunda metade da segunda lexislatura foi de 30, moi similar ao das aprobadas durante igual período temporal da lexislatura anterior, un total de 27, tal e como pode observarse no cadro 1.

Faremos referencia, finalmente, a algúns datos comparativos entre a produción lexislativa da Comunidade galega e a doutros territorios autonómicos, datos que demostran que a actividade lexislativa presentará en Galicia nos primeiros anos de institucionalización certas peculiaridades substantivas en relación coa das demais, fundamentalmente, en relación coa das comunidades autónomas de vía especial. Contrastando os datos das primeiras lexislaturas, resulta que o Parlamento de Galicia foi o que menos leis aprobou en relación cos das comunidades do artigo 151 da Constitución (Cataluña: 78, País Vasco: 61 e Andalucía: 43), nunha diferenza porcentual que no caso de Cataluña foi de case un 100% e no do País Vasco dun 50%, mentres que no caso de Andalucía a diferenza non presentará relevancia. Polo que se refire ás respectivas segundas lexislaturas, a vantaxe mantense no caso da Comunidade Autónoma catalá, que aproba un total de 82 leis, pero desaparece no da vasca, ao reducir esta a súa produción durante a segunda lexislatura ata un total de 24 leis, unha cifra só lixeiramente superior á metade das 42 aprobadas en Galicia.

2. O exercicio da iniciativa lexislativa

Un dos aspectos caracterizadores do proceso político-lexislativo de produción normativa cuxa análise presenta maior interese é, sen dúbida, o relativo ao exercicio da iniciativa lexislativa, por canto, como intentaremos poñer de relevo de inmediato, o seu estudo subministra datos de extraordinaria relevancia para os efectos de radiografar o funcionamento práctico da institución parlamentaria. A ese respecto entendemos que da análise dos primeiros dez anos de experiencia parlamentaria autonómica en Galicia cabería obter algunhas fundamentais conclusións.

En primeiro lugar, e como adoita ser pauta xeral na experiencia lexislativa comparada, o xogo das iniciativas parlamentaria e gobernamental, respectivamente reguladas nos artigos 110.1 e 2 do Regulamento do Parlamento de Galicia, demostra con absoluta claridade o protagonismo do Goberno no impulso do proceso lexislativo. Segundo pode verse no cadro 2, tanto na primeira como na segunda –e no avanzado da terceira– lexislaturas da nosa Cámara autonómica, o número de proxectos de lei foi esmagadoramente superior ao de proposicións (90%, 83% e 94% respectivamente, do total de leis aprobadas), algo que non fará senón confirmar unha tendencia común na xeneralidade das comunidades españolas: así pode observarse, por exemplo, tanto nas súas primeiras lexislaturas en Andalucía (42 proxectos/1 proposición), Cataluña (60/18) ou País Vasco (53/8), como nas segundas: Cataluña (73/9) ou País Vasco (21/3).

Cadro 2

	Proxectos	Proposicións	Total
1.ª lexislatura	36	4	40
2.ª lexislatura	35	7	42
3.ª lexislatura	16	1	17

Polo que se refire á autoría destas proposicións de lei, do total de 12 aprobadas durante a década obxecto deste estudo, 4 fórono a iniciativa do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, 3 do Mixto (sempre procedentes do PSG-EG), 2 do Grupo Parlamentario Popular e 1 do de Coalición Galega, mentres que, finalmente, dúas máis o serían tras a iniciativa conxunta de varios grupos parlamentarios. En todo caso, e con independencia do dato de que a maior parte das proposicións procedan de grupos parlamentarios situados na oposición, é dicir, de grupos non conformadores, no momento do exercicio da iniciativa lexislativa, da maioría parlamentario-governamental, non debe perderse de vista o feito de que se trata de propostas sobre cuxa oportunidade e/ou contido existirá, en xeral, amplo consenso. Tal circunstancia poñerase de relevo claramente ao comprobar os resultados das respectivas votacións de toma en consideración das propostas, votacións que permiten agrupar as proposicións aprobadas en tres bloques: as tomadas en consideración sen ningún voto en contra (un total de 6 proposicións, 2 das cales foron aceptadas por unanimidade, é dicir, sen abstencións); proposicións tomadas en consideración por abafadora maioría (2 proposicións); e, finalmente, proposicións tomadas en consideración por unha curta diferenza, dun a nove votos, entre os expresados a favor e os expresados en contra (3 proposicións).

Unha segunda conclusión, igualmente expresiva de prácticas parlamentarias similares na esfera do dereito comparado, será a referida á relación entre iniciativas lexislativas formuladas e aprobadas, un dato que servirá para completar a análise anterior en relación co xogo das iniciativas parlamentaria e governamental, toda vez que a irrelevancia cuantitativa das leis aprobadas tras o exercicio da primeira podería ser, e iso é o que comprobaremos a continuación, consecuencia da inacción dos suxeitos lexitimados para a súa posta en práctica.

Cadro 3

	1.ª lexislatura				2.ª lexislatura			
	Presen.	Retir.	Rexeit.	Aprob.	Presen.	Retir.	Rexeit.	Aprob.
Proxecto	38	2	-	36	48	12	1	35
Proposición	17	3	10	4	51	8	36	7

O cadro 3 deixa constancia de como, sobre todo na segunda lexislatura, tal irrelevancia cuantitativa vai ser froito non tanto da inacción dos suxeitos lexitimados para a presentación de proposicións de lei canto da utilización dun mecanismo de filtro político por parte da maioría parlamentario-goberna-

mental. Tal filtro impedirá que prosperen iniciativas procedentes doutros suxeitos distintos do Goberno ou, eventualmente, do grupo ou os grupos parlamentarios que o sosteñen. E así, mentres que a relación porcentual entre iniciativas presentadas e aprobadas é, no caso dos proxectos de lei, dun 95% para a primeira lexislatura e dun 73% para a segunda, esas porcentaxes descenden no caso das proposicións de lei ata un 24% e un 14%, respectivamente para a primeira e segunda lexislaturas. Notable interese presenta igualmente a análise de cales foron os grupos parlamentarios que fixeron uso en maior medida da facultade regulamentaria de iniciar o proceso de formación da lei a través da presentación de proposicións, e iso con relativa independencia agora de que aquelas fosen aprobadas ou non.

Cadro 4

	GPP		GPS		GPM						GPCG		ILP		Total	
	P	A	P	A	PSEG-EG		BNPG		Outros		P	A	P	A	P	A
					P	A	P	A	P	A						
1. ^a	1	1	3	1	10	1	1	-	-	-	1	-	-	-	16	3
2. ^a	4	-	9	3	19	2	4	-	3	-	9	1	2	-	50	6

(GPP: Grupo Parlamentario Popular; GPS: Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia; GPM: Grupo Parlamentario Mixto (PSG EG: Partido Socialista Galego-Esquerda Galega; BNPG: Bloque Nacional Popular Galego); CPCG: Grupo Parlamentario de Coalición Galega; ILP: Iniciativa Legislativa Popular).

(*) As diferenzas entre os totais que constan no cadro 3 (17 proposicións na primeira e 51 na segunda) e no cadro 4 (16 e 50, respectivamente) derivanse de que non computamos no segundo caso as dúas iniciativas conxuntas de varios grupos parlamentarios.

En tal sentido, do cadro 4 despréndese, con toda claridade, a falta de correspondencia entre tamaño dos grupos parlamentarios e volume de iniciativas presentadas, pois, tanto na primeira como na segunda lexislaturas, será un pequeno partido incluído por imperativo regulamentario no Grupo Parlamentario Mixto –o formado polo Partido Socialista Galego-Esquerda Galega, que contou cun e tres escanos respectivamente– o que concentrará a maior parte de iniciativas lexislativas de natureza parlamentaria: 62% e 38%. Ademais, e aínda que cunha clara diferenza nas proporcións, destaca tamén, para a segunda lexislatura, a actividade dos grupos parlamentarios Socialista e de Coalición Galega, os que, con similar ineficacia práctica, presentarán un total de 18 proposicións de lei. Por último, cabe subliñar a moi escasa relevancia dun dos mecanismos fundamentais de democracia directa establecidos no noso sistema democrático-representativo: a iniciativa lexislativa popular. Consagrada, dentro da esfera autonómica galega, no artigo 13.1 do Estatuto de autonomía e regulada por medio da Lei 1/1988, do 19 de xaneiro, de iniciativa lexislativa popular ante o Parlamento de Galicia, durante a segunda lexislatura, unha vez producida a entrada en vigor da citada lei, presentáronse tan só dúas iniciativas lexislativas desta natureza, ambas as dúas rexeitadas no correspondente trámite de toma en consideración.

A última das conclusións anteriormente mencionadas en relación coas características que presentou na práctica parlamentaria galega o exercicio da iniciativa lexislativa durante a fase de nacemento da institución representativa autonómica referirase ao xogo que deu a previsión contida no artigo 87.2 da Constitución española, regulador da iniciativa lexislativa das asembleas rexionais ante o Congreso dos Deputados. O Parlamento galego aprobará durante a súa primeira década de actividade tan só

un proxecto de lei (sobre a terceira canle de televisión) e dúas proposicións de lei (sobre transferencia a Galicia da competencia de desenvolvemento lexislativo e a execución na materia de ordenación do crédito, banca e seguros e sobre transferencia a Galicia de competencias en relación coa execución e a información na elaboración de tratados e convenios internacionais), destinadas todas a ser tramitadas como proposicións de lei do artigo 87.2 da Constitución. Pero ningunha das tres chegaría a ser aprobada polas Cortes españolas: mentres que as dúas primeiras serán rexeitadas polo Congreso dos Deputados no trámite de toma en consideración, a terceira decaerá como consecuencia da disolución das propias Cortes, sen que fose reproducida con posterioridade.

3. Os contidos materiais da produción lexislativa

Analizados algúns dos perfís procedementais esenciais do proceso de produción lexislativa do Parlamento de Galicia durante a súa primeira década de actividade, abordaremos seguidamente as cuestións relativas aos seus contidos materiais, tema de notable transcendencia dada a natureza política do período obxecto de estudo: o de institucionalización da autonomía galega. Referirémonos, nesa liña, a tres temas conectados de gran significación desde a perspectiva da consolidación das institucións autonómicas: ao estudo das denominadas leis de desenvolvemento básico do Estatuto de autonomía, ao dalgunhas cuestións relacionadas coa lexislación orzamentaria e, finalmente, ao da ordenación por grandes bloques materiais do conxunto restante de leis aprobadas pola Cámara autonómica.

As leis de desenvolvemento básico do Estatuto de autonomía

As leis de desenvolvemento básico do Estatuto de autonomía, configuradas tanto desde o punto de vista da súa natureza como da súa funcionalidade como un tipo de normas similares ás das leis orgánicas recollidas no artigo 81 da Constitución, conforman un tipo de normas que, non previstas inicialmente polo Estatuto de autonomía, foron creadas e delimitadas, desde o punto de vista conceptual, polo Regulamento do Parlamento de Galicia. A partir do previsto neste cabería dicir, nunha primeira aproximación, que as leis de desenvolvemento básico se definen mediante a combinación dun dobre criterio: un de natureza material e outra orde formal.

En relación co criterio formal serán varias as peculiaridades procedementais legalmente establecidas no momento da configuración do tipo normativo. Así, o artigo 126 do Regulamento parlamentario galego determinará, en primeiro lugar, a posibilidade de iniciativa lexislativa conxunta: segundo el, a Mesa, de acordo coa Xunta de Portavoces, e logo de iniciativa de dous grupos parlamentarios ou dunha quinta parte dos deputados, poderá decidir que a iniciativa parlamentaria sexa exercida, de forma conxunta, por todos os grupos parlamentarios, no que podería denominarse unha iniciativa consensuada. Ademais, establecerase tamén unha maioría reforzada para a aprobación deste tipo de leis, pois, segundo o artigo 127 do mencionado Regulamento, esta requirirá o voto favorable da maioría absoluta dos membros do Parlamento dunha votación final de totalidade, o que reproduce de xeito literal o principal trazo procedemental caracterizador das leis orgánicas. Finalmente, a definición das leis de desenvolvemento básico vai completarse con dúas prohibicións: a de que non poderán ser obxecto de delegación lexislativa (artigo 50.3 da Lei 1/1982, reguladora da Xunta e do seu presidente) e a de que con respecto a estas non caberá a delegación de competencia lexislativa plena en comisión para a aprobación de proxectos ou proposicións de lei (artigo 132.1 do Regulamento do Parlamento galego).

Será, porén, de acordo co criterio *material* antes citado, en relación co que as leis de desenvolvemento básico previstas no ordenamento xurídico autonómico galego formularán desde o momento da súa creación un importante problema de delimitación conceptual. E iso ata o punto de que unha lectura aten-

ta da súa normativa reguladora indicará que, realmente, é moi discutible que aquelas poidan ser caracterizadas no dereito autonómico de Galicia sobre a base da súa natureza material. En efecto, a diferenza do que acontece coas leis orgánicas do artigo 81 da Constitución, claramente delimitadas desde o punto de vista material –pois só poden ser obxecto de regulación a través de lei orgánica as materias especificamente e expresamente determinadas na Constitución– o ordenamento xurídico autonómico galego, rompendo cun elemental principio de claridade e de seguridade xurídicas, non definirá en ningún momento qué materias deben ser reguladas conforme o procedemento especial considerado nos artigos 126 e 127 do Regulamento parlamentario. Separarase, deste modo, o dereito galego da previa experiencia autonómica de Cataluña, comunidade na que desde o primeiro momento se determinarán con bastante precisión as materias que deberán ser obxecto de lexislación de desenvolvemento básico. A diferenza do que acabamos de ver para Galicia, o artigo 108 do Regulamento do Parlamento de Cataluña conterá unha lista expresa de materias consideradas de desenvolvemento básico: normalización lingüística, organización territorial da Comunidade Autónoma, organización das institucións de autogoberno, regulación do réxime local, réxime xurídico da Administración autónoma e entes públicos, consultas populares municipais, policía autónoma, ensino, radiotelevisión, asunción de novas competencias pola Comunidade Autónoma, institucións da Generalitat, Lei electoral, iniciativa lexislativa popular, Defensor do Pobo, elección e Estatuto do presidente, regulación do Consello Executivo, regulación do Consello Consultivo e, finalmente, sindicatura de contas.

En resumo, pois, e por expresalo de xeito máis preciso: nin o Estatuto de autonomía para Galicia, que nin sequera as mencionará, nin o Regulamento do Parlamento galego, nin, finalmente, a Lei reguladora da Xunta e o seu presidente, establecerán, en ningún momento, as correspondentes reservas de lei de desenvolvemento básico, co resultado final de que rematará por fixarse un procedemento especial para a regulación legal de certas materias –especialidade derivada da suposta transcendencia xurídico-política daquelas–, sen que en ningunha parte se proceda a especificar legalmente o ámbito material ao que tal procedemento debería de aplicarse. Nese contexto, vai ser a Mesa do Parlamento galego o órgano encargado de cualificar un determinado proxecto ou proposición de lei co carácter de desenvolvemento básico, dispoñendo, en consecuencia, a subseguinte aplicación das especialidades procedementais legalmente previstas nos termos xa vistos.

Así as cousas, ten grande interese comprobar, como farei a continuación, cal será a práctica seguida polo Parlamento de Galicia respecto das leis de desenvolvemento básico do Estatuto de autonomía, pois só a través de tal análise poderá obterse algunha conclusión relevante sobre o perfil material que as define. Durante a súa primeira década de actividade –obviamente moi significativa desde o punto de vista do desenvolvemento estatutario– o Parlamento aprobou, segundo xa se apuntaba no capítulo anterior, un total de seis normas de desenvolvemento básico: trátase das leis 1/1981, reguladora da Xunta e do seu presidente; 3/1983, de normalización lingüística; 6/1984, do Valedor do Pobo; 6/1985, do Consello de Contas de Galicia; 8/1985, de eleccións ao Parlamento de Galicia; e, por último, 1/1988 de iniciativa lexislativa popular ante o Parlamento de Galicia. Coa única excepción da Lei de normalización, tratarase en todos os casos de reservas de lei contidas no Estatuto de autonomía (arts. 15.4, 16.4, 14, 53.2, 13.1 e 11.5, respectivamente), dato a partir do cal cabería pensar inicialmente que o Parlamento interpretou que en todas as materias de natureza *institucional* reservadas estatutariamente á lei procedería optar pola figura da lei de desenvolvemento básico. Esta interpretación atoparía, ademais, unha apoiatura legal no feito de que o artigo 50.3, antes referido, da Lei reguladora da Xunta e do seu presidente utilice como sinónimos as expresións «leis institucionais» e «leis de desenvolvemento básico do Estatuto»: segundo el «non poderán ser obxecto de delegación a regulación do réxime electoral da Comunidade Autónoma, a aprobación do orzamento, *as leis institucionais ou de desenvolvemento básico do Estatuto* e as que, pola súa natureza, requiran maioría cualificada para a súa aprobación». Non obstante, tal impresión inicial resulta inmediatamente contradita polo feito de

que algunhas desas materias de natureza institucional, estatutariamente reservadas á lei, foran obxecto de regulación a través dunha mera lei *ordinaria* da Comunidade Autónoma. En efecto, e como tere-mos ocasión de expoñer no seu momento, así aconteceu coa Lei de recoñecemento da galegüidade, a do Fondo e Consello da Cultura Galega e a de patrimonio da Comunidade Autónoma.

Para rematar este estudo das leis de desenvolvemento básico referirémonos finalmente á inaplicación práctica do mecanismo da iniciativa conxunta de integración prevista no artigo 126 do Regulamento do Parlamento de Galicia. Das tres leis básicas que procederon da iniciativa parlamentaria, a través das correspondentes proposicións de lei (normalización lingüística, Valedor do Pobo e iniciativa legis-lativa popular), só a primeira, e iso a través dun procedemento claramente *heterodoxo* desde o punto de vista da regulación regulamentaria, foi tramitada a partir dun texto procedente de relatoría con-xunta. Esta inaplicación, que esteriliza unha das potencialidades máis atractivas da figura normativa de que vimos tratando, contrastará co acontecido noutros parlamentos autonómicos: no catalán, por exemplo, foron aprobadas, durante a súa primeira legislatura, un total de nove leis a partir de propo-sicións de lei orixinadas en iniciativas conxuntas de varios grupos parlamentarios, a partir do previsto no artigo 108 do Regulamento do Parlamento catalán.

Lexislación en materia orzamentaria

En relación coa lexislación aprobada polo Parlamento de Galicia en materia orzamentaria interesa aquí deixar constancia unicamente de cal será o grao de *eficiencia* da Cámara á hora de dar cumprim-ento a unha exixencia xurídica da que depende en boa medida a actividade económica e financeira da Comunidade Autónoma: referímonos, obviamente, á aprobación, dentro do prazo fixado legal-mente, do Proxecto de lei de orzamentos. A ese respecto, e deixando á marxe outras normas legais de contido financeiro-orzamentario que carecen de interese para eses efectos, o repaso ás datas de aprobación das dez leis de orzamentos que foron aprobadas polo Parlamento galego durante a súa primeira década de actividade demostra con claridade unha escasísima *eficiencia* do traballo da Cámara galega en tal sentido. E isto porque malia o principio de preferencia incondicionada na tramitación, establecido en favor do Proxecto de lei de orzamentos (art. 129.1 do Regulamento do Parlamento) e a pesar, tamén, da obriga legal do Goberno de remitir tal proxecto á Cámara para o seu exame antes do 31 de outubro de cada ano (art. 37 da Lei 3/1984, de xestión económica e finan-ceira pública de Galicia), o certo é que, como pode comprobarse no cadro 5, tan só nun período orza-mentario, o correspondente a 1989, a Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma foi apro-bada con anterioridade ao primeiro día do exercicio económico na que esta debería de aplicarse, o que exixiu en todos os demais supostos a recorrencia á prórroga orzamentaria prevista para tales casos no artigo 39.1 da antes citada Lei 3/1984.

Cadro 5

Ano	1982	1983	1984	1985	1986	1987	1988	1989	1990	1991
Apr.	1982	1983	1984	1985	1986	1987	1988	1989	1990	1991
	Dec.	Xul.	Mai.	Xan.	Out.	Abr.	Mar.	Dec.	Xuñ.	Xan.

Lexislación de carácter institucional

Á marxe das leis de natureza institucional citadas anteriormente, con ocasión do tratamento da lexislación de desenvolvemento básico do Estatuto de autonomía (reguladora da Xunta e do seu presidente, do Valedor do Pobo, do Consello de Contas, de eleccións e de iniciativa lexislativa popular), nos primeiros dez anos de actividade da Cámara galega aprobáronse, ademais, varias leis ordinarias a través das cales o Parlamento veu dar cumprimento a outros tantos mandatos de desenvolvemento lexislativo contidos na norma estatutaria: trátase das leis 4/1983, de recoñecemento da galeguidade, 8/1983, do Consello da Cultura Galega, e 3/1985, de patrimonio da Comunidade Autónoma, normas que desenvolven, respectivamente, previsións contidas nos artigos 7.º, 32 e 43.2 do Estatuto. O ámbito lexislativo de carácter institucional complétase coas leis 1/1982, de fixación da sede das institucións autonómicas (materia para a que o propio Estatuto de autonomía exixira, no seu artigo 8.º, unha maioría cualificada de 2/3 da Cámara), e 5/1984, de símbolos de Galicia. Tras a aprobación de todas estas normas atoparon plasmación a maior parte dos mandatos de desenvolvemento lexislativo contidos no Estatuto galego, coa excepción do relativo á norma reguladora da organización territorial propia de Galicia, exixida polo artigo 2.º 3 deste, única pendente de elaboración dez anos despois de inaugurado o primeiro Parlamento autonómico da historia de Galicia.

Normas de organización administrativa

Dentro deste apartado deben incluírse un total de doce leis, a través das cales tratou de desenvolverse e consolidarse a organización administrativa da Comunidade Autónoma de Galicia. Forman un primeiro grupo aquelas normas polas que se procederá á creación e regulación (composición, estrutura, funcionamento, etc.) de determinados órganos administrativos: as leis 4/1987, de creación da Escola Galega da Administración Pública (modificada pola Lei 10/1989), 3/1988, de creación do Instituto Galego da Vivenda e Solo, 7/1988, de creación do Consello Galego de Relacións Laborais, 4/1989, de creación do Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais (modificada pola Lei 2/1991), e 3/1991, de creación do Servicio Galego de Promoción da Igualdade do Home e a Muller. De acordo co establecido no seu día polo Estatuto de autonomía para Galicia (arts. 34.1 e 3, relativos, respectivamente, ao desenvolvemento lexislativo e execución do réxime de televisión e á posibilidade de creación e regulación dunha televisión propia), o Parlamento de Galicia procedeu tamén á aprobación, en materia de regulación televisiva, de dúas leis, a 10/1983, reguladora do Consello Asesor de RTVE en Galicia, e a 9/1984, de creación da compañía RTVG. A lexislación de organización administrativa completárase coas leis 7/1984, de regulación provisional dos servizos xurídico-contenciosos da Xunta, 4/1988, da función pública de Galicia (aprobada no marco competencial establecido no artigo 28.1 do Estatuto), 1/1989, pola que se crea o Servicio Galego de Saúde (aprobada en marco competencial previsto no art. 33 do Estatuto), e 17/1989, de creación de escalas do persoal sanitario ao servizo da Comunidade Autónoma, coa que pretende darse cumprimento a previsións lexislativas contidas nas dúas anteriormente referidas. Unha mención específica merece, finalmente, a Lei 8/1989, sobre delimitación e coordinación das competencias das deputacións provinciais de Galicia, aprobada co obxectivo de desenvolver a previsión contida na disposición adicional terceira, número 1, da norma estatutaria, no sentido de que a Xunta procedería a coordinar as actividades das deputacións galegas no que afectase ao interese xeral da Comunidade Autónoma.

Lexislación en materia de lingua e cultura

A cuestión lingüística, de cuxa importancia política deixa constancia o feito da súa mención reiterada no Estatuto de autonomía (arts. 5.º, 25, 26.1 e 27.20) e a súa inclusión no título preliminar do propio texto

(art. 5.º), foi obxecto de dúas leis: dun lado a 3/1983, de normalización lingüística (norma de desenvolvemento básico estatutario, segundo foi apuntado no seu momento, destinada a dar cumprimento ao principio contido no artigo 5.º 1 do Estatuto) e, doutro lado, unha lei sectorial, a 5/1988, de uso do galego como lingua oficial de Galicia polas entidades locais, que pretende concretar, á súa vez, un principio contido na de normalización: o de que o galego será a lingua oficial da Administración local.

En materia cultural aprobaranse, ademais, outras tres normas legislativas sectoriais: as leis 11/1984, de dotación artística en edificios e construcións públicas da Comunidade Autónoma, 8/1988, do Plan xeral de investigación científica e técnica de Galicia, e 14/1989, de bibliotecas, adoptadas as dúas últimas ao abeiro da competencia exclusiva atribuída á Comunidade Autónoma nos artigos 27.19 e 18 do Estatuto galego.

Normativa sobre educación

Polo que se refire ás materias educativas –competencia plena da Comunidade Autónoma nos termos establecidos no art. 31 do Estatuto galego–, foron cinco as leis aprobadas na primeira década de actividade da Cámara autonómica: unha de carácter organizativo, a 3/1986, de consellos escolares de Galicia, destinada a desenvolver no ámbito da Comunidade Autónoma o dereito constitucional de participación na programación xeral do ensino; e dúas máis, de finalidade social: a 8/1987, pola que se establece a gratuidade de estudos para diversas ensinanzas (bacharelato, formación profesional e artes aplicadas e oficios artísticos en centros públicos), e a 6/1988, que fixa a retroacción de efectos de anterior.

Será, en todo caso, no ámbito do ensino universitario onde se adoptarán as leis de maior importancia e significación: dun lado, unha norma de carácter organizativo, a Lei 5/1987, do Consello Social da Universidade e do Consello Universitario de Galicia, e doutro, a máis fundamental, a 11/89, de ordenación do sistema universitario galego, que procederá, entre outras cousas, á creación das universidades de Vigo e A Coruña, normas ambas as dúas fundamentadas, desde o punto de vista competencial, no citado artigo 31 do Estatuto de Galicia.

Lexislación en materia sanitaria e en política social

Dúas normas legislativas aprobou o Parlamento de Galicia no período obxecto deste estudo en cada un dos ámbitos citados. En materia sanitaria as leis 5/1983, de sanidade escolar (a partir da habilitación competencial contida no art. 33.1 do Estatuto no relativo ao desenvolvemento legislativo e execución de lexislación básica do Estado en materia de sanidade interior), e 12/1984, do Estatuto galego do consumidor (en virtude, agora, da competencia exclusiva atribuída á Comunidade no artigo 30.1.4 do Estatuto). Polo que se refire á política social, procederase á aprobación dunha lei xeral, a 3/1987, de servizos sociais (materia competencia exclusiva da Comunidade segundo o artigo 27.23 do Estatuto) e dunha lei organizativa de carácter sectorial, a 2/1987, reguladora do Consello da Xuventude de Galicia (a partir do establecido nos arts. 27.21, 22 e 23 da norma estatutaria), como entidade institucional representativa das organizacións xuvenís galegas.

Lexislación en materia de economía e finanzas

Dentro do apartado das que xenericamente poderían caracterizarse como leis económicas e financeiras, o Parlamento de Galicia aprobou un total de oito normas, unha delas posteriormente derrogada, debido á súa natureza temporal. En primeiro lugar, tres leis de carácter financeiro: a 2/83, para o

incremento dos tipos de taxas de contía fixa (aprobada a partir do previsto, en relación coa Facenda da Comunidade Autónoma, no artigo 44.4 do Estatuto e da reserva de lei contida no 51.a en materia fiscal); a 10/1984, de asignación de recursos fixados por Real decreto-lei 3/1984 á Comunidade Autónoma, norma esta última que determinaba as insuficiencias de crédito polos servizos transferidos á Comunidade galega ata o 31 de decembro de 1983; e a 1/1984, do Fondo de Compensación Financeira (derrogada pola Lei 4/85), aprobada coa finalidade de corrixir os desfases de tesouraría derivados dos sistemáticos atrasos con que á sazón se viñan producindo as transferencias financeiras recibidas pola Comunidade con cargo aos orzamentos xerais do Estado.

No ámbito sectorial do comercio interior (materia competencia exclusiva de Galicia, de acordo coas bases e a ordenación da actuación económica xeral e da política monetaria do Estado, segundo o art. 30.1.4 do seu Estatuto), procederase á aprobación de dúas leis: a 9/1985, de protección das pedras ornamentais (que ampara por denominación de orixe determinados minerais que teñen a súa aplicación na industria da construción), e, a máis fundamental na materia, a 10/1988, de ordenación do comercio interior.

Finalmente, aprobaranse en materia económica as leis 7/1985, de caixas de aforros galegas (materia exclusiva da Comunidade nos termos do artigo 30.1.5 do Estatuto), norma con posterioridade modificada (pola Lei 6/1989); 9/1988, de estatística de Galicia (materia tamén competencia exclusiva de Galicia, nos termos, agora, do artigo 27.6 do seu Estatuto) e, finalmente, 3/1984, de xestión económica e financeira pública de Galicia, norma xeral que pretende regular a actividade económico-financiera da Comunidade Autónoma.

Lexislación sobre agricultura e pesca

En relación coas materias agrícolas e pesqueiras, que constitúen dous dos sectores máis decisivos da estrutura económica galega, procedeuse a aprobar un total de nove leis, co cal tal sector de actividade se configurará sen dúbida como o que xerará durante a primeira década de actividade do Parlamento unha maior e máis completa produción legislativa. O sector agrícola foi obxecto das leis 11/1983, de actuación intensiva nas parroquias rurais, 4/1984, de cámaras agrarias (competencia autonómica exclusiva segundo o art. 27.29 do Estatuto), 10/1985, de concentración parcelaria (aprobada a partir do título competencial contido nos arts. 30.1.1 e 3 do Estatuto), 2/1986, de prórroga no réxime de arrendamentos rústicos de Galicia (norma que virá prorrogar, no ámbito territorial da Comunidade, o prazo establecido na correspondente lei do Estado [83/1980, do 31 de decembro]), e, finalmente, 13/1989, de montes veciñais en man común (materia tamén de competencia exclusiva de Galicia, segundo o disposto no art. 27.10 do seu Estatuto).

Polo que se refire ao sector pesqueiro, amplamente entendido, este será obxecto dunha intensa regulación legislativa, cun total de catro normas, aprobadas todas o ano 1985 e todas elaboradas a partir do título competencial contido no artigo 27.15 do Estatuto, que atribúe a Galicia competencia exclusiva en relación coa pesca nas rías e demais augas interiores, co marisqueo e coa acuicultura. Trátase das leis 2/1985, de ordenación da pesca marítima en augas da Comunidade Autónoma de Galicia, 5/1985, de sancións en materia pesqueira, marisqueira e de cultivos mariños (modificada pola Lei 3/1989), 13/1985, de sancións accesorias en materia de pesca, marisqueo e cultivos mariños e, finalmente, 15/1985, de ordenación marisqueira e cultivos mariños.

Lexislación en materia de obras públicas e urbanismo

En relación con este sector de actividade, o Parlamento aprobou un total de seis normas lexislativas. Por un lado, as leis 6/1983, de limitación da propiedade nas estradas non estatais de Galicia, 8/1984, de asunción de competencias en materia de obras hidráulicas, 6/1987, do Plan especial de portos da Comunidade Autónoma de Galicia (adoptadas a partir da atribución de competencias exclusivas realizadas en tales materias, respectivamente, polos artigos 27.8, 12 e 9 do Estatuto), 11/1985, de adaptación da do solo a Galicia, e 5/1989, de medidas de erradicación do chabolismo no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia. Polo outro, unha norma de difícil clasificación, a Lei 2/1989, pola que se declaran de utilidade pública determinadas actuacións da Xunta de Galicia, norma peculiar aprobada ao abeiro do establecido no artigo 28.2 do Estatuto, pola que se declaraba de utilidade pública a expropiación de bens inmoebles e a parcial de facultades limitadas de dominio ou dos dereitos que fose preciso para acoller na súa estadía en Santiago de Compostela, en 1989, o papa Xoán Paulo II.

Lexislación en materia de dereito civil

No ámbito material do dereito privado procedeuse, durante a primeira década de funcionamento do Parlamento autonómico, á aprobación das leis 7/1983, de réxime das fundacións de interese galego, e 7/1987, sobre a compilación do dereito civil en Galicia, materias atribuídas, con carácter exclusivo, á Comunidade Autónoma polos arts. 27.26 e 4, respectivamente, do Estatuto galego.

Lexislación en materia de xogo

O Parlamento galego aprobou, finalmente, a Lei 14/1985, reguladora dos xogos e apostas en Galicia (materia exclusiva da Comunidade segundo o artigo 27.27 do Estatuto galego).

4. Postscriptum

Como puido verse, as páxinas precedentes, escritas no seu día co obxectivo de analizar a produción lexislativa do Parlamento de Galicia tras a súa primeira década de funcionamento, deixan constancia desa produción e dalgunhas das súas principais características. A súa inclusión no presente estudo contribúe, polo tanto, segundo xa se apuntaba na introdución, a emendar, en certa maneira, a circunstancia de que as análises anuais da vida política e institucional galega nas que se centra a segunda parte desta obra só comecen en 1989. Para completar, en consecuencia, tal obxectivo, enuméranse seguidamente, polo seu ano de aprobación, a totalidade das leis adoptadas pola Cámara galega entre 1982 e 1991.

5. Leis aprobadas polo Parlamento de Galicia (1982-1991)

Ano 1982

Lei 1/1982, do 24 de xuño, de fixación da sede das institucións autonómicas

Lei 2/1982, do 30 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para 1982

Ano 1983

- Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente
- Lei 2/1983, do 15 de abril, para o incremento dos tipos de taxas de contía fixa
- Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística
- Lei 4/1983, do 15 de xuño, de recoñecemento da galegitude
- Lei 5/1983, do 30 de xuño, de sanidade escolar
- Lei 6/1983, do 22 de xuño, de limitación de propiedade nas estradas non estatais de Galicia
- Lei 7/1983, do 22 de xuño, de réxime das fundacións de interese galego
- Lei 8/1983, do 8 de xullo, do Consello da Cultura Galega
- Lei 9/1983, do 15 de xullo, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para 1983
- Lei 10/1983, do 9 de decembro, reguladora do Consello Asesor de RTVE en Galicia
- Lei 11/1983, do 29 de decembro, de actuación intensiva nas parroquias rurais

Ano 1984

- Lei 1/1984, do 20 de febreiro, do Fondo de Compensación Financeira
- Lei 2/1984, do 10 de maio, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para 1984
- Lei 3/1984, do 3 de abril, de xestión económica e financeira pública de Galicia
- Lei 4/1984, do 4 de maio, de cámaras agrarias
- Lei 5/1984, do 29 de maio, de símbolos de Galicia
- Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo
- Lei 7/1984, do 26 de xuño, de regulación provisional dos servizos xurídico-contenciosos da Xunta
- Lei 8/1984, do 10 de xullo, de asunción de competencias en materia de obras hidráulicas
- Lei 9/1984, do 11 de xullo, de creación da compañía de RTVG
- Lei 10/1984, do 13 de xullo, de asignación de recursos fixados polo Real decreto-lei 3/1984, do 4 de abril, á Comunidade Autónoma de Galicia
- Lei 11/1984, do 11 de decembro, de dotación artística en edificios e construcións públicas da Comunidade Autónoma
- Lei 12/1984, do 28 de decembro, do Estatuto galego do consumidor

Ano 1985

- Lei 1/1985, do 10 de xaneiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para 1985
- Lei 2/1985, do 26 de febreiro, de ordenación da pesca marítima en augas da Comunidade Autónoma de Galicia
- Lei 3/1985, do 12 de abril, de patrimonio da Comunidade Autónoma

Lei 4/1985, do 17 de abril, de derogación da Lei 1/1984, do 20 de febreiro, do Fondo de Compensación Financeira

Lei 5/1985, do 11 de xuño, de sancións en materia pesqueira, marisqueira e de cultivos mariños

Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia

Lei 7/1985, do 17 de xullo, de caixas de aforros galegas

Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia

Lei 9/1985, do 30 de xullo, de protección das pedras ornamentais

Lei 10/1985, do 14 de agosto, de concentración parcelaria

Lei 11/1985, do 22 de agosto, de adaptación da do solo a Galicia

Lei 12/1985, do 3 de outubro, de crédito extraordinario para atender os gastos das eleccións ao Parlamento de Galicia

Lei 13/1985, do 2 de outubro, de sancións accesorias en materia de pesca, marisqueira e de cultivos mariños

Lei 14/1985, do 23 de outubro, reguladora dos xogos e apostas en Galicia

Lei 15/1985, do 23 de outubro, de ordenación marisqueira e de cultivos mariños

Ano 1986

Lei 1/1986, do 29 de outubro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para 1986

Lei 2/1986, do 10 de decembro, de prórroga do réxime de arrendamentos rústicos para Galicia

Lei 3/1986, do 18 de decembro, de consellos escolares de Galicia

Lei 4/1986, do 26 de decembro, de modificación da Lei 6/1985, do 24 de xullo, do Consello de Contas

Ano 1987

Lei 1/1987, do 30 de abril, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para 1987

Lei 2/1987, do 8 de maio, reguladora do Consello da Xuventude de Galicia

Lei 3/1987, do 27 de maio, de servizos sociais

Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da Escola Galega da Administración Pública

Lei 5/1987, do 27 de maio, do Consello Social da Universidade e do Consello Universitario de Galicia

Lei 6/1987, do 12 de xuño, do Plan especial de portos da Comunidade Autónoma de Galicia

Lei 7/1987, do 10 de novembro, sobre a compilación do dereito civil en Galicia

Lei 8/1987, do 25 de novembro, pola que se establece a gratuidade dos estudos de bacharelato, formación profesional e artes aplicadas e oficios artísticos nos centros públicos e a autonomía de xestión económica dos centros docentes públicos non universitarios

Ano 1988

- Lei 1/1988, do 19 de xaneiro, de iniciativa lexislativa popular ante o Parlamento de Galicia
- Lei 2/1988, do 5 de marzo, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma galega para o ano 1988
- Lei 3/1988, do 27 de abril, de creación do Instituto Galego da Vivenda e Solo
- Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia
- Lei 5/1988, do 21 de xuño, de uso do galego como lingua oficial de Galicia polas entidades locais
- Lei 6/1988, do 11 de xullo, pola que se fixa a retroacción de efectos da Lei 8/1987, do 25 de novembro, pola que se establece a gratuidade dos estudos de bacharelato
- Lei 7/1988, do 12 de xullo, de creación do Consello Galego de Relacións Laborais
- Lei 8/1988, do 18 de xullo, do Plan xeral de investigación científica e técnica de Galicia
- Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia
- Lei 10/1988, do 29 de xullo, de ordenación do comercio interior
- Lei 11/1988, do 20 de outubro, de reforma da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente
- Lei 12/1988, do 27 de decembro, de asignación de recursos para a cooperación local
- Lei 13/1988, do 30 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 1988

Ano 1989

- Lei 1/1989, do 2 de xaneiro, pola que crea o Servizo Galego de Saúde
- Lei 2/1989, do 9 de xaneiro, pola que se declararán de utilidade pública determinadas actuacións da Xunta de Galicia
- Lei 3/1989, do 20 de abril, de reforma da Lei do 11 de xuño, de sancións en materia pesqueira, marisqueira e de cultivos mariños
- Lei 4/1989, do 21 de abril, de creación do Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais
- Lei 5/1989, do 24 de abril, de medidas de erradicación do chabolismo no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia
- Lei 6/1989, do 10 de maio, de modificación da Lei 7/1985, do 17 de xullo, de caixas de aforros galegas
- Lei 7/1989, do 12 de xuño, sobre concesión de suplementos de crédito por importe de mil cincocentos seis millóns cento sesenta e unha mil oitocentas corenta e seis pesetas ao vixente orzamento de gastos da Comunidade Autónoma, destinados á adecuación das retribucións complementarias de determinados funcionarios docentes para atender as diferenzas derivadas da integración de certos colectivos de igual carácter
- Lei 8/1989, do 15 de xuño, sobre delimitación e coordinación das competencias das deputacións provinciais de Galicia
- Lei 9/1989, do 18 de xullo, pola que se asignan os créditos iniciais que serán xestionados polo Servizo Galego de Saúde

Lei 10/1989, do 10 de xullo, de modificación da Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da Escola Galega da Administración Pública

Lei 11/1989, do 20 de xullo, de ordenación do sistema universitario galego

Lei 12/1989, do 4 de outubro, de derogación da disposición transitoria da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente

Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común

Lei 14/1989, do 11 de outubro, de bibliotecas

Lei 15/1989, do 20 de outubro, de concesión dun crédito extraordinario para atender os gastos das eleccións ao Parlamento de Galicia

Lei 16/1989, do 21 de outubro, sobre concesión de suplementos de crédito por importe de 778.878.266 pesetas, ao orzamento de gastos da Comunidade Autónoma do ano 1989, para o aboamento dunha paga, non consolidable para exercicios futuros, que compense o persoal da Xunta de Galicia da perda de poder adquisitivo experimentada en 1988

Lei 17/1989, do 23 de outubro, de creación de escalas do persoal sanitario ao servizo da Comunidade Autónoma

Ano 1990

Lei 1/1990, do 27 de abril, sobre concesión dunha paga extraordinaria ao persoal ao servizo da Xunta de Galicia

Lei 2/1990, do 21 de xuño, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma galega para 1990

Ano 1991

Lei 1/1991, do 15 de xaneiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 1991

Lei 2/1991, do 14 de xaneiro, de modificación da Lei 4/1989, do 21 de abril, pola que se crea o Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais

Lei 3/1991, do 14 de xaneiro, de creación do Servicio Galego de Promoción da Igualdade do Home e a Muller

Lei 4/1991, do 8 de marzo, de reforma da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia

Lei 5/1991, do 4 de abril, sobre concesión dunha paga ao persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma, modificación do incremento retributivo previsto na Lei 1/1991, do 15 de xaneiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 1991, e sobre concesión dun crédito extraordinario por importe de mil novecentos oitenta millóns de pesetas ao vixente orzamento de gastos, para facer efectivas as devanditas medidas

Lei 6/1991, do 15 de maio, de infraccións en materia de protección de recursos marítimo-pesqueiros

Lei 7/1991, do 19 de xuño, de tributación sobre o xogo

Lei 8/1991, do 23 de xullo, de reforma da Lei 1/1989, do 2 de xaneiro, do Servicio Galego de Saúde

Lei 9/1991, do 2 de outubro, galega de medidas básicas para a inserción social

Lei 10/1991, do 17 de outubro, sobre a concesión dun suplemento de crédito para a ampliación dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia por importe de dezanove mil seiscientos vinte millóns de pesetas para atender o cumprimento das obrigas dos servizos transferidos do Insalud sobre a autorización ao Instituto Galego da Vivenda e Solo para subscribir convenios con entidades financeiras para o financiamento de vivendas de promoción oficial de protección pública, ata un total de dous mil cincocentos millóns de pesetas

Lei 11/1991, do 8 de novembro, de reforma da Lei 7/1983, do 22 de xuño, de réxime das fundacións de interese galego

Lei 12/1991, do 14 de novembro, de traballos de dotación artística nas obras públicas e nos camiños de Santiago da Comunidade Autónoma de Galicia

Lei 13/1991, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia

Lei 14/1991, do 17 de decembro, de modificación do artigo 4, punto d), parágrafo dous, da Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma galega para 1991

Lei 15/1991, do 28 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 1992

SEGUNDA PARTE A EVOLUCIÓN DO PROCESO AUTONÓMICO GALEGO

CAPÍTULO III

ANO 1989

1. A actividade normativa da Comunidade Autónoma

Durante o ano 1989 prodúcese en Galicia un aumento substantivo da actividade lexislativa do Parlamento autonómico, aumento que se concreta no feito de que durante os dous períodos de sesións abranguidos nese ano se aproben un total de 17 leis. Tal incremento acompaña o cambio de Goberno producido tras a aprobación da moción de censura contra o Executivo de Gerardo Fernández Albor e a constitución da nova Xunta tripartita xurdido da referida moción. Así, mentres que nos anos 1986 e 1987 se aproban un total de 12 leis (4 en 1986 e 8 en 1987), no bienio de Goberno de coalición o número aumentou ata un total de 30 (13 en 1988 e 17 en 1989). O conxunto da «actividade normativa» (lexislativa e regulamentaria) desenvolvida durante o ano 1989 podería, desde o noso punto de vista, agruparse en dous grandes bloques:

- 1) Dun lado as que poderían denominarse, nun sentido amplo, *normas de tipo organizativo*, destinadas a acomodar a estrutura do poder executivo autonómico aos criterios político-organizativos do novo Goberno tripartito ou a dotar a Administración autonómica de estruturas organizativas permanentes e coherentes co abano competencial da Comunidade Autónoma de Galicia:
 - a) Dentro do primeiro grupo deben incluírse os respectivos decretos polos que se establece a estrutura orgánica dalgunhas das consellarías da Xunta de Galicia.
 - b) Dentro do segundo, as normas de distinto rango (lei ou decreto) polas que se procede á creación de toda unha serie de estruturas organizativas destinadas ao desenvolvemento de actividades competencia da Comunidade Autónoma: creación do Servicio Galego de Saúde (Lei 1/1989, do 2 de xaneiro), da Comisión da Gran Área de Expansión Industrial de Galicia (Decreto 350/1988, do 29 de decembro), do Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (Lei 4/1989, do 21 de abril), do Consello Galego de Turismo (Decreto 90/1989, do 11 de maio), do Centro Galego de Artes da Imaxe (Decreto 210/1989, do 5 de outubro) ou, finalmente, do Consello Galego de Control dos Rendementos Produtivos do Gando (Decreto 270/1989, do 29 de novembro).

- 2) Doutro lado, as normas de contido esencialmente material, destinadas á cobertura de ámbitos competenciais materiais propios da Comunidade. Regúlanse así, e tamén a través de instrumentos normativos de distinto rango formal (lei, decreto, orde das consellarías), toda unha serie de materias, entre as que poderían destacarse as seguintes:
- a) *Marisqueo*: Orde do 6 de febreiro de 1989 pola que se regula o procedemento de retirada de bateas clandestinas; Lei 3/1989, do 20 de abril, de reforma da Lei 5/1985, do 11 de xuño, de sancións en materia pesqueira, marisqueira e de cultivos mariños.
 - b) *Vivenda*: Decreto 41/1989, do 9 de marzo, sobre subvencións a fondo perdido para rehabilitación de vivendas familiares no medio rural de Galicia; Lei 5/1989, do 24 de abril, de medidas para a erradicación do chabolismo no ámbito da CAG; Decreto 240/1989, do 19 de outubro, sobre habitabilidade das vivendas; Decreto 242/1989, do 2 de novembro, de medidas urxentes para a ordenación urbanística de Galicia.
 - c) *Patrimonio* da Comunidade: Decreto 5 0/1989, do 9 de marzo, polo que se aproba o Regulamento para a execución da Lei 3/1985, do 12 de abril, de patrimonio da CAG.
 - d) *Sanidade*: Decreto 53/1989, do 9 de marzo, polo que se aproba o Regulamento sanitario de piscinas de uso colectivo.
 - e) *Cultura*: Decreto 62/1989, do 31 de marzo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na CAG; Lei 14/1989, do 11 de outubro, de bibliotecas.
 - f) *Caixas de aforros*: Lei 6/1989, do 10 de maio, de modificación da Lei 7/1985, do 17 de xullo, de caixas de aforros galegas.
 - g) *Servizos sociais*: Decreto 131/1989, do 23 de xuño, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios; Orde do 31 de agosto de 1989 pola que crean os rexistros de solicitudes de acollemento familiar e adopción.
 - h) *Transporte*: Decreto 155/1989, do 22 de xuño, polo que se aproba o Regulamento das axencias de viaxes de Galicia.
 - i) *Comercio*: Decreto 207/1989, do 5 de outubro, polo que se regula o procedemento para solicitar a ampliación de horarios comerciais; Decreto 208/1989, do 5 de outubro, polo que se regula o procedemento para a autorización anual de apertura de establecementos comerciais ata tres domingos ou festivos.
 - l) *Montes*: Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.
 - m) *Universidades*: Lei 11/1989, do 20 de xullo, de ordenación do Sistema Universitario de Galicia.

2. Os conflitos con outras instancias

Trátase de poñer de relevo, neste apartado, o ao noso xuízo baixo nivel de conflitos de competencias entre o Estado e a Comunidade Autónoma de Galicia. En efecto, ao longo do ano 1989 formuláronse tan só dous deses conflitos; en primeiro lugar, o xurdido como consecuencia da interposición, por parte de 50 senadores do Partido Popular, do Recurso de inconstitucionalidade 1980/89, do 26 de setembro, contra a totalidade da Lei do Parlamento de Galicia 8/1989, do 15 de xuño, de delimitación e coordinación das competencias das deputacións provinciais de Galicia; ademais, en segundo lugar, o xurdido como consecuencia da interposición por parte da Xunta de Galicia dun recurso de inconstitucionalidade contra determinados artigos da Lei 4/1989, do 27 de marzo, de conservación dos espazos naturais e da flora e fauna silvestres. A eles debe engadirse, a pesar de ser interposto no ano 1990, o Recurso de inconstitucionalidade 175/1990, promovido polo presidente do Goberno

contra o artigo 10, e a disposición adicional terceira da Lei do Parlamento de Galicia 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

3. Trazos fundamentais da vida política e institucional galega

Tres temas merecen ser destacados dunha forma especial pola súa importancia substantiva no desenvolvemento da vida político-institucional da Comunidade galega.

En primeiro lugar, a problemática da delimitación e coordinación de competencias entre a Administración autonómica e as deputacións provinciais. Tal problemática, certamente xeral no conxunto do Estado, fórmase en Galicia con perfís específicos como consecuencia, entre outras razóns, dun motivo político que non debe descoñecerse: referímonos á estrutura fortemente provincializada dos partidos políticos galegos e á existencia, máis en xeral, de fortes *baronías* políticas locais.

Así as cousas, en cumprimento do previsto na disposición adicional terceira do Estatuto de autonomía, segundo a cal a Xunta coordinará as actividades das deputacións provinciais de Galicia en canto afecte ao interese xeral da Comunidade Autónoma, e de acordo cos principios xerais contidos na materia na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o Parlamento de Galicia procedeu á aprobación da Lei 8/1989, do 15 de xuño, de delimitación e coordinación das competencias das deputacións provinciais de Galicia (DOG n.º 128, do 5 de xullo de 1989). Tal norma, destinada a delimitar as competencias das deputacións provinciais e da Comunidade Autónoma no marco da lexislación básica estatal sobre réxime local, persegue as finalidades esenciais de contribuír á homoxeneización da actuación administrativa das administracións provincial e autonómica, a consolidar maiores niveis de eficacia no tratamento dos grandes temas e problemas reais do país e a eliminar as disfuncións apreciables sobre todo no campo dos investimentos públicos.

Dado que non podemos referirnos aquí pormenorizadamente aos contidos da lei, nin estudar os problemas xerados por esta, limitarémonos a apuntar a, ao noso xuízo, escasa eficacia práctica da lei e a sinalar, entre outros, dous motivos que cremos que puideron contribuír a esa escasa eficacia: dun lado, non se deu cumprimento ao previsto no seu artigo 6.º («Sen prexuízo da autonomía das deputacións provinciais para o exercicio das súas funcións propias, e dentro dos límites e das condicións establecidas polo Estatuto de autonomía de Galicia e pola Lei 7/1985, do 2 de abril, a Xunta de Galicia fixará, despois de consultar coas deputacións provinciais, as directrices que presidan a coordinación de competencias en cada sector da acción pública, en cuestións de interese xeral para a Comunidade Autónoma de Galicia»), no sentido de que non se procedeu a fixar, en cada sector da acción pública, as correspondentes directrices de coordinación competencial; doutro lado, tampouco se deu cumprimento ao previsto no artigo 16 do mesmo texto legal («A Comisión Galega de Cooperación Provincial é o órgano permanente de coordinación e colaboración, así como de deliberación e acordo, entre a Administración autonómica e as deputacións provinciais de Galicia»), pois a estas alturas aínda non se procedeu á constitución da mencionada comisión. E iso, por máis que a disposición transitoria segunda da lei dispuxese tal constitución no prazo de dous meses contados desde a entrada en vigor desta. Finalmente, a mellor demostración do carácter problemático desta cuestión reside no feito de que tal norma fora a única que deu lugar, durante o ano 1989, a unha impugnación por parte do Estado, impugnación que se concretou na presentación dun recurso de inconstitucionalidade contra a totalidade da lei por unha agrupación de 50 senadores do Partido Popular.

En segundo lugar, e nunha esfera político-institucional ben distinta, cremos que debe destacarse así mesmo a problemática de relacións entre o Parlamento e a Xunta de Galicia, problemática que atopou un privilexiado espazo de manifestación no referente á eventual concesión ou non ao presidente de

Xunta da facultade de disolución anticipada do Parlamento de Galicia. Tal facultade non foi contemplada na Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente. Posteriormente, a Lei 11/1988, do 20 de outubro, de reforma da Lei 1/1983, outorgou tal facultade disolutoria ao presidente da Xunta, pero incorporou, no seu artigo 12, unha disposición transitoria terceira á Lei 1/1983, en cuxa virtude tal facultade só podería exercitarse en futuras lexislaturas. Finalmente, a Lei 12/1989, do 4 de outubro, procedeu, no seu artigo único, a derogar a citada transitoria da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, que fora incorporada a esta polo artigo 12 da Lei 11/1988, do 20 de outubro.

Todo este azaroso proceso de reforma lexislativa pon de relevo, ao noso xuízo, e á marxe de claves políticas só comprensibles a partir da particular realidade do subsistema galego de partidos, a pouco discutible conveniencia de que as relacións entre o poder lexislativo e o poder executivo nas comunidades autónomas funcionen segundo os principios básicos do réxime parlamentario, principios entre os cales a facultade disolutoria do titular do Executivo acabou constituíndose nunha verdadeira clave de arco. Somos conscientes dos nada desprezables problemas que a xeneralización de tal facultade disolutoria podería provocar, entre outros e dunha forma moi especial a proliferación de consultas electorais autonómicas e a ruptura de calquera intento de sincronización dos calendarios electorais. Pero, malia iso, exemplos como o de Galicia, durante a segunda lexislatura autonómica, ou o que actualmente subministra a Comunidade Autónoma de Madrid, fannos pensar que a ausencia de facultade disolutoria pode conducir a un bloqueo da vida institucional autonómica que, en si mesmo, pode ser fonte de problemas tan ou máis graves que os que eventualmente poderían derivarse da antes apuntada ruptura da sincronía dos calendarios electorais.

O noso último apuntamento neste ámbito fai referencia ás prácticas de relevancia internacional da Comunidade Autónoma de Galicia. A este respecto, debemos recordar que o Tribunal Constitucional fallou, con data do 20 de xullo de 1989, no Conflito positivo de competencia número 156/85, promovido polo Goberno, en relación co denominado «Comunicado de colaboración» subscrito o 2 de novembro de 1984 entre o Conselleiro de Ordenación do Territorio e Medio Ambiente da Xunta de Galicia e a Dirección Xeral do Medio Ambiente do Goberno do Reino de Dinamarca, no sentido de decidir que a titularidade da competencia controvertida correspondía ao Estado e declarar a nulidade do acordo de colaboración mencionado. Á vista diso non debe resultar estraño que durante o período do ano 1989 a Xunta de Galicia limitase as actividades que poderían denominarse de «cooperación internacional» á sinatura de determinados convenios con institucións non gobernamentais –por exemplo universidades–, coa finalidade de promover ou defender a cultura ou a lingua de Galicia ou de establecer vínculos de relación estables con comunidades galegas no estranxeiro.

CAPÍTULO IV

ANO 1990

1. Introducción

Este capítulo, relativo á valoración da actividade da Comunidade Autónoma de Galicia durante o ano 1990, articularase a partir do estudo dun triplio obxecto: dun lado, e en primeiro lugar, resumiranse os principais trazos da actividade normativa desenvolvida pola Comunidade Autónoma durante o período citado; despois, en segundo lugar, estudaranse as actividades de colaboración da Comunidade Autónoma e a conflitividade competencial xurdida con outras instancias. Remataremos facendo unha referencia aos aspectos institucionais fundamentais que ao longo do ano 1990 determinaron o desenvolvemento da vida política e parlamentaria galega.

2. O exercicio das competencias lexislativas

Polo que se refire á produción lexislativa, o dato máis destacable é, sen lugar a dúbidas, o da moi notable diminución desta en relación coa da II lexislatura (1985-1989) e, de forma especial, coa produción lexislativa da segunda parte daquela, a do Goberno de coalición do socialista Fernando González Laxe, xurdido da moción de censura de setembro de 1987 contra a Xunta presidida por Gerardo Fernández Albor. Aínda que tal diminución vai supoñer a quebra dunha tendencia ao crecemento no número de leis aprobadas polo Parlamento de Galicia ininterrompida desde 1986, ese dato debe ser abordado con cautela, toda vez que o ano 1990 foi ano postelectoral, circunstancia esta que ata a data se traduciu sempre nunha diminución moi significativa do rendemento lexislativo do Parlamento de Galicia (en 1982 apróbanse tan só 2 leis e 4 en 1986).

Así as cousas, fronte ás 12 leis do primeiro bienio da II lexislatura (4 en 1986 e 8 en 1987) e, sobre todo, fronte ás 30 do segundo bienio (13 en 1988 e 17 en 1989), durante o ano 1990 publícanse no *Diario Oficial de Galicia* tan só dúas leis, de contido orzamentario: a 1/1990, do 27 de abril, sobre concesión dunha paga extraordinaria ao persoal ao servizo da Xunta de Galicia e a 2/1990, do 21 de xuño, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma galega para o ano 1990. En todo caso, e para os efectos de completar esta información sobre a produción lexislativa durante 1990, debemos aclarar

que, aínda que non publicadas nese ano, o Parlamento aproba durante 1990 outras dúas leis: a de modificación da Lei 4/1989, do 21 de abril, de creación do Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (DOG do 25 de xaneiro de 1991) e a Lei de creación do Servicio Galego de Promoción da Igualdade do Home e a Muller (DOG do 28 de xaneiro de 1991).

3. A actividade regulamentaria

A análise da actividade regulamentaria da Xunta de Galicia exige o tratamento de toda unha serie de cuestións esenciais:

Sectores de intervención

Desde a perspectiva da ordenación sectorial da actividade do Goberno galego, poderíanse destacar basicamente ata un total de trece sectores de intervención, que demostran, na súa variedade, dun lado, o amplo abano competencial en que incidiu o labor regulamentario da Xunta de Galicia e, doutro, a nada desprezable continuidade material daquela en relación coa desenvolvida polo Goberno o ano precedente, o que viría demostrar a progresiva decantación de toda unha serie de ámbitos materiais de intervención prioritarios (educación, cultura, sanidade, vivenda e urbanismo, servizos sociais). Eses sectores foron en 1990 os seguintes:

- a) Finanzas e orzamentos: decretos 144 e 534.
- b) Educación: decretos 3 e 505.
- c) Cultura: decretos 307, 308, 316 e 466.
- d) Traballo: decretos 216 e 349.
- e) Lingua: decretos 221 e 253.
- f) Xogo: decretos 247 e 523.
- g) Sanidade: decretos 273, 350 e 462.
- h) Desenvolvemento local: Decreto 373.
- i) Vivenda: decretos 390, 438, 441 e 532.
- l) Asistencia social: Decreto 437.
- m) Medio ambiente: Decreto 442.
- n) Urbanismo: Decreto 450.
- ñ) Medios de comunicación: Decreto 480.

Referirémonos brevemente a continuación a aqueles aspectos da actividade regulamentaria autonómica que cremos que presentan unha especial significación. En tal sentido deben destacarse, ao noso xuízo, catro ámbitos fundamentais:

- a) No *educativo universitario* apróbanse os decretos de segregación de centros e servizos da Universidade de Santiago e da súa integración nas novas universidades da Coruña e Vigo, e de creación de centros e implantación de estudos para a obtención de titulacións nas universidades galegas, normas instrumentais que veñen culminar o proceso de reordenación do sistema universitario galego comezado coa Lei 11/1989, cuxo artigo 3.1 procedera á creación das novas universidades da Coruña e Vigo, introducindo deste xeito un cambio histórico no sistema universitario galego vivente ata a data.

- b) No *lingüístico*, xunto a un decreto organizativo polo que se crea a Comisión Coordinadora para a Normalización Lingüística, coa que pretenden coordinarse os esforzos dos distintos órganos da Administración dirixidos a tal fin, apróbase outro que levantará unha importante polémica social entre defensores e detractores deste, polémica expresiva da existencia de diferentes concepcións sobre os contidos da política de normalización: o decreto relativo á exención da materia de lingua galega no ensino básico e medio, norma coa que se pretenderá dar cumprimento a un principio establecido no seu día polo decreto de desenvolvemento da Lei de normalización lingüística: o de que en determinadas circunstancias os alumnos poderían ter dereito a que se lles concedese exención en materia de lingua galega.
- c) No do *desenvolvemento local* apróbase un decreto de innegable importancia nunha Comunidade Autónoma que, como a galega, presente moi substanciais desequilibrios territoriais de todo tipo (económicos, sociais, culturais, etc.). Referímonos ao Decreto polo que se crea o Fondo de Cooperación Local, como dotación financeira para contribuír a corrixir os desequilibrios interrexionais de Galicia. A norma regulamentaria determina as finalidades do Fondo e os programas en que se estrutura, crea a Comisión Galega de Cooperación Local (detallando a súa organización, estrutura e funcións) e regula de forma pormenorizada o contido dos tres programas en que o Fondo se estrutura.
- d) Por último, no ámbito *urbanístico* apróbase unha norma igualmente polémica, o Decreto de derogación do de medidas urxentes para a ordenación urbanística de Galicia. Con este último, o 242/1989, o Goberno de maioría socialista xurdido da moción de censura procedera, ante o escaso número de municipios (32 dun total de 313) que dispoñían de plan urbanístico axustado ás disposicións da Lei 11/1985, de adaptación da do solo a Galicia, a ditar diversas medidas urxentes para a ordenación urbanística de Galicia, medidas que o novo Goberno popular entenderá maximalistas, homoxeneizadoras dunha realidade urbanística plural e fonte de xeneralizada confusión. Ademais de todo iso, a xuízo do novo Goberno popular, determinados preceptos do decreto carecerían da necesaria base legal, ao introducir modificacións substanciais na natureza e alcance das normas complementarias e subsidiarias de planeamento de ámbito provincial, sen habilitación legal suficiente. Razóns todas polas que se procede a derogar tal norma regulamentaria.

Normas subvencionais

Ademais dos sectores de intervención referidos ata aquí, deben destacarse outros (pesca, marisqueo e acuicultura; servizos sociais e fomento do emprego; pequena e mediana empresa; gandería e construción naval), nos que se ditaron diferentes normas de contido subvencional. Entre elas, e deixando ao lado un gran número de ordes de diversas consellarías de menor significación xeral, poden destacarse os decretos que establecen medidas para a modernización e renovación da frota pesqueira, axudas para a modernización de empresas do sector pesqueiro e marisqueiro, axudas en materia de servizos sociais, axudas en materia de emprego, integración laboral de minusválidos e mellora na seguridade e hixiene no traballo, apoio financeiro á pequena e mediana empresa e aos concellos galegos, axudas en materia gandeira, e premios de estímulo á construción e transformación naval. Aínda que a maior parte destas normas subvencionais (normas que indican, na súa abundancia, unha prioridade por parte da Administración autonómica galega cara á actividade de fomento) se dirixen ao sector privado, existen varios supostos en que os destinatarios das axudas e subvencións reguladas son as corporacións locais: así, e dos anteriormente citados, os decretos relativos a servizos sociais, emprego, integración laboral de minusválidos e melloras na seguridade e hixiene no traballo, e apoio financeiro á pequena e mediana empresa e aos concellos, que inclúen, no ámbito de eventuais beneficiarios, os concellos de Galicia.

Normas de aplicación e desenvolvemento de normativa comunitaria

Debe destacarse igualmente, en relación coa actividade regulamentaria da Xunta de Galicia, a relativa importancia das normas ditadas pola Administración autonómica en desenvolvemento ou aplicación da normativa comunitaria. Así, poden ser incluídos dentro deste ámbito tres decretos de contido subvencional: o 235, que establece medidas para a modernización e renovación da frota pesqueira (Regulamento CEE 4028/1986, do Consello, do 18 de decembro); 239, que establece axudas para a modernización de empresas do sector pesqueiro e marisqueiro (regulamentos CEE 355/1977 e 4042/1989); e 260, que establece axudas en materia de emprego, integración laboral de minusválidos e mellora na seguridade e hixiene no traballo (convenios 148 e 155 da OIT e orientacións da CEE); un decreto de natureza organizativa, o 261, que crea o Comité Galego Científico e Técnico da Pesca, o Marisqueo e a Acuicultura (Regulamento CEE 170/1983); e dous máis que establecen normativa en materia sanitaria e ambiental: o 273, que regula a publicidade sanitaria na Comunidade galega (directivas CEE 88/552 e 89/622), e o 442, de avaliación do impacto ambiental para Galicia (Directiva 85/337, do 27 de xuño, da CEE).

Normas organizativas

O conxunto de normas regulamentarias de contido organizativo aprobadas, durante o período de análise, pola Xunta de Galicia poden ser agrupadas, para os efectos dunha mellor sistemática, en tres grandes apartados:

- a) Normativa relativa á organización do Goberno e a Administración autonómicas. Como consecuencia do cambio de goberno, derivado da vitoria electoral popular nos comicios autonómicos do 17 de decembro de 1989, vai producirse a aprobación de toda unha serie de decretos destinados a introducir modificacións na estrutura organizativa da Xunta de Galicia e da Administración autonómica. Os de maior transcendencia son os decretos 12/1990, que establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, e 15/1990, que fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia. En tal sentido debemos destacar que o máis significativo dos cambios na estrutura do Goberno, respecto da vixente con anterioridade, vén representado pola creación dunha nova Consellería de Relacións Institucionais e Portavoz do Goberno (Decreto 210/1990, polo que se establece a estrutura orgánica da consellaría [DOG do 21-03-1990]). Ademais diso, o Goberno dita unha serie de normas que fixan a estrutura orgánica das consellarías da Xunta de Galicia, normas que introducen diversos cambios nestas e que mesmo nalgún caso dan lugar á modificación do nome da consellaría, decretos que resumimos a continuación, apuntando a súa correspondente data de publicación no *Diario Oficial de Galicia*: 181, para a Consellería de Traballo e Servicios Sociais (antes, de Traballo e Benestar Social [DOG do 07-03-1990]); 183, para a de Cultura e Xuventude (antes, de Cultura e Deportes [DOG do 08-03-1990]); 203, para a de Sanidade (DOG do 15-03-1990); 205, para a de Agricultura, Gandería e Política Forestal (antes, de Agricultura [DOG do 20-03-1990]); 206, para a de Pesca, Marisqueo e Acuicultura (antes, de Pesca [DOG do 10-03-1990]); 209, para a de Industria e Comercio (antes, de Industria, Comercio e Turismo [DOG do 21-03-1990]); 214, para a de Ordenación do Territorio e Obras Públicas (DOG do 23-01-1990); 286, para a de Presidencia e Administración Pública (DOG do 21-05-1990); e, finalmente, 317, para a de Educación e Ordenación Universitaria (DOG do 19-06-1990). Este conxunto normativo complétase co Decreto 388, que desenvolve a estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes directamente do presidente da Xunta de Galicia (DOG do 18-06-1990).

b) Un tratamento conxunto e homoxéneo merecen, ao noso xuízo, tres decretos do Goberno galego dirixidos a favorecer a apertura e futura consolidación dun proceso de desconcentración de funcións nos órganos periféricos da Xunta de Galicia e, segundo declaración expresa do propio Executivo contida na parte expositiva de tales normas, a mellorar tanto a eficacia no funcionamento da Administración autonómica como a conseguir unha maior utilización dos medios materiais e persoais das delegacións provinciais ou territoriais das consellarías, que virían funcionando ata entón, segundo o novo Goberno popular, como meros órganos de tramitación. Referímonos aos decretos 87 e 88/1990, do 15 de febreiro, e ao 244/1990, do 18 de abril. O Decreto 87/1990 procede a desconcentrar competencias en materia de contratación administrativa nos delegados provinciais das consellarías da Xunta de Galicia. Segundo el, os delegados provinciais e territoriais das consellarías quedan constituídos en órganos de contratación da Comunidade Autónoma nas materias propias da súa competencia e dentro dos créditos orzamentarios que se lles asignen. O Decreto 88/1990 procede, pola súa banda, a deconcentrar competencias para a concesión de axudas e subvencións nos mesmos delegados provinciais ou territoriais da Xunta.

Aínda que as medidas desconcentradoras se articulan nas dúas disposicións que acabamos de referir, neste mesmo contexto debe situarse, ao noso xuízo, o Decreto 244/1990, polo que se modifica o 5/1987, do 14 de xaneiro, de organización da Administración periférica da Xunta de Galicia e regulación das competencias dos órganos territoriais. E iso porque a súa finalidade non é outra que a de ampliar o abano de posibilidades de acceso ao cargo de delegado provincial ou territorial dunha consellaría, tal e como este quedara definido con anterioridade, dotando o titular do órgano competente para o nomeamento de delegados dunha marxe de manobra superior como consecuencia da redución das limitacións administrativas preexistentes. O Decreto 244/1990 modifica o punto 3 do artigo 3 do 5/1987 (segundo o cal «os delegados provinciais serán nomeados entre funcionarios de carreira pertencentes a corpos ou escalas para os que se exixa o nivel de titulación superior»), que, na súa nova redacción, establece que para ser delegado provincial ou territorial se exixirá algún dos dous seguintes requisitos: a) ser funcionario de carreira de calquera das administracións públicas pertencentes a corpos ou escalas de funcionarios integrados nos grupos A ou B previstos no artigo 19 da Lei 4/1988, do 26 de maio, de función pública de Galicia; ou b) estar en posesión de título universitario.

c) O terceiro grupo de normas organizativas antes referidas fórmano diversos decretos do Goberno cuxo común fío condutor non é outro que o de proceder á creación de órganos e instancias administrativas, ben de natureza asesora e consultiva (decretos 261, que crea o Comité Galego Científico e Técnico da Pesca, o Marisqueo e a Acuicultura; e 348, que crea o Consello Galego de Ensinanzas Técnico-Profesionais), ben encargadas de labores de proposta a outros órganos da Administración autonómica (decretos 186, que crea a Comisión de Racionalización Administrativa e de Revisión da Normativa Legal; 213, que crea a Comisión para Asuntos Relacionados coa Comunidade Europea; e 293, que crea a Comisión Coordinadora para a Presenza da Xunta de Galicia en Certames Feirais), ou, finalmente, de labores de coordinación interadministrativa (Decreto 447, que crea a Comisión Interdepartamental de Prevención e Integración de Minusválidos).

4. Colaboración e conflitos con outras instancias

1) A cooperación con outras comunidades autónomas foi inexistente ao longo de 1990, sen que en tal período se formalizara ningún convenio neste sentido. Polo que se refire aos convenios co Estado, subscribíronse durante 1990 un total de dez, cuxo contido e data

detallamos a continuación: Convenio de cooperación entre o Consello Superior de Deportes e a CAG para o fomento do asociacionismo deportivo escolar e xuvenil, suscrito o 16-10-1990 (BOE 13-12-1990). Convenio de colaboración entre o Ministerio de Xustiza e a CAG en materia penitenciaria, suscrito o 01-12-1989 (BOE 27-01-1990; DOG 28-06-1990). Convenio de colaboración entre o Ministerio de Xustiza, o Consello Xeral do Poder Xudicial e a CAG para a informatización dos órganos xudiciais na devandita Comunidade Autónoma, suscrito o 25-09-1990 (BOE 17-11-1990; DOG 23-11-1990). Convenio de colaboración entre a Intervención Xeral da Administración do Estado e a CAG para a informatización da área económica da Consellería de Economía e Facenda, suscrito o 10-07-1989 (BOE 03-04-1990). Convenio de cooperación entre o MOPU e a CAG sobre actuacións protexibles en materia de vivenda a que se refire o Real decreto 1494/1987, do 4 de decembro; suscrito o 14-03-1990 (BOE 10-07-1990). Convenio de colaboración entre o MEC e a CAG sobre educación compensatoria, suscrito o 01-10-1990 (BOE 26-11-1990). Convenio de colaboración entre o MEC e a CAG sobre o programa de escolas viaxeiras, suscrito o 20-02-1990 (BOE 03-04-1990). Convenio de colaboración entre o Ministerio de Sanidade e Consumo e a CAG en materia de fármaco-vixilancia, suscrito o 26-03-1990 (BOE 13-06-1990; DOG 14-06-1990). Convenio entre o INEM e a CAG para a realización de obras e servizos de interese social, suscrito o 17-07-1990 (BOE 20-09-1990). E, finalmente, Convenio entre o Ministerio de Asuntos Sociais e a CAG para situacións de necesidade, suscrito o 10-09-1990 (BOE 21-11-1990).

- 2) Durante o ano 1990 tan só se formulou un conflito entre a Comunidade galega e o Estado: trátase do recurso de inconstitucionalidade interposto pola Xunta de Galicia, con data 25 de setembro de 1990, contra a Lei de orzamentos xerais do Estado para 1990 en materia de supresión de cámaras de propiedade urbanas como corporacións de dereito público. Polo que se refire ás sentenzas ditadas polo Tribunal Constitucional en relación con recursos previamente formulados relativos á distribución de competencias, enumerámolas sucintamente a continuación, seguindo a orde cronolóxica de formulación dos correspondentes conflitos: Recurso de inconstitucionalidade 276/1985, interposto pola Xunta de Galicia, con data 29-03-1985, contra a Lei 50/1984, do 30 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1985 (STC do 24-05-1990). Recurso de inconstitucionalidade 864/1985, interposto pola Xunta de Galicia, con data 27-09-1985, contra a Lei orgánica 6/85, do 1 de xullo, do Poder Xudicial (STC do 29-03-1990). Recurso de inconstitucionalidade 103/1985, interposto polo Goberno central, con data 16-12-1985, contra a Lei 9/1985, do 30 de xullo, de protección de pedras ornamentais (STC do 20-12-1990). Conflito positivo de competencia 62/1985, formulado polo Goberno con data 21-02-1985, en materia de medidas de fomento da construción no sector naval de Galicia (STC do 15-10-1990). Conflito positivo de competencia 125/1985, formulado polo Goberno central, con data 28-03-1985, en materia de medidas de fomento e promoción de empresas (STC do 06-04-1990). Conflito positivo de competencia 230/1985, formulado pola Xunta de Galicia, con data 15-03-1985, en materia de asistencia sanitaria especializada na Seguridade Social (STC do 18-10-1990). Conflito positivo de competencia 408/1985, formulado pola Xunta de Galicia, con data 07-05-1985, en materia de omisión de traspasos de medios e servizos sobre cámaras agrarias (STC do 15-11-1990). Conflito positivo de competencia 423/1985, formulado pola Xunta de Galicia, con data 08-05-1985, en materia de traspaso de funcións de investigación oceanográfica (STC do 15-11-1990). Conflito positivo de competencia 630/1985, formulado pola Xunta de Galicia, con data 25-06-1985, en materia de transferencia de créditos nos orzamentos xerais do Estado para 1985 (STC do 16-11-1990). Conflito positivo de competencia 629/1985, formulado pola Xunta de Galicia, con data 25-06-1985, en materia de nomeamento do secre-

tario da Cámara Agraria da Coruña (STC do 20-12-1990). Conflito positivo de competencia 1082/1985, formulado pola Xunta de Galicia, con data 27-11-1985, en materia de coordinación de inspección de control de estupefacientes (STC do 28-03-1990). Conflito positivo de competencia 781/1985, formulado polo Goberno central, con data 26-09-1985, en materia de ratificación da designación do secretario da Cámara Agraria da Coruña (STC do 20-12-1990). Conflito positivo de competencia 712/1985, formulado polo Goberno central, en materia de normas para prover prazas por ingreso directo no corpo de profesores de educación xeral básica (STC do 22-05-1990). Conflito positivo de competencia 717/1986, formulado pola Xunta de Galicia, con data 26-06-1986, en materia de traspaso de funcións e servizos dos paradores nacionais de turismo (STC do 29-11-1990). Conflito positivo de competencia 1052/1986, formulado pola Xunta de Galicia, con data 02-10-1986, en materia de traspaso de funcións, servizos e medios humanos e técnicos do Insalud (STC do 13-12-1990). Conflito positivo de competencia 1410/1986, formulado pola Xunta de Galicia, con data 19-12-1986, en materia de postos de libre designación de secretarios de cámaras provinciais (STC do 20-12-1990).

5. Trazos fundamentais da vida política e institucional galega

Parece dificilmente discutible que un dos trazos máis destacables do desenvolvemento da vida político-institucional galega durante o ano 1990, sobre todo en comparación cos que viñeran caracterizando no pasado a política autonómica, foi o da estabilidade governamental. Fronte ao mapa parlamentario da I e II lexislaturas (1981-1985 e 1985-1989), nas que ningunha forza política logra a maioría absoluta e nas que as opcións gobernantes en maioría relativa sofren procesos paralelos de escisión interna e de perda progresiva de apoios parlamentarios, coas conseguíntes crises políticas e inestabilidade governamental que todo iso indefectiblemente xera, tras as eleccións autonómicas de decembro de 1989 a opción dirixida por Manuel Fraga álzase coa maioría absoluta no Parlamento, maioría que debería sostener un goberno sólido e dotado dun claro liderado. Non obstante, tanto a maioría absoluta popular como a homoxeneidade do goberno xurdido desta deben ser matizadas á vista do dato de que catro dos deputados elixidos nas listas populares, os catro pola circunscrición electoral ourensá, pertencen ao partido Centristas de Galicia –un deles, o líder do partido, elixido, á súa vez, presidente da Cámara galega–, no que milita tamén un dos conselleiros da Xunta (o de Cultura), co que o Goberno é, propiamente falando, un goberno de coalición apoiado por dúas forzas políticas con representación parlamentaria. E é xustamente neste ámbito, nerval desde o punto de vista do mantemento da estabilidade governamental, con todo o que tal mantemento significa, onde se produciron ao longo de 1990 determinados acontecementos que poderían acabar tendo unha nada desprezable influencia no desenvolvemento da vida política e institucional da Comunidade Autónoma de Galicia.

O partido Centristas de Galicia, unha forza política provincial xurdida en 1985 como escisión do grupo nacionalista de centro Coalición Galega –partido que, ademais da presenza parlamentaria autonómica xa referida, conta cun deputado e un senador nacionais, a Presidencia da Deputación Provincial ourensá e unha cincuentena de alcaldes na citada provincia–, anunciou nos últimos días do mes de novembro a súa decisión de romper o pacto electoral ata entón vixente co Partido Popular e presentarse separadamente ás eleccións locais da primavera. Moi pouco tempo despois, a comezos de decembro, faise pública a vontade de Centristas de Galicia e Coalición Galega –que, malia a súa desfeita electoral nas autonómicas do ano 1989, conserva dous deputados autonómicos– de concorrer conxuntamente aos comicios locais coa intención de atraer o electorado de «centro galeguista». Tal anuncio significa, en realidade, o punto de saída dunha estratexia, desenvolvida nas semanas sucesivas, e aínda non culminada a comezos de 1991, destinada á configuración dunha nova opción

política de centro nacionalista que permita superar a notable atomización de siglas existentes nese espazo político-electoral.

Entre os primeiros días de decembro do ano 1990 e os últimos de xaneiro de 1991 encadéanse os acontecementos sen solución de continuidade: Centristas e Coalición Galega anuncian a futura creación a curto prazo dun novo partido (Converxencia Nacionalista Galega), iniciativa á que van sumando de xeito progresivo diversos grupos e grupúsculos (sectores do Partido Galleguista e do Partido Nacionalista Galego, o grupo de alcaldes da denominada Coalición Progresista Galega) e que xera a apertura dunha batalla política entre os partidarios do novo proxecto e o Partido Popular por atraer alcaldes e líderes locais cara ás respectivas posicións duns e doutros. Aínda que a nova forza emerxente anuncia formalmente a intención de manter o seu apoio parlamentario ao Goberno popular, intención formalizada nun autodenominado «código electoral de non belixerancia» pactado por Manuel Fraga e Víctorino Núñez, líder de Centristas de Galicia, o certo é que empezado 1991 comeza a falarse xa da posibilidade de que *centristas* e *coagas* formen un grupo parlamentario propio na Cámara –que, en caso de ser regulamentariamente posible, contaría con seis deputados–, co que iso podería, eventualmente, supoñer de iniciación dun proceso de distanciamento no seo da coalición parlamentaria e governamental nese momento existente en Galicia.

En todo caso, e á marxe da futura significación que na vida política autonómica poida ter a reacomodación do espazo nacionalista de centro en Galicia, cuxa primeira proba se producirá nas eleccións locais da primavera de 1991, o certo é que durante 1990 a estabilidade governamental na Comunidade Autónoma tivo diversas traducións, entre as cales algunha pode ser destacada agora, a xeito de peche desta epígrafe do presente capítulo. Referímonos á concreción dun novo *clima* político entre o Goberno da Xunta de Galicia e o Goberno do Estado, que se deriva en boa medida do fortalecemento da posición negociadora dun Executivo autónomo dotado ata o momento presente dun sólido apoio parlamentario e dun liderado indiscutido. En tal sentido dúas foron, ao noso xuízo, as principais manifestacións dese novo clima de colaboración referido. Dun lado, e en primeiro lugar, o desbloqueamento na transferencia do Insalud, producida finalmente con efectos do 1 de xaneiro de 1991 (Real decreto 1679/1990, do 28 de decembro, sobre traspaso á Comunidade Autónoma de Galicia das funcións e servizos do Instituto Nacional da Saúde [*Diario Oficial de Galicia* do 14 de xaneiro de 1991]). Doutro, e en segundo lugar, a consecución dun pacto político para a superación de antigos contenciosos xurídicos entre os executivos autonómico e central. O día 3 de decembro de 1990, o presidente da Xunta e o ministro de Administracións Públicas alcanzan un acordo que supón o desistimento por parte do Estado en catro conflitos de competencia que tiña formulados coa Comunidade galega e o correlativo desistimento, por parte desta última, en doce conflitos de competencia formulados co Estado, o que supón a superación, por vía pactada, de aproximadamente un terzo dos conflitos de competencia formulados entre 1981 e 1989.

CAPÍTULO V

ANO 1991

1. Introducción

A análise da actividade da Comunidade Autónoma de Galicia durante o ano 1991 será abordada neste capítulo sobre a base de distinguir dous grandes apartados fundamentais: en primeiro lugar detallaremos os aspectos máis destacados do exercicio das competencias autonómicas da Comunidade galega durante o período cronolóxico comprendido no capítulo, analizando a produción legislativa e regulamentaria, así como as relacións de colaboración e de conflito da Comunidade Autónoma con outras instancias. Seguidamente, e en segundo lugar, resumiremos os trazos fundamentais da vida político-institucional en Galicia durante 1991.

2. O exercicio das competencias legislativas

Desde o punto de vista da produción legislativa debe destacarse, en primeiro lugar e como dato máis relevante, o do aumento substancial daquela en relación coa do ano precedente. Se durante 1990 se aprobaran un total de dúas leis (catro en realidade, aínda que dúas destas se publicaron como leis de 1991), durante este último ano o Parlamento de Galicia aproba quince leis (trece se se detraen as dúas anteriormente citadas). Por sectores, estas quince leis poderían agruparse como segue:

- a) Normas de contido financeiro: trátase das leis 1/1991 e 15/1991, de orzamentos xerais da CAG para 1990 e 1991, respectivamente, e 5/1991 e 10/1991, sobre concesión dunha paga ao persoal ao servizo da CA e concesión dun suplemento de crédito, respectivamente.
- b) Normas de política social: deben incluírse neste apartado as leis 3/1991, de creación do Servicio Galego de Promoción da Igualdade do Home e a Muller, e a 9/1991, de medidas básicas para a inserción social, á que nos referiremos con detemento máis abaixo.
- c) Normas tributarias: trátase da 7/1991, de tributación sobre o xogo, e a 13/1991, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da CA de Galicia.

- d) Normas sectoriais: neste apartado deben incluírse as leis 6/1991, de infraccións en materia de protección de recursos marítimo-pesqueiros, norma que virá a derrogar dúas das ata entón vixentes na materia (a 5 e a 13/1985), e 12/1991, de traballos de dotación artística nas obras públicas e camiños de Santiago da CA de Galicia.
- e) Normas de modificación: un último grupo, o máis numeroso, fórmano as normas legais destinadas a modificar parcialmente outras leis, grupo este onde deben incluírse ata un total de cinco disposicións lexislativas: a 2/1991, que modifica a Lei de creación do Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais; a 4/1991, que reforma a Lei da función pública; a 8/1991, que reforma a Lei do Servicio Galego de Saúde; a 11/1991, que reforma a Lei de fundacións de interese galego, e, finalmente, a 14/1991, de modificación de á sazón vixente Lei de orzamentos.

Dentro do ámbito da actividade lexislativa debe destacarse, ademais, aínda que a iniciativa estea aínda pendente de aprobación definitiva, a Proposición de lei de iniciativa lexislativa popular sobre revisión do mapa sanitario galego para a creación da Área Sanitaria da bisbarra do Salnés, cuxo interese estriba en ser a primeira iniciativa deste tipo das catro presentadas ata a data no Parlamento de Galicia que supera a votación de toma en consideración.

3. A actividade regulamentaria

Polo que se refire á actividade regulamentaria, cremos que, á marxe doutros sectores de intervención en que se aprobaron algunhas normas reguladoras de maior ou menor importancia (ambiente, sanidade, cultura, consumo, seguros, turismo, xuventude, gandaría, xogo ou asistencia social), debe destacarse unha serie de aspectos fundamentais que resumen as características básicas da actividade regulamentaria da Xunta de Galicia:

- a) Un primeiro grupo de normas de contido regulamentario, de extraordinaria importancia cuantitativa e cualitativa, confórmano toda unha serie de decretos relativos á *ordenación do sector pesqueiro e marisqueiro* dentro da Comunidade Autónoma de Galicia: trátase dos decretos 75, que regula a descarga e primeira venda dos produtos da pesca; 232, que crea o Rexistro de buques de pesca, marisqueo e acuicultura de Galicia; 237, de medidas provisionais sobre actuación e actividades das confrarías de pescadores; 262, que aproba o Regulamento de actividade pesqueira e de artes e aparellos pesqueiros; 406, que regula a comercialización dos produtos da pesca fresca e da acuicultura; e, finalmente, 407, sobre infraccións en materia de seguridade e salvamento, decreto este que vén desenvolver os principios contidos na Lei 6/1991, de infraccións en materia de protección de recursos marítimo-pesqueiros. Este é o sector de intervención onde se aprobaron maior número de normas regulamentarias de contido normativo –ata un total de seis–, ademais dunha lei, a 6/1991, arriba citada, que, como indicabamos no apartado anterior, virá derrogar dúas das catro normas legais vixentes ata entón en materia pesqueira.
- b) Non menor importancia ten unha serie de decretos aprobados en materia de *función pública*, todos eles tendentes a completar a regulación regulamentaria no devandito ámbito material e a consolidar a estrutura da Administración da Comunidade Autónoma. Trátase dos decretos 91, de aprobación do Regulamento de integración dos funcionarios na Administración da Comunidade Autónoma de Galicia; 92, de aprobación do Regulamento de situacións administrativas dos funcionarios da Administración da CAG; 93, de aprobación do Regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional e promoción interna; 94, de aprobación do Regulamento de réxime disciplinario dos funcionarios da Administración da CAG, e, finalmente, 95, de aprobación do Regulamento de selección do persoal da Administración da

CAG. Todos estes decretos aparecen, nas súas respectivas esferas reguladoras, como normas de desenvolvemento e aplicación dos principios contidos na Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, norma esta que, como sinalabamos máis arriba, foi tamén obxecto durante o ano 1991 dunha modificación a través da Lei 4/1991.

- c) Deben destacarse tamén dous decretos aprobados como consecuencia da *transferencia do Insalud* á Comunidade galega durante o ano 1990. Trátase dos números 16, polo que se asumen as funcións e servizos do Insalud traspasados pola Administración central do Estado á CA de Galicia, e 20, polo que se aproba o orzamento de ingresos e gastos dos servizos transferidos do Insalud para 1991.
- d) Un cuarto grupo de normas regulamentarias estaría formado por aquelas que teñen por obxecto a preparación dos acontecementos que han de ter lugar en Galicia con motivo do *Ano Santo compostelán de 1993*. Nesta esfera, ademais da Lei 12/1991, máis arriba referida, de traballos de dotación artística nas obras públicas e nos camiños de Santiago da CA de Galicia, aprobáronse ata un total de tres decretos: o número 23, polo que se crea o cargo de comisario xacobeo de Galicia; o 32, polo que se crea o Centro Coordinador Xacobeo, e, finalmente, o 61, que regula a utilización da imaxe corporativa da organización galega do Ano Santo 1993.
- e) Na esfera das normas que conteñen medidas de *desenvolvemento ou aplicación da normativa da Comunidade Europea*, aprobáronse diversos decretos, dos que ao noso xuízo merecen ser destacados os seguintes: 75, polo que se regula a descarga e primeira venda dos produtos de pesca; 191, polo que se regula a xestión, liquidación e recadación da taxa exixible na inspección de sanidade veterinaria de carnes frescas; 262, polo que se aproba o Regulamento de actividade pesqueira e de artes e aparellos de pesca; 327, de avaliación de efectos ambientais para Galicia; e, finalmente, 406, polo que se regula a comercialización dos produtos da pesca fresca e da acuicultura.
- f) Tratamento á parte merece unha serie de normas regulamentarias de *política social* aprobadas en desenvolvemento da Lei 9/1991, de medidas básicas para a inserción social. Esta norma, que ten por obxecto a creación e desenvolvemento dun conxunto coordinado de medidas orientadas á loita contra a pobreza na Comunidade de Galicia e á reinserción social e/ou laboral de persoas afectadas polas diferentes formas de exclusión e marxinación social, contempla tres tipos de programas: 1) renda de integración social de Galicia («salario social»); 2) axudas para situacións de emerxencia social; e 3) programas de desenvolvemento integral comunitario. En aplicación da devandita lei, a Xunta de Galicia procedeu a aprobar dous decretos, os 374 e 375, respectivamente referidos á renda de integración social de Galicia e ás axudas para as situacións de emerxencia social. A Lei de orzamentos para 1991 procederá, ademais, a fixar as correspondentes partidas orzamentarias para proceder á instauración da renda de integración social.
- g) Por último, e dentro desta análise das normas de natureza regulamentaria, cremos que debe destacarse unha que veu supoñer un reforzamento da *estrutura organizativa* da Presidencia da Xunta de Galicia. Trátase do Decreto 227, polo que se modifican o que fixaba a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia e o que determinaba a estrutura dos centros directivos dependentes directamente do presidente da Xunta, decreto este polo que se procede á creación dunha Secretaría Xeral de Comunicación dependente directamente do presidente da Xunta, á que se lle encomendan as funcións que ata a data viñan sendo desempeñadas pola Dirección Xeral de Medios de Comunicación da Consellería de Relacións Institucionais e Portavoz do Goberno.

4. Relacións de conflito e colaboración con outras instancias

- 1) Máis que a unha enumeración detallada dos diferentes convenios de colaboración asinados durante o ano 1991 pola Comunidade Autónoma de Galicia, dedicaremos este apartado a poñer de relevo as principais características dos dous convenios de maior transcendencia asinados entre o Estado e a Comunidade galega que comezaron a producir efectos ao longo do presente ano.

O primeiro é un convenio asinado en outubro de 1990, malia o cal cremos que debe incluírse no capítulo correspondente a 1991, na medida en que foi neste ano cando comezou a producir efectos o previsto neste. Trátase do Convenio suscrito entre a Comunidade Autónoma de Galicia e o Ministerio do Interior para a cesión dunha unidade da Policía Nacional á Xunta de Galicia. Fronte aos modelos autonómicos doutras comunidades autónomas, consistentes na creación de policías autonómicas propias (Cataluña, País Vasco, Navarra), o convenio referido supón optar por un modelo distinto, o da constitución dunha unidade da Policía Nacional adscrita á Xunta de Galicia, aínda que dependente desde o punto de vista orgánico do Ministerio do Interior. Esta policía, cuxas finalidades básicas serán inicialmente a custodia de edificios oficiais e personalidades públicas da Comunidade Autónoma e, posteriormente, a inspección de locais de xogo, a garantía do cumprimento das disposicións legais emanadas da Xunta ou a vixilancia marisqueira, constituíuse ao longo de 1991, de xeito que os 157 membros que a conforman comezaron a desenvolver as súas funcións de control e vixilancia desde os primeiros días do mes de novembro.

O segundo é un Convenio entre a Comunidade Autónoma de Galicia e o Consello Xeral do Poder Xudicial, asinado o 22 de abril de 1991, que ten como obxectivo a formación de xuíces e maxistrados con destino en Galicia. Con este preténdese, ademais de potenciar as materias relacionadas co dereito foral e autonómico, prestar atención especial ás especialidades derivadas das institucións propias, tanto no ámbito do dereito privado como do dereito público, e á diversidade lingüística de Galicia. A base do acordo atópase no artigo 25 do Estatuto de autonomía para Galicia, segundo o cal na resolución dos concursos e oposicións para promover os postos de maxistrados, xuíces, secretarios xudiciais, fiscais e todos os funcionarios ao servizo da Administración de xustiza, será mérito preferente a especialización no dereito galego e o coñecemento do idioma do país. En tal sentido o convenio establece que a Dirección Xeral de Xustiza e Relacións coas Corporacións Locais da Xunta colaborará na organización, xestión e financiamento dos programas de formación e perfeccionamento organizados polo Consello Xeral do Poder Xudicial no ámbito autonómico. Ademais da promoción de actividades de formación de xuíces e maxistrados, a Dirección Xeral de Xustiza da Xunta resérvase o dereito de promover todas as actividades conducentes ao mellor coñecemento do dereito foral, autonómico e comunitario vixente en Galicia. Por último o convenio establece a creación dunha comisión mixta de seguimento, formada por dous representantes de cada unha das partes signatarias, encargada do control da súa execución e a interpretación das dúbidas que puidesen formular para a súa execución.

- 2) Polo que se refire aos conflitos de competencia entre o Estado e a Comunidade Autónoma de Galicia, as relacións movéronse dentro da tónica xeral de caída da conflictividade que caracterizou o ano 1991 en termos xerais. En tal sentido formulouse tan só un novo conflito como consecuencia da impugnación por parte do Estado do Decreto 1991, do 12 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da actividade pesqueira e artes e aparellos de pesca permisibles en Galicia.

No relativo á solución de conflitos previamente formulados, esta tivo lugar ben mediante resolución do Tribunal Constitucional, ben mediante desistimento. Citaremos a continuación os máis relevantes. Mediante resolución do Tribunal Constitucional: Auto do 15 de xaneiro de 1991, polo que se dá por rematado o conflito positivo de competencia 401/1986, promovido pola Xunta de Galicia fronte á Resolución do Ministerio de Economía e Facenda do 25 de novembro de 1985 pola que se lle impón á Caixa de Aforros de Galicia unha sanción de 100 millóns de pesetas de multa por operacións de renda variable; Sentenza 17/1991, do 31 de xaneiro, pola que se resolven os recursos de inconstitucionalidade 830/1985, 847/1985 e 850/1985, promovidos pola Generalitat de Cataluña, Xunta de Galicia e Goberno Vasco, contra a Lei 16/85, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español; Sentenza 18/1991, do 31 de xaneiro, pola que se resolve o Recurso de inconstitucionalidade 890/1985, promovido polo presidente do Goberno contra a Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Parlamento de Galicia, do Consello de Contas; Sentenza 45/1991, do 28 de febreiro, pola que se resolven os conflitos positivos de competencia 299/1985, 313/1985 e 318/1985, formulados polo Goberno Vasco, a Generalitat de Cataluña e Xunta de Galicia en relación co Real decreto 2164/1984, do 31 de outubro, polo que se regula a acción común para o desenvolvemento integral das zonas de agricultura de montaña e doutras zonas equiparables; Sentenza 62/1991, do 22 de marzo, pola que se resolve o Recurso de inconstitucionalidade 376/1985, promovido polo presidente do Goberno contra a Lei 12/1984, do 28 de decembro, pola que se aproba o Estatuto galego do consumidor e o Conflito positivo de competencia 763/1985, promovido polo Goberno contra o Decreto 37/1985, do 7 de marzo, polo que se crea a Comisión Consultiva de Consumo de Galicia; Auto do 7 de maio de 1991, polo que se dan por rematados os conflitos positivos de competencia 576/1986, 592/1986 e 597/1986, formulados pola Generalitat de Cataluña, Goberno Vasco e Xunta de Galicia, respectivamente, contra o Real decreto 111/1986, do 10 de xaneiro, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 16/1985, do 25 de xuño, de patrimonio histórico español; Sentenza 149/1991, do 4 de xullo, pola que se resolven os recursos de inconstitucionalidade 1689, 1708, 1711, 1723, 1723 e 1740, todos de 1988, formulados pola Xunta de Galicia, Consello de Goberno das Illas Baleares, Goberno Vasco, Deputación Rexional de Cantabria, Generalitat de Cataluña, Goberno de Canarias e Goberno Valenciano, respectivamente, contra a Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas. Mediante desistimento do Estado: Conflito positivo de competencia 652/1985, en relación cunha resolución do 7 de xaneiro de 1985, de Galicia, pola que se autoriza a construción de seis buques de ata duascenas TRB; Conflito positivo de competencia 652/1986, en relación coa Orde da Xunta de Galicia do 29 de xaneiro de 1986, pola que se aproba o modelo de guía provisional de máquinas recreativas en Galicia; Conflito positivo de competencia 531/1986, en relación co Decreto 127/1986, do 17 de abril da Xunta de Galicia, que desenvolve a regulación sobre órganos reitores das caixas de aforros galegas; Conflito positivo de competencia 680/1987, en relación coa Orde do 29 de decembro de 1986, pola que crean os rexistros de guías de turismo de Galicia. Mediante desistimento da Comunidade Autónoma de Galicia: Conflito positivo de competencia 630/1985 en relación co acordo do 6 de marzo de 1985, de transferencia de créditos da sección 331 a 17; Conflito positivo de competencia 777/1985, en relación co Real decreto 419/1985, do 6 de maio, polo que se desenvolve a modernización das explotacións familiares agrarias; Recurso de inconstitucionalidade 876/1985 en relación coa Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación; Conflito positivo de competencia 1165/1985, en relación co Acordo do 3 de xullo de 1985 sobre dotacións do Plan nacional de electrificación rural; Conflito positivo de competencia 522/1986 en relación co Real decreto 2377/1985, do 18 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de normas básicas sobre concertos educativos; Recurso de inconstitucionalidade 899/1986 en relación coa Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; Conflito positivo de

competencia 399/1986 en relación co Real decreto 2253/1985, do 22 de maio, sobre especialización en dereito foral como mérito preferente para o nomeamento de notarios.

5. Trazos fundamentais da vida política e institucional galega

Analizaremos a continuación, de forma sucinta, os principais acontecementos en torno aos cales se desenvolveu a vida política e institucional da Comunidade Autónoma de Galicia durante o ano 1991.

A reacomodación política do centrismo galeguista

Desde o punto de vista da estabilidade governamental o ano 1991 foi un período que contribuíu de forma substancial á consolidación de tal estabilidade, ao despexarse unha das principais incógnitas apuntadas por nós no capítulo precedente correspondente ao ano 1990. Referímonos á solución final que tivo a reacomodación do espazo nacionalista de centro en Galicia. E así, se o ano 1990 se pechaba coa perspectiva dunha máis que probable converxencia orgánica entre o partido Centristas de Galicia –forza provincial que contaba con catro deputados na Cámara (entre eles o presidente do Parlamento de Galicia) e cun dos membros do Goberno popular (o conselleiro de Cultura)– e Coalición Galega –forza nacionalista de centro que contaba con dous deputados na Cámara–, converxencia que, de producirse, podería afectar directamente á conformación da maioría absoluta popular no Parlamento de Galicia, o ano 1991 abríase coa confirmación de tales expectativas, toda vez que os líderes dunha e outra formacións reafirmaban a súa vontade de confluír organicamente e dar lugar á creación dun novo partido, Converxencia Nacionalista Galega, que intentaría competir polo espazo nacionalista de centro en Galicia. Porén, e contra todo prognóstico, o que comezara sendo unha operación de converxencia orgánica polo espazo nacionalista de centro en Galicia acabará transformándose nunha confluencia –absorción– do Partido Popular e o partido Centristas de Galicia.

En efecto, e case sen solución de continuidade, mentres os líderes de Centristas de Galicia manifestan, a mediados de ano, a existencia dunha paréntese no proceso de constitución da Converxencia Nacionalista, comezan a celebrarse conversacións entre Centristas e o Partido Popular. Nun primeiro momento falarase tan só da posibilidade de que as dúas forzas políticas celebren pactos municipais na provincia de Ourense, tras as eleccións locais de maio. De inmediato, non obstante, e antes da paréntese estival, dirixentes de Centristas de Galicia comezan a negociación para a súa integración no Partido Popular, coa intención de superar a fragmentación do espazo do centro-dereita na Comunidade Autónoma galega. Comezadas as conversacións ao longo do mes de xullo, o ano pecharase, tras unha paréntese estival en que o grupo ourensán se debaterá entre a integración no Partido Popular e a posta en marcha, xunto con Coalición Galega, dunha nova forza política, coa integración do partido Centristas de Galicia no Partido Popular. Con iso consolídase a maioría absoluta de que goza este último partido no seo da Cámara autonómica e, ao tempo, reafirmase a maioría parlamentario-governamental sostedora da Xunta de Galicia, que deixa de ser, en puridade, un goberno de coalición entre dous partidos, para pasar a configurarse como un goberno homoxéneo dotado dun sólido apoio parlamentario.

Os cambios na Xunta de Galicia

Neste contexto xeral, que obviamente se dirixe no sentido dunha maior estabilidade governamental, prodúcese na Xunta de Galicia os primeiros cambios nas consellarías desde a investidura de Manuel Fraga Iribarne como presidente da Xunta. O máis temperán deses cambios terá lugar no mes de abril

e afectará tan só a unha consellaría, a de Traballo e Servicios Sociais, ao pasar o seu titular a ser candidato municipal á alcaldía de Vigo nos comicios locais de maio. Maior envergadura política terá o cesamento, xa no mes de outubro, do conselleiro de Sanidade, despois dun longo conflito cos sectores sanitarios de Galicia, o primeiro ao que terá que lle facer fronte a Xunta de Galicia desde a transferencia do Insalud. Designado para ocupar a carteira de Sanidade o ata entón conselleiro de Agricultura, Gandería e Política Forestal, producirase tamén, despois dun período de desempeño provisional de ambas as dúas consellarías por parte do novo titular de Sanidade, un recambio na Consellería de Agricultura, na que supoñerá a segunda nova incorporación ao Goberno galego desde a súa toma de posesión.

As eleccións locais

Un terceiro acontecemento fundamental na Comunidade Autónoma de Galicia virá marcado pola celebración no mes de maio das eleccións locais. Aínda que non podemos entrar nunha análise pomenorizada dos resultados electorais, si que queremos destacar cando menos os trazos básicos dos resultados que reflicte a consulta municipal. En tal sentido, un primeiro dato viría dado pola vitoria do Partido Popular nos comicios, ao obter o 40% dos votos e un total de 1798 concelleiros. O Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE configurouse como segunda forza, cun 31,5% dos votos e 1155 concelleiros, seguido do Bloque Nacionalista Galego, que consegue un total de 239 concelleiros. Iso supón a reafirmación da vitoria popular nas eleccións autonómicas do ano 1989, a confirmación do Partido dos Socialistas de Galicia como segunda forza política, a gran distancia de todos os seus demais adversarios, e, finalmente, a configuración do Bloque Nacionalista Galego como a principal das forzas do nacionalismo galego. Esta primeira conclusión debe ser matizada, así e todo, cunha segunda referida á repartición de votos nos sete principais núcleos urbanos de Galicia, é dicir, as catro capitais de provincia mais as cidades de Santiago, Vigo e Ferrol en contraste co sucedido no conxunto da Comunidade: o Partido dos Socialistas de Galicia logrará alzarse coa alcaldía en cinco destes sete núcleos urbanos (A Coruña, Ourense, Vigo, Ferrol e Santiago), vitoria que en dous casos (A Coruña e Santiago) o é por maioría absoluta da corporación, correspondéndolle ao Partido Popular as alcaldías de Pontevedra e Lugo. No que se refire, por último, á repartición das deputacións provinciais, entes territoriais de grande importancia na vida política da Comunidade Autónoma de Galicia, o Partido Popular, en coherencia coa súa vitoria xeral, conseguirá a Presidencia das deputacións de Lugo, Pontevedra e, por maioría absoluta, Ourense, mentres, tamén por maioría absoluta, o Partido dos Socialistas de Galicia obtén a Presidencia da Deputación Provincial da Coruña.

A vida partidista

A vida dos partidos políticos galegos non presentou durante o ano 1991, á parte da xa mencionada fusión entre o Partido Popular e o partido Centristas de Galicia, coas importantes consecuencias que no seu momento poñiamos de relevo, acontecementos de extraordinaria importancia. Tan só cómpre destacar, neste ámbito, dous episodios de certa transcendencia. Dun lado, a celebración, no mes de febreiro de 1991, do sexto Congreso do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, que se salda, desde o punto de vista político, coa eliminación da bicefalia ata entón vixente no seo do partido (entre Antolín Sánchez Presedo, secretario xeral, e Fernando González Laxe, presidente do partido e ex-presidente da Xunta de Galicia), toda vez que o primeiro dos dous líderes será reelixido secretario xeral por unanimidade dos delegados do congreso socialista e o segundo será eliminado da Presidencia do partido ao ser suprimido este órgano dentro da estrutura da organización. Doutro lado, e no ámbito

do espazo nacionalista, produciranse dous acontecementos remarcables: a absorción por parte do Bloque Nacionalista Galego da maior parte da organización do Partido Nacionalista Galego, absorción que contribúe á consolidación da primeira desas forzas na súa posición hexemónica no ámbito nacionalista, e a dimisión do secretario xeral do Partido Socialista Galego-Esquerda Galega, como consecuencia do retroceso electoral sufrido polo seu partido nos comicios locais, dimisión que dá lugar á apertura dun proceso de debate no seo do partido sobre o seu futuro como organización autónoma dentro do espazo político nacionalista.

Os proxectos de reformas electoral e parlamentaria

Finalmente, e para rematar esta análise sobre o desenvolvemento da vida política e institucional da Comunidade Autónoma de Galicia durante 1991, cremos que deben subliñarse unha serie de acontecementos que, incoados nos momentos postremos do ano, están chamados a ter, moi probablemente, unha grande importancia ao longo de 1992. Referímonos ás propostas xurdidas da maioría parlamentario-gobernamental popular para proceder á modificación tanto da Lei electoral autonómica como do Regulamento do Parlamento de Galicia. No que se refire á proposta de modificación da Lei electoral, do que transcendeu ata a data dedúcese a vontade do Partido Popular de introducir determinados cambios na lexislación electoral, o máis importante e substantivo dos cales sería o de proceder a aumentar do 3% ao 5% o tope dos votos válidos para acceder á repartición de escaños da Cámara. Aínda que das liñas mestras da reforma regulamentaria transcendeu menos información, todo fai pensar que a vontade que vertebrará a modificación será a de readaptar o funcionamento interno da Cámara segundo o principio maioritario.

CAPÍTULO VI

ANO 1992

1. Introducción

A actividade da Comunidade Autónoma de Galicia durante o ano 1992 será analizada a partir do estudo de dous tipos de cuestións de diferente natureza: por un lado referirémonos, en primeiro lugar, ao exercicio das competencias autonómicas durante o período temporal abranguido no capítulo, distinguindo a produción lexislativa e regulamentaria e as relacións de conflito da Comunidade Autónoma con outras instancias, para pasar, seguidamente, en segundo lugar, a dar conta dos aspectos máis relevantes da vida político-institucional galega no período cronolóxico mencionado.

2. O exercicio das competencias lexislativas

Desde unha óptica cuantitativa, o ano 1992 supuxo un lixeiro aumento da produción lexislativa galega en relación coa de 1991, ao pasar o número de leis aprobadas de 13 a 15, aínda que unha de elas, a Lei 15/1992, do 30 de decembro, pola que se modifica a Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia, fose publicada xa no ano 1993 (DOG do 4 de xaneiro de 1993). Iso colocou o Parlamento de Galicia no segundo posto entre as cámaras autonómicas, desde o punto de vista do número de leis aprobadas, tan só por detrás da Comunidade Autónoma de Navarra, que cun total de 21 normas ocupou a primeira posición no que a produción lexislativa se refire durante o ano 1992. Dese total de 15 normas, 13 tiveron o seu inicio noutros tantos proxectos de lei presentados pola Xunta de Galicia e 2 en proposicións de lei, unha delas de iniciativa lexislativa popular (a Lei 13/1992, do 9 de novembro, sobre revisión do mapa sanitario para crear a Área de Saúde do Salnés), que constitúe a primeira norma legal aprobada polo Parlamento galego de acordo coas previsións da Lei 1/1988, do 19 de xaneiro, de iniciativa lexislativa popular ante o Parlamento de Galicia. Para completar o cómputo debemos deixar constancia, tamén, do feito de que o Parlamento da Comunidade Autónoma aprobou outra proposición de lei (a relativa á modificación do artigo 82 da Lei xeral de sanidade estatal, no referente ao financiamento da asistencia sanitaria da Seguridade Social), para ser presentada ante o Congreso dos Deputados conforme o previsto no artigo 87.2 da Constitución. Por sectores, estas quince normas legais, poderían agruparse como segue:

- a) Normas de contido financeiro e orzamentario: trátase das leis 2/1992, de concesión dunha paga extraordinaria ao persoal ao servizo da Administración da CA e concesión dun crédito suplementario ao orzamento de gastos para poder facerlles fronte ás devanditas obrigas, e 14/1992, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para 1993.
- b) Normas de carácter económico: deben incluírse neste grupo dúas leis que, malia a súa diferente natureza, teñen en común a súa finalidade reguladora da actividade económica, nun sentido amplo, dos poderes públicos de Galicia: dun lado a 5/1992, de creación do Instituto Galego de Promoción Económica, e a 11/1992, de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.
- c) Normas en materia de seguridade pública: igualmente dúas leis conforman este grupo, a 3/1992, de coordinación das policía locais, e a 4/1992, de creación da Academia Galega de Seguridade.
- d) Normas relativas á función pública da Comunidade Autónoma: trátase das leis 8/1992, sobre obrigatoriedade de acreditar o coñecemento da lingua galega para o acceso á función pública de Galicia, e 12/1992, de creación de determinadas escalas de persoal funcionario ao servizo da Xunta de Galicia.
- e) Normas sectoriais: neste apartado poderían incluírse as disposicións legais que procederon a regular determinados sectores concretos de actividade; así a Lei 1/1992, de artesanía de Galicia; a 6/1992, de disciplina turística; a 7/1992, de pesca fluvial, e, finalmente, a Lei 9/1992, de educación e promoción de adultos.
- f) Difíciles de clasificar e polo tanto merecentes dun apartado especial son as leis 10/1992, que declara de interese social determinadas obras, e a 13/1992, xa referida, consecuencia dunha iniciativa lexislativa popular, sobre revisión do mapa sanitario para crear a Área de Saúde do Salnés.
- g) Por último, e por máis que a Lei 15/1992, de modificación da Lei de eleccións, deberá ser incluída no capítulo seguinte, toda vez que foi publicada durante o ano 1993, non podemos deixar de sinalar esta norma que, dada a súa natureza institucional, supón a primeira modificación dunha das máis fundamentais leis básicas da Comunidade Autónoma galega. No quinto apartado deste capítulo, que contén os aspectos máis destacados da vida político-institucional da Comunidade Autónoma de Galicia durante 1992, teremos ocasión de referirnos non só á significación da reforma acometida na norma de referencia, senón tamén ao contexto político en que se produce tal modificación.

3. A actividade regulamentaria

No relativo á actividade regulamentaria, a Xunta de Galicia procedeu á aprobación de normas en moi diferentes sectores de intervención. Nalgúns deles as normas de importancia presentaron un carácter illado: así aconteceu, por exemplo, en relación cos sectores da cultura (Decreto 430/1991, sobre tramitación para a declaración de bens de interese cultural de Galicia), da cooperación institucional (Decreto 17, de cooperación coas entidades locais), radiodifusión (Decreto 35, sobre procedemento de concesión de emisoras de radiodifusión sonora), montes (Decreto 260, que aproba o Regulamento para a execución da Lei de montes veciñais en man común), asistencia social (Decreto 286, de accesibilidade e eliminación de barreiras), función pública (Decreto 294, polo que se regula o diploma de director) ou, finalmente, transportes (Decreto 325, sobre imposición de sancións por infraccións cometidas en materia de transportes). Pero houbo tamén outros sectores de actividade que mereceron unha maior atención do Executivo e nos que se xerou, en consecuencia, unha produción regulamentaria substantiva máis numerosa. Á parte do relativo a materias de tipo

orxamentario (no que se aprobaron dous decretos, os números 1 e 7, relativos, respectivamente, a cadanseu desenvolvemento de previsións legais contidas na Lei de orxamentos da Comunidade Autónoma para 1992), poderían destacarse, como aspectos fundamentais que resumen as características básicas da actividade regulamentaria da Xunta de Galicia, os seguintes:

- a) Sen dúbida ningunha, o grupo máis significativo de normas regulamentarias aprobadas durante o ano 1992 é o constituído pola *normativa de tipo organizativo*, no que poderían destacarse, entre outros, os seguintes decretos fundamentais: o 32, polo que se crea a Comisión Interdepartamental para a Xuventude da Administración Autonómica; o 41, polo que se crea a Comisión Técnica de Etnografía; o 53, polo que se modifica a composición do Consello Galego de Pesca; o 57, polo que se desenvolven as funcións dos órganos do sistema bibliotecario de Galicia; o 63, polo que se reestrutura a composición e funcionamento das comisións do patrimonio histórico galego; o 84, polo que se establecen os órganos asesores e consultivos da Consellería de Cultura e Xuventude en materia de bens culturais; o 87, polo que se aproba o Regulamento de réxime interno do Consello Escolar de Galicia; o 94, polo que se regula a composición da Comisión Galega de Artesanía; o 112, polo que se crea a Comisión Superior de Valoración de Bens Culturais de Interese para Galicia; o 120, polo que se crea a Comisión Interinstitucional do Menor; o 126, sobre ordenación de funcións da inspección de servizos sanitarios da CAG; e, finalmente, o 248, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do protectorado das fundacións de interese galego.
- b) Outro sector de intervención onde se produciu ao longo do ano 1992 unha moi notable produción normativa é o relativo ao sector da *vivenda*, no cal, ademais dunha importante actividade subvencional, o Executivo galego levou a cabo unha substantiva actividade reguladora de tipo regulamentario. Dentro deste sector poderían destacarse, como máis fundamentais, os decretos que se mencionan a continuación: o 98, polo que se regula o financiamento e adxudicación de vivendas de promoción pública; o 107, sobre medidas de financiamento cualificado de autoconstrución no medio rural; o 142, sobre subvencións a fondo perdido para rehabilitación de vivendas familiares no medio rural de Galicia; o 186, sobre adquisición e alienación de terreos polo Instituto Galego da Vivenda e Solo; o 226, sobre subvencións á reconstrución de vivendas unifamiliares no medio rural; o 311, sobre supresión da cédula de habitabilidade; e, finalmente, o 343, de axudas aos concellos para a infravivenda rural.
- c) Ao igual que xa acontecera no ano 1991, aínda que agora en moita menor medida, o sector *pesqueiro e marisqueiro* foi tamén obxecto de especial atención regulamentaria ao aprobarse durante o ano 1992 tres decretos de importancia na materia: o 43, que desenvolve determinados aspectos da Lei 6/1991, de infraccións en materia de protección de recursos marítimo-pesqueiros; o 59, polo que se regula a extracción de especies marisqueiras e a recolección de algas nas augas de Galicia; e, en fin, o 185, polo que se crea o Rexistro de empresas alimentarias relacionadas cos produtos do mar.
- d) O sector *educativo* foi tamén obxecto de atención especial. Nel aprobáronse dous decretos que conteñen regulacións regulamentarias elaboradas pola Xunta de Galicia (o 426/1991, polo que se establece o currículo da educación infantil na CAG, e o 245/1992, polo que se establece o currículo da educación primaria na CAG) e un máis, o 253, polo que a Xunta procede a aprobar os estatutos elaborados pola Universidade da Coruña.
- e) Finalmente, podería tamén destacarse o sector *fiscal*, ámbito material este no que o Goberno galego procedeu á aprobación de diversas normas, das que cando menos tres merecen ser destacadas: o Decreto 422/1991, polo que se encomendan ás oficinas de distrito hipotecario

funcións de xestión e liquidación no imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados; o Decreto legislativo 1/1992, polo que se aproba o texto articulado dalgunhas das bases contidas na Lei 13/1991, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da CAG; e, por último, o 172, polo que se ditan normas para a xestión, liquidación ou recadación de taxas e prezos públicos na CAG.

4. Os conflitos con outras instancias

Polo que se refire ás relacións de conflitividade da Comunidade Autónoma de Galicia con outras instancias e, sobre todo, co Estado central, o ano 1992 significou unha continuación da tendencia cara á caída da conflitividade competencial que, segundo sinalabamos no capítulo anterior, se iniciara claramente durante ese ano. Así as cousas, e segundo os datos oficiais que figuran no *Boletín Informativo del Ministerio para las Administraciones Públicas sobre conflictividad entre el Estado y las Comunidades Autónomas* (Dirección Xeral de Réxime Xurídico), a finais do ano 1992 quedaban tan só 15 asuntos (recursos e conflitos) pendentes de sentenza: 7 do Estado fronte á Comunidade Autónoma de Galicia e 8 desta última fronte ao Estado central. En canto ás novidades producidas durante o ano 1992 deben destacarse dúas cuestións:

- a) Dun lado, e no relativo ao xurdimento de novos conflitos, é necesario destacar, pola súa importancia e significación, dado que é un dos tres recursos formulados polo Estado durante 1992 fronte a disposicións legais das comunidades autónomas, a interposición por parte do presidente do Goberno dun recurso de inconstitucionalidade contra determinados artigos da Lei 3/1992, do 23 de marzo, de coordinación das policía locais. O Tribunal Constitucional, por Providencia do 26 de maio de 1992, admitiu a trámite este recurso (n.º 1283/1992) contra os artigos 5.1.f) e h), 6.1 e 2 e, por conexión, contra o artigo 8.2.a), artigos cuxa vixencia e aplicación foi suspendida (DOG n.º 111, do 11 de xuño de 1992). Con posterioridade, o Tribunal Constitucional, por Auto do 20 de outubro de 1992, acordou manter a suspensión de vixencia do artigo 6.1 e 2 e levantar a dos outros preceptos arriba mencionados (DOG n.º 236, do 3 de decembro de 1992).
- b) Doutro lado, e no referente ás sentenzas emitidas polo Tribunal Constitucional na resolución de conflitos de competencia, debemos destacar a do 30 de abril de 1992, no Conflito positivo de competencia n.º 1960/1991, formulado polo presidente do Goberno en relación co Decreto da Xunta 262/1991, do 12 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da actividade pesqueira e das artes e aparellos da pesca permisibles en Galicia. Con anterioridade, o propio Tribunal Constitucional acordara, por Auto do 3 de marzo de 1992, levantar a suspensión do artigo 84 do mencionado decreto, suspensión acordada por Providencia do 30 de setembro de 1991 (DOG n.º 69, do 9 de abril de 1992).

5. Trazos fundamentais da vida política e institucional galega

O ano 1992 foi, en termos políticos, un período dunha marcada normalidade institucional, pois nel renderon froitos algúns acontecementos acaecidos durante 1991, acontecementos dos que, pola nosa parte, deixabamos constancia no capítulo precedente. Así, a consolidación dunha sólida maioría parlamentario-gobernamental, tras a fusión entre o Partido Popular e o grupo ourensán Centristas de Galicia producida ao longo de 1991, traducíuse na estabilidade no Parlamento de Galicia, institución onde o partido da maioría conta cun apoio permanente e no propio Goberno da Xunta, que, fronte ao sucedido en 1991, non experimentou cambio ningún nin na súa estrutura nin na súa composición. A iso debe engadirse,

ademais, que en contraste co ano 1991 en que se celebran os comicios locais, a ausencia de procesos electorais durante 1992 comunica tamén uns trazos de maior estabilidade á situación política galega. Por todo iso, e dentro deste contexto xeral referido, imos destacar a continuación aqueles procesos ou acontecementos que, ao noso xuízo, tiveron unha maior relevancia ou unha máis marcada significación na vida política e institucional galega durante o ano 1992.

A reforma da Lei electoral

Un deses acontecementos políticos relevantes foi, sen ningún xénero de dúbidas, a aprobación da modificación da ata agora vixente Lei electoral galega (Lei 15/1992, do 30 de decembro, pola que se modifica a Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia [DOG n.º 1, do 4 de xaneiro de 1993]), modificación esta que ten, desde o noso punto de vista, unha dobre significación. Dun lado a súa propia substantividade material, que, á marxe doutras cuestións de menor importancia, se concreta fundamentalmente en dous aspectos: a incorporación á lei como causa de «inelexibilidade» (e non de «incompatibilidade», como ata o presente) da condición de alcalde e de presidente de Deputación (art. 4.2.c) do texto reformado); e, ademais, a elevación do tope mínimo de votos válidos que as candidaturas deben obter en cada circunscrición para ser tidas en conta á hora da atribución de escaños do 3% ao 5% (art.10.a) do texto reformado), sen dúbida o aspecto máis polémico da reforma en canto que é previsible que, dadas as condicións do sistema galego de partidos, tal modificación legal poida eventualmente afectar a algunha das forzas políticas en xogo que, dado o aumento do tope, podería verse privada de representación parlamentaria. O preámbulo da lei xustifica unha e outra medidas facendo referencia, respectivamente, á necesidade de «buscar unha maior dedicación e atención á *res publica* dos cargos electos» e á «lóxica adaptación da lei ao nivel de implantación social das forzas políticas e a busca da máxima eficacia na actuación do Parlamento».

Pero, como xa se apuntaba previamente, a modificación da Lei electoral tivo unha segunda significación, non menor que a primeira. Dados os contidos que acaban de apuntarse e como era previsible á vista, por un lado, da configuración do sistema galego de partidos e, por outro, do feito de que cinco dos sete alcaldes das máis importantes cidades de Galicia son do Partido dos Socialistas de Galicia, a oposición en bloque votou contra a lei de reforma, norma que foi aprobada cos sós votos do Partido Popular. Iso non só contrastou co acontecido coa Lei electoral de 1985, aprobada por unanimidade, senón que, dalgún xeito, supuxo unha ruptura do consenso institucional que ata a data presidira todo o proceso de desenvolvemento institucional estatutario no que todas as leis de desenvolvemento básico do Estatuto de autonomía foron aprobadas por maiorías moi cualificadas da Cámara (cfr., en tal sentido, o estudo introdutorio realizado por José A. Portero Molina e Roberto L. Blanco Valdés á *Legislación básica de Galicia*, Editorial Tecnos, 1992).

Para completar esta referencia á reforma da lexislación electoral debemos apuntar que esta forma parte dun paquete de modificacións de normas de carácter institucional, no que se inclúen, tamén, a reforma de Regulamento da Cámara e, previsiblemente, da Lei reguladora da Xunta e do seu presidente (Lei 1/1983, do 22 de febreiro). En canto ao primeiro, no momento de redactarse este capítulo acaba de ter entrada no Parlamento de Galicia unha Proposición de lei do Grupo Parlamentario Popular relativa á reforma regulamentaria, tras o fracaso, por falta de acordo entre o grupo da maioría e a oposición socialista e nacionalista, dos traballos preparatorios dunha comisión parlamentaria que comezou as súas reunións para revisión do Regulamento o día 15 de maio de 1992. Con toda seguridade este será un dos temas substantivos da vida institucional galega ao longo de 1993, dado o alto nivel de polémica que este suscitou xa durante 1992. Polo que se refire á eventual modificación da Lei reguladora da Xunta e do seu presidente, reformada xa de forma significativa en 1988 (Lei 11/1988, do 20 de outubro, de

reforma da Lei 1/1983, do 22 de febreiro), aínda que a prensa informaba na primavera de 1992 que o proxecto de lei de reforma tería entrada no Parlamento antes do verán, o certo é que no momento de pecharse este capítulo tal proxecto aínda non fora presentado. En tal sentido, e seguindo de novo informacións de prensa, o aspecto da reforma máis sobresaiante, dos que transcenderon nos medios de comunicación, é o relativo á posible creación da figura do viceconselleiro.

A acción exterior do presidente da Xunta

Unha segunda cuestión que cremos debe ser destacada en relación cos acontecementos acaecidos en 1992 é a relativa ao que poderíamos denominar a acción exterior da Presidencia da Comunidade Autónoma. A ese respecto, o presidente da Xunta realizou ata un total de 22 viaxes ao estranxeiro, polo que se coloca en tal sentido só por debaixo do presidente de Cataluña (á cabeza con 27 desprazamentos exteriores), actividade que, no caso concreto da Presidencia da Xunta de Galicia, non foi de todo independente da celebración na Comunidade Autónoma, en xullo de 1992, da Asemblea das Rexións de Europa (ARE), por cuxa Presidencia competirían Manuel Fraga Iribarne e Jordi Pujol, co resultado da vitoria deste último por un total de 104 votos contra 31.

A vida partidista

Desde o punto de vista da vida dos partidos, o ano 1992 xerou, certamente, moi poucos acontecementos relevantes. Á marxe da recomposición dentro do centro-dereita galego, con cambios de líderes políticos e cargos institucionais (sobre todo alcaldes e concelleiros de pequenos municipios) que continúan abandonando, nun lento goteo, distintas forzas xa extintas do nacionalismo conservador para recolocarse no Partido Popular –proceso que determinou, por exemplo, que á altura de xuño de 1992 se presentasen xa 11 mocións de censura en municipios galegos–, o máis significativo de 1992 foi a nova recomposición do Partido Socialista Galego-Esquerda Galega (PSG-EG), forza nacionalista de esquerdas que, como apuntabamos no capítulo do ano pasado, sufrira unha notable crise interna como consecuencia dos malos resultados obtidos nos comicios locais de 1991: tal crise desembocou finalmente na dimisión do seu secretario xeral. No outono de 1992 o PSG-EG, forza política que conta nese momento con dous deputados no Parlamento de Galicia, iniciou un proceso de refundación política que conducirá a finais de ano á constitución dun novo partido, Unidade Galega, que anunciou xa a súa intención de concorrer aos próximos comicios autonómicos que se celebrarán en 1993.

A proposta de creación dunha «Administración única»

Pecharemos esta análise do desenvolvemento da vida político-institucional galega durante o ano 1992 cunha referencia que rematou por converterse non só nun dos temas de debate político recorrente na Comunidade Autónoma de Galicia, senón que, ademais, constituíu, tamén, unha das achegas básicas realizadas desde a Xunta de Galicia ao debate autonómico español: referímonos obviamente á proposta da denominada «Administración única». Tal proposta de Administración única foi presentada formalmente polo presidente da Xunta de Galicia no debate sobre o estado da autonomía, celebrado no Parlamento autonómico os días 10 e 11 de marzo de 1992 (sesións plenarias n.º 104 e 105, do 10 e 11 de marzo de 1992. *Diario de Sesións do Parlamento de Galicia*, n.º 6 e 7), no cal se aprobou, por 41 votos a favor (os 38 do Partido Popular, 2 de Coalición Galega e 1 de Alfredo Conde Cid, ex-deputado socialista adscrito ao Grupo Mixto), 27 en contra (os do Partido dos Socialistas de Galicia) e 7 abstencións (as correspondentes aos 5 deputados do Bloque Nacionalista Galego e aos 2 do PSG-EG), a Proposta de resolución do Grupo Parlamentario Popular n.º 7653, segundo a cal se lle pedía ao Goberno

central que, unha vez dinamizada a ampliación de competencias das comunidades históricas, se adoptasen as iniciativas tendentes a conseguir a consideración de administracións únicas no territorio desas comunidades «agás aquelas materias que constitúen o núcleo de solidariedade e a definición do marco propio do Goberno central, concretadas substancialmente na Facenda, en canto reguladora de grandes impostos e das cotizacións á Seguridade Social sen prexuízo da necesaria corresponsabilidade fiscal, ao sistema básico de prestacións da Seguridade Social, en especial desemprego e pensións, ao ámbito xa consagrado no noso sistema constitucional da Administración de xustiza, que corresponde ao poder xudicial, e á seguridade xeral».

A aprobación desa citada proposta de resolución supoñerá o lanzamento público dunha iniciativa política que, defendida desde entón con insistencia polo presidente da Xunta en múltiples foros (desde a conferencia ofrecida por Manuel Fraga Iribarne na madrileña Universidade Carlos III o día 22 de abril, ata o artigo publicado por el mesmo baixo o título «Administración única» no diario *El País* do 9 de maio), non alcanzará a concretarse, non obstante, ata varios meses máis tarde, cando, de novo, o propio Parlamento da Comunidade Autónoma celebre, en sesións plenarias do 10 e 11 de novembro de 1992, un debate en relación coa comunicación da Xunta de Galicia sobre a Administración única na Comunidade Autónoma (BOPG n.º 338, do 7 de novembro de 1992).

Certamente, aínda que o Parlamento tivera xa ocasión de manter algún debate en relación coa proposta, como o producido na sesión do 26 de maio (sesión plenaria n.º 117. *Diario de Sesións do Parlamento de Galicia*, n.º 117), na que foi defendida polo conselleiro da Presidencia e Administración Pública, será nas sesións de novembro onde o presidente da Xunta ofrecerá unha documentación sistemática sobre o sentido e os contidos da súa proposta política. Vai ser a partir das ideas expresadas no seu discurso de presentación (logo editado pola Xunta de Galicia nun volume polo que se realizan todas as citas textuais) como expoñeremos a continuación, sen introducir ningún tipo de valoración política ou xurídica pola nosa parte, a significación da proposta de «Administración única».

O presidente da Xunta deixa constancia desde o inicio da presentación daquela, e en reprodución dos contidos da proposta de resolución do Grupo Parlamentario Popular aprobada, segundo vimos máis arriba, polo Parlamento autonómico tras o debate sobre o estado da autonomía, das materias que ao seu xuízo deben ser excluídas da súa proposta: «Cremos que hai que organizar un Estado nacional forte, que o será tanto máis canto máis se atope nas súas propias funcións: a política exterior, a seguridade e defensa, a xustiza, as grandes decisións económicas, a promoción global de España e daqueles temas que (como a investigación, entre outros) requiren unha máxima concentración de esforzos; a garantía da unidade do sistema xurídico, fiscal e de seguridade social; a solidariedade entre todas as autonomía e todos os cidadáns» (documento citado, pp. 2-3). Tras iso, e ao abordar os principios autonómicos e o modelo de organización do Estado (identificación, autogoberno, solidariedade e participación), explícanse, en relación co principio da participación, as reformas que para o seu desenvolvemento deberían de abordarse en tal sentido, reformas que constitúen unha das partes –podríamos dicir «orgánica»– da proposta de Administración única: «Participación, que resulta o principio menos desenvolvido dos catro, e un dos máis importantes. Vémosto, á súa vez, descansando en catro piares: a reforma do Senado, a creación do Consello Económico e Social previsto no artigo 131.2 da Constitución, a sistematización das conferencias sectoriais mixtas de coordinación dos executivos autónomos do Estado, coroado pola conferencia de presidentes, e un sistema eficaz de participación na política comunitaria, que deixou de ser política exterior» (idem, pp. 10-11).

Despois do tratamento sistemático de cada un deses catro piares, a intervención do presidente da Xunta céntrase xa na xustificación da proposta de Administración única para a consolidación do Estado das autonomía: «Administración única é unha proposta de desenvolvemento político baseada na regra de que a distribución das competencias do poder público debe facerse entre todas as

administracións públicas (ciudades, provincias, rexións e Estado) de modo que, de cada unha delas, sexa a Administración menor (inscrita) a única encargada de executar no seu respectivo termo as funcións administrativas que lle correspondan como propias, así como as que no seu respectivo territorio lle fosen transferidas ou delegadas pola Administración ou administracións maiores (circunscritas) e o poidan ser sen contradicir a propia natureza de cada Administración, nin quebrar a unidade de España» (idem, pp. 16-17). Máis adiante o propoñente resume a súa idea afirmando, como conclusión do seu razoamento, que «a Administración única non é outra cousa que un intento de poñer ao día o Estado mediante o novo modelo de Administración que exige o Estado das autonomías, ou sexa, o novo modelo de Estado inaugurado en 1978» (idem, p. 21).

Explicado o sentido da proposta, o presidente da Xunta céntrase logo nos apoios constitucionais daquela: «... a Constitución prevé a posibilidade do esquema proposto, en varios dos seus apartados. Así no artigo 150.2 cando di que o Estado poderá transferir ou delegar nas comunidades autónomas, mediante lei orgánica, facultades correspondentes a materias de titularidade estatal que pola súa propia natureza sexan susceptibles de transferencia ou delegación. E non vale dicir que isto se dixo só para casos excepcionais, pois o texto non o di nin o dá a entender en modo ningún» (idem, p. 21). Neste contexto, e polemizando coa argumentación crítica de que a proposta de Administración única «supón unha innovación e polo tanto un perigoso experimento que se debe evitar» (idem, p. 24), o presidente da Xunta recorda, como doutrina constitucional xustificadora daquela, a Sentenza do Tribunal Constitucional do 28 de maio de 1992: «Esta sentenza –afirma o propoñente–, actualísima, pois se ditou hai poucos meses, proclama a constitucionalidade do fundamento principal da proposta de Administración única. E non é nin sequera innovadora, posto que ela mesma anota que reitera doutrina doutras dúas anteriores: a STC 13/1992, Fto. Xco. 70, e a STC 197/1988, Fto. Xco. 2.º (idem, p. 26). A partir de aí o presidente da Xunta aborda expresamente a cuestión da imputación de inconstitucionalidade, centrándose en tal sentido na procedencia da utilización coa finalidade que se sinala na proposta do artigo 150.2 da Constitución: «Algúns permitíronse alegar que aínda que o artigo 150.2 da Constitución certamente di o que di, se puxo aí só para ser aplicado a Cataluña e Euskalerría... porque iso é o que querían os constituíntes» (idem, p. 30). Fronte a tal opinión constitucional o propoñente sostén unha liña interpretativa moi diferente: «No artigo 150.2, en efecto, a Constitución di o que di con valor xeral. A interpretación restritiva a dúas autonomías, que se aduce para enervar a miña proposta, discrimina as outras quince e, polo tanto, contradí frontalmente a igualdade, a igualdade dixen; ou sexa, un dos catro valores superiores do ordenamento xurídico que establece a propia Constitución no artigo 1.1. Pero non rematan aí as dificultades desa alegación. Porque, aínda pasando por alto esa enormidade, aínda entón habería que ver por que non afectaría o artigo 150.2 á terceira Comunidade Autónoma histórica, que é Galicia. Pero o importante non é iso. O esencial é que, de poder interpretarse así, o artigo 150 transmutaríase nun adorno, pero o artigo 150 non é un adorno, senón que é a principal vía para o desenvolvemento do Estado autonómico e de todas as comunidades autónomas: as dezasete; e non só as tres históricas, Galicia, Cataluña e Euskalerría» (idem, pp. 31-32).

Como conclusión do seu razoamento en defensa da viabilidade xurídica do artigo 150.2 da Constitución como vehículo constitucional para dar eficacia á proposta de Administración única, o presidente da Xunta realiza unha afirmación que resume, ao noso xuízo, a verdadeira esencia daquela e coa que, pola nosa parte, pecharemos esta análise da intervención de Manuel Fraga Iribarne na sesión plenaria do Parlamento de Galicia do 10 de novembro de 1992: «En definitiva, digo que non pode ser inconstitucional unha proposta, como a da Administración única, que pretende, simple e claramente, a aplicación dun artigo da propia Constitución, mediante unha delegación ou transferencia acordada polas Cortes españolas, por lei orgánica, de competencias que a propia Constitución prevé poidan ser exercitadas polas comunidades autónomas» (idem, p. 32).

Analizado o sentido político da proposta de Administración única, só nos resta, para pechar a nosa referencia necesariamente sumaria a esta, referirnos aos seus contidos concretos, é dicir, á proposición contida nela de traspasos competenciais á Comunidade Autónoma de Galicia. A ese respecto, o documento divide as reclamacións de competencias en función dos ministerios do Goberno central aos que se solicita o traspaso competencial. Á súa vez, as competencias reclamadas divídense en dúas clases diferentes: «competencias estatutarias pendentes de traspaso á Comunidade Autónoma» (un total de 32 reclamacións de competencia) e «competencias susceptibles de transferencia ou delegación ao abeiro do artigo 150.2 da Constitución española» (un total de 27 reclamacións de competencia). Cruzando ambos os dous criterios resulta que os ministerios aos que se solicitan competencias dun e outro tipo son os seguintes: Interior, Obras Públicas e Transportes, Educación e Ciencia, Traballo e Seguridade Social, Industria, Comercio e Turismo, e Agricultura, Pesca e Alimentación. Aos ministerios de Cultura e Asuntos Sociais só se solicitan competencias estatutarias pendentes e aos de Xustiza, Sanidade e Consumo, Economía e Facenda e Administracións Públicas solicítanselles competencias susceptibles de transferencia ou delegación.

Sometido a votación na sesión do Parlamento de Galicia celebrada o día 11 de novembro de 1992, o documento presentado polo presidente da Xunta sobre a Administración única foi aprobado cos votos favorables do Grupo Parlamentario Popular e do ex-deputado socialista Alfredo Conde Cid, e votaron en contra deste tanto a oposición socialista como a nacionalista.

CAPÍTULO VII

ANO 1993

1. Introducción: liñas xerais

O ano 1993 foi en Galicia un ano *intenso* desde o punto de vista político, intensidade que rematou por sobrepoñerse no balance final do período aos outros dous grandes trazos que o caracterizaron: dun lado, a maior presenza da Comunidade no contexto español como consecuencia da celebración do Ano Santo compostelán e dos programas de diverso tipo (culturais, de creación de infraestruturas, turísticos, etc.) que se desenvolveron no ámbito das dúas iniciativas públicas fundamentais que tiveron lugar na materia –o Xacobeo 93, organizado pola Xunta de Galicia, e o Compostela 93, organizado polo Concello de Santiago–, iniciativas que conseguiron atraer a Galicia un alto número de visitantes e coas que a Comunidade Autónoma intentou, dalgún modo, tomar o relevo dos dous grandes *acontecementos* do ano 1992 (a Expo de Sevilla e os Xogos Olímpicos de Barcelona); doutro lado, a estabilidade política derivada do mantemento dunha Xunta de Galicia apoiada pola maioría absoluta do Partido Popular na Cámara galega, apoio que lle permitiu á maioría parlamentario-gobernamental ver aprobadas algunhas iniciativas políticas que ían atopar o rexeitamento de todas as demais forzas partidistas con presenza parlamentaria. Foi, ao noso xuízo, xustamente esta combinación da *normalidade institucional* propia dun sistema político en que o goberno goza dun sólido apoio parlamentario e o partido sobre o que se vertebra non presenta importantes fisuras internas como consecuencia dun liderado claro e definido e da *intensidade política* típica dun ano en que tiveron lugar dous procesos electorais –as eleccións xerais do 6 de xuño e as autonómicas do 17 de outubro–, e en que a maioría gobernante asumiu a responsabilidade de sacar adiante reformas polémicas do marco institucional autonómico (sobre todo a que afectou ao Regulamento da Cámara), a nota dominante dun ano en que as discusións sobre a «Administración única», iniciativa política do presidente da Xunta sobre a que en boa medida gravitara o debate autonómico durante o ano 1992, apenas deixou sentir os seus últimos coletazos, apartada a un segundo plano por cuestións de maior urxencia ou significación a curto prazo. É por todo o que acaba de apuntarse polo que a actividade da Comunidade Autónoma de Galicia durante 1993 se articulará neste capítulo en dous grandes apartados: en primeiro lugar o relativo ao estudo do exercicio das competencias autonómicas, distinguindo a análise da produción lexislativa e regulamentaria e as relacións de conflito entre a

Comunidade Autónoma de Galicia e outras instancias. Un segundo grande apartado irá dirixido a afondar nos acontecementos fundamentais da vida política e institucional da Comunidade galega e a xustificar o porqué desa caracterización de *intensidade* á que nos referiamos liñas máis arriba.

2. O exercicio das competencias legislativas

Cunha lixeira inflexión á baixa –de 15 leis aprobadas durante 1992 pasouse a 12 en 1993–, a produción legislativa debe considerarse en todo caso, desde o punto de vista cuantitativo, alta en termos comparativos coa de anos anteriores, toda vez que o Parlamento de Galicia só estivo reunido durante o primeiro dos dous períodos de sesións correspondentes ao ano 1993, ao ser disolvida a Cámara por Decreto do 23 de agosto. Do total de leis aprobadas, 10 tiveron a súa orixe en proxectos do Goberno e tan só dúas en proposicións de lei: a 3/1993, das parzarías e dos arrendamentos rústicos históricos de Galicia (aprobada a iniciativa de todos os grupos parlamentarios da Cámara), e a 11/1993, sobre recurso de casación en materia de dereito civil especial de Galicia (aprobada a iniciativa do Grupo Parlamentario Popular). Cremos que, para os efectos dunha mellor comprensión da acción legislativa levada a cabo pola Comunidade Autónoma durante o ano, ese conxunto de 12 leis, ás que debe engadirse a Lei 15/1992, pola que se modifica a Lei de eleccións ao Parlamento de Galicia –aprobada en 1992, pero publicada xa en 1993–, poden ser agrupadas en catro grandes bloques:

- a) Un primeiro formaríano as leis de modificación parcial doutras leis da Comunidade Autónoma. Deben incluírse aquí, ademais da Lei 2/1993, do 15 de abril, pola que se aproba unha disposición adicional á Lei 12/1992, do 9 de novembro, de creación de determinadas escalas de persoal funcionario ao servizo da Xunta de Galicia, e da Lei 7/1993, do 24 de maio, de modificación da Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia, normas ambas as dúas que incorporan reformas nun e outro caso de ton certamente menor, a Lei 15/1992, do 30 de decembro, pola que se modifica a Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia. Aínda que xa no capítulo anterior se fixo unha breve referencia a esta norma de modificación e ao destacable feito político de que esta fose aprobada cos únicos votos do Grupo Parlamentario Popular, dato que contrastaba co alto grao de consenso parlamentario alcanzado no momento de votación final da norma orixinal, aprobada por unanimidade, debe retomarse agora aquela referencia para explicitar os contidos esenciais dunha reforma que afectou a aspectos substanciais da normativa electoral autonómica: á regulación do réxime de inelexibilidades e incompatibilidades dos candidatos aos comicios autonómicos, coa inclusión, dentro do grupo das inelexibilidades, da condición de alcalde ou presidente da Deputación, ata entón só incompatibles, ou coa creación dun rexistro de intereses baixo a dependencia directa do presidente da Cámara; aos criterios para a atribución de escanos no Parlamento galego, co aumento do 3% ao 5% da porcentaxe mínima dos votos válidos emitidos en cada circunscrición para os efectos de ser tido en conta á hora da repartición; ao réxime de convocatoria das eleccións, á composición e competencias da Xunta electoral de Galicia e ao réxime de campaña electoral, cunha regulación máis exhaustiva da normativa relativa á repartición dos tempos de presenza dos candidatos nos medios de comunicación de titularidade pública; e, finalmente, ao réxime das subvencións electorais, cunha actualización dos límites de gasto electoral e dos de subvención de tales gastos.
- b) Un segundo bloque viría constituído polas leis que se aprobaron para a regulación de sectores de actividade que ata a data, malia atoparse dentro do ámbito competencial da Comunidade Autónoma, non foran obxecto de normación polo Parlamento de Galicia. Deben incluírse dentro deste grupo as leis 1/1993, do 13 de abril, de protección de animais

domésticos e salvaxes en cativeiro; 3/1993, do 16 de abril, das parzarías e dos arrendamentos rústicos históricos de Galicia (art. 27.4 EAG); 8/1993, do 23 de xuño, reguladora da Administración hidráulica de Galicia (art. 27.12 EAG); 9/1993, do 8 de xullo, de confrarías de pescadores de Galicia (art. 27.29 EAG); e, finalmente, a 11/1993, do 15 de xullo, sobre recurso de casación en materia de dereito civil especial de Galicia (art. 27.5 EAG).

c) As normas que viñeron supoñer unha nova regulación dun sector de actividade no seu conxunto e substituír na súa totalidade a normativa de rango legal preexistente a elas, normas estas últimas que foron expresamente derogadas polas novas, constitúen un terceiro bloque diferenciado: así, as leis 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais (que derroga a Lei 3/1987, do 27 de maio, de servizos sociais); 6/1993, do 11 de maio, de pesca de Galicia (que derroga as leis 1/1985, do 26 de febreiro, de ordenación da pesca marítima en augas da CAG, e 15/1985, do 23 de outubro, de ordenación marisqueira e cultivos mariños); e, por último, a 12/1993, do 29 de xullo, de fomento da investigación e de desenvolvemento tecnolóxico de Galicia (que derroga a Lei 8/1988, do 18 de xullo, do Plan xeral de investigación científica e técnica de Galicia).

d) Finalmente, forman o cuarto dos bloques enunciados dúas leis de contido orzamentario entre as que non se atopa, porén, a Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o próximo exercicio, que non foi posible aprobar antes de finalizar 1993 dadas as datas de celebración de eleccións, constitución de novo Parlamento e designación de nova Xunta de Galicia: trátase das leis 5/1993, do 16 de abril, de concesión dunha paga ao persoal ao servizo da CAG, de determinación do incremento retributivo para 1993 e de concesión dun crédito extraordinario para cubrir tales gastos; e 10/1993, do 15 de xullo, de concesión dun crédito extraordinario para atender os gastos das eleccións ao Parlamento de Galicia.

3. A actividade regulamentaria

A disolución do Parlamento de Galicia no mes de agosto de 1993 e a subseguinte convocatoria de eleccións non só fan afectar á actividade lexislativa, que se vería interrompida desde entón ata a constitución do novo Parlamento, a mediados de novembro, senón tamén, aínda que obviamente por razóns diferentes, á actividade regulamentaria da Xunta de Galicia. En efecto, a partir de setembro, e dalgunha forma alterada a normalidade de todo o aparato administrativo do Goberno pola xa próxima contenda electoral, pode apreciarse unha notable caída da acción normativa da Xunta, que aprobará nos catro meses finais do ano moi poucas normas dignas de mención, coa única excepción, como se verá, das que haberán de ser consecuencia inducida polo propio proceso electoral.

Así as cousas, e ao igual que xa se resaltou no capítulo anterior, correspondente ao ano 1992, en determinados sectores de intervención a acción regulamentaria da Xunta tivo un carácter máis ou menos illado: é o caso, por exemplo, da *artesanía* (Decreto 145, que regula o procedemento de obtención da carta de artesán e o Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia), a *industria* (Decreto 232, polo que se regula o control de calidade da edificación na CAG), a *actividade sancionatoria* (Decreto 70, sobre sancións por infraccións cometidas en materia de transporte mecánico por estrada), as *materias orzamentarias* (decretos 96, polo que se dispón o endebedamento da CAG correspondente ao exercicio de 1993, e 408, polo que se regula a prórroga dos orzamentos xerais da CA de 1993 para o exercicio de 1994) ou, finalmente, a regulación da asunción de competencias en materias diversas (decretos 19, sobre competencias da CAG en materia de *costas*, e 69, de asunción e asignación de funcións e servizos en materia de *formación profesional* ocupacional e de *estiba e desestiba* en portos non clasificados como de interese xeral).

Pero, xunto a esa actividade regulamentaria illada, existiron sectores de intervención onde o volume e/ou a importancia das normas aprobadas polo Executivo autonómico merecen ser destacados. Da mesma forma que en 1992, o máis significativo a ese respecto resultou ser o das *normas organizativas*, apartado dentro do cal poderían incluírse dunha ou outra forma os seguintes decretos: 391/1992, que regula o inicio de actividades do Instituto Galego de Promoción Económica; 11/1993, que fixa a estrutura, organización e funcionamento do Consello Galego de Educación e Promoción de Adultos; 25, polo que se crea o Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro e se regula o seu funcionamento; 92, de creación e estrutura orgánica da Secretaría Xeral para a Protección Civil e o Medio Ambiente; 107, de desenvolvemento da Lei de creación do Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais; 135, polo que se regulan as funcións e organización da Inspección Educativa na CAG; 154, que aproba o réxime xurídico do servizo de xestión dos residuos industriais da CAG; 208, de medidas de coordinación da protección civil no ámbito da CAG; 215, de organización, competencias, composición e funcionamento do Tribunal Económico-Administrativo da CAG; e 218, polo que se crea unha Comisión Tripartita de Prevención e Integración de Drogodependencias. Ademais de todos os mencionados, deben destacarse dentro deste grupo de normas regulamentarias de natureza organizativa os decretos subseguintes á designación polo Parlamento de Galicia de Manuel Fraga Iribarne como presidente da Xunta de Galicia e ao Real decreto 2115/1993, do 2 de decembro, polo que é nomeado presidente: referímonos aos decretos 287, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia; 290, polo que se determinan os centros directivos dependentes directamente da Presidencia da Xunta de Galicia, e 291, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia.

Finalmente, e xa para rematar esta referencia á actividade regulamentaria do Goberno galego, destacaremos outros tres sectores de actividade nos que a produción normativa foi remarcable polo número e a significación das normas aprobadas: trátase das *normas de contido subvencional* (decretos 400/1992, que aproba o réxime de subsidiación ao tipo de interese para o financiamento das pequenas e medianas empresas; 181, que concede axudas a persoas de terceiros países en materia de formación pesqueira, e 250, polo que se aproba o programa rexional de axudas a medidas forestais na agricultura). Da *normativa en materia sanitaria* (decretos 33, polo que crea o Comisionado do Plan autonómico sobre drogodependencias; 22, polo que se establecen normas de protección da saúde da poboación na promoción, venda e consumo de produtos do tabaco, e 32, sobre adecuación do procedemento de autorización de oficinas de farmacia). E, por último, da *normativa en materia educativa*: decretos 78, polo que se establece o currículo de educación obrigatoria na CAG; 89, polo que se regula a autorización de libros de texto e outros materiais curriculares para as ensinanzas de réxime xeral, e 200, de ordenación da atención primaria na CAG.

4. Os conflitos con outras instancias

No ámbito da conflitividade xurídica entre o Estado e as comunidades autónomas o ano 1993 marcou un afondamento da tendencia á baixa, tal e como se viña xa observando en anos anteriores, conflitividade que de 32 asuntos en 1992 se reduciu a tan só 12 no presente. Nese contexto debe destacarse como especialmente significativo que das 7 impugnacións do Estado contra comunidades autónomas, 2 corresponderan a Galicia: a) o Tribunal Constitucional, por Providencia do 21 de setembro de 1993, admitiu a trámite o Recurso de inconstitucionalidade número 2728/1993, formulado polo presidente do Goberno contra determinados artigos da Lei do Parlamento de Galicia 6/1993, do 11 de maio, de pesca de Galicia (DOG n.º 198, do 14 de outubro de 1993); b) o Tribunal Constitucional, por Providencia do 16 de novembro de 1993, admitiu a trámite o Recurso de inconstitucionalidade número 3141/1993, formulado polo presidente do Goberno contra determinados

preceptos da Lei 11/1993, do 15 de xullo, sobre o recurso de casación en materia de dereito civil especial de Galicia (DOG n.º 234, do 7 de decembro de 1993).

Polo que se refire aos asuntos que foron obxecto de resolución por parte do Tribunal Constitucional, a Comunidade Autónoma de Galicia viuse afectada por tres sentenzas, co que os asuntos pendentes entre esta e o Estado a finais de 1993 sumaban un total de 13 (6 do Estado fronte á Comunidade Autónoma e 7 da Comunidade Autónoma fronte ao Estado): Sentenza do 8 de marzo de 1993, no Recurso de inconstitucionalidade n.º 1283/1992, presentado polo presidente do Goberno contra a Lei do Parlamento de Galicia 3/1992, do 23 de maio, de coordinación de policía locais; Sentenza do 1 de xuño de 1993, no Recurso de inconstitucionalidade n.º 534/1988 (entre outros) presentado pola Xunta de Galicia, contra a Lei 31/1987, do 18 de decembro, de ordenación das telecomunicacións; e, finalmente, Sentenza do 9 de xullo de 1993, no Recurso de inconstitucionalidade n.º 1862/1988, interposto polo presidente do Goberno contra a Lei do Parlamento de Galicia 10/1988, do 20 de xullo, de ordenación do comercio interior.

5. Trazos fundamentais da vida política e institucional galega

Como se sinalaba ao comezo deste capítulo, 1993 foi un ano especialmente intenso tanto desde o punto de vista máis estritamente político –como consecuencia esencialmente da celebración ao longo deste de dous procesos electorais: os comicios xerais de xuño e os autonómicos de outubro– como desde o institucional, debido á aprobación da reforma regulamentaria, xa anunciada en 1992, modificación que, xunto coa da Lei electoral acometida nos últimos compases do pasado ano, veu integrar un paquete de reformas institucionais que estiveron rodeadas dun alto grao de conflitividade político-parlamentaria. A continuación iremos analizando de forma máis ou menos pormenorizada os diferentes temas que se enunciaron nesta breve introdución.

A reforma do Regulamento do Parlamento de Galicia

Como xa se apuntaba no capítulo precedente, a falta de acordo entre a maioría popular e os grupos da oposición socialista e nacionalista determinou o fracaso dos traballos preparatorios dunha comisión parlamentaria que comezou as súas reunións para a revisión do Regulamento o día 15 de maio de 1992. Tras o fracaso mencionado, o Grupo Parlamentario Popular optará por presentar unha Proposición de lei de reforma do Regulamento do Parlamento de Galicia, datada o 15 de decembro de 1992 e que será admitida a trámite pola Mesa do Parlamento o 27 de xaneiro de 1993 (BOPG n.º 365, do 1 de febreiro de 1993). Incluída na correspondente orde do día do Pleno da Cámara para o seu debate de toma en consideración, a agre discusión que suscitou, producida na segunda semana do mes de marzo, sería o comezo dun conflitivo proceso de tramitación parlamentaria que ía ir sempre acompañada, ata a aprobación da reforma na penúltima semana do mes de xullo, dunha dura polémica política. En efecto, xa no debate de toma en consideración a oposición socialista e nacionalista chegou a considerar a reforma regulamentaria como un «golpe de Estado» e un «atacado á democracia parlamentaria» e a abandonar o hemiciclo para non participar na correspondente votación. Tal actitude de dureza determinou unha oferta do Grupo Parlamentario Popular para negociar unha parte do proxecto de reforma, oferta feita pública por voz do presidente da Cámara, Victorino Núñez, inmediatamente despois de producirse, a mediados de marzo, a votación favorable daquela á toma en consideración da proposición de lei popular. Tras uns días de declaracións cruzadas dos líderes das diversas formacións con representación parlamentaria (do presidente da Cámara insistindo na conveniencia de non aprobar un texto sen consenso e dos voceiros do Grupo Socialista aceptando a apertura de negociacións sempre e cando se pospuxese a aprobación da reforma á nova lexislatura que habería de

elixirse a finais de ano), o presidente da Xunta resolve a polémica na penúltima semana de marzo, ao afirmar que a reforma debería de seguir a súa tramitación parlamentaria. Iso determina a apertura do prazo de presentación de emendas, un total de 854, que serán publicadas a finais do mes de abril (BOPG n.º 401, do 29 de abril de 1993).

O certo é, non obstante, que nin o trámite de discusión no seo da Relatoría (Informe de Relatoría, BOPG n.º 419, do 12 de xuño de 1993) nin no da Comisión (Ditame da Comisión, BOPG n.º 432, do 17 de xullo de 1993) serviron para chegar a acordos respecto dos contidos da reforma regulamentaria ou para rebaixar o nivel de tensión da polémica, como demostra o abandono, por parte do Grupo Parlamentario Socialista, da Mesa da Comisión na segunda semana de xuño de 1993. Así as cousas, tras a solicitude da Xunta de Galicia para a celebración en xullo de sesións extraordinarias da Cámara que permitisen a aprobación da reforma durante a III lexislatura do Parlamento de Galicia, solicitude que ía provocar novas tensións entre a maioría parlamentaria gobernamental e as diferentes minorías, a reforma sería debatida no pleno da Cámara celebrado o día 22 de xullo de 1993 (*Diario de Sesións do Parlamento de Galicia*, n.º 166). Para entón, o Grupo Popular renunciara a unha parte da reforma orixinal, que de afectar a 23 artigos do Regulamento da Cámara, tal e como se prevía na proposición orixinal, pasou tan só a afectar a 13. Esta reforma foi aprobada finalmente, na sesión arriba mencionada, cos 38 votos a favor do Grupo Parlamentario Popular, 31 en contra dos grupos parlamentarios Socialista e Mixto (PSG-EG e CG) e a abstención do ex-deputado socialista Alfredo Conde; os parlamentarios do Grupo do Bloque Nacionalista Galego abandonaron a sesión e non votaron para remarcar así a súa posición contraria.

En canto aos seus contidos, e como acaba de apuntarse, a reforma afectou de forma parcial ou total a 13 dos 166 artigos dos que consta o Regulamento e foi referida a cuestións de natureza diferente, pero, en xeral, de importante significación no desenvolvemento da vida político-parlamentaria autonómica. Entre tales cuestións, cremos que merecen ser destacadas cando menos as seguintes: a máis minuciosa regulación do réxime de comprobación das incompatibilidades dos deputados, a introdución do criterio do voto ponderado no funcionamento da Comisión do Estatuto dos Deputados e no das comisións non permanentes agás no caso de que a representación de cada grupo parlamentario nelas garde a proporcionalidade existente no Pleno, a modificación do réxime de intervencións dos membros da Xunta de Galicia nos debates e do das facultades de ordenación do presidente da Cámara no desenvolvemento destes, a modificación do réxime dos debates no pleno dos proxectos de lei remitidos pola Xunta de Galicia ou, por último, a modificación da regulación do debate de totalidade do Proxecto de lei de orzamentos.

As eleccións xerais do 6 de xuño de 1993

Se o dato máis sobresaínte dos resultados dos comicios xerais do 6 de xuño de 1993 foi, no ámbito nacional, o do notable acurtamento da distancia electoral entre o Partido Socialista e o Partido Popular –cuxo diferencial de voto deixou de ser de 14 puntos de vantaxe en favor dos primeiros para reducirse a tan só 4 puntos–, a tradución galega desa tendencia xeral ía significar un aumento moi substancial da vantaxe coa que xa contaba o Partido Popular, que de superar aos socialistas en 5 puntos nas eleccións xerais de 1989 pasou a superalos en 14 puntos nas de 1993. En canto á atribución dos escanos en liza, os 26 do Congreso dos Deputados repartíronse entre 15 para o PP fronte a 11 para o PSdeG-PSOE (14 PP, 12 PSdeG-PSOE e 1 CDS en 1989, eleccións en que os escanos en xogo eran 27 ao corresponder 5 e non 4, como en 1993, á circunscrición ourensá) e os 16 do Senado entre 12 para o PP e 4 para o PSdeG-PSOE (fronte a 10 e 6, respectivamente, nas eleccións de 1989, en que os socialistas foron maioritarios no distrito coruñés). Un último dato debe destacarse en relación con estes

comicios xerais: o substantivo ascenso do Bloque Nacionalista Galego, que, malia non conseguir representación parlamentaria, experimenta un salto cualitativo en todos os distritos electorais que non virá senón a preanunciar o seu espectacular crecemento electoral nos comicios autonómicos de outubro: do 4,12% ao 8,5% na Coruña, do 2,81% ao 7,32% en Lugo, do 2,63% ao 6,52% en Ourense e do 3,82% ao 8,81% en Pontevedra. En todo caso, se as eleccións xerais do día 6 de xuño non supuxeron, malia os cambios que acaban de apuntarse, un xiro radical na evolución do subsistema galego de partidos que se fora consolidando na Comunidade Autónoma galega a partir das primeiras eleccións ao Parlamento de Galicia celebradas en outubro de 1981, si que marcaron algunhas liñas tendenciais que os comicios autonómicos de outubro de 1993 confirmarían, como de inmediato se ha de ver, en toda a súa importancia.

As eleccións autonómicas do 17 de outubro de 1993

Certamente, as eleccións autonómicas de outubro supoñerán unha modificación, nalgúns casos espectacular, dos elementos caracterizadores do comportamento electoral da sociedade civil galega, ata o punto de que darán lugar a un mapa de partidos verdadeiramente diverso do que dalgunha forma, e malia as súas modulacións, estivera presente na Comunidade Autónoma galega desde 1981. Ao noso xuízo, as notas esenciais definidoras do mencionado proceso electoral poderían vertebrarse en torno a catro grandes apartados:

1. En primeiro lugar a vitoria espectacular do Partido Popular, que cun 52,21% dos votos expresados e 43 escaños na Cámara afianza a súa maioría absoluta dunha forma indiscutible. A vitoria popular éo máis, se cabe, pola «homoxeneidade» con que esta se produce en todo o territorio de Galicia, tanto desde o punto de vista provincial como desde o municipal: así, o Partido Popular colócase por enriba do 50% dos sufraxios expresados en tres dos catro distritos electorais de Galicia (56,67% en Lugo, 54,63% en Ourense e 53,08% en Pontevedra), e só na Coruña, co 48,97%, non alcanza a cota mencionada; desde a perspectiva municipal a vitoria non é menos irresistible: os populares vencen en 288 dos 313 municipios de Galicia, mentres os socialistas o fan en tan só 21 e o BNG en 3 (en 1 empatan socialistas e populares).
2. A desfeita socialista é a outra cara da moeda da vitoria popular. O PSdeG-PSOE, gran derrotado nos comicios, pasa do 32,53% dos sufraxios expresados ao 23,47%, o que lle supón unha perda de 9 escaños parlamentarios que se nas eleccións de 1989 foron 28 quedarán agora reducidos a tan só 19. Non é, porén, co mero dato cuantitativo como pode apreciarse a envergadura da derrota socialista: en efecto, a desfeita é tal que os socialistas, segunda forza en Galicia case sempre que non eran a primeira no ámbito municipal, pasarán a ser terceira forza en cinco dos sete núcleos urbanos máis poboados de Galicia. Tanto en Santiago como en Vigo e Pontevedra e, aínda que por unha curtísima marxe, en Ferrol e Ourense, o BNG logra situarse por diante do PSdeG-PSOE, que só consegue manter a súa anterior primacía en Lugo e A Coruña. Como haberá de apuntarse máis abaixo, unha derrota tal pronto deixará sentir as súas consecuencias na vida interna do partido.
3. Xunto ao Partido Popular, e aínda que por razóns diferentes, o Bloque Nacionalista Galego será o outro gañador da contenda electoral de outubro. Probablemente gran beneficiario da sangría do voto socialista, o Bloque experimenta un salto electoral espectacular en relación cos anteriores comicios autonómicos, tanto no seu número de votos absolutos (de 105.698 a 262.248) como na súa posición porcentual (do 8% ao 18,68%) e na súa representación parlamentaria (de 5 a 13 escaños na Cámara). Ao igual que antes se apuntaba para o Partido Popular, o ascenso electoral do Bloque é bastante homoxéneo desde o punto de vista terri-

torial, sen que poidan apreciarse diferenzas verdadeiramente significativas na súa implantación nin desde o punto de vista provincial (19,9% na Coruña, 16,7% en Lugo, 17,3% en Ourense e 18,67% en Pontevedra) nin desde o municipal. O seu avance nas sete grandes cidades de Galicia, que lle permite colocarse, segundo se sinalaba anteriormente, como segunda forza en cinco destas e achegarse moito aos socialistas nas dúas restantes, avalan o gran salto electoral do nacionalismo radical.

4. A vitoria do Bloque Nacionalista Galego é máis significativa na medida en que vai representar en solitario, por vez primeira desde a elección do primeiro Parlamento de Galicia en outubro de 1981, o nacionalismo galego. Fracasadas diversas operacións que se intentan ao longo da III lexislatura para conformar unha forza nacionalista de centro, tan só unha desvalorizada en liderado e en apoios Coalición Galega concorrerá ás eleccións de 1993, onde obterá uns pobrísimos resultados que van significar a liquidación definitiva dun proxecto nacido á sazón había case unha década. A outra forza que viñera compartindo a representación parlamentaria xunto co Bloque e que con el compartía o espazo do nacionalismo de esquerdas desde o inicio da vida autonómica galega –nun proceso azaroso onde desde competidores ata coaligados electorais ensaiaran case todas as fórmulas posibles de oposición/coordinación–, o PSG-EG, quedará agora, e por primeira vez desde 1981, sen representación parlamentaria. Aínda que conxuntamente coaligada con Esquerda Unida, os resultados electorais da coalición serán tamén moi pobres, ao quedar por debaixo do mínimo legal exixido pola nova regulación electoral –o 5% dos votos expresados– en todos os distritos. Certamente, será a propia regra D'Hondt a que excluírá a coalición das súas posibilidades de traducir votos en escanos, sen que tivese que entrar a xogar o tope mencionado.

A evolución da vida partidista

Á parte das xa case inevitables refundacións e constituicións de novas forzas no ámbito do espazo político-electoral nacionalista –das que ao longo de 1993 foron boa mostra a constituición da Convergencia Nacionalista Galega, nacida nunha asemblea fundacional celebrada en Santiago o día 1 de marzo de 1993, ou a refundación de Unidade Galega, constituída por militantes do PSG-EG, do Partido Galeguista e de Coalición Galega, tras unha asemblea fundacional celebrada tamén en Santiago o día 7 de marzo de 1993–, forzas das que apenas volveu saberse nada máis tras o seu nacemento e presentación aos medios de comunicación social, 1993 foi, desde o punto de vista da vida partidista, o ano da crise do Partido Socialista, que viu abrir nas súas filas internas, tras as eleccións, unha crise sen precedentes na súa historia desde o seu nacemento como federación do Partido Socialista Obreiro Español.

Aínda que xa con anterioridade á desfeita electoral de outubro o PSdeG-PSOE viña sufrindo no seu seo o reflexo do conflito interno en que veu estando inmerso o Partido Socialista no ámbito nacional nos últimos meses, conflito posto de relevo con ocasión da nada pacífica elaboración das candidaturas autonómicas, é innegable, na nosa opinión, que os resultados das eleccións do 17 de outubro van ser determinantes no desenvolvemento dos acontecementos na vida interna da organización socialista. Aínda que non ten interese entrar aquí nunha descrición detallada da evolución da crise socialista nas últimas semanas do ano 1993, si debe poñerse de relevo o feito de que a derrota electoral, producida inmediatamente antes da apertura do proceso de elección de delegados socialistas para o congreso federal do partido, haberá de acabar xogando como arma arreboladiza neste último proceso. E iso ata o punto de que na batalla xeral entre os chamados renovadores e guerristas, os primeiros liderados en Galicia polo secretario xeral do partido e candidato aos comicios autonómicos, Antolín Sánchez

Presedo, resultarán claramente derrotados polos segundos, que conseguirán facerse coa maioría da delegación socialista ao congreso federal, desautorizando así o previsto voceiro da delegación, é dicir, o secretario xeral, elixindo outro voceiro sen contar coa minoría renovadora da delegación e colocando o líder do partido nunha posición que desembocou na súa dimisión como secretario xeral, dimisión feita pública o día 28 de xaneiro de 1994, cando este capítulo estaba xa case pechado. Culminou así unha crise que, se foi en boa medida tradución da dinámica interna desatada no seo do Partido Socialista Obrero Español, se viu agudizada, sen ningún xénero de dúbidas, polos enfrontamentos internos xerados no PSdeG-PSOE con ocasión da celebración das eleccións autonómicas e, sobre todo, como consecuencia da durísima derrota á que este tivo que lle facer fronte.

A investidura do presidente da Xunta e a formación do novo Goberno autonómico

Como se sinalou con anterioridade, a proposta de Administración única, defendida ao longo de 1992 como unha das achegas fundamentais da Xunta de Galicia ao debate autonómico español, seguiría aínda viva durante o ano 1993, aínda que non xa coa proxección política de primeira orde de que gozara con anterioridade. A iso debeu contribuír, sen dúbida, tanto o feito de que a proposta marcasse un inicio da deterioración das relacións entre o Goberno central e a Xunta de Galicia, quen achacou ao primeiro a súa cerrazón en non abrir unha discusión na materia –e iso malia que algún membro do Goberno tan destacado como Jerónimo Saavedra, ministro para as Administracións Públicas, afirmase, nunhas longas declaracións ao diario *El País*, que «a Administración única de Fraga me parece ben» (25 de xullo de 1993, p. 16)–, canto as propias discrepancias internas do Partido Popular, postas de relevo con ocasión de declaracións de destacados líderes do partido nas que se distanciaban da proposta fraguista: Martín Villa, quen, no club Século XXI, a considerou, «como todas as súas propostas, algo desmesurada»; ou Mariano Rajoy, quen propuxo cambiarlle o nome para pasar a falar de «Administración común». Malia todo isto, o certo é que tanto no seu discurso pronunciado no chamado debate do estado da autonomía («Debate de política xeral, coa comparecencia do presidente da Xunta de Galicia para expoñer o proceso evolutivo da autonomía, a actual situación da Comunidade Autónoma de Galicia e a súa articulación e desenvolvemento futuros», BOPG n.º 373, do 20 de febreiro de 1993), celebrado os días 24 e 25 de febreiro de 1993, como posteriormente, no debate de investidura do presidente da Xunta, celebrado os días 29 de novembro e 1 de decembro do mesmo ano, Manuel Fraga retomará, como parte do seu discurso político, a proposta da Administración única, xunto coa da necesidade de converter o Senado nunha auténtica Cámara de representación territorial, aumentado de 19 a 22 o número de senadores correspondentes a Galicia, e a de institucionalizar unha conferencia de presidentes de comunidades autónomas.

Xunto a estes temas de natureza institucional, outra das cuestións abordadas polo candidato no seu discurso de investidura merece ser agora destacada: referímonos á posición do futuro presidente da Xunta en relación coa cuestión do financiamento autonómico. En tal sentido, e en coherencia coa que viñera sendo a posición da Xunta de Galicia durante o ano 1993 relativa á problemática da cesión do tramo do 15% do IRPF, o candidato a presidente cualificou no seu discurso de investidura tal fórmula de «dubidosa legalidade» e de «ilusión óptica». Para Fraga, tal fórmula «non incrementa en absoluto a autonomía financeira ou a corresponsabilidade fiscal, xa que a xestión e a capacidade normativa seguen estando en mans da Administración central». Pola contra, Fraga considerou na súa intervención que «para nós é mellor que as comunidades autónomas recaden os recursos que necesitan a que dependan de transferencias desde a Facenda central. É dicir –sinalaba o candidato–, somos firmes partidarios, non xa só da corresponsabilidade, senón da autonomía financeira plena, pero isto exige presentacións rigorosas e repousadas e non remedios de urxencia». Tras o debate, Manuel Fraga Iribarne resultou investido presidente da Xunta en votación celebrada na sesión do 1

de decembro, por 43 votos a favor (do Grupo Parlamentario Popular) e 32 en contra (19 do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e 13 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego). Foi nomeado presidente da Xunta polo Real decreto 2115/1993, do 2 de decembro (DOG n.º 234, do 7 de decembro de 1993).

Xa para pechar este apartado e, con el, o presente capítulo, realizarase unha breve referencia aos cambios introducidos na Xunta de Galicia, tras a vitoria electoral popular do 17 de outubro e a designación de Manuel Fraga como presidente por segunda vez consecutiva. A este respecto distinguiremos os cambios «institucionais», é dicir, os que se referiron á estrutura do Goberno autonómico galego e os «persoais», é dicir, os que afectaron aos titulares dos distintos departamentos conformadores da Xunta de Galicia. En canto ao primeiro, aínda que o número de consellarías (11) permaneceu inalterado, producíronse os seguintes cambios na denominación e/ou estrutura dos departamentos do Executivo autonómico: créase unha nova Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais e outra de Familia, Muller e Xuventude; a de Ordenación do Territorio e Obras Públicas pasa a denominarse de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda; a de Agricultura, Gandería e Política Forestal pasa a denominarse de Agricultura, Gandería e Montes; a de Cultura e Xuventude pasa a denominarse de Cultura, ao transferirse as últimas competencias á nova Consellería de Familia, Muller e Xuventude; a de Sanidade pasa a denominarse de Sanidade e Servizos Sociais, ao incorporar no seu seo esas competencias; por último, suprimense as consellarías de Tránsito e Servizos Sociais e de Relacións Institucionais e Portavoz do Goberno. En canto aos cambios persoais, producíronse os seguintes: entran no Goberno os titulares das carteiras de nova creación (Juan Miguel Diz Guedes en Xustiza, Interior e Relacións Laborais e Manuela López Besteiro en Familia, Muller e Xuventude); Víctor Manuel Vázquez Portomeñe cambia de carteira (pasa de Relacións Institucionais e Portavoz do Goberno, que desaparece, a Cultura); cambia de titular a Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura, para a que é nomeado Juan Caamaño Cebreiro; deixan o Executivo os antigos titulares das consellarías de Pesca, Marisqueo e Acuicultura (por substitución do titular), Tránsito e Servizos Sociais (por desaparición da carteira) e Cultura e Xuventude (por substitución do titular).

CAPÍTULO VIII

ANO 1994

1. Introducción: liñas xerais

En plena confirmación dalgún dos trazos da vida política e institucional que xa destacamos no capítulo correspondente ao ano 1993, 1994 supuxo unha consolidación das tendencias apuntadas tras as últimas eleccións autonómicas do 17 de outubro de 1993 e, moi especialmente, da tendencia á estabilidade en que se traduciu a espectacular vitoria electoral do Partido Popular, que logrou obter naqueles comicios 43 dos 75 escanos en xogo. Así as cousas –e toda vez que os resultados das eleccións europeas da primavera non supuxeron en Galicia máis que a confirmación amplificada das autonómicas–, o escaso debate político que caracterizou en liñas xerais o desenvolvemento da vida autonómica durante 1994 estivo máis centrado, segundo habemos de ver, no interior dos dous grandes partidos (Partido Popular e Partido dos Socialistas de Galicia) que na dinámica de competencia entre estes, dinámica obxectivamente dificultada pola extremada distancia de peso electoral existente entre o primeiro e o segundo. Noutra orde de materias, 1994, que tampouco sobresaíu pola súa notable produción lexislativa, mantida desde o punto de vista cuantitativo na que veu sendo ata a data a media habitual nos anos sen eleccións autonómicas, viu a continuación do proceso de transferencias derivado do bo clima político existente, ao longo de todo o período da nosa análise, entre a Xunta de Galicia e o Goberno do Estado, bo clima que tamén se puxo de relevo na escasísima conflictividade existente entre aquel e a Comunidade Autónoma galega. Finalmente, e como xa sucedera nos anos 1992 e 1993, coa formulación por parte do presidente da Xunta da proposta de Administración única e dos seus proxectos de reforma do Senado, en 1994 Manuel Fraga Iribarne volveu insistir na súa contribución á discusión sobre a configuración territorial do poder do Estado e a forma de organización da Cámara alta, sobre todo a través da súa intervención no debate sobre a situación do Estado das autonomías, celebrado no seo da Comisión Xeral de Autonomías do Senado en setembro de 1994.

Todos os temas que acaban de enunciarse serán obxecto de tratamento máis ou menos detallado nas páxinas que seguen, páxinas que se ordenarán conforme á seguinte sistemática: tras abordar, en primeiro lugar, o estudo do exercicio das competencias autonómicas durante 1994 –distinguindo, neste ámbito, as análises da produción lexislativa, da regulamentaria, do resultado do proceso de transferencia de competencias do Estado á Comunidade Autónoma galega e das relacións de conflito entre aquela e

outras instancias–, referirémonos á análise dos acontecementos esenciais da vida política e institucional producidos en Galicia, cuxas liñas mestras acaban de ser apuntadas nesta breve introdución.

2. O exercicio das competencias legislativas

Aínda que o número de leis publicadas no *Diario Oficial de Galicia* durante 1994 foi tan só de seis, na realidade o Parlamento de Galicia aprobou ata un total de nove no período citado, tres das cales serán publicadas en 1995, o que determina que, segundo as pautas que se veñen seguindo nesta obra, estas tres últimas queden fóra do obxecto da nosa análise neste capítulo e pasen ao seguinte. Iso supuxo unha lixeira inflexión á baixa no número de leis aprobadas –15 leis en 1992 e 12 en 1993–, que é maior se se ten en conta, en primeiro lugar, que o ano precedente a Cámara autonómica só estivo reunida durante o primeiro dos períodos de sesións correspondente a 1993, ao ser disolvido o Parlamento por Decreto do 23 de agosto dese ano; e en segundo lugar, que desas nove leis, dúas foron as orzamentarias de 1994 e de 1995 e outras dúas normas de modificación de textos legais xa vixentes. Deixando, polo tanto, de lado, as tres leis non publicadas no ano obxecto deste capítulo –7/1994, do 29 de decembro, pola que se crea o Instituto Lácteo e Gandeiro de Galicia (DOG n.º 4, do 5 de xaneiro de 1995); 8/1994, do 30 de decembro, de creación do Instituto Galego de Consumo (DOG n.º 9, do 13 de xaneiro de 1995), e 2/1995, do 2 de xaneiro (DOG n.º 29, do 10 de febreiro), de protección ambiental de Galicia–, dos seis textos legais aparecidos en 1994 todos menos un (a Lei 3/1994, do 18 de xullo, de reforma da do Valedor do Pobo) tiveron a súa orixe en proxectos do Goberno. Referirémonos a continuación, moi concisamente, a cada un destes:

- a) As leis 1/1994 e 6/1994 proceden a aprobar os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 1994 e 1995, respectivamente. Aínda que non faremos referencia ningunha ao seu contido, si queremos subliñar o feito da aprobación dentro do prazo legalmente previsto da Lei de orzamentos de 1995, fronte ao atraso considerable co que se aprobou a de 1994, debido á data das eleccións e, conseguintemente, de comezo dos traballos legislativos da IV lexislatura do Parlamento, cuxa apertura solemne tivo lugar a comezos de novembro de 1993.
- b) A Lei 2/1994, do 18 de xullo, veu modificar a 4/1984, do 4 de maio, de cámaras agrarias, co obxecto de adaptar esta última ás bases estatais do réxime xurídico das cámaras agrarias, fixadas na Lei estatal 23/1991, do 15 de outubro. Debemos recordar, a este respecto, que a lei galega que se procede a modificar fora aprobada con anterioridade á Lei do Estado 23/1986, do 24 de decembro, que veu fixar as bases máis arriba referidas e que foi obxecto de recurso ante o Tribunal Constitucional. O alto tribunal, na Sentenza 132/1989, do 18 de xullo, declarou constitucional, agás no seu artigo 8.2 e en parte da súa disposición adicional segunda, e foi este pronunciamento do Constitucional o que determinou a aprobación dun novo texto legal do Estado, a Lei 23/1991, á que agora procede a adaptarse a primixenia Lei galega de cámaras agrarias.
- c) A Lei 3/1994, do 18 de xullo, que leva a cabo unha modificación parcial da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, é, como antes apuntabamos, a única de todas as aprobadas durante 1994 que non tivo a súa orixe nun proxecto do Goberno. Esta norma, en tanto que lei de desenvolvemento básico do Estatuto de autonomía das previstas nos artigos 126 e 127 do Regulamento do Parlamento de Galicia analizadas no capítulo segundo, foi tramitada a partir da iniciativa conxunta de todos os grupos parlamentarios a que se refire o artigo 126.2 do Regulamento parlamentario, partindo a iniciativa política do propio Valedor. Mencionaremos seguidamente os seus aspectos esenciais, que se concre-

tan na prórroga das funcións do valedor, naqueles casos en que o seu cesamento se derivase da expiración do seu nomeamento, ata que se produza a nova elección (art. 5.º 3), na determinación de que a proposta para o nomeamento e cesamento dos vicevaledores, a partir da cal procederá o propio valedor, se realizará pola Comisión de Peticións da Cámara a iniciativa dos grupos parlamentarios (art. 90.1), na especificación, con moito maior detalle que ata o presente, do réxime xurídico aplicable ao persoal ao servizo do Valedor (art. 10), na dotación necesaria para o funcionamento da institución (art. 12) e nas súas atribucións e facultades (arts. 13 e 16), na modificación do réxime regulador das resolucións e as notificacións do Valedor (arts. 29 e 34) e, finalmente, na adición dun novo título V (arts. 38-40), regulador das relacións entre o Valedor do Pobo, o Defensor do Pobo e os diferentes comisionados de parlamentos ou asembleas lexislativas autonómicas.

- d) A Lei 4/1994, do 14 de setembro, de estradas de Galicia é, na nosa opinión, xunto coa de protección ambiental, a máis significativa das normas aprobadas ao longo de 1994, pola importancia estratéxica do sector de actividade ao que se dirixe a súa regulación. A lei vén regular os moi diferentes aspectos do servizo viario, por medio de normas que, segundo aclara a propia exposición de motivos do texto legal, respondan dun lado ás novas exixencias técnicas en materia de comunicacións viarias e, doutro, ás demandas actuais dos usuarios e á realidade das peculiaridades territoriais da Comunidade Autónoma de Galicia, co seu hábitat demográfico moi disperso ao tempo que concentrado nun gran número de pequenos núcleos de poboación.
- e) Por último, a Lei 5/1994, do 29 de novembro, de creación do ente público Portos de Galicia é unha norma de carácter organizativo pola que se procede á creación no ámbito da Comunidade Autónoma dunha entidade de dereito público así denominada, coa misión de desenvolver e xestionar as funcións e os servizos que en materia de portos de competencia da Comunidade Autónoma lle son atribuídos pola propia lei, con suxeición aos principios establecidos na Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia. O ente público Portos de Galicia ten, segundo a nova norma, personalidade xurídica e patrimonio propios e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins.

Esta referencia á produción lexislativa do Parlamento de Galicia non estaría completa, en todo caso, se non fixésemos mención a algunhas outras iniciativas tomadas no seo da Cámara autonómica e que veñen a compoñer a imaxe global da acción lexislativa durante o ano obxecto deste capítulo.

- 1) En primeiro lugar, o Parlamento de Galicia tivo que facer fronte a dúas novas propostas de reforma do Regulamento da Cámara, que viñeron así a engadirse á xa levada a cabo no verán de 1993, que foi obxecto de análise no capítulo anterior. A este respecto, e aínda que ao longo do ano foron formuladas dúas proposicións de lei de reforma, ambas as dúas polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, só a primeira prosperou de momento. A segunda, relativa á modificación do artigo 9 do Regulamento parlamentario sobre o dereito de información dos deputados (BOPG n.º 174, do 10 de decembro de 1994), foi admitida a trámite pola Mesa do Parlamento e atópase pendente de tramitación. En canto á xa aprobada (DOG n.º 3, do 4 de xaneiro de 1995, que publica a «Comunicación do 19 de decembro de 1994 pola que se ordena a publicación da modificación dos artigos 52.2, 69.2 a e 70 do vixente Regulamento do Parlamento de Galicia»), centrouse nalgúns aspectos do réxime xurídico regulador das comisións de investigación. De feito, serían acontecementos relacionados coas incidencias dunha concreta comisión investigadora constituída no seo da Cámara ao longo de 1994 –a destinada á investigación das presuntas irregularidades e responsabilidades na realización das obras de Verín e Castrelo do Val– os que determinarían finalmente tanto a presentación da iniciativa

socialista que culminaría na reforma como unha das materias a que aquela se ía referir: o réxime de publicidade dos traballos das sesións das comisións de investigación.

En efecto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia formula na súa proposición, que foi tomada en consideración por unanimidade en sesión plenaria do 14 de xuño, a modificación do apartado 3.º do artigo 70 do Regulamento parlamentario galego, que reproducía case literalmente o artigo 63.2 do Regulamento do Congreso dos Deputados. Xa na fase de tramitación, o grupo propoñente aceptará unha emenda do Grupo Parlamentario Popular tendente a especificar con maior detalle o alcance do principio de publicidade que se introducía na proposta socialista e a establecer garantías sobre os dereitos de defensa dos particulares chamados a comparecer ante as comisións de investigación. Así as cousas, foi posible que no pleno celebrado o día 4 de novembro se chegase a unha proposición final de modificación que sería aceptada por unanimidade recuperándose, polo tanto, un principio esencial de consenso nas reformas regulamentarias que fora roto coa operada no ano 1993. A reforma centrouse, en conclusión, nos dous seguintes aspectos: a) Procedeuse a especificar que as persoas requiridas como informantes nas comisións de investigación deberán ser advertidas dos seus dereitos e da posibilidade de comparecer ante aquelas asistidas de letrado (art. 52.2). b) Procedeuse a modificar o réxime das comisións de investigación no relativo á súa publicidade. Para iso eliminouse como causa de excepción á publicidade das sesións do Pleno do Parlamento aqueles casos en que se debatían propostas, ditames, informes ou conclusións formuladas polas comisións de investigación (art. 69.r) e determinouse –fronte ao carácter previamente secreto en todo caso das comisións de investigación– que as sesións destas serán a porta pechada, pero podendo asistilos representantes dos medios de comunicación social debidamente acreditados, agás nos seguintes casos en que serán secretas: no das reunións das relatorías que se creen no seo das comisións; no das comparecencias que versen sobre materias que fosen declaradas reservadas ou secretas segundo a lexislación vixente e as que traten sobre asuntos que coincidan con actuacións xudiciais que fosen declaradas secretas; no caso dos datos, informes ou documentos facilitados a estas comisións para o cumprimento dos seus fins cando o dispoña unha lei ou cando motivadamente o acorde a propia Comisión (art. 70).

- 2) Durante a IV lexislatura, que se inicia a finais de 1993, procedeuse tamén á designación dos deputados autonómicos que haberían de defender no Congreso dos Deputados dúas proposicións de lei presentadas ante aquel polo Parlamento de Galicia, ao abeiro do previsto no artigo 87.2 da Constitución: a Proposición de lei ante o Congreso dos Deputados de transferencias á Comunidade Autónoma da competencia estatal en materia de portos galegos de interese xeral e a Proposición de lei ante o Congreso dos Deputados de modificación do artigo 82 da Lei xeral de sanidade estatal, no referente ao financiamento da asistencia sanitaria da Seguridade Social. Os votos contrarios dos grupos Socialista, Catalán e de Izquierda Unida, no primeiro caso, e dos grupos Socialista e Catalán, no segundo, deron lugar a que ambas as dúas proposicións de lei fosen rexeitadas polo Congreso dos Deputados en sesión plenaria celebrada o día 17 de maio de 1994 (DSCD, P, n.º 72).
- 3) Foron rexeitadas tamén, agora polo Parlamento de Galicia, as dúas proposicións presentadas por grupos parlamentarios da oposición: a do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, relativa á derogación da Lei de cámaras agrarias, e a do Bloque Nacionalista Galego relativa á regulación de axudas á prensa escrita en lingua galega.
- 4) Igualmente foi rexeitada unha proposición de lei de iniciativa lexislativa popular referente á creación do grupo empresarial lácteo galego, e quedou a segunda das presentadas, relativa

á configuración do mapa de titulacións do campus de Ourense, pendente do trámite de toma en consideración.

- 5) Unha mención final, xa para rematar esta referencia á produción legislativa do Parlamento de Galicia durante 1994, merece o sucedido con dúas propostas legislativas de grande importancia material que, por distintas razóns, quedaron *conxeladas* na súa tramitación parlamentaria. Dun lado, a Proposición de lei de dereito civil especial de Galicia, tramitada en relatoría conxunta (BOPG n.º 90, do 23 de xuño de 1994), en fase de emendas ao articulado; e, doutro lado, o Proxecto de lei de ordenación do territorio de Galicia –única das materias de desenvolvemento estatutario (art. 2.º. 3 do Estatuto de autonomía para Galicia: «Unha lei do Parlamento regulará a organización territorial propia de Galicia, de acordo co presente Estatuto»), pendentes ata agora de regulación– presentado en outubro de 1994, publicado no BOPG n.º 161, do 17 de novembro de 1994, e paralizado desde entón no seo da Cámara autonómica.

3. A actividade regulamentaria

A actividade regulamentaria da Administración autonómica galega –normalizada no seu funcionamento tras un período electoral no que se producira unha apreciable caída no ritmo de traballo do aparato administrativo do Goberno con motivo dos comicios autonómicos– mantívose a un ritmo normal no ano 1994, mais poden salientarse, en todo caso, algúns sectores de actividade en que o número ou a importancia das normas regulamentarias aprobadas destacou por enriba, nalgúns supostos moi por enriba, do conxunto.

- a) É o caso das *normas organizativas* destinadas ao establecemento da estrutura das consellarías da Xunta de Galicia ou dos órganos dependentes da súa Presidencia, normas que adoitan ser habituais tras un cambio de Goberno e que no caso do producido en decembro de 1993 viñan exixidas por unha recomposición que non afectou só aos nomes dos titulares das consellarías, senón tamén á propia estrutura dos departamentos autonómicos. En tal sentido aprobáronse os seguintes decretos que fixan a nova estrutura orgánica e funcional das consellarías: 2/1994 (Familia, Muller e Xuventude), 13/1994 (Xustiza, Interior e Relacións Laborais), 49/1994 (Cultura), 117/1994 (Economía e Facenda), 198/1994 (Sanidade e Servicios Sociais), 239/1994 (Educación e Ordenación Universitaria) e 262/1994 (Presidencia e Administración Pública). O Decreto 427/1993 regulou os órganos asesores e consultivos da Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura e o 261/1994 fixou a dos centros directivos dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia. Ademais dos citados, e igualmente no ámbito das normas organizativas, os decretos 15, 16 e 17 de 1994 procederon, respectivamente, á creación das comisións delegadas da Xunta para o Medio Ambiente, para Asuntos Económicos e para o Emprego Xuvenil e o 114/1994, á creación da Comisión para Asuntos Relacionados coa Unión Europea. Finalmente debemos apuntar neste ámbito cinco normas máis: dun lado, o Decreto 75/1994, polo que se regula o funcionamento de policía locais de Galicia; o 43/1994, de organización do Rexistro de parzarías e arrendamentos rústicos históricos, e o 120/1994, polo que se crean os rexistros de altos cargos da Xunta e se regula o seu funcionamento. Doutro lado, o Decreto 320/1994, polo que se regulan os servizos de automobilismo da Xunta de Galicia, e o 340/1994, de creación de comisións provinciais de racionalización administrativa.

Aínda que non se trate de decretos de carácter organizativo, dentro deste primeiro apartado de normas relativas á estrutura e ao funcionamento da Administración autonómica galega

debe incluírse, por último, unha serie de decretos que, a imitación do que en 1993 procedeu a facer a Junta de Andalucía (Francisco López Menudo, «Andalucía», en *Informe Comunidades Autónomas 1993*, pp. 99-102), aproban para cada unha das consellarías da Xunta de Galicia a relación de procedementos iniciados por solicitude dos interesados, dos que sexa competente para resolver a consellaría respectiva e, no seu caso, os seus organismos autónomos, e nos que a falta de resolución expresa da Administración produce efectos desestimatorios ou estimatorios (decretos 264 a 274 de 1994).

- b) Sen ningún xénero de dúbidas, o segundo grupo de normas regulamentarias que debe destacarse, pola súa importancia tanto cuantitativa como cualitativa, é o relativo ao sector de actividade da *ordenación pesqueira*, algo que non pode resultar en modo ningún estraño dada a significación deste para a economía galega, na que o sector da pesca, o marisqueo e a acuicultura teñen unha importancia económica e social destacada, pois contribúe nun 3,5% ao produto interior bruto e achega de forma directa un 3,9% da poboación activa. Ademais diso xera unha grande actividade económica inducida nas industrias auxiliares, como conserveiras, transportes, equipamentos pesqueiros, construción naval ou comercialización dos produtos da pesca. Agrupados polas distintas materias aos que fixeron referencia, deben destacarse neste ámbito os seguintes decretos fundamentais: en primeiro lugar, os que viñeron refundir normativa dispersa ata a data e que agora procede a ordenarse e racionalizarse (decretos 419/1993, en materia de descarga, primeira venda e comercialización de recursos mariños frescos; 420/1993, en materia de rexistros de buques e empresas agroalimentarias; 422/1993, en materia de axudas para o sector pesqueiro, marisqueiro e da acuicultura; 423/1993, en materia de marisqueo, extracción de algas e cultivos mariños; 425/1993, en materia de permiso de explotación para exercer a actividade pesqueira e marisqueira; 426/1993, en materia de infraccións relativas á protección de recursos marítimo-pesqueiros; 428/1993, en materia de formación náutico-pesqueira, e 429/1993, en materia de actividades pesqueiras de carácter recreativo). En segundo lugar, os que procederon a establecer unha nova normativa regulamentaria sobre determinadas materias (decretos 421/1993, que regula a denominación «Produto Galego de Calidade» para o sector da pesca, o marisqueo e a acuicultura, e o 242/1993, polo que se aproba o Regulamento da actividade pesqueira e das artes e aparellos de pesca permisibles en Galicia). En terceiro lugar, por último, dúas normas de carácter subvencional: o Decreto 278/1994, que establece un programa de axudas con finalidade estrutural no sector da pesca, a acuicultura e a transformación e comercialización dos seus produtos, e o 287/1994, sobre axudas para a adquisición de buques para mellorar as condicións de acceso aos caladoiros da frota que traballa en augas comunitarias.
- c) Un terceiro sector de actividade no que foron varias as normas regulamentarias aprobadas foi o da *asistencia social* e as materias de *familia, muller e xuventude*, ademais de tres decretos de carácter organizativo (53/1994, de creación da Rede Galega de Información e Documentación Xuvenil e regulación das condicións e procedementos para o recoñecemento oficial dos servizos de información xuvenil; 95/1994, de desenvolvemento da Lei de servizos sociais no relativo aos rexistros de entidades prestadoras de servizos sociais, e 174/1994, de creación de órganos colexiados de coordinación en materia de drogodependencias). Aprobáronse aquí dúas normas máis de natureza subvencional (decretos 52/1994, polo que se establece o réxime xeral das axudas e subvencións da Consellería de Familia, Muller e Xuventude en materia de formación, promoción de emprego e fomento da economía social, e 225/1994, polo que se regula o programa de acollemento familiar para persoas maiores e minusválidos).

- d) Significativa foi tamén a actividade regulamentaria no relativo á *economía, a industria e o comercio*. En materia de comercio aprobouse o Decreto 20/1994, regulador dos horarios comerciais no ámbito da Comunidade Autónoma, que vén desenvolver as bases que na materia establecera a normativa do Estado (Real decreto-lei 22/1993, do 29 de decembro) e levado ao baleiro provocado pola declaración de inconstitucionalidade de varios preceptos da Lei 10/1988, do 20 de xullo, de ordenación do comercio interior de Galicia. Polo que se refire á industria, aprobáronse catro importantes normas regulamentarias: os decretos 204/1994, sobre seguridade industrial, 205/1994, que refunde a normativa vixente en materia de inspección técnica de vehículos, 206/1994, que adapta a normativa vixente en materia de prestación de servizos nos talleres de reparación de vehículos e dos seus equipos e compoñentes, e 217/1994, sobre axudas para o sector da construción naval en Galicia. Por último, e en materia de economía, aprobouse o Decreto 284/1994, de regulación de avais do Instituto Galego de Promoción Económica.
- e) A chamada *normalización lingüística* e a educación centraron tamén boa parte da acción regulamentaria do Goberno: en canto ao primeiro, aprobáronse os decretos 79/1994, sobre exención da materia de lingua galega no ensino básico e medio, 103/1994, polo que se establecen axudas dirixidas ás publicacións periódicas escritas integramente en galego normativizado, e 185/1994, sobre utilización do idioma galego nos produtos e información ao consumidor e usuario en Galicia. En canto ao segundo, deben destacarse os decretos 259/1994, polo que se establece o procedemento para a creación e recoñecemento de universidades, centros universitarios e autorizacións de estudos na Comunidade Autónoma, e 275/1994, polo que se establece o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma.
- f) Dedicaremos un último apartado a aqueles sectores en que a actividade regulamentaria foi escasa, pero que en todo caso viron a aprobación dalgunha norma significativa: é o caso da *vivenda* (ámbito onde se aprobaron os decretos 133/1994, de regulación de situacións dos ocupantes e cambio de réxime nas vivendas de promoción pública, e 301/1994, sobre adquisición e alienación de terreos polo Instituto Galego da Vivenda e Solo), do *transporte* (Decreto 98/1994, polo que se regula o transporte regular temporal de viaxeiros ás praias), dos *deportes* (Decreto 228/1994, regulador das federacións deportivas galegas), da *sanidade e deportes* (Decreto 355/1994, polo que se regula o traslado de animais e se aproban os modelos oficiais de autorización oficial de traslados) e do *réxime laboral* (Decreto 106/1994, de réxime xeral de axudas e subvencións en materia de ámbito laboral e mellora das condicións de traballo).

4. O proceso de transferencias e os conflitos con outras instancias

- 1) Como xa apuntamos, en 1994 continuou o proceso de traspaso de competencias do Estado á Comunidade Autónoma galega. Así, tras unha reunión celebrada a principios de outubro pola Comisión Mixta de Transferencias, aprobáronse sete reais decretos de transferencias, o que supuxo para Galicia a asunción de materias por valor de case 2800 millóns de pesetas e un traspaso de case 500 traballadores á Administración autonómica. Os reais decretos, todos do 4 de novembro e todos publicados no DOG do 23 de decembro de 1994, son os seguintes: 2164/1994, sobre traspaso de funcións e servizos en materia de cámaras agrarias; 2165/1994, sobre traspaso de funcións e servizos en materia de defensa contra fraudes e calidade agroalimentaria; 2166/1994, sobre traspaso de funcións en materia de provisión de medios materiais e económicos para o funcionamento da Administración de xustiza; 2167, 2168 e 2169, todos de 1994, sobre ampliación das funcións e os medios

adscritos aos servizos traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura, normas que afectan á titularidade da muralla de Lugo, do depósito arqueolóxico do castro de Viladonga, da Fundación Manuel Ventura Figueroa e á cesión de competencias en materia de arqueoloxía subacuática; e, finalmente, 2170/1994, sobre ampliación do traspaso en materia de servizos e asistencia sociais.

- 2) Case como a outra cara da moeda das fluídas relacións que facultaron o proceso de traspasos referido, a conflitividade competencial, en liña co sucedido nas restantes comunidades autónomas, foi mínima durante 1994. Tan só cabería destacar en tal sentido o recurso de inconstitucionalidade n.º 1053/1994 formulado pola Xunta contra un precepto (art. 95. apartados 6 e 7) da Lei 21/1993, do 29 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1994, recurso admitido a trámite polo Tribunal Constitucional por Providencia do 12 de abril de 1994 (BOE do 21 de abril). O precepto impugnado regula a participación das comunidades autónomas nos ingresos do Estado e introduce como novidade a participación das comunidades autónomas na recadación do imposto da renda das persoas físicas. Ademais de considerar que o novo sistema de financiamento favorece as comunidades autónomas con maiores niveis de desenvolvemento e é, polo tanto, atentatorio contra o principio constitucional da solidariedade, a Xunta entende que os apartados da lei impugnados establecen un novo método de financiamento sen procederse á preceptiva modificación da LOFCA, o que, dado o carácter orgánico desta última, vulneraría a Constitución. Ademais, a Comunidade Autónoma viuse implicada nun conflito positivo de competencia formulado polo Consello de Goberno do Principado de Asturias en relación co acordo polo que se aprobou un proxecto de obras que autorizaba a construción dun porto na localidade de Ribadeo (Lugo). O conflito foi admitido a trámite polo Tribunal Constitucional o 15 de novembro de 1994.

Finalmente, e no referente ás resolucións do Tribunal Constitucional sobre conflitos previamente formulados, cabería destacar a Sentenza do alto tribunal do 16 de xuño de 1994 en relación coa Lei 4/1990, do 29 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para 1990, pola que se declara inconstitucional a disposición final 10.^a da citada lei, interposto polo Goberno da Xunta de Galicia. A Comunidade Autónoma impugnou a mencionada disposición, que regulaba a supresión das cámaras oficiais da propiedade urbana como corporacións de dereito público, por considerar que vulneraba as competencias autonómicas en materia de cámaras de propiedade atribuídas a Galicia polo artigo 27.29 do Estatuto de autonomía. Ademais desta sentenza, o Tribunal Constitucional, por dous autos do 8 de febreiro e 22 de marzo, procedeu a levantar a suspensión de determinados artigos das leis 6/1993, do 11 de maio, de pesca de Galicia e 11/1993, do 15 de xullo, sobre recurso de casación en materia de dereito civil especial de Galicia, impugnadas, respectivamente, polos recursos de inconstitucionalidade 2728/1993 e 3141/1993, un e outro promovidos polo presidente do Goberno (DOG do 7 de marzo e 26 de abril de 1994, respectivamente).

5. Trazos fundamentais da vida política e institucional galega

As eleccións europeas do 12 de xuño de 1994

As eleccións europeas, tan significativas desde o punto de vista da súa transcendencia nacional, ao ser as primeiras nas que o Partido Popular lograba impoñerse ao Partido Socialista Obrero Español desde as xerais do 28 de outubro de 1982, tiveron en Galicia unha significación máis reducida, pois non indicaron un cambio das tendencias xa anunciadas nas autonómicas do 17 de outubro de 1993, senón, ben ao contrario, a consolidación da máis importante destas, é dicir, da tendencia cara ao dis-

tanciamiento entre a primeira forza do sistema galego de partidos –o Partido Popular– e todas as demais. En efecto, aínda que, dada a baixada nos niveis de participación, os populares non conseguen manter o número absoluto de votos obtidos nas pasadas autonómicas, os seus índices porcentuais sobre voto expresado increméntanse ata case o 55% dos sufraxios para o conxunto da Comunidade Autónoma. Pola súa parte, o Partido dos Socialistas de Galicia, que sufrira nos comicios do outono unha seria desfeita, mantense en torno ao 25% dos sufraxios, e baixa espectacularmente o Bloque Nacionalista Galego, que con algo menos do 12% perde case sete puntos porcentuais en relación cos seus últimos resultados autonómicos. Malia a prudencia con que deben ser manexados estes resultados, dado o especial carácter da consulta electoral europea e os seus moi distintos niveis de participación en relación coas eleccións internas (xerais, autonómicas e locais), as europeas de xuño confirmaron en Galicia a absoluta hexemonía popular, patente con só apuntar un dobre dato: o Partido Popular venceu en 294 dos 313 municipios de Galicia –batendo a súa propia marca das autonómicas: 288 sobre 313– vitoria que, de extrapolarse os datos das europeas a unhas hipotéticas autonómicas, supoñería que a repartición dos 75 escanos da Cámara galega fose o seguinte: 47 escanos para o Partido Popular, 19 para o Partido dos Socialistas de Galicia, 7 para o Bloque Nacionalista Galego e 2 para Izquierda Unida.

A evolución da vida partidista

Como se apuntaba na introdución, a extraordinaria distancia entre o primeiro partido de Galicia en termos do seu apoio electoral (PP) e todos os demais (PSdeG-PSOE e BNG) supuxo unha redución notable dos niveis de competencia interpartidista, de tal forma que durante 1994 apenas se produciron conflitos dignos de salientarse. Máis alá de determinados escándalos políticos relacionados xenericamente co clima de denuncias de corrupción que se produciu en España, as máis importantes mobilizacións populares non foron dirixidas directamente contra o Goberno da Xunta de Galicia: así, por exemplo, aconteceu coas mobilizacións destinadas a apoiar os intereses da frota boniteira galega –conflicto que determinou a aprobación de ata seis declaracións institucionais do Parlamento de Galicia–, coas destinadas a impedir o peche de determinados servizos ferroviarios por parte da compañía Renfe –conflicto este que deu lugar a unha moción parlamentaria da oposición (BNG) sobre mantemento, mellora e modernización do ferrocarril galego aprobada pola Cámara–, ou coas dirixidas a solicitar o aumento das políticas represivas e preventivas contra o tráfico e o consumo de drogas, potenciadas estas últimas polo grande escándalo social que suscitou na sociedade galega a sentenza xudicial ditada no caso da chamada «Operación Nécora», publicada o día o 27 de setembro. Así as cousas, e como acabamos de apuntar, será no terreo do control do Executivo onde sei producirán as iniciativas máis destacables. A oposición propuxo no Parlamento de Galicia a creación de ata catro comisións de investigación, das que só unha foi aceptada: a relativa ás presuntas irregularidades e responsabilidades na realización das obras de Verín e Castrelo do Val, cuxa importancia residiu no feito de estar presuntamente implicado nestas, directamente, un sacerdote e militante do PP, o coñecido en medios xornalísticos como o cura de Tamaguelos, e indirectamente, e dadas as súas responsabilidades administrativas, o conselleiro de Política Territorial Xosé Cuíña Crespo, quen pasou por ser un dos posibles sucesores do presidente da Xunta de Galicia.

Iso permítenos entrar xa nas cuestións internas da vida dos partidos, que é onde ao longo de 1994 estivo máis centrado o interese da política galega. No que se refire ao Partido Popular, a súa dinámica interna veu marcada en boa medida polo anuncio, primeiro, e a reiteración, despois, por parte do presidente da Xunta da súa declaración de que non se presentaría á reelección rematado o seu mandato en 1997, o que disparou todo xénero de especulacións sobre o seu posible sucesor e determinou movementos internos no partido entre os distintos líderes que aspiran á sucesión, e, sobre todo,

entre os dous principais candidatos, os conselleiros de Política Territorial e Obras Públicas, Xosé Cuiña Crespo, e de Sanidade e Servicios Sociais, José Manuel Romay Beccaría. Esa citada dinámica produciuse dun xeito máis ou menos subterráneo e non impediu que a vida *oficial* da organización estivese marcada pola máis absoluta normalidade, como o demostraron os resultados do VII Congreso do Partido Popular de Galicia celebrado en Santiago de Compostela o día 22 de maio de 1994, no que, coa participación de 4000 compromisarios, foi elixida unha executiva por unanimidade. Só cabería apuntar en relación con este un dato que o tempo demostrou ía ter máis importancia que a que entón quizais cabía prever: referímonos á saída da executiva, a máis sonora das producidas no congreso, do ex-conselleiro de industria e comercio da Xunta, Juan Fernández, relevado a finais de abril tras a súa implicación nun escándalo relacionado con presuntas irregularidades no cumprimento das súas obrigas fiscais. Aínda que xa no momento do relevo distintos medios puxeron en relación a dimisión do conselleiro con presións recibidas por parte dun sector do partido encabezado polo líder provincial coruñés, o conselleiro Romay Beccaría, o certo é que o conflito, de existir, se mantivo larvado ata finais de 1994, sendo xa perfectamente claro e aberto cando se redacta este capítulo nos últimos días de xaneiro de 1995. En efecto, o día 26 do citado mes Juan Fernández anuncia a súa vontade de presentarse encabezando unha lista de independentes á alcaldía de Ferrol –onde a maioría do Partido Popular está controlada por líderes afíns a Romay Beccaría– e declara que en tal caso abandonará o seu escano no Parlamento de Galicia. A reacción da dirección do partido non se fai esperar, e o día 27 o propio presidente da Xunta advirte ao ex-conselleiro que será expulsado do partido se materializa o seu anuncio de presentar unha lista á alcaldía distinta á do Partido Popular.

A diferenza do acontecido no Partido Popular, onde os hipotéticos conflitos, malia excepcións como a que acabamos de analizar, se mantiveron larvados e sen expresión pública, no caso do Partido dos Socialistas de Galicia, as loitas internas, abertas e de gran dureza tras a desfeita electoral das autonómicas do outono de 1993 e potenciadas, en todo caso, polos propios conflitos orgánicos no ámbito nacional entre guerristas e renovadores, deron lugar a unha crise case permanente do partido, que o colocou nun dos seus peores momentos desde o inicio da etapa democrática. O punto de inflexión na crise socialista galega que xa viña xestándose con anterioridade aos comicios autonómicos de 1993 e que se manifestaría na propia elaboración das candidaturas –maioritariamente renovadoras– para esas eleccións, produciríase con ocasión da derrota do 17 de outubro, cando o PSdeG-PSOE pasa do 32,5% dos sufraxios en 1989 ao 23,4% e de 28 escanos a un total de 19, moi pouco por enriba do mínimo de 16 que o Partido Socialista obtivera nas primeiras autonómicas de 1981. Nese contexto de grave desfeita electoral prodúcese, apenas empezado 1994, o día 28 de xaneiro, a dimisión de Antolín Sánchez Presedo, que fora candidato á Presidencia da Xunta, como secretario xeral dos socialistas galegos. Varios días despois, o 4 de febreiro, anúnciase a constitución dunha xestora que gobernará o partido ata o congreso que se celebrará na primavera, que vai ser presidida por Francisco Vázquez, alcalde da Coruña, presidente da Federación Española de Municipios e Provincias e cabeza visible do sector guerrista na federación socialista galega.

Malia o dominio renovador, que permitira ao xa ex-secretario xeral presentar unhas candidaturas autonómicas afíns ás súas posicións, o certo é que o proceso de elección de delegados para o congreso socialista galego, desenvolvido ao longo do mes de abril, demostrará un cambio de tendencia, ao seren agora os guerristas –os vazquistas– os que lograrán unha clara maioría. De feito, esa nova maioría orgánica xa se puxera de relevo con ocasión da elección dos delegados galegos ao XXIII Congreso Federal do Partido Socialista, elección que deu como resultado un total de 41 delegados vazquistas por tan só 12 renovadores. O VII Congreso do Partido dos Socialistas de Galicia, celebrado en Santiago os días 14 e 15 de maio, supón a elección de Francisco Vázquez como secretario xeral do partido, co 58% dos votos dos delegados, fronte ao 41% que obterá Carlos González Príncipe, alcalde de Vigo e cabeza do sector renovador en Galicia. En todo caso, a brecha aberta no partido,

perfectamente perceptible nos resultados da votación para a elección de secretario xeral que acaban de expoñerse, seguirá coleando despois do congreso socialista e terá a súa máxima expresión na dimisión, producida a principios de setembro, do voceiro do Grupo Parlamentario Socialista na Cámara autonómica, Fernando Salgado, aliñado co sector renovador. Elixido, de forma provisional, Miguel Cortizo, tamén renovador, como voceiro, a crise non se pechará ata finais de ano, en que se confirmará de forma definitiva a referida elección provisional.

Remataremos este percorrido pola vida dos partidos en Galicia facendo unha referencia final ás forzas nacionalistas, que continuaron durante o ano 1994 un proceso de confluencia orgánica xa iniciado con anterioridade e decisivamente potenciado, á marxe da estrita vontade dos participantes no mencionado proceso, polo dato obxectivo dos resultados das eleccións autonómicas nas que, por primeira vez desde 1981, un só partido nacionalista, o Bloque Nacionalista Galego, chega case a monopolizar a totalidade do espazo electoral nacionalista en Galicia. Deste modo, en marzo de 1994 a Executiva de Unidade Galega, herdeira da antiga Esquerda Galega liderada por Camilo Nogueira –forza que tras unha actuación parlamentaria moi significativa na Cámara autonómica sufrirá unha derrota estrepitosa nas eleccións de outubro que supoñen a súa desaparición da vida institucional– solicita unha reunión co Bloque para estudar nela unha posible confluencia orgánica, producíndose a partir de entón diversos tipos de contactos aínda abertos no momento en que se redacta este capítulo.

O debate no Parlamento galego sobre o estado da autonomía e o debate no Senado sobre a situación do Estado das autonomías

No mes de setembro de 1994 producírase a coincidencia de dous debates parlamentarios de extraordinaria importancia e significación política e xurídica nos que o presidente da Xunta terá un marcado protagonismo: o coñecido xa en Galicia como «debate sobre o estado da autonomía» e o organizado no seo da Comisión de Autonomías do Senado en relación coa situación do Estado das autonomías.

O primeiro –formalmente consecuencia da comunicación da Xunta na que se solicita a comparecencia do presidente para expoñer a situación política da Comunidade Autónoma (BOPG n.º 114, do 17 de setembro de 1994)– celebrouse os días 20 e 21 de setembro (DSPG n.º 31 e 32) e supuxo un avance das posicións que Manuel Fraga Iribarne expoñería a semana seguinte no Senado, polo que máis abaixo nos referiremos a estas. Malia que a comunicación do presidente estivo centrada en tal materia –algo que os voceiros dos grupos parlamentarios da oposición criticaron no curso do debate, acusando a Manuel Fraga de non analizar nin diagnosticar os problemas da Comunidade Autónoma–, iso non impediu que tras o debate se presentasen e votasen ata un total de 247 propostas de resolución (5 do Grupo Parlamentario Popular, 176 do GP Socialista e 66 do GP do BNG), das cales se aprobarían 26: as 5 da maioría, 11 socialistas e 10 nacionalistas (BOPG n.º 123, do 28 de setembro de 1994).

Polo que se refire ao segundo dos debates referidos, a intervención do presidente da Xunta no debate sobre o Estado das autonomías celebrado no seo da Comisión de Autonomías do Senado o día 26 de setembro ía centrarse precisamente en catro das cinco propostas que na discusión da Cámara galega serían aprobadas como propostas de resolución do Grupo Parlamentario do Partido Popular: reforma do Senado, deseño do Consello Económico e Social, participación das CCAA na Unión Europea e creación dunha conferencia de presidentes autonómicos. En tal sentido, o discurso do presidente da Xunta no Senado, tras asentar a importancia central dos principios de autonomía, solidariedade e participación como principios que «configuran o fundamento constitucional do sistema», apunta á necesidade de «poñer orde no caos», para o cal se propoñen un primeiro grupo de «medidas necesarias para superar as tarefas pendentes»: inclúense así, as propostas de «creación do Consello do artigo 131

da Constitución que permita que a planificación económica se faga tendo en conta as previsións formuladas polas autonomías; a reunión periódica dos presidentes das comunidades autónomas co presidente do Goberno, no seo dunha conferencia onde todos poidan participar en pé de igualdade e nun clima de máxima transparencia, e a apertura de canles de participación das comunidades autónomas en Europa, sen prexuízo do papel irrenunciable do Estado». Todas as citas textuais, agora e a partir deste momento, proceden da edición do discurso do presidente galego realizada pola propia Xunta, xunto co que se publicaron os volumes que pormenorizan as propostas referidas: I: Administración única: unha proposta de racionalización do Estado das autonomías; II: O Senado como Cámara de representación territorial; III: O Consello Económico e Social: cumprimento do artigo 131 da Constitución; IV: O principio de cooperación: Conferencia de presidentes, e V: As comunidades autónomas na Unión Europea.

O presidente da Xunta insistirá, de modo moi especial, na súa proposta de reforma do Senado «para que este sexa realmente o que a Constitución con solemnidade proclama: a Cámara de representación territorial», e apostará abertamente «por un proceso de reforma, medida e precisa, do teor literal dalgúns preceptos da nosa Carta Magna» sentando dúas condicións: «primeira: ser en todo conforme co espírito da Constitución; segunda: retocar o menos posible a letra da nosa lei de leis». A ese respecto, a proposta de reforma artículase sobre un dobre obxectivo: «modificar a composición cunha maior presenza da representación do nivel autonómico e un maior protagonismo do Senado en determinadas materias que afecten ás esferas competenciais autonómicas e ao grao de equilibrio interterritorial». Para a obtención do primeiro obxectivo a proposta do presidente da Xunta concrétese no seguinte: «primeiro: reducir os senadores provinciais a tres por circunscrición e a dous os correspondentes ás illas maiores; segundo: elevar o número de senadores designados polas comunidades autónomas ata un total do dobre de provincias que compoñen a Comunidade, ademais do Senador por cada millón de habitantes; terceiro: os presidentes das comunidades autónomas constitúense así mesmo en senadores». No relativo á especialización funcional, a proposta incide en que a iniciación do procedemento legislativo debería ter lugar no Senado cando se tratase de regular as seguintes materias: 1) as que tivesen por obxecto a planificación da actividade económica xeral ou a efectividade da solidariedade nos termos previstos nos artigos 131 e 132 da CE; 2) a lexislación básica; 3) os proxectos de lei aos que se refiren os números 1 e 3 do artigo 150 e os proxectos de lei orgánica previstos no apartado 2 do mesmo precepto; 4) a aprobación e reforma dos estatutos de autonomía; 5) a declaración de interese xeral; e 6) os tratados internacionais que supoñan cesión de competencias constitucionais.

Tras todas estas propostas, o discurso do presidente da Xunta no Senado pecharíase cunha referencia ao principio de solidariedade e á súa proxección na decisiva cuestión do financiamento autonómico, un dos poucos temas nos que ao longo de 1994 foi patente o claro desacordo entre o Goberno do Estado e o da Xunta de Galicia.

CAPÍTULO IX

ANO 1995

1. Introducción: liñas xerais

A vida política e institucional galega ao longo de 1995 caracterizouse por unha marcada estabilidade de fondo –continuación da que xa presidira o primeiro ano da lexislatura–, estabilidade só alterada, de forma ocasional, por escaramuzas políticas condicionadas sobre todo polo clima de conflito e enfrontamento que definiu o desenvolvemento da política nacional durante o mesmo período de tempo. A estabilidade, froito en boa medida da absoluta hexemonía parlamentaria do Partido Popular na Cámara galega tivo, incluso, un intento de referendo formal coa celebración dos que periodisticamente se denominaron «pactos do Araganey», que os voceiros parlamentarios do PP e do PSdeG-PSOE pecharon en Santiago de Compostela a comezos de febreiro de 1995, coa intención de consensuar as grandes liñas da política lexislativa e, de forma moi especial, as relativas á lexislación de natureza territorial que habería de plasmarse nas leis de ordenación do territorio e de delegación e distribución de competencias en materia de urbanismo. As cousas irían finalmente, non obstante, como no seu momento habemos de ver, por outro lado, pois a referida vontade de consenso acabaría quebrando como consecuencia fundamentalmente do durísimo enfrontamento que populares e socialistas mantiveron no plano nacional desde as eleccións xerais de xuño de 1993, enfrontamento que, como probablemente resultaba inevitable, rematou por ter un claro reflexo na vida política e institucional da Comunidade Autónoma de Galicia. A presión socialista en relación co esclarecemento de presuntos escándalos nos que supostamente aparecerían implicados dirixentes populares –posta de relevo na petición de creación de varias comisións de investigación no Parlamento de Galicia–, unida a outras causas de profundo desacordo –como a relativa á planificación temporal da realización das autovías de comunicación de Galicia coa Meseta– e á competencia derivada das eleccións municipais do 28 de maio, deron lugar a un progresivo distanciamento, perfectamente perceptible nos momentos finais do ano, entre o partido que sustenta a maioría parlamentaria governamental en Galicia, o Popular, e a primeira forza da oposición, o Partido dos Socialistas de Galicia.

Algunhas das incidencias que analizaremos máis adiante estarán relacionadas, xustamente, coa propia vida interna destes dous partidos e do Bloque Nacionalista Galego que, xunto con eles, reparten

a totalidade dos 75 deputados que compoñen a Cámara galega. E iso porque, como xa acontecera ao longo de 1994, a indiscutible hexemonía popular en Galicia, que dificultou extraordinariamente o exercicio do labor de oposición, estivo na orixe dun fenómeno xa perceptible o pasado ano: o do traslado do conflito interpartidista ao conflito intrapartidista, fenómeno este que foi especialmente acusado no caso do Partido dos Socialistas de Galicia, inmerso nunha crise que o seu illamento parlamentario e os seus malos resultados municipais non fixeron máis que amplificar. En todo caso, o conxunto dos aspectos referidos serán abordados tras o tratamento detallado dos distintos elementos que configuraron o exercicio das competencias autonómicas ao longo de 1995: referirémonos, así, á análise da produción lexislativa do Parlamento de Galicia, ao da produción regulamentaria por parte da Xunta, ao proceso de transferencia de competencias do Estado á Comunidade Autónoma galega e, finalmente, ás súas relacións de conflito con outras instancias.

2. O exercicio das competencias lexislativas

O de 1995 foi, sen ningún xénero de dúbidas, o ano máis transcendental da actual lexislatura do Parlamento de Galicia no relativo á súa actividade lexislativa. Durante ese período de tempo, non só se aprobou un número de leis moi significativo –un total de 12 que, en realidade, foron 11, toda vez que a Lei 1/1995, aínda que publicada a comezos de ano, fora xa aprobada en 1994–, senón que, sobre todo, se procedeu a regular materias dunha extraordinaria importancia, tal como veremos de inmediato. De todos os xeitos debemos aclarar, antes de comezar, que incluiremos a continuación, no tratamento da produción lexislativa do Parlamento de Galicia, as leis 7 e 8 de 1994, publicadas en 1995, leis que, segundo a sistemática desta obra, deben ser obxecto de tratamento o ano da súa publicación e non o da súa aprobación parlamentaria. Todas as aprobadas leis agás unha –a 4/1995, de dereito civil de Galicia– tiveron a súa orixe en proxectos do Goberno, que conseguiu a súa aprobación, en xeral, cos votos do grupo parlamentario que o apoia e sen contar, polo tanto, co concurso dos grupos parlamentarios da oposición. Aínda que realizaremos a continuación un tratamento individualizado dunha boa parte destas leis, nun bloque inicial incluiremos aquelas que, pola súa menor importancia, non serán agora obxecto de análise particular:

- a) Conforman este primeiro grupo as seguintes leis: 7/1994, do 29 de decembro, pola que se crea o Instituto Lácteo e Gandeiro de Galicia, como organismo autónomo de carácter comercial e financeiro, con personalidade xurídica e patrimonio propio, adscrito á Consellería de Agricultura, Gandería e Montes da Xunta de Galicia; 8/1994, do 30 de decembro, de creación do Instituto Galego de Consumo, como organismo autónomo adscrito organicamente á consellaría competente en materia de consumo, con personalidade xurídica e patrimonio propio e plenamente autónomo, desde o punto de vista funcional, para o cumprimento dos seus fins; 3/1995, do 10 de abril, de modificación da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, aprobada coa finalidade de adaptar a lexislación galega da función pública ás modificacións introducidas na lexislación básica estatal pola Lei 22/1993, do 29 de decembro, de medidas fiscais, de reforma do réxime xurídico da función pública e da protección por desemprego, norma que modificou parcialmente a Lei 30/1994, do 2 de agosto; 5/1995, do 7 de xuño, de regulación das augas minerais, termais, de manancial e dos establecementos balnearios na Comunidade Autónoma de Galicia, que ten por obxecto regular as augas mencionadas cuxo lugar de nacemento ou agromo estea situado dentro do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e, dentro do mesmo ámbito territorial, os establecementos balnearios; e, por último, 11/1995, do 28 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 1996.

b) As leis 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia, e 12/1995, do 29 de decembro, do imposto sobre a contaminación, normas que abren e pechan, respectivamente o ano 1995 desde a perspectiva da acción lexislativa da Comunidade Autónoma, forman un bloque materialmente coherente, pois ambas as dúas se dirixen á defensa e conservación do ambiente. O obxecto da Lei de protección ambiental é o de establecer unha normativa configuradora do sistema de defensa, protección, conservación e, no seu caso, restauración, do ambiente e, ao mesmo tempo, asegurar unha utilización racional dos recursos naturais. A lei –que obrigará, no ámbito territorial de Galicia, a toda persoa natural ou xurídica, pública ou privada, que realice calquera actividade que poida dar lugar a unha deterioración do ambiente– ten a finalidade de protexer o medio natural constituído pola poboación, a fauna, a flora, a diversidade xenética, o solo, o subsolo, a auga, o aire, o clima, a paisaxe, así como a interrelación entre todos eles, os recursos naturais e culturais, incluído o patrimonio arquitectónico e arqueolóxico. Ademais de regular as técnicas e medidas de defensa do ambiente, a lei procede á creación do denominado Consello Galego de Medio Ambiente, como órgano destinado a dar cumprimento efectivo á exigencia de participación pública e a establecer un instrumento para a colaboración dos estamentos interesados en materia ambiental. Poucas semanas despois da aprobación da Lei de protección ambiental, o Parlamento procedeu a aprobar unha norma de modificación desta, a Lei 2/1995, do 31 de marzo, pola que se dá unha nova redacción á disposición derogatoria única, norma esta destinada a corrixir un erro detectado no texto primixenio que non puido ser solucionado pola vía de corrección de erros, ao se producir o esgotamento do oportuno procedemento lexislativo. Mentres que esta Lei de protección ambiental foi aprobada sen que iso suscitase maior debate social, non aconteceu o mesmo coa Lei do imposto sobre a contaminación –periodisticamente coñecida como a «Lei da ecotasa»–, norma contra a que, segundo denuncias da oposición no Parlamento galego, se producirían presións provenientes tanto de determinados sectores empresariais como dalgúns outros do Partido Popular estatal. Fronte a estas supostas presións a lei contou, non obstante, cun amplo apoio popular, segundo puxeron de manifesto sondaxes realizadas á sazón por diversos medios de comunicación galegos. O diario *La Voz de Galicia*, o de maior tiraxe na Comunidade Autónoma, facíase eco dunha enquisa, na súa edición do 21 de novembro de 1995, segundo a cal o 80% da poboación estaría a favor do establecemento dun imposto ecolóxico. En tal sentido, a lei, cuxo obxecto é o de contribuír a regular a utilización dos recursos naturais de Galicia e, sobre todo, a emisión de substancias contaminantes, crea un imposto sobre a contaminación atmosférica e regula de forma detallada tanto os elementos definidores do tributo como o réxime aplicable á súa xestión, inspección e recadación.

c) Un texto de extraordinaria importancia material é a Lei 4/1995, do 24 de maio, de dereito civil de Galicia, norma expresiva dun profundo consenso parlamentario, pois non só foi aprobada por unanimidade na Cámara galega na súa sesión plenaria do 20 de abril de 1995, senón que fora xa obxecto dunha iniciativa lexislativa conxunta, ao decidir a Mesa do Parlamento, oída a Xunta de Portavoces, a designación dunha relatoría constituída por deputados de todos os grupos parlamentarios da Cámara (os do PP, do PSdeG-PSOE e do BNG) á que lle encomendou a redacción dunha Proposición de lei reguladora do dereito civil de Galicia. Esta norma, que derroga a Lei 7/1987, do 10 de novembro, sobre a compilación do dereito civil en Galicia, norma de ámbito material coincidente, aínda que moito menos exhaustiva no seu contido, veu dar cumprimento ás previsións do artigo 27.4 do Estatuto de autonomía e desenvolve, para iso, en todos os seus diversos aspectos, as institucións xurídico-privadas vivas no dereito propio de Galicia, como corpus xurídico integrado polos usos e costumes propios e polas normas contidas na propia lei, e polas demais leis que o conservan, desenvolven ou modifi-

can. Para tal efecto, o título I regula a situación de ausencia non declarada, o II a institución da casa e a «veciña», o III os dereitos reais, o IV o retracto de graciosa, o V o dereito de contratos, o VI a institución da compañía familiar galega, o VII o réxime económico-familiar e o VIII, e último, as sucesións.

- d) Un bloque material homoxéneo fórmano, tamén, dúas leis que procederon á creación de órganos comunitarios de gran transcendencia funcional e de vocación similar, pois un e outro pretenden, aínda que en distintos ámbitos, dar cumprimento ao exercicio de funcións de natureza consultiva: o Consello Económico e Social e o Consello Consultivo de Galicia. A Lei 6/1995, do 28 de xuño, pola que se crea o Consello Económico e Social de Galicia –que ten os seus antecedentes nun anteproxecto pactado entre a Xunta de Galicia e os sindicatos nos acordos subscritos por ambas as dúas partes o 23 de outubro de 1992– pretende dar cumprimento ás previsións contidas no artigo 9.2 da Constitución e 4.2 e 55.4 do Estatuto de autonomía para Galicia, coa creación dun órgano que ten por finalidade facer efectiva a participación dos axentes económicos e sociais na política socioeconómica de Galicia. O Consello concíbese como un ente institucional de dereito público, de carácter consultivo, con personalidade xurídica propia e plena autonomía, orgánica e funcional, para o cumprimento dos seus fins, que, adscrito á Consellería de Economía e Facenda, ten a función de emitir ditames de carácter preceptivo ou facultativo, elaborar estudos ou informes sobre as reformas que se estimen necesarias para favorecer o desenvolvemento económico e social de Galicia e elaborar anualmente, con destino ao Consello da Xunta, unha memoria sobre a situación económica e social de Galicia. A lei regula con detalle a forma de composición do Consello e o modo de designación dos conselleiros, o seu funcionamento interno, a súa estrutura orgánica e funcional, e o réxime económico e administrativo do persoal ao seu servizo.

O Consello Consultivo de Galicia, creado pola Lei 9/1995, do 10 de novembro, é o órgano consultivo superior da Xunta de Galicia. A súa creación, ao igual que a doutros órganos de natureza similar en diferentes territorios autónomos, inscríbese dentro do ronsel deixado pola importantísima Sentenza 204/1992, do 26 de novembro, do Tribunal Constitucional, na que o supremo intérprete da Constitución procedeu a sentar unha xurisprudencia que permitiu ás comunidades autónomas asumir, sen ningún tipo de reticencia no terreo da constitucionalidade, o compromiso de levar a cabo a creación dos seus consellos consultivos, aínda que a posibilidade desa creación, como é o caso de Galicia, non estivese prevista nos seus respectivos estatutos de autonomía. Fronte á natureza de órganos de control da estatutariedade da actividade legislativa da Comunidade Autónoma que dá sentido e finalidade aos consellos consultivos de Cataluña e Canarias –os dous primeiros en crearse no ámbito autonómico–, o Consello galego –a imitación dos creados con posterioridade á STC 204/1992: os de Baleares, Andalucía e Valencia– concíbese estritamente como un órgano consultivo do Goberno, do que queda clara constancia na exposición de motivos da lei, segundo a cal o Consello ten por obxecto «constituírse como órgano superior consultivo do Goberno de Galicia de carácter técnico-xurídico, con ánimo de mellorar a actuación administrativa, en canto que aumentará a garantía de legalidade das decisións que poidan adoptarse no marco do Estado social e democrático de dereito que proclama a Constitución». O artigo 1.1 da lei recolle á perfección esta declaración, ao dispoñer a creación do Consello como «órgano superior consultivo da Xunta de Galicia».

En coherencia con todo o apuntado, a regulación do seu marco competencial sepárase netamente dos precedentes das comunidades autónomas de Cataluña e Canarias, onde

os consellos se conciben, segundo se subliñou máis arriba, como institucións encargadas de velar pola estatutariedade da acción lexislativa dos seus parlamentos respectivos. No caso de Galicia, a lei dispón que o Consello Consultivo será consultado preceptivamente en toda unha serie de supostos, dos cales soamente tres afectan á produción normativa: en dous casos á produción normativa do Goberno –proxeitos de lexislación delegada aos que se refire o artigo 10.1.a) do Estatuto de autonomía e regulamentos que se diten en execución das leis e as súas modificacións– e, nun terceiro, da que podería emanar do Parlamento (proxeitos de reforma do Estatuto de autonomía para Galicia). Ademais destas, e á parte dalgunha competencia de orde interna como a relativa ao cesamento dos seus membros, as restantes competencias do Consello refírense ao exame previo da legalidade de determinadas actuacións da Administración autonómica ou das administracións locais. A norma prevé, tamén, xunto a todos estes casos en que a solicitude de informe é preceptiva, a posibilidade de solicitar ditames ao Consello, con carácter facultativo, sobre os asuntos non incluídos no seu articulado de forma expresa, cando a súa especial transcendencia o requira, e atribúe esta facultade ao presidente da Xunta, ao seu Consello, aos conselleiros e aos presidentes dos organismos e entes públicos. A lei galega diferénciase tamén das reguladoras dos consellos catalán e canario na forma de nomeamento dos seus membros, que no caso de Galicia ten unha marcada pegada governamental: fronte ao procedemento de designación mixto daquelas –segundo o cal unha parte dos conselleiros é designada pola Cámara autonómica por proposta dunha maioría parlamentaria cualificada e outra, menor en número, é designada libremente polo Goberno–, a lei galega, ao igual que as normas balear e valenciana, determina que os cinco membros que compoñen o Consello serán designados libremente por decreto do presidente da Xunta, entre toda unha serie de personalidades con probada capacidade profesional con máis de dez anos de exercicio profesional. Estes conselleiros serán elixidos por un período de seis anos e serán reelixibles por unha soa vez. A lei regula tamén, como adoita ser habitual neste tipo de normas, a forma de exercicio das súas competencias por parte do consello (tít. III), o seu funcionamento interno (tít. IV), o réxime xurídico da función ditaminadora (tít. V) e o réxime do persoal ao servizo do Consello (tít. VI).

- e) O urbanismo e a ordenación do territorio subministran outro bloque material, internamente coherente, no que se centrou ao longo de 1995 a acción lexislativa do Parlamento galego: as leis 7/1995, do 29 de xuño, de delegación e distribución de competencias en materia de urbanismo e a 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio teñen, cada unha no seu ámbito, unha notable importancia, á vista da dispersión do hábitat galego e do alto número de municipios que conforman territorialmente a Comunidade Autónoma. Este paquete lexislativo completouse coa presentación por parte da Xunta do Proxecto de lei de desenvolvemento comarcal de Galicia, tomado en consideración na sesión da Cámara do 25 de outubro de 1995 e en fase de tramitación parlamentaria no momento de redacción deste capítulo.

A Lei de delegación e distribución de competencias en materia urbanística dirixese a regular o réxime de delegación de competencias urbanísticas nos municipios, a determinar os órganos urbanísticos da Xunta de Galicia e as súas competencias e a establecer as normas e procedementos necesarios para adecuar os existentes a esta nova distribución competencial. O obxectivo político que o Goberno galego pretende conseguir con esta lei queda ben patente na súa exposición de motivos: «O urbanismo non pode deixarse á marxe de todos os principios institucionais que cada vez o sitúan con máis forza no seo dos municipios, porque social e institucionalmente o urbanismo aparece claramente arraigado nas entrañas municipais; é un feito tan natural como inaprazable que os municipios asuman o protago-

nismo que lles corresponde neste proceso e que se acuda a técnicas que reafirmen as súas competencias naturais na orde urbanística, as consoliden e as doten da necesaria operatividade». A Lei de ordenación do territorio pretende, pola súa banda, dar cumprimento a unha dobre finalidade básica: dun lado, establecer os obxectivos fundamentais e, doutro, crear os instrumentos necesarios para a coordinación da política territorial e a ordenación do espazo da Comunidade Autónoma, co obxecto de favorecer a utilización racional do territorio galego e protexer o medio natural, mellorar a calidade de vida e contribuír ao equilibrio territorial. A partir desta declaración de intencións, a lei procede a definir a ordenación do territorio como o conxunto de criterios expresamente formulados, que regulan as actuacións e os asentamentos sobre o territorio, coa finalidade de conseguir unha axeitada interrelación entre a poboación, actividades, servizos e infraestruturas co territorio galego en que se implantan, coordinando as actuacións sobre o territorio dos distintos órganos e diferentes administracións públicas. En definitiva, e tal como se expresa na súa exposición de motivos, a Lei de ordenación do territorio pretende encher as insuficiencias que ofrecía o sistema de planificación urbanística, creando outro sistema, o de ordenación territorial, e establecendo, para iso, os diferentes instrumentos de ordenación do territorio, o seu contido e relación de interdependencia, así como as canles procedementais para a súa elaboración e o réxime da súa vixencia, modificación e revisión. Para tal efecto, a norma crea e regula ata cinco instrumentos de ordenación territorial: as directrices de ordenación do territorio, os plans territoriais integrados, os programas coordinados de actuación, os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal e os plans de ordenación do medio físico. A lei crea, ademais, un denominado Instituto de Estudos do Territorio, coa natureza, fins e medios que se establezan na súa lei reguladora.

- f) A Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural, é outra das normas de importancia sobresaínte –a última que analizaremos– aprobadas polo Parlamento de Galicia ao longo de 1995. O seu obxecto é o de asegurar a protección, conservación, acrecentamento, difusión e fomento do patrimonio cultural de Galicia, así como a súa investigación e transmisión a xeracións futuras, entendendo por patrimonio cultural, como o fai a lei, o conxunto de bens materiais e inmateriais que, polo seu recoñecido valor propio, haxan de ser considerados como de interese relevante para a permanencia e identidade cultural galega a través do tempo. A lei considera integrados dentro do patrimonio cultural de Galicia os bens mobles, inmobles e inmateriais de interese artístico, histórico, arquitectónico, paleontolóxico, arqueolóxico, etnográfico, científico e técnico, e tamén o patrimonio documental e bibliográfico, os conxuntos urbanos, os lugares etnográficos, os depósitos e zonas arqueolóxicas, así como os sitios naturais, xardíns e parques que teñan valor artístico, histórico ou antropológico.

3. A actividade regulamentaria

A Administración autonómica de Galicia realizou a súa actividade de carácter regulamentario cun ritmo normal, non urxido por convocatorias electorais e favorecido pola falta de conflitos internos de importancia no seo do propio Executivo autonómico, dirixido polo liderado sen fisuras do presidente da Xunta. Tres foron, en tal sentido, os sectores de actividade nos que destacou a acción de carácter normativo do Executivo: en primeiro lugar, o da creación de organismos de apoio á acción do Goberno e a Administración; en segundo lugar, o sector educativo –sempre moi importante dentro da actividade regulamentaria da Xunta– e, en terceiro lugar, o relativo á asistencia social. Ademais, veremos tamén a continuación algúns outros sectores onde, malia ser cuantitativamente menor, se desenvolveu tamén unha actividade regulamentaria destacable.

- a) Moitos foron os *organismos de diferente natureza e finalidade* creados ao longo do ano. Ademais do Instituto Lácteo e Gandeiro de Galicia e do Instituto Galego de Consumo, creados, respectivamente polas leis 7 e 8 de 1994, do Consello Galego do Medio Ambiente –creado pola Lei de protección ambiental– e do Instituto de Estudos do Territorio –creado pola Lei de ordenación do territorio–, aprobouse toda unha serie de decretos que, ou ben procederon a crear órganos *ex novo* ou ben a regular órganos creados con anterioridade, pero carentes ata a data de normativa reguladora específica. Merecen ser destacados de entre eles os seguintes decretos: 391/1994, polo que se regula a estrutura orgánico-funcional do Instituto Galego de Estatística; 41/1995, de creación da Comisión Galega de Obxección de Conciencia para a Prestación Social Substitutoria do Servizo Militar; 155/1995, polo que se regula o Consello Galego de Medio Ambiente; 307/1995, polo que se crea o Consello Asesor de Telecomunicacións e Audiovisual de Galicia e se establece a súa composición e o seu réxime de funcionamento; e, finalmente, 329/1995, que desenvolve a Lei 7/1994, de creación do Instituto Galego de Consumo.
- b) Como antes apuntamos, un segundo sector de actividade de notable importancia foi o *sector educativo*, dentro do cal deben incluírse cando menos os seguintes decretos: 87/1995, polo que se regula a admisión de alumnos nos centros sostidos con fondos públicos de educación infantil, de educación primaria e de educación secundaria; 133/1995, sobre autorización de centros docentes privados para impartir ensinanzas de réxime xeral non universitarias; 208/1995, polo que se regula o procedemento para a homologación de actividades formativas e para a inscrición no censo de centros colaboradores de formación ocupacional da Consellería de Familia, Muller e Xuventude; 235/1995, polo que se regula o ensino da relixión nas ensinanzas de réxime xeral na Comunidade Autónoma de Galicia; 239/1995, polo que se establece a ordenación xeral das ensinanzas de formación profesional e as directrices sobre os seus títulos; 247/1995, polo que se desenvolve a Lei de normalización lingüística, para a súa aplicación á docencia en lingua galega nas ensinanzas de réxime xeral impartidas nos diferentes niveis non universitarios; e, finalmente, 253/1995, sobre autorización a centros docentes privados para impartir ensinanzas artísticas. Debe destacarse que dúas destas normas regulamentarias foron a orixe de dous conflitos sociais e/ou institucionais para a Xunta de Galicia: o relativo ao ensino da relixión xerou un enfrontamento entre o Goberno autónomo e algúns sectores da xerarquía eclesiástica galega, que entenderon que aquela normativa era restritiva e lesiva dos dereitos dos pais católicos a que os seus fillos obtivesen ensino relixioso; algo similar sucedeu, en segundo lugar, co Decreto regulador do ensino en lingua galega, norma que o Consello da Cultura Galega entendeu «insuficiente», pois ao seu xuízo non garantía a recuperación do galego, e que unha asociación privada de defensa dos intereses dos castelanfalantes –a denominada Asociación Gallega para la Libertad de Idioma– entendeu «excesivo», ata o punto de presentar contra el unha petición de suspensión preventiva do decreto, petición que a mencionada asociación solicitou do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. O dito tribunal resolvería, non obstante, que o decreto era presuntamente válido e de inmediata eficacia, negándose, polo tanto, a aceptar a suspensión preventiva solicitada, en tanto non se pronunciase sobre este a Sala do Contencioso do propio tribunal.
- c) Tamén o sector da *asistencia social* foi obxecto dunha especial atención por parte da Xunta de Galicia. Así o demostra a aprobación dos decretos 112/1995, sobre medidas de protección de menores e a adopción; 175/1995, polo que se desenvolve a Lei de servizos sociais no relativo á inspección e réxime sancionador; 240/1995, polo que se regulan os servizos sociais de atención primaria; 243/1995, polo que se regula o réxime de autorización e acreditación de

centros de servizos sociais; e, por último, 291/1995, polo que se desenvolve a Lei de servizos sociais no relativo ao rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais.

- d) Tras estes tres sectores de actividade, que pola importancia cuantitativa e cualitativa das súas normas constitúen un primeiro gran bloque normativo, un segundo podería formarse cos sectores *sanitario, cultural, industrial e da vivenda*, sectores onde se aprobou unha serie de decretos significativos: sanitario (339/1994, polo que se regula a saúde mental de Galicia, 172/1995, polo que se aproba o Plan de urxencias extrahospitalarias da Comunidade Autónoma de Galicia, e 177/1995, polo que se regula a tarxeta sanitaria da Comunidade Autónoma); cultural (24/1995, polo que se regulan os centros bibliotecarios fixos, e 40/1995, polo que se regulan as feiras culturais de Galicia); industrial (125/1995, polo que se regula a elaboración de produtos lácteos a base de leite cru de vaca e se crea un Rexistro de explotacións agrarias elaboradoras de produtos lácteos tradicionais, e 309/1995, sobre incentivos para o desenvolvemento económico e fomento da actividade empresarial na Comunidade Autónoma) e da vivenda (170/1995, de axudas a familias numerosas para a adquisición de vivenda familiar, e 320/1995, de regularización das situacións dos ocupantes e cambio de réxime nas vivendas de promoción pública).
- e) O Goberno galego aprobou tamén normas regulamentarias noutros ámbitos, entre as que deben destacarse, en todo caso, as seguintes disposicións: *orxamentos* (decretos 35/1995, polo que se regula a débeda de tesouraría, e 48/1995, polo que se dispón o endebedamento da Comunidade Autónoma para 1995); *ambiente* (Decreto 156/1995, de inspección ambiental); *turismo* (Orde do 2 de xaneiro de 1995, pola que se establece a ordenación dos establecementos de turismo rural); *pesca* (Decreto 116/1995, polo que se regula o control das biotoxinas en moluscos bivalvos e outros organismos procedentes da pesca, o marisqueo e a acuicultura); *política territorial* (Decreto 151/1995, sobre o exercicio das competencias da Comunidade Autónoma en materia de costas e a súa atribución á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda); *enerxía* (Decreto 205/1995, polo que se regula o aproveitamento da enerxía eólica); *portos* (Decreto 227/1995, polo que se aproba o Regulamento do ente público Portos de Galicia); e *lexislación civil* (Decreto 252/1995, sobre medidas para instrumentar a compensación económica da Comunidade Autónoma á asistencia xurídica gratuita).
- f) Por último, e para rematar este percorrido pola actividade regulamentaria do Goberno galego, merecen destacarse nun apartado especial tres normas coas que a Xunta de Galicia pretendeu facerlle fronte á necesidade de dotar de medios eficaces o proceso de *transparencia de funcionamento do Goberno e a Administración* de Galicia. Trátase dos decretos 169/1995, polo que se regulan os rexistros de altos cargos da Xunta de Galicia, 198/1995, polo que se crea o Rexistro de contratos de Comunidade Autónoma, e, finalmente, 199/1995, polo que crea o Rexistro xeral de contratistas da Comunidade Autónoma.

4. O proceso de transferencias e os conflitos con outras instancias

- 1) Se no capítulo precedente dabamos conta dos reais decretos 2164 a 2170, todos do 4 de novembro de 1994 (DOG do 23 de decembro), polos que o Estado procedera a transferir toda unha serie de funcións e servizos á Comunidade Autónoma galega, a propia Comunidade procedeu, ao longo de 1995, a asumir tales funcións e servizos, a través dos seguintes decretos: 393/1994, sobre asunción de servizos transferidos á Comunidade Autónoma mediante reais decretos 2164 e 2165, en materia de cámaras agrarias e defensa contra fraudes e calidade agroalimentaria, e sobre asignación dos medios asumidos á Consellería de Agricultura,

Gandería e Montes; 394/1995, sobre asunción de funcións transferidas á Comunidade Autónoma mediante Real decreto 2166, sobre traspaso de funcións en materia de provisión de medios materiais e económicos para o funcionamento da Administración de xustiza e a súa asignación á Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais; Decreto 395/1995, sobre asunción de funcións transferidas á Comunidade Autónoma mediante reais decretos 2167, 2168 e 2169, sobre ampliación das funcións e os medios adscritos aos servizos traspasados á Comunidade Autónoma en materia de cultura e a súa asignación á Consellería de Cultura; Decreto 396/1995, sobre asunción de funcións transferidas á Comunidade Autónoma mediante Real decreto 2170, sobre ampliación de traspaso á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de servizos e asistencia sociais e a súa asignación á Consellería de Presidencia e Administración Pública.

Pero, en todo caso, o proceso de transferencias non se detivo nos decretos de asunción de competencias mencionados, senón que experimentou algunhas outras incidencias que pasamos a detallar. A principios de xullo de 1995 o conselleiro de Xustiza, Interior e Relacións Laborais e a secretaria de Estado de Xustiza pechaban un acordo en virtude do cal se procedería ao traspaso de competencias en materia de Administración de xustiza, proceso de traspaso que debería facerse efectivo, unha vez ditado o oportuno Real decreto de transferencias, a principios de 1996. No mesmo mes de xullo, o Executivo galego procedía ao estudo das transferencias pendentes, entre as que o propio Goberno destacaba as funcións e servizos relacionados con toda unha serie de organismos (o Instituto Social da Mariña, o Servicio Nacional de Producción Agraria, o Instituto de Reforma e Desenvolvemento Agrario e o Instituto de Conservación da Natureza) e a expedición de títulos académicos. En tal sentido, e aínda que ao longo das últimas semanas de 1995 non se publicaran aínda os oportunos reais decretos de transferencias, os medios de comunicación informaban, a finais do mes de decembro, que a Xunta de Galicia procedería a asumir as competencias pendentes de agricultura e nalgúns outros ámbitos –expedición de títulos ou bens patrimoniais das estacións de autobuses–, e que, non obstante, seguía presentando inconvenientes na negociación a transferencia do Instituto Social da Mariña e do Imserso.

Ademais desta negociación, dirixida desde a Consellería de Presidencia da Xunta de Galicia, o proceso de traspasos competenciais experimentou, en todo casou, un salto neto ao aprobarse a Lei orgánica 16/1995, do 27 de decembro, de transferencia de competencias á Comunidade Autónoma Galega (BOE n.º 310, do 28 de decembro), que inclúe materias non previstas no Estatuto de autonomía e que ten por finalidade, segundo aclara a exposición de motivos da propia lei orgánica, dotar a Comunidade Autónoma dun ámbito competencial do que xa gozan outras comunidades como consecuencia da ampliación das competencias estatutarias subseguinte aos acordos autonómicos do 28 de febreiro de 1992, acordos que se concretaron na aprobación da Lei orgánica 9/1992, do 23 de decembro, de transferencia de competencias ás comunidades autónomas que accederon á autonomía pola vía do artigo 143 da Constitución: «Dentro desa necesidade de consenso –afirma a referida exposición de motivos– e aplicando os mesmos principios, criterios e obxectivos contidos nos acordos autonómicos de 1992, procede completar, equiparándoa así ás restantes comunidades autónomas, as competencias que a Comunidade Autónoma galega pode exercer». Para tal efecto, a lei orgánica, tras determinar no seu artigo 1.º que o seu obxecto é o de transferir, de acordo co disposto no artigo 150.2 da Constitución, competencias de titularidade estatal á Comunidade Autónoma de Galicia, ordena as competencias que se transfiren en tres grupos: a) competencias *exclusivas*. Son obxecto de tal tipo de transferencias as seguintes materias: cooperativas e mutuas non integradas no sistema de Seguridade Social, respectando a lexis-

lación mercantil; espectáculos públicos; transporte marítimo que se leve a cabo exclusivamente entre portos ou puntos da Comunidade Autónoma, sen conexión con outros portos ou puntos doutros ámbitos territoriais. b) Competencias de *desenvolvemento legislativo e execución*: no marco da lexislación básica do Estado, transfírese á Comunidade Autónoma o desenvolvemento legislativo e a execución en materia de corporacións de dereito público representativas de intereses económicos e profesionais. c) Competencias de *execución*: transfírese competencia de execución da lexislación do Estado en materia de asociacións.

A lei orgánica procede, ademais, a delimitar o contido e as condicións de exercicio das competencias transferidas. E así, en materia de espectáculos públicos determina que, de acordo co artigo 149.1.29 da Constitución, o contido da competencia entenderase sen prexuízo da competencia estatal sobre seguridade pública, e queda ademais reservada ao Estado a facultade de ditar normas que regulen os espectáculos taurinos. Dentro deste mesmo ámbito, e en materia de transporte marítimo, determínase que a competencia transferida se axustará, en todo caso, ao disposto polo Estado no exercicio das súas competencias, de acordo co determinado no artigo 149.1.20 da Constitución. A propia lei orgánica establece, en relación coas modalidades de control, que a Comunidade Autónoma de Galicia adaptará o exercicio das competencias transferidas aos seguintes controis e principios: a) a Comunidade Autónoma facilitará á Administración do Estado a información que esta solicite sobre as materias correspondentes; b) as facultades e servizos transferidos manterán, como mínimo, o nivel de eficacia que teñan no momento da transferencia; e c) en caso de incumprimento dos precitados requisitos, o Goberno procederá a requirir formalmente á Comunidade Autónoma e, en caso de persistencia do incumprimento, poderá suspender a partir dos tres meses as facultades e servizos, dando conta diso ás Cortes xerais, órgano que tomará a oportuna decisión sobre a procedencia da decisión do Goberno, levantando a suspensión ou acordando, pola contra, a revogación do exercicio da facultade transferida. Por último, a norma de transferencias que vimos analizando determina, en materia de traspaso de servizos, que cando para o exercicio das competencias transferidas sexa necesario efectuar traspaso de servizos, as comisións mixtas precisarán os medios materiais e financeiros, as funcións comprendidas nos ámbitos da respectiva competencia e, no seu caso, concretarán cales destas funcións se levarán a cabo a través dos órganos de cooperación, ou se axustarán no seu exercicio a plans ou programas de carácter xeral.

- 2) Polo que se refire aos conflitos con outras instancias, ao longo do ano 1995 continuaron pendentes da correspondente resolución do Tribunal Constitucional os máis importantes contenciosos existentes entre o Estado central e a Comunidade Autónoma galega. Tan só se emitiu unha resolución por parte do tribunal: o Auto do 20 de xuño de 1995, polo que se acordou declarar concluído o Conflito positivo de competencia número 450/1987, promovido pola Xunta de Galicia fronte ao Real decreto 2466/1986, do 28 de novembro, do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, sobre procedemento para determinar as cantidades de referencia previstos no Regulamento CEE 804/1968, polo que se establece a organización común de mercados no sector do leite e produtos lácteos. Polo que se refire, por último, ao xurdimento de novos conflitos, cabe destacar a interposición, por parte da Xunta de Galicia, dun recurso de inconstitucionalidade contra a Lei de orzamentos xerais do Estado para 1995, ao considerar a Xunta que con ela se prexudican as competencias de Galicia en materia de formación profesional continua, recurso admitido a trámite polo Tribunal Constitucional.

5. Trazos fundamentais da vida política e institucional galega

As propostas de reforma do Regulamento do Parlamento de Galicia

O Parlamento de Galicia aprobara durante 1994, segundo xa apuntabamos no capítulo anterior, unha Proposición de lei do Grupo Parlamentario Socialista (DOG n.º 3, do 4 de xaneiro de 1995) pola que se procedeu a modificar os artigos 52.2, 69.2 a e 7 q do Regulamento, todos eles centrados no réxime xurídico regulador das comisións de investigación: acordábase, así, non só especificar que as persoas requiridas como informadores nas comisións de investigación deberían ser advertidas dos seus dereitos e da posibilidade de comparecer ante aquelas asistidas de letrado (art. 52.2), senón tamén modificar o réxime das comisións no relativo á súa publicidade (arts. 69.2 e 70). Ao longo de 1995 foron tramitadas ata un total de catro iniciativas máis de reforma regulamentaria que, malia seren rexeitadas na súa totalidade, merecen ser destacadas, cando menos nas súas liñas xerais. A primeira delas foi unha proposición de lei do GP Socialista, xa presentada o pasado ano (BOPG n.º 174, do 10 de decembro de 1994), que solicitaba a modificación do artigo 9 do Regulamento nun dobre sentido: no de suprimir a autorización que os deputados deben obter dos seus grupos parlamentarios para solicitar das administracións públicas os datos, informes e documentos que obren no seu poder e no de converter esa «facultade de solicitar» nun «dereito de solicitar e obter»; e no de dispoñer, sen que ata a data tal posibilidade estivese considerada, que os deputados poderían consultar persoalmente e, eventualmente, acompañados de asesores, nas dependencias da Administración pública de Galicia todos os documentos que considerasen convenientes, e obter copias compulsadas destes, coas limitacións establecidas na Constitución ou nas leis. A proposición foi rexeitada (BOPG n.º 217, do 2 de marzo de 1995). Como o foi tamén (BOPG n.º 266, do 19 de maio de 1995) a formulada polo GP do BNG (BOPG n.º 209, do 18 de febreiro de 1995) pola que se propoñía a modificación dos artigos 52.1 79.2, 120.1, 144.1, 149.2 e 162.1 do Regulamento, referidos á posibilidade de creación de comisións de investigación, á forma de organización e desenvolvemento dos debates de totalidade, ao debate dos proxectos de lei no Pleno e ao réxime xurídico regulador das informacións da Xunta, das interpretacións e das proposicións non de lei.

A terceira das proposicións non de lei de reforma do Regulamento do Parlamento foi presentada polo GP Socialista (BOPG n.º 233, do 24 de marzo de 1995) e con ela pretendíase exclusivamente a modificación do seu artigo 155, precepto ao que se propoñía engadir un novo parágrafo no sentido de obrigar o presidente da Xunta a contestar persoalmente ante o Pleno da Cámara as preguntas que lle formulasen os deputados, o que supoñería o establecemento en Galicia dun sistema similar ao adoptado no Congreso dos Deputados. A proposición de lei foi rexeitada (BOPG n.º 251, do 25 de abril de 1995). A cuarta e última das proposicións de lei referidas, tamén da autoría do GP Socialista (BOPG n.º 244, do 7 de abril de 1995), tiña por finalidade a modificación substancial do artigo 52, regulador do réxime xurídico das comisións de investigación, ao pasar a dispoñer tal precepto na proposta socialista rexeitada (BOPG n.º 263, do 11 de maio de 1995) que a constitución de comisións de investigación, realizada por proposta da Xunta, da Mesa da Cámara, de dous grupos parlamentarios ou da quinta parte dos deputados, só podería ser rexeitada por maioría de dous terzos da Cámara.

Dinámica interpartidista e conflito intrapartidista

Como sinalabamos ao inicio deste capítulo, o ano 1995 comezou en Galicia, desde o punto de vista da actividade político-institucional, cun intento de grande acordo entre as dúas principais forzas con-

formadoras do sistema galego de partidos (o Partido Popular e o Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE), forzas ambas as dúas que, representadas polos seus respectivos voceiros parlamentarios, manifestaban, a comezos de febreiro, a súa vontade de buscar un grande acordo en materia de política lexislativa e, esencialmente, na relativa ás normas reguladoras da ordenación do territorio que, como tamén quedou dito xa, presentan no caso de Galicia, pola súa estrutura territorial fortemente municipalizada e pola extremada dispersión da súa poboación, unha sobresaínte importancia. Esa vontade, así manifestada, esvaeceríase moi pronto, non obstante, e xa a mediados do mes de xuño, o mesmo voceiro socialista declaraba aos medios de comunicación, despois dun paro parlamentario do Grupo Socialista na Cámara galega, que de non se normalizar a vida parlamentaria aquela pasaría a ser «dolorosamente conflitiva». Aínda que este contraste de posicións en tan curto período de tempo puidese resultar difícil de explicar, o certo é que entre comezos de febreiro, en que se pechan en Santiago os chamados «pactos do Araganey», e principios de xuño, en que os parlamentarios socialistas deciden abandonar a Cámara en sinal de protesta pola acción política e parlamentaria da maioría parlamentaria-gobernamental do Partido Popular, se van producir tres tipos de acontecementos que poden dar conta do contraste referido: o primeiro, que obviamente non analizaremos aquí, fai referencia á continua deterioración das relacións entre os partidos Socialista e Popular no ámbito nacional, deterioración que acabará tendo o seu reflexo na vida política galega; o segundo, que trataremos máis abaixo, refírese ao enfrontamento derivado da competencia electoral municipal de maio e dos propios resultados electorais, que determinan unha converxencia entre o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego para arrebatarlle ao Partido Popular as alcaldías dos municipios onde os populares non obtivesen maioría absoluta; a terceira e última das circunstancias que darán lugar ao cambio nas relacións entre o PP e o PSdeG-PSOE, dunha publicamente expresada vontade de consenso parlamentario a unha situación de conflito crecente, tivo que ver, segundo analizaremos de inmediato, coa continuada presión política e parlamentaria do Partido Socialista sobre o Goberno da Xunta e o partido que o apoia.

O pistoletazo de saída nese cambio de estratexia socialista viría dado polo que podería chamarse «caso Barata». As denuncias, a finais do mes de febreiro de 1995, do Partido Socialista contra Daniel Barata, ex-conselleiro de Cultura da Xunta de Galicia e, á sazón, asesor persoal do presidente da Xunta, pola súa suposta implicación nun escándalo sobre irregularidades na adxudicación de obras cando desempeñaba a Consellería de Cultura, abriron unha brecha entre socialistas e populares que se ampliou cando os últimos decidiron proceder á petición de constitución dunha comisión de investigación (BOPG n.º 238, do 31 de marzo de 1995). Aínda que tal petición foi rexeitada pola Cámara galega (BOPG n.º 251, do 25 de abril de 1995), para entón o ex-conselleiro presentara xa a súa dimisión como asesor presidencial.

Dous contenciosos do máximo interese para Galicia abrían, porén, unha breve tregua na dinámica de enfrontamentos entre as tres principais forzas políticas galegas a comezos da primavera, e inmediatamente antes, polo tanto, de que a celebración das eleccións municipais xerara novas causas de confrontación e competencia interpartidista: dun lado, a denominada «guerra do fletán» e, doutro, o conflito das autovías. En canto ao primeiro, todas as forzas políticas presentes no Parlamento de Galicia ían acordar, a comezos de abril, a aprobación dunha declaración institucional relativa á pesqueira do fletán en augas NAFO (BOPG n.º 245, do 8 de abril de 1995), coa que se pretendía poñer de relevo a preocupación existente en Galicia en relación co acordo sobre as cotas de captura de fletán negro celebrado entre a Unión Europea e Canadá. O conflito sobre os prazos de terminación das obras para a realización das autovías de comunicación de Galicia coa Meseta daría lugar, tamén, a un acordo entre todas as forzas de Galicia en contra dunha eventual restrición de gastos nos orzamentos xerais do Estado que puidese xerar un atraso nas datas de terminación inicialmente previstas. A comezo de marzo todas as forzas da Cámara galega acordan unha declaración institucional

relativa ás autovías de enlace de Galicia coa restante rede española e europea a través da Meseta (BOPG n.º 217, do 8 de abril de 1995). Pero este clima de acordos institucionais saltaría obviamente polos aires pouco antes das municipais, cuxos resultados, segundo veremos máis abaixo, condicionaron un xiro nas relacións de colaboración e/ou confrontación que mantiveran ata a data as tres forzas básicas do sistema galego de partidos.

A comezos de xuño saltará aos medios de comunicación o denominado «caso Copasa», no que supostamente estarían implicados dous deputados autonómicos do Partido Popular. Como veremos de inmediato, a evolución dos acontecementos ía ser similar, aínda que non o seu desenlace, á do «caso Barata» antes mencionado: o Grupo Parlamentario Socialista solicita a creación dunha comisión de investigación sobre o asunto (BOPG n.º 282), proposta que será rexeitada pola Cámara (BOPG n.º 228, do 28 de xuño de 1995). Poucos días despois deste rexeitamento, a Comisión do Estatuto dos Deputados emitirá, por unanimidade, un ditame segundo o cal coa información obrante no seu poder e os documentos persoais acreditados non se podería deducir ningunha vinculación dos deputados presuntamente implicados coa empresa Copasa.

Aínda que o desenlace do «caso Copasa» supón un forte golpe para o Partido Socialista –cuxo grupo parlamentario decide, segundo vimos máis arriba, abandonar o hemiciclo da Cámara galega en sinal de protesta pola negativa popular a aceptar a constitución da comisión de investigación solicitada–, o certo é que, tras o verán, os socialistas insistirán na súa estratexia de presión sobre a Xunta. Tras a declaración do seu voceiro de que se abría unha etapa «dolorosamente conflictiva», a mediados de setembro o propio voceiro parlamentario socialista presenta unha querela criminal contra o presidente da Xunta, por presunta irregularidade na concesión dunha subvención. A querela, na que se acusa o presidente dos delitos de prevaricación e malversación de caudais públicos, é arquivada. Apenas transcorrido un mes máis, o conselleiro de Política Territorial, Xosé Cuiña, un dos homes fortes para a posible sucesión do presidente da Xunta, pasará a ser o centro dun presunto novo escándalo, ao relacionarse empresas familiares do líder popular coa realización de obras públicas no territorio da Comunidade Autónoma. Neste caso, non obstante, e en contraste co sucedido en casos anteriores, o Grupo Parlamentario do Partido Socialista –o único dos dous grupos da oposición que regulamentariamente pode facelo, ao exixirse que a petición sexa realizada por unha quinta parte dos deputados ou por dous grupos parlamentarios– non solicitará a creación dunha comisión de investigación. O presunto escándalo, que o conselleiro da Xunta denuncia desde o principio como unha trama para destruílo politicamente, esvaecerase tras a intervención parlamentaria, a petición propia, de Cuiña para dar conta do asunto (debate no pleno do 24 de outubro de 1995, DSPG n.º 74).

O ano 1995, período en que se produciu, segundo describimos, unha crecente deterioración das relacións entre o Partido Socialista e o Partido Popular, vai pecharse, desde a perspectiva da dinámica interpartidista, cunha agre e durísima confrontación entre o propio Partido Popular e o Bloque Nacionalista Galego, a outra forza da oposición con presenza parlamentaria na Cámara galega. O presidente da Xunta realiza, na última semana de 1995 –e tras a negativa do grupo de concelleiros do BNG no Concello da Coruña a subscribir un comunicado institucional de condena contra un dos atentados de ETA– unhas durísimas declaracións contra o BNG e a súa central sindical afín, a Confederación Intersindical Galega (CIG), nas que acusa ambas as dúas organizacións de estar relacionadas coa realización de mobilizacións e actos violentos e nas que cualifica o discurso do líder parlamentario do BNG de «terrorismo dialéctico». As declaracións do presidente, apoiadas de inmediato pola dirección do Partido Popular e tamén, aínda que con matices, polo secretario xeral dos socialistas galegos, serán contestadas pola dirección nacionalista, que decide emprender accións xudiciais. Con iso, e ao igual que vén sendo xa habitual na vida política galega e española, outra confrontación política rematará nos tribunais ao querelarse os dirixentes nacionalistas contra o presidente da Xunta. Analizada xa a

dinámica de competencia interpartidista, realizaremos, para rematar este repaso da vida política e institucional galega ao longo de 1995, unha breve referencia aos principais acontecementos relacionados coa vida interna dos partidos en Galicia.

Polo que se refire ao Partido Popular, a súa indiscutida hexemonía no ámbito galego, combinada coas súas boas perspectivas estatais, determinaron a ausencia de calquera tipo de conflito relevante, coa única excepción do que mantiveron Juan Fernández, ex-conselleiro de Industria da Xunta de Galicia, e o Partido Popular de Ferrol: tras un tira e afrouxa que se desenvolve nas primeiras semanas de 1995 e que enfronta o ex-conselleiro e os seus partidarios con outros sectores do Partido Popular na zona de Ferrol, Juan Fernández decide abandonar o seu escano no Parlamento –renuncia que formaliza a comezos de febreiro– e opta, finalmente, por presentar unha lista propia, distinta á do seu antigo partido, nas eleccións municipais, nas que obterá 5 dos 25 postos en liza, fronte aos 8 do PP. Pero á marxe deste conflito, territorialmente moi localizado, o Partido Popular de Galicia seguiu, dentro dun ton de marcada estabilidade interna e forte liderado, pendente da cuestión da eventual substitución do presidente da Xunta, en caso de que Manuel Fraga sostivese a súa intención de non se presentar á reelección, aspecto este sobre o que foron moitos os rumores, pero moi poucos ou ningún os novos datos relevantes, tras as declaracións de Manuel Fraga no sentido de que non se abriría o tema da súa substitución mentres non rematase o seu mandato no ano 1997.

O mesmo tema estivo tamén presente na vida interna do Partido dos Socialistas de Galicia, vida que, en contraste co sucedido coa do seu competidor, seguiu marcada polo enfrontamento, a continua posta en discusión do liderado de Francisco Vázquez, o secretario xeral, e o conflito case permanente: entre renovadores e guerristas, entre a dirección do partido e a do Grupo Parlamentario na Cámara galega, entre alcaldes socialistas de distintas capitais de Galicia, etc. A gravidade da situación chegou a ser de tal magnitude que no mes de xuño o ex-presidente da Deputación da Coruña e secretario de organización da Executiva socialista galega, Salvador Fernández Moreda, vai facer un chamamento público á «reconstrución» do partido. Malia iso, o enfrontamento incrementárase despois dunhas declaracións de Francisco Vázquez, secretario xeral e alcalde da Coruña, onde propoñía a Fernando González Laxe, ex-presidente da Xunta, como candidato do partido. O punto de chegada desta gravísima situación e, á vez, a mellor expresión das dificultades que atravesaba o Partido Socialista poñerase de relevo á hora de elaborar as candidaturas para as eleccións xerais do 3 de marzo de 1996, proceso no que os enfrontamentos entre renovadores e guerristas chegarían a un punto descoñecido en Galicia ata a data. A exclusión do ex-alcalde de Vigo –a primeira cidade de Galicia en poboación– e cabeza dos renovadores, Carlos Príncipe, das listas ao Congreso dos Deputados vai ser finalmente a mellor proba da intensidade dun enfrontamento que ao longo do ano non fixo máis que se incrementar.

Para rematar este percorrido apuntaremos, en relación coa vida interna do Bloque Nacionalista Galego, a terceira forza autonómica con representación parlamentaria, só un par de datos, un e outro expresivos, non obstante, de pautas moi profundas caracterizadoras da evolución do nacionalismo en Galicia. En primeiro lugar, o feito, altamente significativo, da incorporación ao BNG, producida a finais de ano, de Camilo Nogueira, líder ata a súa desaparición como partido independente da principal forza competidora co BNG –Esquerda Galega– e representante máis caracterizado dun intento de construción dun proxecto nacionalista de centro-esquerda progresista, intento fracasado tras o desastre electoral do partido de Nogueira nos últimos comicios autonómicos. En segundo lugar, a configuración, dentro do Bloque –que se presenta como un movemento que agrupa distintos colectivos–, do partido Esquerda Nacionalista, como forza con vocación de agrupar os sectores progresistas do Bloque que lidera o deputado autonómico Xosé Manuel Beiras. Un e outro feitos virían confirmar a persistencia das tendencias centrífugas e centrípetas que caracterizaron, de forma conxunta e continuada, o nacionalismo galego desde o seu nacemento a mediados dos anos cincuenta.

As eleccións municipais do 28 de maio de 1995

As eleccións municipais do 28 de maio tiveron en Galicia un tripló significado fundamental:

- a) En primeiro lugar confirmaron o claro dominio electoral do Partido Popular, mesmo nun tipo de comicios que se viñeran mostrando moi propicios para as forzas do centro-esquerda e os nacionalistas. O Partido Popular obtén 757.025 sufraxios (o 46,84% dos votos válidos expresados) que lle outorgan 2229 concelleiros, mentres que o Partido dos Socialistas de Galicia, malia mellorar substancialmente os seus resultados previos (en autonómicas e europeas, por exemplo), queda en 421.771 votos, o 26,66%, e 951 concelleiros. O BNG, pola súa banda, obterá 208.152 votos, o 13,15%, e 426 concelleiros. A partir destas tres forzas o salto é xa impresionante, pois o cuarto partido en número de votos, Esquerda Unida-Esquerda Galega, non é capaz de obter máis que 44.753 (2,83%) e 30 concelleiros. Estas cifras traducen unha hexemonía electoral da que é mostra inmejorable o dato de que o Partido Popular logrou obter a maioría absoluta en 212 municipios, o 68% dos 314 de Galicia, e o non menos significativo da repartición das alcaldías tras a constitución das corporacións locais: o PP obtén 230, o PSdeG-PSOE 54, o BNG 13, e as 17 restantes que completan o total quedan en mans doutras candidaturas.
- b) Estes datos cuantitativos non dan idea, non obstante, do tamaño da vitoria popular e da correlativa derrota socialista. Tan expresivos coma eles é o relativo á nova repartición de alcaldías entre as sete grandes cidades de Galicia (Vigo, A Coruña, Ourense, Santiago, Ferrol, Lugo e Pontevedra), que se inverte tras o 28 de maio. Mentres que ata as municipais os socialistas gobernaban en cinco das sete (todas, agás Lugo e Pontevedra, que tiñan alcalde popular, e en dúas delas –Santiago e A Coruña– por maioría absoluta), tras os comicios, o PSdeG-PSOE perde Vigo e Ourense, que pasan ao PP por maioría absoluta; Ferrol, que pasa ao PP por maioría relativa, e a maioría absoluta en Santiago, que continúa, co apoio do BNG, en mans socialistas.
- c) O reequilibrio podería ser, en todo caso, máis intenso de non mediar un pacto –que adquiriu carácter global– entre o PSdeG-PSOE e o BNG, en virtude do cal ambos os dous partidos decidiron arrebatar a alcaldía á lista máis votada alí onde a suma dos seus concelleiros significase a maioría absoluta, pacto este que lle supuxo ao Partido Popular perder case medio centenar de alcaldías no conxunto de Galicia.

O debate sobre o estado da Autonomía

Ao igual que en anos precedentes, e como vén sendo norma desde 1989, o Parlamento de Galicia celebrou, pouco despois do inicio do seu segundo período de sesións correspondente a 1995, o denominado debate sobre o estado da autonomía. Tras a comunicación do presidente da Xunta á Cámara galega para expoñer a situación política da Comunidade Autónoma (BOPG n.º 328, do 6 de outubro de 1995), o debate tivo lugar nas sesións plenarias do 10 e 11 de outubro (DSPG n.º 72 e 73) e as resolucións acordadas tras este foron publicadas no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* do 24 de outubro de 1995 (n.º 341). O presidente da Xunta, que anunciou no curso da súa intervención a súa vontade de concluír a lexislatura na data prevista de 1997 e que reiterou a listaxe de demandas que se formularían á Administración central tras a celebración das novas eleccións xerais, centrou o seu discurso de apertura do debate na necesidade de afrontar un cambio sociolóxico en Galicia, na necesidade de afondar na súa lingua, cultura e tradicións, na urxencia do proceso de vertebración e articulación das infraestruturas de Galicia que lle permitan superar o seu secular atraso

histórico, na necesidade de preparar a Galicia fronte ao reto europeo, na vontade de ser galegos mantendo ao tempo a lealdade ao proxecto español, na preparación da sociedade galega mediante un profundo esforzo na súa formación educativa e, finalmente, nunha aposta clara polo futuro, abrindo a sociedade galega ás novas tecnoloxías.

Nas súas quendas de réplica, socialistas e nacionalistas someteron a crítica tanto o relatorio de realizacións exposto polo presidente da Xunta como a orde de prioridades de futuro que expresara no seu discurso. Os socialistas acusaron o presidente de ter présa por marchar de Galicia e os nacionalistas, pola súa banda, impugnaron tanto a traxectoria política de Manuel Fraga antes de acceder á Presidencia da Xunta como as súas realizacións desde que se producira a súa elección. Esa total falta de acordos poñeríase de relevo na quenda de votación das propostas de resolución froito do debate: a Cámara rexeitou a totalidade das 25 propostas admitidas a trámite ao GP Socialista, aceptou tan só 2 das 98 admitidas ao GP do BNG (referidas ao Plan MEGA e ao fortalecemento dos centros de investigación dependentes da Consellería de Agricultura) e aprobou, cos únicos votos dos deputados populares, as 24 defendidas polo GP do PP. A circunstancia de que os deputados socialistas e nacionalistas se negasen a participar na votación –premendo unicamente o botón de «presente»– como signo de rexeitamento á, segundo eles, falta de vontade do grupo maioritario por consensuar propostas de resolución e de denuncia do feito de que a práctica totalidade das formuladas polo Grupo Popular fosen dirixidas ao Goberno central, é a mellor mostra desa confrontación case permanente entre as forzas políticas que, segundo apuntabamos ao comezo deste capítulo, caracterizou a vida política e institucional galega ao longo de 1995.

CAPÍTULO X

ANO 1996

1. Introducción: liñas xerais

O ano 1996 estivo marcado na Comunidade Autónoma galega por tres grandes circunstancias, condicionadoras en distinto grao do desenvolvemento da actividade dos diversos operadores sociais e institucionais en torno aos cales xirou a vida política autonómica: en primeiro lugar un factor nada novidoso, a *estabilidade política*, froito da hexemonía do Partido Popular derivada da súa sólida maioría parlamentaria na Cámara galega, estabilidade que se traduciu, como xa viñera sucedendo en anos anteriores, na plasmación dun amplo programa legislativo –11 leis publicadas– e nun funcionamento normalizado da Xunta de Galicia, que desenvolveu no período cronolóxico comprendido entre xaneiro e decembro de 1996 unha actividade regulamentaria marcada polo signo da continuidade. A segunda circunstancia non introduciu, malia a súa teórica potencialidade para dar lugar a iso, ningunha modificación substancial nese panorama de estabilidade política de fondo que acaba de apuntarse: 1996 foi un *ano preelectoral*, pois en 1997 haberán de celebrarse comicios autonómicos. Adiántense as eleccións á primavera, como manteñen insistentemente as forzas parlamentarias da oposición, ou celébrense na súa data, transcorrido, polo tanto, na súa totalidade o mandato de catro anos para o que os deputados foron elixidos nas eleccións autonómicas do 16 de outubro de 1993, como asegura, con non menos insistencia, o presidente da Xunta de Galicia, o certo é que a proximidade, maior ou menor, dun próximo proceso electoral condicionou a estratexia das principais forzas políticas galegas durante 1996, e iso tanto desde a perspectiva da dinámica intrapartidista como desde a da competencia interpartidista. Pero 1996 non se caracterizou soamente por ser un ano preelectoral: desde a perspectiva da política española foi, tamén, un *ano electoral*. A vitoria do Partido Popular nas eleccións xerais do día 3 de marzo, que colocaba, tras a investidura de José María Aznar como presidente, o mesmo partido que goberna desde hai máis dunha década a Xunta de Galicia á fronte do Goberno do Estado, ía ter unhas consecuencias dunha marcada relevancia: dunha parte, daría lugar a un proceso de cambios na esfera de altos de cargos do Goberno autónomo galego –incluídos os conselleiros da Xunta de Galicia–, como consecuencia do paso dunha boa parte destes a altos cargos do Estado; doutra parte, traduciríase na necesidade de que a Xunta de Galicia –ao igual que a maior parte das comunidades autónomas gobernadas polo Partido Popular– readaptase a súa

política en relación con algúns grandes temas e, moi especialmente, co que acabou centrando, en boa medida, o actual debate político español sobre a articulación territorial: o do financiamento das comunidades autónomas. Estes son, a grandes trazos, os elementos esenciais que condicionaron a vida política galega ao longo do ano en que ha de centrarse este capítulo. Ao seu estudo polo miúdo dedicaremos as páxinas que seguen. Todo iso despois de abordar un detallado tratamento de como se plasmou ao longo de 1996 o exercicio das competencias autonómicas: da produción lexislativa do Parlamento de Galicia, da produción regulamentaria da Xunta, do proceso de transferencias estatais á Comunidade Autónoma galega e, por último, das relacións de colaboración e de conflito desta con outras instancias municipais ou estatais.

2. O exercicio das competencias lexislativas

Continuando unha tendencia que rematou por caracterizar toda a lexislatura, o Parlamento de Galicia, que en 1996 celebrou o décimo aniversario da súa constitución, aprobou ao longo do ano un importante número de leis (11), que viñeron a engadirse ás xa aprobadas nos anos anteriores da cuarta lexislatura, que se pechará en 1997: 6 en 1994 e 12 en 1995. Importancia que o é non só desde o punto de vista estritamente cuantitativo, é dicir, o relativo ao número de leis aprobadas, senón tamén desde unha perspectiva cualitativa, pois todas elas afectaron, como veremos de inmediato, a cuestións de grande importancia material. Desexamos deixar antes constancia, en todo caso, do feito de que 1996 foi un ano lexislativamente transcendente non só polo número de leis oficialmente publicadas entre o día 1 de xaneiro e 31 de decembro, pois ás 11 antes citadas deben engadirse outras dúas aprobadas durante o segundo período de sesións da Cámara, aínda que publicadas xa durante 1997, polo que, dada a habitual sistemática da presente obra, non serán obxecto de tratamento no capítulo correspondente ao ano 1996, senón no seguinte, centrado en 1997: trátase das leis 12/1996, do 27 de decembro, de creación do Colexio Oficial de Podólogos de Galicia (DOG n.º 12, do 20 de xaneiro de 1997) e 13/1996, do 30 de decembro, de infraccións e sancións en materia de vivenda (DOG n.º 12, de 20 xaneiro de 1997). Ademais desta circunstancia debe tamén salientarse que a Xunta de Galicia elaborou –e levou ao Parlamento ou preparou os correspondentes borradores, dos que se fixeron eco os medios de comunicación– un conxunto de propostas lexislativas importantes que, previsiblemente, serán aprobadas nos meses que aínda restan da lexislatura de 1993-97: remitíronse, así, á Cámara galega os proxectos de lei que se enumeran a continuación: Proxecto de lei galega da familia e da infancia (BOPG n.º 488, do 20 de xuño de 1996); Proxecto de lei de ordenación e promoción do turismo en Galicia (BOPG n.º 500, do 8 de agosto de 1996); Proxecto de lei de caza de Galicia (BOPG n.º 499, do 7 de agosto de 1996); e, finalmente, Proxecto de lei de Administración local de Galicia (BOPG n.º 570, do 16 de decembro de 1996). Polo que se refire ás leis aprobadas, as once que o foron nos dous períodos de sesións de 1996 poderían agruparse, para os efectos do seu estudo, en catro grandes apartados:

- a) Un primeiro confórmano dúas leis susceptibles de incluírse, malia o seu diferente contido material, baixo o rótulo xenérico da *asistencia social*, sector de actividade este que, ben lexislativamente, ben regulamentariamente, veu sendo obxecto desde hai varios anos de atención preferente por parte das institucións autonómicas: trátase das leis 2/1996, do 8 de maio, de Galicia sobre drogas e 5/1996, do 6 de xuño, sobre acceso ao ámbito de persoas con deficiencia visual.

A Lei de Galicia sobre drogas, cuxas principais finalidades son as de coordinar, no ámbito territorial da Comunidade Autónoma, as diversas autoridades e institucións que teñen normativamente asignadas competencias no campo das drogodependencias e a de regu-

lar o conxunto de accións dirixidas a previr o consumo de drogas e as drogodependencias, a regular o tratamento e integración social dos afectados por estas e a potenciar a investigación e formación nese eido, foi publicamente presentada pola maioría parlamentaria do Partido Popular, con cuxos votos se aprobou o texto da lei, como a máis restritiva das adoptadas no conxunto do Estado, fronte ao criterio do Partido dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego, as dúas forzas da oposición presentes na Cámara galega, que entenderon que o texto era excesivamente brande nalgúns aspectos relativos á publicidade, venda e promoción de certas drogas, como o tabaco e o alcohol. O debate mencionado derivouse do feito de que foi, precisamente, nese campo da dureza represiva da lei nun dos que aquela veu facer achegas substantivas no ámbito do que podería denominarse dereito español *interno comparado*: fronte ao criterio da lexislación estatal, que cifra en 16 anos a idade mínima para poder adquirir tabaco e alcohol, a Lei de Galicia sobre drogas determina, no seu artigo 13, que «non se permitirá a venda ou subministración de tabaco a menores de 18 anos» e que «igualmente, non se permitirá a venda ou subministración de bebidas alcohólicas a menores de 16 anos, e no caso de bebidas alcohólicas de máis de 18 graos centesimais, aos menores de 18 anos». A lei veu regular, polo demais, con gran detalle, os máis diversos aspectos destinados á consecución efectiva do seu obxecto: a prevención das drogodependencias, a promoción, venda e publicidade de bebidas alcohólicas e tabaco, a asistencia e reinserción dos afectados polo consumo de drogas, a organización e participación social na loita contra as drogodependencias e a función inspectora e o réxime sancionador na materia. De todos eles, dous merecen ser, ao noso xuízo, destacados como elementos definidores das políticas autonómicas na materia: a planificación e a coordinación. En efecto, e polo que se refire ao primeiro, a lei realiza a previsión dunha política de planificación en materia de drogodependencias, que se concretará na elaboración dun Plan de Galicia sobre drogas, plan que, á súa vez, dependerá dun órgano coordinador que será o encargado de asesorar, coordinar e supervisar as directrices e accións que desenvolva na materia a Comunidade Autónoma galega (arts. 23 e 30). En canto á coordinación, o artigo 31 da lei prevé a creación de órganos de coordinación interconsellerías, interadministracións públicas e de organizacións non gobernamentais que interveñan en Galicia no ámbito das drogodependencias. Aínda que con menor impacto social que a Lei de Galicia sobre drogas, a reguladora do acceso ao ámbito de persoas con deficiencia visual é formulada por parte da maioría parlamentaria-gobernamental como unha norma tendente a facer efectivos os principios contidos nos artigos 4.2 do Estatuto de autonomía para Galicia –que, reproducindo o 9.2 da Constitución, vén establecer que corresponde aos poderes públicos de Galicia promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas, remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os galegos na vida política, económica, social e cultural–, e 49 da propia Constitución, segundo o cal un dos principios reitores da política social será a protección e amparo dos diminuídos físicos e sensoriais para que gocen dos dereitos que a Constitución outorga a todos. Esta finalidade, así constitucionalmente proclamada, é a que explica o obxecto da lei, que non é outro que o de garantirles aos deficientes visuais que vaian acompañados de cans guía no acceso aos lugares, establecementos e transportes públicos e de uso público no ámbito de actuación da Comunidade Autónoma galega. Por iso será, xustamente, a regulación do can guía, como instrumento esencial de integración social das persoas afectadas por minusvalías no seu sistema visual, a que vertebrará todo o contido da lei: desde os requisitos de acreditación do usuario que queira exercer os dereitos establecidos na norma ata a determinación dos lugares, esta-

blecementos e transportes públicos ou de uso público afectados polas previsións desta, pasando pola fixación dos requisitos hixiénico-sanitarios do can guía ou pola determinación do principio de gratuidade de acceso daquel aos lugares legalmente sinalados.

- b) A materia que, nun sentido amplo, podería definirse como a *intervención sobre o territorio* dá cohesión ao segundo dos grupos de normas antes referidos. Aínda que a diversidade material é, se cabe, aínda maior que no caso precedente, nel cabería integrar tres textos normativos: as leis 3/1996, do 10 de maio, de protección dos camiños de Santiago; 6/1996, do 9 de xullo, de coordinación dos servizos de transporte urbanos e interurbanos por estrada de Galicia; e, finalmente, 7/1996, do 10 de xullo, de desenvolvemento comarcal.

A Lei de protección dos camiños de Santiago, aprobada por unanimidade no Parlamento de Galicia, tras aceptar a maioría unha boa parte das emendas da oposición, ten por obxecto delimitar e regular a conservación, uso e diferentes niveis de protección dos tramos dos camiños de Santiago que discorren por Galicia, entendéndose estes como as rutas históricas recoñecidas documentalmente. En tal sentido, esta norma, que se engade a unha ampla gama de medidas tendentes a converter o fenómeno xacobeo nun gran proxecto de carácter turístico e cultural, vén dar carta legal ao concepto dos «camiños de Santiago» –en plural–, o que supón recoñecer na súa importancia xunto ao tradicional «Camiño de Santiago», o «Camiño Francés», outra serie de rutas a través das cales discorreu historicamente a peregrinación a Compostela: o «Camiño Portugués», a «Ruta da Prata», o «Camiño do Norte», o «Camiño de Fisterra», o «Camiño Inglés» e a «Ruta do Mar de Arousa e Ulla». Esta indispensable protección legal dos *camiños*, perfectamente coherente co feito do recoñecemento do Camiño de Santiago como Patrimonio Cultural Común Europeo, por declaración dos ministros de Cultura da Comunidade Europea reunidos en Consello, o día 17 de maio de 1993, e co seu recoñecemento pola Unesco como Patrimonio Universal da Humanidade, pola Declaración do 11 de decembro de 1993, concrétase nunha serie de medidas de moi diferente natureza: delimitación, deslinde e réxime urbanístico, conservación e protección, infraccións e sancións ou réxime de promoción. A lei prevé, ademais, que no prazo máximo de dous anos a partir da súa entrada en vigor, a Xunta de Galicia, a través da súa Consellería de Cultura, deberá aprobar un plan especial de protección e promoción do Camiño de Santiago, no que se dará audiencia a todos os concellos polos que discorra, plan cuxa importancia residirá en que a súa obrigatoriedade non poderá escusarse na preexistencia doutro plan, calquera que fose a súa natureza.

Moito máis conflitiva que a precedente, a Lei de coordinación dos servizos de transportes urbanos e interurbanos por estrada de Galicia, rexeitada polos grupos minoritarios da Cámara por entender que atentaba contra a autonomía municipal, apróbase, segundo explicita o seu preámbulo, coa finalidade de «dar solución cabal ás, cada vez máis frecuentes, interferencias e coincidencias entre os servizos públicos de transporte interurbano, que necesariamente penetran nos núcleos urbanos en continua expansión, e os servizos de transporte urbano, que crecen ao ritmo da urbanización das cidades». Con tal finalidade, a norma fixa como o seu obxecto primordial o de coordinar os servizos de transporte público urbano de viaxeiros cos servizos de transporte interurbanos, no suposto en que o establecemento ou ampliación dos primeiros afecte os servizos interurbanos previamente establecidos, sempre que se presen integramente no territorio da Comunidade Autónoma galega, comprendéndose no seu ámbito tanto os servizos permanentes como os temporais, e tanto os de uso xeral como os especiais. Obviamente, e resulta doado de apreciar a partir da simple definición do seu obxecto material, esta norma ía afectar a unha cuestión básica desde o punto de vista da política

autonómica: a relativa a cal debe ser a amplitude das potestades da Comunidade Autónoma á hora de cohonestar os intereses xerais, que representa a Xunta de Galicia, cos particulares, representados polos concellos. Este aspecto foi, de feito, un dos que centraron o debate da lei e determinaron finalmente diferentes posicións na Cámara respecto dos seus contidos.

A Lei de desenvolvemento comarcal, última das que se incluírán neste grupo, ten por finalidade promover o desenvolvemento comarcal, ao abeiro do dobre título competencial contido nos artigos 27.24 e 39.1.1 do Estatuto de autonomía para Galicia, que atribúen, respectivamente, á Comunidade Autónoma competencia na promoción do desenvolvemento comunitario e no fomento e planificación da actividade económica de Galicia. Aínda que a maioría do Partido Popular fixo na Cámara galega unha oferta de consenso respecto dunha lei tan importante e de tanto potencial conflitivo, ao afectar a intereses de tipo territorial, tal oferta remataría finalmente naufragando. Así as cousas, a norma reguladora do desenvolvemento comarcal viría establecer o oportuno marco normativo para que tal desenvolvemento poida promoverse e a fixar os fins perseguidos por este, entre os que poderían destacarse os seguintes: a coordinación das diferentes administracións implicadas para favorecer o desenvolvemento local, a configuración das bisbarras como unidades supramunicipais, a implantación de estratexias de coordinación e planificación integrada, o fortalecemento dos axentes socioeconómicos públicos e privados, a aplicación dos principios e métodos do modelo de desenvolvemento local a todo o territorio ou a redución dos desequilibrios territoriais existentes. Pero, sen dúbida ningunha, un dos aspectos esenciais da lei, cuxo desenvolvemento deu xa lugar a diversas alegacións dos territorios afectados, foi o relativo á atribución competencial da facultade para proceder á delimitación territorial das comarcas. Fronte ao criterio dos dous partidos da oposición, que formularon residenciar tal atribución no Parlamento de Galicia, ao que debería corresponder a aprobación definitiva do proxecto de mapa comarcal, a maioría parlamentaria-gobernamental optou por conferir tal competencia á Xunta de Galicia. A Lei de desenvolvemento comarcal dispón, en tal sentido, que «a aplicación formal e temporal do Plan de desenvolvemento comarcal se concretará nun mapa comarcal, no que aparecerá a delimitación territorial das distintas bisbarras, cuxa aprobación e sucesivas modificacións serán efectuadas polo Consello da Xunta» (art. 27) e, máis adiante, que «a proposta de configuración das distintas comarcas en que se divide o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia será levada a cabo polo Gabinete de Planificación e Desenvolvemento Territorial» (art. 28), gabinete que, segundo especifica tamén a propia lei, se concibe como un órgano dependente directamente do presidente da Xunta de Galicia (art. 21).

A aprobación da Lei de desenvolvemento comarcal supuxo así a posta en marcha dun proceso de nova división territorial e de reagrupamento dos municipios conformadores da Comunidade Autónoma galega que moi pronto ía dar lugar, como antes se apuntaba, a diversas alegacións por parte dos municipios afectados. E iso porque a lei pasou a dispoñer que a proposta de configuración das bisbarras, que debería ser confeccionada polo Gabinete de Planificación e Desenvolvemento Territorial, citado máis arriba, habería de ter en conta, ademais dos datos existentes e os criterios que expuxesen razoadamente as distintas consellarías, «a opinión dos distintos entes xurídico-públicos afectados». En cumprimento de tales previsións a proposta de mapa comarcal foi presentada aos medios de comunicación social, polo conselleiro da Presidencia e Administración Pública e polo director do gabinete legalmente competente na materia, nos últimos días do mes de outubro e foi publicado oficialmente no *Diario Oficial de Galicia* do día 28 dese mes. Iso supuxo a apertura do prazo dun mes para que os cidadáns a título particular, os concellos, as deputacións provinciais e a Delegación do Goberno en Galicia procedesen a presentar as opor-

tunas alegacións. Así as cousas, o mapa comarcal divide o territorio de Galicia nun total de 49 bisbarras (14 na Coruña, 13 en Lugo, 12 en Ourense e 10 en Pontevedra) e agrupa estas entidades supramunicipais en 12 rexións funcionais: 3 na Coruña (as organizadas en torno a Ferrol, a capital coruñesa e Santiago), 3 en Pontevedra (Deza-Tabeirós-Terra de Montes, as Rías Baixas en torno ao eixe de Pontevedra e o eixe río Miño en torno a Vigo), 3 en Lugo (A Mariña, o centro en torno ao eixe da capital provincial e o Val de Lemos en torno a Monforte) e, por último, 3 en Ourense (a occidental en torno ao eixe da capital provincial e outras dúas na zona oriental en torno ao Barco de Valdeorras e Verín). Unha distribución novidosa que a comezos do mes de decembro, é dicir, cando o prazo de alegacións legalmente fixado concluíra, acabaría por recibir máis de 80 alegacións, 40 delas dos concellos afectados, alegacións estas últimas que poderían agruparse en catro grandes apartados: as dos municipios que querían cambiar de bisbarra (12), as dos que solicitaban a creación dunha nova bisbarra (17), as dos que solicitaban incluír outros municipios na súa bisbarra (9) e, por último, as dos que reclamaban un nome distinto para a súa bisbarra (2). Todo iso nun ambiente político pouco conflitivo que levou a Xunta de Galicia nos momentos finais do ano, cando se pechou a recollida de información que se inclúe neste capítulo, a soste, por boca do conselleiro da Presidencia e Administración Pública, que a oposición ao mapa comarcal era menor da esperada.

- c) As leis de *natureza institucional*, entendido este termo nun sentido moi amplo, forman o terceiro dos grupos antes apuntados: referímonos, en primeiro lugar, á lei 11/1996, do 30 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 1997; en segundo lugar, a dúas leis que veñen regular aspectos do réxime xurídico de dúas institucións de grande importancia no desenvolvemento da vida económica galega: a Lei 4/1996, do 31 de maio, de caixas de aforros de Galicia e a 8/1996, do 17 de outubro, reguladora das eleccións a cámaras agrarias; e, finalmente, a dúas leis reguladoras directamente de aspectos relativos ao réxime xurídico da Administración pública galega e dos entes e empresas participadas pola Xunta: as leis 9/1996, do 18 de outubro, de incompatibilidades dos membros da Xunta de Galicia e altos cargos da Administración autonómica e 10/1996, do 5 de novembro, de actuación dos entes e empresas nos que ten participación maioritaria a Xunta de Galicia, en materia de persoal e contratación.

A Lei de caixas de aforros, que fai fronte á conveniencia de completar a normativa autonómica das caixas e á necesidade de adaptala ás novidades introducidas na normativa estatal de carácter básico, e que vén derogar practicamente na súa totalidade as leis anteriormente vixentes (7/1985, do 17 de xullo, modificada pola 6/1989, do 10 de maio), regula con detalle os aspectos esenciais do réxime xurídico dunhas entidades de tipo financeiro inmersas en Galicia nun proceso interno de recomposición e concentración, que xogan un papel económico dunha extraordinaria relevancia: a súa organización institucional, o réxime das intervencións públicas, a normativa de control, o réxime sancionador e, finalmente, os órganos asociativos, é dicir, a Federación Galega de Caixas de Aforros. Pola súa banda, a Lei de eleccións a cámaras agrarias ten por obxecto establecer o réxime electoral polo que se desenvolveran as eleccións a cámaras agrarias en Galicia, articulando así unha normativa imprescindible para poder facer efectivas as previsións contidas na Lei 2/1994 que procedeu a adaptar a normativa galega en materia de cámaras agrarias que se contiña na Lei 2/1984, do 4 de maio, ás bases estatais fixadas na Lei 23/1986, do 4 de decembro, reguladora das bases do réxime xurídico das cámaras, norma esta, á súa vez, modificada pola Lei 23/1991, do 15 de outubro, ditada como consecuencia da sentenza do Tribunal Constitucional 132/1989.

A Lei de incompatibilidades dos membros da Xunta e altos cargos da Administración autónoma pretende facer fronte á necesidade de garantir unha actuación pública imparcial, eficaz e obxectiva dentro do Estado social e democrático de dereito, o que exige, a xuízo do lexislador, que os altos cargos teñan unha dedicación absoluta ás funcións que lles foron encomendadas sen que poida verse mediatizada por actividades ou intereses diferentes aos correspondentes ao seu cargo. Xustamente nesa esfera, a lei ten por obxecto dotar a Xunta de Galicia e a súa Administración autonómica dun réxime propio de incompatibilidades de actividades e control de intereses, así como dos bens patrimoniais, aplicable aos seus membros e altos cargos da súa Administración e das entidades de dereito público vinculadas ou dependentes desta. Nunha liña similar, de facer efectivos principios básicos como os de publicidade e concorrencia, a Lei de actuación dos entes e empresas nos que ten participación maioritaria a Xunta de Galicia en materia de persoal e contratación fixa como a súa finalidade a de adaptar ás características propias dos entes e empresas nos que a participación da Xunta sexa maioritaria ás exixencias contidas na disposición adicional sexta da Lei de contratos das administracións públicas, segundo a cal todas as sociedades mercantís en cuxo capital sexa maioritaria a participación directa ou indirecta das administracións públicas ou os seus organismos autónomos ou entidades de dereito público, se axustarán na súa actividade contractual aos principios, máis arriba referidos, de publicidade e concorrencia. Para tal obxecto a lei específica con detalle cales son as entidades que haberán de axustar a súa actuación en materia de persoal e contratación aos principios básicos que regulan a función pública e a contratación nas administracións públicas.

- d) Pecharemos este percorrido pola produción legislativa da Comunidade Autónoma galega durante 1996 facendo referencia a unha lei que, pola súa materia, non é posible incluír en ningún dos tres grupos citados: a 1/1996, do 5 de marzo, de regulación das actividades feirais de Galicia, que vén establecer o marco normativo para que o conxunto de actividades que constitúe o seu ámbito de aplicación sexa conforme á realidade actual e contribúa á ampliación dos intercambios comerciais mediante o achegamento entre a oferta e a demanda.

3. A actividade regulamentaria

Aínda que, segundo veremos máis adiante, a Xunta de Galicia e a propia Administración da Comunidade Autónoma se viron afectadas por un amplo proceso de recomposición dos seus postos directivos, como consecuencia do transvasamento de altos cargos de postos directivos do Goberno de Galicia a outros no Goberno do Estado, é certo que, malia iso, a actividade regulamentaria se desenvolveu en Galicia con normalidade, como o demostra o feito do número importante de normas regulamentarias de carácter xeral aprobadas ao longo de 1996 e o da transcendencia de moitos dos temas abordados a través desa citada actividade regulamentaria. Unha actividade na que, como de inmediato se sinalará, destacaron algúns sectores de actividade de xeito contundente: o das normas reguladoras da disciplina de mercado, o das relativas aos sectores educativo e agrícola-pesqueiro –sempre moi relevantes dentro da produción regulamentaria da Xunta de Galicia– ou o das normas de carácter organizativo. Veremos a continuación, con máis detalle, a produción regulamentaria tanto nos sectores referidos como nalgúns outros nos que, malia ser menos importantes, tamén se aprobaron normas que merecen salientarse:

- a) As que, xenericamente, poderían denominarse normas regulamentarias reguladoras da *disciplina de mercado* tiveron, polo seu número, e pola significación dos sectores afectados, unha importancia extraordinaria ao longo de 1996: así o Decreto 254/1996, que veu deter-

minar o órgano competente para fixar as tempadas de rebaixas; os 253/1996 e 288/1996, que, respectivamente, determinaron os horarios mínimos de apertura así como os criterios reitores para o establecemento de quendas de urxencia e vacacións das oficinas de farmacia –norma esta rexeitada no seu día polos colexios oficiais, que chegaron a ameazar con recorrerla ante os tribunais–, e sobre competencias e procedemento para a autorización de apertura de oficinas de farmacia, norma esta última que debe inscribirse dentro do contexto xeral da regulación da cuestión por unha boa parte dos gobernos das comunidades autónomas; o Decreto 341/1996, polo que se procedeu a crear a Comisión Consultiva de Equipamentos Comerciais e a regular a implantación de grandes establecementos comerciais, cuxa importancia se deriva da crecente proliferación nos máis importantes núcleos urbanos de Galicia deste tipo de centros comerciais; o Decreto 360/1996 e a Orde do 9 de outubro, que, no ámbito dos espectáculos, viñeron, respectivamente, atribuír aos órganos da Comunidade Autónoma o exercicio da potestade sancionadora en materia de espectáculos públicos e a determinar –no contexto dunha crecente conflictividade nocturna nalgúns cidades de Galicia– os horarios de peche de espectáculos e establecementos públicos; por último, poderían ser tamén incluídos neste apartado os decretos 402/1996 e 431/1996, polos que, respectivamente, se aproba o Regulamento de aproveitamento de augas mineromedicinais e termais e dos establecementos balnearios e se regulan os órganos competentes para a imposición de sancións por infraccións cometidas en materia de medicamentos veterinarios.

- b) Tamén o *sector educativo* agrupou un número importante e materialmente relevante de decretos: o 176/1996, regulador da acreditación para o exercicio da dirección nos centros docentes públicos nos que se impartan ensinanzas non universitarias; o 315/1996, que veu establecer a proba libre para a obtención do título de graduado en Educación Secundaria para os maiores de 18 anos; o 321/1996, de ordenación de educación de alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais; o 374/1996, que procedeu a aprobar o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria; e, finalmente, o 424/1996, regulador do Plan autonómico de formación de formadores de formación profesional ocupacional.
- c) Non é necesario destacar a importancia das normas relativas á regulación dos *sectores agrícola e pesqueiro*, que constitúen un ámbito estratéxico dentro da economía de Galicia. En tal ámbito aprobáronse, cando menos, os seguintes decretos relevantes: o 82/1996, que procedeu a establecer un réxime de axudas para o fomento do cesamento anticipado da actividade agraria; o 286/1996, creador da figura do Centro Regulador de Crustáceos como novo tipo de establecemento auxiliar de acuicultura; o 399/1996, regulador dos programas de control sanitario de moluscos bivalvos vivos, e o 406/1996, que aproba o Regulamento de viveiros de cultivos mariños.
- d) Moi numerosas foron, durante 1996, as *normas regulamentarias de carácter organizativo*, normas que poderían agruparse en dous subapartados. Dun lado todas as aprobadas como consecuencia dos diversos cambios habidos na Xunta de Galicia, que deron lugar aos correspondentes regulamentos organizativos de fixación da estrutura orgánica, ben da Xunta ou das súas consellarías: así os decretos 212/1996, que modifica parcialmente a da Xunta de Galicia; 188/1996, para a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda; 237/1996 e 256/1996, para a de Cultura e Comunicación Social; 292/1996, para a de Xustiza, Interior e Relacións Laborais; e, finalmente, 346/1996, para a de Educación e Ordenación Universitaria. Doutro lado aprobouse, tamén, un amplo grupo de normas que

viñeron regular a organización, e ás veces as funcións, de toda unha serie de organismos ou dependencias administrativas: 108/1996, que aproba o Regulamento do organismo autónomo Augas de Galicia; 125/1996, que aproba os estatutos da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos; 128/1996, que desenvolve a Lei reguladora do Instituto Lácteo e Gandeiro de Galicia; 144/1996, creador da Comisión Interdepartamental de Xuventude; 206/1996, que crea a Comisión Orzamentaria da Administración da Comunidade Autónoma; 326/1996, de regulamentación do Centro Galego de Arte Contemporánea; 390/1996, que crea a delegación da Xunta de Galicia nas sociedades galegas de autoestradas de peaxe; e, por último, 400/1996, que crea o portelo único para establecementos balnearios e explotación de augas minerais, termais e de manancial.

- e) Podería formarse un quinto bloque con varias normas regulamentarias que viñeron regular materias no ámbito das *políticas públicas de tutela e prestación* por parte da Comunidade Autónoma: así os decretos 32/1996, regulador da realización de ensaios clínicos, en materia de sanidade; 54/1996, sobre asignación de funcións ante emerxencias motivadas por variacións extraordinarias no réxime hidrolóxico, en materia de protección civil; 376/1996, sobre imposición de sancións por infraccións laborais, de prevención de riscos laborais e por obstrución do labor inspector, en materia de traballo; 34/1996, regulador da habilitación de entidades colaboradoras de adopción internacional; 129/1996, creador das comisións mixtas coas corporacións locais para o traspaso dos equipamentos sociais adscritos á Consellería de Sanidade e Servizos Sociais; e, finalmente, 223/1996, regulador das actividades de aire libre dirixidas á xuventude, todos eles en materia de asistencia social.
- f) No sector de actividade do *ambiente* deben incluírse dous decretos, de contido esencialmente fiscal: o 4/1996, polo que se aproba o Regulamento do imposto sobre a contaminación atmosférica, e o 27/1996, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento lexislativo da Lei reguladora da Administración hidráulica no relativo ao canon de saneamento.
- g) Tres decretos dirixíronse a un obxectivo común, o de coordinar, en diversos aspectos, a *dotação e uniformes das policías locais* de Galicia: 83/1996, sobre homoxeneización dos medios técnicos, 91/1996, sobre signos externos de identificación, e 92/1996, sobre características básicas e comúns de uniformidade.
- h) Pecharemos este percorrido pola produción regulamentaria da Xunta de Galicia referíndonos a un último grupo de normas relativas á *contratación administrativa* e á *función pública*: trátase do que forman os decretos 122/1996, sobre adxudicación de obras e subministracións polo procedemento negociado con publicidade; 160/1996, de configuración e introdución no estatuto de persoal non sanitario de institucións sanitarias da Seguridade Social da categoría de persoal de servizos xerais; e, por último, 226/1996, polo que se regula o réxime retributivo do persoal das unidades e servizos de atención primaria.

4. O proceso de transferencias e os conflitos e colaboración con outras instancias

- 1) O proceso de transferencia de funcións e servizos á Comunidade Autónoma de Galicia experimentou ao longo de 1996 un importante salto cara adiante coa publicación de toda unha serie de reais decretos de traspasos do Ministerio para as Administracións Públicas, que viñeron, en boa medida, concretar as negociacións desenvolvidas ao longo de 1995 entre o Goberno central e a Consellería de Presidencia e Administración Pública da Xunta de Galicia.

A continuación daremos conta destes: a) forman un primeiro bloque un total de oito reais decretos, os 87/1996 a 94/1996, todos do 26 de xaneiro, referidos, respectivamente, a ampliación de servizos traspasados en materia de ensino, ampliación de medios en materia de transportes terrestres, traspaso de funcións e servizos en materia de ensinanzas náutico-deportivas e subacuático-deportivas, traspaso de funcións e servizos en materias de instalacións radioactivas de segunda e terceira categorías, ampliación de medios en materia de protección á muller, ampliación de medios en materia de agricultura (FEGA, antigo SENPA), ampliación de medios en materia de agricultura (desenvolvemento rural) e, finalmente, traspaso complementario en materia de provisión de medios materiais e económicos para o funcionamento da Administración de xustiza (DOG n.º 42, do 28 de febreiro); b) reais decretos 212/1996 e 213/1996, ambos os dous do 9 de febreiro, sobre traspaso de funcións e servizos da Seguridade Social en materia de asistencia sanitaria encomendada ao Instituto Social da Mariña (ISM), e sobre ampliación de servizos e medios en relación co Imsero (DOG n.º 44, 48, 51 e 54 do 1, 7, 12 e 15 de marzo, respectivamente); c) Real decreto 1432/1996, do 7 de xuño, de traspaso de medios materiais adscritos ao hospital militar da Coruña (DOG n.º 128, do 1 de xullo); d) reais decretos 1639/1996 a 1643/1996, todos do 5 de xullo, sobre, respectivamente, traspaso de funcións e servizos en materia de asociacións, de espectáculos públicos, de transporte marítimo e de mutualidades de previsión social non integradas na Seguridade Social, e sobre traspaso de funcións en materia de colexios oficiais ou profesionais (DOG n.º 149, do 31 de xullo); e) por último, reais decretos 1790/1996, do 19 de xullo, sobre traspaso dos medios adscritos á xestión encomendada en materia de agricultura (FEGA) (DOG n.º 176, do 9 de setembro), e 2395/1996 a 2397/1996, todos do 22 de novembro, sobre, respectivamente, traspaso complementario en materia de provisión de medios materiais e económicos para o funcionamento da Administración de xustiza, modificación dos medios persoais adscritos aos servizos traspasados en materia de asociacións e traspaso de funcións e servizos en materia de medios persoais ao servizo da Administración de xustiza (DOG n.º 243 e 245, do 13 e 17 de decembro, respectivamente). Aínda que non entraremos a detallar o contido destas transferencias, sirva como mostra da súa transcendencia o feito de que o traspaso da asistencia sanitaria do Instituto Social da Mariña supuxo a asunción pola Comunidade Autónoma de máis dun milleiro de funcionarios e dun fondo de 6500 millóns de pesetas, e o de medios persoais da Administración de xustiza, a asunción de preto de dous mil funcionarios, cun custo efectivo de máis de 4500 millóns de pesetas.

Xa para pechar esta referencia ao proceso de transferencias, é necesario apuntar tan só dúas cuestións: dun lado, que a Comunidade Autónoma asumiu tamén durante 1996, neste caso da Deputación Provincial de Pontevedra, o complexo hospitalario provincial do Rebullón (Decreto 58/1996, do 8 de febreiro, DOG n.º 38, do 22 de febreiro); doutro lado, que na segunda metade do mes de decembro se relanzou o proceso negociador entre o Goberno central e a Xunta de Galicia, que, segundo informacións dos medios de comunicación aparecidas nos últimos días de decembro, prevían abrir no mes de xaneiro de 1997 unha mesa de traballo en materia de industria e emprego, mesa de grande importancia ao estar aínda pendente, entre outras materias, a relativa á transferencia das políticas de emprego desenvolvidas polo INEM.

- 2) Polo que se refire ás relacións de colaboración, destacaremos, pola transcendencia da materia á que afecta, o convenio asinado no mes de setembro de 1996 entre a Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais da Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias, coa finalidade de coordinar os programas de prestación social substitutoria que veñen desenvolvendo as administracións locais e a autonómica como colaboradoras do Ministerio de Xustiza.

3) Xa para pechar este apartado do presente capítulo, farase unha breve referencia ás relacións de conflito, esfera na que merecen ser destacadas tres cuestións: en primeiro lugar, o desistimento, por parte da Xunta de Galicia, do Recurso de inconstitucionalidade 1053/1994 formulado no seu día contra un precepto (art. 95, apartados 6 e 7) da Lei 21/1993, do 29 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1994, que regulou a participación das comunidades autónomas nos ingresos do Estado, asunto este ao que máis abaixo haberemos de volver. En segundo lugar, a Sentenza do Tribunal Constitucional 171/1996, do 30 de outubro, pola que se estima parcialmente o Recurso de inconstitucionalidade 1106/1988, promovido polo Goberno da nación contra determinados preceptos da Lei do Parlamento de Galicia 2/1988, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 1988 (BOE n.º 291, do 3 de decembro de 1996). E, en terceiro lugar, a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que procedeu a anular, por consideralos inconstitucionais, tres apartados do artigo 1.º do Decreto 247/1995, do 14 de setembro, polo que se desenvolve a Lei 3/1983, de normalización lingüística, para a súa aplicación á docencia en lingua galega nas ensinanzas de réxime xeral impartidas nos diferentes niveis non universitarios (DOG do 15 de setembro), apartados referentes ás relacións interadministrativas entre os centros educativos.

5. Trazos fundamentais da vida política e institucional galega

1996: ano electoral

Como xa se sinalou ao comezo deste capítulo, unha das circunstancias básicas que acabaron por determinar a dinámica política en Galicia ao longo de 1996 foi a celebración das eleccións xerais do día 3 de marzo e a posterior formación de Goberno polo Partido Popular como consecuencia destas, formación que veu supoñer que o signo político da maioría parlamentaria estatal e da autonómica coincidisen por primeira vez desde a chegada de Manuel Fraga Iribarne á Presidencia da Xunta. Aínda que de inmediato nos referiremos a algúns dos principais efectos políticos desa coincidencia, faremos antes unha breve referencia aos principais trazos definidores do resultado dos comicios en Galicia. Nese sentido, tales resultados poderían agruparse en torno a tres elementos caracterizadores esenciais: a) a hexemonía do Partido Popular, que volve obter unha marca no seu número de votos absoluta –827.372, o 48,7%– e que gaña con claridade nos catro distritos galegos, por máis que o resultado final en termos de escanos lle supoña perder un en relación cos obtidos nas eleccións xerais de 1993 (Lugo ten asignado un deputado menos que nas anteriores xerais); b) o descenso porcentual, aínda que non en número votos absolutos, do Partido dos Socialistas de Galicia en relación ás xerais do 1993, descenso que lle supón, non obstante, dar un salto cara adiante en comparación cos desastrosos resultados autonómicos –ao pasar do 23,5% ao 33,8% dos votos expresados– e perder tan só dous escanos no conxunto de Galicia; c) o terceiro dos elementos caracterizadores antes referidos é, quizais, o que incorpora maiores novidades en relación coa situación electoral previa ás eleccións e, incluso, en relación coas pautas caracterizadoras do mapa electoral galego desde as primeiras eleccións xerais do 15 de xuño de 1977: o nacionalismo radical, da man do Bloque Nacionalista Galego (BNG), consegue por primeira vez representación parlamentaria nunhas eleccións a Cortes xerais, cun 13% dos votos no conxunto de Galicia. E así o BNG, que experimentará un notable ascenso, pois conseguira o 8% dos votos válidos nas eleccións xerais do 6 de xuño de 1993, obterá dous escanos nos distritos da Coruña e Pontevedra.

Pero, como antes se apuntaba, a verdadeira transcendencia das eleccións xerais do día 3 de marzo no desenvolvemento da vida política galega non residiu tanto nos seus resultados en Galicia como no feito de que a vitoria relativa do PP ía ter diversas traducións que, estas si, serían verdadeiramente sig-

nificativas para a dinámica política autonómica. Ao noso xuízo, dúas merecen destacarse sobre todas as demais: dunha parte, os cambios producidos na Xunta de Galicia e nas máis altas esferas da Administración autonómica como consecuencia do transvasamento de altos cargos do Goberno da Comunidade Autónoma a postos directivos no Goberno de Madrid. Aínda que os casos máis importantes foron os de José Manuel Romay Beccaría –que pasou de conselleiro de Sanidade e Servizos Sociais a ministro de Sanidade e Consumo– e o de Juan Miguel Diz Guedes –que pasou de conselleiro de Xustiza, Interior e Relacións Laborais a delegado do Goberno en Galicia, substituíndo neste último posto a Domingo García-Sabell, que o ocupaba desde a súa creación–, durante as semanas inmediatamente posteriores á investidura de José María Aznar como presidente do Goberno foron moi numerosos os cambios entre os altos cargos da Xunta, ben polo paso dalgúns deles á Administración central, ben por recomposicións internas derivadas destes. Víronse así afectadas, ademais das consellarías xa citadas, as de Educación e Ordenación Universitaria e de Cultura, e un número de altos postos directivos, desde o nivel de director xeral, que chega á vintena.

O segundo dos efectos antes mencionados afectaría á posición que a Xunta de Galicia viñera mantendo en relación coa cuestión do financiamento das comunidades autónomas. O sistema pactado entre o Goberno do Partido Popular e os seus aliados nacionalistas cataláns, vascos e canarios –do que o traspaso da recadación do 30% do IRPF ás CCAA acabará sendo o tema estrela– foi finalmente aceptado, tras uns momentos iniciais de larvado desacordo, pola Xunta de Galicia, que concretaría a súa aquiescencia ao novo modelo de financiamento a través do xesto da súa retirada do recurso de inconstitucionalidade no seu día presentado contra o modelo de financiamento establecido polo Partido Socialista e os nacionalistas cataláns. Aínda que inicialmente todos os partidos presentes no Parlamento de Galicia chegaron a acordar unhas posicións uniformes –tras o pacto celebrado na Cámara o 11 de setembro–, aquela aquiescencia por parte da Xunta, interpretada finalmente pola oposición socialista e nacionalista como unha renuncia desta ás súas antigas posicións, acabaría sendo un dos elementos centrais do debate preelectoral ao que nos referiremos de inmediato.

1996: ano preelectoral

E iso porque, como xa se sinalou no seu lugar, 1996 non foi soamente, desde a perspectiva que acaba de apuntarse, un ano «electoral»: foi tamén, e sobre todo, un ano «preelectoral», dado que en 1997 haberán de celebrarse as quintas eleccións autonómicas galegas. En efecto, teñan lugar antes da data de esgotamento do mandato –como vaticinou que sucederá a oposición socialista e nacionalista na Cámara galega– ou desenvólvanse cando legalmente corresponde –como asegurou unha e outra vez o presidente da Xunta–, a proximidade da convocatoria electoral foi un elemento determinante da vida política autonómica. Unha vida política que xirou en torno a dous espazos básicos de confrontación: a interpartidista e a que se desenvolveu no interior dos grandes partidos presentes na Comunidade Autónoma.

Polo que se refire á competición interpartidista, aínda que, como é obvio, os temas de confrontación foron numerosos e foron variando a medida que avanzaba 1996, unha cuestión debe ser destacada sobre todas as demais ao facer balance do conxunto: referímonos á do financiamento. Unha problemática que se arrastrou durante case todo o ano –nun clima de progresivo enfrontamento– desde que o Goberno central fixo público o pacto ao que chegara na materia cos seus aliados nas Cortes. Apenas comezado o mes de xuño, o PP rexeitou no Parlamento de Galicia dúas mocións, do PSdeG e do BNG, nas que un e outro urxían á Xunta a elaboración dunha proposta propia sobre financiamento. De inmediato os socialistas comezaron unha campaña contra o novo sistema projectado que os levou a presentar, outra vez, na penúltima semana de xullo, o tema á Cámara gale-

ga: a Deputación Permanente, neste caso, rexeitaría a solicitude do Grupo Socialista de convocar un pleno monográfico sobre a cesión do 30% do IRPF e as súas eventuais consecuencias en Galicia. Tras diversas declaracións de altos responsables da Xunta –do voceiro do PP no Parlamento, que asegurou que aquela impugnaría o novo sistema de financiamento en caso de que supuxese unha discriminación para Galicia, ou do conselleiro de Economía e Facenda, que propuxo un sistema tendente a aumentar a participación autonómica na recadación do Estado–, o tema foi levado finalmente ao Parlamento: os tres partidos presentes neste –PP, PSdeG e BNG– lograron na Cámara, nunha sesión da súa Comisión de Economía, Facenda e Orzamentos celebrada o día 11 de setembro, consensuar 17 resolucións para a súa posterior presentación ante a Comisión de Política Fiscal e Financeira (BOPG n.º 517, do 20 de setembro de 1996). O desenvolvemento posterior das negociacións entre as autoridades estatais e as da Comunidade Autónoma acabaría desembocando, non obstante, nun relanzamento do enfrontamento entre as forzas políticas galegas, o que acabou convertendo o do financiamento, ao igual que acontecería nas restantes comunidades autónomas españolas, no principal tema do debate político autonómico nos últimos meses de 1996. O principal, pero non o único. Tamén a política local –que volveu durante o ano ao primeiro plano da actualidade como consecuencia da presentación polo PP de diversas mocións de censura contra alcaldes socialistas ou a causa do desastre acontecido a comezos do outono no vertedoiro de lixos do municipio coruñés– constituíu un espazo para a confrontación política duns partidos que estiveron, en todo caso, moi centrados nas cuestións internas típicas dunha situación preelectoral.

Por iso a competición entre as forzas políticas galegas estivo constantemente mediatizada –e aínda cruzada en ocasións– polo desenvolvemento dunha intensa vida partidista. A do Partido Popular non rexistrou maiores incidencias desestabilizadoras, cunha única excepción: a posta en marcha das previsións da LOXSE, no relativo á denominada «enseñanza secundaria obrigatoria» (ESO), que xerou, durante os meses de marzo, abril e maio, un aberto enfrontamento entre os concellos dalgúns municipios das provincias de Lugo e A Coruña –sobre todo– e a Consellería de Educación da Xunta de Galicia, autora do proxecto de Rede de Centros en que se impartiría o ensino secundario. Aínda que case rematado o mes de marzo algúns alcaldes lucenses do PP ameazaron co abandono do partido se non se atendían as súas reivindicacións, o conflito foise desinchando pouco a pouco. Polo demais, a vida interna dos populares discorreu polas canles da normalidade: aínda que o gran tema da sucesión do presidente da Xunta seguiu estando presente na dinámica interna do PP –como xa veu sucedendo desde que Manuel Fraga anunciara que o do 1997, de gañar as eleccións, sería o seu último mandato–, o proceso de elección de candidato non rexistrou ningunha incidencia destacable. O día 2 de maio, ao termo dun Consello da Xunta, o presidente fai pública a súa decisión de presentarse ás eleccións autonómicas que se celebrarían no outono de 1997; o 23 de setembro o Comité Electoral dos populares de Galicia noméao candidato e o día 28 o VIII Congreso do partido proclámao solemnemente aspirante á Presidencia da Xunta de Galicia. Con esta proclamación e a aprobación duns novos estatutos que prevén que en caso de falecemento ou dimisión do presidente a decisión sobre a súa substitución corresponderá á Executiva do partido, que deberá elixir entre algún dos 44 membros da propia Executiva, pechábase provisionalmente a «cuestión sucesoria»: a inclusión na nova Executiva xurdida do congreso de todos os *baróns* do PP deixaba en suspenso calquera decisión transcendental sobre esta.

Este panorama de normalidade interna presidiu tamén a vida do Bloque Nacionalista Galego: tras os seus excelentes resultados nas xerais do día 3 de marzo, os nacionalistas designaron candidato a presidente –designación que recaeu, novamente, en Xosé Manuel Beiras Torrado, líder parlamentario indiscutible da coalición de forzas que se agrupan no Bloque– nun ambiente marcado polo optimismo electoral. Optimismo que levou mesmo o Bloque a manifestar reiteradamente nos medios de comunicación a súa aspiración a converterse en primeiro partido da oposición, superando polo tanto electoralmente o Partido dos Socialistas de Galicia.

Tal aspiración –desmentida por diversas enquisas de opinión e, sobre todo, polos resultados reiterados das eleccións, sexan estas municipais, xerais ou autonómicas– non pode entenderse cabalmente se non é á vista da seria crise interna que atravesaron os socialistas de Galicia. A convocatoria de eleccións xerais, apenas comezado o ano 1996, relanzará de feito a batalla que viña vivíndose desde o desastre dos comicios autonómicos de 1993 no interior do PSdeG: o proceso de elaboración de listas para o Congreso e o Senado desenvolverase nun contexto de confrontación indisimulada que só poderá, finalmente, amortecer o que os propios socialistas rematarán considerando, á vista das súas expectativas, como un resultado electoralmente aceptable. Superado o duro enfrontamento derivado dos comicios do día 3 de marzo pareceu abrirse na vida interna dos socialistas de Galicia unha tregua e, tras ela, unha nova dinámica política marcada polo signo da progresiva normalización. O pacífico proceso de elección de candidato a presidente da Xunta sería a mellor proba deste significativo cambio interno. En efecto, aínda que durante os meses do verán o alcalde coruñés e secretario xeral dos socialistas de Galicia, Francisco Vázquez, manterá viva a incógnita da súa eventual presentación aos comicios, a súa negativa final a concorrer abriu paso a unha decisión interna tomada sen apenas discusión: a reunión da Executiva galega do partido celebrada o 7 de outubro considerou de forma unánime como moi positivo o nomeamento de Abel Caballero –ex-ministro de Transportes, Turismo e Comunicacions, deputado no Congreso e membro da Executiva federal do Partido Socialista– como candidato a presidente. Coa designación de Caballero quedaba pechado o trío de candidatos para os comicios autonómicos do outono de 1997. Pero antes de concluír 1996 aínda tería lugar na vida político-institucional da Comunidade Autónoma galega un acontecemento non por periódico menos relevante: o debate sobre o estado da autonomía, debate con cuxo relato pecharemos esta crónica.

O debate anual sobre o estado da autonomía

Transcorrido case xustamente un ano desde a celebración do debate precedente –os días 10 e 11 de outubro de 1995–, o que habería de ser último debate sobre o estado da autonomía da IV lexislatura do Parlamento de Galicia tivo lugar os días 8 e 9 de outubro de 1996. Tras a comunicación do presidente da Xunta á Cámara galega para expoñer a situación política da Comunidade Autónoma (BOPG n.º 526, do 4 de outubro de 1996) e as correspondentes sesións de discusión desta no Pleno do Parlamento (DSPG n.º 113 e 114, do 8 e 9 de outubro de 1996), as diversas resolucións acordadas como froito do debate foron publicadas no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* do 5 de novembro de 1996 (n.º 547).

O presidente da Xunta centrou o seu discurso en torno a tres eixes esenciais: en primeiro lugar, destacou a importancia do camiño percorrido ao seu xuízo pola autonomía galega e subliñou o feito de que o traballo realizado durante os anos transcorridos desde a asunción pola súa parte da Presidencia da Comunidade Autónoma permitiría converter 1999 «no ano de referencia para situar definitivamente Galicia entre as comunidades autónomas máis desenvolvidas». En segundo lugar, analizou algúns dos máis serios retos económicos para o porvir máis próximo da Comunidade Autónoma. Manuel Fraga salientou, así, por exemplo, a importante cuestión do retroceso demográfico como a principal ameaza para o futuro de Galicia (anunciando novas medidas sobre o fomento da natalidade nos orzamentos de 1996) e asegurou que as cifras relativas ao desemprego permitían falar dun despegue da economía galega. Tras iso fixo «a prioridade do emprego como un ingrediente substancial», o que exixiría, en opinión do presidente, utilizar no futuro todas as potencialidades do país aínda inexploradas no *hinterland* marítimo-portuario e nas opcións investidoras do comercio con Portugal. O presidente estableceu, neste terreo, con neta claridade como o obxectivo da Xunta o da eficacia produtiva: «Investir alí onde –e só onde– espere unha resposta solvente en termos de creación de empresas viables e outras de mantemento do tecido produtivo existente, aínda co risco de

incorrer en custos sociais e políticos ao ter que desistir doutras propostas de atención á crise». O terceiro eixe do discurso presidencial que ía servir de base de partida ao debate sobre o estado da autonomía centrouse en resaltar a importancia para Galicia do cambio de maioría parlamentaria nas Cortes xerais e da formación do novo Goberno presidido por José María Aznar. Neste sentido asegurou o presidente que «hoxe temos a satisfacción de comprobar que o entendemento co Goberno central cambiou diametralmente, que as nosas teses prosperan e que solicitudes e suxestións feitas hai moito tempo teñen por fin resposta. Temos un Goberno amigo –resaltou Manuel Fraga– que quere a Galicia e que está disposto a corrixir máis dunha inxustiza histórica coa nosa terra».

Nas súas quendas de réplica, tanto o PSdeG como o BNG insistiron nunha liña en boa medida coincidente: a de criticar a, ao seu xuízo, submisión do presidente da Xunta aos proxectos do Goberno central desde a chegada á súa Presidencia de José María Aznar. Ademais diso, Miguel Cortizo, voceiro do Grupo Parlamentario Socialista, centrou o seu discurso en denunciar os supostos incumprimentos da Xunta, mentres que o voceiro do BNG, Xosé Manuel Beiras Torrado, incidía, pola súa parte, en criticar o pacto entre o Partido Popular e os nacionalistas cataláns que faría «esfumar», segundo a súa propia expresión, a Comunidade Autónoma galega na negociación polo financiamento. Este clima de dureza dialéctica non impediu, non obstante, chegar a algúns acordos á hora de votar as diversas propostas de resolución presentadas á Cámara polos tres grupos parlamentarios presentes nesta: así, foron aprobadas as 24 presentadas polo do Partido Popular –10 delas por unanimidade–, 11 das presentadas polo do BNG e 4 das levadas á Cámara polo do Partido Socialista. Entre tales resolucións poderían subliñarse, por exemplo, as 13 que reclamaban a consolidación da frota galega en augas internacionais, as que reclamaban a transferencia das competencias sobre políticas activas do INEM e sobre os portos de interese xeral, a relacionada coa prolongación da autovía do Cantábrico ata a súa conexión noroeste, a que reclamaba un novo impulso ao Plan de estradas da Xunta ou a materialización do acordo parlamentario sobre a modernización do ferrocarril, a que reclamaba a implantación de enerxías renovables en Galicia, a destinada a instar a Xunta a incrementar substancialmente os esforzos, as actuacións e dotacións no eido do ensino, co fin de mellorar os seus niveis educativos e culturais, a que instaba a Xunta á elaboración dunha Lei do deporte no prazo de tres meses ou, finalmente, a que reclamaba o incremento da cota láctea ata os dous millóns de toneladas ou as que propoñían a adopción de diversas medidas en defensa do sector pesqueiro (por exemplo, a rexionalización dos fondos IFOP). En suma, o desenvolvemento e resultado destas votacións puxo de relevo, en contraste co sucedido o ano 1995, e malia a conxuntura preelectoral que tivemos ocasión de analizar, un mellor ambiente parlamentario que debería poñerse quizais en relación coa mellora xeral do clima político en España tras as eleccións xerais do día 3 de marzo.

CAPÍTULO XI

ANO 1997

1. Introducción: liñas xerais

As eleccións autonómicas galegas, celebradas o 19 de outubro de 1997, marcaron, desde o punto de vista do desenvolvemento da vida política e institucional da Comunidade Autónoma, todo o conxunto do período anual obxecto deste capítulo. De feito, 1997 podería ser dividido, para os efectos da súa análise, en tres grandes etapas, todas elas condicionadas, con maior ou menor intensidade, polo feito electoral: a primeira, que comeza co ano e se pecha coa disolución do Parlamento de Galicia, caracterizouse por unha intensa actividade legislativa, destinada a aprobar os textos en tramitación antes do peche da lexislatura, e por unha non menos intensa actividade regulamentaria, similar, en termos globais, á de anos precedentes. A segunda, que comeza coa disolución da Cámara autonómica case finalizado o mes de agosto e se estende ata o comezo da campaña electoral o día 3 de outubro, estivo marcado por unha caída apreciable na actividade regulamentaria do Goberno e, sobre todo, por unha intensificación da precampaña electoral, que, aberta xa nos últimos meses de 1996, non cesara desde o momento mesmo en que comezou 1997: os conflitos na vida interna partidista, derivados nunha medida nada desprezable do proceso de elaboración das listas para os comicios autonómicos, e a definición das estratexias de competición entre as tres grandes forzas do mapa galego de partidos (Partido Popular de Galicia, Bloque Nacionalista Galego e Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE) definiron, sobre calquera outra circunstancia, a vida política galega nesas semanas. As eleccións autonómicas de outubro abriron a terceira das etapas antes referidas: os seus resultados, parcialmente novidosos, que, como haberemos de ver no seu lugar, introduciron substanciais modificacións na configuración tradicional do subsistema galego de partidos, e o proceso político-parlamentario subseguinte á consulta (constitución do novo Parlamento, investidura do presidente da Comunidade Autónoma galega e formación do novo Goberno da Xunta) levaron o ano 1997 ao seu final. No que segue, e cunha sistemática similar á que xa vén sendo tradicional nos diferentes capítulos que conforman a segunda parte esta obra, abordaremos, en primeiro lugar, o exercicio das competencias autonómicas –da produción legislativa do Parlamento de Galicia e da produción regulamentaria da Xunta– para analizar, despois dunha breve referencia ás relacións de conflito da Comunidade con outras instancias estatais e ao pro-

ceso de transferencias, o desenvolvemento da vida política autonómica. Con iso cubriremos o estudo dos diversos aspectos mencionados nesta breve introdución.

2. O exercicio das competencias legislativas

Dado que o ano 1997 foi o de peche da cuarta lexislatura do Parlamento de Galicia, comezaremos esta análise da produción legislativa da Cámara autonómica cun balance da desenvolvida ao longo do período posterior á súa institucionalización, en 1981, e, con máis detalle, ao longo dos anos comprendidos naquela. A Cámara galega aprobou desde a súa constitución, tras os primeiros comicios autonómicos, un total de 170 leis, repartidas de forma moi uniforme nas súas catro lexislaturas cuatrienais: 40 na primeira (1981-1985), 42 na segunda (1985-1989), 44 na terceira (1989-1993) e, igualmente, 44 na cuarta (1993-1997). A evolución da produción na lexislatura que se pechou en 1997 foi, á súa vez, dunha uniformidade indiscutible: 8 leis en 1994, 12 en 1995, 13 en 1996 e, finalmente, 11 en 1997.

Estas últimas, nas que incluiremos para os efectos da análise as leis 12/1996 e 13/1996, publicadas ambas as dúas xa en 1997, destacan pola súa extraordinaria significación, pois, con só dúas excepcións, afectan a sectores de actividade moi importantes desde o punto de vista político, económico ou social. Certamente, agás as leis 2/1997, do 29 de maio, de concesión dun crédito extraordinario para atender os gastos das eleccións ao Parlamento de Galicia –un texto obrigado e de mero trámite que se limita a fixar o importe total do mencionado crédito– e 12/1996, do 27 de decembro, de creación do Colexio Oficial de Podólogos de Galicia –que o caracteriza como unha corporación de dereito público con personalidade xurídica e plena capacidade de obrar e determina os que poderán integrarse nel–, os restantes textos legais poderían agruparse como segue:

- a) Un primeiro bloque está formado polas normas urbanísticas: as leis 13/1996, do 30 de decembro, de infraccións en materia de vivenda e 1/1997, do 24 de marzo, do solo de Galicia. Coa primeira pretende o lexislador autonómico dar cumprimento á obriga dos poderes públicos de facer efectivo o dereito a gozar dunha vivenda digna, que se consagra no artigo 47 da Constitución, para o que se fai necesario a creación dun marco legal e regulamentario que permita actuar con rigor e eficacia en relación coas infraccións en materia de vivenda: para tal efecto, a lei define os suxeitos responsables das infraccións urbanísticas, clasifica as infraccións polo seu nivel de gravidade e establece o tipo de sanción correspondente en cada caso.

Con moita maior transcendencia, dada a ambición reguladora da lei, a do solo de Galicia –que derogou a norma vixente na materia ata a data: a Lei 11/1985, do 22 de agosto, de adaptación da do solo a Galicia– é un texto moi extenso e exhaustivo (194 artigos) que persegue como finalidade fundamental, segundo declaración do propio lexislador, que o solo se utilice tendo presentes as exigencias do interese xeral e da función social da propiedade. Regúlanse nela, entre outras cousas, as facultades da Administración urbanística no que se refire á dirección e ao control da xestión nese ámbito, o plan urbanístico, o réxime urbanístico do solo, o réxime de distribución de cargas e beneficios na materia, a execución dos plans de ordenación, os instrumentos de intervención no mercado do solo, a intervención na edificación e uso do solo e diversas cuestións de organización administrativa no ámbito urbanístico, referidas tanto á Administración da Comunidade Autónoma como á das corporacións locais. O texto, que tivo a súa orixe nun proxecto de lei da Xunta de Galicia e se aprobou cos votos da maioría parlamentaria gobernamental do Partido Popular, produciu un vivo debate nos medios de comunicación galegos entre os meses de febreiro e maio como consecuencia das diversas posicións mantidas fronte a este por algúns colectivos e organismos:

nomeadamente, polo Colexio de Arquitectos de Galicia –que criticou o texto polo seu suposto continuísmo respecto da normativa xa vixente na materia– e pola Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), que solicitou aclaracións en relación co controvertido tema da porcentaxe de cesión obrigatoria de solo aos concellos. En realidade, aínda que a lei regula gran cantidade de materias de natureza moi distinta, tal cuestión das cesións acabou por centrar o debate social sobre esta. E iso porque o seu artigo 70.2.b) determinou que, entre outras obrigas, os propietarios do solo urbano tiñan a de ceder o terreo necesario para situar o 15% do aproveitamento tipo que corresponda aos terreos incluídos nas áreas de repartición que se definan polo plan en solo urbano non consolidado, co que a porcentaxe de cesión obrigatoria, o 15%, pasaba a ser substancialmente superior á do 10% establecido á sazón pola normativa estatal na materia e despois ratificado pola Lei estatal 7/1997. Tal discrepancia determinou non só dúbidas entre os diferentes afectados –corporacións locais, promotores urbanísticos, construtores, técnicos– sobre a porcentaxe que debía ser a legalmente aplicable, senón que tivo, incluso, a súa tradución parlamentaria cando o Grupo dos Socialistas de Galicia presentou unha moción na Cámara galega, o día 12 de maio, para o seu debate no pleno instando á Xunta a recorrer ao Tribunal Constitucional a citada Lei 7/1997 que, ao fixar unha porcentaxe distinta ao da Lei do solo de Galicia, invadía, a xuízo dos deputados socialistas, competencias da Comunidade Autónoma galega.

- b) Conforman un segundo grupo dous textos legais que, nun sentido amplo, poderían incluírse baixo a rúbrica xenérica da asistencia social: a Lei 3/1997, do 9 de xuño, galega da familia, da infancia e da adolescencia e a 8/1997, do 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia. A primeira trata de conseguir que os poderes públicos da Comunidade Autónoma, nos seus respectivos ámbitos de competencia, procuren, para dar con iso cumprimento ás previsións do artigo 39 da Constitución, a protección xurídica, económica e social da familia, da infancia e da adolescencia, e a protección e asistencia aos menores que se atopen en situacións de desamparo, desprotección ou conflito social. O texto –parcialmente consensuado cos grupos da oposición, que non conseguiron, non obstante, algunhas das súas máis destacadas pretensións, como un recoñecemento explícito das parellas de feito, si recollidas, segundo os redactores, na ampla definición legal de familia contida no artigo 2.º da lei– introduce algunhas novidades que merecen destacarse: entre elas a diferenciación entre infancia e adolescencia (do nacemento aos 12 anos, a primeira, e dos 12 á maioría de idade legal, a segunda) ou o papel relevante que se lle asigna ao Valedor do Pobo galego na defensa dos dereitos da infancia e a adolescencia. Así, e no que se refire a este último aspecto, o artigo 9.º da lei establece que os nenos, as nenas e os adolescentes, para a defensa dos seus dereitos, poderán presentar queixas ante o Valedor, ou o Defensor do Pobo, e que as autoridades responsables de todos os centros deberán facilitarlle ao Valedor toda a información que deles se solicite.

A Lei de accesibilidade e supresión de barreiras vén, pola súa parte, facer igualmente efectivo na práctica outro principio constitucional: o do artigo 49, que dispón a obriga dos poderes públicos de realizar unha política, entre outras, de integración dos diminuídos físicos, sensoriais e psíquicos. Para tal efecto, a lei propónse garantirlles ás persoas con limitacións de mobilidade a accesibilidade e utilización do ámbito urbano, medios de transporte e sistemas de comunicación, facer promoción de axudas técnicas para mellorar a súa calidade de vida, establecer medidas de fomento para conseguir a súa integración, controlar o cumprimento da normativa aplicable na materia e, finalmente, lograr a desaparición de barreiras e dos obstáculos físicos ou sensoriais existentes.

c) En materia de protección do ambiente, o Parlamento de Galicia aprobou durante 1997 dúas normas de innegable impacto na seguridade ambiental e na calidade de vida: as leis 7/1997, do 11 de agosto, de protección contra a contaminación acústica e a 10/1997, do 22 de agosto, de residuos sólidos urbanos. A primeira das dúas, destinada a protexer as persoas contra os ruídos e vibracións imputables a calquera causa, partirá da afirmación do dereito dos cidadáns a gozar da súa intimidade e dun ámbito axeitado para o normal desenvolvemento das súas actividades sen ser perturbados por ruídos ou vibracións que poidan danar a súa saúde ou lles ocasionar molestias, e xerará tamén, como algunha das analizadas con anterioridade, un vivo debate coas corporacións locais e cos sectores afectados, principalmente da hostalaría, que entenderon excesivos os controis sobre ruídos introducidos pola lei. Esa posición foi compartida inicialmente pola Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), que así llo fixo saber á consellaría responsable do proxecto –a de Industria e Comercio– na última semana de febreiro. Pero o texto final aprobado polo Parlamento satisfizo as súas formulacións, e tamén as dalgún outro colectivo, como a Federación de Asociacións de Veciños de Vivendas Sociais de Galicia, como o demostra o feito de que tanto unha como outra se manifestaron en favor da necesidade do texto regulador poucos días despois da súa publicación. Mantivéronse, en todo caso, as reticencias dos hostaleiros, e iso malia o establecemento dun período transitorio dun ano para a adaptación dos locais de negocio ás exixencias sobre niveis de ruído contidos na lei, prazo prorrogable polos alcaldes, por un período máximo de seis meses máis, en casos debidamente xustificadas.

A Lei de residuos sólidos urbanos aprobouse no medio dun aberto debate social, con gran reflexo nos medios xornalísticos, sobre a política de tratamento e almacenamento de lixos e sobre a creación –e eventual situación– de vertedoiros e de grandes plantas de reciclaxe de residuos, segundo as previsións do denominado «Plan Sogama». Tras o fracaso dos traballos dunha relatoría conxunta formada por todos os grupos parlamentarios da Cámara galega, creada no mes de setembro de 1996 coa finalidade de elaborar unha norma consensuada sobre o tema, o Grupo Parlamentario Popular presentou unha proposición de lei reguladora na materia, texto que, tras a súa tramitación parlamentaria, pasou a recoller unha boa parte das emendas socialistas e, aínda que en menor medida, das dos nacionalistas. Pero nin un nin outro grupo apoiou finalmente o texto da lei como consecuencia das súas discrepancias en dous puntos esenciais: o mantemento da incineración residual de lixos, que a oposición quixera eliminar radicalmente, e as previsións do antes referido Plan Sogama. A lei enmarca os seus obxectivos no xeral de mellorar a calidade de vida dos cidadáns de Galicia e alcanzar un alto nivel de protección do ambiente dotando os entes públicos competentes dos mecanismos de intervención e control necesarios para garantir que a xestión dos residuos sólidos urbanos sexa levada a cabo sen poñer en perigo a saúde das persoas e sen prexudicar o ambiente. Prevé a norma para tal efecto a elaboración dun Plan de xestión de residuos sólidos urbanos de Galicia, como instrumento director e coordinador de todas as actuacións que se realicen na Comunidade Autónoma galega en materia de xestión deste tipo de residuos –plan ao que haberán de adaptarse os distintos plans municipais de recollida de residuos sólidos urbanos– e lle atribúe á Sociedade Galega do Medio Ambiente (Sogama) a xestión dos residuos sólidos urbanos a partir do momento en que son depositados nas estacións de transferencia ou plantas de tratamento previstas no plan de xestión.

d) Forman un cuarto bloque normativo dúas leis que regulan actividades directamente relacionadas coa utilización do ocio: a 4/1997, do 25 de xuño, de caza de Galicia e a 11/1997, do 22 de agosto, xeral do deporte en Galicia. A primeira das dúas céntrase nun sector de

actividade de notable repercusión económica e de grande importancia para os efectos dunha correcta política de mantemento e aproveitamento dos recursos cinexéticos. Atende así a lei tres cuestións principais: a dimensión dos terreos cinexéticos que garanta un marco territorial suficiente, tanto para o fomento da caza como para o seu exercicio equilibrado (para tal efecto fíxase un mínimo de superficie continua para os chamados terreos cinexeticamente ordenados –Tecor– de 2000 hectáreas de terreo); a ordenación dos aproveitamentos cinexéticos a través dos preceptivos plans, de xeito que se garanta a persistencia dos recursos; e, finalmente, a vixilancia dos terreos cinexéticos e a fixación dun réxime sancionador que cumpra a función de disuadir os infractores e evitar as agresións ás especies cinexéticas e aos seus hábitats. Dentro destas medidas limitadoras debe subliñarse que a lei fixa que o dereito a cazar corresponde a toda persoa maior de dezaseis anos que estea en posesión da pertinente licenza de caza, e que para cazar con armas de fogo será necesario alcanzar a maioría de idade penal ou ir acompañado por un cazador maior de idade.

A Lei do deporte, que presenta tamén implicacións que superan a regulación dunha mera actividade relacionada coa axeitada utilización do ocio, pretende facilitar os medios necesarios para a plena efectividade do feito deportivo e establecer unha política deportiva clara e concisa baseada en dous grandes apartados: dunha parte, a infraestrutura, ensino e fomento da actividade deportiva e, doutra parte, a delimitación das competencias das administracións públicas e as funcións das entidades deportivas. En relación co primeiro, a lei pretende fomentar a actividade deportiva como un hábito de saúde, benestar e correcta utilización do lecer, así como conseguir unha maior equidade na prestación de subvencións económicas e un sistema de funcionamento plural e aberto a todos os deportes e a todos os cidadáns, establecéndose no referente ao ensino do deporte a colaboración coas universidades galegas. No referente ao segundo, o texto legal considera de especial relevancia o establecemento dunha coordinación entre a Xunta e as entidades locais en materia de instalacións e actividades deportivas, instalacións que, debe subliñarse, se multiplicaron nos últimos anos por todo o territorio da Comunidade Autónoma, facilitando así o achegamento á práctica deportiva de todos os galegos, especialmente da xuventude. Por último, a lei pretende dotar os clubs e federacións deportivas da estrutura, os medios e o asesoramento necesarios para o desenvolvemento do seu labor dentro da organización xeral do deporte en Galicia.

- e) As últimas tres leis das 13 que serán obxecto de análise pormenorizada neste capítulo encádranse dentro de sectores de actividade ben diferentes: trátase da 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, 6/1997, do 30 de xullo, do Plan galego de estatística 1998-2001 e 9/1997, do 21 de agosto, de ordenación e promoción do turismo en Galicia.

Por razóns que non é necesario mencionar, a máis transcendental é a Lei galega de Administración local, un extensísimo texto legal (333 artigos) co que a maioría parlamentaria pretende facer fronte, dun lado, á definición do papel que haberá de ter a propia Comunidade Autónoma en relación coas administracións locais e, doutro, á moi peculiar organización dos asentamentos urbanos en Galicia. De feito foron cuestións relacionadas con ambos os dous aspectos as que condicionaron o rexeitamento final á lei por parte dos grupos parlamentarios da oposición: do socialista, que entendeu que con esta se pretendía potenciar as deputacións provinciais a custa dos municipios; e do dos nacionalistas do BNG, que entenderon que o texto non recollía suficientemente as institucións previstas na materia no Estatuto de autonomía como definidoras da identidade galega. Se estes aspectos centraron o debate parlamentario do proxecto da Xunta, sería outro, en todo caso, o tema sobre o que se remataría concitando o debate social sobre a lei: o do transfuguismo municipal, moi activo na Comunidade

Autónoma galega. E iso porque o artigo 74.5 do proxecto, mantido nos seus termos no texto final da lei aprobado pola Cámara, viña dispoñer que «durante o mandato da Corporación, ningún membro dela poderá integrarse nun grupo distinto daquel en que o faga inicialmente». Aínda que a finalidade declarada do redactor do texto co precepto mencionado era a de evitar o chamado transfuguismo, debemos subliñar, en calquera caso, que o propio conselleiro responsable do proxecto recoñecía en relación coa cuestión que tal regulación non podería impedir que os edís votasen en contra do seu propio grupo, o cal limitaba claramente a eficacia práctica da previsión legal. A Lei de Administración local pon fin, ademais, e iso merece subliñarse, á *azarosa vida* da Lei 8/1989, do 15 de xuño, de delimitación e coordinación das competencias das deputacións provinciais de Galicia, elaborada pola maioría parlamentaria que apoiou ao Goberno tripartito xurdido da moción de censura contra o presidente popular Gerardo Fernández Albor, norma obxecto logo dun recurso de inconstitucionalidade presentado por cincuenta senadores do Partido Popular e agora expresamente derogada pola disposición derogatoria desta Lei galega de Administración local.

A Lei do Plan galego de estatística establéceo, para o período 1998-2001, como o instrumento de planificación e ordenación da actividade estatística da Comunidade Autónoma coa finalidade de conseguir un conxunto coherente, fiable e actualizado de datos estatísticos que, co mínimo custo posible e o máximo aproveitamento das fontes existentes, permita o coñecemento da realidade económica, demográfica e social de Galicia e sexa útil para a toma de decisións das institucións públicas e os axentes sociais, minimizando as molestias aos cidadáns e garantindo o segredo estatístico. Pola súa parte, a Lei de ordenación e promoción do turismo afecta a un ámbito de actividade de extraordinaria relevancia na economía galega, polo importantísimo volume de recursos que move anualmente e a alta porcentaxe de poboación ocupada no sector. Son, precisamente, os profundos cambios orixinados polo crecemento que vén experimentándose no sector turístico os que fan necesaria a aprobación dunha Lei de ordenación do turismo que o regularice unitaria e sistematicamente, garantindo o crecemento equilibrado da oferta e o axeitado desenvolvemento da actividade das empresas, favorecendo a súa modernización, a mellora da súa calidade e a súa competitividade. Para tal efecto, a lei pretende a consecución dun séxtuplo obxectivo: establecer os instrumentos de ordenación e promoción do sector; ofrecer un marco legal operativo ás empresas e suxeitos turísticos; garantir o aproveitamento racional dos recursos turísticos; establecer a clasificación, requisitos e condicións mínimas de funcionamento das empresas do sector; fixar as competencias da Administración na materia; e, finalmente, protexer e defender os dereitos dos consumidores e os usuarios turísticos.

Como pode verse, en suma, o Parlamento de Galicia desenvolveu ao longo de 1997 un amplo e denso labor de produción legislativa, que podía selo máis de culminarse iniciativas que estaban en diversas fases da súa tramitación no momento en que se produciu a disolución do Parlamento: así, por exemplo, a Lei de concentración parcelaria, na que viña traballando unha relatoría conxunta da Cámara, ou o Proxecto de lei sobre calidade das augas da ría de Pontevedra, aprobado en maio polo Consello da Xunta de Galicia para a súa remisión ao legislativo autonómico.

3. A actividade regulamentaria

Intenso foi tamén, como veremos de inmediato, o labor regulamentario da Xunta, sobre todo na primeira metade do ano, para ir decaendo despois de forma progresiva a medida que se achegaba a data

das eleccións autonómicas e, xa de modo claro, tras a celebración destas e o proceso de cambios no Goberno de Galicia e na Administración galega que se derivou do proceso electoral. O conxunto de regulamentos que tivemos en conta, no que destacaron de xeito claro algúns sectores de actividade como o da vivenda, a asistencia social, a sanidade ou a organización administrativa e outro máis que cruza varios deles de forma transversal, o da protección á familia, podería dividirse, para os efectos da súa ordenada descrición, tal como segue:

- a) A Xunta aprobou un amplo conxunto de *normas de carácter organizativo*, algunhas delas de gran transcendencia política: así acontece, por exemplo, co Decreto 4/1997, polo que se crea a Secretaría Xeral de Relacións coa Unión Europea e Acción Exterior, órgano dependente directamente do presidente da Xunta cuxa creación debe inscribirse no contexto da crecente –e, por diversas razóns, problemática– ocupación de espazos de acción exterior por parte das comunidades autónomas; ou, tamén, cos decretos 449/1996, polo que se regula o Consello Galego de Seguridade e Hixiene no Traballo, e 34/1997, polo que se regula a organización, competencias, composición e funcionamento do Tribunal Económico Administrativo da Comunidade Autónoma. Aínda que con menor significación, deben mencionarse tamén neste grupo os decretos 56/1997, polo que crea a Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, SA; 90/1997, polo que se establece a organización recadatoria da Xunta de Galicia e o Estatuto dos recadadores de zona; 106/1997, polo que se regula a creación da Comisión Autonómica da Muller; 254/1997, polo que se procede á creación e adscrición do Comisionado do Plan de Galicia sobre drogas; e 276/1997, polo que se crea o Rexistro central de asociacións e se regula a organización e o funcionamento dos rexistros de asociacións da Comunidade Autónoma. Para pechar este grupo de normas de carácter organizativo deben mencionarse, finalmente, dous bloques máis, definidos pola súa similitude de contidos: dunha parte, tres normas tendentes a mellorar o funcionamento da Administración autonómica: os decretos 179/1997, polo que se regula a coordinación nos edificios administrativos da Xunta de Galicia, 216/1997, polo que se crea o Servizo de Resposta Inmediata (SERI) da Xunta e se regula o seu funcionamento, e 115/1997, polo que se desenvolve o artigo 63 bis da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, engadido pola Lei 3/1995, do 10 de abril, que a modifica, sobre a avaliación do rendemento das unidades administrativas. Doutra parte, os decretos de organización do Goberno subseguintes ao proceso electoral e á elección de Manuel Fraga Iribarne como presidente da Xunta: 34/1997, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta, 350/1997, polo que se determinan os centros directivos dependentes da Presidencia da Xunta, e 351/1997, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta.
- b) Grande importancia tiveron tamén as normas en materia de *vivenda*, todas elas destinadas a favorecer o acceso, en réxime de propiedade ou alugueiro, a ese ben fundamental, garantido como dereito polo artigo 47 da Constitución, a grupos concretos de poboación: trátase dos decretos 452/1996, de axudas a familias numerosas para a adquisición de vivenda familiar, 7/1997, sobre vivendas residencias en réxime de alugueiro para maiores de 60 anos, e, finalmente, 142/1997, sobre vivendas en réxime de alugueiro para a xente nova.
- c) A *protección á familia* orientou igualmente o labor da Xunta de Galicia, que ademais de impulsar a aprobación da Lei galega da familia, a infancia e a adolescencia, máis arriba analizada, aprobou unha serie de normas regulamentarias orientadas a esa mesma finalidade: ademais do xa referido Decreto 452/1997, en materia de vivenda, deben incluírse neste grupo os seguintes: 202/1997, polo que se crea o Observatorio Galego da Familia, e 279/1997, polo que se regulan os gabinetes de orientación familiar. Tamén deste grupo

e baixo a rúbrica xenérica da asistencia social debe mencionarse o Decreto 33/1997, polo que se regula o recoñecemento oficial e as condicións técnicas das instalacións xuvenís no ámbito da Comunidade Autónoma.

- d) Como antes se apuntaba, a *sanidade* foi outro dos sectores de actividade preferentes para a Xunta de Galicia durante 1997, pois neste ámbito material aprobáronse catro decretos de destacada significación desde o punto de vista da regulación da sanidade interior: o 28/1997, sobre módulos poboacionais e ampliación de prazos para a autorización de apertura de oficinas de farmacia, o 217/1997, polo que se regulan as actividades relativas á utilización de tecidos humanos, o 305/1997, polo que se regula a hemodoazón e hemoterapia, e 460/1997, polo que se establece a normativa para a xestión dos residuos dos establecementos sanitarios na Comunidade Autónoma.
- e) En materia de función pública aprobou a Xunta dous decretos, de menor importancia, destinados un deles a ir cubrindo os últimos flocos do proceso de integración de funcionarios procedentes doutras administracións na da Comunidade Autónoma: trátase do 447/1997, polo que se establecen as bases para a homologación e integración funcional de persoal transferido á Xunta de Galicia dos centros sanitarios das corporacións locais, do persoal pertencente ao Servizo Galego de Saúde con vínculo xurídico funcional dos corpos e escalas da Administración especial sanitaria e corpos xerais e doutro persoal con vínculo laboral fixo. Ademais aprobouse o 136/1997, sobre a determinación dos méritos que lle corresponde fixar á Comunidade Autónoma nos concursos para a provisión de prazos reservadas a funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional.
- f) O sector da *pesca* agrupa tres normas regulamentarias: as dúas primeiras referidas á pesca fluvial (o Decreto 139/1997, polo que se aproba o Regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais, e o 241/1997, polo que se regula o procedemento para a obtención de licenzas de caza e pesca fluvial) e a terceira aos cultivos mariños: o Decreto 193/1997, do 5 de xuño, polo que se determinan as condicións para o outorgamento do permiso de actividade para os establecementos de cultivos mariños e auxiliares situados na zona terrestre.
- g) En materia de *cámaras e colexios profesionais* aprobáronse, igualmente, tres decretos: os dous primeiros referidos á disciplina legal do proceso electoral das cámaras (23/1997, polo que se regula o réxime xurídico das xuntas electorais intervenientes nas eleccións a cámaras agrarias, e 116/1997, do 14 de maio, polo que se regula o réxime electoral das cámaras oficiais de comercio, industria e navegación da Comunidade Autónoma) e o terceiro aos colexios profesionais: 161/1997, polo que se regulan os consellos galegos de colexios profesionais e se crea o Rexistro de colexios profesionais e os seus consellos.
- h) Para pechar este percorrido pola produción regulamentaria da Xunta de Galicia, subliñaremos, finalmente, que aquela aprobou dous decretos salientables no *ámbito educativo*: 444/1996, polo que se regulan as actividades escolares complementarias, as actividades extraescolares e os servizos complementarios dos centros privados en réxime de concerto, e 57/1997, polo que se crea o Rexistro de títulos académicos e profesionais non universitarios da Comunidade Autónoma e se regula o procedemento de expedición de títulos correspondentes a ensinanzas establecidas pola LOXSE. E un decreto máis en cada un dos seguintes sectores de actividade: *laboral* (12/1997, polo que se establecen as bases reguladoras do servizo da área de autoemprego, de orientación, formación e axuda ao autoemprego); *apoio á empresa privada* (454/1997, polo que se establece un réxime de axudas á

internalización da empresa galega); *protección do ambiente* (455/1996, de fianzas en materia ambiental); *ordenación do territorio* (65/1997, polo que se aproba definitivamente o mapa comarcal de Galicia); *ordenación do sector hidráulico* (84/1997, sobre colaboración técnica e financeira da Administración hidráulica de Galicia coas entidades locais en materia de abastecemento e saneamento de augas); *dereitos e liberdades* (146/1997, polo que se aproba o Regulamento de asistencia xurídica gratuíta da Comunidade Autónoma); e, por último, *cultura* (199/1997, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma).

4. O proceso de transferencias e os conflitos con outras instancias

- 1) O proceso de transferencia de funcións e servizos á Comunidade Autónoma, que experimentara un importante avance ao longo de 1996, continuou, aínda que a ritmo máis ralentizado, durante o ano 1997, no que culminaron negociacións, como as relativas ao INEM ou ao FEGA, que se viñeran desenvolvendo ao longo de 1996. Relacionaremos a continuación as normas estatais polas que se procede a facer efectivos os correspondentes traspasos: reais decretos 1375/1997 a 1380/1997, todos eles do 29 de agosto e todos publicados no *Diario Oficial de Galicia* n.º 189, do 1 de outubro de 1997, polos que se procede, respectivamente: a traspasar a xestión realizada polo Instituto Nacional de Emprego, no ámbito do traballo, o emprego e a formación; a ampliar os medios adscritos aos servizos traspasados en materia de agricultura, Fondo Español de Garantía Agraria (FEGA), polo Real decreto 92/1996, do 26 de xaneiro; a traspasar funcións e servizos en materia de mergullo; a ampliar funcións e servizos traspasados polo Real decreto 1283/1987, do 2 de outubro; a traspasar funcións e servizos da Administración do Estado en materia de execución de lexislación do Estado sobre produtos farmacéuticos; e ao traspaso complementario ao aprobado polo Real decreto 2166/1994, do 4 de novembro, en materia de provisión de medios materiais e económicos para o funcionamento da Administración de Xustiza.
- 2) Polo que se refire ás relacións de conflito, continuou o ton –xeral, polo demais, en todo o Estado– de escasísima conflictividade, debendo salientarse neste ámbito tan só dúas resolucións xurisdiccionais de importancia: por un lado, o Auto do Tribunal Constitucional do 3 de xuño de 1997 (DOG n.º 118, do 20 de xuño), polo que se declara concluída por falta de obxecto a Impugnación número 13/1988, promovida polo Goberno en relación con diversos artigos da Orde da Consellería de Educación da Xunta de Galicia do 31 de agosto de 1987, pola que se desenvolvía o Decreto 135/1983, do 8 de setembro, sobre aplicación para o ensino da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística. Por outro lado, e curiosamente tamén neste mesmo ámbito da normalización lingüística, o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia procedeu a ditar unha sentenza estimando a legalidade do Decreto 79/1994, do 8 de abril, da Consellería de Educación, sobre exención da materia de lingua galega no ensino básico e medio, legalidade que aprecia o Tribunal Superior agás no relativo ao precepto referido aos alumnos con deficiencias auditivas, que o órgano xudicial considera non poden ser consideradas causa de exención para a aprendizaxe da lingua. O decreto fora impugnado pola Mesa pola Normalización Lingüística –unha asociación de disciplina ideolóxica nacionalista defensora e impulsora do proceso da chamada normalización a todos os niveis da lingua galega– e polos sindicatos Comisións Obreiras, Convergencia Intersindical Galega e Traballadores do Ensino de Galicia, os que solicitaban a supresión do réxime de exencións no ensino do galego contida na referida norma regulamentaria.

5. Trazos fundamentais da vida política e institucional galega

Ao longo de 1997 seguiron *coleando*, se se nos permite a expresión, temas que veñen sendo xa dalgún modo históricos na vida política e institucional galega: sirva de exemplo o das autovías —é dicir, o das obras destinadas á construción das vías terrestres de comunicación entre Galicia e a Meseta—, que xerou novos enfrontamentos entre as forzas políticas presentes no Parlamento autonómico tanto sobre a data definitiva de finalización das obras como sobre a atribución de responsabilidades no atraso da súa realización. Este tema deu lugar, incluso, á aprobación por unanimidade dunha moción no Senado no mes de abril instando o Goberno a establecer un calendario definitivo de finalización das obras dos tramos pendentes de construción, a poñer todos os medios necesarios, loxísticos e financeiros para cumprir os prazos fixados, a acelerar os trámites para a definición do acceso norte ao centro de Ourense e a poñer en servizo de inmediato os tramos xa rematados. Podería mencionarse aquí, igualmente, o problema dos incendios, ao baterse unha marca no número de sinistros entre o 1 de xaneiro e o 15 de abril de 1997, en que se rexistraron 7617, a cifra máis alta desde que se realizan estatísticas na materia, aumento coincidente, segundo os propios datos oficiais da Xunta de Galicia, coa maior seca do século e co rexistro de dous graos de temperatura media máis do habitual, e iso malia o grande operativo material e humano de loita contra os incendios forestais montado ao longo dos últimos anos pola Administración autonómica en colaboración con outras administracións públicas. Ou tamén, por último, o da loita contra o narcotráfico, que volveu estar de plena actualidade debido ao recorrente apresamento de alixos de diversas substancias estupefacientes, á detención, a finais de marzo, do coñecido avogado Pablo Vioque Izquierdo, durante anos secretario da Cámara de Comercio de Vilagarcía, e ao desmantelamento da rede que, presuntamente, aquel fora construindo en Galicia ao longo de moitos anos.

Subliñamos todas esas cuestións para poñer de relevo que non *toda* a vida política e institucional estivo centrada en Galicia ao longo de 1997 en torno ao proceso electoral autonómico que tivo lugar o 19 de outubro. Pero ese foi, sen ningún xénero de dúbidas, tal e como sinalabamos ao comezo deste capítulo, o elemento determinante da dinámica política autonómica. Como destacaba na súa edición do 7 de xaneiro o diario *La Voz de Galicia*, hexemónico no mercado xornalístico galego, «dicir 1997 é dicir eleccións autonómicas galegas». Centrarémonos, pois, a continuación en tal cuestión e abordarémola a partir do estudo de catro aspectos diferentes que, aínda que indisolubles no plano da realidade, si poden ser substantivados para os efectos analíticos: na competición interpartidista, nos conflitos intrapartidistas, no resultado electoral e os seus efectos e na constitución do novo Parlamento e a nova Xunta de Galicia.

As liñas de competición interpartidista: da «precampaña» á campaña electoral

A correcta comprensión da dinámica de evolución das liñas de competición interpartidista que se poñerán de manifesto tanto durante o longuísimoo período de «precampaña», que empeza case co ano, como durante a campaña electoral, exige ter presente un primeiro dato de partida. Despois dos moitos cambios experimentados desde as primeiras eleccións autonómicas de outubro de 1981, o sistema galego de partidos acabou pivotando exclusivamente sobre tres forzas políticas: o Partido Popular de Galicia, situado no espazo ideolóxico do centro-dereita; o Partido Socialista de Galicia-PSOE, situado no do centro-esquerda, e o Bloque Nacionalista Galego, situado no da esquerda nacionalista. Iso pon de relevo, por si mesmo, un feito político que non pode perderse de vista en ningún caso: o da necesidade do Partido Popular de obter maioría absoluta para asegurarse a posibilidade de gobernar a Xunta de Galicia, toda vez que a perda de tal maioría podería eventualmente comportar a alianza parlamentaria das outras dúas forzas presentes na Cámara, máis próximas entre si, malia as súas moitas diferenzas políticas e ideolóxicas, que calquera delas ao PP.

Así as cousas, o comezo do ano 1997 estará marcado pola posibilidade de que os populares perdan a maioría absoluta da que viñan gozando e que iso acabe desaloxándoos do Goberno autónomo galego. Aínda que o PP nega en todo momento que existan datos de sondaxe que permitan traballar con seriedade con esa hipótese, o certo é que algunhas das enquisas que se manexan nos primeiros meses do ano apuntan esa posibilidade, o que explicará que a competición interpartidista se formule esencialmente entre o PP, por unha parte, e os seus dous competidores, pola outra, que, en coherencia con esa estratexia de competición, reducen ao mínimo os seus mutuos espazos de fricción. Tal situación terá a súa tradución fundamental na petición do Partido Socialista, formulada formalmente a finais do mes de abril polo seu candidato á Presidencia Abel Caballero e dirixida ao presidente da Xunta, para que aquel procedese a anticipar as eleccións. Da persistencia desa estratexia de competición tras a paréntese estival deixan boa mostra, en todo caso, diversos episodios, dos que debe destacarse moi especialmente o derivado das críticas dirixidas pola oposición á Xunta a consecuencia da posta marcha por parte desta última dunha campaña informativa de carácter institucional –a coñecida baixo o lema publicitario de «Galicia en feitos»–, campaña que tanto o BNG como o PSdeG entenderon que favorecía electoralmente o partido do Goberno. O PSdeG levou a súa crítica non só á Xunta Electoral da Comunidade Autónoma, ante a que presentou unha reclamación na última semana de xullo –que será desestimada–, senón que a traduciu mesmo nunha denuncia penal contra o presidente da Xunta, por delito electoral e malversación de fondos públicos, denuncia que tampouco ía prosperar e que sería arquivada finalmente.

Aínda que esta estratexia de dous contra un, se así pode chamarse, non impediu que tamén entre o PSG e o BNG se producisen enfrontamentos ao longo dos meses da precampaña electoral, o certo é que esa liña de competencia non se abriría con toda claridade ata que, xa iniciada a campaña, as sondaxes comezaron a mostrar non só a fortaleza electoral do Partido Popular, que obtiña unha maioría absoluta sobrada en todas as enquisas, senón tamén a debilidade do Partido Socialista, a quen lle prognosticaban unha substancial perda de espazo en beneficio dos nacionalistas. Como veremos máis abaixo, os resultados electorais confirmaron rotundamente todas as previsións que, nesta ocasión con grande exactitude, xa avanzaran as enquisas. Antes, porén, de entrar en tal cuestión dedicaremos unhas liñas a expoñer os problemas producidos na dinámica interna da vida partidista, en boa medida como consecuencia do propio proceso electoral, problemas que, nalgún dos casos, o resultado de tal proceso non fixo máis que agudizar.

Os conflitos intrapartidistas: a elaboración das listas e a configuración das candidaturas

Sen ningunha dúbida, o proceso interno menos conflitivo, tanto no relativo á elaboración das listas electorais como no referente á designación do candidato á Presidencia da Xunta de Galicia, foi o do Bloque Nacionalista Galego. En efecto, malia o carácter de *fronte* desa forza política, que agrupa no seu interior partidos e colectivos organizativos de moi distinta disciplina ideolóxica, e malia a procedencia diversa de moitos dos seus dirixentes, o BNG foi capaz de mostrarse ante a opinión pública como unha forza política cohesionada en torno a un líder indiscutido, o catedrático da Universidade de Santiago Xosé Manuel Beiras Torrado, quen, sobre a base esencialmente do seu protagonismo na vida parlamentaria galega, conseguiu configurarse como a figura pública máis relevante da *fronte*, e iso aínda non sendo militante da Unión do Pobo Galego, o partido máis forte e mellor organizado de todos os que se agrupan no Bloque.

Igualmente indiscutida foi a designación de Manuel Fraga Iribarne como candidato popular á Presidencia da Xunta, unha vez que o xa presidente fixo pública a súa vontade de concorrer unha vez máis (a terceira) ás eleccións autonómicas. Pero as xa antigas diferenzas larvadas no seo do Partido Popular galego, diferenzas directamente relacionadas coa eventual sucesión de Manuel Fraga, si se

traduciron neste caso na existencia de conflitos á hora de elaborar as candidaturas electorais. Tras varias semanas de declaracións e desmentidos dos distintos sectores e líderes afectados pola crise que tiveron abundante reflexo xornalístico nos primeiros días do mes de setembro, por fin o día 10 o Comité Rexional Electoral do PP poñía fin ás especulacións e facía públicas as listas electorais, listas que ofrecían un dobre centro de interese. Por un lado, a notable renovación que experimentaba a elite parlamentaria do PP ao producirse o recambio de aproximadamente o 50% dos seus deputados durante a III lexislatura, renovación que era moi intensa na provincia de Ourense e, aínda que menos, na de Pontevedra e máis limitada nas da Coruña e Lugo. As listas ofrecían, por outro lado, a notable novidade da non renovación das candidaturas parlamentarias de tres líderes históricos do Partido Popular en Galicia: Víctor Manuel Vázquez Portomeñe, ata a data conselleiro sen carteira para Asuntos Parlamentarios; Tomás Pérez Vidal, conselleiro de Agricultura, Gandería e Montes, e Victorino Núñez, presidente do Parlamento de Galicia durante as súas dúas últimas lexislaturas.

Os problemas internos do Partido dos Socialistas de Galicia, case permanentes tras a súa forte derrota nas eleccións autonómicas de 1993, volveron xurdir con ocasión do proceso de elaboración das listas electorais para as de 1997. E iso a pesar de que o VIII Congreso do partido, celebrado na Coruña entre os días 1 e 3 de marzo, supuxera certo alivio das tensións vividas ao longo de 1996, ao conseguir a dirección encabezada polo seu secretario xeral, Francisco Vázquez, un apoio masivo dos delegados ás súas teses e a formación dunha nova Executiva de consenso na que quedaban integrados os máis significados líderes territoriais do socialismo galego. Aínda que a designación de Abel Caballero Álvarez, catedrático da Universidade de Vigo e ex-ministro de Transporte no segundo Goberno de Felipe González, como candidato á Presidencia da Xunta se realizou sen apenas contestación interna, o proceso de formación das candidaturas complicouse extraordinariamente tras a decisión da dirección socialista galega de concorrer ás eleccións en coalición electoral con Esquerda Unida-Esquerda Galega –partido galego federado a Izquierda Unida– e con Os Verdes, un grupo ecoloxista de escasa implantación na Comunidade Autónoma. A formalización final do pacto, que supuxo colocar en postos supostamente fixos de saída dous candidatos de Esquerda Unida-Esquerda Galega e un de Os Verdes, abriu unha nova brecha interna sobre as xa existentes con anterioridade, brecha que o pésimo resultado electoral da coalición viría afondar desde o momento mesmo en que se facían públicos os resultados provisionais dos comicios autonómicos. Este proceso resulta, en todo caso, incomprensible sen ter en conta os propios problemas internos de Esquerda Unida-Esquerda Galega, que se dividiría literalmente en dúas metades tras a formalización da súa coalición cos socialistas de Galicia: unha que apoiou o pacto electoral, encabezada polo secretario xeral de EU-EG, Anxo Guerreiro, antigo deputado do Partido Comunista na I lexislatura do Parlamento de Galicia, única na que os comunistas obtiveran representación parlamentaria autonómica; e outra, seguidora das teses do presidente federal de Izquierda Unida, Julio Anguita, radicalmente contrario ao pacto desde que se fixo pública a vontade de pechalo, encabezada por un dirixente do Partido Comunista, o médico ourensán Manuel Peña Rey. O conflito interno no interior de EU-EG saldárase finalmente coa decisión da presidencia federal de Izquierda Unida de presentar candidaturas propias nas catro provincias de Galicia, co resultado que de inmediato se verá.

Os resultados das eleccións e a súa «proxección» na vida política española

As eleccións autonómicas galegas do 19 de outubro de 1997 marcarán, sen ningún xénero de dúbidas, un neto punto de inflexión na evolución do comportamento electoral, cando menos autonómico, dos votantes de Galicia. Como pode verse no cadro 1, no que constan os resultados electorais finais, é dicir, tras agregarse aos votos expresados nas catro circunscricións galegas os procedentes da emigración –que supuxeron un cambio na atribución provisional dos escanos producida tras o escriu-

tinio do voto peninsular ao gañar o PP un escano máis na Coruña en detrimento do BNG–, os datos esenciais que amosa o resultado electoral poderían resumirse como segue:

Cadro 1

	Votos	%	Escanos
PP	832.389	52,1	42
BNG	395.556	24,7	18
(PSdeG)-(EU-EG)-(OV)	311.178	19,4	15
IU	13.950	0,8	-
Outros/En branco	47.930	3	-

- a) En primeiro lugar, a espectacular vitoria do Partido Popular, que non só revalida rotundamente a súa logo de maioría absoluta –situada en 38 asentos–, ao obter 42 escanos (13 na Coruña, 8 en Ourense, 9 en Lugo e 12 en Pontevedra), senón que logra mesmo aumentar o seu xa espléndido resultado de 1993, ao incrementar en case 69.000 sufraxios a súa marca anterior, cunha case inapreciable inflexión á baixa en termos porcentuais (do 52,2% ao 52,1%).
- b) En segundo lugar, e esta é quizais a maior novidade dos comicios, o salto cara adiante que experimenta o BNG, cun aumento, igualmente espectacular, no seu número de votos, ao pasar de 269.233 a 395.556 (do 18,7% ao 24,7%, en termos porcentuais), o que lle supón gañar 5 escanos respecto ao seu resultado anterior e colocarse, con 18 (6 na Coruña, 3 en Lugo, 3 en Ourense e 6 en Pontevedra) como a segunda forza do subsistema galego de partidos, desprazando da hexemonía na oposición o Partido dos Socialistas de Galicia, que a ostentara desde as primeiras eleccións autonómicas.
- c) A desfeita socialista é, en terceiro lugar, a outra cara do éxito dos nacionalistas: a coalición electoral que lidera o PSdeG non só non é capaz de rendibilizar en termos cuantitativos o apoio da parte do electorado de EU-EG que opta polo pacto e de Os Verdes, forzas que obtiveran nos comicios autonómicos de 1993, respectivamente, 44.902 e 4682 sufraxios, senón que sofre un severo retroceso en termos de voto absoluto, que lle supón pasar dos seus previos 346.831 votos a 311.178 (do 23,5% ao 19,4%) e perder 4 dos seus 19 escanos, ata quedar reducido a 15 (5 na Coruña, 3 en Ourense, 3 en Lugo e 4 en Pontevedra), que serán finalmente 13 en números reais, ao acabar formando os dous deputados de EU-EG incluídos nas listas grupo parlamentario propio na Cámara galega. Da envergadura do fracaso da coalición é mostra máis que suficiente o feito de que os coligados obteñen, en conxunto, menos votos en ter-

mos porcentuais e menos escanos que os que obtivera pola súa conta o PSdeG en todas as consultas autonómicas celebradas con anterioridade.

- d) O último dos datos que imos destacar vai referido xustamente a Esquerda Unida-Esquerda Galega, forza que logra obter 2 escanos, en virtude do seu vantaxosísimo pacto electoral, a cambio de achegar á coalición de esquerdas, así presentada polos socios durante a campaña, no mellor dos casos, o 70% do voto previo do partido: en torno a 30.000 votos, case o triplo dos que é capaz de obter Izquierda Unida pola súa conta (13.950, o 0,8% dos válidos expresados).

Como probablemente non acontecera nunca con anterioridade, as eleccións autonómicas galegas, cuxos resultados políticos máis relevantes intentamos resumir nas liñas anteriores, ían acabar adquirindo unha notable proxección na vida política española. E iso non só polo feito de ser as primeiras *parciais* celebradas tras a vitoria do PP nas eleccións xerais e tras a designación de José María Aznar como presidente do Goberno, senón tamén por outros dous motivos adicionais substantivos: porque, dun lado, o estrepitoso fracaso do experimento de coalición de esquerdas –experimento que quizais puidese ter, de obter o suficiente apoio, eventual continuación noutros territorios e en consultas electorais doutro tipo– veu a abrir aínda máis a brecha entre o PSOE e IU e a acelerar o proceso de crise interna desta última, que se saldou coa expulsión ou a saída voluntaria do grupo federal de varias federacións territoriais discrepantes coas formulacións do grupo dirixente liderado por Anguita; e porque, doutro lado, e este é o aspecto cuxa proxección nos parece máis relevante, a progresión do BNG, que por primeira vez consegue desprazar o Partido dos Socialistas de Galicia como segunda forza na vida política galega e como eixe probable dunha alternativa ao Partido Popular, resulta tan espectacular (entre as autonómicas de 1989 e as de 1997, en oito anos pois, incrementa a súa porcentaxe de representación electoral nun 212% e o da súa representación parlamentaria nun 260%), que é capaz, por si mesma, de volver colocar en primeiro plano a cuestión do ascenso xeneralizado en toda España das forzas nacionalistas e/ou rexionalistas. Ata tal punto, que a mesma noite electoral, e cando aínda non se realizara o recuento definitivo dos votos, os presidentes das comunidades de Extremadura e Castela e León, pertencentes, como é sabido, ao PSOE e ao PP, respectivamente, fan declaracións na radio e na televisión apuntando a necesidade de discutir sobre unha eventual reforma do sistema electoral destinada a frear o que se denomina «o avance dos nacionalismos». Alfonso Guerra chegará, mesmo, máis alá ao suxerir a posibilidade dunha reforma da Constitución que permitise poñer límites ao autogoberno rexional. Certo é que tanto Juan Carlos Rodríguez Ibarra e Juan José Luca, como o propio Alfonso Guerra matizarán, ou desmentirán, as súas afirmacións nos seguintes días, vista a auténtica avalancha de respostas críticas e de desautorizacións procedentes tanto dos seus propios partidos como dos demais do arco parlamentario. Pero, sexa como for, e isto é o que queremos destacar, a rapidez con que o debate se formula e a inquietude política que este deixa translucir son unha proba extraordinariamente clara da existencia dunha preocupación xeneralizada nos grandes partidos estatais respecto da cuestión do ascenso das forzas políticas nacionalistas e rexionalistas e de como o resultado autonómico galego a reforza, ao colocar o BNG como primeiro partido da oposición en Galicia, con posibilidades, en caso de ser capaz de traducir a eleccións xerais o seu resultado de autonómicas, de obter grupo parlamentario propio no Congreso dos Deputados.

O proceso de constitución do Parlamento e de formación da Xunta de Galicia

Facendo efectivas as previsións contidas no Decreto 225/1997, do 25 de agosto, de disolución do Parlamento de Galicia e de convocatoria de eleccións, a nova Cámara saída das urnas celebrou a súa sesión constitutiva o día 18 de novembro de 1997. E, despois dun proceso inicial rodeado de controver-

sia, como consecuencia da falta de consenso entre as tres forzas con representación parlamentaria para a composición das comisións da Cámara, aquela reuniuse, en sesión solemne de apertura da V lexislatura do Parlamento de Galicia, días despois, o 28 de novembro. Tras iso iniciouse o período de consultas coas forzas políticas parlamentarias do novo presidente do Parlamento, o popular José María García Leira, quen, dando cumprimento ao preceptuado no Estatuto de autonomía para Galicia, propuxo como candidato á Presidencia da Xunta a Manuel Fraga Iribarne. O discurso de investidura do candidato popular tivo lugar o día 1 de decembro: nunha longa intervención de dúas horas de duración, Manuel Fraga foi debullando diversas propostas no terreo do emprego (busca do consenso social, creación dun servizo público de emprego), sanitario (impulso da telemedicina, implantación en todo o territorio dos puntos de atención continuada), agrícola (redución da poboación ocupada no sector, ampliación da cota láctea), das infraestruturas (modernización do ferrocarril e dos portos de interese xeral), cultural (promoción do Ano Santo xacobeo 1999, creación do Centro de Promoción das Letras Galegas), turístico (impulso da oferta do turismo rural e xacobeo), do fomento da natalidade (posta en marcha do segundo Plan de apoio á familia), ambiente (creación dunha consellaría, promoción das actividades industriais que utilicen tecnoloxías limpas, creación dunha rede de espazos naturais) e de potenciación da descentralización (dar efectividade ao pacto local na V lexislatura, transferindo competencias e recursos aos municipios). Tras as corenta e oito horas determinadas como mínimo no Regulamento do Parlamento de Galicia, na mañá do día 3 de decembro celebrouse a votación de investidura, na que resultou elixido Manuel Fraga Iribarne, por terceira vez consecutiva, como presidente da Xunta, cos votos favorables dos 42 deputados do PP e os votos en contra dos do BNG e PSdeG.

O novo presidente (nomeado polo Real decreto 1835/1997, do 4 de decembro, publicado no DOG n.º 236, do 5 de decembro) tomou posesión do seu cargo o día 9 de decembro e procedeu a formar novo Goberno de inmediato, de forma que ao día seguinte o *Diario Oficial de Galicia* publicaba os decretos 347/1997, polo que se establecía a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, 348/1997, polo que se dispoñía o cesamento dos titulares dos departamentos da Xunta de Galicia, e 349/1997, polo que se nomeaban os novos titulares dos departamentos previstos no Decreto 347/1997. Os cambios experimentados no Executivo autonómico, marcado polo signo da continuidade, tanto no relativo á súa configuración como no referente ás persoas que o conforman, afectaron en primeiro lugar á súa estrutura orgánica: créase unha consellaría nova, a de Medio Ambiente, modifícase a denominación –e, conseguintemente, a estrutura e competencias– das de Agricultura, Gandería e Montes (que pasa a denominarse de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria, transferíndose a materia de montes á nova Consellería de Medio Ambiente), Cultura e Comunicación Social (que pasa a denominarse de Cultura, Comunicación Social e Turismo) e Familia, Muller e Xuventude (que pasa a denominarse de Familia, Promoción do Emprego, Muller e Xuventude) e suprímese a antiga consellaría sen carteira para Asuntos Parlamentarios. En resumo, oito das once consellarías preexistentes non experimentan cambio ningún, tres experimentan un cambio parcial, unha suprímese e procédese á creación dunha nova. Polo que se refire aos cambios na titularidade das consellarías, das once que preexisten só cambia o titular de dúas consellarías: as de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria, onde é destituído Tomás Pérez Vidal e é nomeado Cástor Gago Álvarez, e de Pesca, Marisqueo e Acuicultura, onde é destituído Juan Caamaño Cebreiro e é nomeado Amancio Landín Jaráiz; sae da Xunta o titular da consellaría que desaparece (Víctor Manuel Vázquez Portomeñe) e entra nela o da consellaría de nova creación: José Carlos del Álamo Jiménez.

O proceso de formación e estrutura do Goberno galego culmínase coa publicación dos decretos 350/1997, do 10 de decembro, polo que se determinan os centros directivos dependentes da Xunta de Galicia (Secretaría Xeral da Presidencia, Asesoría Xurídica Xeral da Xunta, Secretaría Xeral de Relacións coas Comunidades Galegas, Secretaría Xeral para o Deporte, Secretaría Xeral de

Relacións coa Unión Europea e Acción Exterior, Secretaría Xeral de Planificación e Desenvolvemento Comarcal, Secretaría Xeral de Investigación e Desenvolvemento, e Secretaría Xeral para as Relacións cos Medios Informativos), decreto que vén reforzar a posición da Presidencia no conxunto da Xunta; e 351/1997, tamén do 10 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia.

CAPÍTULO XII

ANO 1998

1. Introducción: liñas xerais

Celebrados os últimos comicios autonómicos galegos o 19 de outubro de 1997, o ano 1998 foi na Comunidade Autónoma ano postelectoral, o que determinou os trazos esenciais da súa evolución, tanto desde o punto de vista político como desde a perspectiva institucional. Así, no ámbito institucional, e como xa vén sendo habitual nos anos en que se celebran eleccións ou nos inmediatamente posteriores, se aquelas teñen lugar durante o outono, en 1998 tivo lugar unha notable inflexión á baixa da produción lexislativa, produción que foi no período ao que este capítulo se refire, e como de inmediato se verá, cuantitativa e cualitativamente moi pouco significativa. Nese ámbito da produción normativa debe destacarse tamén unha apreciable diminución da produción regulamentaria, moi escasa nos primeiros meses do ano e marcada, despois, por unha tendencia cara á normalización a medida que este transcorría. Polo que se refire á vida política, será igualmente o resultado electoral o que explicará o alto grao de estabilidade que definiu o primeiro ano da quinta lexislatura do Parlamento de Galicia: a folgada maioría do Partido Popular, que conta con 42 dos 75 deputados da Cámara, condicionou unha dinámica política en que os partidos acabaron estando, máis alá do seu ordinario labor de oposición parlamentario, moitas veces máis pendentas da súa propia dinámica interna que da confrontación nunha Cámara en que a existencia dunha sólida maioría parlamentaria-gobernamental dificulta con toda claridade o referido labor de oposición. Ademais, a iso engadiuse a propia novidade do resultado electoral para os dous partidos que viñan vertebrando a oposición na Cámara galega –o Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE e o Bloque Nacionalista Galego–, forzas políticas que, tras as eleccións de 1997, ven invertida a súa respectiva posición parlamentaria: o PSdeG descende de 19 a 13 escaños e o BNG incrementa a súa representación case na mesma proporción, ao pasar de 13 a 18. Tal inversión na previa correlación de forzas entre o BNG e o PSdeG determinou, á súa vez, cando menos, dous fenómenos de indiscutible relevancia, que serán analizados con posterioridade: a apertura, no seo do Partido dos Socialistas de Galicia, dun debate político profundo, que desembocará finalmente nun congreso extraordinario do partido e na elección dunha nova dirección, e o aumento de protagonismo político do Bloque Nacionalista Galego, que atopará a súa expresión máis xenuína na súa política de pactos con outros partidos

nacionalistas do País Vasco e Cataluña. Neste contexto, o PP continuou pendente sobre todo da cuestión sucesoria, unha cuestión que seguiu sen formularse abertamente e, polo tanto, sen se pechar cara ao futuro, o que acabará mantendo, así, vivo o *tour de force* no que, de forma máis ou menos encuberta, vive inmerso o Partido Popular de Galicia desde hai varios anos. E todo iso, claro, nun contexto xeral español en que a cuestión territorial chegou como nunca a copar o primeiro plano da vida nacional. Tamén aquí, finalmente, as forzas políticas galegas realizaron, desde as súas distintas posicións, contribucións ao debate que tal cuestión suscitou: o Partido Popular, a través sobre todo do presidente da Xunta de Galicia, en relación coa eventual reforma do Senado e coa presenza das comunidades autónomas nas institucións europeas; o Bloque Nacionalista Galego en relación coa definición dun novo marco político territorial, da man, esencialmente, da súa participación no grupo de forzas nacionalistas constituído, ademais de por el mesmo, por CiU e PNV; e o Partido dos Socialistas de Galicia, en relación cunha nova lectura, caracterizada como federal, do texto constitucional.

2. O exercicio das competencias legislativas

Fronte á notable produción legislativa do trienio 1995-1997, no que o Parlamento de Galicia aprobou un total 36 leis (12 en 1995, 13 en 1996 e 11 en 1997), o ano 1998 achegouse cuantitativamente, neste ámbito, moito máis a aquel co que tivo inicio a cuarta das súas legislaturas, 1994, ano no que se aprobaron oito leis. Aínda que en 1998 foron sete, o certo é que aínda ese número resulta, en certo sentido, enganoso, toda vez que dúas delas foron as que, respectivamente, acompañaron a 1/1998 e 6/1998, de orzamentos da Comunidade Autónoma para 1998 e 1999: trátase das leis 2/1998, de medidas tributarias, de réxime orzamentario, función pública, patrimonio, organización e xestión, e 7/1998, de medidas tributarias, de réxime orzamentario, función pública e xestión.

A Lei 2/1998, do 8 de abril, contén, agrupadas para unha mellor sistemática en títulos diferenciados por materias conexas, normas reguladoras de distintos aspectos fiscais, orzamentarios, patrimoniais e da función pública da Comunidade Autónoma, así como de organización e xestión de entes públicos (Portos de Galicia) e de organismos autónomos (Servicio Galego de Saúde e Augas de Galicia). Tal e como subliña a propia exposición de motivos da lei, dentro dese conxunto de normas cabería facer unha referencia singular ás derivadas do exercicio das competencias normativas autonómicas en materia de tributos cedidos, entre elas as que se concretan no establecemento de deducións sobre o tramo autonómico do imposto sobre a renda das persoas físicas e na determinación do tipo aplicable á transmisión de bens inmoables no imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados. Tamén debe destacarse, aínda que desde outra perspectiva, a creación por razóns operativas dunha entidade de dereito público á que se encomenda a planificación, o desenvolvemento e a xestión dos procesos informáticos de natureza tributaria, contable e, en xeral, de carácter económico-financeiro. En canto á Lei 7/1998, do 30 de decembro, incorpora, pola súa parte, unha serie de medidas de distinta natureza, pero que comparten a característica común da súa finalidade instrumental ao servizo do desenvolvemento da iniciativa do Goberno no ámbito da política económica que inspira os orzamentos da Comunidade Autónoma para 1999. Inclúense, así, preceptos referentes ás deducións establecidas sobre a cota autonómica do imposto sobre a renda das persoas físicas e á modificación de tarifas da taxa fiscal sobre o xogo, diversas modificacións que afectan tanto á Lei de réxime financeiro e orzamentario como ao réxime do persoal funcionario e estatutario e á concesión das comisións de servizos, normas sobre o tratamento da fiscalización dos contratos menores e, finalmente, disposicións relativas ás declaracións de utilidade pública e ao establecemento dun réxime especial para a alienación de inmoables coa finalidade de facilitar a instalación de empresas que incorporen a instalación de alta tecnoloxía.

En todo caso, a limitada significación cualitativa da produción lexislativa do Parlamento de Galicia durante 1998, previamente referida, derivase non só da existencia de dúas leis de acompañamento ás de orzamentos da Comunidade, senón tamén da natureza escasamente relevante doutras dúas máis do conxunto total de sete leis aprobadas por aquel: a 3/1998 e a 4/1998, que proceden, respectivamente, á creación do Colexio Oficial de Fisioterapeutas de Galicia e do Colexio Oficial de Protéticos Dentais de Galicia, normas unha e outra que se limitan a crear os colexios mencionados (como corporacións de dereito público, con personalidade xurídica e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos fins que lles son propios e o exercicio das súas funcións), a determinar que o seu ámbito de actuación será o territorio de Galicia e a fixar quen poderá, en cada caso, integrarse en cada un dos colexios mencionados.

Así as cousas, só unha lei, a 5/1998, de cooperativas de Galicia, será a continuación obxecto de comentario detallado. A partir dos títulos competenciais contidos nos artigos 55.3 do Estatuto de autonomía para Galicia (segundo o cal a Comunidade Autónoma, como poder público, poderá facer uso das facultades previstas no apartado 1 do artigo 130 da Constitución e poderá fomentar, mediante unha lexislación axeitada, as sociedades cooperativas) e 28.7 do propio Estatuto (segundo o cal a Comunidade Autónoma é competente para o desenvolvemento lexislativo e execución da lexislación do Estado en materia de entidades cooperativas), títulos ampliados por virtude do determinado na Lei orgánica 16/1995, do 27 de decembro, que transfire á Comunidade Autónoma a competencia exclusiva en materia de cooperativas, a Lei 5/1998 ten por obxecto establecer unha regulación sobre cooperativas que se adapte ás estruturas económicas actuais e que permita a aquelas desenvolverse económica e empresarialmente de forma que se contribúa á súa dinamización. A norma –unha extensa lei que se compón de 142 artigos, ademais de varias disposicións adicionais e transitorias– divídese para tal efecto en catro títulos, o primeiro dos cales contén a normativa común aplicable en xeral a todas as entidades cooperativas: constitución, socios, órganos, réxime económico, documentación social e contabilidade, estatutos, fusións, escisións e transformación e, por último, disolución e liquidación. Tras iso regúlase, no título II, o Rexistro de cooperativas de Galicia, como rexistro xurídico dependente da Xunta adscrito á consellaría competente en materia de traballo. O título III refírese respectivamente, en cada un dos tres capítulos en que se divide, ás tres clases de cooperativas que considera a lei: de primeiro grao (cooperativas de traballo asociado, agrarias, de explotación comunitaria de terra, de consumidores e usuarios, de servizos, de transportistas, do mar, de explotación de recursos acuícolas, de vivendas, de ensino, de integración social, de servizos sociais, de crédito, de seguros e sanitarias), de segundo grao (as que integran cooperativas da mesma ou distinta clase e outras persoas xurídicas públicas ou privadas, sempre que non superen o 25% do total de socios) e outras formas de colaboración económica. O último título da lei, o IV, regula en dous capítulos distintos o asociacionismo cooperativo e o réxime regulador do Consello Galego de Cooperativas, como máximo órgano de difusión e promoción do cooperativismo na Comunidade galega.

Finalmente, para completar esta breve referencia ao exercicio das competencias lexislativas na Comunidade galega durante 1998 é necesario facer mención ao feito de que durante ese período de tempo se debaterán na Cámara autonómica outras leis que, aínda que non poden ser obxecto de tratamento neste capítulo, por non ser aprobadas e publicadas durante 1998, centraron de feito, non obstante, o debate político xerado pola acción lexislativa do Parlamento de Galicia. O máis transcendental para estes efectos foi, sen ningún xénero de dúbidas, o proxecto de lei de ordenación farmacéutica, aprobado pola Xunta de Galicia no seu Consello do 10 de xullo de 1998 e enviado á Cámara polo Executivo autónomo xunto coas máis de cincuenta alegacións presentadas polos dezaseis grupos políticos, sindicais e profesionais que manifestaron o seu desacordo –total ou parcial– co texto do Goberno. A partir dese momento, e xa durante todo o resto o ano, producírase un constante –e duro, por momentos– debate político e social sobre o proxecto, debate que será analizado, xunto co texto da lei,

que foi aprobada en 1999, no próximo capítulo. Ademais do Proxecto de lei de ordenación farmacéutica, e á marxe dalgúns outros de menor entidade, como o de protección da ría de Pontevedra ou o de creación do Instituto Enerxético, a acción lexislativa do Parlamento estará tamén en 1998 no primeiro plano da actualidade como consecuencia do envío aos colectivos afectados por parte da Xunta de Galicia do Anteproxecto de lei de sanidade, que xerará substanciais desacordos entre os sindicatos de traballadores (CCOO, UGT e CIG), entre a clase médica (que se manifestará a través do Consello Galego de Colexios Oficiais de Médicos) e entre a Asociación de Consumidores Galegos: pero tamén a todo iso haberemos de referirnos con detemento no capítulo seguinte.

3. A actividade regulamentaria

Os primeiros meses do ano 1998 estiveron marcados, no que á actividade regulamentaria da Xunta se refire, pola mesma tendencia con que finalizara 1997, ano en que se produciu unha caída progresiva daquela actividade tras o comezo do verán, cando en Galicia se entra en situación preelectoral. Esa tendencia á baixa, que explica que nos meses de xaneiro e febreiro de 1998 apenas se aproben regulamentos de contido normativo significativo, cambiará con claridade en marzo, momento en que se inicia un incremento da acción regulamentaria do Goberno que non decaerá xa en todo o ano. Ao igual que nos capítulos precedentes, referirémonos, a continuación, aos principais sectores de actividade nos que se centrou tal acción, para intentar entresacar despois varios elementos transversais definidores dalgúns dos obxectivos xerais perseguidos pola Xunta coa súa acción regulamentaria.

- a) Un primeiro sector de actividade será o da *asistencia social, xuventude e deportes*, sector este sempre moi destacado na acción regulamentaria da Comunidade Autónoma galega. Nel poderían encaixarse, nun sentido amplo, os decretos 69/1998, que regula a atención temperá a minusválidos, 172/1998, que desenvolve a Lei da familia, a infancia e a adolescencia no relativo ao réxime sancionador, 198/1998, polo que se constitúe o Comité Galego de Xustiza Deportiva, e 243/1998, polo que se regula a Rede Galega de Información e Documentación Xuvenil e as condicións e procedementos para o recoñecemento oficial dos servizos de información xuvenil.
- b) No ámbito da *ordenación do territorio*, sector de actividade de importancia indiscutible dada a especial configuración do hábitat galego, deben incluírse os decretos 219/1998, polo que se aproba a toponimia das entidades de poboación da provincia de Pontevedra, 280/1998, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento da Comisión Galega de Cooperación Local, 335/1998, polo que se regulan as áreas funcionais, e 340/1998, polo que se regulan as funcións e órganos dependentes de Secretaría Xeral de Planificación e Desenvolvemento Comarcal.
- c) O sector de actividade do *ambiente* presentou tamén unha notable actividade, o que é coherente coa creación dunha nova Consellería de Medio Ambiente tras a reestruturación da Xunta de Galicia levada a cabo polo seu presidente despois da vitoria do Partido Popular nas eleccións autonómicas de 1997. Deben, así, incluírse neste ámbito os decretos 72/1998, polo que se crean os comités de integración e coordinación ambiental, 154/1998, polo que se publica o *Catálogo de residuos de Galicia*, 260/1998, polo que se regula a autorización de xestor de residuos sólidos urbanos e a inscrición no Rexistro xeral de xestores de residuos e 263/1998, polo que se regula a autorización e se crea o Rexistro de produtores e xestores de residuos perigosos.
- d) A *sanidade interior* foi outro dos sectores de actividade en que tivo lugar unha notable acción regulamentaria ao longo do ano 1998. Ademais dun decreto sobre publicidade sanitaria, que

máis abaixo se referirá, aprobáronse neste ámbito os decretos 42/1998, polo que se regula o transporte sanitario, 134/1998, sobre policía sanitaria mortuoria, 177/1998, polo que se crea a Rede Galega de Vixilancia en Saúde Pública, e 341/1998, polo que se regula a composición e funcionamento dos órganos colexiados no ámbito das drogodependencias.

- e) No sector *turístico*, de importancia crecente na economía da Comunidade Autónoma, aprobáronse tres decretos significativos: o 203/1998, polo que se regulan as declaracións de festas de Galicia de Interese Turístico, 239/1998, polo que se regula a declaración de Municipio Turístico Galego, e 315/1998, polo que se aproba o Regulamento da inspección turística.
- f) Xunto a estes cinco sectores de actividade, que concentraron unha boa parte da acción regulamentaria da Xunta, existen outros tres sectores de actividade nos que se aprobaron un total de dúas normas destacables por sector. Son os da *vivenda* (123/1998, de regularización de situacións dos ocupantes e cambio de réxime nas vivendas de promoción pública, e 125/1998, sobre normas de adxudicación de locais de negocio do Instituto Galego da Vivenda e Solo), a *publicidade* (97/1998, polo que se regula a publicidade sanitaria, e 137/1998, polo que se crea a Comisión Asesora de Publicidade Non Sexista e se regula a súa composición e funcionamento) e, finalmente, a *gandería e pesca* (79/1998, polo que se regula a estrutura, organización e funcionamento das confrarías de pescadores de Galicia, e 85/1998, polo que se establece o sistema de identificación e rexistro dos animais da especie bovina).
- g) Por último, a Xunta de Galicia aprobou tamén decretos significativos en todos e cada un dos sectores de actividade que se mencionan a continuación: *xogo* (106/1998, polo que se aproba o Regulamento de máquinas recreativas e de azar), *industria* (223/1998, polo que se crea a unidade de oficina de tramitación única de industrias e se regula a posta en funcionamento de establecementos industriais), *protección animal* (153/1998, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei de animais domésticos e salvaxes en cativeiro), *montes* (244/1998, polo que se regulan os alleamentos dos aproveitamentos forestais en montes xestionados pola Comunidade Autónoma), *transporte* (252/1998, polo que se crea o Comité Galego de Transporte por estrada e se regula o Rexistro de asociacións profesionais de transportistas e de empresas de actividades auxiliares e complementarias do transporte), *educación* (120/1998, polo que se regula a orientación educativa e profesional), *lexislación laboral* (152/1998, polo que se establecen as condicións para o exercicio do mergullo profesional), *protección do consumidor* (127/1998, polo que se crea o Consello Galego de Consumidores e Usuarios), *caixas de aforros* (240/1998, polo que se regula a figura do Valedor do Cliente das Caixas de Aforros), *procedemento administrativo* (200/1998, que aproba unha relación de procedementos nos que a falla de resolución expresa produce efectos desestimatorios ou estimatorios) e, finalmente, *xestión informática* (361/1998, polo que se aproba o Estatuto do Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable).

Pero, como antes se apuntaba, este amplo conxunto de normas regulamentarias que, segundo se tratou de expoñer, cobren unha gran cantidade de sectores concretos de actividade, poñen de relevo unha acción administrativa dirixida ao logro de diversos obxectivos. En efecto, a análise transversal das normas referidas permite, cando menos, identificar os tres seguintes:

- 1.º O de dar desenvolvemento, mediante o correspondente regulamento executivo da lei, a previsións do lexislador autonómico ou estatal: sucede deste modo, por exemplo, co Decreto polo que se aproba o Regulamento que desenvolve a Lei de protección dos animais domésticos e salvaxes en cativeiro (153/1998); co que aproba o Regulamento de organización e

funcionamento da Comisión Galega de Cooperación Local (280/1998), comisión prevista na Lei de Administración local; co que aproba o Regulamento da inspección turística (315/1998) en desenvolvemento das previsións da Lei de ordenación e promoción do turismo; co que regula a declaración de Municipio Turístico Galego (239/1998), que desenvolve previsións da lei que acaba de citarse e a de Administración local antes referida; co que crea a Rede Galega de Vixilancia en Saúde Pública (177/1998), que dá desenvolvemento a exixencias contidas na Lei xeral de sanidade (Lei do Estado 14/1986); co que desenvolve a Lei da familia, da infancia e da adolescencia, no relativo ao réxime sancionador (172/1998); e, finalmente, co que regula a composición e funcionamento dos órganos colexiados no ámbito das drogodependencias (341/1998), que dá desenvolvemento ás previsións da Lei de Galicia sobre drogas.

2.º Un segundo obxectivo destacable da acción administrativa da Xunta, deducible da súa produción regulamentaria, foi o de favorecer a creación de órganos e instancias de coordinación, ben interadministrativa, ben entre as propias administracións públicas e as correspondentes instancias de representación dos particulares. Responden a esta finalidade, entre outras, as normas de regulación da composición e funcionamento dos órganos colexiados no ámbito das drogodependencias (341/1998), que acaba de citarse, de creación dos comités de integración e coordinación ambiental (72/1998), de regulación das áreas funcionais (335/1998), de aprobación do Regulamento de organización e funcionamento da Comisión Galega de Cooperación Local (280/1998) e, por último, de regulación da Rede Galega de Información e Documentación Xuvenil (243/1998).

3.º A normativa regulamentaria da Xunta perseguíu, finalmente, o obxectivo de ampliar o ámbito de control da Administración sobre a actuación dos particulares mediante a regulación da acción pública de autorización para a realización de determinadas actividades e, tamén, mediante a creación de rexistros públicos. Poderían, así, incluírse dentro deste último bloque, entre outros, os seguintes decretos: o que establece as condicións para o exercicio do mergullo profesional (152/1998), o que regula o Rexistro de asociacións profesionais de transportistas e de empresas de actividades auxiliares e complementarias do transporte (252/1998), o que regula a posta en funcionamento de establecementos industriais (223/1998), o que regula a publicidade sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia (97/1998), o regulador da policía sanitaria mortuoria (134/1998), o que regula o transporte sanitario (42/1998), o que regula a autorización de xestores de residuos sólidos urbanos e a inscrición destes nun Rexistro xeral de xestores de residuos sólidos urbanos (260/1998) e, finalmente, o que regula a autorización de xestores de residuos perigosos e a inscrición destes no Rexistro de produtores e xestores de residuos perigosos (263/1998).

4. O proceso de transferencias e as relacións de conflito e colaboración con outras instancias

1) No ámbito relativo ás *transferencias* do Estado á Comunidade Autónoma o Ministerio de Administracións Públicas ditou os reais decretos 231, 232, 233 e 234, todos do 16 de febreiro de 1998 (DOG n.º 43, do 4 de marzo de 1998), polos que se procedía, respectivamente, ao traspaso dos medios adscritos ao parque móbil ministerial do Ministerio de Economía e Facenda; á ampliación e modificación de medios adscritos aos servizos da Administración do Estado traspasados polo Real decreto 1375/1997, en materia de xestión realizada polo Instituto Nacional de Emprego, no ámbito do traballo, o emprego e a formación; á ampliación de funcións, servizos e medios traspasados polos reais decretos 2166/1994 e 2397/1996,

en materia de provisión de medios persoais, materiais e económicos para o funcionamento da Administración de Xustiza; e, por último, á ampliación dos medios traspasados polos reais decretos 1634/1980 e 971/1984. A Xunta de Galicia procedeu, pola súa banda, a través dos decretos 81, 82, 83 e 84, da Consellería de Presidencia e Administración Pública, todos do 5 de marzo de 1988, a asumir os medios, funcións, servizos, bens, obrigas e dereitos traspasados e a súa asignación ás consellarías correspondentes en razón da materia (DOG n.º 52, do 17 de marzo de 1998). O custo efectivo das referidas transferencias, que afectaron a 47 funcionarios, foi de 329 millóns de pesetas. Meses máis tarde, o Ministerio para as Administracións Públicas ditou o Real decreto 1825/1998, do 28 de agosto, sobre traspaso de funcións e servizos en materia de execución da lexislación sobre propiedade intelectual (DOG n.º 184, do 22 de setembro).

En todo caso, a mención ao proceso de traspasos competenciais quedaría incompleta de non facer alusión aos acontecementos que haberán de conducir finalmente á elaboración e presentación nas Cortes dun novo Proxecto de lei orgánica de transferencia de competencias, que virá sumarse, no caso de que chegue a ser aprobado polo Parlamento estatal, á LOTC 16/1995, do 27 de decembro. O presidente da Xunta solicitou nunha reunión mantida a mediados do mes de abril co daquela ministro de Administracións Públicas, Mariano Rajoy, o seu apoio para ampliar as competencias estatutarias en materia, entre outras, de ordenación do sector financeiro e xestión das cuncas hidráulicas intercomunitarias. Varias semanas máis tarde, a mediados de maio, o citado ministro comprometeuse co conselleiro da Presidencia da Xunta a facer efectiva a ampliación competencial solicitada, acordo que acabaría concretándose nun Proxecto de lei orgánica de transferencias en materia de banca, crédito e seguros aprobado polo Consello de Ministros na súa reunión do 24 de xullo de 1998, na que se decidiu o seu envío ás Cortes xerais para a súa ulterior tramitación.

- 2) Non se produciron novos *conflictos* entre o Estado e a Comunidade Autónoma ao longo de 1998. Neste apartado debe citarse unicamente o Auto do 16 de xuño de 1998, do Tribunal Constitucional, no que se declara concluído por falta de obxecto o Recurso de institucionalidade número 1880/1989, promovido por Luis Fernández Fernández-Madrid, no seu nome e comisionado por outros 52 senadores máis (do Partido Popular), contra a Lei de Galicia 8/1989, do 15 de xuño, de delimitación e coordinación das competencias das deputacións provinciais (DOG n.º 140, do 22 de xuño de 1998). A falta de obxecto é consecuencia da previa derogación da mencionada lei, que o foi expresamente pola Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.
- 3) Finalmente, e polo que se refire á *colaboración*, deixárase a continuación constancia de dúas cuestións de natureza diferente, pero enmarcadas todas elas no ámbito xeral da problemática das relacións de colaboración interinstitucional: 1) A primeira céntrase na colaboración interparlamentaria, en virtude da cal as Cortes xerais aprobaron a comezos de 1998 unha Proposición de lei do Parlamento galego para dar carácter oficial aos topónimos galegos das provincias da Coruña e Ourense, que pasaron a denominarse oficialmente, tras a aprobación da lei, A Coruña e Ourense. Ademais desta manifestación da iniciativa lexislativa da Comunidade Autónoma, ex artigo 87.2 da Constitución, as Cortes iniciaron tamén, a instancias de diferentes colectivos galegos, a tramitación dun proxecto de modificación da Lei de demarcación e planta xudicial destinada a permitir a creación de seccións da respectiva Audiencia Provincial nas cidades, entre outras, de Santiago e Vigo, proxecto que, tras a súa aprobación polo Congreso, foi aprobado polo Senado, coa abstención do Grupo Parlamentario Socialista, nos últimos días de decembro de 1998. 2) A

segunda das cuestións antes mencionadas é a do pacto local, que se constituíu en centro de atención da política galega ao longo de 1998 cunha intensidade que tal cuestión non conseguira ata a data. O punto de saída da nova situación prodúcese tras o tradicional *retiro* primaveral dos membros da Xunta de Galicia no mosteiro de Armenteira, celebrado a comezos de abril de 1998, reunión na que se acorda abrir con carácter inmediato as negociacións cos municipios para discutir sobre o aumento da súa autonomía e competencias. Así as cousas, e tras unha reunión entre o presidente da Xunta e o daquela Ministro de Administracións Públicas –na que se acorda coordinar os procesos estatal e autonómico de transferencia de competencias aos municipios– e tras unha inicial convocatoria da Xunta a unha representación da Federación Galega de Municipios e Provincias, na segunda semana de maio prodúcese a constitución da Comisión Galega de Cooperación, comisión prevista na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e cuxo regulamento de organización e funcionamento, peza básica para a ulterior marcha do proceso, foi aprobado algúns meses máis tarde, polo Decreto 280/1998, do 24 de setembro: en tal norma concíbíase a Comisión como órgano permanente de colaboración para a coordinación entre a Administración autonómica e as entidades locais galegas. A constitución da Comisión abre oficialmente as negociacións do pacto local: o documento de bases do pacto local entregado pola Xunta aos representantes da Fegamp no citado acto procedía a recoller a maioría das materias propostas pola Federación Galega de Municipios, pero limitando a transferencia ou delegación de competencias exclusivamente a aqueles municipios que sós ou agrupados contasen con capacidade de xestión e medios técnicos suficientes para o efecto. Posteriormente, xa moi avanzado o mes de outubro, a Xunta presentou á Federación Galega unha proposta sobre métodos de diálogo e cálculo do custo dos trasposos, que a propia Xunta propoñía deberían comezar polo capítulo de servizos sociais. Sobre tal capítulo comezara, en efecto, a negociarse no momento en que se pechaba este capítulo, a finais de xaneiro de 1999.

5. Trazos fundamentais da vida política e institucional galega

A dinámica parlamentaria e interinstitucional

Como xa se apuntaba ao principio deste capítulo, o trazo básico da vida política galega ao longo de 1998 foi o da estabilidade, trazo que vén, de feito, presidindo a marcha da política autonómica desde a chegada de Manuel Fraga, e con el das maiorías absolutas do Partido Popular, á competición política en Galicia. Certamente esta estabilidade foi tamén interpretada polas minorías parlamentarias como a cara aparentemente positiva dunha situación política de parálise institucional e foi, en consecuencia, obxecto de fortes críticas por parte dos partidos da oposición, que denunciaron o, na súa opinión, dominio excesivo exercido polo partido maioritario sobre a vida institucional, dominio que imposibilitaría, a xuízo do BNG e PSdeG, o seu labor de control do Goberno e da Administración. Aínda que a tensión política que veu producíndose no seo da Cámara autonómica entre a maioría parlamentario-gobernamental e a oposición como consecuencia de tal cuestión foi constante ao longo de todo o ano 1998, existiron, en todo caso, momentos de especial virulencia no enfrontamento: así sucedeu, por exemplo, con ocasión da discusión dos orzamentos de 1998, no mes de marzo ou, máis adiante, no mes de maio, cando os voceiros dos tres partidos da oposición (BNG, PSdeG e Esquerda Unida-Esquerda Galega) solicitaron formalmente unha entrevista co presidente do Parlamento de Galicia para denunciar a, ao seu xuízo, insostible situación de *bloqueo* en que se atopaba a institución parlamentaria. O ano íase pechar, nesta esfera, con novos enfrontamentos entre

Goberno e oposición motivadas polas distintas posicións dun e outra respecto do réxime de presenza na Cámara do presidente e os conselleiros da Xunta.

Pero ao longo de 1998 a Xunta de Galicia e o Partido Popular non só debéron facerlles fronte ás acusacións de bloqueo institucional, senón tamén a outras dúas series de problemas: os derivados das acusacións de corrupción nalgunhas institucións locais –sobre todo nas deputacións de Lugo e de Ourense– e os xerados polo control levado a cabo por órganos externos (Valedor do Pobo e Consello de Contas). No primeiro caso, as acusacións, que se centraron en supostos casos de nepotismo na contratación de persoal, foron motivo dun forte debate nos medios de comunicación social e de durísimas polémicas entre os partidos da oposición, denunciante dos casos de suposto nepotismo, e a Xunta, o Partido Popular e os responsables das institucións obxecto de denuncia, que negaron radicalmente a veracidade das acusacións e as atribuíron a campañas organizadas pola oposición para intentar quebrar a hexemonía popular ante o proceso electoral municipal que xa se entrevía no próximo horizonte.

Situados nun plano institucional totalmente diferente, o Valedor do Pobo e o Consello de Contas, órganos independentes externos de control, recolleron tamén nos seus informes respectivos algúns aspectos críticos da xestión da Administración galega que, de inmediato, ían ser utilizados polas minorías parlamentarias no seu labor de oposición. O Valedor subliñou, así, no seu Informe correspondente ao ano 1997, lido ante o Pleno do Parlamento de Galicia o 16 de abril de 1998, a necesidade de reforzar o pluralismo informativo na televisión pública autonómica e nun posterior, monograficamente dedicado ao estudo da discriminación, a marxinación e a exclusión social en Galicia, presentado ante o Pleno do Parlamento autonómico o 23 de novembro de 1998, as deficiencias legais existentes para acceder ao salario social (a denominada renda de integración social prevista na Lei 9/1991, do 2 de outubro, de medidas básicas para a inserción social). O Consello de Contas, pola súa banda, a través do seu conselleiro maior, puxo de relevo ante a Comisión de Economía da Cámara, nunha comparecencia realizada o 12 de xuño de 1998, que a Administración pública autonómica practicaba unha «fuxida» cara ao dereito privado, a través de entes, fundacións e organismos autónomos, que dificultaba a fiscalización das contas públicas con eficacia e racionalidade. Meses despois, e noutra comparecencia destinada a presentar os orzamentos da institución, o mesmo conselleiro maior poñía de relevo como a falta de información dificultaba en certos casos a fiscalización das administracións locais e propoñía, en consecuencia, a apertura dun debate sobre o tipo de fiscalización de contas que necesitaba Galicia cara ao futuro.

A vida política partidista

En todo caso, dar conta cabal dos trazos esenciais da situación política en Galicia durante 1998 exige, ademais de expoñer os aspectos máis sobresaíntes da dinámica parlamentaria e interinstitucional, referirse tamén á que determinou a dos tres grandes partidos en torno aos cales veu xirando a vida política da Comunidade Autónoma nas dúas últimas lexislaturas: o Partido Popular de Galicia, o Bloque Nacionalista Galego e o Partido dos Socialistas de Galicia. A eles referímonos xa, por esa mesma orde, para poñer punto final a esta breve crónica.

- a) O Partido Popular de Galicia experimentou durante 1998 unha dobre dinámica política: dun lado, a derivada da súa abafadora fortaleza institucional no interior da Comunidade Autónoma, onde os populares gobernan non só a Xunta de Galicia, senón tamén unha inmensa maioría das corporacións locais do país (incluídas as de cinco das súas sete grandes cidades: Lugo, Ourense, Pontevedra, Ferrol e Vigo) e as catro deputacións provinciais. Xunto a iso, o PPdeG viviu inmerso novamente na dinámica de competencia interna, non por soterrada menos evidente, xerada pola eventualidade da futura sucesión do actual presidente da Xunta. Foi, de feito, o propio presidente quen, ao convocar a finais da primavera un congre-

so extraordinario do partido, que se celebraría os días 19 e 20 de xuño –e se adiantaba case un ano e medio á data fixada estatutariamente–, contribuíu a disparar os rumores sobre a posibilidade dunha decisión que viñese resolver o tema da sucesión, rumores que se reforzarían cando o presidente do PP declaraba a *La Voz de Galicia*, o diario de maior tiraxe rexional, nunha entrevista publicada o día 11 de xuño, que «efectivamente, creo que o [sistema de sucesión] máis acertado é un sistema mixto, no que eu lle presento unha proposta ao partido para que este decida» e que «o máis acertado para a sucesión é que eu presente un ou varios candidatos». Aínda que entre esa data e a de apertura do congreso extraordinario os medios de comunicación non deixaron de especular coa posibilidade de que unha terna fose presentada a aquel por Manuel Fraga, especulacións que incluíron supostas conversacións ao respecto entre o presidente da Xunta e o presidente do Goberno, o certo é que o congreso extraordinario non abordou para nada tal cuestión: lonxe diso, o liderado formal do presidente do partido saíra novamente reafirmado. A única novidade sería a da exteriorización do conflito larvado que viña enfrontando desde había longos meses os dous sectores do Partido Popular en pugna interna pola sucesión: o liderado polo conselleiro de Política Territorial da Xunta de Galicia, Xosé Cuiña, que saíu claramente reforzado do congreso, e o liderado polos dous ministros galegos do Goberno nacional –Mariano Rajoy, entón responsable de Administracións Públicas, e José Manuel Romay, ministro de Sanidade–, ambos os dous desprazados, finalmente, a cadansúa presidencia honoraria do partido. Así as cousas, a nova Executiva do PPdeG experimentaba unha substantiva redución e unha gran renovación, coa incorporación de oito caras novas e o abandono de 21 dos seus anteriores compoñentes: entre eles, os alcaldes dalgúns relevantes municipios (Vigo, Ourense e Pontevedra), que non serían posteriormente reelixidos para encabezar as candidaturas locais respectivas. O proceso de elaboración de listas para as municipais da primavera de 1999 ía concentrar, de feito, a vida interna do PPdeG nos meses transcorridos desde a clausura do congreso extraordinario ata as últimas semanas de 1998 e ía poñer, novamente, de relevo o control interno do partido por parte do sector que no congreso demostrara ter unha clara hexemonía.

- b) A dinámica interna do Bloque Nacionalista Galego estará marcada, de forma decisiva, polo resultado electoral dos últimos comicios autonómicos, en que os nacionalistas experimentan un forte impulso na súa representación parlamentaria que lles permite colocarse como segunda forza política en Galicia e primeira na oposición. En coherencia con esta nova situación institucional, a historia do BNG ao longo de 1998 será a da progresiva construción dun discurso político substancialmente diferente ao tradicionalmente mantido polo nacionalismo radical e a da igualmente progresiva apertura cara ao exterior, mediante a súa participación na conformación dunha plataforma común coas forzas nacionalistas hexemónicas no País Vasco e Cataluña. O proceso de *aggiornamento* ideolóxico, do que o xa referido resultado electoral será directa consecuencia, continuará sen que nin a plural conformación ideolóxica do Bloque nin a forte presenza nel do nacionalismo radical consigan detelo. Boa proba diso haberá de ser a VIII Asemblea Nacional do BNG, celebrada a finais de xuño de 1998, e na que, cunhas tensións apenas expresadas entre os sectores máis fundamentalistas representados pola Unión do Pobo Galego e os máis abertamente partidarios da posta ao día do ideario da coalición, se aprobará a apertura de contactos co nacionalismo vasco e catalán, uns contactos que habrán de ter unha importancia decisiva, como de inmediato se verá. En calquera caso, tras esa nova política de alianzas estratéxicas, o proceso de moderación continuará. E, así, á volta do verán, o líder histórico da UPG e deputado nas Cortes xerais Francisco Rodríguez manifestará en rolda de prensa a nova posición do BNG nalgúns aspectos esenciais da súa política territorial: renuncia á demanda inmediata do dereito de autodeterminación, reconsideración da súa postura de coñecida oposición frontal á Constitución, da que só sería indeclinable –segundo o

Bloque— a urxente e imprescindible reforma do Senado, diferenciación entre autodeterminación e independencia e renuncia expresa á segunda. Rodríguez declarará, así, nesta liña, a *La Voz de Galicia*, a principios do mes de outubro, e respondendo a unha pregunta sobre o que quixera dicir ao afirmar que a autodeterminación non era crucial para o BNG: «É un dereito básico e toda forza nacionalista ten que telo no seu programa. Dito isto, hai que aclarar que autodeterminación non é igual a independencia e recoñecer que un pobo si ten dereito a elixir libremente o seu futuro: ben á fórmula actual, ou a un confederado ou á independencia formal. No proceso actual o prioritario é conseguir unha masa social que defenda outra representación distinta nun Estado plurinacional. Para nós —concluía Rodríguez— ese é o noso obxectivo estratéxico. É o que se vai xogar nos próximos anos e estamos a favor de ser claros e contundentes nas nosas reivindicacións, pero prudentes». Prudencia que levaría o BNG ao extremo de ameazar con expulsar do seu interior unha das súas correntes independentistas, Primeira Liña, grupo que foi invitado a principios de decembro a deixar a formación, decisión, claro está, sen precedentes na historia dunha coalición político-electoral nacionalista que alberga no seu seo un partido de ideario ideolóxico independentista, a Unión do Pobo Galego (UPG), forza orixinaria creadora da propia coalición.

Non obstante, e malia todo o apuntado, o certo é que o ámbito privilexiado para comprobar a envergadura do xiro histórico experimentado polo Bloque ao longo de 1998 resultará o da súa participación na entente nacionalista que nace da sinatura da chamada «Declaración de Barcelona». En efecto, a alianza do BNG con CiU e PNV, cuxa primeira plasmación documental se producirá no texto referido, continuará despois coa súa participación no cumio nacionalista de Bilbao, a mediados de setembro e, finalmente, co que o propio BNG organizará en Santiago de Compostela, xa case finalizado o mes de outubro. Aínda que nesta última reunión, os tres partidos asinantes do «Documento de Santiago» manterán unha boa parte da retórica política previamente apuntada en Barcelona e en Bilbao —defensa da soberanía para Galicia, Euskadi e Cataluña, reivindicación dun novo marco de organización territorial recoñecedor da plurinacionalidade de España, etc.—, o certo será que a viaxe de Barcelona a Compostela, pasando por Bilbao, significará unha progresiva moderación das posicións iniciais (en Santiago os acordos redúcense esencialmente á reivindicación da presenza nacionalista no Tribunal Constitucional e a unha difusa declaración sobre cuestións europeas) e un progresivo desinterese cara á entente por parte, sobre todo, do nacionalismo catalán. *La Voz de Galicia* podía abrir así a súa información sobre a reunión nacionalista de Santiago co seguinte titular: «Pujol dá por resoltos os contactos co BNG e PNV coa reunión que comeza hoxe». A presentación de candidaturas separadas dos nacionalistas ás eleccións europeas así viría confirmalo. Pero a extraordinaria mobilidade da cuestión territorial hoxe en España non permite asegurar, en todo caso, cal podería ser a futura evolución da entente nacionalista creada en Barcelona e o papel que o seu posible mantemento ou a súa eventual desaparición podería supoñer para o proceso de cambio ideolóxico do nacionalismo galego hoxe representado polo Bloque en exclusiva.

- c) Se, como se viu anteriormente, o resultado dos últimos comicios autonómicos marcou, dunha ou outra forma, a dinámica interna tanto do partido que conforma en Galicia a maioría parlamentario-gobernamental como do que é hexemónico na oposición a este, a influencia daquel resultado será aínda máis decisiva na evolución interna do Partido dos Socialistas de Galicia. Aínda que as reaccións de oposición interna á dirección do Partido Socialista encabezada polo alcalde coruñés, Francisco Vázquez, foron inmediatas tras o desastre electoral, nas últimas semanas de 1997 tan só o novo Grupo Parlamentario Socialista xurdido das eleccións adoptara unha decisión que parecía presaxiar a súa vontade de introducir cambios na precedente situación: o deputado Abel Caballero, candidato do PSdeG á Presidencia da Xunta, non

era designado voceiro parlamentario, posto para o que os deputados socialistas elixían a Emilio Pérez Touriño, ex-alto cargo nos últimos gobernos socialistas e membro, ao igual que Caballero, da Executiva do partido. Iniciado xa 1998, e desoíndo as reiteradas peticións do sector crítico do Partido Socialista para que se convocase un congreso extraordinario que puidese analizar a nova situación xerada polo avance do nacionalismo e a perda da hexemonía socialista na oposición ao Partido Popular, a dirección decide convocar unha conferencia do partido, que, celebrada a comezos de febreiro, se salda cunha neta vitoria do sector oficialista, así chamado, e por unha derrota dos tamén chamados críticos. A finais de maio ábrese o proceso de primarias para elixir os cabezas de lista socialistas para as municipais e novamente os candidatos oficialistas, aqueles que conformaran con Vázquez a maioría xurdida do último congreso do PSdeG, impóñense aos seus competidores. Pero ao día seguinte de celebradas as primarias –27 de xuño de 1998–, contra todo prognóstico, o líder do Partido Socialista, que gañou folgadoamente a súa candidatura local na Coruña, presenta a súa dimisión irrevocable como secretario xeral.

Iso dá lugar á apertura do proceso interno que ha de conducir á celebración dun congreso extraordinario do partido, reunión que terá lugar finalmente o 10 de outubro de 1998. Aínda que moi probablemente previsto polo daquela grupo dirixente como un conclave de transición, os acontecementos producidos entre a dimisión do secretario xeral e a apertura do congreso determinarán non obstante, finalmente, que o congreso extraordinario sexa unha reunión histórica para os socialistas de Galicia. E iso porque nese período se vai producir unha reorganización dos apoios e pactos internos xurdidos do último conclave do partido e unha reordenación da correlación de forzas previa que haberá de traducirse, finalmente, en que no congreso compitan dous sectores: por un lado o antigo sector oficialista, que presenta a Miguel Cortizo, deputado no Parlamento de Galicia e á sazón vicesecretario do partido, como candidato á Secretaría Xeral; e polo outro un novo sector, conformado por antigos críticos e por parte dos antigos oficialistas, que presenta para o posto a Emilio Pérez Touriño, voceiro parlamentario do partido, segundo antes se apuntaba. Este último gaña finalmente o congreso por unha clara maioría –o 62% dos votos– e rompe, por primeira vez case desde a refundación galega do Partido Socialista, a coalición dominante que controlara tradicionalmente a súa organización interna. Ábrese así unha nova etapa que, de inmediato, terá ademais unha tradución política ideolóxica, ao converterse o novo secretario xeral en defensor dun novo modelo federal de organización territorial, a través dun pacto federal estable que permita superar a actual indeterminación do marco territorial. Esas posicións levarán o PSdeG a pechar co PSC a finais de novembro un acordo sobre a defensa conxunta do pacto federal. Unha peza máis, en conclusión, da achega que ao longo de 1998 se realizou desde a Comunidade Autónoma galega ao debate político-territorial en que España estivo inmersa.

As políticas públicas

Por máis que, como é obvio, todas as normas lexislativas e regulamentarias ás que se fixo referencia páxinas atrás leven sempre implícita unha decisión, ben do Parlamento, ben da Xunta de Galicia, para acometer, en desenvolvemento das súas respectivas previsións, determinadas políticas públicas en cada un dos sectores de actividade que son obxecto de regulación normativa, existiron ao longo de 1998 outros ámbitos materiais nos que se desenvolveron políticas públicas de gran significación e transcendencia. Sen pretensión ningunha de exhaustividade, parece claro, en todo caso, que as que se refiren a continuación son merecedoras dunha mención especial:

1. O desenvolvemento das infraestruturas de comunicación, é dicir, o tema das vías de comunicación entre Galicia e a Meseta –as chamadas *autovías*– continuou sendo en 1998, como xa viñera sucedendo nos últimos anos, motivo de constante discusión entre as diversas forzas políticas galegas e de tensión institucional, case sempre soterrada, entre as instancias autonómicas e o poder central do Estado. Con varios anos de atraso sobre as previsións iniciais, atraso que concentrou boa parte do debate, dadas as constantes acusacións da oposición á Xunta pola súa suposta pasividade ante este, en 1998 abríronse, finalmente, os últimos 92 quilómetros da autovía das Rías Baixas, é dicir, a que comunica Vigo e Benavente, unha das dúas que están previstas, xunto á autovía do Noroeste, que comunica A Coruña e Benavente, da que están pendentes de finalización aínda case 100 quilómetros (46 en obras e 56 en servizo provisional).
2. A que, xa sen disimulos, debería denominarse política *exterior* da Comunidade Autónoma foi adquirindo unha importancia crecente dentro da acción de Goberno da Xunta de Galicia. En tal sentido, 1998 abríriase co anuncio da aprobación polo Executivo autonómico dun plan cuadrienal no que se deseñaría a acción exterior da Xunta e se definirían as prioridades, instrumentos e medios de coordinación desta: a ese respecto, Portugal no conxunto de Europa e Mercosur no conxunto de América constituiríanse como os principais obxectivos da Xunta de Galicia no exterior. Todo iso foi feito público no Parlamento autónomo, na súa sesión do 5 de febreiro de 1998, polo secretario xeral de Relacións coa Unión Europea. Poucos días despois, o 19 de febreiro, producíase a noticia de que o presidente da Xunta presidiría a delegación española no Comité de Rexións da Unión ata o ano 2000. De inmediato o propio presidente, e no contexto dunha conferencia pronunciada no Worcester College da Universidade de Oxford, poñería de relevo a necesidade de camiñar cara a unha presenza rexional no Consello da Unión: «Se desde a perspectiva comunitaria xa é posible a presenza de representantes rexionais no Consello da súa Unión Europea en calidade de membros, desde a perspectiva nacional española aínda non o é», diría Manuel Fraga, quen insistiría en tal sentido no feito de que malia que os presidentes e conselleiros autonómicos teñen rango ministerial, non contan, non obstante, con facultades para comprometer o Goberno da nación. Poucas semanas despois, e tras unha aproximación das posicións iniciais do presidente da Xunta e do Goberno do Estado, que se traduciría na elaboración dun documento conxunto na materia relativo ás vías de participación das comunidades autónomas na Unión Europea, un representante da Comunidade Autónoma galega *estrebaba* –segundo informacións da prensa rexional– a presenza das autonomías nos órganos da Comisión Europea, ao ser designado o director xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Xunta para formar parte da delegación española no Comité de Xestión de Residuos que asesora a citada comisión.
3. Unha especial mención merece tamén a política ambiental, que se propuxo entre outros obxectivos prioritarios o da loita contra os incendios forestais, pois o lume volveu asolar o territorio da Comunidade Autónoma durante o verán de 1998 cunha extraordinaria intensidade: 200 novos focos de lume cada día ao longo de varias semanas de xullo-agosto, cun balance de máis de 20.000 hectáreas queimadas a finais de agosto (que serían 50.000 segundo a Sociedade Galega de Historia Natural). A nova Consellería de Medio Ambiente elaborou, para tal efecto, un Plan contra incendios 98 (Infoga) que pretendía fomentar a coordinación das forzas de seguridade e a especialización de axentes na investigación das causas dos lumes, todo iso a partir da consideración de que a súa maioría serían intencionados. En calquera caso, e ademais da política contra incendios, a Consellería de Medio Ambiente anunciou tamén, a mediados de 1998, unha normativa especial para previr riscos ambientais, a través da coordinación de todas as administracións con competencia na materia, e a súa

intención de buscar fondos da Unión Europa para proceder ao futuro selado de aproximadamente 800 vertedoiros ilegais de residuos existentes na Comunidade.

4. Finalmente, debe deixarse constancia, dentro deste apartado centrado nas políticas públicas, de que a Consellería de Presidencia da Xunta fixo públicos en 1998 os resultados da primeira experiencia de control de produtividade dos funcionarios da Comunidade Autónoma, cun resultado positivo nun 85% dos seus servizos: a avaliación do rendemento de 1996 abrangueu 366 das 757 unidades de xestión operativas durante o referido ano. Tamén a política en materia de policía estivo en 1998 no primeiro plano da actualidade: a Xunta anunciou, así, a creación dunha brigada especial para a investigación en materia de xogo, dentro dos efectivos do Corpo Nacional de Policía adscritos á Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, e a posta en marcha dun servizo de policía urbanística, en colaboración coas forzas de seguridade do Estado, para velar polo cumprimento da Lei do solo de Galicia.

CAPÍTULO XIII

ANO 1999

1. Introducción: liñas xerais

A dinámica política e institucional da Comunidade Autónoma galega ao longo de 1999 estivo marcada pola aparición de notables *elementos de cambio* que, postos de manifesto xunto á persistencia de non menos notables *elementos de continuidade*, se proxectaron cun vigor que non atopa doado parangón en todo o período de dominio político do Partido Popular que se inicia coa chegada de Manuel Fraga á vida autonómica de Galicia. Ata tal punto resultou desa forma que vai ser xustamente a dialéctica entre continuidade e cambio a que vai permitir entender moitos dos acontecementos de diversa natureza que tiveron lugar na Comunidade galega en 1999, acontecementos que só á luz da referida dialéctica cobran a súa verdadeira dimensión. E iso porque, como resulta doadamente comprensible, cambios que nun contexto politicamente moi dinámico poden parecer relativamente intranscendentes adquiren, porén, verdadeira relevancia en contextos definidos pola súa estabilidade extrema. E porque, de igual xeito, a persistencia da continuidade resulta tanto máis rechamante canto máis se estende no tempo e canta maior é a súa capacidade para encaixar cambios cuxa importancia obxectiva vén acrecentada, dese xeito, pola súa virtualidade para romper, aínda que sexa parcialmente, a propia forza inercial e retroalimentadora da estabilidade. Así as cousas, os *elementos de estabilidade* tiveron que ver, dun ou outro modo, e ao igual que en anos anteriores, co neto predominio da maioría parlamentario-gobernamental do Partido Popular, dirixida, coma sempre, polo liderado apenas discutido do presidente da Xunta de Galicia. Ese predominio determinou un acentuadísimo protagonismo da maioría, tanto nos momentos iniciais como nos tramos finais do proceso de elaboración lexislativa, o que deu lugar, á súa vez, á aprobación, cos votos exclusivos do partido do Goberno, dun reducido número de leis, das cales, ademais, como habemos de ver máis adiante, só unha pequena parte viñeron supoñer unha auténtica innovación normativa de relevancia material. Xunto ao mantemento desas pautas, que xa caracterizaran a acción lexislativa do Parlamento de Galicia no ano precedente (escasa importancia cuantitativa e cualitativa da súa produción normativa), a vida parlamentaria volveu estar marcada durante en 1999 por constantes acusacións cruzadas entre maioría e minorías sobre a eventual falta de centralidade do órgano de representación no desenvolvemento da vida política autonómica: as denuncias da oposición pola presenza só excepcional do pre-

sidente da Xunta na tribuna de oradores do Parlamento de Galicia, a falta de consenso respecto á acción mediadora entre maioría e minorías do presidente do propio Parlamento ou a reclamación por parte dos grupos da oposición dun sistema de comparecencias regulares do presidente da Xunta son outras tantas manifestacións desa vida parlamentaria enrarecida, que estivo influenciada tamén, obvio é dicilo, polo case permanente clima preelectoral e/ou electoral que reinou en Galicia nun ano marcado pola celebración dunhas eleccións, as locais do 13 de xuño, e polo anuncio doutras, as xerais que terán lugar na primavera de 2000.

De feito, foron os comicios do verán –os seus antecedentes e as consecuencias dos seus resultados en moi diversos ámbitos– os que determinaron os máis importantes *elementos de cambio* aos que anteriormente se facía referencia. En efecto, as municipais marcarán, por unha parte, o primeiro recambio na Xunta de Galicia durante a presente legislatura 1997-2001, ao cesar en febreiro o ata entón conselleiro da Presidencia e Administración Pública a consecuencia da súa presentación como candidato electoral do Partido Popular á alcaldía de Santiago. O presidente da Xunta elixiu entón un substituto non asociado politicamente ás baronías territoriais do PP, o que volverá facer tamén máis adiante, xa en setembro, cando, así mesmo como unha derivación diferida do resultado electoral, que lle presenta ao presidente da Xunta e líder galego do PP a necesidade de reforzar politicamente o seu partido, debilitado *institucionalmente* tras as municipais, Manuel Fraga proceda á substitución dos conselleiros de Xustiza, Interior e Relacións Laborais e de Industria e Comercio, para que os seus titulares pasen a ocuparse, respectivamente, da Secretaría Xeral do Partido Popular de Galicia e da dirección do propio partido na provincia da Coruña. En todo caso, e aínda que no seu momento haberemos de referirnos con máis detenemento á cuestión, avanzaremos xa nesta breve exposición de liñas xerais os catro feitos máis relevantes que, ao noso xuízo, se van derivar, finalmente, dos resultados electorais das municipais. As eleccións do 13 de xuño supuxeron en Galicia, en primeiro lugar, unha seria contracción da presenza institucional local do Partido Popular, que viu como un descenso lixeirísimo da súa porcentaxe agregada de voto municipal en Galicia se traducía, non obstante, nunha perda substancial de posicións de poder, ao acceder os dous grupos da oposición (PSdeG e BNG), en coalición ou en solitario, a algunhas das alcaldías das capitais de provincia e cidades grandes ou medias ata daquela controladas polo Partido Popular. Xunto a iso, e como a outra cara da mesma moeda, o avance dos dous grupos da oposición que acabamos de citar prodúcese, en boa medida, a consecuencia dun pacto entre un e outro para gobernar en coalición algúns dos máis importantes concellos de Galicia, pacto que marca o primeiro paso dunha colaboración non meramente puntual entre o PSdeG e o BNG, e que podería preanunciar eventualmente outras futuras de maior envergadura e de moitas maiores consecuencias, tanto no funcionamento do sistema galego de partidos como na determinación da dinámica política entre maioría e minorías vixentes desde o inicio do período autonómico, coa única excepción xa coñecida dos dous anos do chamado «*Goberno tripartito*». As municipais supuxeron, así, en terceiro lugar, a asunción por parte do BNG, ata hai moi pouco tempo un típico partido *antisistema*, da responsabilidade de dirixir os gobernos municipais de coalición de, entre outros, tres dos sete grandes concellos de Galicia (Ferrol, Vigo e Pontevedra), o cal podería ter consecuencias nada desprezables na propia dinámica interna da coalición nacionalista, ao reforzar, ben as tendencias ao seu *aggiornamento*, ben as dificultades de convivencia interna de forzas de moi diversa procedencia e posición ideolóxica e política. Os comicios municipais marcaron, por último, un punto de freada na tendencia á baixa electoral do Partido Socialista, que conseguiu non só reter a súa primacía municipal sobre o Bloque Nacionalista Galego, senón tamén conservar e aínda recuperar parcialmente as súas previas posicións institucionais de poder no ámbito local. A futura evolución dos acontecementos que os catro feitos referidos poñen de relevo será, sen dúbida, decisiva no futuro da vida política autonómica galega, que ten aberta hoxe unha expectativa de ruptura da continuidade inexistente antes do 13 de xuño de 1999 verdadeiramente descoñecida ata a data.

2. O exercicio das competencias legislativas

Ao igual que durante 1998, e rompendo a tendencia que se apuntara no trienio 1995-1997, trienio no que o Parlamento de Galicia aprobou 36 leis (12 en 1995, 13 en 1996 e 11 en 1997), a Cámara galega desenvolveu ao longo de 1999 unha acción legislativa pouco significativa, tanto cuantitativamente –aprobáronse un total de oito leis, unha máis que no ano anterior– como, sobre todo, cualitativamente, pois, como veremos a continuación, deses oito textos soamente dous son auténticamente significativos desde o punto de vista da innovación legislativa. Iso fai, en consecuencia, moi difícil o cumprimento do compromiso no seu día asumido polo presidente da Xunta, cando, moi pouco despois das últimas eleccións autonómicas, en febreiro de 1998, anunciou que nos dous primeiros anos da presente legislatura a maioría parlamentario-gobernamental do Partido Popular elevaría ao Parlamento un total de 20 proxectos de lei, proxectos dos cales, non obstante, só unha mínima parte foron ata o momento transformados en leis: de feito, a maioría dos anunciados non chegaron aínda á Cámara, que en decembro de 1999 só tiña pendentes de trámite dúas iniciativas, unha das cales, ademais, a de protección da ría de Pontevedra, permanece *conxelada* na súa tramitación desde hai case dous anos.

En calquera caso, e para centrarnos xa nas normas legislativas aprobadas ao longo de 1999, o total de oito que se publicaron no *Diario Oficial de Galicia* ata o 31 de decembro poderían agruparse, á vista da súa distinta transcendencia material, en tres bloques ben diferenciados, o primeiro dos cales estaría formado polas leis 7/1999 e 8/1999, do 29 e 30 de decembro, normas que, respectivamente, aproban os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2000 e toda unha serie de medidas fiscais e orzamentarias e de función pública e actuación administrativa. O segundo bloque confórmano outras catro leis, de transcendencia normativa menor, ben porque o seu obxecto de regulación ten ese carácter, ben porque o texto da lei se limita a introducir modificacións parciais e materialmente limitadas en textos legislativos xa vixentes. No primeiro suposto atópanse as leis 2/1999, 3/1999 e 4/1999, do 24 de febreiro, 11 de marzo e 9 de abril, respectivamente referidas á creación do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia, á creación do Instituto Enerxético e á declaración de servizo público de utilidade da Xunta de Galicia do transporte público marítimo de viaxeiros na ría de Vigo. No segundo, a Lei 1/1999, do 5 de febreiro, pola que se modifica a Lei 9/1991, do 2 de outubro, de medidas básicas para a inserción social.

A Lei de creación do Colexio de Xornalistas, que se engade a outras aprobadas con anterioridade (as de creación dos colexios de fisioterapeutas e protéticos dentais) por medio das cales o Parlamento tratou de dar resposta ás correspondentes solicitudes dos profesionais afectados, concibe o citado colexio como unha corporación de dereito público, dotado de autonomía funcional e personalidade xurídica e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, que agrupará os profesionais da información no ámbito territorial da Comunidade Autónoma. Pola súa banda, o Instituto Enerxético de Galicia é concibido pola súa lei de creación como un ente de dereito público, dotado de personalidade xurídica e patrimonio propios para o cumprimento dos fins que a propia lei lle asigna: entre outros, os de fomentar, impulsar e realizar iniciativas e programas de actuación para a investigación, o estudo e o apoio de diversas actuacións (coñecemento, desenvolvemento e aplicación) en relación coas tecnoloxías enerxéticas; mellorar o aforro e a eficiencia no campo da enerxía ou fomentar o seu uso racional e, máis en xeral, unha xestión óptima dos diversos recursos enerxéticos. O Instituto, creado sobre o modelo dun centro similar existente en Cataluña, nace, ademais, coa finalidade de centralizar e coordinar todas as actuacións en materia enerxética da Administración autonómica galega. Exixida polas concretas e particulares circunstancias do caso, a lei que declara servizo público de titularidade da Xunta o transporte público marítimo de viaxeiros na ría de Vigo, moi importante, tanto cuantitativamente, desde o punto de vista do seu volume, como cualitativamente, desde

o da súa significación estratéxica, ten por obxecto, en fin, dar unha resposta eficiente aos graves problemas e disfuncionalidades de diverso tipo (prezo, calidade, etc.) que viña presentando tal transporte: para eses efectos, a lei recorre á técnica xurídica de reservar a titularidade pública do servizo de transporte de viaxeiros, o que supón deixar en mans da Administración autonómica as facultades de control dos aspectos básicos da prestación do servizo de transportes por parte dos correspondentes transportistas privados. A lei determina, para iso, que a Administración xestionará indirectamente o devandito servizo e regulará o réxime da concesión administrativa con tal obxecto.

Pechando este segundo bloque, a Lei pola que se modifica a de medidas básicas para a inserción social encádrase, como xa se apuntou, no segundo suposto antes referido, pois o texto limitase a introducir unha modificación parcial no vixente, modificación que ten por obxecto facilitar o acceso por parte dos eventuais afectados ao salario social, coñecido xa en Galicia co acrónimo Risga (renda de integración social de Galicia). A adopción desta lei debe situarse no contexto do mal funcionamento práctico da de medidas de reinserción de 1991, norma cuxos resultados foron cualificados como «un fracaso sen paliativos» polo Valedor do Pobo no seu informe extraordinario sobre *Discriminación, marxinação, exclusión social en Galicia* (BOPG n.º 198, do 3 de decembro de 1998). Para os efectos de dar solución aos problemas apreciados, a modificación da regulación da Risga concrétase, esencialmente, na concepción desta como unha renda de carácter familiar, para o que se introduce o novo concepto de unidade de convivencia, e na flexibilización dos requisitos e axilización dos procedementos para a súa concesión.

As dúas leis de maior transcendencia aprobadas polo Parlamento de Galicia ao longo de 1999, normas conformadoras do terceiro dos bloques antes mencionados, foron a 5/1999, do 21 de maio, de ordenación farmacéutica, e a 6/1999, do 1 de setembro, do audiovisual de Galicia. A primeira das dúas, a Lei de ordenación farmacéutica é, con seguridade, unha das que xerou maior debate extraparlamentario –e, consecuentemente, maior volume de información nos medios de comunicación– de todas as que foron tramitadas pola Cámara autonómica galega nos seus case vinte anos de funcionamento. En efecto, tanto ao longo da segunda metade de 1998, tras a entrada na Cámara do proxecto de lei da Xunta, como da primeira de 1999, ata que a norma foi aprobada en abril polo Parlamento de Galicia, serán constantes as noticias relacionadas coa lei, sobre todo reflectindo o rexeitamento radical que estaba a provocar en certos sectores do colectivo farmacéutico galego e español. Así, xa en 1998, os empresarios de farmacia comezarán as súas accións de protesta denunciando a suposta inconstitucionalidade de varios preceptos do proxecto da Xunta e constituíndo unha chamada Plataforma de Opinión Farmacéutica, que anuncia moi pronto un peche patronal en protesta contra aquel, e rematarán por solicitar, a través da Federación Galega de Farmacias, a dimisión do conselleiro de Sanidade da Xunta e da directora xeral de Farmacia, adscrita ao seu departamento, e por denunciar que a eventual entrada en vigor da lei dispararía o custo sanitario. Mentres, os partidos da oposición e sindicatos de clase (CCOO, UGT e CIG) manifestarán, tamén, a súa opinión contraria ao texto e o conselleiro de Sanidade afirmará contar co apoio de dous terzos dos profesionais do sector. Non obstante, a falta de acordo entre estes e a Xunta non fará outra cousa que se agravar ao longo de 1999: o ano ábrese, de feito, cunha asemblea xeral en Santiago do Consello Xeral de Colexios Farmacéuticos de España, que tras manifestar o seu apoio aos farmacéuticos galegos e mostrar o seu rexeitamento aos aspectos, ao seu xuízo, máis polémicos do texto (a prohibición de vender ou transmitir por vía hereditaria as oficinas de farmacia instaladas con posterioridade á entrada en vigor da lei e a autorización ás empresas de mensaxaría para dispensar medicamentos a domicilio para enfermos crónicos), acordan solicitar do presidente do Goberno que presente recurso de inconstitucionalidade contra a lei en caso de que o proxecto prosperase e chegase a aprobarse. Como é doado de apreciar, o tema de fondo formulado pola lei era obviamente o da liberalización do sector que o texto podía supoñer cara ao futuro. En tal sentido, o diario *La Voz de Galicia* publica o 11 de abril un informe que reflicte datos extraordinariamente significati-

vos ao respecto: segundo este, a aplicación dos módulos poboacionais previstos no Proxecto de lei de farmacia podería implicar a apertura de 131 novas oficinas en 92 municipios de Galicia, oficinas esas que se sumarían ás 40 adxudicadas por concurso en xaneiro de 1998 e ás que poderían concederse entre as 186 autorizacións á sazón pendentes de resolución xudicial. A conclusión do informe era clara: as tres vías poderían supoñer a apertura de ata un total de 357 posibles oficinas de farmacia, cifra nada desprezable á vista do número das abertas nese momento en Galicia: 1203. De producirse desa forma, a *ratio* de habitantes por establecemento rebaixaríase desde a cifra de 2264 ata a de 1746. Malia as presións exercidas na súa contra, a lei foi finalmente aprobada polo Parlamento de Galicia no mes de abril. Pero, transcorridas varias semanas, o presidente do Goberno decidiu interpoñer contra esta, o 4 de agosto, recurso de inconstitucionalidade, por entender que varios dos preceptos da lei (arts. 4.3, 20, 23.1 e 45.b) relativos á repartición de medicamentos por correo ou mensaxaría, a xubilación forzosa dos farmacéuticos, o réxime de transmisión das oficinas de farmacia e as unidades de radiofarmacia poderían vulnerar previsións de carácter básico contidas na Lei xeral de sanidade ou na Lei do medicamento. O recurso (1537/1999) foi admitido a trámite por Resolución do 15 de setembro de 1999, do Tribunal Constitucional (BOE, do 24 de setembro de 1999).

Aínda que a Lei de ordenación farmacéutica é un texto relativamente amplo (61 artigos e mais as correspondentes disposicións adicionais, transitorias e finais) que se refire a cuestións de natureza moi diversa, o aspecto máis novidoso, e máis polémico, da regulación que nela se contén é, sen dúbida ningunha, o relativo ao novo réxime de explotación das oficinas de farmacia. A lei determina, en tal sentido, que a autorización das oficinas de farmacia se outorgará por concurso público, de acordo co baremo e procedemento que regulamentariamente se estableza (art. 19.4), que as autorizacións outorgadas a partir da entrada en vigor da lei caducarán ao cumprir o farmacéutico en nome do cal se estenda a correspondente autorización os setenta anos de idade, ou, en caso de falecemento deste (art. 20), que non poderán ser transmitidas *inter vivos* as oficinas de farmacia adxudicadas por concurso con posterioridade á entrada en vigor da lei (art. 23.1) e que só poderán selo coas limitacións que regulamentariamente se determinen as obtidas con anterioridade á entrada en vigor da lei (art. 23.2) e, finalmente, que a transmisión *mortis causa* das oficinas obtidas con anterioridade á entrada en vigor da lei quedará suxeita ás limitacións que a propia lei prevé (art. 24).

Ao contrario do sucedido coa Lei de ordenación farmacéutica, a do audiovisual de Galicia aprobouse sen apenas debate social: o texto, que establece as liñas de acción institucional no sector audiovisual, así como os seus mecanismos de fomento, ten por obxecto regular a actividade cinematográfica e audiovisual e apoiar a produción, comercialización e difusión do cinema e o vídeo galegos e en galego, así como tamén as relacións entre estes e outros medios audiovisuais. A lei crea, ademais, un chamado Consello Asesor das Telecomunicacións e do Audiovisual de Galicia, como un órgano de integración e participación das institucións, empresas, axentes e entidades relacionadas de forma directa cos sectores cinematográfico e audiovisual; o dito consello terá, ademais, un carácter consultivo e asesor para a Administración e un carácter de órgano de mediación para a arbitrase e autocontrol entre os que voluntariamente se sometan aos seus procedementos. O Consello foi, posteriormente, regulado mediante o Decreto 276/1999, do 21 de outubro, que pasou a prever a súa composición e as súas funcións.

Mención á parte merece, xa para rematar esta referencia ao exercicio das competencias lexislativas, o Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, norma que é consecuencia da autorización contida na disposición adicional oitava da Lei 6/1998, do 29 de decembro, de orzamentos para 1999, que habilitou ao Goberno galego para elaborar un texto refundido da Lei 11/1992, do 7 de outubro, de réxime financeiro e orzamentario de Galicia. A nova lei ten por obxecto regular a actividade económico-financieira da Comunidade Autónoma, sen prexuízo do que poida dispoñerse ao respecto noutras leis especiais.

3. A actividade regulamentaria

A actividade regulamentaria da Xunta de Galicia ao longo de 1999 centrouse en moi diversos sectores de actividade, aínda que cunha clara retracción, cando menos cuantitativa, dalgúns dos que viñan protagonizándoa tradicionalmente –por exemplo, os de agricultura, pesca ou sanidade– e cunha clara emerxencia doutros, como o ambiente, que se foron consolidando de forma paulatina. Así as cousas, o total de 30 normas regulamentarias que tivemos en conta para este ano poderían agruparse nos seguintes grandes bloques:

- a) O relativo ao *ambiente*, sector de actividade este que coñeceu un claro relanzamento coa creación, en 1997, tras a terceira investidura de Manuel Fraga como presidente da Xunta, dunha Consellería de Medio Ambiente. En tal ámbito aprobáronse as seguintes normas: o Decreto 45/1999, polo que se establecen medidas preventivas e de restauración de áreas afectadas polos incendios forestais, materia que se converteu nunha das prioridades esenciais do novo departamento; o 150/1999, polo que se aproba o Regulamento de protección contra a contaminación acústica; o 185/1999, que, en desenvolvemento da normativa europea, establece o procedemento para a aplicación dun sistema voluntario de xestión e auditoría ambiental; e, finalmente, dúas normas de carácter organizativo: os decretos 164 e 239, ambos os dous de 1999, respectivamente reguladores das competencias e funcións do Laboratorio Ambiental de Galicia e da composición e funcións da Comisión Delegada da Xunta para o Medio Ambiente.
- b) O *sector educativo* foi tamén, como adoita suceder todos os anos, obxecto da acción regulamentaria da Xunta, acción que se dirixiu en 1999 sobre todo ao ámbito do ensino non universitario. Deben ser incluídos neste segundo bloque os decretos 7/1999, polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanzas non universitarias; 88/1999, polo que se regula a ordenación xeral das ensinanzas de educación de persoas adultas e os requisitos mínimos dos centros; 245/1999, polo que se regula a formación permanente do profesorado que imparte as ensinanzas de niveis non universitarios; e, en fin, o 296/1999, polo que se desenvolven determinados aspectos dos currículos dos ciclos formativos de formación profesional específica.
- c) A *política local* tivo, como veremos máis adiante, un marcado protagonismo na vida política e institucional galega durante o ano 1999 e non só como consecuencia da celebración das eleccións municipais, senón tamén a causa do debate sobre a reordenación do poder local que leva implícita toda a discusión, abertamente exposta xa en Galicia, do pacto local. En coherencia con tal preocupación, a Xunta aprobou neste ámbito dous decretos de carácter organizativo: o 370/1998, polo que se establece a natureza e funcións da Comisión Galega de Delimitación Territorial, e o 371/1998, polo que se regula o Rexistro de entidades locais de Galicia.
- d) O cuarto grupo de decretos é un grupo transversal, pois inclúe normas que, aínda que relativas a diferentes sectores de actividade, teñen en común o obxectivo de regulamentar o *funcionamento do mercado*, coa finalidade case sempre de protexer os dereitos dos consumidores e usuarios. Deben incluírse neste apartado os decretos 375/1998, polo que se regulan as follas de reclamación dos consumidores e usuarios; 92/1999, sobre autorización e rexistro de establecementos intermediarios do sector da alimentación animal; 111/1999, polo que, en cumprimento da normativa europea, se derroga o Decreto 248/1983, polo que se procedera a crear a denominación Productos Galegos de Calidade, toda vez que no seo da Unión Europea non cabe aprobar denominacións de calidade que teñan como base a orixe ou procedencia xeográfica dos produtos amparados, se non é mediante os propios procedementos

regulamentarios europeos; 116/1999, que regula a actuación das empresas relacionadas coa organización de actividades de turismo activo; 139/1999, que regula a actividade de prestación a domicilio de servizos de mantemento, reparación e reforma; 204/1999, que regula os requisitos mínimos exixibles para a apertura dos establecementos de salón de peiteado e estética; e, por último, 289/1999, polo que se crea o Euro-Observatorio Galego, órgano encargado do seguimento, control e participación no proceso de transición e implantación do euro.

- e) Dentro de cada un dos tres sectores de actividade que se mencionarán a continuación aprobáronse un total de dous decretos: *medios de comunicación* (números 71 e 276, de 1999, relativos á regulación das axudas a empresas xornalísticas e de radiodifusión e á regulación da composición e funcións do Consello Asesor de Telecomunicacións e Audiovisual de Galicia); *lexislación civil* (números 94 e 169, tamén de 1999, respectivamente reguladores do réxime administrativo da sucesión intestada a favor da Comunidade Autónoma de Galicia e das medidas de protección de menores e a adopción); e, en fin, *lexislación laboral* (número 347/1998, regulador das iniciativas locais de emprego e o procedemento para a súa cualificación e inscrición rexistral, e 277/1999, regulador da cualificación de xubilación mutual protexida). Aínda que non nos referiremos aquí ao seu concreto contido, non quixera deixar de remarcar un aspecto que creo destacable dun dos que acaban de citarse: o Decreto 71/1999, de axudas a empresas xornalísticas e de radiodifusión, determina que a finalidade das axudas será a de «alentar a defensa da identidade de Galicia e dos seus intereses, a promoción dos seus valores, a normalización da súa lingua e o afondamento na difusión de cultura», nunha aposta claramente identitaria e monolingüe nunha Comunidade socioloxicamente bilingüe, que deixa de lado, de forma ao meu xuízo sorprendente, calquera outro valor ou principio constitucional na materia.
- f) O último bloque de decretos é un bloque residual, no que se agrupan todos os que non puideron ser incluídos en ningún dos previos: en materia de *protección civil* aprobouse o Decreto 378/1998, que aproba as medidas de coordinación de protección civil en Galicia; en materia de *augas*, o 8/1999, que desenvolve lexislativamente a Lei galega de Administración hidráulica no relativo ao canon de saneamento; en materia de *informatización da Administración autonómica*, o Decreto 21/1999, que regula a utilización da rede internet pola Administración da Comunidade Autónoma; en materia de *vivenda*, o 28/1999, que aproba o Regulamento de disciplina urbanística, para aplicación e desenvolvemento da Lei do solo, norma esta que dispuxo, entre outras medidas de vixilancia, a creación dun servizo de inspección urbanística, recibido con certo rexeitamento por algúns concellos de Galicia: o seu máximo representante institucional (o presidente da Fegamp) considerou «chocante» a medida e o alcalde da Coruña, durante anos presidente da FEMP, ironizou sobre a posibilidade de que os concellos creasen outro servizo paralelo de inspección para vivir a Xunta de Galicia. No medio dun gran despregamento informativo, o servizo comezou a funcionar, de feito, a mediados de setembro; en materia de *pesca deportiva*, o 211/1999, regulador da pesca marítima de recreo; e en fin, en materia de *política social*, o 312/1999, que refunde a normativa existente en materia de muller.

4. O proceso de transferencias e as relacións de conflito e colaboración con outras instancias

- 1) O proceso de transferencias do Estado á Comunidade Autónoma galega continuou durante o ano 1999, ano no que, ao igual que xa sucedera en 1998, se ditaron toda unha serie de reais

decretos de traspasos. Non obstante, o máis transcendental neste ámbito foi a aprobación polas Cortes xerais da Lei orgánica 6/1999, do 6 de abril, de transferencia de competencias á Comunidade Autónoma de Galicia (BOE n.º 84, do 8 de abril de 1999), pola que se transfire á Comunidade Autónoma galega a competencia de desenvolvemento lexislativo e execución en materia de ordenación de crédito, banca e seguros. A norma, que ao igual que xa fixera anteriormente a Lei orgánica 16/1995, do 27 de decembro, de transferencias á Comunidade Autónoma de Galicia, procede a transferir, de acordo co disposto no artigo 150.2 da Constitución, competencias de titularidade estatal, dispón que o exercicio da competencia que se transfire se realizará de acordo coa ordenación da actividade económica xeral e axustarase ao disposto polo Estado no exercicio das súas competencias, de conformidade co artigo 149.1.11.ª da Constitución. A lei dispón, ademais, no seu artigo 4.º, as modalidades de control ás que a Comunidade Autónoma galega adaptará o exercicio das competencias transferidas.

Polo que se refire aos antes mencionados reais decretos de traspasos, trátase dos seguintes: o 372/1999 e 373/1999, ambos os dous do 5 de marzo (DOG n.º 57, do 24 de marzo), respectivamente sobre traspaso complementario ao aprobado por Real decreto 2166/1994, en materia de provisión de medios materiais e económicos para o funcionamento da Administración de xustiza, e sobre traspaso das funcións e servizos da Seguridade Social en materia de asistencia e servizos sociais encomendados ao Instituto Social da Mariña; os 1748, 1749, 1750, 1751 e 1752, todos do 19 de novembro de 1999 (DOG n.º 236, do 9 de decembro), case todos eles relativos á ampliación de funcións, medios e servizos xa parcialmente traspasados, e respectivamente referidos: ao traspaso de funcións e servizos en materia de mediadores de seguros; á ampliación de funcións e servizos da Administración do Estado traspasados polos reais decretos 1283/1987 e 1378/1997, en materia de ensinanzas profesionais náutico-pesqueiras; á ampliación de medios adscritos aos servizos da Administración do Estado traspasados polo Real decreto 1365/1987, en materia de xestión realizada polo Instituto Nacional de Emprego, no ámbito do traballo, o emprego e a formación; á ampliación de medios adscritos aos servizos da Administración do Estado traspasados polo Real decreto 1763/1982, en materia de educación; e, por último, á ampliación de servizos da Administración do Estado traspasados polo Real decreto 1763/1982, tamén en materia de educación; finalmente o Ministerio de Administracións Públicas aprobou tamén o Real decreto 1838/1999, do 3 de decembro (DOG n.º 249, do 28 de decembro), de ampliación de medios adscritos á Administración do Estado e traspasados polo Real decreto 1763/1982, en materia novamente de educación.

A Xunta de Galicia procedeu, pola súa parte, e a través da súa Consellería de Presidencia e Administración Pública, a ditar os correspondentes decretos de asunción de funcións, medios e servizos transferidos á Comunidade Autónoma galega e de asignación á consellaría competente en razón da materia: 60/1999 (DOG n.º 55, do 22 de marzo), en materia de execución da lexislación sobre propiedade intelectual; 68/1999 (DOG n.º 62, do 31 de marzo), en materia de provisión de medios materiais e económicos para o funcionamento da Administración de xustiza; 72/1999 (DOG n.º 65, do 7 de abril), en materia de asistencia e servizos sociais encomendados ao Instituto Social da Mariña; 321/1999, en materia de mediadores de seguros; 322/1999 e 323/1999, en materia de educación; 324/1999, en materia de ensinanzas profesionais náutico-pesqueiras; e 325/1999, en materia de xestión realizada polo Instituto Nacional de Emprego no ámbito do traballo, o emprego e a formación (todos no DOG n.º 245, do 22 de decembro).

- 2) No relativo aos *conflitos*, debe destacarse o xa referido recurso de inconstitucionalidade presentado polo presidente do Goberno contra determinados preceptos da Lei 5/1999, do 21 de

maio, de ordenación farmacéutica: o 4.3 («As oficinas de farmacia, nas condicións que previamente se regulen, poderán dispensar a través de correo ou servizos de mensaxaría, propios ou alleos, os medicamentos que, por circunstancias especiais, requiran periodicamente os enfermos crónicos, sempre que teñan garantida a súa prescrición por receita médica e exista unha dispensa previa nesa oficina de farmacia dese mesmo medicamento»), precepto que contravén, a xuízo do recorrente, a Lei do medicamento, de 1990, que prohibe «a venda a domicilio e calquera tipo de venda indirecta ao público de medicamentos»; o 20 («As autorizacións de apertura de oficinas de farmacia outorgadas a partir da entrada en vigor desta lei caducarán ao cumprir o farmacéutico, en nome do cal se estenda a autorización e a acta de apertura da oficina de farmacia, setenta anos de idade ou en caso de que faleza») e o 23.1 («Non poderán ser transmitidas as oficinas de farmacia adxudicadas por concurso con posterioridade á entrada en vigor desta lei»), preceptos ambos os dous que, segundo o presidente do Goberno, vulneran a Lei xeral de sanidade, que establece que «só os farmacéuticos poderán ser propietarios e titulares das oficinas de farmacia abertas ao público», o que determinaría que titularidade e propiedade formasen «un todo indivisible, de modo que non se pode ser titular dunha oficina de farmacia sen que ao mesmo tempo non exista un dereito de propiedade sobre esta que permita a súa transmisión incondicionada»; e, finalmente, o 45.b –que atribúe competencias á Xunta de Galicia en relación coas unidades de radiofarmacia– cando, segundo o recorrente, os radiofármacos teñen a consideración de medicamentos e, polo tanto, as unidades que se dedican á fabricación industrial requiren autorización previa do Ministerio de Sanidade e Consumo, polo que a Xunta non tería competencia para autorizar o labor de centros de produción e preparación industrial de radiofármacos.

- 3) Para pechar este apartado, e centrándonos xa nas relacións de *cooperación*, de novo en 1999, e ao igual que xa sucedera en 1998, toda a problemática das relacións entre a Administración autonómica e as administracións locais volveu ter un marcado protagonismo. Así, apenas iniciado o ano retomouse a negociación entre a Xunta e os municipios galegos sobre o pacto local, a través dunha reunión da Comisión Galega de Cooperación Local, na que volveron poñer en discusión as cuestións relativas aos servizos sociais, que xa foran obxecto de negociación en sesións celebradas ao longo de 1999. Meses máis tarde, en abril, e nunha nova reunión da citada comisión, Xunta e Federación Galega, acordaron os criterios que utilizarían para avaliar o volume de diñeiro que a Administración autonómica debería ceder aos concellos en función das transferencias realizadas no marco do pacto local, último escollo pendente antes de comezar a falar de materias concretas. De feito, só unhas semanas antes desta última reunión, o conselleiro de Economía da Xunta advertira aos representantes da Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) que os concellos só deberían esperar máis recursos da futura Lei de facendas locais no suposto de que estivesen dispostas a asumir novas competencias tras as negociacións do pacto local. En todo caso, a partir de xuño púxose en marcha unha comisión encargada de estudar os traspasos da Administración autonómica ás locais en materia de servizos sociais, traspasos que son concibidos polos negociadores como un ensaio para as futuras negociacións do pacto local.

Por outro lado, tamén en abril, e no seo destes debates sobre a cuestión local, que a convocatoria de eleccións municipais rematara por potenciar, os partidos da oposición entraron en escena con propostas concretas: o PSdeG reclamou a aprobación dunha Lei galega para o financiamento dos concellos, que rematase a, a xuízo socialista, permanente *pelexa* entre a Xunta e aqueles e as políticas discriminatorias de gasto por parte da primeira cara aos segundos; o BNG propuxo, pola súa parte, e en datas case coincidentes, a paulatina supresión das deputacións provinciais, medida xa tradicional do ideario do nacionalismo galego. O ano pechouse, final-

mente, neste ámbito da cuestión local, con dous acontecementos relevantes: en primeiro lugar, coa petición do novo alcalde de Vigo (BNG), elixido tras as municipais de xuño, para que a Xunta crease na súa cidade a primeira área metropolitana de Galicia, petición á que moi pronto se uniron ata un total de corenta concelleiros de once municipios da Mancomunidade de Vigo. Tamén a mediados de decembro, en segundo lugar, os alcaldes de Ferrol (BNG), Vigo (BNG), Lugo (PSdeG) e Santiago (PSdeG) subscribiron un manifesto no que reclamaban da Administración autonómica autonomía para a Administración local e no que rexeitaban o exceso de tutela –por exemplo en materia urbanística– da Xunta sobre os concellos.

5. Trazos fundamentais da vida política e institucional galega

Aínda que, como veremos de inmediato, o gran tema do ano desde o punto de vista político foi en Galicia, como no resto de España, o das eleccións do 13 de xuño (só municipais na Comunidade galega, como se sabe), formuláronse tamén ao longo de 1999 outros temas de debate político e institucional, de entre os que cremos que merecen ser destacados polo menos os que se mencionan a continuación.

Algúns dos grandes temas de debate político e institucional

En primeiro lugar, o das *infraestructuras de comunicación*, tema tradicional do debate galego desde hai moitos anos. Practicamente finalizadas xa as autovías coa Meseta, a cuestión das infraestructuras centrouse ao longo de 1999 en dous aspectos esenciais: por unha parte, na realización dalgúns outros tramos de comunicación por estrada estratéxicos para Galicia pendentes aínda de aprobación ou execución (como a autovía Lugo-Santiago, obxecto dunha petición unánime do Congreso dos Deputados ao Ministerio de Fomento para que comezase a redacción do preceptivo estudo informativo; o enlace con Galicia da futura autovía do Cantábrico; a unión da autoestrada A-9 con Portugal; ou o tramo de autoestrada Santiago-Dozón); por outra parte, e de forma moi especial, no tema da mellora da rede ferroviaria e, dentro dela, da conexión de Galicia coa rede de alta velocidade. Esta eventual conexión –os seus prazos, a existencia ou non de estudos ao respecto, a inclusión nos orzamentos do Estado para o ano 2000 dunha partida mínima destinada ao comezo dos primeiros estudos técnicos, o punto de entrada da alta velocidade– que foi obxecto de constantes declaracións cruzadas entre os líderes da oposición e os membros da Xunta e dalgún debate parlamentario, como os celebrados en xuño e en outubro, promete ser, moi probablemente, un dos temas estrela do ano 2000 en Galicia.

A *cuestión ambiental*, paralela a unha acción normativa na materia, da que deixa boa mostra a notable actividade regulamentaria –xa comentada– nese sector de actividade, tivo tamén unha importancia moi relevante e centrouse en dous temas principais: o da *política forestal*, que levou á Xunta de Galicia, por exemplo, a comprar máis dunha ducia de propiedades rústicas de alto valor ecolóxico para fomentar a preservación do patrimonio natural; á Consellería de Medio Ambiente a propoñer 58 zonas das catro provincias galegas (300.000 hectáreas) para a súa inclusión na rede ecolóxica europea Natura 2000; á aprobación da Declaración de Compostela do mes de outubro, asinada por todos os axentes implicados no sector forestal, na que se propón a creación dun centro de xestión sostible do bosque; á decisión, tamén da Xunta, de reforestar 140.000 hectáreas de bosque nos próximos seis anos; ou, en fin, á aposta, así mesmo da Xunta, pola repoboación fronte á prevención como forma para reducir os incendios (que experimentaron, de feito, unha redución do 78% entre xaneiro e outubro de 1999, con respecto ao mesmo período do ano anterior, segundo datos oficiais). Xunto á da política forestal, a cuestión do ambiente tivo tradución tamén no debate sobre os *residuos*, con dúas posicións claramente confrontadas entre os partidarios da consolidación da sociedade creada pola Xunta para converterse na axencia fundamental na materia (Sogama) e os partidarios

de políticas alternativas de tratamento de residuos, que pasen por fomentar a reciclaxe e reducir a incineración. O Parlamento de Galicia celebrou unha sesión sobre a cuestión a mediados do mes de novembro na que, ademais de constatare as diferenzas entre Goberno e oposición na materia, se acordou unanimemente que o tratamento de residuos necesita dun acordo político que antepoña os intereses cidadáns ás diferenzas partidistas.

Un terceiro tema político, que acabará por ter gran relevancia institucional chegado o caso, foi o da eventual creación dunha *policía autónoma galega*, asunto respecto do cal se produciron decisións diverxentes ao longo do ano. En outubro, e apenas un mes despois da súa toma de posesión, o novo conselleiro de Xustiza, Interior e Relacións Laborais declaraba ao diario *La Voz de Galicia* que o «gran desafío» de Galicia era a creación dunha policía propia, cuxo proxecto podería quedar pechado na actual lexislatura. Moi pouco tempo despois, non obstante, a propia Xunta decidía conxelar o seu modelo de policía en tanto as Cortes xerais non emitisen un pronunciamento ao respecto que estaba entón pendente. Tal pronunciamento chegou, en efecto, no mes de decembro, xa case finalizado o ano, cando o Congreso dos Deputados, a través da súa Comisión de Xustiza e Interior, rectificou o seu informe inicial e deixou vía libre para a creación da Policía galega. Xa iniciado o ano 2000, os medios de comunicación galegos daban conta de novo de que a Xunta preparaba o marco legal que daría lugar á creación dunha policía autónoma galega, norma que, segundo as previsións oficiais, deberá ser aprobada polo Parlamento de Galicia ao longo do propio ano 2000.

O último dos temas de debate político e institucional que ha de subliñarse, na nosa opinión, como tema relevante durante 1999 é o *debate demográfico*, respecto do cal foron constantes os pronunciamentos de líderes sociais e políticos, sobre todo da Xunta de Galicia, denunciando o gravísimo perigo que as escandalosamente baixas taxas de natalidade poden ter para o futuro de Galicia, Comunidade que presenta o menor saldo vexetativo de España. En outubro, a conselleira de Familia, ao mesmo tempo que anunciaba as axudas a familias numerosas e a partos múltiples que se incluírían nos orzamentos de Galicia 2000, asumía publicamente a necesidade de incentivar a natalidade. Tamén o presidente da Xunta manifestaba, con ocasión dos actos do Día de Galicia, que a baixa natalidade era unha ameaza «para a extinción da nosa herdanza biolóxica», preocupación que exteriorizaba igualmente o conselleiro de Educación ao considerar «realmente preocupante» o descenso de alumnos no ano 2000. Algúns datos, contidos en diversos informes aparecidos nos medios de comunicación galegos en 1999, explican ben ás claras esta preocupación dos responsables públicos máis directamente relacionados coa cuestión: o de que as aulas galegas perderían máis de 150.000 escolares nos últimos dez anos; o de que a natalidade caería en Galicia un 53% desde 1980 e a mortalidade aumentaría 17 puntos; o de que o retroceso demográfico faría descender a poboación galega a un ritmo de catro mil habitantes ao ano ata o 2005; ou, en fin, o de que noventa municipios perderían a metade da poboación de aquí ao ano 2010.

Os resultados das eleccións municipais do 13 de xuño e os pactos postelectorais

As eleccións municipais do 13 de xuño foron en Galicia moito máis relevantes polos seus resultados *políticos* que polos seus resultados *estritamente electorais*, dato este que constitúe, desde o noso punto de vista, o feito máis rechamante e destacable do proceso electoral e o que, consecuentemente, debe ser obxecto de mínima análise a continuación. En efecto, tras as eleccións municipais de 1995 o PP conseguira mellorar as súas posicións previas nos concellos galegos e alzárase cuns resultados verdadeiramente excepcionais: os seus 757.025 sufraxios (o 46,8%) dábanlle 2229 concelleiros, o que deixaba o PP a gran distancia tanto do PSdeG (421.771 sufraxios [26,7%] e 951 concelleiros) coma do BNG (208.152 sufraxios [13,1%] e 426 concelleiros). O PP obtiña, ademais, maioría

absoluta en 212 municipios (o 68% do total dos galegos) e conseguía 230 alcaldías, fronte ás 54 do PSdeG e ás 13 do BNG, o que lle permitía controlar as catro deputacións provinciais de Galicia. Finalmente, nas sete cidades da Comunidade (as catro capitais de provincia e mais Santiago, Ferrol e Vigo) melloraba o PP de forma substancial as súas posicións previas: se antes de 1995 soamente gobernaba en Lugo e Pontevedra (o PSdeG facíao en todas as demais: na Coruña e Santiago con maioría absoluta; e en Ourense, Ferrol e Vigo con maioría relativa), despois das municipais de 1995 o PP pasaba a gobernar cinco grandes cidades (Lugo, Ourense e Vigo con maioría absoluta, e Ferrol e Pontevedra con maioría relativa), conservando o PSdeG as alcaldías de Santiago e A Coruña, aínda perdendo a maioría absoluta na primeira das dúas.

Este era, en esencia, e exposto dunha forma resumida, o panorama vixente antes das municipais do 13 de xuño de 1999, eleccións cuxos datos electorais agregados non dan idea do cambio extraordinario que estas significaron no panorama político galego. Certamente, o PP volve gañar de forma neta, cun volume de votos que descende moi lixeiramente respecto a 1995 (709.870 sufraxios, o 45,4%) e colócase a gran distancia dos partidos da oposición: o PSdeG obtén 394.941 sufraxios (o 25,2%) e o BNG 290.092 (o 18,1%). O PP consegue, ademais, 216 maiorías absolutas, fronte a 32 do PSdeG e 6 do BNG, e álzase, finalmente, coa alcaldía en 226 municipios, moitísimos máis que aqueles nos que a conseguen o PSdeG (59) ou o BNG (11). Non obstante, estes datos agregados non reflicten o feito de que o PP vai descender (nalgúns casos lixeiramente nada máis) electoralmente nas sete grandes cidades de Galicia. De feito, malia ser primeira forza en todas elas, agás na Coruña, tal descenso impedíralle ao PP obter a maioría absoluta en cinco das seis, é dicir, en todas menos Ourense: non terá, así, o PP tal maioría onde xa non a tiña (Santiago, gobernada polo PSdeG, e Pontevedra e Ferrol, gobernadas polo PP) e perderaa alí onde gozaba desta (Lugo e Vigo). O resultado final de todo iso é que, tras os pactos da oposición aos que agora mesmo nos referiremos, o Partido Popular pasou de gobernar cinco das sete cidades de Galicia (Lugo, Pontevedra, Ourense, Vigo e Ferrol) a gobernar tan só Ourense.

E é que, aínda que os dous partidos da oposición –o PSdeG e o BNG– non quixeran ou puideron pechar un acordo de apoio mutuo tras as eleccións, de forma previa a estas, tal acordo concluíuse case de inmediato, unha vez coñecidos os resultados electorais: segundo o pacto entre socialistas e nacionalistas, os concelleiros dunha e outra formación comprometíanse a apoiar o candidato a alcalde da forza máis votada en todos aqueles municipios nos que sumados os seus concelleiros se alcanzase a maioría suficiente para gobernar conxuntamente. Ademais das alcaldías dalgunhas cidades de tamaño medio, nas que tamén o PP inflexionou á baixa o suficiente como para perder ou, no seu caso, non ser capaz de alcanzar, a maioría absoluta, iso trouxo como consecuencia que, finalmente, o PSdeG e o BNG repartisen as alcaldías de cinco das sete grandes cidades galegas: Ferrol, Vigo e Pontevedra, que elixirían alcaldes do BNG, e Santiago e Lugo, que os elixirían do PSdeG. Iso –non é necesario insistir na cuestión– suporá un cambio substancial do mapa local galego, dado o peso demográfico e económico desas cidades, ás que debe engadirse a da Coruña, gobernada polo PSdeG con maioría absoluta, no conxunto de Galicia.

Os pactos referidos teñen ademais unha significación engadida que non debe deixar de subliñarse, na medida en que poderían ser, eventualmente, o xerme dunha futura maioría alternativa á que goberna actualmente en Galicia. Nese sentido, o certo é que o grao de cohesión das maiorías nas cidades gobernadas pola coalición PSdeG-BNG non é hoxe a mesma, nin a evolución dos pactos foi similar: pecháronse pronto e sen apenas problemas en todas as cidades agás en Vigo, onde houbo que esperar varios meses ata a conclusión final dun pacto de gobernabilidade. E funcionaron de forma estable en tres das cinco cidades (Ferrol, Lugo e Santiago), mentres que nas dúas do sur xeraron moi serios problemas: os conflitos entre os socios foron constantes en Vigo, onde o PSdeG dei-

xou só o grupo maioritario da coalición en varias votacións, e en Pontevedra, onde o pacto está virtualmente roto no momento en que se redacta este capítulo.

A vida política partidista

Como resulta doado de entender, a vida interna dos tres principais partidos galegos estivo influída durante o ano 1999 polas eleccións municipais ás que acabamos de referirnos –influencia que se puxo de relevo desde os momentos iniciais do proceso de selección de listas ata os finais das súas consecuencias políticas tras os resultados dos comicios e os pactos postelectorais–, aínda que, como trataremos de explicar a continuación, tales acontecementos tiveron influencias diversas en cada un dos tres.

Na vida política interna do *Partido Popular* foron, de feito, decisivos os diversos episodios relacionados co proceso electoral de xuño, comezando polo da elaboración das candidaturas, episodio que se saldou co relevo dalgúns destacados dirixentes locais, como o ata entón alcalde de Vigo ou o que viñera sendo candidato nas últimas convocatorias municipais á alcaldía coruñesa: tanto un relevo como o outro tiveron que ver, tamén, aínda que non só, con previos conflitos internos polo control orgánico das provincias respectivas. En todo caso, ía ser o resultado electoral, xa analizado, e máis aínda, as súas negativas consecuencias para o PP tras o peche dos pactos locais entre os dous partidos da oposición, o condicionante fundamental do grande acontecemento na vida do partido durante o ano 1999: o seu congreso de outubro. Anunciado xa polo presidente da Xunta a finais de xuño, é dicir, poucos días despois das eleccións, como un congreso de renovación, o propio presidente avanzaría algunhas das súas ideas ao respecto un mes despois, nunha longa entrevista concedida ao diario *La Voz de Galicia*, publicada o día 30 de xullo, na que, entre outras cousas, anunciaba xa: «É bo que o secretario xeral estea dedicado en exclusiva ao partido». Iso supoñía unha clara expectativa de cambio, toda vez que o posto viñera sendo desempeñado nos últimos anos por Xosé Cuiña, conselleiro de Ordenación do Territorio e, para moitos, delfín do presidente. O relevo ía producirse, non obstante, xa antes do congreso do partido: a finais de agosto Cuiña dimite como secretario xeral e a dirección do PP de Galicia designa no seu lugar a Xesús Palmou, ata a data conselleiro de Xustiza e home desvinculado das diversas familias do partido. Solucionado, pois, o tema da Secretaría Xeral, o VI Congreso do PP, que se celebra no mes de outubro, vai achegar como novidade fundamental a creación dun chamado Comité de Dirección, concibido como un órgano de xestión e coordinación das tarefas ordinarias do partido, que actuará baixo as directrices do Comité Executivo, e cuxa principal dimensión política consistirá no feito de que nel non estarán presentes os principais baróns do partido, que seguirán, porén, controlando as súas parcelas de poder interno no Comité Executivo do partido. O congreso non nomeou finalmente un vicepresidente do partido, expectativa que os medios de comunicación mantiveron aberta ata uns días antes da súa celebración, nin achegou tampouco ningunha pista sobre un dos grandes temas aprazados no PP desde hai varios anos: o da eventual sucesión de Manuel Fraga como candidato á Presidencia da Xunta de Galicia.

Moito menores foron as novidades no relativo á vida política interna dos dous grandes partidos da oposición. O *Bloque Nacionalista Galego*, para o que as eleccións municipais supuxeron un novo paso no seu proceso de fortalecemento institucional e electoral, continuou a súa tónica xeral de *aggiornamento* desde o punto de vista do seu discurso político-ideolóxico e a súa busca de aliados, tanto internos como externos: desde a primeira perspectiva, o dato máis relevante do ano foi, sen dúbida, o do seu pacto local co Partido Socialista, que lle permitiu acceder a importantes alcaldías e que abriu unha vía de colaboración susceptible de proxectarse eventualmente cara ao futuro; desde a perspectiva externa, o BNG mantivo os seus contactos con CiU e o PNV e a súa entente nacida da chamada «Declaración de Barcelona», cuxas consecuencias se estenderon ata o acordo de incluír un conxunto

de medidas pactadas entre as tres forzas nos seus respectivos programas para as próximas eleccións xerais. Ademais diso, o nacionalismo afirmou tamén a súa vontade de abrir unha nova fronte de colaboración, ao manifestar varios dos seus líderes a disposición do BNG a apoiar unha eventual investidura de Joaquín Almunia como candidato socialista á Presidencia do Goberno.

O *Partido dos Socialistas de Galicia* foi capaz, pola súa parte, de manter a súa paz interna, tras moito tempo de conflitos, paz só alterada de xeito momentáneo con ocasión do peche dos pactos co BNG, que os sectores do partido vinculados ao alcalde da Coruña non apoiaron, e con ocasión da elaboración das listas para as eleccións xerais de 2000, nas que non renovaron a súa candidatura algúns importantes líderes históricos, a consecuencia da aplicación das previsións contidas no Regulamento de incompatibilidades aprobado pola dirección federal do Partido Socialista Obreiro Español. Polo demais, o PSdeG iniciou en 1999 un proceso de recuperación electoral relativa, ao ser capaz de manterse como primeira forza da oposición nas eleccións municipais e de restaurar a súa primacía no seo da esquerda galega. En todo caso, só as eleccións do 12 de marzo achegarán un novo dato significativo sobre a evolución do *tour de force* que BNG e PSdeG veñen mantendo pola hexemonía da oposición, *tour de force* que é hoxe un elemento esencial da política galega, marcada de forma decisiva polo feito de que os dous partidos que están en condicións de forzar no futuro a alternancia estean, ao mesmo tempo, e en boa medida, condenados a competir entre si electoralmente.

CAPÍTULO XIV

ANO 2000

1. Introducción: liñas xerais

O ano 2000, último da V lexislatura do Parlamento de Galicia, presentou unha peculiaridade que o distingue con claridade de todos os demais que remataron conformándoa. A vida política e institucional na Comunidade Autónoma galega discorreu ata o comezo do outono pola senda xa ben coñecida da estabilidade institucional e a atonía política, unha e outra derivadas da extraordinaria fortaleza do partido sobre o que se veu sostendo parlamentariamente no último decenio a Xunta de Galicia, o Popular –partido que lograba obter nas eleccións autonómicas de 1997 ata 42 dos 75 escanos da Cámara–, e da correlativa debilidade dunha oposición que apenas conseguía, ao longo todo o período quadrienal que aquelas eleccións inauguran, oportunidades substanciais para abrir un espazo real de competencia entre maioría e minorías. Boa proba diso serán os barómetros trimestrais publicados polo máis importante xornal galego (*La Voz de Galicia*), que poñerán de relevo un apreciable, aínda que non fundamental, cambio na tendencia de intención de voto cara ao PP antes e despois desa mencionada fronteira do outono: no barómetro da primavera do ano 2000 a previsión de voto directo cara ao partido que conforma a maioría parlamentario-governamental era do 35,4% –moi similar á do inverno de 1999 (35,8%) e só lixeiramente inferior á do outono dese ano (36,5%)–, porcentaxe, a da primavera, que experimentará mesmo unha inflexión á alza no barómetro posterior, o do verán, no que afirman que votarían ao Partido Popular o 37,1% dos entrevistados. Esa tendencia á estabilidade, e aínda ao crecemento, quebraríase, non obstante, segundo o barómetro citado, despois do outono de 2000, momento en que os datos de enquisa amosan unha inflexión á baixa da intención de voto cara ao PP, do 34,8% no barómetro de outono, intención que diminuirá aínda ata o 34,1% no de inverno.

Aínda que se trata, claro, unicamente de datos de sondaxe, que, como tales, deben ser tomados con todas as prevencións necesarias, aínda máis na medida en que esa diminución porcentual da intención de voto cara ao PP non se traduce nun aumento da que presentan o BNG (que tamén baixa) ou o PSdeG (que ascende só de forma lixeirísima), o certo é que os datos referidos poderían ser indicativos dun cambio da situación de atonía política en Galicia que, iniciado a finais de verán, vai ir facéndose máis palpable a medida que transcorren as semanas do outono. Tres circunstancias

poderían contribuír a favorecer ese citado cambio de tendencia: en primeiro lugar, unha situación meteorolóxica dunha inestabilidade extrema, caracterizada por unha sucesión case ininterrompida de fortes temporais de chuva e vento ao longo dos meses de outubro, novembro e decembro, que acabaron dando lugar a un dos peores outonos, climatoloxicamente falando, de todo o século XX. Os temporais foron a causa de problemas moi diversos (inundacións, deterioración do funcionamento dos sistemas de comunicacións, danos nas infraestruturas viaria e ferroviaria, avarías nas redes telefónica e eléctrica, perdas económicas nos sectores comercial, agrícola ou turístico, etc.), pero afectaron de xeito moi substancial a un dos sectores estratéxicos da economía de Galicia, o pesqueiro, ao obrigar a un amarre da frota que acabou por colocar nunha situación dificilísima os milleiros de traballadores e familias que viven –directa ou indirectamente– da pesca e o marisqueo. Esta situación agravarase como consecuencia da segunda das tres circunstancias antes apuntadas: as dificultades, primeiro, e a suspensión, despois, xa a mediados de decembro, das conversacións entre o comisario de Pesca da Unión e o Goberno de Rabat destinadas á renovación do acordo pesqueiro entre a UE e Marrocos. Un acordo que viña permitindo traballar no banco sahariano 130 buques da frota galega, xeradores de case 2000 empregos directos e de 10.000 empregos industriais. As negociacións seguen suspendidas cando se escriben estas páxinas, a finais de xaneiro do ano 2001.

Será, en todo caso, a terceira das circunstancias salientadas a que, sen ningún xénero de dúbidas, rematará por producir peores consecuencias na marcha da economía galega, ao afectar a outro dos seus sectores estratéxicos, o gandeiro, e por xerar o que, sen exaxeracións, podería definirse como unha auténtica catástrofe económica e social: referímonos, obviamente, á crise popularmente coñecida como «das vacas *tolas*». Para ter unha idea próxima do que significou para a economía e a sociedade galegas o descubrimento de que existen no gando bovino do país vacas afectadas pola denominada síndrome da encefalopatía esponxiforme bovina, é suficiente con apuntar que o conxunto de gando bovino sumaba en Galicia en decembro de 1999, segundo os datos do censo oficial do Ministerio de Agricultura, un total de 1.056.625 reses –o segundo en España, só por detrás do castelán-leonés–, que supoñían o 17% do total do gando bovino nacional. Máis alá das súas estritas consecuencias económicas, a crise das vacas *tolas* traducíuse en Galicia, ao igual que no resto de España, pero en maior medida se cabe que en moitas das rexións que a forman, nun aumento do pesimismo social sobre o futuro, cuxas consecuencias no ámbito político son hoxe en día aínda moi difíciles de prever. As eleccións autonómicas do ano 2001, que haberán de celebrarse na primeira quincena do mes de outubro, permitirannos coñecer se ese pesimismo, hoxe ben palpable, cristaliza no futuro e se, en tal caso, chega a ter unha tradución política no concreto ámbito da competición interpartidista.

2. O exercicio das competencias legislativas

O ano 2000 foi, desde a perspectiva da produción legislativa, un ano de marcada continuidade cos dous previos da V lexislatura do Parlamento de Galicia. Ao igual que en 1998 e en 1999, a acción legislativa foi en 2000, cuantitativa e cualitativamente, moi pouco significativa: aprobáronse un total de cinco leis (fronte ás sete de 1998 e ás oito de 1999), pero, como a continuación se explicará, case todas elas tiveron unha intensidade reducida desde o punto de vista do seu impacto renovador sobre o ordenamento xurídico autonómico. Dúas desas normas foron as de contido orzamentario: a 4/2000 e 5/2000, do 27 e 28 de decembro, que, respectivamente, proceden a aprobar os orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2001 e a dispoñer diversas medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo. En todo caso, xunto á Lei de orzamento e a de *acompañamento*, outras dúas máis das cinco antes citadas presentan tamén unha significación moi limitada na súa dimensión de innovación legislativa: trátase da Lei 1/2000, do 10 de xullo, pola que se refunde a nor-

mativa existente en materias de cámaras agrarias, e da 2/2000, do 21 de decembro, pola que se crea a escala de axentes facultativos ambientais de Xunta de Galicia.

A última de todas as ata agora referidas, a 2/2000, procede a crear, ao abeiro do previsto na Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, dentro do corpo de axudantes facultativos da Xunta, grupo C, a súa escala de axentes facultativos ambientais. A norma limitábase a fixar a titulación requirida para o ingreso en tal escala e as súas funcións: a custodia e protección da riqueza forestal e dos ecosistemas naturais, a participación nas tarefas de defensa e prevención de incendios forestais, a custodia e protección dos espazos naturais, a execución e coordinación de traballos e adopción de medidas que se precisen para a prestación dos servizos de custodia da riqueza forestal e ambiental, ademais de calquera outra que regulamentariamente puidese chegar a encomendárselle. En canto á Lei 1/2000, norma que, en plena coherencia coa súa natureza sistematizadora, procede a derrogar as 4/1984, do 4 de maio, 2/1994, do 18 de xullo, e 8/1996, do 17 de outubro, todas en materia de cámaras agrarias, dispón o réxime xurídico que será aplicable ás existentes en Galicia, centrándose, por unha parte, nas súas funcións, e, por outra, no procedemento electoral que ha de seguirse para a elección dos seus membros e no destinado á constitución dos órganos de goberno das cámaras. A lei defínenas, a tal respecto, como corporacións de dereito público dotadas de personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, que han de rexerse na súa estrutura e funcionamento por principios democráticos e que gozan de autonomía para a xestión dos seus intereses e dos recursos que lles son propios, exercendo as funcións e servizos que determina a propia lei. Tras iso, procede a nova normativa refundida a sistematizar detalladamente as súas funcións: destacan entre elas as de actuar como órganos consultivos das administracións públicas en materia agraria, participar nos organismos públicos ou órganos colexiados das administracións públicas en cuxa composición así se prevexa, administrar os seus recursos propios e o seu patrimonio, e todas as que nelas poida delegar a Administración autonómica. A lei fixa, así mesmo, o réxime regulador dos órganos de goberno e administración das cámaras e determina o seu réxime económico e contable. Pero onde a normativa refundida se estenderá con gran detalle e minuciosidade será no relativo ao réxime electoral aplicable ás eleccións para a constitución das cámaras agrarias, determinando os que poderán ser para tal efecto electores e elixibles, cá será o réxime da Administración electoral, e cales o censo electoral, o procedemento e o financiamento electoral, as axudas de custo dos membros da Administración electoral e o sistema aplicable ás referidas eleccións.

Así as cousas, tan só unha das cinco leis aprobadas ao longo do ano 2000 polo Parlamento de Galicia terá, de feito, auténtica transcendencia normativa substantiva. E iso non unicamente polo seu carácter xuridicamente innovador, ao ir referida a unha materia que ata a data non fora obxecto de normación autonómica, senón por afectar, ademais, a un sector de actividade cuxa importancia resulta na actualidade, en si mesmo, indiscutible: o do voluntariado. A Lei 3/2000, do 22 de decembro, do voluntariado de Galicia é presentada polo lexislador autonómico como unha norma destinada, dun lado, a regular, promover e fomentar a participación solidaria dos cidadáns en actuacións organizadas de voluntariado por medio de entidades públicas ou privadas, estables e democráticas, sen ánimo de lucro; e, doutro lado, a ordenar as relacións entre as administracións públicas e as devanditas entidades de cara ao logro dos fins sinalados. O propio lexislador autonómico detalla, na exposición de motivos da norma, os eixes básicos nos que se fundamenta a regulación contida na Lei do voluntariado de Galicia: entre outros, os de garantir a liberdade do traballo voluntario fronte aos obstáculos que puidesen opoñérselle; superar o concepto tradicional do voluntario, asimilado moitas veces ao ámbito puramente asistencial, para abranguer outros campos da acción cidadá, como o ocio, a cultura, o deporte, o servizo sanitario ou a defensa do ambiente; superar unha concepción do voluntariado centrada na acción illada e individual do voluntario, para recon-

ducilo cara a entidades estables e democráticas con capacidade para canalizar o esforzo dos voluntarios dunha forma colectiva que garanta a súa eficacia; deslindar o traballo voluntario de calquera forma retribuída de servizos, sen que poidan cubrirse con persoal voluntario postos de traballo que han de ser cubertos con persoal asalariado; e, finalmente, deslindar o traballo voluntario do asalariado, partindo do principio de complementariedade do voluntariado. Para todos os efectos salientados, a norma organizase internamente sobre a base de oito capítulos: o primeiro fixa o obxecto e ámbito de aplicación da lei, define xuridicamente o voluntariado e regula as áreas de interese xeral, así como os principios básicos polos que deben rexerse as súas actuacións. O segundo céntrase nas entidades de acción voluntaria e nas súas relacións coas persoas voluntarias. E o terceiro, no Estatuto do voluntariado, que establece un concepto amplo a tal respecto que permite a participación de todos os cidadáns cando de forma libre e voluntaria se ocupen en realizar actividades de interese xeral para a comunidade. O capítulo cuarto, que se ocupa da promoción e fomento do voluntariado, establece as competencias da Xunta de Galicia e das corporacións locais na materia, para os efectos de facer efectiva unha política de fomento da actividade voluntaria e de participación dos cidadáns. O quinto procede a crear un denominado Servizo Galego de Voluntariado, concibido como un organismo especializado na materia ao que se lle encomenda a elaboración e o seguimento do chamado Plan galego de fomento e promoción da acción voluntaria e a xestión do sistema de rexistro autonómico de entidades voluntarias. O capítulo sexto regula o Consello Galego do Voluntariado, na súa calidade de órgano consultivo e asesor, adscrito á consellaría con competencias en materia de Administración local. O sétimo, a denominada Comisión de Arbitraje, como instrumento de protección e defensa das partes que levan a cabo actuacións de voluntariado. E o oitavo, e último, regula, en fin, o Rexistro de entidades de voluntariado, rexistro no que haberá de procederse á inscrición das entidades de voluntariado, para que estas poidan acollerse ás axudas previstas na lei. O texto aprobouse no Parlamento de Galicia co voto en contra da oposición nacionalista e socialista: o BNG puxo de relevo que se trataba «dunha ferramenta caciquil», que permitiría ás administracións locais «distribuír os fondos de xeito clientelar». O PSdeG lamentou, pola súa banda, a oportunidade perdida para elaborar un texto de consenso nun tema de tanta transcendencia social como o do voluntariado.

3. A actividade regulamentaria

Aínda que a actividade regulamentaria da Xunta de Galicia ao longo de 2000 afectou a moi diversos sectores de actividade, o contido das normas máis significativas que se ditaron durante o período anual demostra unha recuperación de ámbitos materiais tradicionalmente relevantes na acción normativa da Xunta de Galicia (os da sanidade, a agricultura ou a pesca), que o pasado ano perderan protagonismo no conxunto, así como a emerxencia doutros novidosos, de entre os que cabería destacar o do consumo ou o da protección civil. En todo caso, e antes de pasar a agrupar segundo un criterio material o total as correspondentes normas regulamentarias, agrupación que persegue unha mellor comprensión das prioridades da acción normativa do Goberno, mencionaremos que un estudo, digamos transversal, de todas elas pon de relevo a transcendencia que a Xunta concedeu no ano 2000 a dous tipos de accións normativas. Por unha parte, a consistente en levar a cabo a refundición nunha norma de regulacións dispersas nunha pluralidade de textos normativos precedentes: ademais da lei, xa mencionada, que refunde a normativa existente en materia de cámaras agrarias, responden tamén a este obxectivo os decretos polos que se procede a refundir a normativa vixente en materia de familia, infancia e adolescencia; de xuventude; e de coordinación de policía locais. Por outra parte, a acción normativa que se concretou na aprobación dos respectivos regulamentos executivos dunha lei: é o caso dos decretos que procederon a aprobar os regulamentos do imposto sobre a contaminación atmosférica; de desenvolvemento e execución da Lei de acce-

sibilidade e supresión de barreiras; do Rexistro de establecementos industriais; da Lei do Consello da Cultura Galega; e, por último, de capacitación agraria. Retomaremos xa, pois, a clasificación á que liñas máis arriba se facía referencia e procederemos seguidamente a agrupar por afinidades materiais as diversas normas regulamentarias aprobadas entre xaneiro e decembro de 2000 pola Xunta de Galicia:

- a) O bloque máis numeroso é o referido á *política social e de protección da familia*, bloque este case sempre significativo, como xa se sinalou, tanto cuantitativa como cualitativamente, dentro da acción regulamentaria da Xunta, no que deben incluírse os decretos 35/2000, polo que se aproba o Regulamento de execución e desenvolvemento da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras; 42/2000, polo que se refunde a normativa reguladora vixente en materia de familia, infancia e adolescencia; 50/2000, polo que se refunde e actualiza a normativa vixente en materia de xuventude; e 176/2000, polo que se regula o programa de atención ás persoas maiores dependentes a través do cheque asistencial. Debe tamén por último incluírse dentro deste bloque a Orde do 18 de agosto de 2000, pola que se aproba o Estatuto básico dos centros de servizos sociais.
- b) As normas aprobadas en materia de *agricultura e pesca*, sectores económicos fortemente golpeados por adversas circunstancias naturais e/ou políticas ao longo sobre todo da segunda metade do ano, constitúen tamén un bloque claramente definido. Deben incluírse, dentro deste sector de actividade, o Decreto 210/2000, polo que se regulan as certificacións profesionais para a extracción de recursos pesqueiros con técnicas de mergullo; e o 247/2000, polo que se aproba o Regulamento de capacitación agraria. Tamén a Orde do 5 de setembro de 2000, pola que se regulan os plans de reestruturación e reconversión do viñado.
- c) A problemática do *consumo alimentario* ocupou a primeira actualidade durante o 2000 na Comunidade Autónoma galega a consecuencia, sobre todo, dos catastróficos efectos que para este acabou por ter a encefalopatía esponxiforme que afectou ao gando bovino. Aínda que o ano 2000 estaba xa moi avanzado cando a declaración dos primeiros casos da enfermidade empezou a mostrar o grave panorama que se lles presentaba ás autoridades responsables, o que quizais poida explicar a non aprobación ao longo de 2000 de ningunha norma destinada especificamente a facer fronte ás consecuencias dun mal que non comezou a diagnosticarse ata avanzado xa o outono, a Xunta aprobaría, en todo caso, varias disposicións relativas a materias de consumo alimentario: os decretos 343/1999, polo que se crea o órgano autonómico de coordinación de plans de investigación e control de determinadas substancias, os seus residuos en animais e os seus produtos con destino ao consumo humano; 14/2000, de autorización de laboratorios para a realización de determinados ensaios de control de produtos alimenticios relacionados co consumo humano; e 286/2000, polo que crea o Consello Galego de Seguridade Alimentaria.
- d) O sector de actividade da *protección civil*, novidoso como poucos, presentou tamén unha importancia sobresaínte dentro da acción normativa da Xunta, que impulsou ademais a aprobación polo Parlamento de Galicia dunha norma lexislativa, a Lei do voluntariado, xa analizada no seu momento, que, en diferentes dimensións, conecta con claridade coas cuestións relativas á protección civil, actividade desenvolvida en boa medida por persoal de tipo voluntario. Deben ser incluídos neste bloque os decretos 56/2000, polo que se regula a planificación, as medidas de coordinación e a actuación de voluntarios, agrupacións de voluntarios e entidades colaboradoras en materia de protección civil; e 277/2000, polo que se designan os órganos autonómicos competentes en materia de control dos riscos inherentes aos accidentes graves nos que interveñan substancias perigosas.

- e) En materia de *sanidade* procedeu a aprobar a Xunta un total de tres decretos: o 177/2000, polo que se regula a creación e autorización dos comités de ética asistencial; o 240/2000, polo que se regula a declaración de zonas de baño habilitadas no territorio da Comunidade; e o 252/2000, polo que se regulan os laboratorios clínicos.
- f) O sector de actividade da *industria e o comercio* foi obxecto tamén da acción regulamentaria do Goberno, que aprobou os decretos 342/1999, sobre horarios, quendas de urxencia e vacacións das oficinas de farmacia; e 115/2000, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro de establecementos industriais.
- g) Forman un último bloque material de carácter uniforme os decretos aprobados pola Xunta de Galicia en materia *fiscal*: trátase dos números 29/2000, polo que se aproba o Regulamento do imposto sobre a contaminación atmosférica; 51/2000, polo que se establece a organización recadatoria da Xunta de Galicia e o Estatuto dos recadadores de zona; e, por último, 287/2000, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas.
- h) Os restantes decretos que tivemos en conta céntranse en sectores materiais en cada caso diferentes, polo que todos eles, xa para rematar, se incluírán nun último bloque de natureza residual: trátase do número 9/2000, polo que se regulan as iniciativas de emprego e as súas clases, así como o procedemento para á súa cualificación e inscrición rexistral, en materia de *emprego*; o 80/2000, polo que se regulan os plans e proxectos territoriais de incidencia supramunicipal, en materia de *organización territorial*; o 204/2000, polo que se refunde a normativa vixente en materia de coordinación de policía locais, no ámbito de *policías*; o 237/2000, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Consello da Cultura Galega, en materia de *cultura*; e, finalmente, o 241/2000, polo que se regula o procedemento sancionador aplicable ás caixas de aforros, en materia de *caixas*.

4. O proceso de transferencias e as relacións de conflito e colaboración con outras instancias

- 1) No ámbito do *proceso de transferencias*, a Xunta de Galicia limitouse ao longo do ano 2000 a aprobar o Decreto 1/2000, do 7 de xaneiro, da Consellería de Presidencia e Administración Pública, polo que a Xunta asume a ampliación dos medios que fora previamente efectuada en virtude do Real decreto 1838/1999, do 3 de decembro (DOG n.º 249, do 28 de decembro de 1999), medios adscritos aos servizos traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia polo Real decreto 1763/1982, do 24 de xullo, en materia de educación. O referido decreto da Xunta asígnaos á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (DOG n.º 5, do 10 de xaneiro de 2000). Ademais diso, a Comisión Mixta de Transferencias comezou en novembro os traballos destinados á negociación do traspaso dos servizos de formación e emprego do Instituto Social da Mariña (ISM), traspaso que culminaría un período de transferencias que veu sendo moi intenso desde comezos da última década do século: tres transferencias no período 1990-1993, 33 no período 1994-1997 e 13, finalmente, no período 1997-1999.
- 2) En materia de *conflitos*, o máis relevante foi a sentenza ditada polo Tribunal Supremo a comezos de outubro que, confirmando outra do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de 1994, declara de uso obrigatorio por parte das autoridades locais coruñesas o topónimo oficial de «A Coruña», aprobado polas Cortes xerais, en lugar do de «La Coruña», que a corporación municipal viña utilizando mesmo tras ditarse a sentenza de 1994. O pronunciamiento do Supremo desestima o recurso de casación interposto polo concello coruñés con-

tra a sentenza xa citada do Tribunal Superior, que, a impulso da chamada Mesa pola Normalización Lingüística, o instaba a empregar na documentación oficial o topónimo legalmente establecido. O Tribunal Supremo recordaba na súa sentenza que o Estatuto de autonomía para Galicia e a propia Lei de normalización lingüística aprobada polo Parlamento autonómico definen o galego como «a lingua propia de Galicia» e que os topónimos «teñen como única forma oficial a galega, correspondendo á Xunta a determinación dos nomes oficiais dos municipios, que serán os legais para todos os efectos». A partir de tal principio, o Supremo insta o Concello a redactar en galego «a convocatoria de sesións, as ordes do día, as mocións, as proposicións de acordos, os ditames das comisións informativas e as actas», sen prexuízo de que «ademais» puidese empregarse o castelán en toda a documentación do Goberno municipal.

- 3) Finalmente, e na esfera da *cooperación*, deben destacarse novamente, como xa se fixo no capítulo anterior, os traballos destinados á consecución do chamado «pacto local», traballos que no 2000 estiveron practicamente conxelados ata moi avanzado o ano. Antes de que as conversacións para o pacto fosen, en todo caso, retomadas, a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) ía expresar en maio, por boca do seu voceiro, o alcalde de Ourense, a reivindicación de que os concellos deberían gañar espazos de autonomía financeira respecto da Xunta de Galicia. Para tal efecto, a Fegamp solicitaba a inclusión nos orzamentos xerais da Comunidade para o ano 2001 dunha partida económica «non finalista dedicada aos concellos», cuxo destino puidese ser decidido polas propias corporacións locais. Aínda que a Xunta anunciou, a finais de outubro, que lle propoñería á Fegamp un fondo non finalista que roldaría previsiblemente os 5000 millóns de pesetas, moitos menos dos que a oposición nacionalista (14.000 millóns) e socialista (20.000 millóns) solicitara no seo da propia Fegamp, tal fondo non foi finalmente incluído na norma orzamentaria, argumentando a Xunta que se incorporaría unha cantidade similar á inicialmente prevista a través das axudas do Fondo de Cooperación Local. O episodio xerou unha profunda división interna na Fegamp, un de cuxos partidos, o BNG, acusou outro dos seus membros, o PP, de romper a unidade da propia Federación para favorecer a política da Xunta. Pero, malia iso, a Xunta anunciaba a mediados de novembro a súa vontade de definir no prazo dun mes as primeiras propostas para negociar o pacto local, propostas que incluírían, segundo a Xunta, a transferencia ou delegación aos concellos de competencias en diversos ámbitos: un primeiro paquete iría referido ao traspaso de centros de servizos sociais. Días máis tarde, os medios de comunicación daban conta dunha reunión da Comisión Galega de Cooperación Local, na que ademais de dárselle o visto e prace a un fondo de cooperación de 5300 millóns de pesetas para o ano 2001, segundo as previsións antes referidas da Xunta, o Goberno galego informaba de que os concellos poderían asumir a curto prazo as transferencias de centros de servizos sociais, residencias da terceira idade, casas do mar e xuventude e gardarías, ademais da delegación por parte da Xunta das competencias previstas na Lei de ordenación do turismo. Finalmente, e xa a mediados de decembro, o Consello da Xunta procedía a analizar nunha das súas reunións un primeiro informe coas transferencias propostas polo Executivo autonómico no ámbito do pacto local: entre elas, o informe aludía aos centros de servizos sociais e residencias da terceira idade e ao control de horarios en establecementos públicos.

5. Trazos fundamentais da vida política e institucional galega

Como xa se subliñaba ao inicio destas páxinas, o gran tema do ano 2000 será en Galicia, sen ningún xénero de dúbidas, o do comezo do pesadelo económico e social derivado da declaración de casos

do mal das chamadas «vacas tolas». De calquera xeito, ás alturas en que este capítulo se conclúe pouco máis se pode sinalar respecto a este do que se apuntou xa ao principio: só que a Xunta, tras as primeiras medidas de choque para facer fronte aos problemas derivados da aparición de reses afectadas pola enfermidade, adoptou a finais de novembro un plan especial, que, complementando as actuacións en materia de inspección previamente acordadas, incluía, entre outras medidas, o investimento anual de máis de cincocentos millóns de pesetas na contratación de 43 veterinarios e a creación dunha entidade certificadora acreditada da carne galega. Polo demais, a confirmación de que a encefalopatía esponxiforme bovina penetrara no gando galego deu lugar a conflitos similares, por máis que probablemente de maior intensidade nas súas manifestacións, aos que xeraría no resto das zonas afectadas en España: supuxo o comezo de gravísimos problemas para un sector, o gandeiro, estratéxico na economía de Galicia; xerou, como aconteceu en todas as partes, unha caída en picado do consumo de carne de vacún, con todas as evidentes dificultades comerciais inducidas; forzou a Administración autonómica a facer fronte ás múltiples complicacións derivadas da necesidade de xestionar urxentemente un problema para o que, ao igual que as restantes administracións autonómicas, non estaba preparada, o que daría lugar a algúns conflitos, como o derivado dos enterramentos ilegais de reses mortas nun pequeno municipio de Galicia; converteu o asunto das «vacas tolas» nun dos temas de debate entre o Goberno da Xunta e a oposición parlamentaria nacionalista e socialista; e, en fin, e como resultado de todo o apuntado, contribuíu a xerar un evidente pesimismo social sobre o futuro, que está por ver se terá finalmente consecuencias —e cales serán aquelas, no seu caso— no ámbito da correlación de forzas entre os tres partidos (PP, BNG e PSdeG) sobre os que veu articulándose desde hai anos a vida política e parlamentaria na Comunidade Autónoma galega. En todo caso, e á marxe dos problemas derivados da crise das chamadas «vacas tolas» e dos xerados, segundo vimos anteriormente, por unha inclemente meteoroloxía, que determinou que o clima do outono-inverno do ano 2000 entrara a formar parte da *axenda* pública autonómica, e pola situación de emerxencia dos sectores pesqueiro e marisqueiro, ao longo de 2000 debateuse tamén en Galicia doutros asuntos diferentes a estes tres.

Algúns dos grandes temas de debate político e institucional

O das *infraestruturas de comunicación* volveu constituírse no ano 2000, tal como xa vén sendo habitual no último decenio, nun dos temas básicos de debate político e social. O 2000 xerou, ao respecto, novidades en relación, por unha parte, cos plans de mellora da rede viaria e, pola outra, cos proxectos destinados á creación dunha rede ferroviaria de alta velocidade que comunique Galicia e a Meseta. Polo que se refire ao primeiro, a Xunta anunciou investimentos a longo prazo de 200.000 millóns de pesetas para a construción de vías de alta capacidade destinadas a comunicar Santiago, Ourense e Lugo, vías que se proxecta rematar no ano 2010. Así consta no Plan director de infraestruturas de Galicia (PDIG), que inclúe entre os seus obxectivos a construción no período 2000-2006 de 356 quilómetros de vías de alta capacidade. Por outra parte, e neste mesmo ámbito das redes viarias, o Ministerio de Fomento recoñecería, pouco antes do comezo do verán, que a autovía do Noroeste non estaría totalmente rematada ata a primavera do ano 2001, atraso que se engadía aos moitos que xa se produciron nesta obra decisiva para a comunicación por estrada de Galicia e a Meseta. As novidades foron moito máis relevantes, non obstante, en materia ferroviaria: o entón vicepresidente primeiro do Goberno asumía nunha visita realizada a Galicia a comezos de maio de 2000 que o ferrocarril era o «reto básico e decisivo» para Galicia. Pouco despois o propio presidente da Xunta poñía de relevo que tras a construción do ferrocarril podería «descansar en paz». En agosto anunciábase aos medios de comunicación que a Xunta asinaría en outono un protocolo para a posta en marcha dunha rede ferroviaria de alta velocidade, que, previsiblemente, debería estar funcionando no ano 2007, fronte ao cal a oposición nacionalista e

socialista negou credibilidade aos plans proxectados e exixiu o cumprimento das previsións contidas no Plan ferroviario aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia en 1995. Xa en setembro, o conselleiro de Política Territorial da Xunta de Galicia mantiña en Madrid unha reunión co secretario de Estado de Infraestruturas, na que aquel se comprometía a que as obras do tren de alta velocidade comezarían en Galicia na primavera do ano 2001 e a que, tal como previamente solicitara o presidente da Xunta, as obras do denominado «cuadrante noroeste» se iniciarían de forma simultánea nas cabeceiras de Galicia e de Madrid. Finalmente, e xa en decembro, o ministro de Fomento asumía publicamente o compromiso de comezar a construción da rede galega de alta velocidade no primeiro semestre do ano 2001, coa posta en marcha das obras do tramo Santiago-Oroso. De feito, a Xunta, o Ministerio de Fomento e a compañía Renfe asinaban un Convenio para a modernización do tren galego, cun investimento previsto de 160.000 millóns de pesetas ata o ano 2007.

Ao igual que xa sucedera en 1999, a *política ambiental* terá tamén un marcado protagonismo no ano 2000. En primeiro lugar porque apenas comezado o ano, a finais de xaneiro, o presidente da Xunta de Galicia inauguraba o complexo ambiental do Plan Sogama no municipio de Cerceda, complexo e plan que viñeron a constituír a grande aposta do Goberno galego para facer fronte á necesidade de eliminar residuos sólidos. O plan, ao que se adheriran á sazón máis de 260 municipios, foi, porén, desde o principio, rexeitado por algúns grupos ecoloxistas –que criticaron unha política que, segundo eles, prima a incineración sobre a reciclaxe– e pola oposición nacionalista e certos sectores do Partido Socialista. Da transcendencia do plan pode dar idea, en todo caso, o feito de que a posta en marcha deste a pleno rendemento supoñerá, segundo os seus responsables, o peche e selado dos tres mil vertedoiros incontrolados de lixo que se detectaron en Galicia, así como a clausura dos vertedoiros municipais dos concellos que opten por sumarse ao plan. En relación con este mesmo tema, días despois da posta en marcha do complexo de Cerceda, o conselleiro de Medio Ambiente da Xunta ofrecía a todos os concellos de Galicia a recollida selectiva de residuos de forma gratuita, ampliando, pois, o plan piloto que se puxera en funcionamento en 23 municipios da Comunidade, ofrecemento que daría lugar a que á altura de maio de 2000 fosen xa máis de 100 os concellos asinantes do Convenio de recollida selectiva de lixos. Finalmente, a Consellería de Medio Ambiente conseguiría superar, pechado xa o clima electoral que xeraron os comicios de marzo, o enfrontamento co Plan Sogama das cinco corporacións de grandes cidades que, tras as municipais, quedarán en mans de maiorías de coalición entre o BNG e o PSdG (Santiago, Vigo, Pontevedra, Ferrol e Lugo): Xunta e alcaldes dan a finais de marzo un primeiro paso, polo cal a primeira se compromete a non bloquear os proxectos municipais para producir compostaxe e os últimos aceptan cambiar as súas posicións *alternativas* a Sogama por posicións *complementarias*.

Xunto á cuestión da eliminación de residuos sólidos, o outro gran tema que centrou a política ambiental da Xunta de Galicia foi o forestal. A Xunta destinaba en marzo 3500 millóns de pesetas ao Plan de prevención e extinción de incendios forestais, co que, entre outras cousas, se pretendía un control selectivo sobre as especies de doada combustión e a posta en marcha dunha rede de pistas forestais dotadas de puntos de auga, para acudir con prontitude a sufocar o lume. Malia todo, a *tempada* de lumes pecharíase, segundo informaba a finais de setembro o conselleiro de Medio Ambiente da Xunta, coa destrución de 30.000 hectáreas de monte, calcinado polo lume, e a detención de 132 persoas acusadas de provocar incendios intencionadamente.

Para finalizar esta referencia á política ambiental ha de mencionarse, ademais, que Galicia propuxo en abril a inclusión de 58 espazos naturais na Rede Natura 2000, que ocupan un total de 324.000 hectáreas (o 12% do territorio da Comunidade); que o Parlamento de Galicia aprobaba en novem-

bro, por unanimidade, un Proxecto de lei sobre a creación do Parque Nacional das Illas Atlánticas, proxecto que se converterá, de aceptarse a iniciativa, no primeiro parque nacional da Comunidade e que se enviou ao Congreso dos Deputados para a súa tramitación como Proposición de lei do artigo 87.2 da Constitución; e, finalmente, que o Programa español de forestación de terras agrarias (PEFTA), presentado polo Goberno de España en Bruxelas a comezos do verán, veu supoñer a redución a 22.000 das 101.000 hectáreas de superficie que pactaran reforestar en Galicia as administracións central e autonómica.

O último dos grandes temas de debate do ano 2000 será o da *política demográfica*, que seguiu suscitando, como xa sucedera en 1999, informacións e propostas. As diversas informacións sobre a evolución dos datos demográficos, derivados de estudos privados ou oficiais, aparecidas nos medios de comunicación, confirmaron con rotundidade a extraordinaria gravidade da cuestión en Galicia: segundo as proxeccións do Instituto Galego de Estatística (IGE) a Comunidade perderá 44.000 mozos e mozas e terá 50.000 maiores máis no ano 2003. Galicia perdía, ademais, ao longo da década poboación neta (algo máis de 7000 habitantes entre 1991 e 1998), o que se traducía en que tan só 91 dos seus 315 municipios incrementasen o seu censo poboacional no período. A situación preséntase con trazos de especial gravidade en Lugo e Ourense, provincias nas cales o 92% dos municipios teñen saldos demográficos negativos. Segundo un instituto privado (Equipo de Análisis Socioeconómicos), Galicia tería, na actualidade, e por primeira vez na súa historia, máis poboación maior de 65 anos que menor de 15, o que poñería en serio risco o relevo xeracional. No ámbito escolar, e malia o aumento porcentual das taxas de escolarización en todos os niveis educativos, as caídas no número de alumnado resultan espectaculares: de 311.100 a 201.830 nos centros públicos (na década 1990-2000) e de 114.518 a 76.741 nos privados, en igual período de tempo. Por último, e para completar este negativo panorama, segundo fontes do Instituto Nacional de Estatística, fronte ao forte crecemento experimentado polas cidades galegas ao longo do século, crecemento que atenuaría os alarmantes efectos do fenómeno da despoboación das zonas rurais, a revisión dos padróns municipais do ano 1999 poñía de relevo, no 2000, que tamén as cidades galegas comezan a perder habitantes, aínda que moi lentamente, o que viría agravar o impacto do despoboamento rural, de cuxa envergadura pode deixar constancia o feito de que seis de cada dez agricultores galegos abandonasen o campo durante a década de 1990: así as cousas, en 1999 só 23 dos 315 municipios galegos gañaban poboación.

Fronte a esta situación, que levou a algúns expertos (Informe Hispalink) a afirmar que Galicia necesita máis renda e emprego para aumentar a poboación, as respostas foron diversas ao longo do ano 2000. En abril, o Parlamento de Galicia aprobaba por unanimidade unha moción por virtude da cal o Executivo autonómico se comprometía a presentar un plan sobre demografía na Cámara autonómica. Máis alá diso, en todo caso, a Xunta de Galicia adoptou medidas encamiñadas fundamentalmente na dirección de incentivar a natalidade a través de diversas políticas fiscais de protección á familia, políticas estas que, segundo a oposición, non serán capaces de frear por si soas unha gravísima crise demográfica, que se converteu xa nun dato estrutural definidor da sociedade galega de comezos de milenio.

Os resultados en Galicia das eleccións xerais do 12 de marzo de 2000

Como se verá a continuación, as eleccións xerais do 12 de marzo de 2000 supuxeron en Galicia a confirmación das tendencias básicas de evolución do comportamento electoral que se viñera manifestando con anterioridade na Comunidade.

Cadro 1:

		Número de votos	%	Número de escanos
EG 96	PP	827.405	48,8	14
	PSdeG	574.491	33,9	9
	BNG	220.147	13	2
EG00	PP	851.468	53,8	16
	PSdeG	371.054	23,4	6
	BNG	302.726	19,1	3

En efecto, e tal e como pode comprobarse no cadro 1, o Partido Popular mantivo a súa constante liña ascendente e incrementou a súa vantaxe, tanto en votos –cunha porcentaxe que supera por primeira vez en eleccións xerais o 50% dos expresados no conxunto de Galicia– como en escanos, ao chegar a 16, dous máis dos obtidos en anteriores eleccións xerais, que supoñen o 64% dos 25 en xogo en comicios. A outra cara da moeda constitúea o Partido dos Socialistas de Galicia, que tamén en confirmación da súa liña descendente consegue recuperar a segunda posición que perdera nas eleccións autonómicas de 1997, pero perdendo un gran número de votos (203.437: o 35% dos obtidos nas xerais de 1996) e un terzo dos seus 9 escanos previos. Por último, o incremento espectacular do apoio ao BNG (que gaña un total de 82.579 sufraxios: un 38% dos obtidos nas xerais de 1996) non se traduce, porén, debido ás peculiares condicións do sistema electoral, nun aumento substancial da súa representación parlamentaria –gaña 1 só escano e pasa a ter 3–, o que o afasta das súas expectativas de obter grupo parlamentario propio no Congreso dos Deputados, meta que os nacionalistas converteran no seu verdadeiro obxectivo electoral. Así as cousas, as dúas grandes incógnitas que abre o resultado electoral de cara ao futuro e, máis en concreto, de cara ao próximo proceso electoral que ha de producirse en Galicia (as eleccións autonómicas que terán lugar na primeira quincena de outubro do ano 2001) son a de se o Partido Popular será capaz de manterse nunhas porcentaxes de apoio electoral que lle permitan repetir a súa maioría absoluta no Parlamento autonómico, unha maioría, recordémolo, que lle resulta vital ao non ter, en principio, un partido bisagra co que conformar unha maioría mixta de Goberno; e a de se a nova correlación de forzas entre o Partido dos Socialistas de Galicia (2.º) e o BNG (3.º) que reflicten as eleccións xerais, correlación na que un e outro intercambian as súas respectivas posicións nos últimos comicios autonómicos, é só o froito da mellora dos resultados relativos que o Partido Socialista adoita experimentar en xerais en relación con autonómicas ou resulta ser, pola contra, o inicio dunha nova tendencia que coloque os socialistas na súa posición tradicional de forza maioritaria da oposición, e, no seu caso, de forza maioritaria dunha hipotética coalición de goberno alternativa á maioría actual do Partido Popular.

A vida político-partidista

Como xa vén sendo habitual, pecharemos este percorrido pola dinámica política e institucional galega cunha referencia aos principais acontecementos acaecidos na vida partidista ao longo do ano 2000. A do *Partido Popular* estivo dominada por dúas circunstancias diferentes. Por unha parte, pola continuación do proceso de renovación interna do partido, proceso que se iniciara en 1999 co relevo de Xosé Cuiña na súa secretaría xeral: ao longo do ano 2000 foron renovadas as presidencias provinciais, que deixaron homes fortes vinculados ao aparato tradicional popular (Xosé Cuiña en Pontevedra e Francisco Cacharro en Lugo) e ás que foron ascendidos políticos de máis baixo perfil político e orgánico: a única excepción a esta tendencia sería a de Ourense, onde o presidente provincial, José Luis Baltar, conseguiría manterse no seu posto, co apoio do 99,9% dos delegados provinciais. A segunda das circunstancias antes referidas sería a da decisión de quen se ía presentar, finalmente, como candidato popular á Presidencia da Xunta nas eleccións autonómicas do ano 2001: aínda que en abril aínda Manuel Fraga supeditaba ao seu estado de saúde presentarse á reelección, o certo é que a finais de maio o propio Fraga admitía xa que decidira concorrer, vistas as súas posibilidades de gañar. Máis alá dunha e outra circunstancias, a referencia ao Partido Popular non pode pechase, en todo caso, sen mencionar un feito que ía estar presente en todos os medios de Galicia durante as primeiras semanas do ano 2000: a suposta trama organizada por un grupo empresarial para asasinar o conselleiro de Ordenación do Territorio, Xosé Cuiña.

O *Bloque Nacionalista Galego* seguiu debaténdose ao longo de 2000 entre a moderación das súas posicións políticas máis tradicionais e o seu discurso nacionalista máis xenuinamente radical. De feito, podería afirmarse que a moderación marcaría toda a primeira parte do 2000, antes e despois das eleccións xerais, que supuxeron, como anteriormente se apuntaba, un salto cara adiante extraordinario para o BNG, por máis que os seus resultados finais resultasen moi frustrantes para este como consecuencia da súa imposibilidade para formar grupo parlamentario no Congreso. O BNG ía intentalo en todo caso, malia non alcanzar o número mínimo de escanos regulamentariamente exixido para iso, recorrendo á práctica do *préstamo* doutros deputados: non obstante, unha resolución da Mesa da Cámara acabaría por pecharlle tal opción ao BNG, resolución contra a que os seus deputados rematarían finalmente presentando un recurso de amparo ante o Tribunal Constitucional, pendente aínda de resolución cando se redacta este capítulo. A pesar disto, o certo será que á altura do verán de 2000, e tras varios meses de debates internos entre os diversos sectores que conforman o conglomerado de organizacións que participan no Bloque, no seu interior se chegara ao acordo de moderar o seu discurso político coa finalidade de mellorar as súas posibilidades de competencia electoral. Non obstante, a evolución da situación no País Vasco acabaría por dificultar extraordinariamente ese obxectivo. E é que a posición de constante apoio do BNG ás decisións mantidas pola dirección do PNV ía ter unha tradución que lle xeraría ao Bloque máis dun problema ante a opinión pública galega: a súa negativa a subscribir diversas declaracións contra o terrorismo, por entender que nelas non só se condenaba a ETA, condena esta que o BNG realizou con claridade e rotundidade en moi diversas ocasións, senón tamén ao PNV (desde a acordada en xuño no Parlamento de Galicia ata o Pacto contra o terrorismo pechado polo PSOE e o PP, pasando pola moción de condena a ETA apoiada polo Parlamento Europeo no mes de setembro), acabaron colocando o BNG á defensiva e estiveron moi probablemente na orixe dun estancamento do seu crecemento electoral que a finais de 2000 predicían a maior parte das sondaxes de opinión. Finalmente, e tamén para rematar esta referencia ao BNG, debe apuntarse que en outubro se celebraba o décimo congreso do partido máis forte e mellor organizado de todos os que conforman a coalición nacionalista, a Unión do Pobo Galego (UPG), congreso no que, entre outras cousas, se decidía manter todos os seus líderes históricos no núcleo de dirección.

O 2000 foi, en fin, o ano menos malo dos últimos para o *Partido dos Socialistas de Galicia*: é certo que nas eleccións xerais sufriría un duro revés electoral, e éo tamén que no período se mantiveron algúns dos conflitos xa tradicionais, como o enfrontamento entre a actual dirección e o grupo socialista coruñés que lidera Francisco Vázquez, enfrontamento que no 2000 chegou a adquirir tal nivel de intensidade que a dirección galega socialista se formulou mesmo a posibilidade de abrir un expediente de expulsión do alcalde coruñés: o conflito quedaría despotenciado, non obstante, tras a intervención da nova dirección federal do PSOE, por máis que estivera coleando dun ou doutro xeito ao longo de todo o ano. Igualmente, os pactos municipais PSdeG-BNG continuaron xerando problemas moi diversos, en Vigo sobre todo, en boa medida a consecuencia do desacordo que non deixou de existir no interior do PSdeG sobre cal debiera ser a medio prazo a posición que cumpriría manter en relación co nacionalismo. Pero, como antes se apuntaba, máis alá destes conflitos, o 2000 foi para o socialismo galego o ano da consolidación orgánica; esta comezou cos resultados do XXXV Congreso Federal do Partido Socialista Obreiro Español, que fan supoñer a entrada de dous dirixentes do socialismo galego (Emilio Pérez Touriño, secretario xeral do PSdeG, e José Blanco, home forte do partido na provincia de Lugo) na nova executiva socialista liderada por José Luis Rodríguez Zapatero: o primeiro como vogal e o segundo como teórico número dous do PSOE, ao asumir a Secretaría de Organización na nova dirección. Tales resultados ían ter a súa inmediata tradución no IX Congreso do Partido dos Socialistas de Galicia, no que, sen competidor polo posto de secretario xeral, Pérez Touriño sería reelixido para o cargo que viña xa ocupando. Esta consolidación orgánica, que, coa excepción do permanente conflito coruñés, deu unha imaxe de unidade descoñecida no socialismo galego desde había moitos anos, está, quizais, na base da recuperación relativa do voto socialista que predín todas as sondaxes cando se escriben estas páxinas. Só as eleccións de outubro despexarán, en todo caso, tal incógnita, ao igual que as que se sinalaron anteriormente en relación coas expectativas electorais do PP e o BNG.

CAPÍTULO XV

ANO 2001

1. Introducción: liñas xerais

A Comunidade Autónoma de Galicia celebrou eleccións autonómicas o día 21 de outubro do ano 2001, durante o cal a súa vida política e institucional acabou estando condicionada plenamente por ese acontecemento electoral. É certo, claro, que despois dos gravísimos atentados terroristas do 11 de setembro en Washington e Nova York, a competición entre as tres forzas conformadoras do sistema galego de partidos –que se enfrontaron nunha longa e esgotadora campaña pre-electoral, en primeiro termo, e despois na electoral que lle serviu de colofón– non puido escapar á influencia, arrasadora desde o punto de vista da axenda informativa dos medios, dunha excepcional conxuntura internacional, que demostrou sobradamente a súa capacidade para tapar, escurecer ou desprazar calquera acontecemento nacional ou rexional, por importante que aquel puidese resultar nun determinado territorio. Pero é certo tamén que, malia iso, as concretas circunstancias que concurrían en Galicia ían posibilitar que unhas eleccións que noutro contexto de maior certeza respecto aos seus eventuais resultados non levantarían, moi probablemente, maior expectativa, acabasen por polarizar, condicionándoo ao extremo, o desenvolvemento da dinámica política autonómica. E é que as do 2001 foron as primeiras eleccións parlamentarias de Galicia nas que, tras a asunción por Manuel Fraga da Presidencia da Xunta, se abriron unhas expectativas reais de alternancia no control das institucións autonómicas.

A ese respecto, xa no capítulo correspondente ao ano 2000 dabamos conta de como un conxunto combinado de factores de natureza moi diversa (a chamada crise das vacas tolas, os perniciosos efectos sociais e económicos dun outono e un inverno inclementes como poucos, as desastrosas consecuencias para a frota galega da non renovación do acordo pesqueiro entre a Unión Europea e o Goberno de Rabat) se traducira ao longo do último tramo do ano mencionado nunha notable redución da expectativa de voto directo do Partido Popular, que, segundo os barómetros estacionais publicados polo diario *La Voz de Galicia*, caía no espazo temporal de nove meses nada máis nin nada menos que seis puntos: do 37,1% no barómetro do verán do ano 2000, ao 31,2% no da primavera de 2001. Non é de estrañar, entón, nin a dureza da pugna electoral, que no seu momento teremos ocasión de analizar, nin, sobre todo, a presenza constante dunha contenda que, aínda que produci-

da a finais de ano, estivo, de feito, politicamente presente desde que este se iniciou cunha moción de censura asinada polos deputados do Bloque Nacionalista Galego contra a maioría governamental do Partido Popular. Moción esa que, malia a súa imposible viabilidade xurídica, translucía xa, ben ás claras, por se iso fixese algunha falta, que o período de pugna electoral ía comezar antes mesmo de coñecerse con certeza a data precisa en que os comicios autonómicos se celebrarían finalmente.

Polo demais, a notable actividade legislativa do Parlamento de Galicia no período e a normal acción regulamentaria da Xunta, que aprobou un bo número de normas de contido substantivo, en materias de natureza moi diversa, ían ser a proba máis palpable da consolidación dun sistema, o autonómico galego, que no ano 2001 cumpría os seus primeiros vinte anos de existencia, cun balance global que desde a perspectiva institucional resultaba innegablemente positivo. A iso haberemos de referirnos máis adiante. Pero, como xa resulta habitual nesta obra, será polo estudo da actividade legislativa e a acción regulamentaria referidas por onde comezaremos agora a nosa análise do sucedido en 2001 na Comunidade Autónoma galega.

2. O exercicio das competencias legislativas

A disolución do Parlamento de Galicia por decreto do presidente da Xunta (197/2001, do 27 de agosto) deu lugar a que o Pleno da Cámara se reunise ao longo do ano 2001 soamente durante o primeiro dos dous períodos de sesións previstos regulamentariamente (o que se desenvolve entre febreiro e xuño), producíndose no segundo (de setembro a decembro) nada máis que reunións da Deputación Permanente da Cámara galega. Iso non impedirá, de todos os xeitos, que o ano 2001 acabe sendo o máis frutífero da quinta lexislatura autonómica desde o punto de vista da actividade legislativa: así, as 12 leis publicadas polo *Diario Oficial de Galicia* entre febreiro e outubro, moitas delas de contido extraordinariamente relevante, segundo de inmediato habemos de ver, contrastan coas 5 de 2000, 8 de 1999 e 7 de 1998. Pero nin sequera ese incremento conseguirá evitar a caída substancial da produción legislativa que se producirá, finalmente, durante a quinta lexislatura referida. As 32 leis que se aproban entre os anos 1998 e 2001 rompen, desta forma, a dinámica previa de estabilidade, e aínda de lixeirísimo incremento, que viñera presidindo o funcionamento legislativo da Cámara autonómica desde a súa instalación no outono do ano 1981, Cámara que rematou por aprobar 40 leis na I das súas lexislaturas, 42 na II, e 44 na III e na IV. De feito, as previsións da maioría parlamentario-governamental, expresadas a comezos de ano polo conselleiro da Presidencia da Xunta, eran que o número de leis que se aprobarían ao longo da quinta lexislatura sería de 42, o que exixía a aprobación ao longo do ano 2001 de máis de 20 normas. Non obstante, tan só 12 deses textos chegarían finalmente a culminar a súa tramitación legislativa. Algúns deles son, polo demais, textos de significación normativa pouco relevante.

Ese é o caso, por exemplo, da Lei 1/2001, do 22 de xaneiro, de creación do Colexio de Educadores Sociais de Galicia, norma que, tras definilo como unha corporación de dereito público, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, se limita a determinar cal será o seu ámbito de actuación (o territorio de Galicia) e os que poderán integrarse nel, e a fixar a colexiación obrigatoria para os profesionais do ramo cuxo domicilio profesional único ou principal radique en Galicia. Escasamente relevante é igualmente a significación normativa da Lei 2/2001, do 21 de xaneiro, pola que se crea a escala de persoal investigador para os centros de investigación e desenvolvemento tecnolóxico da Xunta de Galicia e se establecen normas para a provisión dos seus postos de traballo. A orixe desta norma atópase na existencia na Comunidade Autónoma galega de centros de investigación de tipo tecnolóxico adscritos a distintas consellarías, cuxo mantemento en instalacións, infraestruturas e persoal resulta altamente custoso. Por esa razón, e coa fina-

lidade de asegurar o bo funcionamento deses centros e a súa rendibilidade respecto aos obxectivos marcados polas diferentes consellarías, no eido da investigación e o desenvolvemento tecnolóxico faise necesario mellorar a cualificación e dedicación do seu persoal investigador, obxectivos ambos os dous aos que a lei pretende facer fronte coa creación dunha escala de persoal investigador e o establecemento de mecanismos de selección que incorporen o nivel científico técnico que requiren os seus postos de traballo, garantindo, ademais, a rigorosa aplicación en tales mecanismos dos principios de igualdade, capacidade, mérito e publicidade: a lei crea, así, dentro do corpo facultativo superior da Xunta de Galicia, grupo A, a escala de investigadores e expertos en desenvolvemento tecnolóxico e regula o réxime xurídico aplicable a esta (funcións; clasificación de postos de traballo; acceso, mobilidade e ascensos dentro da escala; tribunais de selección; e relacións de postos de traballo). A Lei 5/2001, do 28 de xuño, de réxime xurídico das concesións na illa de Ons, presenta tamén un obxectivo, cando menos territorialmente, limitado. As illas de Ons e Onza, expropiadas polo Estado no ano 1942, ao abeiro da lexislación de expropiación entón vixente, que as afectou á finalidade da protección da defensa nacional, pasaron a ser, tras o disposto no Real decreto 1535/1984, do 20 de xuño, de ampliación e adaptación de funcións e servizos do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza, bens de dominio público de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia. Dadas as súas características físicas e condicións ambientais, as illas foron posteriormente incluídas, en aplicación do previsto na Lei 4/1989, do 27 de marzo, de conservación dos espazos naturais e da flora e fauna silvestres, no Plan de ordenación dos recursos naturais das Illas Atlánticas. Á vista de todas as circunstancias aludidas, a lei ten por obxecto fundamental regular o réxime xurídico que lles permita aos insulares acceder ao uso e gozo dos inmobles que foron habitados e utilizados por eles e os seus antepasados, usos que haberán de ser, en todo caso, compatibles co establecido na propia lei e nos correspondentes plans directores de ordenación dos recursos naturais e de uso e xestión das illas de Ons e Onza. Dentro deste primeiro grupo de normas de transcendencia normativa pouco significativa debe incluírse, finalmente, outra máis, que, aínda que procede a modificar unha lei de gran relevancia xurídica, faíno en forma materialmente limitada: é o caso da Lei 6/2001, do 29 de xuño, de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. A norma ten por obxecto adaptar a lexislación galega ás modificacións que foron introducidas na Lei 30/1992 pola Lei 4/1999 (moi especialmente as referidas á obriga de resolver, regulada no artigo 42; ao silencio administrativo, regulado no artigo 43; e á revisión dos actos en vía administrativa, regulada no título VII), por máis que o seu contido non se limite, en todo caso, aos aspectos citados, senón que faga fronte tamén á necesidade de adoptar outras iniciativas normativas para adaptar diversos aspectos da Lei 30/1992 á Comunidade Autónoma galega. A lei, ademais de dúas disposicións adicionais e dous anexos (relativos á relación de procedementos de duración superior a seis meses e á relación de procedementos en que o silencio administrativo produce efectos desestimatorios) consta, así, de tan só seis artigos, respectivamente referidos ao prazo máximo de duración dos procedementos, ao silencio administrativo, á competencia para a revisión dos actos administrativos, á fin da vía administrativa, á responsabilidade patrimonial e á reclamación previa á vía xudicial.

Coa finalidade de cambiar tamén unha norma preexistente, aínda que cunha significación agora de moita maior relevancia á previamente referida, aprobouse a Lei 12/2001, do 10 de setembro, de modificación da Lei de concentración parcelaria para Galicia, coa que o lexislador autonómico pretende facer fronte aos cambios notables, técnicos e de mentalidade producidos en Galicia desde 1985, data de aprobación da norma que por esta lei se modifica: a ese respecto cabe destacar como novidades máis sobresaíntes da nova regulación o aumento das maiorías requiridas para iniciar o proceso de concentración a petición dos interesados; a regulación da posibilidade de concentrar masas forestais e da posibilidade de trasladar ao acordo de concentración a existencia de dereitos de plantacións sobre as parcelas concentradas; os

cambios introducidos no relativo ao Fondo de Terras e no proceso de enquisa nos distintos trámites do proceso concentrador; as variacións producidas no título correspondente ás obras e melloras territoriais, incluíndose como obras inherentes á concentración algunhas que non se recollen na Lei 10/1985; a inclusión na norma dun réxime sancionador tendente a conseguir o correcto cumprimento das prescricións contidas nela, co que se pretende conseguir unha axeitada correspondencia entre a infracción administrativa e a sanción. Outras dúas novidades veñen, en fin, completar o significado da nova normativa: a previsión de que a Comunidade Autónoma financiará os gastos que ocasionen as operacións de concentración parcelaria e a relativa á posibilidade de que nas zonas onde o fraccionamento da propiedade rústica e o minifundio agrario constitúan un problema social de carácter estrutural, a concentración parcelaria se leve a cabo por razón de utilidade pública ou interese social.

As sete restantes leis aprobadas ao longo do ano 2001 polo Parlamento de Galicia son todas normas que procederon a regular *ex novo* ámbitos xurídicos que ata a data non foran obxecto de regulación lexislativa, aínda que os sectores de actividade onde estas deben enmarcarse si foran, nalgúns casos moi intensamente, obxecto de atención polo lexislador autonómico galego. Dúas desas normas refírense ao sector do ambiente (as leis 8/2001, do 28 de agosto, de protección da calidade das augas das rías de Galicia e de ordenación do servizo público de depuración de augas residuais urbanas, e a 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza), un sector este no que, como no seu lugar habemos de ver, foi tamén moi notable ao longo do ano 2001 a acción regulamentaria desenvolvida pola Xunta de Galicia a través da súa Consellería de Medio Ambiente. A primeira das dúas normas referidas regula dous obxectos materiais diferentes, aínda que, claro, intimamente entrelazados. Dun lado, trata de protexer a calidade das augas das rías de Galicia, que constitúen uns espazos singulares dentro da xeografía da Comunidade Autónoma, nos que se atopa unha gran riqueza natural, de fauna e paisaxística, de importante valor económico, espazos que conviven con asentamentos humanos e actividades industriais de certa entidade. A corrección dos efectos nocivos de tales asentamentos e actividades para as augas das rías é precisamente un dos obxectivos da lei, que fixa límites á emisión de verteduras e ordena as actividades que puidesen resultar incompatibles coa devandita protección. A lei regula, doutro lado, a ordenación do servizo de depuración de augas residuais urbanas, que se declara servizo público de interese xeral da Comunidade Autónoma, atribuíndose a súa xestión á Administración hidráulica de Galicia. Con iso pretenden superarse os problemas derivados da forma dual de prestación do servizo, vixente ata a data da lei, no que a Administración autonómica reservaba para si a execución das estacións depuradoras e as entidades locais asumían a súa explotación. O transcurso do tempo, co desenvolvemento da planificación do saneamento en Galicia e a execución de numerosas instalacións de depuración, poñería de manifesto, segundo o lexislador, unha serie de disfuncións, tales como a falta de regulamentos ou ordenanzas municipais, a disparidade de custos económicos de explotación ou a falta de resposta ante determinadas verteduras de natureza industrial inasumibles polo sistema, debidas nalgúns casos á escasa capacidade técnica, económica ou normativa das entidades prestadoras do servizo. A lei procede, por iso, a ordenar o servizo público de depuración de augas residuais urbanas, fixando as competencias das entidades locais na materia, determinando quen é a Administración xestora do servizo e establecendo o réxime para o financiamento e regulación daquel. Pola súa parte, a Lei de conservación da natureza, segunda das antes mencionadas no ámbito de actividade do ambiente, resalta a incorporación do dereito galego aos principios emanados da Conferencia de Río de Janeiro, en canto á xestión sostible dos recursos naturais, e asume en especial os principios de subsidiariedade, ao achegar as decisións ao nivel máis próximo ao cidadán, sen que iso implique unha perda de efectividade da política pública, e de responsabilidade compartida, ao buscar unha maior coordinación dos axentes públicos e privados. A lei sitúase no marco dunha política global de ambiente que permita superar actuacións parciais, e asume, así, que os obxectivos de preservar a biodiversidade da flora e fauna silvestres e de establecer un réxime propio de protección dos recursos naturais axeitado ao territorio de Galicia demanda

un instrumento xurídico xeral que estableza simultaneamente un marco de protección referido ao territorio galego, permita o desenvolvemento dos criterios orientadores para a defensa global da natureza e os recursos naturais, e possibilite a conservación e xestión específica dos espazos naturais que o necesiten particularmente. A norma ten por obxecto, en suma, establecer previsións encamiñadas á protección, conservación, restauración e mellora dos recursos naturais e da flora e fauna silvestres, á difusión dos seus valores, así como á súa preservación para as xeracións futuras a partir de varios principios vertebradores esenciais: os de conservación da biodiversidade, subsidiariedade e fomento da participación pública, prevención e planificación para impedir a deterioración ambiental, internalización dos custos ambientais –tendo en conta o principio de que «quen contamina paga»– e desenvolvemento sostible.

Moi novidosas resultan polo seu obxecto material as leis 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes e 4/2001, do 31 de maio, reguladora da mediación familiar. A primeira diríxese a regular o consentimento informado dos pacientes –entendendo por tal, segundo a súa definición legal, a conformidade expresa do paciente manifestada por escrito, logo de obtención de información axeitada, para a realización de procedemento diagnóstico ou terapéutico que afecte á súa persoa e que comporte riscos importantes, notorios ou considerables– así como a súa historia clínica, garantindo o acceso dos pacientes á información contida nesta. A lei parte en tal sentido do carácter do paciente como usuario dos servizos sanitarios e da íntima conexión existente entre información e consentimento, pois tal información constitúe o eixe fundamental no que articular un verdadeiro consentimento: o consentimento informado concíbese, deste modo, como o último elo dese dereito á información dos usuarios. A regulación da historia clínica debe entenderse tamén neste contexto, pois aquela vén configurarse como un conxunto de documentos de carácter xurídico-asistencial que posibilita o dereito dos cidadáns a dispoñer da información contida nas historias clínicas e á súa axeitada utilización na súa asistencia sanitaria. É por iso polo que, co obxecto de garantir o efectivo cumprimento de tan importantes previsións para os dereitos do paciente-usuario, se considera axeitado e oportuno que o contido da norma sexa de aplicación a todo tipo de asistencia sanitaria, ben pública, ben privada. A Lei de mediación propónse regular a que o propio lexislador considera como unha das modalidades de protección pública ás unidades familiares que sobresaen no panorama internacional e nacional, a mediación, institución de demostrada utilidade como medio de recomposición áxil e flexible de discordias, principalmente das provenientes de supostos de separación e de divorcio. A institución queda así configurada na lei como manifestación dunha actividade de interese público, promovida pola Xunta de Galicia en razón da indubidable utilidade pública que representa a axeitada organización e prestación deste servizo para as familias e unidades de convivencia estable, con residencia en territorio galego, e particularmente para os nenos e as nenas, que, en situación de conflito familiar, requiren solución apropiada aos problemas que xorden para eles, especialmente nos casos xa mencionados de separación e divorcio, no que se refire á garda e aos dereitos de visita. Tras fixar o concepto de mediación familiar (intervención dos profesionais especializados requiridos voluntariamente e aceptados en todo caso polas partes en condición de mediador) e determinar a finalidade da mediación (o asesoramento, a orientación e a consecución dun acordo mutuo ou a aproximación das partes en conflito en orde a regular, de común acordo, os efectos da separación, divorcio ou nulidade de matrimonio, ou ben a ruptura da súa unión), a lei regula o réxime xurídico aplicable a unha institución que moi probablemente está chamada a ir gañando un espazo progresivo no ámbito do dereito de familia.

A Lei 7/2001, do 2 xullo, de control en materia de creación e recoñecemento de universidades, centros universitarios e autorización de estudos na Comunidade Autónoma, inscrita dentro do ámbito do dereito sancionador, ten por obxectivo facer fronte á problemática que xorde coas institucións de natureza universitaria que están a actuar en Galicia á marxe da lei, problemática que vén determina-

da pola ausencia, tanto no ámbito estatal como autonómico, dunha lexislación sancionadora coa que facer fronte á impartición de estudos universitarios sen contar coa preceptiva autorización, normativa esta que debe recoller a sanción administrativa procedente, de forma que poida abrirse o correspondente expediente sancionador e poidan ser requiridas esas institucións para que cesen na súa actividade. Desde esta perspectiva, a lei tipifica as infraccións e sancións e establece o procedemento sancionador aplicable a partir dos principios de legalidade, tipicidade, *non bis in idem*, proporcionalidade, libre acceso á tutela xudicial e ás garantías procedementais e os principios definidores e limitadores da potestade sancionadora dos poderes públicos, á vez que, segundo o lexislador, non supón ningunha invasión das competencias doutras áreas da Administración.

Pecharemos, en fin, este percorrido pola actividade lexislativa do Parlamento coa referencia ás leis 10/2001, do 7 de setembro, e 11/2002, do 18 de setembro, respectivamente relativas ao Plan galego de estatística 2002-2006 e aos colexios profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia. A primeira procede á aprobación do Plan galego de estatística que estará vixente no período 2002-2006, unha vez esgotada a vixencia do Plan 1998-2001. Concibido como o instrumento de ordenación e planificación da actividade estatística da Comunidade Autónoma, a través dun sistema de planificación por obxectivos, a lei persegue o desenvolvemento e consolidación do sistema estatístico de Galicia, de maneira que proporcione ás institucións públicas, axentes económicos e sociais e cidadáns en xeral información suficiente e coherente que permita coñecer mellor e analizar a realidade demográfica, social, económica e ambiental de Galicia. Para a consecución dese obxectivo xeral establécense obxectivos específicos de información, organización e instrumentos. A lei regula, ademais, as relacións de colaboración institucional entre a Xunta de Galicia e as entidades públicas territoriais e non territoriais galegas locais, autonómicas, estatais, europeas e internacionais para a constitución dun sistema estatístico integral de Galicia, e establece as funcións do Instituto Galego de Estatística na execución do plan. A Lei de colexios profesionais vén, pola súa parte, regular o estatuto xurídico dos colexios profesionais que desenvolven a súa actividade exclusivamente no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia. Desenvolvendo as bases previstas na lexislación do Estado, busca a lei eliminar as dificultades que presenta o carácter preconstitucional da lexislación de 1974, a pesar das súas modificacións, así como reforzar as funcións públicas dos colexios profesionais, prever os instrumentos de colaboración entre a Xunta de Galicia e os colexios e consellos galegos de colexios e adaptar as previsións da lexislación estatal á actualidade da Comunidade Autónoma galega. A norma entende, así, por profesión colexiada aquela na que se require colexiación para o seu exercicio, determina que o exercicio das profesións colexiadas se realizará en réxime de libre competencia e que é indispensable para o exercicio das profesións colexiadas estar incorporado ao colexio correspondente. A partir de tales principios, fíxanse a natureza e o réxime de funcionamento dos colexios, a forma de exercicio das súas competencias administrativas, os seus fins e funcións, o réxime xurídico aplicable á súa creación e aos seus estatutos e organización interna.

3. A actividade regulamentaria

Aínda que o carácter electoral do ano 2001 facía prever certa inflexión á baixa da actividade regulamentaria da Xunta, o certo é que, moi ao contrario, durante o período citado produciuse un notable incremento desta, e foron máis numerosos que o ano pasado os decretos do Goberno que presentan unha clara natureza normativa. Por sectores de actividade sobresaíron varios dos que son tradicionais dentro da acción regulamentaria da Xunta (a sanidade, a cultura ou o ambiente) e, desde unha perspectiva máis *transversal*, polo tipo de accións normativas desenvolvidas pola Xunta, volveron destacar, como xa acontecera no ano 2000, os decretos polos que o Goberno galego procedeu a refundir normativa dispersa en instrumentos regulamentarios anteriores (os 39, 40, 41, 42, 43, 44 e 45, todos do

1 de febreiro do ano 2001, por exemplo) e aquel outros, tamén moi numerosos, polos que procedeu a aprobar regulamentos de execución pendentes de elaboración polo Goberno. Procederemos a continuación, en todo caso, a clasificar por sectores de actividade a totalidade das disposicións regulamentarias que foron tidas en conta ao longo deste ano:

- a) O da *sanidade* foi en 2001 o sector de actividade que agrupou un maior número de normas, case todas elas de gran relevancia material, inseridas, dun ou outro modo, no proceso de reforma sanitaria en curso na Comunidade Autónoma galega. A maior parte desas normas refírese, de feito, a aspectos organizativos: é o caso dos decretos 37/2001, de configuración de áreas de servizo compartido en estruturas hospitalarias do Servicio Galego de Saúde; 52/2001, polo que se regula a acreditación dos centros hospitalarios; 77/2001, sobre centros, servizos e establecementos sanitarios; e 97/2001, de regulación básica dos órganos de regulación, asesoramento, calidade e participación das institucións hospitalarias do Servicio Galego de Saúde. Outros dous máis céntranse en materia de farmacia, aínda que o segundo deles encaixa tamén dentro do primeiro apartado de normas de organización do aparato sanitario: son os decretos 146/2001, sobre planificación, apertura, traslado, peche e transmisión de oficinas de farmacia; e 176/2001, sobre creación, apertura e funcionamento dos servizos de farmacia e depósitos de medicamentos nas estruturas de atención primaria. Tamén son dous os decretos relativos ao ámbito material do persoal: o 290/2001, polo que se crea a categoría de médico de urxencias hospitalarias, e o 292/2001, polo que se configura a categoría de médico de admisión e documentación clínica. E dous, en fin, as normas máis propiamente relativas á sanidade interior en sentido estrito, a primeira en materia de prevención de enfermidades e a segunda a cabalo entre o sector de actividade da sanidade e o do comercio: trátase dos decretos 9/2001, polo que se regulan os criterios sanitarios para a prevención da contaminación por lexionela nas instalacións térmicas, e 75/2002, sobre control sanitario da publicidade, promoción, subministración, venda e consumo de produtos do tabaco.
- b) Foron tamén numerosas, e moi transcendentais, as normas regulamentarias no sector de actividade do *ambiente*, sector este no que, segundo se apuntaba anteriormente, se aprobaron ademais dúas leis de significación material indiscutible. Deben incluírse aquí os decretos 295/2000, polo de que se desenvolve a Lei 1/1995, de protección ambiental de Galicia, en relación co pacto ambiental na Comunidade Autónoma; 298/2000, polo que se regula a autorización e notificación de produtor e xestor de residuos de Galicia e se crea o Rexistro xeral de produtores e xestores de residuos de Galicia; 78/2001, polo que crea o Observatorio Galego de Educación Ambiental; e 302/2001, polo que se regula o aproveitamento da enerxía eólica na Comunidade Autónoma de Galicia. Como se desprende do seu contido material, estes dous últimos decretos poderían inserirse tamén, respectivamente, nos ámbitos da educación e da industria.
- c) No ámbito material da *cultura*, que agrupa tradicionalmente un bo número de disposicións regulamentarias, aprobáronse en 2001 normas que, sobre todo, procederon a refundir disposicións dispersas en diversos instrumentos normativos: así os decretos 41/2001, de refundición da normativa en materia de bibliotecas; 43/2001, de refundición da normativa en materia de depósito legal; 44/2001, de refundición da normativa en materia de censo de asociacións e entidades culturais; e 45/2001, de refundición da normativa en materia de Camiño de Santiago. Completa este bloque o Decreto 196/2001, polo que se regulan as publicacións da Xunta de Galicia.
- d) No sector *agroalimentario*, cuxa economía estivo moi golpeada nos dous últimos anos pola crise derivada da aparición de casos de encefalopatía esponxiforme bovina, aprobáronse tres

decretos que claramente se dirixen a intentar corrixir as súas consecuencias e a previr futuros problemas de entidade similar no sector: o 91/2001, polo que se regulan as agrupacións de defensa sanitaria gandeiras de Galicia, o 108/2001, sobre a produción integrada e a súa indicación nos produtos agrarios, e o 216/2001, polo que se establecen normas de aplicación do sistema de etiquetaxe de vacún na Comunidade Autónoma.

- e) No sector *turístico*, moi puxante en Galicia, que en boa medida actuou como elemento compensador da súa economía en situacións de crise doutros sectores máis tradicionais como o agropecuario, aprobáronse igualmente tres decretos, todos eles destinados a ordenar, refundíndoa, a normativa vixente en varios dos seus ámbitos materiais de regulación: o 39/2001, de refundición en materia de Consello Galego de Turismo, declaración de Municipio Turístico Galego e declaración de festas de Galicia de Interese Turístico, o 40/2001, de refundición da normativa en materia de inspección de turismo e órganos competentes no procedemento sancionador, e o 42/2001, de refundición en materia de axencias de viaxes, guías de turismo e turismo activo.
- f) Foi importante tamén a produción normativa da Xunta no ámbito xenérico do *comercio e industria*, no cal se aprobaron catro decretos que regulan diversos mecanismos de intervención administrativa: o 296/2000, polo que se aproba o Regulamento da inspección de consumo, o 194/2001, de ordenación da venda ambulante, o 262/2001, polo que se refunde a normativa reguladora do Rexistro xeral de contratistas, e o 172/2001, sobre incentivos para o desenvolvemento económico e o fomento da actividade empresarial en Galicia.
- g) Fronte a estes cinco primeiros bloques, nos que a actividade normativa da Xunta foi intensa ou moi intensa, poderían agruparse noutro máis aqueles sectores de actividade en que o Goberno aprobou polo menos dous regulamentos significativos. É o caso do sector da *vivienda*, onde se aprobaron dous decretos de contido subvencional (304/2000, sobre subvencións a fondo perdido para rehabilitación de vivendas no medio rural de Galicia, e 127/2001, sobre subvencións a fondo perdido para a reconstrución de vivendas no medio rural de Galicia) e da *función pública* (71/2001, polo que se aproba o Regulamento do persoal funcionario destinado nas confrarías de pescadores e sobre indemnizacións por razón de servizo ao persoal en destino na Administración autonómica de Galicia).
- h) O Goberno galego ocupouse tamén durante o ano 2001 doutros sectores de actividade, como o da *enerxía* (Decreto 36/2001, polo que se establecen os órganos competentes para a resolución dos procedementos de instalacións eléctricas que sexan competencia da Comunidade galega), a *ordenación do territorio* (79/2001, polo que aproba o Regulamento da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural); os *seguros* (118/2001, polo que se regulan as competencias da Comunidade galega en materia de mediación en seguros privados); o do *emprego* (134/2001, polo que se establece o programa das unidades de promoción e desenvolvemento no ámbito de Galicia) e, en fin, a *caza* (248/2001, polo que se aproba o Regulamento de caza de Galicia).
- i) Agruparemos nun último bloque final todos aqueles decretos que presentan *relación co proceso electoral autonómico*, normas que, pola súa propia natureza, teñen, claro está, nalgúns casos, unha vocación de vixencia normativa temporalmente limitada. Así, en primeiro lugar, os ditados para posibilitar legalmente a celebración dos comicios (197/2001, de disolución do Parlamento de Galicia e de convocatoria de eleccións, e 198/2001, polo que se establecen normas sobre as medidas materiais que se utilizarán nas eleccións ao Parlamento de Galicia de 2001); en segundo lugar, os decretos de natureza organizativa aprobados como conse-

cuencia da formación dun novo Goberno autonómico (306/2002, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, 309/2001, polo que se determinan os centros directivos dependentes da Presidencia da Xunta, e 310/2001, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos dependentes da Presidencia da Xunta); e en terceiro lugar, por último, o aprobado para facer fronte á imposibilidade de aprobar dentro do prazo, dada a data de celebración dos comicios (21 de outubro), o novo orzamento da Comunidade Autónoma para o ano 2002 (401/2001, polo que se regula a prórroga dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, do ano 2001, para o exercicio do 2002).

4. Trazos fundamentais da vida política e institucional galega

Novos datos sobre algúns problemas xa tradicionais en Galicia: pesca, agricultura, infraestruturas, demografía, financiamento autonómico, política urbanística

Toda a actividade normativa –lexislativa e regulamentaria– que ata aquí se analizou foi abordada, segundo xa antes subliñabamos, nun ano de claro perfil electoral, no que a pugna entre partidos pola ocupación dos seus espazos de respectiva competencia foi *in crescendo* e foi, tamén, por momentos, extremadamente dura: pénsese, por dar un só dato, aínda que altamente significativo por si mesmo, que de todas as leis aprobadas ao longo da V lexislatura autonómica –segundo vimos, un total de 32– tan só seis recibiron o apoio unánime dos tres grupos presentes na Cámara. Aínda que a todo iso haberemos de referirnos de inmediato, resulta necesario, en todo caso, para dar unha visión cabal e de conxunto do desenvolvemento da vida política e institucional galega ao longo do ano 2001, mencionar que algúns acontecementos inesperados provocaron un profundo revulsivo social e mediático –de xeito moi especial, a desarticulación a finais de marzo do Comando Zapaburu da ETA, preparado para actuar en Galicia, tras a detención dunha das activistas do grupo– e que moitos outros asuntos, xa tradicionais na axenda política galega, seguiron coleando e centrando a atención da sociedade e das súas institucións.

É o caso, por exemplo, dos *conflictos na gandería e na pesca*, respectivamente provocados pola chamada síndrome das «vacas tolas» e polas dificultades producidas na negociación pesqueira entre a Unión Europea e Marrocos, conflitos que se saldaron finalmente con cadanseu recambio nas consellerías responsables destes. Apenas comezado o ano, o presidente da Xunta destituíu o conselleiro de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria, que arrastrou na súa caída a cúpula do seu departamento. A Xunta aprobou, ademais, en febreiro, un plan de choque para o sector bovino, tendente a evitar a extensión do mal das «vacas tolas» e a recuperar a confianza dos consumidores na carne galega. Os datos empezaron a mostrar, de todos os xeitos, xustamente a partir de febreiro, e sen que iso fose, claro, consecuencia da incidencia dun plan que non se puxera en marcha aínda e que nacía, ademais, afectado de graves problemas de financiamento, un cambio de tendencia na curva de consumo, que viña caendo ininterrompidamente desde o Nadal de 2001 e que só a principios de febreiro comezou a elevarse novamente. Xa en xullo, a Comisión Especial de Seguimento da Encefalopatía Esponxiforme Bovina creada no Parlamento de Galicia aprobou, cos únicos votos do PP, o seu ditame ao respecto, un ditame, asumido logo pola maioría no Pleno da Cámara, no que, entre outras medidas, se demandaba a prohibición definitiva das fariñas de carne e óso. En canto ao conflito pesqueiro con Marrocos, que estaba a poñer en risco, segundo algúns analistas, ata o 6% do emprego directo na pesca e que, desde outra perspectiva, afectaba decisivamente, ao igual que o conflito agrícola, aos intereses electorais da maioría parlamentario-governamental, a situación conduciu tamén finalmente ao relevo na cabeza da consellaría, que se produciu a mediados de setembro.

A *política de infraestruturas* volveu estar tamén no primeiro plano da actualidade, sobre todo cando case rematado o mes de xullo se lle puxo o punto final á autovía do Noroeste (A-6) despois de 95 meses de traballos e un investimento multimillonario que a convertía nunha das vías de comunicación máis caras de toda a rede viaria española. E cando, a mediados de maio, se comezou a realización do que ía ser o último tramo da A-9. Pero o ano 2001 non foi, desde a perspectiva das infraestruturas de comunicación, o das estradas, xa practicamente culminadas, senón o da alta velocidade ferroviaria, cuxos prazos de construción, trazados e formas de financiamento provocaron constantes enfrontamentos e debates, tanto no interior de Galicia (entre as cidades galegas, que se mostraban contrariadas ou satisfeitas, dependendo dos casos, cos plans do Ministerio de Fomento), como entre a Comunidade Autónoma e o Estado central, que mostraron en diversas ocasións os seus criterios diverxentes respecto ás modalidades de financiamento da alta velocidade galega.

O *problema demográfico* seguiu coleando igualmente ao longo de todo o ano 2001. Por unha parte, os datos ao respecto que facían públicos diversos medios de comunicación cunha cadencia case regular resultaban máis que preocupantes. Tras entresacar de entre todos os que se foron coñecendo só os máis rechamantes, o panorama resulta, en verdade, dunha gravidade indiscutible: só 34 municipios galegos rexistraban en 2000 máis nacementos que defuncións; a revisión do padrón confirmaba que Galicia perdera case 12.000 habitantes desde 1996, é dicir, en tan só cinco anos, perdas que eran de 9000 habitantes só en 2000. Un estudo auspiciado por algunhas das entidades financeiras máis importantes de Galicia (Caixa Galicia, Banco Pastor e Caixa Nova) –a chamada Relatoría de Dinámica Social do coñecido como Proxecto Galicia 2010– sinalaba, en fin, que, de non cambiar a tendencia vixente ata o momento, o interior das provincias de Lugo e Ourense quedaría case deserto cando finalizase a década. Así as cousas, a Xunta de Galicia anunciaba en xaneiro un Plan de revitalización demográfica de Galicia, que contiña medidas dirixidas a potenciar a natalidade e corrixir o déficit de man de obra, fixándose na necesidade de facilitar a instalación na Comunidade Autónoma de traballadores inmigrantes. Entre outras: o fomento dos contratos estables a tempo parcial para homes e mulleres; as deducións fiscais por número de fillos e o impulso dos comedores escolares, centros de vacacións, aulas de tempo libre e a construción de gardarías; a promoción da oferta de vivendas por medio da construción de inmobles accesibles aos niveis de renda medios e baixos; a construción de vivendas tuteladas para maiores e a promoción pública de residencias para anciáns; e a habilitación de fórmulas de aloxamento provisional ou programas de acceso á vivenda para inmigrantes. O plan foi presentado ante o Parlamento pola conselleira de Familia, pero foi rexeitado pola oposición parlamentaria por carecer, ao seu xuízo, do orzamento necesario para poñelo en marcha dun modo realista.

Aínda que non pode ser obxecto aquí de tratamento detido, a cuestión do *financiamento autonómico* estivo igualmente presente no debate político institucional galego ao longo do ano 2001. A comezos de xuño, o ministro de Facenda informaba de que, tal e como solicitara reiteradamente o presidente da Xunta, o Partido Popular incluíría no novo modelo de financiamento, como criterios de repartición, os da dispersión poboacional e o envellecemento demográfico. Poucos días despois, o Partido Popular de Galicia e o Partido dos Socialistas de Galicia alcanzaban un acordo sobre o modelo de financiamento, do que se excluía o Bloque Nacionalista Galego, partidario dun modelo máis próximo ao do concerto. Finalmente, e tras o acordo de financiamento pactado polas comunidades autónomas o 27 de xullo, os responsables da Facenda galega informaban de que Galicia –que sería a quinta Comunidade que máis diñeiro recibiría co novo modelo– aumentaría o seu financiamento nunha cantidade que roldaba os cen mil millóns de pesetas para o conxunto do período 2002-2007.

Pecharemos este percorrido destacando os perfís dun fenómeno que ben podería considerarse como un caso característico do que vén denominándose tecnicamente *agenda setting*, é dicir, do poder dos

medios de comunicación social para fixar, en determinadas circunstancias, a axenda pública. O xornal *La Voz de Galicia*, o de maior tiraxe da Comunidade, cuxa porcentaxe de lectores supera o total de todos os demais implantados en Galicia, lanzou ao longo do ano 2001 unha auténtica campaña contra o que ía rematar por coñecerse como *feísmo urbanístico*, é dicir, contra a palpable e galopante deterioración da arquitectura e da paisaxe a consecuencia da xeneralización, tanto no medio urbano como no rural, dun tipo de construción de nulo valor estético, completamente desarraigada do ambiente e do contorno, e dunha salvaxe intervención no territorio, baseada soamente en criterios especulativos e irrespectuosa en grao máximo cos valores da conservación da natureza e a beleza paisaxística. A reiteración de informacións, reportaxes e pronunciamentos dos máis diversos colectivos implicados dun ou outro modo no asunto ía rematar por producir certos efectos, cuxo impacto final está, en todo caso, aínda hoxe por valorar. Así, a finais do mes de maio a Xunta anulaba por primeira vez en Galicia as normas urbanísticas dun municipio, o de Teo, próximo a Santiago, cuxa poboación medrara un 40% en cinco anos e que constituía un exemplo case de laboratorio de todos os males asociados ao feísmo. A principios de xuño, e tras unha reunión entre representantes da Xunta e os alcaldes das grandes cidades de Galicia, séntanse as bases dun pacto institucional que permita atallar o caos urbanístico, pacto que implicará reformas legislativas que axilicen a tramitación de plans e respecten a autonomía municipal. De feito, poucos días despois, os concellos formulan a súa exigencia de autonomía urbanística para antes de outubro (data das eleccións autonómicas) a cambio da súa adhesión ao pacto anticaos e acordan crear xunto con representantes do Goberno autonómico e técnicos na materia unha chamada Mesa polo Urbanismo. Na súa reunión de principios de xullo, a dita mesa expón que a edificación de vivendas en Galicia debe quedar suxeita ao cumprimento dunha serie de normas orientadas a garantir que a tipoloxía da construción e os materiais empregados garden unha harmonía coas características do contorno en que se sitúa. Finalmente, o 28 de xullo, os alcaldes das sete principais cidades de Galicia (entre os que hai rexedores das tres forzas con representación parlamentaria: o PP, o BNG e o PSdeG) e os representantes da Consellería de Ordenación do Territorio asinan o «Acordo marco para a reforma do urbanismo», cuxa plasmación en medidas concertadas se traslada á quinta lexislatura do Parlamento de Galicia. O documento acordado entre os concellos e a Xunta recolle o compromiso desta última, demandado polos alcaldes, para que as reformas legislativas contra o caos urbanístico teñan prioridade tras as eleccións e a constitución do novo Parlamento de Galicia.

5. Da moción de censura ás eleccións autonómicas do 21 de outubro de 2001

O ano 2001 vai comezar en Galicia do mesmo xeito que rematou: cun marcado acento electoral. Ou mellor, preelectoral. O día 11 de xaneiro, apenas reincorporados aos seus postos os membros do Goberno tras as vacacións de Nadal, o líder parlamentario do BNG, Xosé Manuel Beiras Torrado, anuncia que o seu grupo presentará na Cámara galega unha moción de censura contra o presidente da Xunta de Galicia. Xustificada, á sazón, na situación de extraordinario desgoverno que atravesamos, segundo o Bloque, a Comunidade Autónoma («vacas tolas», caos nos servizos públicos posto ao descuberto pola sucesión de temporais, conflito pesqueiro) e na imposibilidade de forzar o Goberno popular a debater a través da utilización dos instrumentos ordinarios de control, o BNG recorre á censura, malia partir da evidencia de que esta está condenada a fracasar, cando menos no plano xurídico, dada a correlación de forzas da Cámara galega, onde a Xunta conta co apoio de 42 deputados, catro máis dos que marcan a fronteira da maioría absoluta que sería necesaria para a aprobación da censura. A moción débátese finalmente o 29 de xaneiro co resultado xuridicamente previsible –o seu rexeitamento– pero cun resultado político moi probablemente peor do esperado polo Bloque: non só os deputados populares votan en contra da censura, senón que tam-

pouco a apoian os do Partido Socialista e os de Esquerda de Galicia, que se presentaran nas listas socialistas. Ademais, o presidente da Xunta consegue darlle a volta á atención dos medios e do público, ao anunciar no curso do debate de censura a data probable (outubro) de celebración das eleccións autonómicas, e despexa dese xeito un dos elementos permanentes do debate nos meses precedentes: o de se as eleccións se celebrarían despois ou antes do verán. As enquisas realizadas con posterioridade ao debate parlamentario que a censura provocou van confirmar, polo demais, os escasos réditos políticos obtidos polo grupo parlamentario censurante en comparación cos obtidos polo grupo censurado: Manuel Fraga sería, así, segundo estas, o líder máis beneficiado tras o debate de censura (37%, fronte ao 14% para Beiras e ao 4% para Pérez Touriño) e o PP sería tamén en comparación cos da oposición (33%, fronte ao 15% para o BNG e o 7% para o PSdeG).

En todo caso, e fose como for, o certo é que a censura vai fixar as liñas fundamentais de discurso político que meses máis tarde se confrontarán nas eleccións autonómicas. Unhas liñas estas que non poden comprenderse cabalmente sen ter á vista a evolución das enquisas sobre intención de voto mencionadas ao principio deste capítulo. E é que esas enquisas, como xa se sinalou, abren, por primeira vez desde a chegada de Manuel Fraga á Presidencia da Xunta, a posibilidade de que o Partido Popular poida perder, aínda polos pelos, a maioría absoluta e, con ela, o Goberno de Galicia. Por un lado, o millón de votantes indecisos, que moitas sondaxes prognostican, poñerían de feito no aire a consecución polo PP daquela maioría. Polo outro, a existencia de tan só tres partidos con representación parlamentaria (PP, BNG e PSdeG, toda vez que este último anunciara xa a súa intención de non renovar pacto electoral con Esquerda de Galicia) que as sondaxes dan tamén como segura configura un sistema de partidos no que o Partido Popular só pode asegurarse ao cen por cento o mantemento do Goberno por medio da obtención da maioría absoluta na Cámara galega: a súa perda coloca automaticamente en mans da oposición nacionalista e socialista a decisión de pactar unha maioría (e un goberno) alternativa ou de deixar o PP gobernar en minoría.

Así as cousas, o PP orientará a súa campaña electoral a convencer os seus electores –sobre todo os dubidosos– de que debían elixir entre o PP e o caos, sendo o caos, claro, segundo o discurso do PP, a eventual coalición do BNG e o PSdeG, que os populares daban por segura, se eles perdían a absoluta. Tal estratexia, dirixida sobre todo aos electores que dubidaban entre seguir votando popular ou pasarse ao voto socialista, tiña por finalidade axitar o medo ao BNG, que, como forza maioritaria da esquerda, sería, segundo o PP, a segura beneficiaria dun pacto que faría a Beiras presidente da Xunta. A mensaxe era, nunha palabra, que votar socialista equivalía a votar nacionalista. Esa mensaxe íase ver, curiosamente, confirmada, pola estratexia do propio BNG, que, cunha intención para nada coincidente, como é obvio, coa do Partido Popular, encarou as eleccións coa seguridade de que as enquisas anunciaban a segura fin da maioría absoluta do PP: por iso o BNG formulaba a necesidade de que os socialistas se unisen á alternativa que o nacionalismo estaba chamado a liderar, pois tamén case todas as enquisas confirmaban a eventual vantaxe do BNG sobre o Partido Socialista.

Collido nesa pinza incomodísima, o PSdeG intentou durante todo o longo período de precampaña electoral manter unha calculada ambigüidade sobre os pactos que debían, no seu caso, celebrarse no suposto de que o PP perdese finalmente a maioría absoluta da que ata entón gozara. Con esa referida ambigüidade pretendían os socialistas non escorrentar nin potenciais votantes vidos do PP –que podían ver nun pacto co Bloque que fixese a Beiras presidente motivo suficiente para non transferir o seu voto– nin, tampouco, potenciais votantes vidos do BNG, para quen unha abstención do Partido Socialista que permitise a Manuel Fraga seguir gobernando en minoría podería ser motivo máis que suficiente para non transferir tampouco o seu voto cara ao Partido Socialista. Esta ambigüidade calculada ía romper, xa en plena campaña electoral, cando a presión cruzada do PP e o BNG colocou o PSdeG ante o perigo de conseguir o contrario xustamente ao que con ela perseguía: perder votos pola

súa esquerda e a súa dereita. Iso explica, moi probablemente, as declaracións de Pérez Touriño, producidas uns días antes do 21 de outubro en que habían de celebrarse os comicios, no sentido de que se Fraga perdía a absoluta e o BNG era segunda forza, o PSdeG deixaría o PP gobernar en minoría.

A precampaña e a campaña xiraron en torno a esta cuestión fundamental (a dos pactos e a da fórmula de goberno que se impoñería tras estas), que será tamén, ao noso xuízo, a que finalmente rematará por explicar os movementos de voto que conduciron aos resultados do día 21. En todo caso, a campaña estivo percorrida ademais por algúns outros elementos de debate que deben destacarse antes de entrar a analizar aqueles resultados. Por dous esencialmente: polo suposto mal estado de saúde do presidente da Xunta, tema obxecto de comentarios en círculos e cenáculos que non chegou a saltar abertamente aos medios ata que Beiras se fixo publicamente eco destes. O debate pecharíase, ao máis puro estilo Fraga, cando o presidente da Xunta achegou nunha rolda de prensa certificados médicos acreditativos do seu bo estado de saúde. O segundo dos temas apuntados, o das irregularidades do Censo Electoral de Residentes Ausentes (CERA) –o coñecido popularmente como «voto emigrante»– coleou durante meses, tras a reiterada comprobación da existencia de tales irregularidades, e chegou a colocarse, por momentos, no centro do debate partidista, sobre todo nos meses en que as enquisas apuntaron a posibilidade de que os votos exteriores puidesen acabar decidindo o resultado dos comicios autonómicos. Aínda que iso non sucedeu finalmente, o debate tivo un marcado efecto profiláctico, pois traducíuse nunha mellora substancial dos censos, dos que foron eliminados, por exemplo, 8882 electores que (por estaren mortos) non estaban en condicións, claro, de votar con liberdade.

Centrándonos xa, en fin, no resultado electoral, o certo é que a vitoria do PP volveu ser clara e rotunda. Deixando á marxe os votos do censo de emigrantes, que apenas afectaron ás grandes magnitudes dos emitidos en Galicia, a súa lectura agregada para o conxunto da Comunidade pon de relevo a extraordinaria fortaleza do PP, que obtén o 50,9% dos votos (745.944) e perde seis décimas respecto ao seu resultado de había catro anos (793.789, o 51,5%); tamén o BNG cede posicións, aínda que nunha porcentaxe superior, que lle supón pasar do 25,5% ao 23,3% dos votos (341.751 en 2001 fronte aos 392.810 de 1997); o PSdeG será o único dos contendentes que mellora, ao pasar do 19,4% ao 21,8% dos votos (320.283, fronte a 298.313) nunha ascensión, que, ao igual que o descenso que sofre o BNG, podería ter unha significación cualitativa moi superior á súa mera dimensión cuantitativa. E é que tanto o lixeirísimo desprazamento dos sufraxios expresados como a súa tradución en escanos na Cámara (41, 17 e 17 en 2001, fronte a 42, 18 e 15 en 1997) poñen de relevo que o que podería parecer unha obviedade –que nada substancial cambiaría en Galicia tras as últimas eleccións autonómicas– non o é en realidade. ¿Por que? Pois porque o descenso do Bloque, que rompe unha tendencia ao crecemento ininterrompida desde 1989, e o ascenso do PSdeG, que, aínda que non é capaz de cubrir a baixada dos nacionalistas, rompe tamén unha tendencia á caída constante desde a data sinalada, poderían ser o preanuncio dunha remodelación dos respectivos espazos nacionalista e socialista. Algo que, no seu caso, podería contribuír a desbloquear un sistema de partidos ata agora bloqueado, no que a correlación de forzas entre Goberno e oposición non experimentou ningún cambio significativo nos dez últimos anos e no que a competencia electoral se lles veu reducindo, polo tanto, aos dous partidos que ocupan o espazo da esquerda, o BNG e o PSdeG.

Constituído o novo Parlamento de Galicia, e en coherencia co resultado electoral, Manuel Fraga volveu ser chamado por cuarta vez consecutiva a formar o Goberno autónomo galego. A sesión de investidura celebrouse nos primeiros días de decembro do ano 2001: transcorreran daquela vinte anos e un día desde que, tamén nun xa distante mes de outubro, o do ano 1981, se celebraran as primeiras eleccións autonómicas galegas.

CAPÍTULO XVI

ANO 2002

1. Introducción: liñas xerais

Sen ningún xénero de dúbidas, o ano 2002 foi en Galicia o ano do *Prestige*. E iso a pesar da circunstancia de que o accidente do petroleiro que dará lugar á que moi pronto vai ser considerada como a maior catástrofe ecolóxica da historia de España non tivo lugar ata mediados do outono. Todo cambiou na dinámica política e institucional de Galicia despois daquel fatídico mércores 13 de novembro en que o *Prestige* deu os primeiros sinais de alarma tras a ruptura dun dos seus tanques: isto é certo. Pero non o é menos, porén, que ao longo dos meses previos a esa data aquela dinámica estivo marcada de forma decisiva aínda polos vivos ecos das últimas eleccións autonómicas, celebradas o 21 de outubro de 2001. A nova vitoria por maioría absoluta do Partido Popular e o equilibrio das dúas forzas que comparten a oposición ao Goberno presidido por Manuel Fraga Iribarne (o BNG e o PSdeG, que pasarán a dispoñer do mesmo número de escaños no Parlamento xurdido dos comicios mencionados) serán os datos decisivos que explicarán o desenvolvemento dos acontecementos políticos e institucionais ata o 13 de novembro.

Durante o ano 2002 a maioría parlamentario-gobernamental do Partido Popular acometerá con total comodidade a súa acción lexislativa, dunha entidade cualitativa menor do que en principio podería indicar a súa dimensión cuantitativa, e enfrontarase, tamén con similar tranquilidade, aos debates principais de *políticas públicas* que percorreron a vida política autonómica ata mediados do outono (o da alta velocidade e o do chamado «feísmo urbanístico»), así como aos debates de carácter constitucional, entre os que destacarían o da posible reforma estatutaria e o da exigencia de representación autonómica nas institucións da Unión. Os partidos da oposición, pola súa banda, saían librados de modo moi distinto do resultado electoral: o socialista impulsado pola mellora relativa da súa posición electoral respecto ao BNG e este último moi afectado internamente por un resultado que se afastaba por completo das expectativas dos nacionalistas, que apostaran moi forte nos comicios autonómicos, convencidos da posibilidade da alternancia ou, en todo caso, da posibilidade de despegarse de forma clara e talvez definitiva dos seus competidores socialistas. Os barómetros publicados ao longo do ano 2002 polo diario de maior tiraxe do país, *La Voz de Galicia*, indicaban ben ás claras a tradución que o resultado electoral estaba a ter na evolución da opinión públi-

ca galega. Ao igual que xa acontecera durante o ano e medio previo aos comicios autonómicos, a tendencia de intención de voto do Partido Popular indicaba unha perda constante, aínda que non acelerada, dos seus apoios electorais (28% no barómetro de inverno, 27% no de primavera, 23% no de verán e 24% no de outono), perda que, non obstante, e como tamén viñera xa acontecendo previamente, non beneficiaba para nada a oposición: os electores que deixaban de apoiar o Partido Popular pasaban en masa ao grupo de indecisos (Ns/Nc). En canto á oposición socialista e nacionalista, tamén o PSdeG e o BNG perdían electores entre o inverno e o outono, pois a suma das súas intencións de voto respectivas pasaba do 27% ao 24%. Pero este resultado era consecuencia dun cambio apreciable nas posicións relativas duns e doutros, moi equilibradas no barómetro realizado despois dos comicios de finais de 2001 (o de inverno) no que ambas as dúas forzas alcanzaban unha intención de voto directo case idéntica (13,7% o BNG e 13,5% o PSdeG), para pasar despois a quedar diferenciadas, sempre a favor do Partido Socialista: 13,2% PSdeG/10,9% BNG en primavera; 12,8%/11,6% en verán e 13,3%/10,7% en outono.

Esta lenta e *tranquila* evolución esfumouse literalmente co accidente do *Prestige* e a profunda crise (tamén política e institucional) que case de inmediato xerou a catástrofe económica, ecolóxica e social inducida polas sucesivas e inmensas mareas negras que varreron de norte a sur as praias e costas de Galicia. Aínda que é pronto para saber cales serán finalmente as consecuencias políticas que a crise do *Prestige* acabará por provocar, o certo é que xa a finais de xaneiro, cando se redacta este capítulo, parece dificilmente discutible que as cousas non volverán ser, despois da catástrofe, como eran en Galicia antes desta. As eleccións municipais do 25 de maio do ano 2003 darán, en todo caso, a primeira indicación fiable sobre a previsible envergadura deses cambios.

2. O exercicio das competencias legislativas

O número de leis aprobadas polo Parlamento de Galicia ao longo do ano 2002 (9) é pouco significativo da auténtica transcendencia material da acción normativa desenvolvida pola Cámara e impulsada pola Xunta ou pola maioría que a apoia. A razón diso é que cinco desas nove leis son normas de natureza financeira de obrigada (ou previsible) cadencia temporal: a Lei de orzamentos do ano 2001 (Lei 2/2002, que non se aprobou ata ben entrado o ano da súa publicación a consecuencia da disolución da Cámara galega tras o primeiro período de sesións do ano 2001, disolución forzada pola convocatoria de eleccións) e a Lei de orzamentos do ano 2002 (Lei 6/2002), e mais as correspondentes leis de acompañamento dunha e outra (3/2002 e 7/2002, respectivamente). A quinta desas cinco leis (a 5/2002) limitábase a modificar a posición neta debedora da Comunidade Autónoma galega na data do 31 de decembro do ano 2002 e establece as previsións oportunas para facer efectiva na práctica tal medida financeira.

Das catro leis que restan, a 1/2002, do 26 de marzo, ten escasa densidade normativa, malia modificar unha das denominadas leis de desenvolvemento básico do Estatuto de autonomía (aquelas que necesitan ser aprobadas pola maioría absoluta do Parlamento de Galicia nunha votación final de totalidade): a Lei de Valedor do Pobo. A norma de reforma limitábase a aumentar o número de vicevaledores que poden ser nomeados polo valedor ata un máximo de tres, estando fixado nun máximo de dous o número dos que podían ser nomeados antes da reforma da lei. Xustificado á sazón tal aumento na necesidade de «implementar a eficacia da actuación desta institución e coaduxar, en definitiva, ao cumprimento dos fins para os que foi creada», as cousas resultan ser, na realidade, algo diferentes a como as explica a exposición de motivos da lei. En efecto, o aumento de dous a tres explícase pura e simplemente pola necesidade de desbloquear o nomeamento dun novo valedor, nomeamento que as minorías socialista e nacionalista viñan bloqueando, para o que os grupos

da oposición exixiron ter a posibilidade de designar cada un un vicealedor, dada a súa paridade de escanos na Cámara galega xurdida das autonómicas de outubro do ano 2001.

A Lei 4/2002, do 11 de xullo, de Estatuto de capitalidade da cidade de Santiago de Compostela presenta unha dobre dimensión, que non debe ser descoñecida. Por un lado, pecha definitivamente a vella querela territorial sobre a capitalidade, que non puido solucionarse cando no ano 1982 a Lei de sede das institucións autonómicas (Lei 1/1982, do 24 de xuño) houbo de limitarse a desenvolver as previsións do artigo 8.º do Estatuto de autonomía para Galicia, sen mencionar para nada o polémico asunto da capitalidade. Aínda que, desde entón, na linguaxe xornalística e política pasou a ser frecuente designar Santiago de Compostela como *a capital* de Galicia, o certo é que a Lei 1/1982 se limitou a establecer na materia que Santiago era a *sede* do Parlamento, da Xunta, do seu presidente e das consellarías. Non será, polo tanto, senón tras a aprobación desta Lei 4/2002 cando Santiago se converterá legalmente na capital de Galicia, tal e como o determina o artigo 2.º do propio Estatuto de capitalidade. A súa natureza especial determinou, ademais, que o procedemento de tramitación do texto fose un procedemento peculiar. Comezados os traballos de redacción do borrador por un equipo de expertos designado por quen á altura de 1990 era o alcalde de Santiago, Xerardo Estévez, o borrador sufriu diversos avatares, atrasos e interrupcións, ata que finalmente, xa baixo unha nova Administración municipal, os grupos políticos presentes no Concello de Santiago (PSdeG, PP e BNG) chegaron a un acordo a principios do ano 2002. O texto así pactado foi enviado á Xunta de Galicia, que o presentou no Parlamento como proxecto de lei, órgano que, á súa vez, o aprobou finalmente por unanimidade.

Polo que se refire ao seu contido, o Estatuto, no que se rebaixan as pretensións municipalistas do borrador inicial, ten como finalidade fundamental crear un marco estable para os organismos de cooperación interadministrativa que xa viñan actuando en Santiago (o Consorcio da Cidade de Santiago de Compostela, que funcionaba desde o ano 1992) mediante a creación dun denominado Consello de Capitalidade, concibido como un órgano colexiado, de carácter permanente, cuxo obxecto será a coordinación entre a Administración autonómica de Galicia e a Corporación Municipal de Santiago no que afecta ás súas respectivas competencias e responsabilidades derivadas do feito da capitalidade. Ese Consello de Capitalidade, do que formarán parte, entre outros, o presidente da Xunta e o alcalde de Santiago, dispoñerá, ademais, dunha comisión executiva presidida por este último á que corresponderá, entre outras funcións, preparar as sesións do Consello de Capitalidade. Este consello terá, pola súa banda, a función esencial de adoptar acordos en relación coas materias que o Pleno do propio consello declare de interese concorrente para a Administración autonómica e o Concello santiagués e que afectan ás funcións que lle correspondan á cidade de Santiago de Compostela como capital de Galicia. O Estatuto establece, a ese respecto, disposicións específicas en materia de servizos e actuacións metropolitanas, patrimonio histórico-artístico, territorio e urbanismo, seguridade pública, transporte e turismo, especificidades competenciais todas elas derivadas da capitalidade. O Estatuto péchase, en fin, cunha concisa disposición en materia de financiamento, cuxa importancia é, non obstante, decisiva para dotar de verdadeiro contido as súas diversas previsións: a de que a condición de capital de Galicia da cidade de Santiago terá un apartado específico nos orzamentos da Comunidade Autónoma e que, para tal fin, antes de elaborar o Proxecto de lei de orzamentos, o Consello de Capitalidade podería emitir o correspondente informe. Debe subliñarse, en todo caso, que finalizado o ano 2002 aínda non se puxeran en marcha as diversas previsións contidas na lei.

A Lei 8/2002, do 18 de decembro, de protección do medio atmosférico de Galicia, vén engadirse a outras dúas disposicións xa vixentes na materia: as leis 12/1995, do 29 de decembro, do imposto sobre contaminación atmosférica, cuxo obxectivo era o de limitar, mediante instrumentos de natureza tributaria, a emisión de certos contaminantes producidos en Galicia; e 7/1997, do 11 de agosto,

de protección contra a contaminación acústica, coa que se pretendeu facer fronte aos problemas provocados polos ruidos en ambientes urbanos. Neste contexto, a nova disposición trata de enfrontase a unha realidade ineludible: a existencia en Galicia de en torno a 300 factorías catalogadas polos expertos como emisoras potenciais de residuos tóxicos, moi especialmente cimenteiras, centrais térmicas, industrias papeleiras e refinarias. A norma, que parte do acervo normativo da Unión Europea na materia (sobre todo das directivas 1996/62/CE, 1999/30/CE, 2000/69/CE, 2001/80/CE e 2001/81/CE), dispón que o seu obxecto esencial é o de establecer os criterios e as técnicas de ordenación para manter un alto nivel de calidade do aire ambiente e melloralas, se fose posible, así como para previr, vixiar e reducir a contaminación atmosférica. Para tales efectos a lei fixa, en primeiro lugar, algúns dos principios que han de inspirar a acción pública a favor da protección e a mellora do medio atmosférico de Galicia: entre outros, o do desenvolvemento sostido, a prevención (mediante a adopción de medidas que eviten a formación e/ou emisión de contaminantes), a precaución (mediante a adopción de medidas cando existan indicios de riscos graves), a transparencia na Administración e a información á sociedade, a integración (mediante a incorporación da exigencia da protección do aire nas políticas sectoriais), a coordinación e a unidade de xestión entre todos os organismos competentes en Galicia na protección do medio atmosférico, a adaptación ao desenvolvemento científico e técnico ou, en fin, a solidariedade colectiva e a responsabilidade compartida de todos os axentes económicos. En desenvolvemento de todos os principios apuntados, a norma detalla de forma exhaustiva as medidas dirixidas á avaliación e protección da calidade do aire, ao control da contaminación atmosférica producida polas diversas actividades, ao fomento da calidade do aire ambiente e á información e participación na xestión do medio atmosférico. En canto ás funcións das administracións públicas na materia, destaca a creación dun denominado Comité Galego de Integración e Coordinación Ambiental que, dependente da Consellería de Medio Ambiente, impulsará e coordinará a acción administrativa, formulando suxestións e elaborando propostas para mellorar a protección do medio atmosférico de Galicia. A lei dedica, en fin, cadanseu capítulo á disciplina ambiental e ao réxime de infraccións e sancións, que, cualificadas en moi graves, graves e leves, poden chegar a alcanzar, no primeiro dos casos, o importe de 1.200.000 euros.

A última das nove leis aprobadas polo Parlamento de Galicia ao longo do ano 2002 (a 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural) inscríbese no contexto dunha problemática que xa fora obxecto dun amplo debate político e social ao longo de 2001: o do denominado feísmo urbanístico, ao que xa se fixo referencia no capítulo desta obra correspondente ao ano anterior. A norma menciona, de feito, na súa exposición de motivos, o dato histórico de que a necesidade de elaborar unha normativa común do urbanismo do futuro para Galicia deu lugar á sinatura dun «Acordo marco para a reforma do urbanismo en Galicia», datado o 27 de xullo de 2001 e subscrito polo conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, o presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias e os alcaldes das sete grandes cidades de Galicia (as catro capitais de provincia, Santiago, Ferrol e Vigo), ademais dos rexedores dalgúns outros pequenos municipios. Ese «acordo marco» incluía, entre outras medidas, a adopción de accións legislativas para combater o feísmo e a desorde urbanística galega no contexto dun conxunto de propostas contidas no seu borrador técnico: plan urbanístico de maior calidade, edificacións máis respectuosas co ambiente e o contorno, definición con máis claridade de conceptos urbanísticos susceptibles de crear problemas aos concellos, redistribución de competencias entre a Xunta e os concellos (permitíndolles aos municipios de máis de 20.000 habitantes dispoñer de máis autonomía urbanística), mellora da calidade dos espazos públicos, simplificación da xestión urbanística, potenciación do patrimonio do solo, reforzo da disciplina para controlar o crecemento ordenado de núcleos de poboación, redución da densidade das edificacións e redución do número de vivendas unifamiliares dispersas. No ámbito dese acordo marco desenvóléronse ao longo do ano 2002, como xa sucedera no ano 2001, amplos debates entre as diversas forzas políticas, entre as institucións implicadas no pacto e entre os diversos pro-

fesionais e intereses económicos relacionados co sector, debates puntualmente reflectidos polos medios de comunicación e, moi especialmente, pola prensa escrita. Tales debates viñeron ademais potenciados pola política desenvolvida pola Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, que, entre febreiro e xuño paralizou (total ou parcialmente) a construción e/ou a concesión de licenzas en cinco municipios (pequenos ou medianos) de Galicia: Teo, Oroso (exemplos ambos os dous flagrantes de feísmo e especulación salvaxe), Pontearreas, O Grove, A Guarda e Tui. Pero malia o grao notable de acordo político entre os tres partidos galegos con representación na Cámara autonómica que viñera presidindo todo o proceso descrito, a Lei 9/2002 aprobouse, finalmente, cos únicos votos do Partido Popular.

Trátase dun texto moi extenso (237 artigos, ademais de varias disposicións adicionais e transitorias) no que dunha forma completa e exhaustiva se procede a regular a ordenación urbanística en todo o territorio de Galicia, así como á regulación, ordenación e protección do medio rural, dos núcleos rurais de poboación que se localicen nel e do patrimonio rural. Entre outras materias fundamentais a lei regula, así, ao longo dos seus oito títulos, o réxime urbanístico; o plan urbanístico; as normas de aplicación directa en materia de edificación; a execución dos plans de ordenación; os instrumentos de intervención no mercado do solo; as intervencións na edificación, uso do solo e disciplina urbanística; os órganos urbanísticos de carácter público, tanto autonómicos, como locais; e os convenios urbanísticos. Dado que, como é obvio, resulta de todo imposible ofrecer sequera unha mínima información respecto destes diversos aspectos, quizais sexa útil mencionar as finalidades que a propia norma fixa para a actividade urbanística, finalidades que vertebran moitos dos principios reguladores contidos na lei. Entre elas poderían mencionarse as de asegurar que o solo se utilice en coherencia coa súa utilidade pública e a función social da propiedade; impedir a desigual atribución de beneficios e cargas do plan entre os propietarios e afectados; asegurar a participación da comunidade nas plusvalías que xere a acción urbanística; preservar o medio físico, os valores tradicionais, os sinais de identidade e a memoria histórica de Galicia; harmonizar as exigencias de conservación dos recursos naturais e a paisaxe co mantemento, diversificación e desenvolvemento sostible do territorio; velar para que a actividade urbanística se desenvolva promovendo a máis ampla participación social; conseguir a integración harmónica do territorio e protexer os valores naturais e a riqueza e variedade arquitectónica fomentando o emprego de formas construtivas propias das diversas zonas e garantindo a súa integración no medio rural; fomentar a ordenación e mellora dos núcleos rurais, evitando a degradación e perda das construcións tradicionais e favorecendo o uso e gozo do medio rural.

3. A actividade regulamentaria

Como adoita ser habitual, procederemos a agrupar seguidamente as distintas normas regulamentarias aprobadas pola Xunta de Galicia ao longo do ano 2002 nos correspondentes sectores de actividade, non sen antes aclarar que, desde unha perspectiva *transversal*, moitos deles tiveron por obxecto a creación de distintos tipos de rexistros (de entidades de voluntariado de Galicia, de entidades colaboradoras co Plan de Galicia sobre drogas, de identificación de animais de compañía e potencialmente perigosos e de adestradores caninos, ou, en fin, de convenios que celebre a Xunta de Galicia, organismos autónomos e entes de dereito público con outras administracións ou outros entes) ou o establecemento de comisións ou organismos de coordinación de diferente natureza en relación con distintos tipos de materias (seguridade industrial, alertas sobre riscos relacionadas cos medicamentos e produtos sanitarios de uso humano, loita contra a pobreza, consentimento informado, pesca, medios audiovisuais ou, en fin, persoas discapacitadas). En canto á agrupación por sectores de actividade, algúns destes volveron concentrar, como acontece frecuentemente, a actividade regulamentaria da Xunta:

- a) No ámbito dos *servizos sociais* aprobáronse os decretos 405/2001, polo que se regula o Rexistro de entidades de acción voluntaria; o 244/2002, polo que se regula a Comisión Interdepartamental de Loita contra a Pobreza; o 300/2002, polo que se crea e regula o Consello Galego de Persoas Minusválidas; e o 347/2002, polo que se regulan os pisos protexidos, vivendas de transición e unidades residenciais para persoas con trastornos mentais persistentes.
- b) En materia de *sanidade* a Xunta realizou un activo labor regulamentario, dentro do que destacan os decretos 74/2002, polo que se crea o Rexistro de entidades colaboradoras do Plan de Galicia sobre drogas e se regula o procedemento para a súa declaración de interese; o 90/2002, polo que se regula a posesión de animais potencialmente perigosos e se crea o Rexistro de identificación de animais de compañía e potencialmente perigosos e de adestradores caninos; o 170/2002, polo que se crea a Rede Galega de Alerta sobre Riscos Relacionados cos Medicamentos e os seus Produtos Sanitarios de Uso Humano; o 224/2002, polo que se regula a hemodoazón e hemoterapia; e o 247/2002, polo que se determina a constitución, composición e funcións da Comisión de Consentimento Informado.
- c) Foron tamén varios os decretos referidos á regulación de diferentes aspectos da estrutura e actividades das *organizacions profesionais*: o 63/2002, polo que se regulan os procesos electorais para a renovación dos membros dos consellos reguladores de denominación de calidade en materia agroalimentaria; o 246/2002, polo que regula o Consello Galego de Pesca; e o 261/2002, polo que se aproban as normas reguladoras das confrarías de pescadores e as súas federacións.
- d) Un número significativo de disposicións regulamentarias tiveron por obxecto a regulación do funcionamento de ámbitos concretos da *Administración autonómica*: así sucedeu cos decretos 229/2002, polo que se regula o Rexistro de convenios que celebre a Xunta, os seus organismos autónomos e entes de dereito público dependentes dela con outras administracións ou outros entes de dereito público; 230/2002, polo que se regula a legalización de documentos da Comunidade Autónoma que deban producir efectos no estranxeiro; 267/2002, polo que se regula a habilitación profesional para a tradución e a interpretación xurada doutras linguas ao galego e viceversa; 293/2002, de creación do Centro de Estudos Locais de Galicia; e 294/2002, polo que se constitúe e regula a composición e funcións do Consorcio Audiovisual de Galicia.
- e) No sector de actividade do *ambiente*, obxecto dunha regulación regulamentaria moi activa ao longo dos últimos anos, deben incluírse os decretos 329/2002, polo que se aproba o Regulamento que establece as ordenanzas tipo sobre a protección contra a contaminación acústica, e 352/2002, polo que se regula a produción de residuos da construción e demolición.
- f) En materia de *economía e industria* destacan o Decreto 426/2001, polo que se regulan os organismos de control en materia de seguridade industrial e control regulamentario e se crea a Comisión de Coordinación de Seguridade Industrial, e o 133/2002, polo que se regula a concesión de préstamos polo Instituto Galego de Promoción Económica.
- g) Por último, deben destacarse tamén outros sectores de actividade onde se aprobou polo menos unha norma regulamentaria significativa: o do *xogo* (Decreto 181/2002, polo que se aproba o Regulamento do xogo do bingo), o da *vivenda* (Decreto 228/2002, sobre subvencións a fondo perdido para a rehabilitación protexida de vivendas no medio rural de Galicia, ademais do xa mencionado 347/2002, sobre vivenda para persoas con trastornos mentais persistentes), o da *educación* (Decreto 266/2002, de contratación do profesorado universita-

rio) e, finalmente, o do *turismo* (Decreto 297/2002, polo que se regulan o «Libro de visitas da inspección turística» e as follas de reclamación de turismo).

4. Trazos fundamentais da vida política e institucional galega

Como xa ao principio se apuntaba, o naufraxio do *Prestige* e a inmensa catástrofe provocada por este condicionaron o desenvolvemento da vida pública galega, e española en xeral, como poucos acontecementos desde o inicio da etapa política autonómica. Por iso, a análise da dinámica político-institucional desenvolvida en Galicia ao longo do ano 2002 debe realizarse tomando como fronteira esa catástrofe, que supuxo un punto de inflexión en 2002 e que posiblemente condicionará o futuro de Galicia a curto e medio prazo.

Galicia antes do Prestige

A vida política galega estivo marcada ata novembro principalmente por tres grandes focos de atención: o xerado polas discusións producidas en torno a algunhas políticas públicas altamente significativas e de grande importancia para Galicia; o derivado da crecente crise interna do BNG e dos cambios estratéxicos na súa política en relación coa Xunta de Galicia; e o centrado nun debate constitucional que estivo referido sobre todo á posibilidade e/ou conveniencia dunha reforma estatutaria, na reivindicación da presenza de Galicia nos foros europeos e na eventual reforma do Senado.

Polo que se refire ao primeiro deses focos, o das *políticas públicas*, un dos asuntos obxecto de atención e de debate ao longo do ano 2002, o do «feísmo», foi xa comentado previamente con certo detalle, con ocasión do tratamento do contexto que permite situar correctamente a aprobación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural. Xunto ao do feísmo, en 2002 seguiu coleando o tema das infraestruturas de transporte por estrada, referido sobre todo agora á realización dalgunhas vías estratéxicas de comunicación interior, unha vez finalizadas as grandes obras de comunicación coa Meseta, e adquiriu un gran protagonismo o da alta velocidade ferroviaria. Un protagonismo este condicionado pola falta de acordo en relación cuns trazados dos que en última instancia ía rematar por depender a auténtica natureza do proxecto, é dicir, que o AVE galego fose finalmente un tren de *alta velocidade* ou, simplemente, de *velocidade alta*. Á altura de marzo a prensa galega facíase eco da existencia de polo menos catro propostas de trazado, á marxe das concretas reivindicacións das diversas cidades afectadas, identificadas ou non con algunha destas: a (oficial) do Ministerio de Fomento, a dos empresarios galegos, a da federación galega de UGT e a dos empresarios lucenses, empresarios estes últimos que arremetían ese mesmo mes contra a Xunta por apoiar a proposta de Fomento. O fondo do asunto residía no feito de que, de aceptarse sen modificacións o trazado oficial proposto por fomento, o futuro AVE galego remataría sendo, segundo os que discrepaban co trazado referido, un dos trens de alta velocidade máis lentos de toda Europa, lentitude que, á súa vez, redundaría case con total seguridade na falta de competitividade da alta velocidade galega. En outubro, pouco antes de producirse o accidente do *Prestige*, a Xunta expuxo ao Ministerio de Fomento a necesidade de levar a cabo un investimento ferroviario de 2400 millóns de euros, o que segundo ela podería situar o AVE galego nunha situación similar ao catalán. Poucos días despois, o secretario xeral do Partido Socialista, Emilio Pérez Touriño, propúxolle ao presidente da Xunta pechar un acordo parlamentario para garantir a efectividade da súa proposta de paridade entre o AVE galego e catalán, pacto que foi desbotado por Manuel Fraga. Xa en novembro, un amplo e diverso grupo de sectores sociais (sindicatos, patronal, asociacións de enxeñeiros) solicitou da Xunta un posicionamento rotundo a favor dun AVE máis veloz que o previsto nas propostas coñecidas do Ministerio de Fomento, advertindo de que un ferrocarril de «segundo nivel» hipoteca-

ría o futuro de Galicia. O 11 de novembro, o Partido Socialista pediu ao Executivo que chegase a un acordo con Fomento no prazo máximo de dous meses e o BNG, que se establecese de inmediato un plan definitivo que permitise acabar coa incerteza que viña presidindo todo o proceso de deseño do trazado. Finalmente, o 13 de novembro, o mesmo día que o *Prestige* se accidentaba, a prensa galega publicaba a noticia de que o conselleiro de Política Territorial, Xosé Cuiña, cifraba en 1800 millóns o custo adicional dun AVE galego máis veloz que o que figuraba nas propostas oficiais. Ese serán chegaron as primeiras noticias do petroleiro sinistrado e os seus efectos foron inmediatos tamén no relativo ao debate sobre o AVE: a cuestión desapareceu case por completo dos medios, que só tiveron espazo xa para seguir a evolución das sucesivas mareas negras. Transcorridos algo máis de dous meses, os efectos da crise do *Prestige* deixáronse sentir tamén en relación cun asunto que non acababa de avanzar, e así, cando se escribe este capítulo, xa foi feito o anuncio por parte do presidente do Goberno dun investimento, o do chamado «Plan Galicia», que, segundo as previsións contidas no plan, permitiría facer fronte á construción dun AVE coa velocidade que ata agora viña sendo solicitada desde diversas instancias públicas e privadas, sociais e institucionais, de Galicia.

A *crise interna do BNG*, segundo foco de atención dos tres antes citados, explicitouse o mesmo día en que se coñeceron os resultados das eleccións autonómicas e foise agravando de forma paulatina ata que, de novo, o accidente do *Prestige* a sacou do primeiro plano do debate político autonómico e a aprazou ou (algo que resulta máis dubidoso) a resolveu por consunción. As autonómicas fixeran saltar polos aires as esperanzas que se foran apoderando pouco a pouco dos dirixentes do BNG: que o ciclo de Fraga rematara e que, co seu ocaso, se iniciaba un novo ciclo que estaría protagonizado polo Bloque, chamado a liderar sen ningún xénero de dúbidas a alternativa á –pronto seguro– derrotada maioría popular. As cousas, como é coñecido, sucederon de xeito ben distinto: e iso non só porque o PP volveu gañar as eleccións con indiscutible autoridade, superando de novo a maioría absoluta necesaria para asegurarse o control da Xunta de Galicia, senón tamén porque o BNG vía igualmente frustrada a súa expectativa de se despegar electoralmente do Partido Socialista. Todo iso ía traducirse, tras as primeiras semanas de sorpresa e desconcerto, nun cambio estratéxico liderado directamente polo voceiro nacionalista, Xosé Manuel Beiras Torrado, quen decidirá, para escándalo dalgúns dos sectores máis ortodoxos da fronte de partidos que se agrupan no Bloque, iniciar unha nova etapa na súa relación co presidente da Xunta, ata a data inexistente no persoal e marcada no político pola dureza extrema das descualificacións que un e outro dirixentes adoitaban frecuentemente dedicarse. O 9 de xaneiro, Fraga e Beiras reuníronse por primeira vez en moito tempo, pois o seu anterior encontro non pasara dunha coincidencia ocasional en Porto en 1990, e acordaron normalizar as súas relacións institucionais, colaborando nos grandes temas do país. Froito desa nova situación, Beiras declaraba poucos días despois ao diario *El País* que «o discurso de Fraga non [era] o do patriotismo español de Aznar» e, de inmediato, o BNG pronunciábase oficialmente sobre o novo contexto das súas relacións co Partido Popular: «Avaliamos moi positivamente os contactos entre o noso voceiro e o presidente da Xunta».

Pero, como pronto podería comprobarse, esta situación de conformidade e calma interna resultaba máis aparente que real. E así, a principios de febreiro, a prensa galega farase eco do anteproxecto dos novos estatutos da formación nacionalista nos que a gran novidade non era outra que a previsión dunha dirección bicéfala que rompía o claro protagonismo que Beiras tivera ata a data. A partir dese momento as noticias da crise fóronse coñecendo en cadea: en abril, e coincidindo cunha viaxe a Hispanoamérica do voceiro do BNG, a Unión do Pobo Galego (UPG), partido independentista hexemónico no Bloque, pediu a Beiras que abandonase a portavocía da formación nacionalista cando tivese lugar a súa X Asemblea Nacional, cuxa celebración estaba prevista para finais de abril; pouco máis tarde, a propia UPG defendería a paridade de posicións entre os dous novos postos de dirección previstos no seu anteproxecto de estatutos: o de voceiro e o de coordinador executivo. Tras varias sema-

nas de confrontación interna entre Beiras e a UPG, os diversos sectores implicados na crise chegaron finalmente, rematando marzo, a un compromiso: Beiras sería reelixido voceiro na X Asemblea, que nomearía tamén un coordinador executivo da confianza de UPG, pero o propio Beiras asumiría o compromiso de abrir a mediados da lexislatura (finais do 2003 ou comezos de 2004) o proceso para designar un novo candidato á Presidencia da Xunta. O resultado da asemblea confirmou o pacto subscrito entre Beiras e a UPG, pero iso non foi capaz de pechar a crise que se instalara no interior do BNG, da que ía ser unha mostra indiscutible a elección do novo Consello Nacional, no que, contra todo prognóstico, os independentes da formación nacionalista conseguiron colocar 13 membros dun total de 50. O pacto serviu, ademais, para que Beiras fose suspendido de militancia polo partido (Esquerda Nacionalista) a través do cal militara no Bloque ata a data, forza esta que non participara no consenso congresual. As permanentes friccións que se seguiron producindo no interior do BNG tras a nova política de acordo institucional entre Beiras e o presidente da Xunta, paralela a unha política de illamento do Partido Socialista por parte deste último, unidas ás tensións derivadas do proceso de preparación das candidaturas para as futuras eleccións municipais do ano 2003, non deron tregua interna ao BNG, que ía chegar ao mes novembro profundamente dividido e coas súas expectativas electorais en caída lenta aínda que constante. Pero entón produciuse o accidente do *Prestige* e tamén de pronto todo pasou a ser aquí, como veremos, substancialmente diferente.

O terceiro foco de atención da política autonómica centrouse no que poderíamos denominar o *debate constitucional de carácter autonómico*, debate referido, segundo xa antes se apuntaba, a tres cuestións esenciais: a da eventual reforma estatutaria, a da presenza institucional da Comunidade Autónoma galega nos foros da Unión (moi especialmente no Consello de Ministros) e a da reforma do Senado.

As teses sobre unha eventual reforma da Constitución destinada a reformar o Senado para convertelo no que veu a denominarse unha *auténtica Cámara de representación territorial* e para dar un encaixe ás diversas exixencias de representación das comunidades na Unión foran defendidas, aínda que sen éxito, polo presidente da Xunta no XIV Congreso do PP. Xa iniciado o ano 2002, a finais de febreiro, Pérez Touriño e Manuel Fraga pactan no Parlamento de Galicia, a iniciativa do primeiro, requirir ao Goberno nacional unha saída ás reiteradas exixencias autonómicas de representación ante a Unión. A declaración acordada ten grande interese, pois nela contense o esencial da posición que sosteá cara ao futuro o presidente da Xunta e –en parte– o propio Partido Socialista. O texto establece que «o Parlamento galego insta a Xunta para que esta á súa vez o faga ao Goberno central sobre a vixencia da proposta que foi aprobada pola Cámara galega en 1994» relativa ao autogoberno de Galicia, na que se contemplaban as seguintes áreas: «1. Revisión das competencias, composición e elección do Senado, converténdoo en Cámara de representación efectiva das comunidades autónomas e da súa participación na formación da vontade estatal, e como expresión do carácter plurinacional, pluricultural e plurilingüístico de España. 2. A institucionalización da participación da Xunta de Galicia na formación da vontade estatal nas institucións comunitarias, especialmente a través do Senado reformado. 3. Asegurar a participación ordinaria da Xunta e demais comunidades autónomas na representación española no Consello Europeo, e entre os órganos da Unión Europea, cando se traten materias de competencias autonómicas. 4. Que a Xunta e demais comunidades autónomas poidan exercer por delegación estatal a representación española ante as institucións da UE cando trate de materias de competencia autonómica, de acordo co artigo 203 do Tratado da UE». O grande balbordo que a proposta suscita de inmediato nos órganos centrais do Partido Popular é acalada nun primeiro momento polo presidente da Xunta argumentado que non coñecía a *fondo* a declaración pactada co Partido Socialista, pero ante a insistencia para que Fraga se retracte dalgún modo do acordado previamente, o presidente da Xunta responde insistindo en que a reforma constitucional non sería un grave problema na súa opinión e que algunhas cousas se vían de forma diferente desde Madrid e desde Santiago. O acordo entre o PP e o PPdeG chega final-

mente cando o presidente da Xunta decide *conxelar* de forma provisional as súas reivindicacións e insistir no seu lugar na dimensión municipalista do partido, tendo á vista o XI Congreso dos populares de Galicia, celebrado o 16 e 17 de marzo, e as eleccións municipais que deberían celebrarse a mediados do ano 2003.

Pasados uns meses, e en boa medida coincidindo coas celebracións oficiais do Día de Galicia (25 de xullo), o Partido Socialista lanza unha proposta de reforma estatutaria destinada a favorecer a apertura dun proceso de «federalización do Estado das autonomías», proposta considerada de inmediato irresponsable e pouco seria por parte do PP. O texto desta inclúe o compromiso cun «novo impulso ao pacto constitucional» que se concretaría nun impulso ao afondamento do autogoberno de Galicia (un novo galeguismo, un impulso que implique a reforma do Senado como Cámara territorial e a presenza das comunidades na Unión), un impulso aos dereitos da cidadanía e do sistema de dereitos sociais, un novo impulso á redefinición europea e un novo impulso á autonomía local.

Dos bandazos neste terreo da reforma estatutaria e, máis en xeral, da reivindicación dun maior autogoberno, poden ser boa mostra os acontecementos que subseguen a proposta do Partido Socialista: dunha parte, a coincidencia entre Beiras e o presidente da Xunta no sentido de que era o momento de *espremer* e non de reformar o Estatuto (2 de setembro), o que non impide a Manuel Fraga solicitar case de inmediato (4 de setembro) a ampliación do Estatuto para asumir a competencia de control dos aeroportos; o 9 de setembro o propio Fraga desafia o PP nacional e volve á carga coa exigencia de presenza da Comunidade nas institucións da Unión. Pero ambas as dúas exigencias resultan contestadas moi pronto por diversos líderes nacionais do PP (Javier Arenas, Mariano Rajoy), que poñen data á posibilidade mesma de sometelas a debate: non antes de 2004 a cuestión da presenza europea e non antes de 2007 a da transferencia en materia de aeroportos. O BNG exixirá, pola súa parte, tamén a mediados de setembro, a xestión íntegra por parte da Comunidade Autónoma galega dos fondos estruturais europeos. Como é doado de observar, o fresco resulta, no seu conxunto, abondo expresivo da confusión que presidiu o que denominamos o *debate constitucional de carácter autonómico* ao longo do ano 2002, onde as propostas presentaron unha natureza moi diferente (da participación en Europa á transferencia da xestión aeroportuaria) sen que os partidos foran capaces de pactar unha orde de prioridades, un calendario e un mapa dos seus auténticos puntos de acordo e os seus verdadeiros desacordos. Unha situación, en suma, de profunda confusión que se caracteriza, ademais, pola posta no primeiro plano do debate político e institucional de cuestións que apenas interesan ao conxunto da cidadanía. De feito, unha das características definidoras da crise que se abre co accidente do *Prestige* será a da desaparición dese *gap* entre a clase política galega e a inmensa maioría do corpo electoral, ao instalarse no centro da axenda unha cuestión que acaparou, como poucas nas últimas dúas décadas, a atención de todos os galegos.

Galicia despois do Prestige

O accidente. Ás 15.15 horas do mércores 13 de novembro o petroleiro *Prestige*, que, ás ordes da operadora Universe Maritime, navegaba con bandeira de conveniencia (de Bahamas) preto das costas de Galicia, emite os seus primeiros sinais de SOS tras desprenderse do seu casco varias pranchas, o que sometera o buque a unha escora de estribor de 25 graos e deixara ao descuberto algún dos seus tanques. Cargado con 77.000 toneladas de fuel valoradas en 60 millóns de euros, o buque, unha auténtica bomba de relojería, tratará de ser remolcado a todo o longo da tarde do día 13, pero sen éxito, o que conduce a unha situación de extrema gravidade: ao final do día o petroleiro perdeu unhas 6000 toneladas de fuel e foi deixando unha mancha de petróleo de 10 quilómetros de longo por 300 metros de ancho. A imposibilidade de remolcalo tradúcese en que a mañá do 14 o *Prestige* se atope

a tan só 4 millas de Muxía, unha pequena vila mariñeira das Rías Altas galegas. Enganchado o buque o día 14 aos remolcadores situados na zona, comeza entón un longo periplo destinado a afastalo da costa que só remata cando, ás 8.50 horas do martes 19, o buque parte en dous e se afunde no océano a 3500 metros de profundidade: o barco atópase entón a 260 quilómetros das Illas Cíes, percorreu 243 millas (437 km) e perderá no afundimento en torno a 5000 toneladas de fuel que se unirán ás preto de 6000 que xa perdera previamente.

As sucesivas mareas negras. Ao igual que xa acontecera con accidentes anteriores (*Polycomander* en 1970, *Urquiola* en 1976, *Andros-Patria* en 1979 e *Mar Egeo* en 1992), o accidente do *Prestige* provocará unha catástrofe ecolóxica, pero que será nesta ocasión de proporcións realmente incomparables: primeiro pola envergadura da vertedura, segundo polo tipo de vertedura, terceiro pola cantidade de costa afectada e cuarto polo feito de que as mareas negras serán polo menos tres, que irán entrando de forma sucesiva desde o accidente do *Prestige*: a primeira entre o 13 e o 19 de novembro, a segunda entre o 19 de novembro e o 10 de decembro e a terceira con posterioridade ao 6 de decembro. Para darse conta do tamaño real dunha catástrofe ecolóxica que será de inmediato económica e social, será suficiente con sinalar que 12 días despois do accidente a marea negra, que cubría praias e zonas rochosas da costa, se estendía ao longo de varios centos de quilómetros desde a ría de Arousa ao sur, onde os mariñeiros conseguiron finalmente contela, ata a baía da Coruña, onde tamén puido ser freada a entrada do chapapote procedente do *Prestige*. Iso significou que as autoridades pesqueiras da Xunta de Galicia decretarán unha prohibición de pesca e marisqueo que se estendía, no primeiro dos casos, desde a enseada de Corrubedo ata os límites costeiros de Cedeira e, no segundo, desde a praia de Queiruga (próxima a Porto do Son) ata as praias de Cedeira.

O debate provocado polo accidente do Prestige. En realidade, e para ser precisos, máis que do debate habería que falar dos debates. O primeiro foi o relativo a cal sería a mellor solución técnica para lle facer fronte ao accidente: a de afastar o barco (como efectivamente decidiron as autoridades españolas) ou a de intentar achegalo a un porto de refuxio para alí extraer o fuel e proceder á súa reparación. Os defensores (políticos e técnicos) da segunda das alternativas apuntadas argumentaron que tal solución evitaría o efecto abano (que, segundo eles, estaría na orixe da grande envergadura das sucesivas mareas negras) e permitiría minimizar, no posible, as consecuencias do desastre. Os defensores da alternativa governamental argumentaron que o achegamento era imposible polas condicións do *Prestige* despois do accidente, polas malísimas condicións do mar no momento en que o sufriu (con ondas de 7 e 8 metros) e pola imposibilidade técnica (e política) de atopar un porto de refuxio que ofrecese as mínimas condicións de seguridade para levar a cabo unha manobra de atraque de gran dificultade, como era a que presentaba a entrada en porto dun petroleiro seriamente accidentado e cunha forte escora de estribor.

O segundo debate, que durante semanas coincidiu temporalmente co ata agora referido, foi o relativo á eficiencia ou ineficiencia da Xunta e o Goberno español na súa resposta á catástrofe, unha vez que aquela se produciu: en concreto, a de se os medios técnicos e a resposta (técnica, política e administrativa) ante esta foi da rapidez e a envergadura que os feitos requirían. As críticas ao Goberno español e á Xunta foron tamén aquí dunha gran dureza, non só por parte da oposición e por unha parte dos medios, senón tamén por parte dalgunhas das diversas asociacións de afectados (confrarías, sindicatos) e de grupos de expertos de diferente procedencia. Co transcurso do tempo, os executivos autonómico e estatal variaron neste ámbito a forma de se enfrontar a todas esas críticas, desde unha posición inicial que as considerou de todo inxustificadas e para nada procedentes a outra que se foi facendo máis comprensiva cara a algunhas destas, a medida que a catástrofe deixaba sentir os seus efectos devastadores sobre as costas de Galicia. O punto de inflexión en tal sentido veu marcado por unha longa entrevista concedida polo presidente da Xunta ao diario *La Voz de Galicia* (o día 8 de

decembro de 2002) na que Manuel Fraga aceptaba, por exemplo, que a decisión de afastar o barco, «a menos mala», fora «máis mala do que estaba previsto».

O terceiro e último dos debates que ha de referirse é o relativo ao tratamento da información por parte dos executivos autonómico e central: segundo os seus críticos, un e outro practicarían desde o momento en que tivo lugar o accidente unha consciente e programada política de desinformación destinada a negar ou a minimizar, en todo caso, a envergadura da catástrofe que se ía producir ou que xa se estaba a producir. Defendéndose de todas esas críticas, os responsables da Xunta e do Goberno nacional sostiveron que a opinión pública foi informada en todo momento do que estaba a suceder e que as dificultades en dar informacións precisas e axustadas non foi senón a consecuencia da propia evolución duns acontecementos dificilmente previsibles de antemán.

A resposta institucional ante a catástrofe. Como xa se apuntou, o accidente do *Prestige* e as súas inmediatas consecuencias ecolóxicas, económicas, sociais e políticas produciron unha auténtica concentración informativa –moi especialmente en Galicia, pero tamén, aínda que en menor medida, no resto de España–, concentración que, con moi poucas excepcións, tivo como consecuencia eliminar do primeiro plano da actualidade calquera noticia que non tivese que ver directa ou indirectamente co accidente e as súas secuelas. Pero ademais, un e outras deron lugar a unha ruptura política sen precedentes das relacións institucionais entre o Goberno de Galicia e a súa oposición parlamentaria, pois tanto o Partido Socialista como o Bloque mantiveron desde o principio unha posición fortemente crítica coa actuación dos executivos autonómico e central en todos os ámbitos de debate que ata agora se citaron: o xerado polo acerto ou desacerto na decisión oficial de afastamento do buque, pola adecuación ou inadecuación da resposta das administracións autonómica e central ante a crise ecolóxica e pola política informativa oficial en relación con todo iso. Esta posición foi contestada pola Xunta e o Goberno central con constantes acusacións á oposición de deslealdade e de falta de sentido do Estado ante unha catástrofe da envergadura da que Galicia estaba a vivir. En tal contexto, a tradución institucional da política dos partidos da oposición discorrería finalmente por dous camiños diferentes: por un lado, o marcado pola presentación de cadansúa moción de censura (nacionalista e socialista) contra o presidente da Xunta; polo outro, a petición de creación dunha Comisión de Investigación Parlamentaria sobre o Accidente do *Prestige*. A creación da comisión de investigación acordárase finalmente, por decisión unánime dos tres grupos da Cámara, na sesión do Parlamento de Galicia do 3 de decembro, e aínda que a súa actuación habería moi pronto de xerar novos conflitos –sobre todos os derivados da negativa do Goberno central a que comparecesen ante ela os seus altos cargos e os ministros do Executivo nacional–, todo iso produciríase comezado xa o ano 2003. En canto ás mocións de censura presentadas polo BNG e o PSdeG, ambas as dúas foron discutidas na sesión do Parlamento celebrada o día 12 de decembro, sesión na que, como resultaba de todo previsible, unha e outra foron rexeitadas pola sólida maioría parlamentario-gobernamental do Partido Popular.

A resposta popular ante a catástrofe. O accidente do *Prestige* e a inmensa catástrofe ecolóxica que provocou estivo na orixe dunha mobilización de natureza popular, espontánea en boa medida, que unicamente é explicable pola extraordinaria conmoción social que as sucesivas mareas negras –e as súas gravísimas secuelas– acabaron xerando. Os xornais galegos mantiveron en portada de forma ininterrompida todas as noticias que a crise do *Prestige* ía producindo desde o mesmo día do accidente ata moi entrado o mes de xaneiro; os informativos televisivos e radiofónicos abriron durante semanas os seus respectivos partes de noticias falando da evolución dos acontecementos relacionados coa crise do *Prestige*; e a crise do *Prestige* foi o foco das conversacións de café, dos faladoiros, dos debates, dos pronunciamentos, das declaracións dos líderes políticos, dos dirixentes sociais e económicos e das persoas relacionadas co mundo da universidade e a cultura. Aínda que é imposible, claro, resumir todo o cúmulo de feitos noticiais que, relacionados dunha ou outra forma co que

denominamos a resposta popular ante a catástrofe, se produciu nos dous meses que seguiron ao accidente do *Prestige*, si cabe, non obstante, tratar de aclarar como esa resposta discorreu sobre todo en torno a dous grandes polos de mobilización, un e outro vinculados, polo demais, en ocasións: os polos da solidariedade e a protesta.

A solidariedade chegou, de forma moi especial, da man das dúcias de miles de voluntarios (galegos, españois de fóra de Galicia e cidadáns europeos) que, arrepiados pola envergadura do desastre ecolóxico, acudiron desde os primeiros días da crise ás costas de Galicia a realizar todo tipo de labores solidarios, pero moi especialmente a colaborar na limpeza das praias e rochedos arrasados polo chapote do *Prestige*. Un dato pode ser suficiente para expresar as dimensións extraordinarias desa mobilización: na ponte da Constitución concentráronse en Galicia máis de 10.000 voluntarios. O labor de todos os que contribuíron e contribúen aínda (cando este capítulo se escribe) a eliminar os residuos deixados nas costas polas sucesivas mareas negras foi un elemento decisivo para facerlle fronte á catástrofe: é quizais este un dos poucos ámbitos non sometidos a debate e nos que o acordo é practicamente unánime en Galicia.

Menos unanimidade política suscitou, como era lóxico, a mobilización popular vinculada ao segundo dos polos antes referidos: o da protesta. Unha protesta que pouco a pouco foi articulándose en torno a unha plataforma creada por artistas, intelectuais, políticos e sindicalistas vinculados á oposición ao Partido Popular, moi especialmente, aínda que non só, á oposición nacionalista: a denominada Plataforma Nunca Máis. A plataforma e os movementos populares que foron xurdindo en contacto con esta mantiveron un protagonismo que alcanzou o seu cénit na manifestación celebrada en Santiago de Compostela, cando 150.000 persoas (segundo a Policía Local) percorreron as rúas da capital de Galicia exixindo que a catástrofe non volvесе repetirse e reclamando tamén responsabilidades políticas pola que estaba entón a producirse. A manifestación, como moitas das que logo a seguiron noutras cidades galegas, foi apoiada polos partidos da oposición parlamentaria (BNG e PSdeG), polos sindicatos e por un gran número de diversos colectivos cidadáns, pero non finalmente polo Partido Popular, que acabou denunciado a Plataforma Nunca Máis como un instrumento de manipulación da *opinión pública* galega posto ao servizo dos fins políticos e electorais do nacionalismo.

A crise do *Prestige*, e todas as súas consecuencias ecolóxicas, económicas, políticas, sociais inducidas, marcou, pois, un punto de inflexión de indiscutible relevancia na política galega e española en xeral. De feito, ata que o petroleiro se accidenta o día 13 de novembro e ata que a súa carga altamente contaminante empeza a chegar ás costas españolas, nada parecía ser capaz de cambiar a tendencia cara á estabilidade dos comportamentos políticos e electorais que presidira a vida política institucional galega desde a primeira vitoria electoral de Manuel Fraga alá polo ano 1989. Aínda que é pronto, claro, para saber se a referida crise se converterá finalmente no motor capaz de alterar de forma substancial tal estabilidade, non cabe dúbida de que a conmoción que supuxo para o pobo galego foi extraordinaria.

CAPÍTULO XVII

ANO 2003

1. Introducción: liñas xerais

Dous grandes acontecementos determinaron, substancialmente, o desenvolvemento da vida política e institucional da Comunidade Autónoma galega ao longo do ano 2003. O primeiro –o gravísimo accidente do *Prestige*– producírase cando finalizaba 2002, pero seguiu marcando, malia iso, a primeira metade de 2003, período durante o cal a catástrofe asociada ao afundimento do petroleiro nas costas de Galicia condicionou con toda claridade a axenda das institucións, os partidos e os medios e, en consecuencia, o debate político e social. As causas do accidente; as actuacións (correctas ou incorrectas) dos poderes públicos centrais ou autonómicos para facerlle fronte; as eventuais responsabilidades políticas derivadas de tales actuacións; a forma de facer efectivas, no seu caso, esas responsabilidades no seo da institución parlamentaria; a acción mobilizadora dos grupos contrarios á forma en que o Goberno central e o autonómico xestionaran a catástrofe; os plans dun e outro para corrixir os efectos de diversa natureza que daquela se estaban a derivar; ou, por último, as consecuencias directas da grave crise sobre o funcionamento interno da Xunta de Galicia foron asuntos todos que delimitaron a evolución da política autonómica polo menos ata maio, mes no cal se celebraron unhas eleccións, as municipais, que deron lugar, entre outras cousas, a que a crise do *Prestige* perdesse, finalmente, o primeiro plano en que se mantivera desde o día en que aquel se accidentou.

As municipais supuxeron, de feito, o segundo dos dous grandes acontecementos previamente mencionados. E iso porque, máis alá da súa propia transcendencia político-institucional, os resultados que deixaron en Galicia abriron unha fronte de negociacións e conflitos –a dos pactos municipais postelectorais– que ía colear ata moito despois de celebrados os comicios. Malia as moi notables diferenzas entre o mapa de partidos autonómico –definido pola presenza maioritaria do Partido Popular e o equilibrio das dúas forzas que conforman a súa oposición no Parlamento galego: o Partido dos Socialistas de Galicia e o Bloque Nacionalista Galego– e máis alá da existencia de moi diversos mapas de partidos nos máis de trescentos municipios de Galicia, o certo é que o mapa xeral se reproduce no seu formato, aínda que non no seu equilibrio interno, na maior parte dos grandes concellos galegos, o que situara no pasado, e volveu situar tras as municipais de maio, os pactos postelectorais no centro da dinámica política. A súa configuración inicial e a súa posterior evolución ían marcar, así, a

segunda parte do ano 2003, ano no que, ademais, un dos dous partidos afectados polos pactos mencionados, o Bloque Nacionalista Galego, celebrou unha importantísima asemblea na que se produciría a anunciada, e varias veces aprazada, renovación dun xa antigo liderado.

Polo demais, e como corresponde a un sistema político no que a maioría parlamentario-gobernamental é unha maioría homoxénea de partido marcada por un liderado publicamente indiscutido –o de Manuel Fraga á fronte da Xunta de Galicia–, a vida institucional discorreu, segundo xa vén sendo habitual nas últimas lexislaturas, por un camiño de acusada normalidade: o Parlamento de Galicia aprobou un número de leis que se sitúa dentro da media, normas entre as cales se atopan algunhas moi transcendentais desde o punto de vista material, ao incidir en sectores de actividade dunha significación indiscutible desde o punto de vista económico ou social; e a Xunta desenvolveu de modo ordinario a súa acción regulamentaria, que se situou dentro dos parámetros habitualmente caracterizadores da acción do poder executivo.

2. O exercicio das competencias lexislativas

Cunha marcada continuidade cuantitativa respecto ao acontecido no ámbito da produción lexislativa durante o ano 2002, ano en que o Parlamento de Galicia aprobou un total de nove leis, o número de normas ascendeu a dez durante 2003. Pero esa continuidade cuantitativa non se produciu, porén, cualitativamente falando. E iso porque, se en 2002 cinco das nove leis aprobadas –máis da metade– tiñan carácter financeiro (entre elas as leis de orzamentos de 2001 e 2002, e as súas correspondentes normas de acompañamento), no ano 2003 tan só dúas das dez –unha quinta parte, polo tanto– presentaron tal carácter.

Trátase das leis 8/2003, do 23 de decembro, e 9/2003, de igual data, polas que, respectivamente, se aproban os orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2003 e se adoptan medidas tributarias e administrativas. De entre todas as contempladas na segunda destas normas destaca a que dispón a creación dun tipo de gravame autonómico aplicable ao imposto sobre as vendas minoristas de determinados hidrocarburos, gravame que se afecta ao financiamento de servizos sanitarios e ambientais. Tras establecer os distintos tipos de gravames que serán de aplicación en función do tipo de carburante de que se trata en cada caso (gasolina, gasóleo de uso xeral, fuel e queroseno de uso xeral), a propia lei engade que no peche de cada exercicio a Consellería de Economía e Facenda elaborará unha memoria acreditativa na que se reflecta que os rendementos derivados deste imposto quedaron afectados na súa totalidade ao financiamento de gastos de natureza sanitaria ou ambiental.

Polo demais, as oito leis restantes aprobadas ao longo do ano 2003 polo Parlamento de Galicia refírense a sectores de actividade moi variados, aínda que case todas teñen un contido material normativo de relevancia destacada. A excepción a ese respecto constitúea a Lei 5/2003, do 27 de decembro, que, en materia de función pública, se limita a declarar extinguida a escala específica (escala de confrarías) creada pola disposición transitoria quinta da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, escala adscrita ata a aprobación da lei á Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, de forma que os funcionarios pertencentes a esa escala específica pasan a integrarse, para todos os efectos, como funcionarios dos corpos de Administración xeral da Administración da Comunidade Autónoma.

As dúas primeiras normas lexislativas publicadas no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) durante o ano 2003 encádranse dentro do sector de actividade do ensino, máis en concreto do ensino universitario. Trátase das leis 1/2003, do 9 de maio, de consellos sociais do Sistema Universitario de Galicia, e 2/2003, do 22 de maio, do Consello Galego de Universidades. A primeira das dúas, a de consellos sociais, fundaméntase segundo o propio lexislador, dun lado, na competencia plena que, segundo o

artigo 31 do Estatuto de autonomía para Galicia, exerce a Comunidade Autónoma para a regulación e Administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, incluídos, polo tanto, os estudos universitarios; e doutro, no disposto no artigo 14 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, que atribúe ás comunidades autónomas a competencia lexislativa para a regulación dos consellos sociais das universidades da súa competencia. Sobre a base dos mencionados títulos competenciais a lei aséntase, tal e como adianta a súa exposición de motivos, «na firme convicción de que os poderes públicos, as universidades e a sociedade deben compartir esforzos e responsabilidades de cara ao común obxectivo de alcanzar a máxima calidade e a máxima eficacia na prestación do servizo público do ensino superior universitario». Desde esta concreta perspectiva, o Consello Social concíbese como o órgano de goberno da universidade, que debe garantir a participación das forzas sociais, colaborar na obtención dos recursos necesarios para conseguir o máximo autofinanciamento da institución universitaria, e posibilitar que os membros da comunidade universitaria cumpran coas súas respectivas responsabilidades, de xeito que se poida dar satisfacción ás necesidades educativas, científicas e profesionais da sociedade, permitindo que as universidades rendan contas á sociedade do uso dos seus recursos. A lei prevé para iso que os consellos sociais se compoñerán, ademais de polo seu respectivo presidente (que será designado polo presidente da Xunta entre personalidades da vida cultural, profesional, económica, laboral e social non pertencentes á comunidade universitaria), por seis membros designados polo Parlamento de Galicia, seis pola Xunta de Galicia, dous polos sindicatos máis representativos, catro polas organizacións empresariais e un, en fin, polas corporacións dos municipios onde se sitúan os campus de cada unha das tres universidades de Galicia.

A Lei 2/2003, do Consello Galego de Universidades, vén substituír a regulación vixente na materia (polo que derroga o título II da Lei 5/1987, do 27 de maio, do Consello Social da Universidade e do Consello Universitario de Galicia) como consecuencia tanto da nova regulación estatal contida na Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, como da experiencia acumulada durante os últimos anos. Unha experiencia que aconsella, segundo o lexislador, «a aprobación dunha nova norma, máis exhaustiva, dada a substantividade propia do Consello Universitario e do Consello Social como entidades independentes, logrando así unhas normas que permitan ter unha coordinación áxil e eficaz, en aras dunha política universitaria consensuada entre todos os seus axentes no marco do Sistema Universitario de Galicia». A lei concibe, en consecuencia, o Consello Galego de Universidades como o órgano colexiado de consulta e asesoramento da consellaría competente en materia universitaria, destinado ao desenvolvemento da política de coordinación e planificación do Sistema Universitario de Galicia, órgano ao que se atribúen, entre outras, as funcións de asesorar o conselleiro competente en materia universitaria; coñecer e informar sobre os proxectos de disposicións normativas na mesma materia; facilitar o coñecemento mutuo, as consultas recíprocas e o intercambio de información entre as universidades galegas; realizar estudos e programas conxuntos de actuación; informar sobre as propostas de creación de universidades; informar sobre as propostas de creación, modificación ou supresión de facultades, escolas técnicas e outros centros universitarios; informar sobre as propostas de organización conxunta de estudos entre universidades, ou, en fin, promover a cooperación entre as universidades galegas. Como é doadamente constatable a partir da simple observación das funcións mencionadas, será de feito a existencia de tres universidades en Galicia a que, xunto á necesidade de coordinar esforzos entre universidade e sociedade, levará o Parlamento galego á aprobación da lei. A composición do consello, que detalla a propia norma, non fai máis que confirmar a súa dobre funcionalidade como órgano independente de coordinación interuniversitaria e sociouniversitaria: presidido polo conselleiro competente en materia de universidades, formarán parte deste os directores xerais competentes en materia universitaria e en materia de I+D; os reitores das universidades públicas e privadas galegas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia; os presidentes dos consellos sociais desas mesmas universidades; cinco membros designados pola

comisión do Parlamento de Galicia competente en materia universitaria, e o director da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia.

A Lei 3/2003, do 19 de xuño, de cooperación ao desenvolvemento, cuxo obxectivo é a regulación das accións con que a Comunidade galega asume a responsabilidade de cooperar con outros países para propiciar o seu desenvolvemento integral, é presentada polo lexislador como o punto de culminación normativa de todo un proceso previo, do que serían antecedentes inmediatos, entre outros, a sinatura do primeiro Convenio marco entre a Axencia Española de Cooperación Internacional e a Xunta de Galicia en 1992, e a creación dous anos despois, en 1994, do Rexistro galego de organizacións non gobernamentais para o desenvolvemento, adscrito á Consellería de Presidencia e Administración Pública. Con posterioridade a iso, os propios orzamentos das comunidades autónomas viñeron asignando diferentes recursos para lles facer fronte a iniciativas de cooperación de diverso tipo. Finalmente, a creación do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, co apoio da Federación Galega de Municipios e Provincias e da Administración autonómica, permitiu tamén que os concellos de Galicia asumisen tarefas e actuacións propias na promoción e participación en proxectos e programas de cooperación. É, precisamente, no marco destas diversas iniciativas e no contexto xeral que vén determinado pola importancia crecente de todas as políticas de axuda ao desenvolvemento, tal e como as definiron os sucesivos documentos na materia da ONU, da OCDE ou da UE, no que debe situarse esta Lei de cooperación que se aplicará ao conxunto de actuacións, iniciativas e recursos que as diferentes organizacións, entidades e administracións públicas galegas poñen ao servizo dos pobos máis desfavorecidos, co fin de contribuír ao seu progreso humano, propiciar o seu desenvolvemento sostible, favorecer o seu benestar social e eliminar a pobreza en todas as súas manifestacións, así como potenciar a defensa dos dereitos humanos para avanzar na democratización destes pobos como garante de estabilidade dos programas de desenvolvemento (art. 1.2). Aínda que a lei procede a fixar os obxectivos que debe perseguir a cooperación para o desenvolvemento, os principios nos que se baseará tal cooperación e os criterios conforme os cales se rexerá, o máis destacable desta é, en todo caso, o tipo de instrumento de planificación que a lei prevé para os efectos de facer efectiva a cooperación: os chamados plans directores cuadrienais e os denominados plans anuais. Os primeiros serán aprobados polo Parlamento de Galicia por proposta do Consello da Xunta, logo de informe do Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento e de acordo coas liñas xerais e directoras establecidas no Plan director da cooperación para o desenvolvemento do Estado español. A aprobación dos plans anuais corresponderá, pola súa parte, ao Consello da Xunta de Galicia por proposta do departamento competente en materia de cooperación para o desenvolvemento e tamén tras un informe do Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento. Finalmente, merece tamén destacarse en relación con esta norma a regulación que nela se establece respecto dos instrumentos de cooperación para o desenvolvemento, que serán, segundo a lei, a cooperación técnica, a cooperación económica, a axuda humanitaria e de emerxencia, a educación para a defensa dos dereitos humanos e dos valores democráticos, a educación para o desenvolvemento e a sensibilización social e, en fin, a investigación para o desenvolvemento.

A Lei 4/2003, do 29 de xullo, de vivenda de Galicia, afecta a un dos sectores de actividade máis sensibles socialmente, como puxeron de relevo os constantes debates que viñeron producíndose ao longo de 2003 no conxunto de España en relación co prezo da vivenda e, máis en xeral, coa política de vivenda e solo. A Lei 4/2003, que derroga a 13/1996, do 30 de decembro, pretende dar eficacia ao principio reitor da política social e económica proclamado no artigo 47 da Constitución que ordena aos poderes públicos a promoción das condicións necesarias para facer efectivo o dereito a unha vivenda digna e apropiada, a partir das previsións contidas nos artigos 27. 3.º e 30.1.4.º do Estatuto de autonomía para Galicia, títulos competenciais que habilitan a Comunidade Autónoma para a elaboración dunha norma lexislativa na materia. O seu obxectivo non é, en todo

caso, regular xenericamente a intervención da Administración pública no fenómeno construtivo a través de actuacións de programación do solo e control urbanístico (aspectos xa regulados na Lei 9/2002, do 20 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia), nin tampouco o réxime xurídico xeral das vivendas suxeitas a algún tipo de protección pública. A nova norma pretende, de modo máis limitado, contemplar con atención especial o proceso de introdución das vivendas no mercado, dando unha resposta legal aos conflitos que a realidade xurídica formula con máis frecuencia en relación coa adquisición dunha vivenda ou un local, conflitos estes que ata a data viñeran resolvéndose a partir das previsións contidas nunha lexislación fragmentada e dunha doutrina xurisprudencial non sempre uniforme. Trataríase, en definitiva, segundo expón o preámbulo da norma, de regular tres aspectos fundamentais: en primeiro termo, a protección dos arrendatarios e adquirentes de vivendas e locais na súa relación cos arrendadores, promotores, construtores e vendedores, garantindo que a información recibida, antes de contratar, sexa veraz, completa e transparente, así como o respecto, ao longo do proceso construtivo, dos compromisos asumidos fronte a eles. En segundo termo, a formalización da intervención da Administración autonómica nos problemas específicos que formula a transmisión a terceiros das vivendas suxeitas a algún réxime de protección pública, co fin de asegurar que aquelas queden sempre en mans de cidadáns que doutra forma non poderían facer efectivo o seu dereito a unha vivenda digna e apropiada, dadas as súas particulares circunstancias familiares e económicas. Por último, o establecemento dun réxime sancionador por infraccións en materia de vivenda, que vén modificar o xa vixente, coa finalidade de corrixir as disfuncións apreciadas neste. Catro son en suma, tal e como o establece o artigo 1.º da lei, os obxectivos reguladores que esta persegue: protexer os dereitos dos adquirentes ou usuarios en materia de vivenda; establecer as facultades e dereitos dos organismos autonómicos competentes respecto á transmisión de vivendas suxeitas a calquera réxime de protección pública; regular o depósito das fianzas dos arrendatarios de vivendas e predios; e dispoñer un réxime sancionador por infraccións en materia de vivenda.

Menor densidade normativa, malia a súa innegable importancia no tráfico xurídico-económico da Administración pública autonómica, presenta a Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, cuxo obxectivo é a adaptación da lexislación galega en materia de taxas e prezos á doutrina establecida polo Tribunal Constitucional na súa Sentenza 185/1995, do 14 de decembro, na que se fixan uns criterios de definición deses conceptos distintos dos que figuraban ata a data na lexislación vixente en Galicia. A citada sentenza resolvía un recurso de inconstitucionalidade dirixido contra a Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos do Estado, e nela declarábanse inconstitucionais, entre outros, os preceptos que procedían a definir aqueles ingresos. O Tribunal Constitucional entendía que tales ingresos, que ata entón constituían prezos públicos e quedaban fóra da órbita do principio de reserva de lei, en tanto en canto participaban das notas características das prestacións patrimoniais públicas polo seu grao de continuidade ou necesidade para un axeitado desenvolvemento persoal ou social, necesitaban ser establecidos por normas con rango de lei. Sobre a base dos mencionados antecedentes, a Lei 6/2003 procede a regular os aspectos financeiros da actividade da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, en canto a mencionada actividade pretenda determinar ou influír no consumo ou consista na entrega de determinados bens ou na prestación de determinados servizos, en ambos os dous casos susceptibles de ser individualizados. Para os efectos da lei enténdense como bens ou servizos individualizables aqueles respecto dos cales exista unha demanda definida, sexa de carácter voluntario ou teña a súa orixe nunha obriga legal. A lei prevé, para iso, dous tipos de instrumentos: os de natureza financeira, que serán as contraprestacións percibidas como consecuencia da subministración ou utilización de bens ou de prestacións de servizos demandados polos suxeitos; e os de natureza reguladora, que serán os medios utilizables para alterar as contraprestacións exixidas por aqueles bens ou servizos ofrecidos polos suxeitos activos previstos na propia lei.

A Lei 7/2003, do 9 de decembro, de ordenación sanitaria de Galicia é, sen dúbida, a máis transcendental das aprobadas ao longo do ano 2003 polo Parlamento autonómico, e iso tanto por afectar a un dereito de extraordinaria importancia –o dereito á saúde– como polo seu carácter omnicompreensivo, ao ser a lei unha norma que persegue a ordenación sanitaria na Comunidade Autónoma, a través da delimitación xeral que permita facer efectivo no seu ámbito territorial o dereito dos cidadáns á protección da saúde previsto no artigo 43 e concordantes da Constitución, no marco das competencias que aquela atribúe á Comunidade Autónoma de Galicia. A lei ten, así, por obxecto a regulación do sistema sanitario de Galicia (configurado polo conxunto dos recursos, actividades, servizos e prestacións dirixidos á promoción da saúde, a prevención da enfermidade, a asistencia sanitaria e a rehabilitación, todo iso nun marco integral), así como a regulación de todas cantas actuacións permitan facer efectivo o dereito á saúde. Para estes efectos, e segundo anuncia o propio preámbulo da lei, a norma vertebra o sistema sanitario de Galicia, que se sitúa baixo a dirección da Consellería de Sanidade, ao abeiro dos principios de orientación aos cidadáns e participación social, concepción integral da saúde, universalidade do dereito ás prestacións de cobertura pública, promoción da equidade e do equilibrio territorial no acceso ás prestacións e os servizos sanitarios, calidade dos servizos (tanto na vertente clínica e organizativa como na atención aos cidadáns), cooperación entre todos os axentes que integran o sistema e, en fin, seguridade, efectividade e eficiencia no desenvolvemento das súas actuacións. Ademais –e este acabará por ser un dos aspectos máis polémicos da norma, ao acusala de privatizadora as minorías socialista e nacionalista–, a lei parte do principio de que nesa vertebración do sistema sanitario galego se recoñece a importancia da actividade sanitaria privada para a universalidade do exercicio dos dereitos á prestación dos servizos de saúde, á promoción e ao exercicio da equidade e ao necesario equilibrio territorial. Por iso, a lei configura, segundo os seus autores, un sistema sanitario mixto, de modo tal que se establece e regula a Rede Galega de Atención Sanitaria de Utilización Pública, configurada polos recursos, actividades, servizos e prestacións, de natureza pública ou privada, financiados publicamente, como instrumento ordenado para facer efectivo o dereito constitucional á protección á saúde e á atención sanitaria no ámbito territorial de Galicia. Ademais, a Lei 7/2003 determina as competencias sanitarias das diferentes administracións públicas de Galicia, así como as actuacións da Xunta en relación coa Unión Europea, as relacións de cooperación co Estado e con outras comunidades autónomas, e coas comunidades galegas no exterior, todo iso obviamente en materia sanitaria. A norma regula, finalmente, o Servicio Galego de Saúde (Sergas), a planificación sanitaria e as actuacións en materia de saúde pública e saúde laboral, a ordenación das prestacións e servizos sanitarios que configuran o dereito á protección á saúde e a atención sanitaria no ámbito territorial de Galicia, a participación comunitaria nas actividades sanitarias, a fixación dos dereitos e obrigas dos cidadáns respecto dos servizos sanitarios (fixación que inclúe a creación da figura do Valedor do Paciente) e as infraccións e sancións, así como a formación e investigación sanitarias.

A última das leis que comentaremos seguidamente, a 10/2003, do 26 de decembro, sobre acceso ao ámbito de persoas con minusvalía acompañadas de cans de asistencia, ten un obxectivo materialmente limitado, pero de extraordinaria importancia para facer efectivo en toda a súa extensión o principio de igualdade consagrado no artigo 14 da Constitución española, de acordo ademais coas previsións do seu artigo 9.º 2, que impón aos poderes públicos a obriga de promover as condicións para que a liberdade e igualdade das persoas e dos grupos en que se integra sexa real e efectiva: neste caso trátase do grupo dos minusválidos que se serven de cans de asistencia. O obxecto da Lei 10/2003 é, así, o de lle recoñecer e garantir na Comunidade Autónoma de Galicia a toda persoa que, como consecuencia da súa incapacidade, deba ser acompañada dun can de asistencia, o seu dereito a acceder, deambular ou permanecer con el en calquera lugar, establecemento ou transporte de uso público, con independencia da súa titularidade pública ou privada. Para eses efectos a lei divídese en dous capítulos. No primeiro regúlanse os requisitos exixidos para o recoñecemento da condición de can de asistencia, o dereito das persoas que vaian acompañadas destes ao libre acceso, á deambula-

ción e á permanencia en calquera lugar, establecemento ou transporte público ou de uso público, e ademais, como contrapartida, as súas obrigas. No capítulo II regúlase o oportuno réxime sancionador para facer efectivo o cumprimento dos dereitos e obrigas recollidos no texto legal.

3. A actividade regulamentaria

Agruparemos a continuación as diferentes normas regulamentarias aprobadas polo Goberno galego ao longo do ano 2003, seguindo o criterio do sector de actividade aos que esas se refiren. Algúns deses sectores de actividade, nos que ademais se aprobaron importantes normas lexislativas, como o da sanidade ou a educación, concentraron de novo, e segundo xa é habitual, unha boa parte da actividade regulamentaria desenvolvida pola Xunta de Galicia:

- a) En materia de *organización da Administración autonómica* aprobáronse os decretos 8/2003, polo que se modifica a estrutura orgánica da Xunta de Galicia; 22/2003, polo que se determinan os centros directivos dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia; 23/2003, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia; 178/2003, polo que se aproba o código de identificación corporativo da Xunta de Galicia; e 200/2003, polo que se regulan e determinan as oficinas de rexistro propias ou concertadas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, se procede á creación do Rexistro telemático da Xunta de Galicia e se regula a atención ao cidadán.
- b) O sector de actividade da *sanidade e farmacia* foi, como antes se apuntaba, un dos que rexistrou maior produción regulamentaria. Aprobáronse en tal sector os decretos 186/2003, polo que se fixa o procedemento, os requisitos e as condicións de autorización dos centros hospitalarios da Comunidade Autónoma de Galicia; 244/2003, de homologación sanitaria de receitas oficiais para a prestación farmacéutica; 290/2003 (que afecta tamén ao sector de actividade da *protección dos consumidores*), polo que se fixan as normas relativas á formación de manipuladores de alimentos, o procedemento de autorización de empresas e entidades de formación e se crea un rexistro; e 370/2003, de uso da tarxeta sanitaria para o acceso á prestación farmacéutica.
- c) A *educación* foi outro dos sectores de actividade que concentrou, como acontece case todos os anos, un número importante de normas regulamentarias. Aprobáronse, así, en materia educativa os decretos 201/2003, polo que se desenvolve a autonomía na xestión económica dos centros docentes públicos non universitarios; 325/2003, polo que se autorizan e regulan os centros integrados de formación profesional na Comunidade Autónoma de Galicia; 392/2003, polo que se regula o exercicio pola Comunidade Autónoma de Galicia das competencias en materia de academias de Galicia; e 410/2003, sobre autorización a centros privados e a centros públicos que non sexan de titularidade da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para impartir ensinanzas de técnicos deportivos na Comunidade Autónoma de Galicia.
- d) Xunto a estes tres primeiros sectores de actividade que acaban de mencionarse, nos cales a produción normativa do Goberno galego foi numerosa, existen outros tres nos que, malia ser menos importante, presentou tamén un carácter significativo. Trátase do ámbito material do *dereito laboral*, no que se aprobaron os decretos 211/2003 (que afecta tamén ao ámbito da *organización da Administración autonómica*), sobre distribución de competencias entre os órganos da Xunta para a imposición de sancións en materias laborais, de prevención de riscos e por obstrución do labor inspector; e 217/2003 (que afecta tamén ao ámbito da *función pública*), polo que se regula o nomeamento de persoal interino para o desempeño con carác-

ter transitorio das prazas reservadas a funcionarios e a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia. O segundo é o ámbito material da *protección do ambiente*, no cal se aprobaron os decretos 221/2003, polo que se establece un réxime simplificado no control de traslados de residuos perigosos producidos por pequenos produtores de residuos; e 438/2003, polo que se aproba o Plan básico de continxencias por contaminación mariña para a defensa dos recursos pesqueiros, marisqueiros, paisaxísticos, acuícolas e ambientais de Galicia. Finalmente, o último dos tres ámbitos materiais previamente mencionados é o da *vivenda*, sector de actividade en que se aprobaron os decretos 233/2003, de axudas aos concellos para a infravivenda rural, e 234/2003, sobre subvencións a fondo perdido para a rehabilitación de inmobles situados en conxuntos históricos galegos.

- e) Formaremos, en fin, un último grupo con aqueles sectores de actividade nos que o Goberno galego aprobou durante o ano 2003 polo menos unha disposición regulamentaria destacable pola súa densidade normativa. Trátase dos seguintes: o *dereito civil* (Decreto 159/2003, polo que se regula a figura do mediador familiar, o Rexistro de mediadores familiares de Galicia e o recoñecemento da mediación gratuíta); a *infancia e xuventude* (Decreto 245/2003, polo que se establecen as normas de seguridade nos parques infantís, norma que afecta tamén á *seguridade industrial*); o *transporte* (Decreto 303/2003, do 19 de xuño, polo que se regula a prestación de servizos regulares permanentes de transporte público de viaxeiros por estradas de uso xeral, de varios titulares mediante a utilización dun mesmo vehículo); os *espectáculos* (Decreto 309/2003, polo que se determina o procedemento aplicable para o exercicio da potestade sancionadora en establecementos e espectáculos públicos); os *servizos sociais* (Decreto 318/2003, polo que se regula o programa de acollemento familiar para persoas maiores e persoas con minusvalía); e finalmente, a *inmigración* (Decreto 436/2003, polo que se crea a Comisión Interdepartamental de Apoio a Inmigración).
- f) Un apartado á parte merece, pola especial natureza da materia á que se dirixe, o Decreto 282/2003, que afecta ao *desenvolvemento da lexislación básica de Galicia*: a norma citada procede á aprobación do Regulamento de organización e funcionamento do Consello Consultivo de Galicia.

4. O proceso de transferencias e os conflitos con outras instancias

- 1) En materia de *traspasos*, aprobouse durante o ano 2003 o Decreto 373/2003, do 16 de outubro, sobre asunción de competencias por parte da Comunidade Autónoma de Galicia de funcións en materia de academias e a súa asignación a diversos departamentos da Xunta de Galicia (*Diario Oficial de Galicia*, n.º 203, do 20 de outubro).
- 2) Doutro lado, e en materia de *conflitos*, fixéronse públicas ao longo do ano 2003 dúas resolucións xurisdiccionais que merecen ser destacadas. En primeiro lugar, a Providencia do Tribunal Constitucional do 25 de marzo de 2003, de admisión a trámite da Cuestión de inconstitucionalidade número 311/2003 (*Diario Oficial de Galicia*, n.º 75, do 16 de abril de 2003), cuestión formulada pola Sección 5.ª, con sede en Vigo, da Audiencia Provincial de Pontevedra, por suposta inconstitucionalidade do artigo 123.3.º da Lei 4/1995, do 24 de maio, de dereito civil de Galicia, por posible infracción dos artigos 14 a 39 da Constitución. E en segundo lugar, a Sentenza 152/2003, do 17 de xullo, pola que o mesmo tribunal procede a resolver Recurso de inconstitucionalidade 3537/1999, formulado polo presidente do Goberno en relación con determinados preceptos da Lei do Parlamento de Galicia 5/1999, do 21 de maio, de ordenación farmacéutica de Galicia. O Tribunal Constitucional estimou par-

cialmente o recurso e declarou a inconstitucionalidade e nulidade dos artigos 23.1 e 45.b da citada norma, que considera constitucional en todo o demais. En concreto, decláranse axustados á Constitución dous dos preceptos que no momento da discusión parlamentaria e posterior aprobación da lei xeraran un maior debate social e corporativo: dunha parte o artigo 4.3, que prevía que os produtos farmacéuticos poderían ser subministrados aos enfermos crónicos por correo ou servizo de mensaxaría; e o 20, segundo o cal a autorización das oficinas de farmacia outorgadas a partir da entrada en vigor da lei caducaría cando o seu titular cumprise os setenta anos de idade.

5. Trazos fundamentais da vida política e institucional galega

Segundo se subliñaba xa páxinas atrás, a vida política e institucional da Comunidade Autónoma de Galicia estivo dominada durante unha boa parte do ano 2003 polo que poderíamos caracterizar como as diversas secuelas políticas do gravísimo accidente do *Prestige*, acaecido no outono do ano anterior, secuelas que centraron a axenda dos actores institucionais cando menos ata as eleccións municipais do 25 de maio, única circunstancia que foi capaz de ir apartando pouco a pouco do primeiro plano da actualidade unha crise que foi vivida, política e socialmente, cunha intensidade dificilmente comparable a calquera outra do pasado recente de Galicia. Aínda que os feitos que analizaremos a continuación e os escenarios xerados por estes se entrelazaron entre si de forma permanente, entrando en contradición uns con outros, pero tamén moi frecuentemente retroalimentándose, o certo é que tales feitos deben ser individualizados desde a estrita perspectiva da análise, pois só esa individualización permite un achegamento ordenado á cadea de acontecementos relacionados de modo directo ou indirecto co afundimento do *Prestige*.

A permanencia da crise do Prestige e as súas consecuencias políticas

Apenas comezado o ano, o 3 de xaneiro de 2003, o presidente da Xunta aseguraba na prensa galega que non faría cambios no seu Goberno malia a grave crise social xerada polo afundimento do *Prestige* e limitábase a confirmar unha futura remodelación, para finais dese mes, reducida exclusivamente a cubrir os postos que deixarían vacantes dúas conselleiras, Corina Porro e Manuela López Besteiro, respectivamente responsables dos departamentos de Asuntos Sociais e de Familia, Promoción de Emprego, Muller e Xuventude. Unha e outra abandonarían o Executivo coa finalidade de poder presentarse ás eleccións municipais de maio como cabezas de lista polos municipios de Vigo e Lugo. O certo é, non obstante, que o anuncio de que o Goberno galego sería finalmente remodelado acabou por abrir unha loita, larvada desde había tempo, no interior da Xunta e do Partido Popular (tanto dentro como fóra de Galicia) entre os partidarios de que o presidente fixese un claro xesto en favor dun futuro sucesor, nomeando un vicepresidente, e os que pretendían, pola contra, evitar tal xesto e forzar, dese modo, un novo aprazamento da cuestión sucesoria. As dúas primeiras semanas de xaneiro estiveron, así, cheas de todo tipo de cábalas, supostas filtracións e rumores sobre se finalmente habería ou non vicepresidente e, no primeiro dos casos, sobre quen sería o chamado para o posto: se Xosé Cuiña, home de confianza de Manuel Fraga no Goberno desde había moitos anos, ou un candidato máis afin ás posicións *nacionais* do Partido Popular. Pero, contra todo pronóstico, os acontecementos decantáronse finalmente dunha forma realmente inesperada: o día 16 de xaneiro o presidente da Xunta forzaba a dimisión de Xosé Cuiña, conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, tras facerse público que a empresa Galega de Subministracións Industriais (GSI), propiedade da familia do conselleiro, vendera determinados materiais destinados á limpeza das praias afectadas polas sucesivas mareas negras que asolaron unha parte do litoral galego como con-

secuencia do afundimento do *Prestige*. A dimisión forzada de Xosé Cuiña, que viñera sendo considerado como o dirixente do PP galego con máis posibilidades de suceder a Manuel Fraga, ben na Presidencia da Xunta, ben na candidatura para alcanzar eventualmente ese posto, abriu de inmediato un indisimulado conflito interno, cando algúns sectores do Partido Popular —os vinculados aos presidentes das deputacións provinciais de Lugo e, sobre todo, de Ourense— fixeron público o seu apoio ao conselleiro forzado a dimitir e acusaron abertamente o daquela secretario xeral do Partido Popular de Galicia, Xesús Palmou, de ser o instigador dunha operación inspirada, segundo os críticos, pola dirección nacional do partido e destinada a forzar a saída de Cuiña da Xunta de Galicia. Aínda que por momentos pareceu que a crise podería dar nun enfrontamento aberto no seo do PP, o certo é que a rápida intervención das respectivas direccións nacional e rexional, así como a persoal do presidente da Xunta, conseguiron ir reducindo pouco a pouco a envergadura da crise, que, tras diversas negociacións, encontros e pactos de familia, se daría oficialmente por pechada a finais do propio mes de xaneiro. O *Diario Oficial de Galicia* (DOG) do 20 de xaneiro publicaba os relevos producidos finalmente no Goberno, que experimentaba un cambio máis amplo que o anunciado polo presidente da Xunta a principios de mes, pero cuxos resultados políticos parecían inequívocos: o tradicional *delfín* de Manuel Fraga quedaba fóra da Xunta e o secretario xeral do Partido Popular de Galicia, suposto instigador da súa saída do Goberno, quedaba o suficientemente reforzado como para entrar meses despois, a finais de xuño, a formar parte deste.

A crise interna no PP de Galicia gardou relación, e correu paralela polo demais, cun segundo acontecemento que resultou, como a propia crise, un efecto inducido, de modo máis ou menos directo, pola catástrofe do petroleiro sinistrado: a formación dunha comisión de investigación no Parlamento de Galicia destinada a dar luz sobre o realmente acontecido e sobre as eventuais responsabilidades políticas que, a partir dos feitos constatados pola dita comisión, puidesen rematar, no seu caso, deducíndose ben no Parlamento galego ou ben, mesmo, nas Cortes xerais. Tras un constante tira e afrouxa, a comisión iniciou os seus traballos o 9 de xaneiro de 2003, pero cunha lista de comparecentes moi limitada a xuízo da oposición socialista e nacionalista no Parlamento galego, toda vez que o Goberno central prohibiu a presenza ante esta dos ministros e altos cargos do Estado que tiveran que ver cos labores de salvamento do buque e que, polo tanto, resultaran obxectivamente implicados na catástrofe posterior ao seu afundimento. Á vista de tales circunstancias, a oposición anunciou de inmediato que, «ante o bloqueo imposto polo PP» e de seguir as cousas nesas condicións, os seus deputados retirarían a comisión de investigación, retirada que, en efecto, se produciu, aínda que con carácter provisional, o día 13 de xaneiro de 2003. Tras diversos incidentes, desentros e enfrontamentos entre o Goberno galego e a oposición parlamentaria, aquela retirada provisional fíxose definitiva unha semana despois. Xa iniciado o mes de febreiro, a maioría parlamentaria do Partido Popular no Parlamento de Galicia fixo pública a súa decisión de disolver a comisión, medida que, segundo o PP, viña imposta pola previa decisión da oposición de abandonala. O pleno en que efectivamente se procedeu a tomar o acordo de disolución celebrouse finalmente o 11 de marzo, e nel deuse aplicación a unha norma interpretativa do Regulamento parlamentario para a disolución anticipada de comisións de investigación, incluída no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* do 6 de marzo (número 306). Nin os intentos da oposición para que a Mesa procedese a reconsiderar e anular o acordo mencionado ou para que se suprimise da sesión plenaria do día 11 de marzo o punto da orde do día relativo á disolución da Comisión de Investigación sobre o *Prestige* (como así solicitou, por exemplo, o Grupo Parlamentario socialista en dous escritos do 7 e 10 de marzo dirixidos á Mesa da Cámara) foron atendidos pola maioría, que, segundo anunciara previamente, votou a favor da disolución da comisión mediante un acordo do Pleno do Parlamento autonómico. Tal acordo ía ser obxecto, posteriormente, de dous recursos de amparo ante o Tribunal Constitucional (os presentados, respectivamente, polos grupos parlamentarios do Partido dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego), recursos que, ata o presente, pecharon o

conflito xurídico ocasionado polos avatares dunha comisión parlamentaria que foi obxecto, desde o momento mesmo da súa creación, dunha forte tensión institucional, clara expresión da non menos forte tensión social existente na sociedade galega.

Esa tensión tería unha expresión legal e democrática que ía contar cun grande apoio social –a vertebrada en torno á Plataforma Nunca Máis–, e unha manifestación moi diferente, violenta e absolutamente minoritaria: a vinculada a grupos radicais do independentismo galego, que, intentando pescar en río revolto, trataron de aproveitar o gran *shock* producido na sociedade galega pola catástrofe do *Prestige* para acosar o Partido Popular e os seus dirixentes nunha acción ilegal que tivo as súas máis graves manifestacións a principios de abril, cando dúas sedes do PP (en Pontevedra e na vila pontevedresa de Moraña) e un edificio oficial da Xunta en Santiago foron sacudidos por explosións que, afortunadamente, só produciron danos materiais. A condena unánime e sen paliativos deses atentados por parte de todas as forzas políticas galegas e a efectiva acción policial reduciron as actuacións dos violentos a eses incidentes, que unicamente tiveron continuación nalgunha outra acción de acoso a dirixentes do PP con motivo de actos públicos do partido ou de actos institucionais da Xunta de Galicia. Pero, como acaba de apuntarse, fronte a esta acción violenta e minoritaria, a Plataforma Nunca Máis –constituída por personalidades independentes, encadrables na súa maioría dentro da cultura nacionalista, e por dirixentes do BNG e outros pequenos partidos e forzas sindicais vinculadas ao nacionalismo– ía ser a auténtica impulsora das grandes campañas e mobilizacións pacíficas e democráticas en prol da existencia de responsabilidades políticas pola catástrofe do *Prestige*. Nunca Máis convocara xa, durante o ano 2002, diversas mobilizacións de diferente natureza en varios puntos en Galicia, mobilizacións que culminaron cunha gran manifestación en Santiago de Compostela, da que se daba conta no capítulo anterior. No ano 2003 Nunca Máis continuou coa súa acción mobilizadora, que ía alcanzar o seu cénit, tamén nesta ocasión, nunha gran manifestación, a celebrada en Madrid o día 23 de febreiro de 2003, e á que asistiron 100.000 persoas segundo a Delegación do Goberno en Madrid e 1.000.000 segundo os organizadores. Como pode verse ao observar as datas que se foron debullando ao longo do presente apartado, estes acontecementos producíanse de forma máis ou menos paralela a algúns dos previamente salientados, de xeito que é a visión conxunta duns e outros a que é capaz de subministrar unha dimensión real do escenario político dentro do cal discorreu a vida política e institucional de Galicia durante a primeira metade de 2003.

Tal escenario político pechábase, en todo caso, con outras dúas series de acontecementos que completaron as consecuencias do que podería denominarse, sen máis, a crise xerada polo afundimento do *Prestige*: por unha parte, os relativos ao debate centrado no accidente, que seguiu producindo, sobre todo durante a primeira parte do ano, informacións e discusións tanto na sociedade civil como entre a clase política e entre os expertos; e por outra parte, os derivados do anuncio co que o Goberno central quixo facer fronte ao cúmulo de problemas derivados da crise mencionada: o anuncio da aprobación do denominado Plan Galicia. Referirémonos, xa para pechar este apartado, a ambas as dúas cuestións na mesma orde en que agora acaban de expoñerse.

As noticias relacionadas co afundimento do petroleiro foron, certamente, constantes ao longo dos seis primeiros meses do ano 2003. De entre elas, poden destacarse algunhas das máis fundamentais: en xaneiro coñecía-se que a fiscalía do «caso *Prestige*» solicitaba do Xulgado de Instrución n.º 1 de Corcubión, competente para o seu coñecemento, non só a realización das dilixencias destinadas á busca de responsabilidades no grupo de empresas propietarias do *Prestige* e do cru que transportaba, senón tamén a aclaración da cadea de decisións gobernamentais sobre cuxas bases se ordenara, no seu día, o afastamento do buque. Por eses mesmos días, a Sección Primeira da Audiencia Provincial da Coruña confirmaba o auto de prisión ditado polo xuíz de instrución de Corcubión contra o capitán do *Prestige* –o mariño grego Apostolos Mangouras–, ao que se lle imputaba dirixir un

barco con grave risco de catástrofe. Noutra orde de cousas, tamén a principios de xaneiro se coñecía a noticia de que o custo de limpeza das praias triplicaría o calculado inicialmente polo Ministerio de Medio Ambiente, custo que podería elevarse ata os 133 millóns de euros, fronte aos 42 estimados nun primeiro momento. Catro días despois de coñecerse esa noticia, era o propio Michel Girin, á sazón director do Centro Francés de Documentación, Investigación e Experimentación (CEDRE), quen poñía de relevo, nunhas declaracións recollidas polo diario *La Voz de Galicia*, que a do *Prestige* era «a peor marea negra da historia de Europa». En coherencia con tales afirmacións, o Goberno anunciaba a segunda semana de xaneiro que, tras revisar os seus cálculos, o custo total das operacións de limpeza e recollida do fuel se achegaría aos mil millóns de euros. Entre tanto, diversas enquisas e estudos de opinión, realizadas dentro ou fóra de Galicia, comezaban a apuntar xa con claridade o importante custo que, en termos político-electorais, podería acabar tendo a crise do *Prestige* para o Partido Popular. As declaracións de diversos expertos poñendo de relevo as malas condicións de navegabilidade do buque e os problemas e vantaxes que podería ou non presentar achegalo á costa no momento do accidente, para intentar atracalo nun porto de refuxio en lugar de afastalo do litoral, foron tamén constantes ao longo de xaneiro, febreiro e marzo. Así como, igualmente, as valoracións de diversos expertos sobre as eventuais consecuencias económicas do desastre para os sectores produtivos galegos e, especialmente, para os sectores pesqueiro e turístico. En relación con esta última cuestión, en xuño coñecía a noticia de que, malia as sucesivas mareas negras, as praias de Galicia conservarían 57 bandeiras azuis. Tamén en xuño se producía unha importantísima decisión ambiental: a aprobación pola Eurocámara da orde de retirada dos buques monocasco antes do ano 2010, proposta que foi aprobada en Estrasburgo por ampla maioría: 501 votos a favor e 14 abstencións. O Goberno anunciaba, tamén en xuño, que o casco do *Prestige* quedaría definitivamente selado en xullo e que o seu baleirado se pospoñía á primavera. E, xa en xullo, a Organización Marítima Internacional (OMI) aprobaba a remodelación do dispositivo de seguridade de tráfico (DST) de Fisterra, o que supoñía o afastamento de buques de características similares ás do *Prestige* da costa galega. Pouco despois chegaba, en fin, a noticia da declaración da costa galega como zona sensible, ao aceptar a mesma OMI a proposta para declarar Zona Marítima Especialmente Sensible a fachada atlántica europea, desde Escocia ata o Algarve, incluíndo todo o litoral Cantábrico e o canal da Mancha. Todos os feitos e informacións salientados e outros moitos que poderían extractarse duns xornais que dedicaban todos os días a parte central da súa información galega ás consecuencias da catástrofe do *Prestige* serven, en todo caso, e de aí a súa utilidade fundamental nestas páxinas, para apuntar os principais ámbitos nos que seguía durante 2003 centrado o debate político e social en relación con ese asunto: ¿quen tivera a culpa do finalmente sucedido e que responsabilidades (cívicas, penais e políticas) deberían no seu caso deducirse?; ¿cales serían as súas consecuencias económicas, ambientais e políticas?; ¿que medidas, nacionais e internacionais, deberían adoptarse para evitar que algo así puidese volver suceder?; e por último, ¿que medidas de apoio (autónomas, estatais e europeas) se podían ou debían adoptar para facer fronte ás palpables consecuencias económicas, ambientais (e políticas) da catástrofe en Galicia?

O denominado Plan Galicia 2003 debe inscribirse xustamente neste contexto. Foi aprobado polo Goberno español nunha sesión especial do Consello de Ministros celebrada, non casualmente, na casa do concello coruñés, coa declarada vontade de facer fronte aos danos ocasionados pola catástrofe do *Prestige* e de lograr, segundo palabras textuais do presidente do Goberno, «que Galicia colla velocidade». O volume de investimentos previstos no plan era, segundo as valoracións do propio Goberno, de 12.459 millóns de euros, e os seus obxectivos os seguintes: a rexeneración ambiental das zonas afectadas; a promoción do reequilibrio e a cohesión territorial a través do impulso de novas infraestruturas que sirvan para potenciar o desenvolvemento económico; a potenciación do investimento produtivo privado en Galicia; a diversificación sectorial da actividade económica, coa promoción do desenvolvemento de novos sectores; e a potenciación da imaxe de Galicia. Eses obxectivos

despregábanse a través de toda unha serie de plans e proxectos máis ou menos desenvolvidos e concretos, dos que a información oficial sobre o plan destacaba, entre outros, o investimento de 1000 millóns de euros na rexeneración ambiental de Galicia; a realización de novas autovías na rede interior de Galicia (Pontevedra-A Cañiza e Chantada-Monforte); o impulso á construción de liñas de alta velocidade ferroviaria, asociada ao Plan de infraestruturas de transporte 2000-2007 por valor de 6481 millóns de euros; os investimentos no Plan hidrolóxico nacional en Galicia 2003-2008 (por valor de 481 millóns de euros) ou no Plan forestal español en Galicia (por valor de 290 millóns de euros). O Plan Galicia prevía tamén outro tipo de investimentos: destinaba, por exemplo, 75 millóns de euros a novos programas para o desenvolvemento rural, dispoñía a construción dun novo buque de investigación oceanográfica en colaboración coa Xunta de Galicia, a implementación de programas de investigación en materia de prevención e loita contra a contaminación mariña, e de axudas á educación ou á promoción de produtos galegos.

Pero o plan, como posiblemente non podía ser doutro xeito, dado o momento de profundo debate político e social en que se fixo público e as propias características deste (a súa natureza de plan plurianual, cuxos investimentos se deberían ir plasmando nun horizonte temporal de medio prazo), xerou enseguida un forte debate político entre o Goberno central e a Xunta e a oposición a un e á outra, debate que se centrou non só no acerto ou desacerto das medidas que no plan se contemplaban, senón, máis alá diso, na súa propia verosimilitude e realidade. A oposición denunciou, así, que o Plan Galicia non era en realidade tal cousa, pois nel confundíanse e sumábanse investimentos xa programados, outros que estaban en curso de realización e outros máis, en fin, sobre cuxo efectivo compromiso no futuro non existía seguridade. Ese foi o debate daquela, cando o plan se fixo público, e ese seguiu sendo, en boa medida, o debate desde entón. Só as eleccións municipais conseguiron, en calquera caso, sacalo do centro da vida política galega.

As eleccións locais do 25 de maio e os pactos postelectorais

A diferenza do que sucede habitualmente cunhas eleccións xerais ou cunhas eleccións autonómicas –que deixan case sempre, e con bastante claridade, un gañador e un perdedor–, coas eleccións municipais pode acontecer que resulte difícil afirmar quen gañou e quen perdeu. E iso non só a consecuencia do inveterado costume dos partidos de proclamarse case todos e case sempre vencedores, sexa cal sexa o resultado electoral, senón porque a propia natureza das eleccións locais (de forma destacada o feito de que haxa tantas eleccións como circunscricións electorais ten o territorio de que se trate) dificulta moi frecuentemente establecer o resultado electoral con carácter xeral. Iso foi o que aconteceu en Galicia, xustamente, nos comicios locais do 25 de maio de 2003: que todos os partidos afirmaron gañar, sendo así que, en realidade, se non todos, si era posible defender, cos resultados na man, que gañaran, cando menos, dous dos tres competidores principais.

No cómputo global, o Partido Popular mantíña amplamente a primeira posición fronte ao PSdeG e o BNG, tanto en número de votos coma en número de concelleiros e en número de alcaldes: en concreto, e no referido ao número de concelleiros, mentres o PP superaba a cifra de 2000, o PSdeG achegábase á de 1000 e o BNG situábase en torno aos 600, correspondendo outros 300 a candidaturas doutros pequenos partidos ou de independentes de diversa procedencia. O certo é, porén, que xa mesmo desde esta perspectiva do cómputo global se producía en 2003 unha importante novidade, pois por primeira vez os votos sumados dos dous partidos da oposición socialista e nacionalista superaban de forma clara os votos do PP, o que non sucedera ata a data.

Esta indiscutible vitoria electoral do Partido Popular –que seguía dominando a maior parte dos concellos de Galicia– víase, non obstante, embazada polo acontecido nas sete grandes cidades de Galicia

e nalgúns outros núcleos urbanos importantes, onde a oposición mantiña ou avanzaba posicións, o cal xeraba un forte contraste entre a Galicia dos pequenos municipios (a inmensa maioría dos cales quedaban en mans do PP) e a dos municipios medianos e grandes, nos cales a posición da esquerda era moito máis sólida en termos electorais e políticos. Deste modo, e tras o peche dos pactos postelectorais entre o PSdeG e o BNG, a repartición de alcaldías por partidos, en función do tamaño dos municipios, ía ser a seguinte: nas cidades de máis de 50.000 habitantes o PP pasaba a ter 2 alcaldes (fronte a 1 en 1999), o PSdeG 4 (3 en 1999) e o BNG 1 (3 en 1999). Nas vilas de entre 10.000 e 50.000 habitantes a repartición era de 22 para o PP (fronte a 30 en 1999), 18 para o PSdeG (fronte a 14) e 8 para o BNG (fronte a 3); nos concellos de menos de 10.000 habitantes a distribución resultaba, en fin, moi distinta: 182 alcaldes do PP (fronte a 186 en 1999), 45 para o PSdeG (fronte a 47) e 12 para o BNG (fronte a 7). O resultado de todo o apuntado pode ilustrarse cun dato que non necesita comentarios ulteriores: despois dos pactos postelectorais, nos municipios con alcaldías do PP vivía en Galicia (antes da crise de Vigo, á que logo haberá de facerse referencia) o 42% da poboación galega, mentres que nos concellos gobernados polos dous partidos da oposición vivía o 52% desa mesma poboación, 52% que se repartía entre un 42% para o PSdeG e un 10% para o BNG. Iso resultou a consecuencia máis directa do acontecido nas sete grandes cidades de Galicia (as catro capitais de provincia e mais Vigo, Ferrol e Santiago de Compostela), nas cales o peso electoral da esquerda viña sendo tradicionalmente moi superior ao que conseguía no resto de Galicia. Tras as eleccións de 2003 os cambios producidos nesas sete cidades foron relevantes, pero non tanto para a correlación entre o PP e a oposición como para a correlación interna dentro desta última: A Coruña seguiu gobernada por maioría absoluta polo Partido Socialista e Ourense seguiu gobernada con maioría absoluta polo Partido Popular; o Partido Socialista retivo, ademais, as alcaldías de Santiago de Compostela (por maioría simple, pero crescendo en concelleiros) e Lugo (onde conseguiu unha maioría absoluta que previamente non tiña). O BNG conservou, pola súa parte, a alcaldía de Pontevedra, tamén por maioría simple. Os cambios de alcalde producíronse nos concellos de Ferrol (onde a alcaldía pasou de mans do BNG ao Partido Popular, que a alcanzou en coalición cunha candidatura independente esgazada do PP) e en Vigo, concello onde o BNG e o PSdeG intercambiaron exactamente o seu número de concelleiros precedente (de 9 e 8 a 8 e 9), o que fixo que o primeiro perdese esa importantísima alcaldía, que pasou a ser ocupada, tras a sinatura dun pacto de goberno entre o BNG e o PSdeG, polo ex-xuíz Ventura Pérez Mariño, candidato independente nas filas socialistas.

O pacto entre o BNG e o Partido Socialista, que, cunha ou outra fórmula, permitía a ambos os dous partidos manter as alcaldías de Vigo, Santiago e Pontevedra, estendeuse, en todo caso, a outros moitos municipios de Galicia, de tal forma que tras o acordo pechado en Santiago polas direccións socialista e nacionalista a finais do mes xuño, o Partido Socialista asegurouse gobernar, co apoio do BNG, 34 municipios onde non tiña maioría absoluta; e o BNG 16, municipios onde carecía da mesma maioría, co apoio socialista. Pero ese pacto pechouse en 2003 con moito menos entusiasmo por parte dos nacionalistas que o que se pechara tras as eleccións municipais de 1999, pois os resultados do acordo global concluído catro anos antes co seu aliado socialista acabara dando un rendemento político-electoral moi diferente para cada uns dos socios: así, e segundo un estudo publicado polo diario *La Voz de Galicia* referido aos 31 concellos gobernados conxuntamente polo PSdeG e o BNG no cuatrienio 1999-2003, mentres os socialistas gañaban votos e concelleiros (ao pasar do 26% e 152 concelleiros en 1999 ao 32% e 172 en 2003) o BNG perdía claramente posicións, pois pasaba do 23% dos votos e 97 concelleiros ao 21% e 90 concelleiros.

Tales resultados electorais municipais do BNG, unidos aos obtidos nas eleccións autonómicas, que se situaron xa moi por debaixo das expectativas dos nacionalistas, condicionaron unha relación moito máis difícil entre os dous antigos socios que ía ter consecuencias menores nalgúns pequenos municipios onde os pactos acabaron estalando, ben por problemas internos dos respectivos gobernos

municipais (como aconteceu, por exemplo, nos municipios coruñeses de Arzúa ou Ponteareas a finais do mes de outubro de 2003) ou ben debido á acción dos tráfugas (como sucedería no tamén municipio coruñés de Sada xa entrado o ano 2004). Pero as dificultades de entendemento entre socialistas e nacionalistas ían ter outros dous escenarios de importancia política moi superior: dun lado o Concello de Santiago, onde o PSdeG e o BNG non foron capaces de pechar un acordo de goberno, e doutro o Concello de Vigo, orixe dunha crise sen precedentes nas relacións entre as dúas forzas citadas. Tras a elección de Ventura Pérez Mariño como alcalde, cos votos do BNG, que vía como a perda dun só escano a favor da lista socialista lle facía perder a alcaldía estrela para o seu proxecto de lograr a hexemonía no seo da esquerda galega, o pacto non logrou funcionar con fluidez en ningún momento, o que se traduciu nunha cadea de enfrontamentos entre os dous socios de goberno que desembocaría na ruptura do pacto o 16 de outubro, tras decidir Pérez Mariño, en resposta ao que entendía era unha deslealdade por parte dos concelleiros do BNG, destituílos dos seus cargos executivos. Os acontecementos encadéanse a partir dese momento, case sen solución de continuidade, e desembocan, tras varios intentos errados de chegar a un acordo por parte de socialistas e nacionalistas, na elección de Corina Porro, a candidata popular, que pasa a ser a alcaldesa da cidade, co apoio de 10 concelleiros, fronte aos 17 da oposición.

A crise de Vigo, de resultados tan negativos para a visibilidade social dunha posible alternativa conxunta da esquerda fronte a unha eventual perda da maioría absoluta da que veu gozando ata a data o Partido Popular, produciuse nunha situación de profundo debate interno no seo do BNG, cuxo líder tradicional, o catedrático compostelán Xosé Manuel Beiras Torrado, atopara, por primeira vez e tras a rotunda decepción das eleccións autonómicas, unha forte contestación interna á súa continuidade á fronte da formación nacionalista. Esa contestación desembocaría, finalmente, no relevo de Beiras como líder do BNG e candidato á Presidencia da Xunta, relevo decidido na Asemblea Nacional do Bloque Nacionalista Galego reunida en Santiago de Compostela os días 22 e 23 de novembro de 2003. Cun apoio moi sólido –o do 75% dos afiliados do Bloque presentes na Asemblea–, o senador Anxo Quintana foi elixido novo líder e novo candidato, pechando, con iso, toda unha época na historia non só do BNG, senón tamén do nacionalismo galego: a que o vira converterse dun movemento minoritario nunha forza política que compite co Partido Socialista pola segunda posición dentro do sistema galego de partidos. O relevo de Beiras, xunto co anuncio, ratificado nesas mesmas datas, de Manuel Fraga de que non volverá presentarse como candidato do PP á Presidencia da Xunta, abren, pois, unha incógnita importante na vida pública autonómica, da que desaparecerán previsiblemente tras as próximas eleccións autonómicas que se van celebrar no outono do ano 2005 dous dos líderes que viñeron marcando a política galega das dúas últimas décadas.

CAPÍTULO XVIII

ANO 2004

1. Introducción: liñas xerais

O ano 2004 estivo marcado en Galicia polas eleccións xerais do 14 de marzo, que determinaron, desde logo, o escenario político galego nos meses políticos previos á convocatoria electoral, pero que influíron tamén, dun modo decisivo, nos acontecementos posteriores. De feito, sen ter á vista os resultados das lexislativas, e moi especialmente o cambio de Goberno derivado delas, non é posible entender, en primeiro lugar, a orientación dos debates que centraron en boa parte a axenda política autonómica na segunda metade de 2004, e de forma moi especial os referidos ao grao de cumprimento do chamado Plan Galicia e á posición relativa na que quedaba *colocada* a Comunidade galega nos orzamentos xerais do Estado para o ano 2005.

Pero o inesperado resultado electoral de marzo non só cambiou o previsible desenvolvemento da axenda rexional, senón que influíu tamén directamente nas expectativas das tres grandes forzas políticas galegas en relación coas eleccións autonómicas que, de non mediar convocatoria anticipada, deberán celebrarse no outono do ano 2005: unha influencia que como non podía ser doutro xeito ía traducirse tanto na vida interna desas forzas partidistas como na dinámica de competencia político-electoral entre estas. O descenso electoral do Partido Popular, malia non ser moi acusado, foi o suficientemente significativo como para que a posibilidade dunha eventual derrota nas autonómicas comezase xa a formularse abertamente tanto na sociedade como no interior da forza política que vén gobernando Galicia desde 1989. Iso mestrouse, ademais, cun tema recorrente na política galega dos últimos anos: o da sucesión do presidente da Xunta, quen despexou, finalmente, nun sentido afirmativo, a incógnita sobre a súa vontade de concorrer por quinta vez como candidato do PP. A inflexión dos populares á baixa tivo a súa outra cara no importante crecemento electoral do Partido dos Socialistas de Galicia, que conseguiu con el dous obxectivos diferentes: dun lado, facer plausible, por primeira vez desde a chegada de Manuel Fraga á política galega, a eventualidade dunha futura vitoria en autonómicas; e doutro lado, consolidarse como cabeza dunha hipotética alternativa de esquerdas na Xunta de Galicia, pois, en calquera das hipóteses polo momento imaxinables, a alternancia no Goberno galego non se producirá, de darse o caso, sen un apoio mutuo entre socialistas e nacionalistas: as eleccións de marzo non cambiaron para nada tal certeza, pero si fixeron xirar substancialmente as expectativas sobre quen

podería dirixir no futuro a alternativa da esquerda. Así as cousas, o afundimento dos nacionalistas, que a onda socialista deixou lonxe mesmo das súas máis pesimistas previsións, puxo o Bloque Nacionalista Galego na que será, sen dúbida, a súa peor situación electoral en moitos anos, situación que ía condicionar, de forma paralela ao sucedido no Partido Popular e por impulsos inicialmente similares, un debate interno moi profundo no seo dunha formación nacionalista que se colocaba de novo claramente por debaixo dos seus directos competidores socialistas.

Polo demais, e coma sempre desde hai moitos anos en Galicia, a vida parlamentaria discorreu polas canles xa habituais que marca en todo caso a maioría absoluta con que conta na Cámara galega o partido do Goberno, maioría que condicionou tanto a forma de exercicio da acción lexislativa como o modo conforme o cal as minorías nacionalista e socialista desenvolveron as actividades de control da maioría parlamentario-gobernamental: o Parlamento de Galicia aprobou en 2004 moitas leis, un total de dezaseis, aínda que, certamente, o volume cuantitativo da acción lexislativa non se corresponda ao cen por cento coa importancia cualitativa de todos e cada un dos textos lexislativos aprobados, como de inmediato se verá.

Un último apuntamento: en 2004 iniciouse timidamente o debate sobre a reforma estatutaria, que entrou na axenda dos partidos –aínda que non, polo momento, na das institucións–, máis como consecuencia dese efecto emulador dunhas comunidades autónomas respecto das outras tan característico do noso Estado das autonomías que debido a causas endóxenas derivadas das propias prioridades da sociedade civil galega ou da súa representación democrática nas institucións autonómicas.

2. O exercicio das competencias lexislativas

Segundo acaba de subliñarse, o ano 2004 foi moi frutífero desde o punto de vista da acción lexislativa da Cámara autonómica. O Parlamento de Galicia aprobou dezaseis leis, o que supuxo un salto cuantitativo de significación indiscutible: en 2004 apareceron no *Diario Oficial de Galicia* case tantas leis como as publicadas conxuntamente nos dous anos previos da lexislatura 2001-2005 (9 en 2002 e 10 en 2003). Hai que remontarse máis dunha década para atopar anos comparables no que se refire ao volume cuantitativo da produción lexislativa: a 1992, en que se aprobaron quince leis; 1989, en que se aprobaron dezasete; ou 1985 en que se aprobaron outras quince.

Esta actividade lexislativa concreouse, en primeiro lugar, na aprobación de toda unha serie de normas de modificación, cuxa entidade e transcendencia ía ser moi diferente. A Lei 1/2004, do 21 de abril, de modificación das leis 7/1985, de caixas de aforros galegas, e 4/1996, do 31 de maio, de caixas de aforros de Galicia, para adaptalas á Lei 4/2002, do 22 de novembro, de medidas de reforma do sistema financeiro, aprobouse cos votos a favor do PP e o PSdeG e coa oposición do BNG, que defendeu no trámite parlamentario a necesidade de elaborar unha nova normativa na materia. A modificación que, en cumprimento do establecido na lexislación estatal de carácter básico, se contén na Lei 1/2004 concrétese sobre todo en dous aspectos esenciais: por un lado, limitáase a representación das administracións públicas e das entidades e corporacións de dereito público nos órganos de goberno das caixas de aforros –incluída a que corresponda á entidade fundadora, cando esta teña a mesma natureza–, representación que non poderá superar no seu conxunto o cincuenta por cento do total dos dereitos de voto en cada un dos órganos citados; por outro lado, e coa mesma finalidade limitadora, dispónse que a duración do exercicio do cargo dos conselleiros xerais, que será de catro anos, non poderá superar os doce en ningún caso, calquera que sexa a representación que se exerza, debendo transcorrer ademais un período intermedio de oito anos como mínimo para que os que esgotasen os seus mandatos poidan volver a ser elixidos segundo o determinado na lei.

A Lei 10/2004, do 2 de novembro, de modificación da Lei 9/1997, do 9 de agosto, de ordenación do turismo en Galicia introduce diversas novidades que teñen por finalidade alcanzar dous obxectivos diferentes: trátase, en primeiro lugar, de realizar algúns cambios na regulación de certos tipos de establecementos turísticos, facilitando a ampliación da porcentaxe de superficie que os campamentos turísticos (cámpings) poden dedicar á instalación de servizos de bungalós ou construcións fixas, necesidade que se derivaría tanto da demanda do mercado como das especiais condicións climatolóxicas galegas. Pero a modificación lexislativa persegue tamén, en segundo lugar, alterar parcialmente o réxime sancionador en materia turística, redefiníndose os tipos infractores considerados na lexislación que se modifica, ben sexa para tipificar como infraccións determinadas prohibicións cuxo incumprimento non tiña previamente esa consideración, ben para tipificar novas condutas coa finalidade de garantir unha maior protección do consumidor ou para eliminar as infraccións cuxo coñecemento non corresponde, por razóns de competencia, á Administración turística galega.

A Lei 12/2004, do 7 de decembro, pola que se modifica a Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia –unha das denominadas leis de desenvolvemento básico aprobadas pola Cámara galega en cumprimento das previsións estatutarias– pretende facerlle fronte a unha realidade que veu sendo obxecto de debates diversos no ámbito da Comunidade galega: a derivada do espectacular crecemento do censo de residentes ausentes, que acabaron constituíndo o que algúns chaman xa a *quinta provincia* galega. Ese aumento, que supuxo que nas eleccións xerais do 14 de marzo de 2004 os tres grandes partidos galegos recibisen en conxunto un total de 86.549 votos, e que se traduce en que á altura de finais de 2004 o censo dos dez países con maior número de residentes ausentes se eleve a máis de 300.000 electores, complicou as operacións de escrutinio electoral xeral levadas a cabo polas xuntas electorais provinciais. E iso ata o punto de que se viñera producindo nas últimas convocatorias electorais a chegada ás citadas xuntas de numerosos votos de residentes ausentes fóra do prazo máximo que establece para tal efecto a vixente Lei orgánica do réxime electoral xeral (LOREX). Segundo ela, o escrutinio xeral debe realizarse entre o terceiro e o sexto día posterior ás eleccións: a Lei 12/2004 amplía ese prazo, determinando que as xuntas electorais provinciais realizarán o escrutinio xeral o oitavo día seguinte ao da votación, escrutinio xeral que deberá levarse a cabo, segundo a propia lei de reforma, na forma prevista na LOREX, e concluír non máis tarde do décimo primeiro día posterior ás eleccións. A norma foi aprobada co voto favorable do Partido Popular e do Partido dos Socialistas de Galicia e o voto en contra do Bloque Nacionalista Galego, que considerou que coa reforma crecía a marxe para a manipulación política do chamado voto da diáspora.

Sen dúbida ningunha, a máis importante lei de modificación das aprobadas ao longo de 2004 polo Parlamento de Galicia foi a Lei 15/2004, do 29 de decembro, de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, norma, esta última, aprobada no medio dunha forte polémica mediática e social sobre os efectos do que no seu día se deu en chamar o *feísmo urbanístico*, é dicir, da existencia en Galicia dunha práctica xeneralizada de urbanismo e arquitectura de baixísima calidade estética e escasísimo respecto ao medio paisaxístico tradicional, práctica tradicional derivada dunha diversidade de factores xurídicos, económicos, sociais e culturais. Neste contexto, produciuse a aprobación da Lei 9/2002, que formulaba como finalidade primordial a de mellorar de modo substancial a calidade da ordenación urbanística para favorecer o desenvolvemento equilibrado e sostible do territorio, contribuír a elevar a calidade de vida e a cohesión social da poboación, protexer e potenciar o patrimonio natural e cultural e garantir o dereito constitucional a gozar dunha vivenda digna nun ámbito de calidade. A entrada en vigor da Lei 9/2002 cambiou, polo tanto, unha situación de feito de moi notable permisividade urbanística en gran parte de Galicia, que era a existente fóra dos grandes núcleos urbanos, por outra de estritas restricións á actividade construtiva, cambio que xerou fortes resistencias, tanto por parte dos sectores interesados

na actividade inmobiliaria como dos poderes locais, que entendían que a lei estaba fóra da realidade nalgúns dos seus extremos e acabaría sendo na práctica de moi difícil aplicación. Foi esta circunstancia, axudada sen dúbida polo cambio do conselleiro responsable da materia, tras a saída de Xosé Cuiña da Xunta de Galicia a consecuencia da crise do *Prestige*, a que propiciou a reforma da lei, cuxo obxectivo fundamental, segundo o propio lexislador, sería o de perfeccionar as institucións urbanísticas reguladas previamente. A Lei 15/2004 modifica e completa, así as cousas, algúns aspectos puntuais da 9/2002, coa finalidade de favorecer o acceso da poboación á vivenda, garantir a sustentabilidade nos usos do territorio e de fortalecer o sistema urbano e de asentamentos rurais tradicionais, procurando evitar a dispersión da urbanización e da edificación sobre o territorio. A ese respecto, a lei incorpora ao ordenamento novas medidas dirixidas a contribuír ao abaratamento do prezo da vivenda: entre outras, a revisión do réxime transitorio de aplicación nos municipios con plan non adaptado á Lei 9/2002, para incentivar, así, a saída inmediata ao mercado de máis solo urbanizable; as encamiñadas a facilitar actuacións públicas autonómicas dirixidas a crear máis solo con destino á edificación de vivendas de promoción pública ou de equipamentos; ou a flexibilización da reserva mínima de solo para vivendas suxeitas a algún réxime de promoción pública para permitir concentrar os esforzos nos ámbitos de maior aproveitamento urbanístico. A Lei 15/2004 prevé tamén novas medidas para regular a intervención autonómica no procedemento de aprobación de plans parciais e especiais de municipios con plan obsoleto e non adaptado á nova lexislación urbanística; para asegurar o cumprimento da lei e a ponderación dos intereses públicos supralocais; ou para regularizar a situación dos asentamentos xurdidos á marxe do plan, coa finalidade de dotalos das infraestruturas e servizos imprescindibles. Finalmente, e no que se refire á protección do medio rural, incorpóranse, entre outras medidas, o establecemento dun procedemento específico para delimitar os núcleos rurais existentes e as súas áreas de expansión sen necesidade de esperar á aprobación do futuro plan xeral adaptado á lei; regularizase o réxime do solo de núcleo rural para facilitar a edificación concentrada de modo que poidan atenderse as demandas de expansión dos asentamentos tradicionais; poténcianse as explotacións agropecuarias que son características do medio rural; ou revísanse determinadas condicións de edificación co fin de garantir o mantemento do carácter rural dos terreos, procurando o menor consumo de solo e a recuperación da paisaxe rural.

A última das leis que deben incluírse dentro deste grupo de normas de modificación é a 16/2004, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei 9/1991, do 2 de outubro, galega de medidas básicas para a inserción social, norma cuxo obxectivo fundamental foi no seu día o de crear e regular en Galicia o réxime xurídico aplicable ao chamado salario social, que se coñece na Comunidade galega coa denominación de «renda de integración social de Galicia» (Risga). A Lei 16/2004 introduce na normativa vixente dous grandes tipos de cambios: no relativo á Risga a novidade máis relevante é a fixación do aumento progresivo da súa contía, ao determinarse que a renda estará integrada por un subsidio básico, por un complemento variable en función dos membros que compoñen a unidade de convivencia independente e por un complemento de inserción. Ademais, e tamén en relación coa Risga, a Lei 16/2004 adáptase ás prescricións sobre estranxeiros e estranxeiras no marco da Unión Europea, ao igualarse os requisitos de acceso á prestación de nacionais e estranxeiros, co único requisito engadido de que as persoas estranxeiras non comunitarias acrediten a súa residencia legal en España no momento de solicitar a prestación. O segundo ámbito en que a Lei 16/2004 introduce modificacións é o relativo á regulación das medidas activas de emprego para os beneficiarios da Risga, para o que se fixa a este respecto na norma un marco de acción e non unha regulación en detalle coa finalidade de evitar o establecemento de estruturas ríxidas que condicionen as posibles liñas de actuación e faciliten, en consecuencia, a súa adaptación á realidade cambiante da dinámica do mercado de traballo.

Ademais das cinco citadas leis de modificación ata agora analizadas, o Parlamento aprobou once leis máis, nove das cales serán obxecto de comentario seguidamente: as dúas que restan son a Lei

13/2004, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2004 e a 14/2004, da mesma data, de medidas tributarias e de réxime administrativo, coñecida vulgarmente como Lei de acompañamento.

De forma paralela ao que fixo a Xunta de Galicia, a través da súa actividade regulamentaria, segundo se verá máis adiante, o Parlamento autonómico dedicou o ano 2004 unha especial atención ao sector de actividade marítimo-pesqueira, un sector, como é sabido, crucial para a economía de Galicia, tanto polo que significa no conxunto do PIB galego como polo alto número de persoas ocupadas, en empregos directos ou indirectos, no sector vinculado coas actividades da pesca. A esa preocupación non debeu de ser alleo, en todo caso, o fortísimo impacto –político, económico e social– producido polo accidente do *Prestige*. A primeira das tres leis aprobadas pola Cámara galega no ámbito marítimo-pesqueiro foi a 2/2004, do 21 de abril, pola que se crea o Servizo de Gardacostas de Galicia como un servizo público dotado de tres escalas de funcionarios (técnica, executiva e de xestión) que non se limitará exclusivamente á realización de labores de inspección e vixilancia e co que se trata de conseguir un persoal especializado e cualificado nos labores de control do medio mariño, a prevención e a loita contra a contaminación mariña e os labores do salvamento marítimo. A lei atribúe ao Servizo de Gardacostas tres tipos de funcións: inspectoras (actuacións dirixidas ao control dos establecementos e actividades de explotación dos recursos mariños desde a súa produción, comercialización e transporte ata o seu consumo final); preventiva (actuacións dirixidas a adoptar as medidas de preservación do medio mariño e os seus recursos, evitando as agresións a este); e, en fin, paliativa (actuacións de salvamento e loita contra a contaminación mariña dirixidas a auxiliar e protexer as persoas, os bens e medio mariño e a súa conservación no ámbito de competencias da Comunidade Autónoma galega).

A Lei 3/2004, do 7 de xuño, de creación do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia afronta esa necesidade desde unha perspectiva diferente á que acaba de apuntarse: a técnica e científica. O citado instituto –que se concibe como un ente de dereito público con personalidade xurídica e patrimonio propios e con plena capacidade e autonomía para o cumprimento dos seus fins– será así, segundo a súa lei de creación, o instrumento da Comunidade Autónoma de Galicia para o exercicio das funcións de control da calidade do medio mariño, de aplicación das disposicións legais en materia de control técnico-sanitario dos produtos do mar e de asesoría técnico-científica sobre pesca, marisqueo e acuicultura no ámbito das zonas de produción de augas competencia da Comunidade galega. Para todos estes efectos, o dito instituto ten como obxectivos desenvolver un estrito e intensivo sistema de control das características do medio mariño para dar cumprimento ás previsións legais en canto a produción de moluscos e outros organismos mariños, contribuír a desenvolver novas estratexias de explotación e comercialización baseadas na oferta de produtos de óptima calidade con excelente garantía sanitaria, desenvolver estudos de carácter científico-técnico destinados a facilitar os coñecementos necesarios para a correcta xestión dos recursos mariños e protexer e mellorar a calidade das augas.

Finalmente, e xa para pechar este bloque de normas referidas á Galicia do mar, debe mencionarse a Lei 8/2004, do 30 de xullo, de protección, control, infraccións e sancións en materia marítimo-pesqueira de Galicia, cuxo obxecto é regular o exercicio da potestade sancionadora da Administración pública galega en materia de pesca marítima, marisqueo, acuicultura, ordenación do sector pesqueiro e da actividade comercial dos produtos da pesca, así como os relativos ás actividades náuticas de recreo e ás subacuáticas profesionais. Coa estrutura típica dunha lei desta natureza, a norma determina cal será o procedemento sancionador aplicable, fixa quen será responsable das diversas infraccións tipificadas na propia norma, clasifica os diferentes tipos de infraccións, as sancións en cada caso correspondentes e o procedemento sancionador aplicable para a substanciación dos expedientes sancionadores.

Pero, ademais de todo iso, a lei contén tamén un título dedicado monograficamente á loita contra a pesca ilegal dos buques con abandeiramento de conveniencia, no que se prohibe o desembarco, transporte e comercialización de capturas procedentes de buques identificados pola Unión Europea, o Estado español ou as organizacións rexionais de ordenación pesqueira por levar a cabo actividades de pesca ilegal ou contrarias ás medidas de conservación e xestión na súa área de regulación: a lei específica que os buques apátridas ou sen nacionalidade terán, en todo caso, a consideración de buques con abandeiramento de conveniencia.

Como é doado de observar a partir de todo o apuntado, máis alá dos concretos sectores de actividade afectados polas diversas leis referidas existe unha preocupación *transversal* do lexislador autonómico polos temas relacionados co ambiente e a calidade industrial e comercial, preocupación que tamén é perceptible nalgunha das leis que quedan aínda por comentar, segundo se verá a continuación. Non é o caso, por suposto, da Lei 4/2004, do 28 de xuño, para aplicación aos concellos de Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra e Santiago de Compostela do réxime de organización dos municipios de gran poboación. A norma, aprobada por unanimidade na Cámara autonómica, límitase a dispoñer que lles será de aplicación aos citados concellos (todos eles con máis de 75.000 habitantes) o réxime de organización dos municipios de gran poboación contemplado no título X da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, ao entender que concorren neles as circunstancias de carácter obxectivo determinadas na norma. O Parlamento de Galicia vén dar concreción, deste xeito, ás peculiaridades da Lei de bases de réxime local, que previu no seu día que o réxime de organización dos municipios de gran poboación sería de aplicación, ademais de a aqueles municipios que superasen os 250.000 habitantes ou os 175.000 se eran capitais de provincia (o que facía o réxime aplicable á Coruña e Vigo), a aqueloutros que fosen capital de provincia, ou sede das institucións autonómicas, ou aos de máis de 75.000 habitantes que presentasen circunstancias económicas, sociais, históricas e culturais especiais, debendo decidilo así, nestes últimos supostos, os correspondentes parlamentos autonómicos, logo de iniciativa dos concellos interesados. A Lei 4/2004 vén cubrir así unha reivindicación xeneralizada no segundo grupo das sete grandes cidades galegas, de cuxa existencia se deriva unha realidade policéntrica que determina non só o sistema urbano de Galicia, senón tamén, e nunha medida nada desprezable, a propia dinámica política do país.

A Lei 5/2004, do 8 de xullo, de cámaras oficiais de comercio, industria e navegación de Galicia ten un triplo obxectivo fundamental: por unha parte, completar un soporte xurídico estable e adaptado á realidade galega aplicable ás institucións cameraias, tendo á vista a Lei de bases de 1993, que deixa á lexislación das comunidades autónomas o desenvolvemento dos seus preceptos. Trátase, en segundo lugar, de que a nova lei sirva de soporte ás cámaras para afrontar os novos retos que se impoñen, tanto desde o punto de vista social e económico como desde o das novas tendencias da ciencia da Administración, onde a Administración pública require cada vez máis da colaboración de entidades externas que coadruven á consecución de fins públicos. Coa Lei 5/2004 trataríase, en fin, en terceiro lugar, de dotar as cámaras dos instrumentos adecuados para que, respectándose a diversidade de cada institución, sexa posible a busca de consensos para a realización de programas de acción conxunta de todas as cámaras, proxectando unha idea homoxénea da institución e unha proposta de sistema cameral galego –a partir dunhas cámaras localmente fortes– plural e efectivo, con lexitimidade social e axeitada formación. Tal será, de feito, o obxectivo que perseguirá o Consello Galego de Cámaras, creado pola lei como o órgano de coordinación e impulso de actuacións mancomunadas de todas as cámaras galegas, que busca a obtención de maiores economías de escala.

Dentro deste mesmo ámbito normativo –o relativo ao sector das actividades económicas comerciais e industriais– debe incluírse tamén a Lei 6/2004, reguladora dos órganos de defensa da competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, que procede á creación do Tribunal Galego de Defensa da

Competencia e o Servizo Galego de Defensa da Competencia. O tribunal é concibido polo lexislador autonómico como un organismo autónomo de carácter administrativo, dotado de personalidade xurídica e orzamento propios, con capacidade de obrar e plena independencia no exercicio das súas competencias. Este órgano, que é adscrito pola lei á consellaría competente en materia de economía e facenda, ten como fin xeral preservar o funcionamento competitivo dos mercados no ámbito territorial da Comunidade galega, garantindo a existencia nestes dunha competencia efectiva. A lei regula, deste modo, as funcións e organización do tribunal, así como o seu funcionamento e o réxime económico e de persoal. En canto ao Servizo Galego de Defensa da Competencia, créase dentro da estrutura orgánica da consellaría competente en materia de economía e facenda e correspóndelle a investigación e vixilancia dos mercados e a instrución dos expedientes sancionadores e de autorización en materia de defensa da competencia. Aprobada co apoio da maioría popular e o voto en contra dos grupos Socialista e do BNG, a Lei 6/2004 supón a creación dun órgano, o Tribunal Galego de Defensa da Competencia, que no momento da aprobación da lei só existía na Comunidade Autónoma de Cataluña.

As leis 9/2004, do 10 de agosto, de seguridade industrial de Galicia, e 11/2004, do 19 de novembro, de inspección de consumo de Galicia deben ser incluídas tamén, como as previamente comentadas, dentro do ámbito xenérico da ordenación da economía galega, entendida esta nun sentido amplo. A Lei de seguridade industrial ten por obxecto ordenar a seguridade industrial mediante o establecemento dun sistema de control que, atendendo a criterios de eficacia e eficiencia, garanta a seguridade dos establecementos, instalacións e produtos industriais, dentro do ámbito competencial da Comunidade galega. Para todos estes efectos, a Lei 9/2004 procede á detallada regulación do que a propia norma denomina o Sistema de Control da Seguridade Industrial de Galicia, entendido como o conxunto de instrumentos legais que contribúen a garantir o axeitado cumprimento da normativa e regulamentación aplicable aos establecementos, instalacións e produtos industriais co obxecto de evitar accidentes e incidentes en materia de seguridade industrial. Tales instrumentos, que aparecen regulados con detalle na norma legal, son os seguintes: a intervención administrativa na instalación, ampliación e traslado de establecementos e instalacións industriais; o Rexistro de establecementos industriais de Galicia; os rexistros industriais especiais; a inspección industrial; e as entidades legalmente habilitadas que colaboran nos labores de verificación da seguridade industrial.

A Lei de inspección de consumo (11/2004, do 19 de novembro) vai dirixida a regular o réxime xurídico desa institución, á que se lle asignan, entre outras, as importantísimas funcións de vixiar, verificar e constatar o cumprimento da normativa que poida afectar, directa ou indirectamente, aos dereitos dos consumidores ou usuarios; a de investigar e comprobar os feitos dos que teña coñecemento a Administración en materia de consumo por presuntas infraccións ou irregularidades relacionadas coa defensa dos dereitos dos consumidores e usuarios; ou a de informar as empresas, durante a realización das súas actuacións, sobre as exigencias, cumprimento e aplicación da normativa vixente en materia de protección dos dereitos dos consumidores e usuarios. Para dar cumprimento a eses obxectivos, regula a lei as obrigas da inspección de consumo; o deber de colaboración con esta das empresas con participación pública, organizacións empresariais e corporativas, e as organizacións de consumidores e usuarios; o réxime do seu persoal; e o procedemento aplicable á actividade inspectora realizada por aquel.

Pecharemos este percorrido pola acción lexislativa do Parlamento de Galicia ao longo do ano 2004 cunha referencia á Lei 7/2004, do 16 de xullo, para a igualdade das mulleres e os homes, que busca a eliminación absoluta das discriminacións entre ambos os dous sexos, sexan directas ou indirectas, e que debe inscribirse no ámbito das actuais normas de carácter civil tendentes a facer efectiva a igualdade entre homes e mulleres. Iso fai necesario, a xuízo do lexislador, ampliar o marco legal das políticas autonómicas de igualdade, tanto no relativo aos principios de actuación como no referente

ás actuacións concretas. Polo que se refire ao primeiro, os principios de partida da lei son os de vincular a totalidade dos poderes públicos galegos no cumprimento da transversalidade como instrumento imprescindible para o exercicio da totalidade das competencias autonómicas nunha clave de xénero, buscando conseguir a eliminación de todas as discriminacións e todos os prexuízos causantes das devanditas discriminacións. En canto ao ámbito das actuacións concretas, a lei establece medidas que son agrupables dentro de dous grandes apartados: dunha parte, o relativo á actuación administrativa da Comunidade en materia de igualdade, actuación referida ao eido da educación e a formación para a igualdade, ao da igualdade de oportunidades e medios de comunicación, ao da erradicación do uso sexista da linguaxe, ao da violencia contra as mulleres, ao do apoio á familia, ao da igualdade laboral, ao da inserción social de mulleres en situación de exclusión social, ao da participación das mulleres no desenvolvemento rural e, por último, ao da corporación autonómica coas corporacións locais na busca do obxectivo da igualdade. O segundo grupo de actuacións é o das referidas ás condicións de emprego na Administración pública galega: acceso ao emprego público, igualdade retributiva, dereitos de conciliación do emprego e a vida familiar, medidas de prevención e sanción do acoso sexual e erradicación do acoso moral por razóns de xénero.

3. A actividade regulamentaria

Como se verá seguidamente, unha parte da actividade regulamentaria desenvolvida pola Xunta de Galicia ao longo de 2004 centrouse tamén en boa medida nalgúns dos sectores de actividade que foron ata agora referidos e estivo marcada igualmente por esa dobre preocupación transversal polo ambiente e a calidade e seguridade industrial e comercial antes citada, aos que debería agora engadirse a organización administrativa. De entre todos o sectores afectados pola actividade regulamentaria, tres destacan no conxunto con toda claridade: o sanitario, o cultural e o marítimo-pesqueiro. Agrupadas por materias, as normas regulamentarias que se recollen a continuación permiten conformar os grupos seguintes:

- a) No sector de actividade da *sanidade interior* aprobáronse os decretos 13/2004, polo que se establecen os requisitos técnicos e condicións sanitarias mínimas aplicables ás prácticas de tatuaxes, micropigmentación e *piercing*; 33/2004, polo que crea o sistema de información galego sobre a infección por virus da inmunodeficiencia humana; 108/2004, polo que determinan os órganos competentes para a imposición de sancións en materia sanitaria; 253/2004, polo que se regulan as actividades de bronceado artificial mediante radiación ultravioleta; e 294/2004, polo que se regula o procedemento para a concesión de licenzas de funcionamento aos fabricantes de produtos sanitarios á medida. Como é doadamente observable, tres deses cinco decretos afectan, dunha forma ou outra, á calidade e seguridade no comercio e na industria.
- b) O sector de actividade da *educación, a cultura e o deporte*, obxecto ano tras ano da acción regulamentaria da Xunta, concentrou un alto número de decretos, de entre os que destacamos os seguintes: o 6/2004, polo que se regula a cualificación dos deportistas galegos de alto nivel e os programas de beneficios dirixidos a estes; o 11/2004, polo que se desenvolven as competencias en materia da sociedade da información e o coñecemento; o 55/2004, polo que se establecen as retribucións vinculadas a méritos individuais docentes, investigadores e de xestión do profesorado universitario; e o 99/2004, polo que se regula a organización e funcionamento da inspección educativa e o acceso ao corpo de inspectores de educación na Comunidade Autónoma de Galicia.
- c) No *ámbito material marítimo-pesqueiro*, que foi obxecto, como se viu, dunha importante acción legislativa, a Xunta de Galicia aprobou un total de tres decretos: o 103/2004, polo que

se regula o exercicio das competencias de pesca, marisqueo e acuicultura no Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia, norma que transloce, como é obvio, unha preocupación ambiental; o 197/2004, polo que se regula a frota de pesca interior da Comunidade Autónoma de Galicia; e o 199/2004, polo que se regulan as competencias autonómicas na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre.

- d) No sector de actividade que forman en conxunto *o ambiente, o urbanismo e a ordenación do territorio* aprobáronse os decretos 110/2004, polo que se regulan os humidais protexidos, e 257/2004, sobre réxime xurídico de vivendas de promoción pública, locais de negocio e solo de promoción pública.
- e) En materia de *agricultura e montes* os decretos aprobados foron dous: o 68/2004, sobre a produción integrada e a súa indicación nos produtos agrarios, e o 306/2004, polo que se crea o Consello Forestal de Galicia.
- f) Finalmente aprobouse polo menos un decreto significativo polo seu contido normativo en cada un dos tres seguintes sectores de actividade: o dos *servizos sociais* (182/2004, polo que se regulan os centros de información a mulleres e se establecen os requisitos para o seu establecemento e funcionamento); o do *turismo* (191/2004, de establecementos de turismo rural); e o do *cooperativismo* (248/2004, polo que se regulan os procedementos de conciliación e arbitraje cooperativa).

4. O proceso de transferencias e os conflitos con outras instancias

- 1) En materia de *traspasos*, o Goberno central aprobou en 2004 tres reais decretos en virtude dos cales se procedía a traspasar á Comunidade de Galicia competencias en diversas materias, aínda que iso non enchía as aspiracións da Xunta, que viñera reivindicando durante ese ano transferencias en materia de aeroportos, portos, xestión de bolsas para estudantes, funcións da inspección de traballo e xestión do espectro radioeléctrico. Os reais decretos aprobados (*Diario Oficial de Galicia* n.º 58, do 24 de marzo de 2004) foron o 366/2004, do 5 de marzo, sobre ampliación dos medios adscritos á xestión encomendada en materia de agricultura (FEGA), traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia polo Real decreto 1790/1996, do 19 de xullo; o 367/2004, do 5 de marzo, sobre ampliación das funcións e servizos traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de educación («escolas viaxeiras»); e o 368/2004, do 5 de marzo, sobre ampliación dos medios patrimoniais traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia polo Real decreto 3317/1982, do 24 de xullo, en materia de estradas. Pola súa banda, a Xunta de Galicia procedeu a asumir as funcións e servizos traspasados nos tres reais decretos que acaban de mencionarse por medio, respectivamente, dos decretos 58/2004, do 25 de marzo (que asignou as funcións e servizos ao Fondo Galego de Garantía Agraria, organismo autónomo adscrito á Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural), 57/2004, do 25 de marzo (que as asignou á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria), e 56/2004, do 25 de marzo (que as asignou á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda) (*Diario Oficial de Galicia* n.º 60, do 26 de marzo de 2004).
- 2) Polo que se refire aos *conflitos*, debe destacarse neste capítulo que ao longo do ano 2004 se produciron catro resolucións do Tribunal Constitucional relacionadas coa Comunidade Autónoma de Galicia, tres das cales tiveron unha notable transcendencia. Trátase, pola súa orde cronolóxica, das seguintes: en primeiro lugar, da Providencia do 10 de febreiro de

2004, pola que se admitía a trámite o Conflito positivo de competencia número 122-2004, promovido polo Consello de Goberno da Xunta de Galicia en relación co Real decreto 104/2003, do 1 de agosto, regulador do subsistema de formación profesional continua (*Diario Oficial de Galicia* n.º 41, do 27 de febreiro). Máis alá da importancia material intrínseca do preito, este conflito tivo a relevancia engadida de que foi o primeiro formulado pola Xunta de Galicia contra unha norma aprobada polo Goberno de España desde a chegada de José María Aznar á súa Presidencia. A segunda resolución do Tribunal Constitucional foi a súa Sentenza 47/2004, do 25 de marzo, que, con case unha década de atraso, resolveu o Recurso de inconstitucionalidade 3141/1993, promovido polo presidente do Goberno contra a Lei de Galicia 11/1993, do 15 de xullo, sobre o recurso de casación en materia de dereito civil especial. A citada sentenza, que contén consideracións de gran significación para a determinación do sistema competencial que rexe en España na orde da lexislación procesual entre o Estado e as comunidades autónomas, declarou inconstitucionais e nulos, por vulnerar a orde constitucional de distribución de competencias, os artigos 1, agás no apartado a) no seu inciso final «e calquera que sexa a contía litixiosa», nos termos expostos no fundamento xurídico 19; 2.º, no seu número 1; 3.º; e a disposición adicional da norma obxecto de recurso, desestimándoo en todo o demais.

O Tribunal Constitucional resolveu, finalmente, dous recursos de amparo: o 3795-2003, promovido por D. Pablo Xavier López Vidal e outros deputados do Parlamento de Galicia integrados no grupo socialista; e o 3811-2003, promovido por Dña. María Salomé Álvarez Blanco e outros deputados do Parlamento de Galicia integrados no grupo do Bloque Nacionalista Galego, os dous en relación coa disolución da Comisión Non Permanente de Investigación Creada no Parlamento de Galicia en Relación coa Catástrofe de Petroleiro *Prestige*. Os recursos de amparo tiñan por obxecto a Resolución da Presidencia do Parlamento do 5 de marzo de 2003, pola que se ordenara a publicación dunhas normas supletorias do artigo 50 do Regulamento da Cámara (regulador da extinción das comisións non permanentes), normas aprobadas pola Mesa da Cámara (*Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* n.º 306, do 6 de marzo de 2003), e a resolución do Pleno do Parlamento do 11 de marzo de 2003, pola que, en aplicación das devanditas normas supletorias, se acordara a disolución da comisión non permanente de investigación antes citada. Tanto os demandantes de amparo como o Ministerio Fiscal sostiñan que as resolucións impugnadas supuxeran unha modificación do Regulamento da Cámara mediante a utilización dun procedemento de integración normativa co que só cabería suplir lagoas e disipar escuridades, pero nunca innovar contidos, con infracción, ademais, dos dereitos que aos parlamentarios da minoría e aos seus representados recoñece o artigo 23 da Constitución. Pola súa banda, o Parlamento de Galicia entendía que coas normas supletorias acordadas só se tratara de suplir unha omisión do Regulamento e dar resposta á solicitude de disolución da comisión presentada por un grupo de parlamentarios ante a imposibilidade manifesta e obxectiva de que esta puidese funcionar, en vista da actitude observada no seu seo polos parlamentarios da oposición. Un e outro recursos de amparo foron obxecto, respectivamente, das sentenzas 226/2004 e 227/2004, ambas do 29 de novembro de 2004: a primeira estima a demanda de amparo, recoñece o dereito dos demandantes a exercer as súas funcións representativas en condicións de igualdade e conforme o previsto no Regulamento do Parlamento de Galicia (art. 23.2 CE), declara a nulidade das normas supletorias do artigo 50 do Regulamento do Parlamento de Galicia acordadas pola Mesa da Cámara e publicadas por orde da Presidencia do Parlamento do 5 de marzo de 2003, e declara a nulidade do Acordo do Pleno do Parlamento de Galicia do 11 de marzo de 2003, polo que se dissolve anticipadamente a Comisión Non Permanente de Investigación sobre a Catástrofe do Petroleiro *Prestige*. A segunda estima a demanda de amparo e recoñece o dereito dos demandantes a exercer as súas funcións representativas en condi-

cións de igualdade e segundo o previsto no Regulamento do Parlamento de Galicia (art. 23.2 CE). Os pronunciamentos do tribunal deron lugar á reapertura da comisión ilegalmente disolvida, o que se produciu, en efecto, en xaneiro de 2005.

5. Trazos fundamentais da vida política e institucional galega

As eleccións xerais do 14 de marzo –que como se apuntaba ao comezo marcaron de forma decisiva o desenvolvemento da vida política autonómica ao longo do ano 2004– foron moi relevantes debido a un cúmulo de circunstancias diferentes: fórono, en primeiro lugar, como o son sempre todas as eleccións en que se decide como se van conformar as Cortes xerais e cal será o presidente do Goberno que, a partir desa conformación, será elixido polo Congreso dos Deputados; fórono, ademais, por ser as primeiras desde a aprobación do texto constitucional de 1978 nas que a proposta dunha eventual reforma constitucional, centrada tamén, aínda que non só, en cuestións de tipo territorial, formou parte do debate electoral e do programa dun dos dous partidos con posibilidades de alzarse coa maioría; e fórono, en fin, desgraciadamente, polas durísimas condicións en que tivo lugar a xornada electoral, tras os tremendos atentados que tiveron lugar en Madrid na mañá do 11 de marzo. As eleccións influíron, así, no clima político previo a estas, que, ao igual que aconteceu no resto de España, estivo dominado pola contenda electoral. E influíron con posterioridade, tanto no desenvolvemento da vida interna dos tres principais partidos de Galicia como na dinámica de competencia entre estes. Pero antes de centrámonos nunha e outra cousa, comezaremos por realizar unha breve análise dos resultados en Galicia das eleccións xerais –e das posteriores eleccións europeas do 15 de xuño– que nos permita enmarcar as consideracións subseguintes.

Os resultados das eleccións xerais e europeas

Aínda que o vencedor absoluto das eleccións xerais do 14 de marzo volveu ser en Galicia, desde logo, o Partido Popular, que obtivo, antes do computo do voto dos residentes ausentes, un total de 812.282 sufraxios –o 46,51% dos válidos expresados–, o certo é que a valoración precisa do significado político deses resultados só pode realizarse ao contemplalos en comparación cos do Partido dos Socialistas de Galicia, que seguindo a tónica xeral española nas xerais do ano 2004 conseguiu un avance moi substancial, ao obter 653.597 votos, o 37,43% dos válidos expresados en Galicia. Iso supoñía que mentres o Partido Popular experimentaba un lixeiro descenso en termos absolutos (moi curto unha vez computados os 59.215 votos obtidos entre os residentes ausentes), tal descenso resultaba, non obstante, moito máis significativo en termos relativos, ao pasar o PP de case o 54% dos votos nas xerais de 2000 a algo máis do 47% nas de 2004. Ese fenómeno podería explicarse polo feito de que o Partido Socialista se beneficiase máis que os seus competidores do PP e o BNG do aumento da participación electoral, que medrou máis de 10 puntos dunhas a outras xerais. En todo caso, e aínda que resultase dese modo, o ascenso socialista non puido ser só a consecuencia da súa vantaxe derivada do aumento da participación electoral, senón que debeu de ter tamén moito que ver coa forte caída do voto nacionalista, pois o BNG viu como os seus 306.268 votos de 2000 (o 18,62% de válidos expresados) se transformaban en tan só 205.613, que significaban o 11,77% dos expresados en 2004. Unha caída esta, a do Bloque, que vén completar o escenario derivado dos resultados da consulta xeral: a participación aumenta 10 puntos, o PP perde aproximadamente 7 puntos, o PSdeG gaña 14 e o BNG perde outros 7. Todo iso traducíuse, desde o punto de vista dos escanos en xogo para o Congreso dos Deputados, en que mentres que nas xerais de 2000 o PP obtiña 16 escanos, 6 os socialistas e 3 os nacionalistas, en 2005 (cun escano menos en xogo debido á perda de poboación) esa repartición será de 12 escanos para o PP, 10 para os socialistas e 2 para o BNG. No

Senado, o PP volveu obter os 12 senadores na maioría (3 en cada unha das provincias galegas), mentres que o PSdeG obterá os 4 restantes correspondentes á minoría.

A gran dúbida que reflicten eses resultados é a de se, primeira hipótese, o aumento dos votos socialistas foi a consecuencia dun desprazamento significativo –en termos cuantitativos– cara ao PSdeG de votantes do Partido Popular en anteriores eleccións (pois é case seguro que tal aumento se debeu nunha parte ao transvasamento de votos procedentes do nacionalismo), o que significaría que o aumento da participación se repartiría dunha forma máis ou menos homoxénea e en proporción á repartición dos electores entre os partidos; ou, segunda hipótese, se o aumento socialista non foi a consecuencia da suma das perdas dos seus dous competidores (7 puntos do PP e 7 do BNG, que darían os 14 de crecemento socialista), senón só, ou sobre todo, da caída do Bloque, de modo tal que a parte do crecemento non explicable polo transvasamento de voto nacionalista debería atribuírse ao aumento da participación. Tal disxuntiva non formula, segundo resulta fácil de entender, unha cuestión de meras derivacións académicas, pois as previsibles consecuencias da primeira ou a segunda das hipóteses citadas serían moi distintas de cara ás eleccións autonómicas que deben celebrarse a finais do ano 2005. En todo caso, hai que resaltar un dato máis para acabar con esta análise: unha vez computados os votos dos residentes ausentes, a proxección dos resultados das xerais nunhas hipotéticas autonómicas seguirían dándolle, aínda por unha marxe moi escasa, ao PP a maioría absoluta da que vén gozando na Cámara galega desde 1989.

Polo que se refire ás eleccións europeas, a repartición dos votos entre os tres grandes partidos de Galicia non cambiou de forma substancial nesas eleccións, onde a participación foi, en todo caso, moi inferior á das xerais. Así, e tomando como base 100, a suma dos votos das tres grandes forzas do sistema galego de partidos, mentres que a repartición foi nas xerais de marzo do 49,2% para o PP, o 38,9% para o PSdeG e o 11,9% para o BNG, esas porcentaxes apenas experimentaron variacións significativas nas europeas de xuño: 49,6% para o PP, 37,6% para o PSdeG e 12,8% para o BNG. Foi, de todos os xeitos, esta última forza, que concorreu aos comicios europeos dentro da coalición denominada Galeusca, a que levou a peor parte na repartición final dos escaños, ao perder o BNG o eurodeputado que conseguira colocar nas europeas de 1996.

O debate sobre o Plan Galicia

No capítulo precedente deixabamos constancia de como o denominado Plan Galicia, aprobado polo Goberno español nunha sesión do Consello de Ministros celebrada a mediados de xaneiro de 2004, tras o desastre do *Prestige*, coa declarada intención de facer fronte ao secular atraso de Galicia, deu lugar moi pronto a un debate político entre o Goberno central e a Xunta de Galicia e as que eran entón as súas respectivas oposicións, centrado non só nos concretos contidos do dito plan, senón moi especialmente na súa realidade ou irrealidade. Ese debate, que se explicaba á vista da natureza do plan –un proxecto plurianual cuxos investimentos se deberían ir plasmando nun horizonte temporal de medio prazo e cuxa concreción xurídica adquiriría en moitos casos a forma do convenio–, reproduciuse ao longo do ano 2005, aínda que coas diferentes características que naturalmente se derivan do cambio de signo político producido tras as eleccións de marzo no Goberno central.

En efecto, o feito de que ese Goberno pasase, despois das eleccións xerais de marzo, a mans do partido que estaba previamente na oposición trastornou non só as formulacións –e o discurso político– de quen antes era oposición e logo pasa a ser Goberno, senón tamén a dos suxeitos políticos que determinan o funcionamento da dinámica política autonómica en Galicia: por unha parte da Xunta e do partido que parlamentariamente a sostén, o Popular, que non se atoparán, despois de marzo, cun Goberno central do mesmo signo político (o chamado *Goberno amigo*), senón cun de signo

oposto, controlado polos seus principais competidores tanto en Galicia como no resto de España; e, por outra parte, da oposición política galega, e moi especialmente da dirixida polo Partido Socialista, para quen a situación vai ser xustamente a contraria: o Goberno de Madrid non será xa o que existía cando se aprobou o plan, senón un do propio Partido Socialista. Sen ter en conta este profundo cambio de escenario non é posible entender as posicións e os discursos dos suxeitos políticos galegos ao longo do ano 2005, que, como era de esperar, foron variando de forma paralela ás modificacións inducidas polo cambio de maioría nas Cortes xerais. Así as cousas, o debate político galego estivo dominado, tras a toma de posesión do Goberno de Rodríguez Zapatero e, sobre todo, tras o inicio da segunda parte do ano 2005, pola cuestión do cumprimento ou o incumprimento do Plan Galicia e pola do reflexo que o efectivo cumprimento dese plan debería de ter no Proxecto de lei de orzamentos xerais do Estado. Non é posible, claro, entrar aquí en todos os pormenores dun debate que estivo condicionado nunha altísima medida polo afán dos tres partidos galegos de maximizar os seus beneficios, en termos de apoio electoral, a custa das debilidades –reais ou supostas– dos seus adversarios a conta do tan traído e levado Plan Galicia. Por iso limitarémonos a expoñer algúns datos que demostran tanto o protagonismo do plan na dinámica política autonómica como a conxunturalidade das posicións partidistas ao respecto.

Tras o seu tradicional retiro de primavera, a Xunta de Galicia instaba o 3 de abril o candidato socialista Rodríguez Zapatero a ratificar no seu discurso de investidura o seu compromiso de executar o Plan Galicia nos termos en que aquel fora proxectado, o que ofrecía un sinal inequívoco de cal ía ser cara ao futuro unha das liñas de forza da Xunta e do PP. Poucos días despois, mediado abril, o Parlamento de Galicia aprobaba unha iniciativa cos votos do PP e do Partido Socialista, e a abstención do BNG, que solicitaba a anticipación dos prazos e os investimentos previstos no plan. A finais dese mesmo mes de abril anunciábase a creación dunha comisión no seo do Parlamento de Galicia que tería como principal obxectivo o seguimento da súa execución por parte do Goberno do Estado, goberno que, por boca do seu ministro de Administracións Públicas, aseguraba, mediado o mes de maio, que o plan se executaría na súa integridade. Aínda que comezado o mes de xuño unhas declaracións da ministra de Fomento suscitaban polémica e avivaban as diferenzas respecto ao plan entre a Xunta e o Goberno, un mes despois Manuel Fraga visitaba na Moncloa a Rodríguez Zapatero, que prometía ao presidente da Xunta o apoio ao plan por parte do Goberno. Ese acordo entre os dous presidentes atoparía o seu mellor reflexo na aprobación unánime polo Congreso dos Deputados, a finais do mes de xuño, dunha moción na que se instaba o Goberno ao cumprimento efectivo do Plan Galicia.

Pero a dinámica ata agora descrita –baixo a cal latexaba sempre un *tour de force* entre a Xunta e o Goberno, que o era tamén entre o PSOE e o PP no conxunto do Estado e entre a Xunta e a oposición socialista e/ou nacionalista na Comunidade Autónoma galega– cambiou de signo a medida que se foron coñecendo as diversas magnitudes do Proxecto de lei de orzamentos xerais do Estado. Así as cousas, xa antes de iniciarse as vacacións políticas de agosto, o PP e o BNG comezan a concretar as súas exixencias económicas en relación coa tradución que o axeitado cumprimento do plan debería ter, segundo eles, no proxecto orzamentario do Goberno: o PP exixe na Comisión de Seguimento do Plan Galicia que se inclúa no proxecto de orzamentos unha partida de 1500 millóns de euros, partida que o BNG aumenta ata os 1800 millóns. O acordo final da comisión, adoptado co voto en contra do Partido Socialista, cifrará a cantidade exixida en 1559 millóns de euros.

A última fase deste debate sobre a execución e o cumprimento do plan, na que entrará con forza a discusión paralela sobre a existencia ou non de compromisos gobernamentais firmes para a realización dalgunhas das súas obras –de xeito moi especial o porto exterior da Coruña–, conduce finalmente a unha situación na que os desacordos son entre todas as forzas políticas galegas: mentres que o

PP e o BNG criticarán como insuficientes as partidas dedicadas á Comunidade galega nos orzamentos do Estado, o PSdeG manterá que son os mellores da historia de Galicia; mentres o PP insistirá en que a parte do plan executada polo anterior goberno do Partido Popular era moi superior á executada polo Goberno socialista, o BNG e o PSdeG sosterrán que todo o supostamente executado baixo a presidencia Aznar non era máis que pura propaganda; e, en fin, mentres que o PSdeG afirmará ser o garante efectivo do cumprimento do plan por parte do Goberno socialista, o BNG proclamará que é a debilidade do PSdeG fronte a Madrid a que explica a ausencia dun auténtico compromiso co plan por parte do Goberno do Estado. Como é doado de apreciar, esas liñas de fractura coinciden de forma milimétrica coas liñas de competencia electoral entre o PP, o PSdeG e o BNG, o que, lonxe de ser unha casualidade, constitúe, con toda probabilidade, a causa que en última instancia permite explicalas máis alá da parte de razón que poida corresponder a cada un na defensa das súas respectivas posicións.

Os partidos galegos, entre dúas eleccións

Aínda que desas dúas eleccións, unhas, as autonómicas galegas de 2005, non tiveron lugar, é o certo que tanto as xa celebradas –as xerais do 2004, antes referidas– como as expectativas xeradas durante 2004 polas que haberían de celebrarse en 2005 condicionaron a vida interna partidista das tres principais forzas políticas galegas.

A do *Partido Popular* volveu estar dominada pola cuestión da sucesión de Manuel Fraga como candidato á Presidencia da Xunta. Aínda que o presidente recoñecía o 18 de xullo de 2004 que só optaría a un quinto mandato se era preciso «un sacrificio», pasado un mes, o 22 de xullo, admitía: «Estou en forma para calquera cousa». En todo caso, a cuestión sucesoria estivo ligada durante 2004, dun ou doutro xeito, aos dous acontecementos internos máis significativos que se produciron no Partido Popular: por unha parte, á designación por Manuel Fraga, a principios de setembro, de dous vicepresidentes da Xunta, designación que rompía unha práctica, a de gobernar sen vicepresidentes, mantida por Fraga durante os seus case dezaseis anos de mandato. A opción final de designar dous vicepresidentes mantiña, polo demais, o equilibrio interno entre os dous principais sectores do Partido Popular: o máis urbano e o máis achegado aos liderados rurais tradicionais. Sería precisamente unha parte dese sector tradicional, liderado polos presidentes das deputacións provinciais de Ourense e Lugo, o que protagonizará o segundo dos dous acontecementos antes citados: a apertura dunha grave crise interna no Partido Popular que ameazou con deixar o Goberno da Xunta en minoría, ameaza ante a que o presidente respondeu recordando que dispoñía da facultade de disolución anticipada da Cámara. O cisma interno, dirixido polo líder ourensán do PP e presidente da Deputación desa provincia, José Baltar, xustificado na defensa da autonomía provincial no seo do PP, abriuse a mediados de setembro e, aínda que o presidente da Xunta conseguiu pechalo con relativa rapidez, o seu grande impacto na opinión pública galega afectou sen dúbida a un dos elementos definidores do patrimonio político do que sempre veu facendo gala o presidente Fraga desde a súa entrada na política galega: a cohesión interna do PP.

O ano 2004 foi para o *Partido dos Socialistas de Galicia* un bo ano en termos internos, en boa medida como consecuencia dunhas expectativas electorais favorables, tanto no relativo ás posibilidades de desprazar o Partido Popular do Goberno da Xunta como no relativo ás probabilidades de que, en caso de darse esa alternancia, a alternativa fose hexemonizada polo candidato socialista. Neste contexto, ese candidato, Emilio Pérez Touriño, foi proclamado como tal por aclamación no Congreso do PSdeG-PSOE celebrado a mediados de xullo, congreso que o elixiu tamén secretario xeral do partido con máis do 90% dos votos dos delegados presentes neste. Meses máis tarde, na segunda semana de outo-

bro, o presidente do Goberno presentou oficialmente a candidatura de Pérez Touriño á Presidencia da Xunta cunha frase que expresa á perfección o sentimento co que daquela afrontaban os socialistas as eleccións autonómicas, que, se non hai adiando, deberán celebrarse no outono do ano 2005: «Esta vez vai en serio», dicía Zapatero aos seguidores socialistas.

Ese optimismo contrasta, en fin, co pesimismo que se instalou no interior do *Bloque Nacionalista Galego*, tras os seus decepcionantes resultados nas eleccións xerais, explicables, segundo o BNG, polo forte impacto electoral dos atentados do 11-M, impacto equiparable, a xuízo dos nacionalistas, ao que tivera no seu día sobre a opinión pública española a frustrada tentativa golpista do 23-f. Eses resultados, que como vimos páxinas atrás eran peores para os nacionalistas á vista do claro ascenso socialista, abriron no Bloque a crise que podería denominarse da perda da hexemonía na oposición. Perseguido con grandes esforzos, o *sorpasmo* nacionalista sobre o Partido Socialista producírase finalmente nas eleccións autonómicas de 1997 (nas que os nacionalistas obtiveron 18 deputados por 15 dos socialistas), eleccións que tiveron lugar no momento máis baixo do ciclo socialista. Pero xa nas autonómicas seguintes, nas de 2001, a paridade volveu presidir a relación entre o PSdeG e o BNG: aínda que este último logrou unha lixeirísima vantaxe no número de votos, ambas as dúas forzas obtiveron o mesmo número de escaños na Cámara galega. Neste contexto, as eleccións xerais de marzo foron as da ruptura clara desa previa paridade. Porque, aínda que é certo que as xerais adoitan ser sempre as mellores eleccións para os socialistas galegos e as peores para os nacionalistas, non é menos que a brecha que se abriu entre uns e outros no ano 2004 facía presaxiar as grandes dificultades ás que o Bloque tería que enfrontarse para volver colocarse á cabeza da oposición en Galicia. Foron esas dificultades, e a conciencia de que quizais o BNG podería estar abocado a ser unha forza gregaria do PSdeG no caso de que a alternancia chegase finalmente a producirse, a que provocou un forte malestar interno no seo do Bloque, cuxa manifestación fundamental foi a forte batalla mantida entre a organización e o seu ex-líder e ex-candidato á Presidencia da Xunta, Xosé Manuel Beiras, ao longo de todo o mes de xullo. Malia iso, a impresión a finais de 2004 era a de que o novo candidato nacionalista, Anxo Quintana, conseguira consolidar a súa posición interna no BNG, ao que contribuirían tamén algunhas sondaxes de opinión, como o barómetro de inverno de *La Voz de Galicia*, que prognosticaba unha tendencia cara á converxencia nas respectivas intencións de voto do BNG e o PSdeG, derivada da progresiva caída do segundo e o progresivo aumento do primeiro.

O comezo do debate sobre a reforma estatutaria

As novidades en materia de reforma estatutaria ao longo do ano 2004 foron poucas. E iso a pesar do xeral efecto emulador que provocaron en case toda España as moi diferentes iniciativas de reforma adoptadas no País Vasco e Cataluña. É certo que tanto o Partido Socialista como o Bloque Nacionalista Galego reclamaron ao longo do ano, e en diversas ocasións, a necesidade de poñerse a traballar na reforma estatutaria. E éo tamén que tanto os socialistas como os nacionalistas constituíron cadansúa comisión de expertos encargadas de elaborar anteproxectos dun novo Estatuto. Pero malia iso, e malia a afirmación xeneralizada de que a reforma debería levarse a cabo nun marco xeral de acordo entre as tres grandes forzas conformadoras do sistema galego de partidos, o certo é que haberá que esperar a que comece o ano 2005 para que os dous grupos da oposición adopten as súas respectivas iniciativas parlamentarias destinadas á creación dunha comisión de reforma do Estatuto de autonomía no seo da Cámara galega.

CAPÍTULO XIX

ANO 2005

1. Introducción: liñas xerais

Por enriba de calquera outra característica, 2005 foi en Galicia «o ano do cambio», o que veu determinado non só polo feito de que nas eleccións autonómicas de xuño o Partido Popular obtivese unha maioría que non lle ía permitir manterse no Goberno, senón tamén polas especiais circunstancias que rodearon a alternancia de partidos na Xunta de Galicia. En primeiro lugar, a circunstancia de que tal alternancia fose a primeira na que o cambio de maioría resultaba a directa consecuencia dunhas eleccións autonómicas, pois o que o precedeu na segunda metade da década dos oitenta tivo a súa orixe nunha moción de censura bastante *peculiar*, que triunfou grazas ao apoio dunha parte dos deputados do partido que ata o momento conformaran a maioría parlamentaria que sostíña o presidente censurado. A de 2005 será, ademais, unha alternancia que vai producirse tras un longo período de dominio electoral e parlamentario do Partido Popular, que gañou con maioría absoluta as eleccións autonómicas de 1989, 1993, 1997 e 2001, nas que Manuel Fraga foi candidato á Presidencia da Xunta de Galicia. De feito, e coa única excepción do bienio do Goberno tripartito nacido da moción de censura referida (1987-1989), o centro-dereita viñera gobernando en Galicia desde a posta en marcha das institucións autonómicas galegas que subseguiu á celebración das primeiras eleccións rexionais en outubro de 1981. Pode entenderse, por todo o apuntado, que, nestas circunstancias, un cambio de Goberno é sempre *algo máis e algo diferente* a un mero cambio de Goberno e que os seus efectos institucionais e sociais provoquen un *terremoto político* de certa envergadura.

Polo demais, e como resulta doadamente comprensible, as eleccións autonómicas condicionaron decisivamente o desenvolvemento da vida política e institucional galega antes e despois de que estas tivesen lugar, lixeiramente adiantadas, o 19 de xuño de 2005. Antes, porque tanto o debate político como as estratexias de todas as forzas políticas que compoñen o sistema galego de partidos –de xeito moi especial as estratexias das tres que veñen tendo en Galicia nos últimos anos representación parlamentaria: o Partido Popular, o Partido dos Socialistas de Galicia e o Bloque Nacionalista Galego– estiveron centradas nesas eleccións; e despois, porque os seus resultados e o cambio de Goberno que produciron condicionaron non só a vida política e institucional, senón tamén o desenvolvemento da actividade legislativa do Parlamento autonómico e da actividade regulamentaria da

nova Xunta de Galicia. O primeiro só aprobou, por obvios acondicionamentos de tipo temporal, dúas leis nos primeiros meses da nova lexislatura 2005-2009: a de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2006 e unha brevísima lei de modificación. Polo que se refire á Xunta de Galicia, e tal como poderá verse máis adiante con maior detemento cando se analice a súa actividade regulamentaria, tampouco tras as eleccións, e debido a idénticas razóns de carácter temporal, se aprobaron normas de contido regulamentario dignas de mención, de modo que este capítulo se limita case a recoller os respectivos decretos de estrutura da Xunta e das súas consellarías.

O cambio electoral de xuño ía producir, finalmente, outros efectos que tamén deben ser destacados nesta reflexión introdutoria: os referidos á nova situación do debate sobre a reforma estatutaria. E iso porque a chegada á Xunta da coalición que forman o Partido dos Socialistas de Galicia e o Bloque Nacionalista Galego, firmes partidarios da reforma estatutaria, colocou na primeira páxina da axenda pública e, polo tanto, no primeiro plano do debate político-partidista, a cuestión da reforma dun Estatuto de autonomía que, como os das restantes comunidades que accederon á autonomía pola vía especial do artigo 151 da Constitución, non foi obxecto de cambio ningún ata a data. Nese sentido non cabe esquecer a peculiaridade que presenta a aprobación de calquera reforma estatutaria en Galicia respecto ás iniciadas, con diferente desenlace, primeiro no País Vasco e despois en Cataluña.

Na primeira desas dúas comunidades, o Estatuto prevé que a reforma haberá de ser aprobada só pola maioría absoluta da Cámara autonómica, o que fixo posible no seu día sacar adiante a reforma no Parlamento de Vitoria sen contar cos votos nin do Partido Socialista de Euskadi nin do Partido Popular. En Cataluña, pola contra, a maioría exixida estatutariamente para a reforma é, de forma paralela ao que acontece coa maior parte das normas estatutarias, a maioría cualificada dos dous terzos dos membros da Cámara, o que, malia todo, permitiu acometer a reforma sen contar co apoio da minoría popular, cuantitativamente moi pouco relevante en Cataluña. A situación galega difire substancialmente, a ese respecto, tanto da vasca coma da catalá: da vasca, porque a maioría exixida para a reforma non é a absoluta senón a cualificada de dous terzos; e de Cataluña, porque en Galicia o apoio do Partido Popular resulta indispensable para culminar calquera reforma estatutaria: de feito, a reforma sería posible co apoio conxunto do Partido Popular e o Partido dos Socialistas de Galicia, e, tamén, co apoio do Partido Popular e do Bloque Nacionalista Galego, pero nunca cos sós votos dos deputados socialistas e nacionalistas: nunha palabra, a única combinación parlamentaria que resulta insuficiente para os efectos dunha futura reforma estatutaria é a que sostén á actual Xunta de Galicia, o que non acontecera ata agora nin no País Vasco nin en Cataluña; e o que fai previsible que as propostas e o debate subseguinte da reforma estatutaria se desenvolverán en Galicia dun modo algo diferente a como se desenvolveron, respectivamente, en cada unha das dúas comunidades mencionadas. E iso alén de cal puidese ser, eventualmente, o seu final.

2. O exercicio das competencias legislativas

Segundo se sinalaba no capítulo anterior, o ano 2004 foi moi frutífero desde o punto de vista da acción legislativa do Parlamento de Galicia: a Cámara autonómica aprobou 16 normas, o que supuxo un salto na súa produción legislativa, pois ese ano apareceron no *Diario Oficial de Galicia* case tantas leis como as publicadas conxuntamente nos dous previos da lexislatura 2001-2005 (nove en 2002 e dez en 2003). Pola contra, no ano que pecha a lexislatura a contracción da produción legislativa foi a que resultaba previsible, tendo en conta a temperá data de disolución do Parlamento –25 de abril– e a data tardía de constitución da nova Cámara xurdida das eleccións de xuño: 18 de xullo. Así as cousas, aínda que o saldo total de leis publicadas no *Diario Oficial de Galicia* ao longo de 2005 foi de sete, o certo é que ese dato debe ser inmediatamente matizado: e é que cinco desas

leis se aprobaron nos primeiros meses do ano (os últimos da sexta lexislatura) e as dúas restantes nos últimos meses do ano (e primeiros da sétima lexislatura). A esas sete leis debe engadírselles, ademais, a aprobación dun decreto lexislativo, fonte do dereito moi infrecuentemente utilizada no ordenamento xurídico autonómico galego. Todo iso determinou que o número de leis aprobadas durante a sexta lexislatura, un total de 40, se mantivera xusto na media de Galicia –40 leis por ano– durante o conxunto do período autonómico, media que será o resultado da seguinte evolución: 40 leis na primeira lexislatura (1981-1985), 42 na segunda (1985-1989), 44 na terceira (1989-1993), 44 na cuarta (1993-1997), 32 na quinta (1997-2001) e 40 na sexta (2001-2005).

Entrando xa na análise das normas aprobadas ao longo de 2005, a máis transcendental foi, sen dúbida, a Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria, lei coa que, segundo o propio lexislador, se perseguen tres obxectivos esenciais: en primeiro lugar, o de dispoñer dunha regulación que estea en condicións de garantir a calidade dos produtos alimentarios de Galicia e a súa conformidade coa normativa que lles é aplicable, todo iso coa finalidade de asegurar a lealdade das transaccións comerciais no ámbito alimentario e a protección dos intereses e os dereitos lexítimos dos produtores agrarios, dos operadores económicos e dos profesionais do sector, así como dos consumidores finais, no territorio de Galicia. Coa lei trátase, en segundo lugar, de establecer as obrigas dos operadores alimentarios que actúan na Comunidade Autónoma de Galicia, regulando, para tales efectos, a actuación da inspección alimentaria e o control da Administración autonómica e establecendo un réxime sancionador en materia de calidade e conformidade alimentarias. O último dos tres obxectivos antes referidos é o de fomentar e potenciar o valor das producións alimentarias de calidade xeradas na Comunidade Autónoma galega. Para dar cumprimento aos tres obxectivos mencionados, directamente relacionados coa xeración de valor engadido nun ámbito produtivo que é decisivo para a economía galega –o sector alimentario, moi importante nun país, como Galicia, cun forte sector agrario, marisqueiro, pesqueiro e gandeiro–, a Lei de promoción e defensa da calidade alimentaria galega regula pormenorizadamente os dereitos e deberes dos operadores alimentarios e as diversas figuras de promoción da calidade alimentaria creadas coa finalidade de potenciar a competitividade e o valor engadido do sector: as denominacións xeográficas, a denominada artesanía alimentaria e as marcas de calidade. A lei procede, tamén, á creación dunha institución directamente vinculada ao control da calidade dos produtos do sector alimentario –o Instituto Galego de Calidade Alimentaria– e regula dun modo exhaustivo tanto o réxime xurídico aplicable ao aseguramento da calidade alimentaria (obrigas dos operadores alimentarios, control e inspección e medidas cautelares e preventivas) como o réxime de infraccións e sancións aplicables no caso de incumprimento por parte dos diferentes operadores alimentarios das referidas obrigas.

Igualmente relevante foi a aprobación da Lei 5/2005, do 25 de abril, reguladora do recurso de casación en materia de dereito civil de Galicia, norma destinada a dar eficacia práctica ao previsto en diferentes preceptos do Estatuto de autonomía para Galicia: no seu artigo 22.1.a), segundo o cal a competencia dos órganos xurisdicionais de Galicia se estende, na orde civil, a todas as instancias e graos, incluídos os recursos de casación e revisión nas materias de dereito civil galego; no seu artigo 27.5, que atribúe á Comunidade Autónoma competencia en materia de normas procesuais que se deriven do específico dereito galego; e no seu artigo 21, que dispón que o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia é o órgano xurisdiccional en que culminará a organización xudicial no seu ámbito territorial e ante o que se esgotarán as sucesivas instancias procesuais, nos termos do artigo 152 da Constitución. O lexislador autonómico parte, ademais, da Sentenza do Tribunal Constitucional do 25 de marzo de 2004, delimitadora do ámbito constitucionalmente correcto de actuación do lexislativo autonómico na materia. A partir dos tres preceptos estatutarios citados e da doutrina contida na referida sentenza do alto tribunal, a Lei reguladora do dereito de casación en materia de dereito civil de Galicia –que derroga a Lei 11/1993, do 15 de xullo, sobre recurso de casación en materia de dereito civil especial de Galicia– determina como

especialidades na regulación do recurso as seguintes: a primeira, que se considerará motivo de casación o erro na apreciación da proba que demostra descoñecemento por parte do xulgador de feitos notorios que supoñan infracción de uso ou de costume; e a segunda, que as sentenzas obxecto de casación non estarán sometidas a ningunha limitación por causa da súa contía litixiosa.

No ámbito da regulación institucional non pode tampouco deixarse de destacarse a Lei 1/2005, do 4 de xaneiro, do Centro de Estudos Xudiciais e Seguridade Pública de Galicia, elaborada a partir das previsións contidas nos artigos 149.5 da Constitución española e en 20.1 do Estatuto de autonomía para Galicia: mentres o primeiro lles atribúe ás comunidades autónomas competencia en materia de Administración de xustiza, o segundo determina que, en concreto, lle corresponde á Comunidade Autónoma galega exercer as facultades que as leis orgánicas do poder xudicial e do Consello Xeral do Poder Xudicial recoñezan e atribúan ao Goberno. A partir de tales títulos competenciais, a Lei 1/2005, do Parlamento de Galicia, procede á creación do Centro de Estudos Xudiciais e Seguridade Pública de Galicia, en tanto que organismo autónomo de carácter administrativo adscrito á consellaría competente en materia de interior e xustiza. A norma enumera con sumo detalle as funcións do centro nas tres esferas nas que desenvolverá a súa actividade: en primeiro lugar, na área dos estudos xudiciais e da formación xurídica (entre outras, as funcións de realizar a formación especializada e permanente do persoal ao servizo da Administración de xustiza que se detalla na propia lei; a de investigar, estudar e divulgar asuntos e documentos relativos ao ámbito xudicial ou a de promover relacións de intercambio e colaboración con outros centros docentes e investigadores de ámbito galego); en segundo lugar, na área da seguridade e a formación policial (entre outras, as funcións de realizar os cursos que se establezan para o ingreso e a promoción interna ás distintas escalas dos corpos da Policía Galega e das policías locais e a de colaborar coas administracións competentes na selección do persoal dos corpos de Policía); e, en terceiro lugar, por último, na área da protección civil (entre outras, as funcións de impartir os cursos de formación e perfeccionamento para os membros dos corpos de bombeiros das entidades locais e dos integrantes dos servizos de protección civil e a de prestar apoio ás entidades locais na selección e formación continua do persoal integrante dos corpos citados). A lei fixa, ademais, a estrutura orgánica e as competencias e funcións dos órganos de goberno e Administración do centro –que dirixirán un consello reitor e un director, nomeado pola Xunta de Galicia–, así como o réxime xurídico aplicable aos actos administrativos ditados por eses órganos de goberno do Centro de Estudos Xudiciais e de Seguridade Pública de Galicia no exercicio das súas funcións e competencias.

Durante os primeiros meses de 2005, o Parlamento de Galicia aprobou, ademais, dúas leis de modificación: a 3/2005, do 7 de marzo, de modificación da Lei 3/2001, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes; e a 4/2005, do 17 de marzo, de modificación da Lei 5/1999, do 21 de maio, de ordenación farmacéutica. A finalidade que persegue o lexislador autonómico coa primeira desas normas é a de adaptar a Lei galega 3/2001, do 28 de maio, á Lei estatal 41/2002, do 14 de novembro, de carácter básico, destinada a regular a autonomía do paciente e os dereitos e obrigas en materia de información e documentación clínica. A adaptación á que se procede por medio da Lei 3/2005 modifica a definición legal de consentimento informado e menciona expresamente o dereito do paciente a decidir libremente entre as opcións clínicas dispoñibles e o seu dereito a negarse ao tratamento. A lei regula, así mesmo, o denominado estado de necesidade terapéutica, entendido este como un suposto de restrición da información en interese do paciente. Tamén se introducen cambios no réxime xurídico da historia clínica: o máis importante, o referido á nova determinación dos datos mínimos que deben constituír o contido da historia clínica, entre os que destaca a necesidade de que figure nela a identificación dos médicos e dos demais profesionais que interveñen durante do proceso asistencial. A lei especifica, ademais, que a elaboración da historia clínica, en todo aquilo que se refire á asistencia directa ao paciente, será responsabilidade dos profesionais aos que acaba de facerse

referencia. E determina, en fin, que o paciente ten o dereito de acceder á documentación contida na súa historia clínica, dereito este que poderá exercer a través de representación debidamente acreditada, e sendo posible, ademais, en determinados supostos taxados pola lei, o acceso á historia clínica por parte de terceiros.

A modificación da normativa vixente en materia de ordenación farmacéutica acométese, pola súa parte, coa finalidade de acomodala aos pronunciamentos emanados do Tribunal Constitucional. A Lei 4/2005, do 17 de marzo, ten, así, por obxecto asumir os contidos da Sentenza do alto tribunal do 17 de xullo de 2003, que resolveu o Recurso de inconstitucionalidade número 3537/1999, formulado fronte aos artigos 4.3, 20, 23.1, 45.b) e 46 da Lei 5/1999, do 21 de maio. A referida sentenza declarou inconstitucionais os artigos 23.1 e 45.b), relativos, respectivamente, á prohibición de transmitir *inter vivos* as oficinas de farmacia adxudicadas por concurso con posterioridade á entrada en vigor da Lei 5/1999, e ás unidades de radiofarmacia de tipo II e considerou que o resto dos preceptos obxecto de recurso non vulneraban as competencias do Estado. En coherencia coa declaración de inconstitucionalidade dos dous citados preceptos, a Lei de reforma procede a unha nova redacción daqueles, de acordo coa distribución de competencias sinalada polo Tribunal Constitucional, así como á adaptación doutros preceptos que non foran no seu día obxecto de recurso.

A actividade normativa con forza de lei durante a lexislatura 2001-2005 péchase coa publicación no *Diario Oficial de Galicia* do Decreto lexislativo 1/2005, do 10 de marzo, polo que se aproba o texto refundido das leis 1/1985, do 17 de xullo, e 4/1996, do 31 de maio, de caixas de aforros de Galicia. De modo paralelo ao que acontece na Constitución española, a figura normativa do decreto lexislativo aparece recollida no Estatuto de autonomía para Galicia, que no seu artigo 10.1.a) dispón que o Parlamento de Galicia poderá delegar a potestade lexislativa na Xunta, nos termos que establecen os artigos 82, 83 e 84 da Constitución para o suposto da delegación lexislativa das Cortes xerais ao Goberno. Dando desenvolvemento a esa previsión estatutaria, os artigos 53 a 57 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente (norma de desenvolvemento básico do Estatuto de autonomía) regulan a delegación lexislativa e os artigos 145 e 146 do Regulamento do Parlamento de Galicia ditan normas relativas ao control sobre as disposicións da Xunta con forza de lei. En desenvolvemento da citada normativa, o Decreto lexislativo 1/2005, do 10 de marzo, apróbase ao abeiro das previsións contidas na Lei 1/2004, do 21 de abril, que, á súa vez, modifica as leis 7/1985, do 17 de xullo, e 4/1996, do 31 de maio, de caixas de aforros de Galicia, normas ambas as dúas que autorizaban a Xunta de Galicia a elaborar un texto refundido da Lei 4/1996, do 31 de maio, incorporando a ela as disposicións non derogadas da Lei 7/1985, do 17 de xullo, e 6/1989, do 10 de maio, de modificación da anterior. O decreto lexislativo procede, así, nun artigo único, a aprobar o mencionado texto refundido, texto que, despois de fixar o seu ámbito de aplicación, regula a organización institucional das caixas de aforros (creación e recursos, órganos de goberno, impugnación de acordos e réxime das fusións, disolución e liquidación), o réxime das súas intervencións públicas, as normas de control que lles son aplicables ás caixas, o réxime sancionador na materia e os órganos asociativos das caixas galegas.

Pero, como xa se apuntaba páxinas atrás, a produción lexislativa do Parlamento de Galicia ao longo de 2005 non se reduciu á que tivo lugar nos primeiros meses do ano –os últimos, por outra banda, da sexta lexislatura (2001-2005) do Parlamento de Galicia– pois, aberta a sétima lexislatura da Cámara galega, aínda o novo Parlamento aprobaría outras dúas leis: a Lei 6/2005, do 7 de decembro, pola que se modifica a Lei 13/1993, do 16 de abril, das parzarías e dos arrendamentos rústicos de Galicia; e a Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006. A primeira desas dúas normas consta dun único precepto, que modifica o artigo 5.1. da Lei 13/1993, coa finalidade de prorrogar ata o 31 de decembro de 2010 as parzarías e arrendamentos rústicos referidos no artigo 2 da citada Lei 13/1993 que estivesen vixentes á entra-

da en vigor da propia Lei 6/2005. En canto á Lei 7/2005, o Parlamento de Galicia aproba, mediante ela, os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, orzamentos que integran os da Administración xeral, os de organismos autónomos, os de explotación e capital das sociedades públicas de carácter mercantil e os das demais sociedades públicas ás que se refire o artigo 12 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobada polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro. O importe total dos orzamentos para o ano 2006 achégase aos dez mil millóns de euros.

3. A actividade regulamentaria

Como previamente se apuntaba, a actividade regulamentaria da Xunta de Galicia ao longo do ano 2005 estivo moi directamente condicionada polo desenvolvemento do proceso electoral que tivo lugar xusto no seu ecuador. A data das eleccións autonómicas explica, así, en primeiro lugar, a abundancia de decretos de contido regulamentario na primeira parte do ano e a inexistencia dese tipo de decretos despois da toma de posesión do novo Goberno xurdido das eleccións, Goberno que centrou a súa actividade normativa exclusivamente na aprobación dos denominados decretos de estrutura e funcións da Xunta de Galicia e das súas consellerías, ata un total de doce, que se mencionarán seguidamente. Agrupadas por sectores de actividade, as normas regulamentarias aprobadas ao longo do ano 2005 poden ser clasificadas en varios apartados:

- a) O sector de actividade que reúne o maior número de normas é, sen dúbida, e polo que acaba de apuntarse, o das relativas ao *Goberno e Administración da Comunidade Autónoma*, que agrupa ata un total de doce disposicións regulamentarias, ditadas todas polo novo Goberno xurdido das eleccións. Neste primeiro grupo deixárase constancia, ademais, da data dos decretos –en contra do que é habitual nesta obra– pois iso permite ir vendo con precisión o desenvolvemento temporal do proceso político de institucionalización do novo Goberno xurdido das eleccións. Nomeado o novo presidente da Xunta mediante Real decreto 1008/2005, do 30 de xullo (DOG n.º 146, do 1 de agosto), o referido proceso produciuse a través dos decretos 211/2005, do 3 de agosto, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia; 231/2005, do 11 de agosto, polo que se establecen os centros directivos dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia; 232/2005, do 11 de agosto, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia; 332/2005, do 18 de agosto, polo que se modifica o Decreto 232/2005, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia; 454/2005, do 1 de setembro, polo que se modifica o Decreto 232/2005, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia; 500/2005, do 15 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos; 505/2005, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Vivenda e Solo; 517/2005, do 6 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar; 519/2005, do 16 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes; 536/2005, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo; 552/2005, do 20 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Innovación a Industria e se distribúe a competencia para o exercicio da potestade sancionadora entre os seus órganos; e 562/2005, do 1 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Rural e do Fondo Galego de Garantía Agraria.
- b) Dentro da actividade regulamentaria do Goberno saínte, o sector de actividade máis significativo, polo menos en termos cuantitativos, foi o da *política sanitaria*, ámbito no cal se apro-

baron seis normas relevantes: o Decreto 74/2005, polo que se determina a composición do Consello Galego de Saúde; o 99/2005, polo que se regula a formación e o uso de desfibrilador externo polo persoal non médico; o 100/2005, polo que se regula a hemodoazón e hemoterapia na Comunidade Autónoma de Galicia; o 104/2005, de garantía de tempos máximos de espera na atención sanitaria; o 202/2005, polo que se crea a clase de farmacéuticos inspectores de saúde pública; e o 206/2005, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde.

- c) O sector de actividade do *ambiente*, obxecto de frecuente acción normativa por parte do Executivo galego, agrupará tamén normas regulamentarias significativas: os decretos 4/2005, sobre colaboración técnica e financeira da Consellería de Medio Ambiente coas entidades locais en materia de xestión de residuos; 6/2005, polo que se regula o Observatorio Galego de Educación Ambiental; 124/2005, polo que se regula a figura do Espazo Natural de Interese Local e a figura do Espazo Privado de Interese Natural; e 174/2005, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o Rexistro xeral de xestores e produtores de residuos de Galicia.
- d) Igualmente significativo é o sector de actividade da *pesca*, de grande importancia na economía e a sociedade galegas, ámbito no cal se aprobaron os decretos 28/2005, polo que se regula o control das biotoxinas en moluscos bivalvos e outros organismos procedentes da pesca, o marisqueo e a acuicultura; 97/2005, polo que se regula o Rexistro de buques pesqueiros da Comunidade Autónoma de Galicia; e 118/2005, polo que se regula o sistema de compensacións en caso de cesamento, peche ou suspensión temporal da actividade pesqueira, marisqueira ou acuícola como consecuencia da contaminación mariña accidental.
- e) No sector de actividade da *educación, cultura e deportes*, tradicionalmente moi importante en termos cuantitativos e cualitativos dentro da acción regulamentaria da Xunta de Galicia, debe incluírse, ademais do xa mencionado Decreto 6/2005, regulador do Observatorio Galego de Educación Ambiental, o 102/2005, polo que se crea o Consello do Deporte de Galicia.
- f) A *ordenación costeira* foi outro sector de actividade significativo, dentro do cal se aprobaron dous decretos: o 157/2005, sobre ordenación e funcionamento do Servizo de Gardacostas de Galicia, e o 158/2005, polo que se regulan as competencias autonómicas na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre.
- g) Finalmente, a Xunta de Galicia saínte aprobou cando menos un decreto normativo significativo dentro de cada un dos seguintes sectores de actividade: *montes* (21/2005, de prevención de incendios e regulación de aproveitamentos forestais); *economía* (61/2005, polo que se ditan normas para a aplicación das taxas e prezos da Comunidade Autónoma de Galicia); *transportes* (80/2005, polo que se regulan os servizos de transporte público a lugares de ocio); *medios de comunicación* (81/2005, polo que se regula o réxime xurídico da xestión do servizo público de televisión dixital na Comunidade Autónoma de Galicia); *industria* (103/2005, polo que se establece a regulamentación técnico-sanitaria de piscinas de uso colectivo); *Administración pública* (164/2005, polo que se regulan e determinan as oficinas de rexistro propias ou concertadas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, se crea o Rexistro telemático da Xunta de Galicia e se regula a atención ao cidadán); *traballo* (200/2005, polo que se regula a autorización administrativa e a inscrición no Rexistro administrativo de centros especiais de emprego de Galicia, e a súa organización e funcionamento); e, finalmente, *asistencia social* (329/2005, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia).

4. O proceso de transferencias e os conflitos con outras instancias

- 1) No que se refire aos conflitos con outras instancias, o Tribunal Constitucional ditou ao longo de 2005 tres resolucións relativas a asuntos relacionados coa Comunidade Autónoma galega: unha providencia, do 10 de maio, pola que admite a trámite o Conflito positivo de competencias número 2947/2005, promovido pola Xunta de Galicia en relación coa Orde APU/4217/2004, do 22 de decembro, pola que se establecen as bases reguladoras para o desenvolvemento dos plans de formación (DOG n.º 119, do 22 de xuño de 2005); e outras dúas providencias, ambas as dúas do 24 de maio, polas que o Tribunal Constitucional admite a trámite, respectivamente, as cuestións de inconstitucionalidade números 12-2005 e 7754-2004, presentadas pola Sección Segunda da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, unha e outra en relación co inciso primeiro do artigo 19.5.º da Lei do Parlamento de Galicia número 5/1999, do 21 de maio, de ordenación farmacéutica, por posible vulneración do artigo 14 da Constitución (DOG n.º 133, do 12 de xullo de 2005).
- 2) As expectativas do proceso de transferencias víronse afectadas, pola súa parte, como tantas outras cousas, polo cambio de Goberno. Así, se no capítulo precedente sinalabamos que durante o ano 2004 o Goberno central aprobara tres reais decretos de traspasos que non enchían, non obstante, as aspiracións da Xunta en materias tan diversas como aeroportos, portos, xestión de bolsas para estudantes, funcións da inspección de traballo ou xestión do espectro radioeléctrico, o novo Goberno bipartito aumentará de forma substancial as súas exixencias, desde as 36 competencias cuxo traspaso intentaba negociar a Xunta de Galicia presidida por Manuel Fraga Iribarne ata un total de 70 que se propuxo aquel como horizonte. Entre esas novas peticións de traspasos inclúense, por exemplo, a titularidade das autoestradas en réxime de concesión cuxo itinerario se desenvolva integramente en territorio galego; a transferencia da xestión dos portos de interese xeral, o canon sobre concesións do dominio público portuario e a competencia exclusiva sobre espazos pesqueiros e deportivos e instalacións menores (embarcadoiros, varadoiros); a participación na planificación e xestión das infraestruturas ferroviarias do Estado que discorran por territorio galego; a transferencia das competencias da Lei estatal de costas, cos seus medios materiais e persoais; a transferencia das funcións que desempeña o Estado sobre execución das obras hidráulicas de interese xeral; o traspaso dos rexistros mercantís e da propiedade; o traspaso das oficinas de patentes e rexistro de marcas; a xestión, mediante convenio co Estado, do catastro inmobiliario; todas as competencias en tráfico e seguridade viaria; o traspaso dos servizos estatais de documentación e matriculación de vehículos, realización de exames, autorización e expedición de licenzas e recursos e sancións administrativas en materia de tráfico; o traspaso de medios, servizos e efectivos necesarios para crear un corpo de policía autonómica; a ampliación substancial das transferencias en materia de xustiza; ou, finalmente, o reforzo das competencias en espazos naturais que están protexidos pola Rede Natura 2000. O proceso de negociación das competencias exixidas pola nova Xunta de Galicia (no que se inclúen outras relativas a cooperación exterior, arquivos e museos, investigación, salvamento marítimo ou inmigración) comezou o día 14 de novembro, cunha entrevista celebrada en Madrid entre o vicepresidente da Xunta de Galicia e os representantes do Goberno central e, aínda que continúa aberto nas primeiras semanas de 2006, é moi posible que acabe por *cruzarse* co de reforma estatutaria, reforma na que, previsiblemente, se exixirán desde Galicia moitas das competencias que forman o bloque de traspasos que ao longo de 2004 e 2005 veu negociándose.

5. Trazos fundamentais da vida política e institucional galega

Todas as circunstancias e acontecementos que serán a continuación analizados, como determinantes do desenvolvemento da vida política e institucional na Comunidade Autónoma galega ao longo do ano 2005, tiveron que ver co proceso electoral autonómico que se produciu a comezos do verán. Os resultados dese proceso electoral, que constituirán o punto de partida da análise que segue, condicionaron, como xa apuntabamos na introdución, un cambio histórico, primeiro de maioría parlamentaria e, como consecuencia, de Goberno, e xeraron, como efecto de tal cambio, un xiro substancial nas expectativas dunha posible reforma estatutaria, que acabará por emerxer con solidez tras a chegada á Xunta de Galicia dun Executivo bipartito formado polo Partido dos Socialistas de Galicia e o Bloque Nacionalista Galego.

O ano do cambio

Despois dun ininterrompido e contundente dominio electoral do Partido Popular en todas e cada unha das catro eleccións autonómicas celebradas en Galicia entre 1989 e 2001, dominio que se habería de traducir en dezaseis anos de Goberno popular en solitario na Xunta de Galicia, o ano 2005 abriuse con expectativas de cambio tras algunhas das crises sufridas pola Xunta durante a última lexislatura de Manuel Fraga á fronte do Goberno, sinaladamente a provocada polo gravísimo accidente do *Prestige*, que estivo na orixe dunha catástrofe ecolóxica sen precedentes en Galicia. Así as cousas, o que acabará por ser «ano do cambio» preanunciouse xa nalgunhas sondaxes de opinión, que apuntaban inequivocamente un lixeiro descenso porcentual da intención de voto ao Partido Popular, descenso ese que, malia ser lixeiro, resultaba, en todo caso, especialmente significativo, dadas as condicións do sistema galego de partidos en eleccións autonómicas. É que nelas o Partido Popular viñera necesitado, desde a chegada de Manuel Fraga á política galega, da maioría absoluta dos escaños da Cámara autonómica (38 sobre un total de 75 asentos) como única forma de evitar unha posible coalición socialista-nacionalista que puidese descabalar os populares do poder.

Neste contexto, e cando xa o presidente da Xunta decidira adiantar nuns meses as eleccións autonómicas, que se celebrarían o 19 de xuño e non, como sempre desde a primeira vitoria de Manuel Fraga, no outono, a prensa informaba de que o PP se situaba nas enquisas por debaixo da maioría absoluta indispensable para pechar o paso a unha eventual maioría alternativa socialista-nacionalista: unha desas enquisas, publicada o 8 de maio polo diario *El País*, outorgáballe ao PP entre 36 e 37 escaños, 27 ao Partido dos Socialistas de Galicia e entre 11 e 12 escaños ao Bloque Nacionalista Galego. Unhas semanas despois, o diario *La Voz de Galicia* confirmaba, con moi poucas variacións desde o punto de vista dunha posible alternancia de Goberno, esa sondaxe: segundo a enquisa do diario de maior tiraxe de Galicia, aparecida o 21 de maio, menos dun mes antes das eleccións autonómicas, o PP obtería 36 escaños no futuro Parlamento, o PSdeG 24 e 15 o BNG. *La Voz de Galicia* publicaría despois un barómetro diario durante os días de campaña, cuxa última entrega datada o 13 de xuño, seis días antes das eleccións autonómicas, confirmaba a tendencia previa da serie: o PP quedaría por debaixo da maioría absoluta necesaria para asegurar o control da Xunta de Galicia, o PSdeG sería a segunda forza a gran distancia dos nacionalistas e o BNG non sería capaz de igualar os seus resultados do ano 2001. Cando o 19 de xuño pola noite se culminou o escrutinio electoral, o recuento final reflectirá uns resultados que confirmarán, aínda que dunha forma moito máis axustada do que as sondaxes foran capaces de prever, a principal conclusión que todos eles viñan apuntando: a perda da maioría absoluta do Partido Popular.

Os resultados das eleccións autonómicas

De feito, a noite electoral remataría por ser unha noite *peculiar* na que os dous grandes partidos –o popular e o socialista– puideron afirmar, cunha parte de razón, que gañaran os comicios. O Partido Popular, porque conseguira 37 escaños e quedara a un puñado de votos da maioría absoluta na Cámara galega; o Partido Socialista, porque mellorara os seus resultados de forma substancial tanto en relación co Partido Popular (respecto de quen recortaba a distancia precedente) como en relación co BNG (respecto de quen ampliaba a distancia precedente) e porque, ademais, dispoñía de certa marxe para consolidar o escano que podería asegurarlle encabezar unha maioría alternativa conformada conxuntamente co Bloque; e os dous, socialistas e populares, porque o resultado final quedaba en suspenso á espera do reconto dos chamados «votos emigrantes», é dicir, do escrutinio dos sufraxios emitidos polos electores inscritos no Censo de Residentes Ausentes, sufraxios que podían rematar por decidir, nun sentido ou outro, as sétimas eleccións autonómicas celebradas en Galicia.

Así as cousas, antes do reconto do voto emigrante, o Partido Popular alcanzaba 704.202 votos, o 44,9% dos válidos expresados, o que lle supoñía unha perda de 6 puntos porcentuais respecto ás eleccións autonómicas do ano 2001 e lle valían 37 escaños, 4 menos dos que tiña na Cámara galega; o Partido dos Socialistas de Galicia lograba 509.340 votos, o 32,5% dos válidos expresados, o que lle supoñía un incremento de 10,7 puntos porcentuais respecto ás autonómicas de 2001 e 8 escaños máis; e o Bloque Nacionalista Galego reunía 307.249 votos, o 19,6 dos válidos expresados, o que lle supoñía unha perda porcentual de 3,7 puntos e lle valía a obtención de 13 escaños, 4 menos dos que obtivera en precedentes autonómicas. Medido, pois, en termos de escaños, os resultados, a falta do escrutinio do voto emigrante, eran claros desde a perspectiva do futuro Goberno de Galicia: o PP non lograba a maioría absoluta, a única que lle aseguraba a investidura de Manuel Fraga por quinta vez consecutiva, mentres que o Partido Socialista, con oito escaños máis –catro procedentes do PP e catro do Bloque– aseguraba encabezar unha futura e máis que probable alternativa de esquerda e nacionalista para a Xunta de Galicia.

Confirmando as análises que xa se fixeron na propia noite electoral e a prospectiva derivada destes, o reconto final do voto emigrante, que se demorou algo máis dunha semana, non modificou o resultado *político* que acaba de apuntarse. Do total de votos emigrantes válidos, 52.364 (o 50,9% dos expresados) foron parar ao Partido Popular, 45.432 (o 44,2% dos expresados) ao Partido dos Socialistas de Galicia e 4933 (o 4,8% dos expresados) aos nacionalistas do BNG. Tras a suma deses votos e os procedentes do Censo de Electores Residentes en Galicia non se producían modificacións na repartición de escaños (37 para o PP, 25 para o PSdeG e 13 para o BNG), e as que afectaban á porcentaxe dos votos expresados eran moi pouco significativas. Deste xeito, finalmente, e cunha participación do 64,2% (1.680.202 sufraxios expresados sobre un censo electoral de 2.616.793 inscritos), o PP obtiña 756.562 sufraxios (o 45,2%), o Partido dos Socialistas de Galicia 555.603 (o 33,2%) e o Bloque Nacionalista Galego 311.953 (o 18,7%).

O cambio de tendencia do voto emigrante, que se repartira nas autonómicas de 2001 entre os tres grandes partidos de Galicia dun modo moi diferente ao que máis arriba se apuntaba (67,9% para o PP, 20,9% para o PSdeG e 6,2% para o BNG), será finalmente un índice máis da notable alteración do comportamento electoral dos galegos que supuxeron en Galicia as eleccións autonómicas de xuño. É certo, e así debe subliñarse, que, en relación co voto emigrante, as eleccións serviron tamén para que se fose abrindo paso a conciencia política e social sobre a necesidade de reformar en profundidade o seu funcionamento, tanto no relativo ás condicións para a inscrición dos residentes ausentes como no relativo aos procedementos e garantías para a expresión dos sufraxios por parte dos inscritos no censo. Pero, máis alá diso, o paralelismo das mutacións acaecidas dentro e fóra de Galicia ilumina a claridade dunhas tendencias cara ao cambio, de indubidable importancia

cuantitativa, pero sobre todo de extraordinaria significación cualitativa. Pois, aínda que é certo que o PP foi capaz de conseguir en 2005 unha indiscutible vitoria electoral –ilustrada no feito de quedar a un só escano da maioría absoluta na Cámara galega– e o é tamén que esa vitoria foi xeneralizada no territorio, non o é menos que non o foi dun modo uniforme, pois as eleccións abriron máis do que estaba a brecha entre a Galicia máis urbana e a Galicia máis rural, nas que o dominio do PP pasou, despois de 2005, a ser netamente diferente.

En canto ao primeiro, é dicir, á *xeneralidade* da vitoria electoral do Partido Popular, sirvan como datos os seguintes: o PP foi o partido máis votado en 2005 en 80 municipios da Coruña (87 en 2001), por 13 do PSdeG e 1 do BNG (5 e 2, respectivamente, en 2001); en 60 municipios de Lugo (64 en 2001), por 7 do PSdeG (3 en 2001); en 84 municipios de Ourense (90 en 2001), por 5 do PSdeG e 3 do BNG (2 do BNG en 2001); e en 57 municipios de Pontevedra (61 en 2001), por 5 do PSdeG (1 en 2001). Pero estes datos contrastan, como previamente se apuntaba, coa *repartición do voto urbano/voto rural* entre as tres grandes forzas políticas galegas nas dúas eleccións autonómicas, as do 2001 e 2005, que agora estamos a comparar. Así, tomando como referencia o voto válido expresado nas sete grandes cidades de Galicia (as catro capitais de provincia e mais Vigo, Santiago de Compostela e Ferrol), a repartición, que foi en 2001 claramente favorable ao Partido Popular (46,1%) fronte ao PSdeG (23,5%) e o BNG (24,7%), cambiou moi substancialmente en 2005: 39,1% para o PP, 34,8% para o PSdeG e 20,3% para o BNG. Iso, xunto con outros incrementos en municipios de tamaño medio, significou, entre outras cousas, que a unión PSdeG-BNG crecese en concellos que aglutinaban en 2005 o 97,6% da poboación galega, dato revelador como poucos do cambio de situación no mapa electoral da Comunidade Autónoma.

O novo Goberno de coalición socialista-nacionalista

O 18 de xullo de 2005 celebrouse no Pazo do Hórreo de Santiago de Compostela, sede da Cámara autonómica, a sesión constitutiva da sétima lexislatura do Parlamento de Galicia (2005-2009), lexislatura conformada cunha composición que, máis alá da repartición entre partidos, amosaba dous datos destacables: o alto número de parlamentarias –25, o 33% do total–, a segunda cifra máis alta de deputadas da historia autonómica galega; e a importante renovación dos membros da Cámara, na que entraban 40 deputados, é dicir, máis da metade dos 75 que compoñen o Pleno da Cámara. Polo demais, nese novo Parlamento non estaría xa Xosé Manuel Beiras –líder histórico do nacionalismo galego–, unha baixa que, unida á de Fraga –que, segundo se anunciaba a finais de 2005, deixará en 2006 o Parlamento de Galicia para pasar a ocupar un escano no Senado–, fará desaparecer da vida autonómica dúas das tres figuras máis sobresaíntes da política galega nas dúas últimas décadas: a terceira desas figuras acabará substituíndo o propio Fraga na Presidencia da Xunta de Galicia.

Constituído o Parlamento, socialistas e nacionalistas dirixiron os seus esforzos a pechar un pacto de Goberno que ambos os dous anunciaran como obxectivo prioritario desde o momento mesmo en que se coñeceron os resultados das eleccións autonómicas. O pacto negociouse ao longo dos últimos días de xuño e os primeiros de xullo e foi pechado finalmente polos máximos dirixentes do PSdeG e o BNG –Emilio Pérez Touriño e Anxo Quintana– o 23 de xullo, o que permitiu que o día 29 dese mes o primeiro dos dous fose investido presidente da Xunta de Galicia co voto favorable dos 38 deputados (os 25 do Partido Socialista e os 13 do BNG) e nomeado presidente por Real decreto 1007/2005, do 30 de xullo, publicado no *Diario Oficial de Galicia* do primeiro de agosto do ano 2005.

O acordo político entre o PSdeG e o BNG, feito público co nome de «Bases programáticas para a acción do Goberno», é un extenso documento que declara no seu preámbulo o carácter *nacional* de Galicia, afirma a aspiración das forzas políticas asinantes a «avanzar no autogoberno de Galicia e a

lograr que xogue outro papel, agora relevante, no marco estatal e europeo» e proclama que esas mesmas forzas «comparten a convicción de que a Comunidade Autónoma de Galicia é unha comunidade de carácter nacional no marco dun Estado plurinacional». Tras iso, o documento fixa como eixes da acción do Goberno e como obxectivos principais da Xunta de Galicia no período 2005-2009 os seguintes: «o impulso ao emprego de calidade e estable, vinculado a unha economía competitiva e aberta aos mercados e sectores de futuro; o incremento do gasto en capital humano: educación, formación para o traballo, universidade, I+D e o compromiso coa igualdade real entre homes e mulleres; a consolidación dun sistema de benestar avanzado, baseado fundamentalmente en servizos públicos universais e de calidade que evite discriminacións persoais ou territoriais e que garanta a autonomía e dignidade das persoas; a posta en valor do territorio, mediante políticas de sustentabilidade ambiental, de calidade urbanística e de habitabilidade; o avance na normalización da nosa lingua e a protección e revalorización da nosa cultura e do noso patrimonio, elementos básicos da nosa identidade como pobo». Esta declaración de eixes fundamentais da acción do Goberno culmina coa proclamación de que «o desenvolvemento e concreción destes eixes, ideario do novo Goberno galego, require dun afondamento no autogoberno de Galicia, impulsando un novo Estatuto co máximo consenso político e social e ademais a imprescindible rexeneración democrática que restaure a dignidade das nosas institucións e poña en valor o pluralismo social e político».

A partir desas afirmacións programáticas esenciais, o documento é un exhaustivo relatorio de compromisos e declaracións de intencións, vertebrado sobre cinco grandes apartados fundamentais: a) Rexeneración democrática e poderes públicos: transparencia e participación cidadá, medios de comunicación, transparencia e eficiencia no gasto público, un Parlamento máis próximo á cidadanía, unha Administración máis activa e eficaz, entes locais, unha xustiza galega áxil e con garantías, política integral de seguridade, relacións coa Unión Europea e proxección exterior de Galicia, avance no autogoberno, compromiso activo do Goberno co Estado, un novo modelo de financiamento, relacións entre as institucións galegas e as centrais do Estado. b) Emprego e desenvolvemento económico: un pacto polo emprego, innovación industrial e empresarial, desenvolvemento rural e política agroalimentaria; política pesqueira. c) Educación, lingua e cultura: sistema educativo, universidade, lingua, cultura. d) Benestar: sanidade, servizos sociais, igualdade, xuventude, migracións. e) Territorio e sustentabilidade. O documento péchase cunha declaración dos grupos políticos asinantes relativa ás relacións entre eles, declaración pola que se comprometen, entre outras cousas, a manter «a lealdade cos acordos asinados e coas decisións do Consello de Goberno de Galicia, sen prexuízo da expresión de opinións sobre política xeral ou sobre as áreas de competencia do propio grupo»; e a que «os acordos adoptados colexiadamente polo Consello de Goberno serán vinculantes para todos os seus membros nas súas relacións con outras administracións».

A sinatura desas «Bases programáticas para a acción do Goberno» non deixou expedito, non obstante, o camiño para a investidura de Emilio Pérez Touriño como presidente da Xunta de Galicia, pois antes de pecharse o pacto de Goberno entre o PSdeG e o BNG houbo de acordarse a repartición de cotas de poder na propia Xunta de Galicia. Culminadas as conversacións e o acordo, Pérez Touriño foi investido o 29 de xullo, e tras a publicación oficial do seu nomeamento ao día seguinte, o 4 de agosto, o *Diario Oficial de Galicia* publicaba os respectivos decretos de nomeamento do vicepresidente e dos novos conselleiros da Xunta de Galicia (Decreto 213/2005, do 3 de agosto). O Goberno bipartito quedará, así, formado, ademais de polo presidente da Xunta (Emilio Pérez Touriño, do Partido dos Socialistas de Galicia) e por un único vicepresidente (Anxo Quintana, do Bloque Nacionalista Galego) por doce conselleiros, que por primeira vez na historia autonómica galega se repartirán por igual entre homes e mulleres. Desas doce consellarías, oito asignaranse ao Partido dos Socialistas de Galicia (Presidencia; Política Territorial, Obras Públicas e Transportes; Educación e Ordenación Universitaria; Sanidade; Economía e Facenda; Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible; Pesca; e Traballo) e as

catro restantes ao Bloque Nacionalista Galego (Desenvolvemento Rural; Industria, Turismo, Comercio e Innovación; Cultura e Deporte; e Vivenda). Iniciábase así a andaina do segundo Goberno de coalición da historia da autonomía galega, tras a experiencia do tripartito xurdido da moción de censura presentada contra o Goberno de Gerardo Fernández Albor en 1989.

As novas perspectivas da reforma estatutaria

A sexta lexislatura do Parlamento de Galicia clausurouse, desde a perspectiva dunha eventual reforma estatutaria, cunha pechada negativa do Partido Popular galego a entrar nun debate que o, á sazón, presidente da Xunta, Manuel Fraga, consideraba debía atrasarse, cando menos, ata despois dos comicios autonómicos. De feito, a principios de febreiro, a maioría popular na Cámara galega volvíaa rexeitar nun pleno do Parlamento, e por sexta vez na lexislatura, a iniciativa conxuntamente presentada por socialistas e nacionalistas coa intención de lograr a constitución dunha comisión parlamentaria destinada a iniciar os trámites da reforma estatutaria. En contraste con esta situación, a apertura da sétima lexislatura autonómica galega ía deixar ben clara, desde o principio, a vontade da nova maioría en relación coa reforma estatutaria. E así, xa na sesión solemne de apertura dos traballos da Cámara, a súa presidenta, acabada de eilxir, a socialista Dolores Villarino, proclamará a necesidade da reforma, mediante un Estatuto que «terá que ser de todos e para todos, tendendo pontes e buscando o consenso necesario para evitar enfrontamentos estériles». Esa vontade ía atopar a súa primeira plasmación institucional na decisión do presidente da Xunta de encargar ao Consello Consultivo de Galicia un informe xurídico sobre a reforma estatutaria, petición que se cursou oficialmente a mediados de outubro nunha entrevista mantida por Emilio Pérez Touriño co presidente do citado Consello Consultivo.

A segunda fronte en que avanzou, ademais, ao longo do ano 2005, a reforma estatutaria foi a fronte partidista. De feito, xa no ano 2004 o PSdeG e o BNG constituíran cadansúa comisión de traballo destinada á elaboración das súas propostas de reforma. Aínda que a proposta socialista («Bases para a reforma do Estatuto de autonomía de Galicia»), elaborada por unha fundación de estudos de disciplina socialista, non deu lugar durante 2005 a unha proposta articulada, non aconteceu o mesmo cos traballos da comisión do BNG, que lles permitiron aos nacionalistas presentar, na segunda metade de novembro, un novo texto estatutario articulado, cuxos eixes fundamentais, segundo declaracións do propio coordinador da Executiva nacionalista, serían os seguintes: que quedaba reflectido o status de Galicia como nación, que Galicia tería unha responsabilidade fiscal propia e que se reforzaría a relación bilateral co Estado e a Unión Europea.

Pero, máis alá do grao de concreción das propostas de partido que, como se ve, resulta moi diferente (ningún documento oficial no caso do Partido Popular, unhas bases moi xerais para a reforma no caso do Partido Socialista e un completo texto articulado no caso do Bloque Nacionalista Galego), o gran cambio que se produciu en 2005 en relación coa reforma estatutaria, cambio directamente vinculado ao resultado dos comicios autonómicos, foi o da xeneralización da reivindicación daquela, tras a aceptación desta polo Partido Popular. Todos os partidos están, pois, de acordo en que a reforma estatutaria debe ser acometida e todos en que debe facerse por consenso das tres forzas con representación parlamentaria: por se houberse algunha dúbida, ambos os dous acordos quedaron patentes na sesión solemne con que o Parlamento de Galicia conmemorou o día 19 de decembro o vinte e cinco aniversario do referendo de ratificación do Estatuto. O tempo dirá se esa vontade de reforma e de consenso é compatible coas lexitimas diferenzas existentes entre as tres forzas do sistema galego de partidos, que ten ante si o reto de abordar unha reforma estatutaria na que, por primeira vez, o acordo alcance a todos.

CAPÍTULO XX

ANO 2006

1. Introducción: liñas xerais

Tras as eleccións autonómicas celebradas o 19 de xuño do ano 2005 e a investidura do líder socialista Emilio Pérez Touriño como presidente da Xunta de Galicia por parte do Parlamento rexional, acto que tivo lugar semanas despois –o 29 de xullo–, abriuse un novo período político na Comunidade Autónoma galega, que sucedeu a dezaseis anos de gobernos presididos por Manuel Fraga Iribarne e a catro legislaturas sucesivas de maioría absoluta do Partido Popular. O ano 2005 resultou, en todo caso, un ano *extraordinario* para o Goberno bipartito e a súa maioría de coalición, toda vez que a data dos comicios e a de sucesiva toma de posesión dos novos deputados, do novo presidente e dos novos conselleiros da Xunta lle deixaron á Administración autonómica entrante apenas uns meses para lle facer fronte ao seu labor, o que houbo de traducirse, tal e como xa oportunamente se sinalou no capítulo anterior, nun desenvolvemento limitado da acción lexislativa e regulamentaria do Parlamento e do Goberno. O ano 2006 será, pois, neste sentido, o primeiro ano *ordinario* da maioría socialista-nacionalista e do Goberno formado, con posterioridade ás eleccións autonómicas, polo Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE e o Bloque Nacionalista Galego.

Así as cousas, analizaranse a continuación as citadas actividades lexislativa e regulamentaria do Parlamento galego e da Xunta de Galicia. Pero este capítulo centrarase tamén nos dous acontecementos, de natureza moi distinta, que determinaron decisivamente o desenvolvemento da vida autonómica galega durante o ano 2006: dun lado, na grande vaga de incendios que devastou os montes do país no verán dese ano, e cuxas consecuencias de todo tipo (ecolóxicas, económicas, sociais e políticas) se deixarán sentir nos meses sucesivos; doutro lado, no debate da reforma estatutaria que, comezado xa o ano 2005 e pendente aínda dunha resolución definitiva que non se producirá senón no 2007, experimentou, de todos os xeitos, cambios destacables, converténdose en elemento central do debate político autonómico ao longo de todo 2006. O capítulo pecharase cunha referencia á vida partidista, cuxas novidades fundamentais afectaron ao Partido Popular e ao Bloque Nacionalista Galego. No primeiro produciuse, a comezos de ano, un relevo xeracional moi substancial como consecuencia da retirada da vida política autonómica de Manuel Fraga Iribarne, que fora o seu líder indiscutido durante case catro lustros. No caso do BNG as novidades

afectaron, tras a XII Asemblea dos nacionalistas celebrada a finais de ano, á súa estrutura organizativa e á composición dos órganos de dirección da organización nacionalista.

2. O exercicio das competencias legislativas

O Parlamento de Galicia aprobou ao longo de 2006 un total de 14 leis, número importante en termos cuantitativos, que achega o ano aos de maior produción legislativa da historia autonómica galega, aínda que menos significativo, como se verá a continuación, desde unha perspectiva cualitativa, toda vez que unha boa parte desas leis teñen un impacto normativo pouco relevante. Para os efectos dunha mellor comprensión da actividade legislativa do Parlamento autonómico durante o ano 2006 cabería agrupar a súa produción en torno a tres grandes bloques normativos: o primeiro compoñeno seis leis (as números 1, 2, 4, 5, 12 e 13) que regulan diversos sectores de actividade (respectivamente a agricultura, o dereito civil de Galicia, o funcionamento da Administración autonómica, os ríos, as fundacións de interese galego e os horarios comerciais) que teñen en común o seu destacado impacto normativo. Dúas de entre elas sobresaen, ademais, pola novidade do sector de actividade que nelas é obxecto de regulación legislativa: as relativas á transparencia e boas prácticas na Administración pública Galega e á conservación e mellora dos ríos galegos, normas ambas as dúas que se proxectan *ex novo* sobre unha realidade que non fora previamente obxecto de regulación legislativa, o que non acontece nin co dereito civil, nin coas fundacións, nin cos horarios comerciais. O segundo grupo de normas comentado está formado polas leis de reforma: as números 6 e 7, destinadas a modificar, respectivamente, as reguladoras da caza e a ordenación farmacéutica galega. O terceiro e último grupo compoñeno cinco normas legislativas (as números 3, 8, 9, 10 e 11), que proceden, respectivamente, á creación dos colexios profesionais galegos de logopedas; enxeñeiros técnicos en informática; xoieiros, ourives, prateiros, reloxeiros e xemólogos; enxeñeiros en informática e hixienistas dentais. A eses tres grupos debe engadirse a Lei de orzamentos autonómica, que pecha o ano e o conxunto das que a continuación serán obxecto dun breve comentario.

A Lei 1/2006, do 5 de xuño, do Consello Agrario Galego parte dun dobre dato: dunha parte, a grande importancia económica e social do sector agrario en Galicia, fundamental para a fixación de poboación no medio rural; doutra parte, a inoperancia das cámaras agrarias, que provoca, a xuízo do legislador autonómico, a necesidade de dotarse dun novo órgano eficaz de participación institucional das organizacións profesionais agrarias que sexa acorde coa evolución doutros órganos de participación social baseados en estruturas institucionais máis áxiles na toma de decisións. Para eses efectos, a lei ten como obxectivo mellorar o deseño das políticas públicas nun sector de actividade, a agricultura, que é básico na economía do país, na medida en que agrupa aínda unha porcentaxe moi significativa da poboación activa e produce unha importante achega ao produto interior bruto de Galicia. O Consello Agrario Galego é concibido pola súa lei de creación como un órgano permanente de participación, asesoramento, diálogo e consulta da Administración galega en materia agraria e de desenvolvemento rural. A norma, que adscribe o Consello Agrario á consellaría da Xunta de Galicia que sexa competente en materia de agricultura e desenvolvemento rural, atribúelle ao órgano de asesoramento e de consulta funcións de indubidable relevancia no deseño e execución da política agraria autonómica: a de crear o marco institucional adecuado para favorecer e impulsar a participación e colaboración dos representantes sindicais do agro en todos os asuntos que sexan relativos ao sector agrario; a de analizar as políticas que afecten ao sector agrario no seu conxunto, así como a de contribuír ao seguimento dos plans e programas de políticas agrarias; a de emitir ditames sobre a normativa de carácter xeral do Goberno e sobre a específica da consellaría competente en materias de agricultura e desenvolvemento rural; a de propoñer reformas e canalizar recomendacións sobre as políticas que afecten ás condicións socioeconómicas dos habitantes do medio rural;

ou a de propoñer e asesorar os distintos órganos da Administración pública galega sobre as medidas que se consideren necesarias para mellorar o nivel de renda das explotacións agrarias. Tras a regulación dos aspectos funcionais do Consello Agrario, a lei dedica tamén parte do seu articulado á determinación da estrutura dun órgano que é coherente cos obxectivos que con este se persegue: presidido polo conselleiro competente en materia de agricultura e vicepresidido polo secretario xeral da mesma consellaría, o Consello Agrario contará con cinco vogais en representación daquela, con outros cinco en representación das consellarías competentes nas materias de benestar social, ambiente, política territorial, industria e sanidade, e con outros doce en representación das organizacións agrarias máis representativas de Galicia.

A partir do título competencial contido no artigo 27.4 do Estatuto de autonomía para Galicia, que outorga á Comunidade Autónoma de Galicia competencia exclusiva en materia de conservación, modificación e desenvolvemento do dereito civil galego, a Lei 2/2206, do 14 de xuño, de dereito civil de Galicia, aprobada por unanimidade no Parlamento autonómico, procede ao desenvolvemento, en todos os seus aspectos, de diversas institucións xurídico-privadas que, aínda vivas na realidade socio-xurídica galega, conforman o dereito propio do país. Esta norma substitúe a Lei 4/1995, do 25 de maio, de dereito civil de Galicia, vixente ata a data, disposición que xa no seu día supuxera unha ampliación material moi substancial da tradicional compilación do dereito civil-foral galego, promulgada en 1963, e que o propio preámbulo da nova lei considera «fragmentaria, incompleta, falta da entidade propia dun sistema xurídico e, en consecuencia, situada en boa medida de costas á realidade social». Así, e seguindo de novo as consideracións incluídas polo lexislador autonómico no preámbulo, «lonxe de calquera preocupación e de calquera tentación de arqueoloxía xurídica, a lei pretende regular institucións válidas para os intereses e as necesidades do pobo galego». A nova norma ordena, deste modo, unha gran cantidade de materias que cobren os diversos ámbitos normativos do dereito civil de Galicia: as súas fontes e a súa eficacia no territorio da Comunidade; a protección de menores; a adopción; a autotutela e a situación de ausencia non declarada; as institucións da casa e a veciña; os dereitos reais (montes veciñais en man común, montes abertais, comunidade en materia de augas, muiños de herdeiros, agras e vilares, relacións de veciñanza, serventías, servidumes de paso e retracto da graciosa; contratos (arrendamentos rústicos, arrendamento de lugar acasado, parzarías e contrato de vitalicio); a denominada «compañía familiar galega»; o réxime económico familiar e a sucesión. Un dos aspectos máis novidosos da lei reside no feito de que os cónxuxes están obrigados, ademais de a vivir xuntos e a gardarse fidelidade, segundo xa dispón o Código Civil, tamén a compartir as responsabilidades domésticas, de modo que o incumprimento grave e reiterado destas obrigas maritais pode ser xustificación para desherdar o marido ou a esposa viúva. A lei aumenta, tamén no ámbito do dereito de familia e dun modo substancial, a liberdade do testador, ao quedar reducidos os antigos terzos de mellora e de lexítima a un cuarto do caudal hereditario.

Quizais a máis novidosa de todas as aprobadas ao longo do ano, a Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega responde a un compromiso electoral e de goberno das dúas forzas que pasaron a ocupar a Xunta de Galicia tras as últimas eleccións autonómicas. A norma diríxese, así, a reforzar e a impulsar o proceso de racionalización e transparencia da actividade administrativa autonómica, todo iso co obxectivo de eliminar a tradicional imaxe negativa—de opacidade e inaccesibilidade— da propia Administración, que xera desconfianza na cidadanía. Para loitar contra esa desconfianza, as medidas incluídas na lei contribúen a dar efectividade ao dereito a unha boa Administración, que é parte do noso ordenamento xurídico desde a aprobación da Carta dos dereitos fundamentais da Unión Europea. Tras delimitar con precisión o tipo de administracións e organismos que quedan suxeitos ás previsións contidas na lei (a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia; os seus organismos autónomos, sociedades públicas e fundacións do sector público autonómico; os órganos con dotación diferenciada nos orzamentos da

Comunidade e os entes e empresas nos que ten participación maioritaria a Xunta de Galicia), a norma establece un amplo abano de principios xerais en materia de funcionamento administrativo: entre outros, procurar a satisfacción do interese xeral na toma de decisións; garantir a transparencia, eficacia e eficiencia na organización e xestión pública; proporcionar e difundir información constante, veraz, obxectiva e clara sobre a actuación do sector público autonómico; potenciar a súa accesibilidade e receptividade; fomentar e favorecer a participación dos cidadáns nos asuntos públicos; manter un diálogo aberto, transparente e regular con asociacións representativas e coa sociedade civil, ou impulsar o emprego de técnicas informáticas e telemáticas. Ademais, a norma fixa un preciso réxime xurídico para os efectos de facer posible a transparencia na actividade administrativa: regúlanse, dese modo, o dereito á información dos administrados, as cartas de servizos, a publicidade da programación (anual e plurianual) da Administración xeral da Comunidade Autónoma; a aplicación e utilización para facer efectivos os principios contidos na Lei dos medios electrónicos, informáticos e telemáticos; a participación dos administrados na elaboración de disposicións de carácter xeral; o réxime xurídico aplicable aos contratos públicos e o regulador dos convenios de colaboración e da concesión de servizos públicos, así como a actividade de fomento. A lei péchase coa determinación do réxime especial que se aplicará a partir da súa entrada en vigor aos membros do Goberno e aos altos cargos da Administración autonómica en materia de principios éticos e de actuación nos termos en que aquela foi definida pola propia norma de carácter administrativo.

Especial importancia presenta tamén a Lei 5/2006, do 20 de xuño, para a protección, a conservación e a mellora dos ríos galegos, que afecta a unha materia que non fora obxecto de regulación legislativa sistemática con anterioridade e que é consecuencia dunha iniciativa legislativa popular, a segunda na historia autonómica galega que se transforma nunha norma parlamentaria. Aprobada por unanimidade, ao igual que a anteriormente comentada, a lei, coa que se pretende, entre outras cousas, dar desenvolvemento á normativa comunitaria (Directiva 2000/60/CEE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro do 2000, que establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas), declara prioridade de interese xeral da Comunidade Autónoma de Galicia a conservación do patrimonio natural fluvial, que inclúe a biodiversidade da flora e da fauna dos ríos galegos, así como o patrimonio etnográfico e histórico-cultural relacionado. Para estes efectos, a lei fixa normas sobre planificación hidrolóxica, contidos dos plans hidrolóxicos e rede de vixilancia e control do estado ecolóxico dos ríos, protección integral dos ecosistemas fluviais, xestión do uso de augas, participación cidadá nas políticas da auga e educación ambiental e capacitación técnica do persoal da Administración. Aínda que do texto orixinario xurdido da iniciativa popular desapareceron algunhas das súas propostas máis orixinais, como a relativa a someter a referendo a decisión de construír novos encoros, e tamén algúns moi polémicos, como a paralización das actuacións xa programadas nos ríos galegos, a norma establece, entre outras cousas, que todos os plans hidrolóxicos deben conter medidas de restauración dos ecosistemas fluviais, do mesmo modo que actuacións de saneamento integral. Tamén cómpre destacar a previsión de creación dunha rede de vixilancia e control do estado ecolóxico das canles fluviais dos ríos galegos. Finalmente, o texto recolle o dereito dos cidadáns a participar nos procesos de elaboración dos plans hidrolóxicos, así como tamén ao coñecemento da información ambiental e ao acceso á xustiza en cuestións ambientais.

A Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego, aprobada por unanimidade, ten por obxecto regular as fundacións de interese galego, de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, a partir do título competencial contido no artigo 27.26 do Estatuto de autonomía de Galicia, que determina que é competencia exclusiva da Comunidade Autónoma o réxime das fundacións de interese galego. A norma determina, en tal sentido, con exhaustividade ese réxime xurídico. O seu capítulo I define as fundacións obxecto da lei (organizacións sen ánimo de lucro que pola vontade dos seus creadores teñan afectado dun modo duradeiro o seu patrimonio á realización de fins

de interese xeral para Galicia), fixa a normativa aplicable, establece os fins e beneficiarios, regula a súa personalidade xurídica, o réxime aplicable á súa denominación e domicilio e ás fundacións estranxeiras. O II refírese á constitución das fundacións: capacidade para fundalas, modalidades de constitución e réxime ao respecto. O III céntrase no goberno das fundacións e o IV no seu réxime económico: patrimonio, administración, alienación, herdanzas e doazóns. A lei dedica o seu capítulo V ao funcionamento e actividade das fundacións (financiamento, obtención de ingresos, contabilidade e auditoría), o VI á modificación de estatutos e á fusión, escisión e extinción das fundacións, o VII ao protectorado (órgano administrativo de asesoramento, apoio técnico e control das fundacións) e o VIII ao Rexistro das fundacións de interese galego. A norma péchase cos capítulos IX e X, centrados, respectivamente, no Consello Superior de Fundacións de Interese Galego e nas fundacións do sector público de Galicia. A lei, que derroga a 7/1983, do 22 de xuño, de fundacións de interese galego e a 11/1991, do 8 de novembro, de modificación da anterior, reduce a tutela da Xunta de Galicia sobre as fundacións, aumenta a autonomía privada destas e reforza a capacidade das fundacións para participar en sociedades mercantís. Ademais, a norma, que achega maior transparencia ao réxime contable das fundacións, inclúe como un dos seus aspectos máis novidosos a posibilidade de que as fundacións, que poderán financiarse por calquera medio lícito (entre outros, actividades propias, subvencións, doazóns ou herdanzas), poidan desenvolver actividades económicas cuxo obxectivo estea relacionado ou sexa complementario aos fins das fundacións. A lei prevé, en tal sentido, que as fundacións poderán intervenir en calquera actividade económica a través da súa participación en sociedades mercantís nas que non se responda persoalmente das débedas sociais. No momento de entrada en vigor da nova lei existen en Galicia 611 fundacións rexistradas, que son o dobre das que existían cando entrou en vigor a primeira Lei de fundacións de interese galego do ano 1983.

Pechando o primeiro dos tres bloques normativos previamente mencionados, a Lei 13/2006, do 27 de decembro, de horarios comerciais de Galicia, elaborouse sobre a base do título competencial contido no artigo 30.1.4. do Estatuto de autonomía para Galicia (que outorga á Comunidade Autónoma, de acordo coas bases e a ordenación da actuación económica xeral e a política monetaria do Estado, as competencias en materia de comercio interior e defensa do consumidor e o usuario, sen prexuízo da política xeral de prezos e a defensa da competencia) e de acordo co previsto nos artigos 38, 131 e 149.1.11 da Constitución española. O obxecto desta lei é, así, o de proceder á regulación dos horarios de apertura e peche dos establecementos comerciais no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, co fin de favorecer e de garantir o desenvolvemento harmónico do comercio galego e un mellor servizo aos consumidores. Para tales efectos, a norma fixa o seu ámbito de aplicación no seu capítulo I, dedica o II ao réxime xeral de horarios (publicidade do horario, horario xeral de apertura e peche, réxime ao respecto en domingos e días festivos e procedemento de determinación e días festivos hábiles comercialmente) e o III ao réxime especial de horarios, determinando cal é o tipo dos establecementos con liberdade horaria e fixando os criterios para a determinación das zonas de grande influencia turística. O capítulo IV céntrase especificamente nos establecementos con vendas de bebidas alcohólicas (regulación que lles permite aos concellos prohibir, nas circunstancias e casos que especifica a lei, a venda de alcohol en determinados establecementos desde as 22 horas ata as 9 horas do día seguinte) e o V e último regula o réxime sancionador na materia. A lei derroga os artigos 13 e 44.3.º da Lei 10/1988, do 20 de xullo, de comercio interior de Galicia e o Decreto 365/1996, do 26 de setembro, polo que se regulan os horarios comerciais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia. A aprobación deste texto legal provocou certa polémica como consecuencia das consideracións respecto do proxecto contidas nun ditame do Consello Económico e Social de Galicia (CES), que apreciou, no momento da presentación do proxecto, determinados desaxustes entre as previsións do texto autonómico e a lexislación estatal en relación co tipo de establecementos que gozarían de plena liberdade para determinar os días e as horas en que permanecerán abertos en todo o territorio nacional, tipo que o proxecto autonómico restrinxía dun modo substancial

respecto da normativa estatal. En contra da interpretación do Consello Económico e Social, a consellaría competente na materia e responsable do proxecto –a de Innovación e Industria– puxo desde o primeiro momento de relevo que a Comunidade tiña plena capacidade para determinar os días de peche e que así o faría sen que coubese por iso recurso ningún ante o Tribunal Constitucional.

O segundo dos tres bloques normativos antes mencionados confórmano as dúas leis de reforma aprobadas durante o ano 2006 polo Parlamento de Galicia, a 6/2006, do 23 de outubro, de modificación da Lei 4/1997, do 25 de xuño, de caza de Galicia e a 7/2006, do 1 de decembro, de modificación da Lei 5/1999, do 21 de maio, de ordenación farmacéutica. A reforma da Lei de caza vai destinada a dar unha nova redacción a determinados preceptos legais da norma vixente (entre outros, os relativos á regulación da acción de cazar, os lugares de caza, a indemnización por danos derivados da caza, a descrición das zonas de seguridade e o exercicio da caza nas zonas de seguridade, a taxidermia e as granxas cinexéticas), así como a incorporar novos preceptos relativos á actividade da taxidermia e ás probas de detección alcohólica ou de substancias psicotrópicas, e mantén as liñas básicas fixadas pola citada lei e a maioría do seu articulado. En canto á modificación da Lei de ordenación farmacéutica, a nova norma ten por obxecto adaptar a lei vixente aos principios establecidos nun Auto do 2 de decembro de 2004 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, por medio do cal se formulou ante o Tribunal Constitucional unha cuestión de inconstitucionalidade en relación co número 5 do artigo 19 da mencionada Lei 5/1999, do 21 de maio, ao entender que as previsións contidas naquel podían supoñer a vulneración do principio de igualdade do artigo 14 da Constitución. En consecuencia, procédese na lei de referencia a modificar o devandito artigo 19.5, suprimindo o límite de idade para solicitar autorizacións de novas oficinas de farmacia e derogando as limitacións para participar nos concursos públicos de adxudicación das autorizadas; con tales modificacións elimínase calquera dúbida sobre a eventual inconstitucionalidade do devandito precepto.

As cinco normas aprobadas durante o ano 2006 polo Parlamento de Galicia co obxecto de proceder á creación doutros tantos colexios profesionais conforman o terceiro dos bloques normativos anteriormente referidos coa finalidade de ordenar a actividade legislativa da Cámara galega durante o período comprendido neste capítulo. Trátase das leis 3/2006, do 30 de xuño, de creación do Colexio Profesional de Logopedas de Galicia; 8/2006, do 1 de decembro, de creación do Colexio Profesional de Enxeñaría Técnica en Informática de Galicia; 9/2006, do 1 de decembro, de creación do Colexio Profesional de Xoiaría, Ourivería, Prataría, Reloxaría e Xemoloxía de Galicia; 10/2006, do 1 de decembro, de creación do Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia e, por último, 11/2006, do 1 de decembro, de creación do Colexio Profesional de Hixienistas Dentais de Galicia. Todas estas normas, moi breves, responden a unha idéntica estrutura normativa: todas elas proceden á creación do correspondente colexio profesional galego como corporación de dereito público, con personalidade xurídica e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos fins que lle son propios e o exercicio das súas funcións desde o momento en que se constitúan os seus órganos de goberno. Todas elas fixan o ámbito territorial e o ámbito persoal do colexio respectivo e todas dispoñen, en fin, que o colexio procurará e fomentará o uso do galego en todas as súas comunicacións externas e internas.

A produción legislativa do Parlamento autonómico complétase coa Lei 14/2006, do 28 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2007, que prevé uns gastos de 10.467,8 millóns de euros en Administración xeral e de 3.648,5 millóns de euros en organismos autónomos, o que supón incrementos orzamentarios, respectivamente, do 8,8% para a Administración xeral, do 7,3% para os organismos autónomos e do 8,8% do total consolidado dos orzamentos autonómicos. En canto á desagregación dos orzamentos, os maiores incrementos porcentuais dentro da Administración xeral –os superiores á media xeral xa apuntada do 8,8%– prodú-

cense no Consello de Contas (9,9%), a Vicepresidencia de Igualdade e Benestar (10,9%), as consellerías de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes (10,9%), Innovación e Industria (10,9%), Medio Rural (10,3%) e Traballo (10,9%), no capítulo de débeda pública (17,1%) e de gastos de diversas consellerías (51,9%). Os incrementos superiores á medida xeral dentro dos organismos autónomos son os relativos ao Centro de Estudos Xudiciais e Seguridade Pública de Galicia-Cexesga (74,7%), ao Instituto Galego de Consumo (18,3%) e ao Instituto Galego de Vivenda e Solo (11,9%).

3. A actividade regulamentaria

- a) Ao igual que xa acontecera no ano 2005, o sector de actividade que reúne en 2006 o maior número de normas regulamentarias é o das relativas ao *Goberno e Administración da Comunidade Autónoma*, que, ademais de ser obxecto dunha das normas con rango de lei materialmente máis relevantes do ano, a Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, agrupa tamén ata un total de once disposicións do poder executivo, ditadas en boa parte dos casos coa finalidade de ir completando a estrutura orgánica e funcional da nova Xunta de Galicia xurdida das últimas eleccións autonómicas. Un primeiro subgrupo dentro deste grupo confórmano os seis decretos destinados a fixar a estrutura orgánica e funcional doutras tantas consellerías da Xunta de Galicia (o 278/2005, relativo á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza; o 585/2005, relativo á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria; o 597/2005, relativo á Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible; o 36/2006, relativo á Consellería de Cultura e Deportes; o 45/2006, relativo á Consellería de Sanidade, e o 231/2006, relativo á Consellería de Innovación e Industria), aos que debe engadirse o 44/2006, de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia. Dentro da referida esfera normativa deben incluírse tamén os decretos 21/2006, do 9 de febreiro, polo que se regulan as comisións ou grupos de traballo para o desenvolvemento de procesos relativos ao persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, 126/2006, polo que se regula o Rexistro de convenios da Xunta de Galicia, e 132/2006, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006. Este primeiro grupo péchase co Decreto 224/2006, polo que se regulan as delegacións da Xunta de Galicia no exterior. Sen dúbida un dos máis relevantes aprobados polo Goberno galego no período de referencia, o decreto concibe as citadas delegacións como organismos destinados a dar soporte ao presidente da Xunta de Galicia no exercicio das súas atribucións, apoiar todas as actuacións dos departamentos autonómicos na área xeográfica de acción das delegacións, fomentar as relacións de Galicia coas institucións e órganos de goberno da súa área xeográfica de acción, impulsar a promoción da cultura e a lingua galegas, fomentar os valores de igualdade entre homes e mulleres, prestar apoio administrativo e institucional aos emigrantes galegos ou prestar asistencia técnica, orientación en información sobre Galicia e sobre a área xeográfica asignada aos axentes sociais alí radicados, aos galegos e aos que o demanden.
- b) No sector de actividade da *vivenda e o urbanismo*, que centrou, como no resto de España, unha boa parte da axenda pública e dos debates políticos e sociais desenvolvidos durante 2006 na Comunidade Autónoma de Galicia, produciuse un alto número de iniciativas normativas de orixe governamental, de modo que a Xunta de Galicia aprobou no período ata un total de catro normas regulamentarias na materia. Trátase da Orde do 20 de febreiro de 2006, pola que se aproba o Plan de inspección urbanística autonómica, e dos decretos 48/2006, polo que se regula o Programa de vivenda en alugueiro, 64/2006, sobre

subvencións a fondo perdido para o acabado exterior das vivendas unifamiliares rurais de nova construción, e 111/2006, de subvencións para a rehabilitación e adaptación de edificios e vivendas de protección oficial de promoción pública.

- c) No sector de actividade da *agricultura*, do que tamén se ocupou o Parlamento de Galicia mediante a aprobación da Lei 1/2006, do 5 de xuño, do Consello Agrario Galego, xa comentada, inscribíense os decretos 594/2005, sobre a distribución de competencias na aplicación e control da condicionalidade en relación coas axudas directas da política agraria común, 155/2006, polo que se establece o réxime do organismo pagador dos fondos europeos agrarios en Galicia, e 194/2006, polo que se establece o procedemento de liquidación dos medios materiais das cámaras agrarias provinciais de Galicia.
- d) O sector da *educación*, tradicionalmente moi significativo dentro da acción normativa da Xunta de Galicia, agrupa tamén un total de tres decretos, o 68/2006, polo que se regula o Observatorio Galego de Educación Ambiental, o 99/2006, polo que se regula a planificación, estrutura, organización e funcionamento da formación permanente do profesorado dos centros da Comunidade Autónoma de Galicia sostidos con fondos públicos, e o 181/2006, polo que se declara de interese público a compatibilidade da impartición de ensinanzas de música e artes escénicas, artes plásticas e deseño coa actividade realizada noutro posto de traballo do sector público cultural.
- e) Dúas foron as normas regulamentarias que se aprobaron durante 2006 no sector de actividade do *ambiente*, pois nel debe incluírse, ademais do Decreto 23/2006, polo que se establecen determinadas medidas de xestión no Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia, o Decreto 68/2006, que acaba xa de citarse no sector de actividade da educación, norma pola que se regula o Observatorio Galego de Educación Ambiental. Debe terse en conta que neste sector de actividade se aprobou tamén, tal e como se sinalou xa no seu momento, unha importante lei do Parlamento de Galicia, a 5/2006, do 20 de xuño, para a protección, a conservación e a mellora dos ríos galegos.
- f) Dúas normas conforman igualmente a produción regulamentaria da Xunta no ámbito do *turismo*: os decretos 108/2006, polo que se establece a ordenación turística dos restaurantes e das cafeterías da Comunidade Autónoma de Galicia, e 143/2006, polo que se establece a ordenación dos cámpings de turismo de Galicia.
- g) E dúas tamén son, en fin, as normas do poder executivo en materia de *función pública*: o decreto 37/2006, polo que se regula o nomeamento de persoal interino para o desempeño con carácter transitorio de prazas reservadas a funcionarios e á contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia, e o 140/2006, polo que se determinan os criterios de perda de destino definitivo polas funcionarias e os funcionarios docentes que prestan servizos nos centros educativos que imparten ensinanzas distintas das universitarias e o computo da antigüidade no centro en función das causas de acceso a el.
- h) Xa para rematar este percorrido pola actividade regulamentaria da Xunta de Galicia podería formarse un último grupo normativo que se caracteriza polo feito de que en cada un dos sectores de actividade nel incluídos o Goberno galego aprobou unha norma regulamentaria significativa durante o ano 2006. Trátase dos sectores da *lingua e cultura* (Decreto 58/2006, polo que se crea e regula o funcionamento da Comisión de Seguimento e Impulso do Plan xeral de normalización lingüística galega), a *economía* (Decreto 104/2006, polo que se regula a colaboración das entidades de crédito na recadación dos ingresos xestionados pola

Consellería de Economía e Facenda) e a *inmigración* (Decreto 127/2006, polo que se crea o Consello Galego de Inmigración).

4. O proceso de transferencias e os conflitos con outras instancias

1) Xa no capítulo correspondente ao ano 2004 dabamos conta de que os tres reais decretos de traspasos aprobados polo Goberno central no período citado non enchían as aspiracións da Xunta en materias tan diversas como aeroportos, portos, xestión de bolsas para estudantes, funcións da inspección de traballo ou xestión do espectro radioeléctrico. A formación do Goberno bipartito xurdido das eleccións autonómicas do ano seguinte vai dar lugar a que se produza un forte incremento das súas exixencias en materia de transferencias, que a nova Administración aumentará desde as 36 competencias cuxo traspaso tratou de negociar a Xunta presidida por Manuel Fraga Iribarne, ata un total de 70, entre as que se incluírán a titularidade das autoestradas en réxime de concesión cuxo itinerario se desenvolva integramente en territorio galego; a transferencia da xestión dos portos de interese xeral, o canon sobre concesións do dominio público portuario e a competencia exclusiva sobre espazos pesqueiros e deportivos e instalacións menores (embarcadoiros, varadoiros); a participación na planificación e xestión das infraestruturas ferroviarias do Estado que discorran por territorio galego; a transferencia das competencias da Lei estatal de costas, cos seus medios materiais e persoais; a transferencia das funcións que desempeña o Estado sobre execución das obras hidráulicas de interese xeral; o traspaso dos rexistros mercantís e da propiedade; o traspaso das oficinas de patentes e rexistro de marcas; a xestión, mediante convenio co Estado, do catastro inmobiliario; todas as competencias en tráfico e seguridade viaria; o traspaso dos servizos estatais de documentación e matriculación de vehículos, realización de exames, autorización e expedición de licenzas e recursos e sancións administrativas en materia de tráfico; o traspaso de medios, servizos e efectivos necesarios para crear un corpo de policía autonómica; a ampliación substancial das transferencias en materia de xustiza; a cooperación exterior: os arquivos e museos; a investigación; o salvamento marítimo; a inmigración ou, finalmente, o reforzo das competencias en espazos naturais que están protexidos pola Rede Natura 2000.

Neste contexto, o avance producido durante o ano 2006, tras o inicio do proceso de negociación sobre as transferencias exixidas pola Xunta que tivo lugar en novembro de 2005, por medio dunha entrevista celebrada en Madrid entre o vicepresidente da Xunta de Galicia e os representantes do Goberno central, concentrouse na aprobación por parte deste último dos reais decretos números 552/2006 e 553/2006, ambos os dous do 5 de maio, respectivamente de ampliación dos medios económicos adscritos aos servizos traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia polo Real decreto 146/1993, do 29 de xaneiro, en materia de xestión de formación profesional ocupacional (formación continua); e de traspaso á Comunidade Autónoma de Galicia das funcións e servizos en materia educativa, de emprego e formación profesional ocupacional encomendados ao Instituto Social da Mariña (ambos os dous en DOG n.º 98, do 24 de maio de 2006). A Xunta procedeu a aprobar pouco despois o Decreto 106/2006, do 30 de xuño, polo que se asumen os medios económicos e as funcións e servizos transferidos pola Administración central do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia mediante os reais decretos 552 e 553/2006, do 5 de maio (DOG n.º 126, do 1 de xullo de 2006).

2) En materia de conflictividade deben mencionarse as incidencias relacionadas con dúas cuestións de inconstitucionalidade: a relativa á 5053/2006, na que pola Providencia do 20 de xuño dese ano o Tribunal Constitucional admitiu a trámite a citada cuestión de inconstitucionalida-

de presentada pola Sección Primeira da Sala do Contencioso-Administrativo da Audiencia Nacional en relación coa disposición adicional terceira da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, por posible vulneración do artigo 149.1.23 da Constitución (DOG n.º 134, do 12 de xullo de 2006); e a relativa á Cuestión de inconstitucionalidade 648/2006, na que pola Providencia do 8 de novembro dese ano o Tribunal Constitucional admitiu a trámite a citada cuestión de inconstitucionalidade formulada polo Xulgado Contencioso-Administrativo número 1 de Vigo en relación co artigo 70.4.º da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, por posible vulneración do artigo 14 da Constitución (DOG n.º 230, do 29 de novembro de 2006).

5. Trazos fundamentais da vida política e institucional galega

O ano 2006 basculou sobre dous grandes acontecementos, un perfectamente previsible e outro por completo imprevisible, cando menos nas súas terribles dimensións: o primeiro, o debate sobre a reforma estatutaria, que se constituíu no obxecto central da axenda política autonómica; o segundo, a vaga de incendios que devastou Galicia entre o 4 e o 15 de agosto, con consecuencias que se ían deixar sentir tamén, aínda que non só, no ámbito político. Algunhas novidades na vida partidista viñeron pechar o esencial do panorama dun ano que foi o primeiro, en sentido estrito, do novo Goberno bipartito entre o Partido dos Socialistas de Galicia (PSdeG) e o Bloque Nacionalista Galego (BNG).

O debate sobre a reforma estatutaria

Antes de referírmonos ás novidades do debate sobre a reforma do vixente Estatuto de autonomía para Galicia que tiveron lugar ao longo de 2006, é necesario que recordemos algúns datos esenciais do pasado dese proceso, dos que se deixou constancia no precedente capítulo e cuxa constatación parece necesaria para enmarcar o acontecido en 2006: en primeiro lugar, que a sexta lexislatura do Parlamento de Galicia (2001-2005) estivo marcada pola negativa do Partido Popular a entrar no debate da reforma estatutaria, debate que segundo o daquela presidente da Xunta, Manuel Fraga, debía atrasarse ata despois dos comicios autonómicos; en segundo lugar, que tras a apertura da sétima lexislatura autonómica (2005-2009) quedará ben clara, desde o primeiro momento, a vontade da nova maioría socialista-nacionalista de proceder á elaboración dun novo Estatuto, vontade que atopará unha primeira plasmación institucional na decisión do presidente da Xunta de lle encargar ao Consello Consultivo de Galicia un informe xurídico sobre a reforma estatutaria, petición que se cursou oficialmente a mediados de outubro de 2005; e en terceiro lugar, por último, que o gran cambio que se produciu en 2005 en relación coa reforma estatutaria foi o da xeneralización desa reivindicación, unha vez que esta foi feita súa polo Partido Popular. O ano 2005 rematou, pois, cun acordo xeneralizado dos tres partidos galegos con representación parlamentaria autonómica respecto ao feito de que a reforma estatutaria debía ser levada a cabo e debía alcanzarse por consenso, tal e como quedou patente na sesión solemne coa que o Parlamento galego conmemorou, o 19 de decembro de 2005, o vinte e cinco aniversario do referendo de ratificación do Estatuto de autonomía para Galicia.

¿Como comezou, en materia de reforma estatutaria, o ano 2006? Pois cunha advertencia do Partido Popular de que utilizaría a súa maioría minoritaria –imprescindible para alcanzar a maioría de reforma– se do que se trataba era de elaborar un novo Estatuto e non de actualizar o xa vixente. A finais de xaneiro celébrase, non obstante, unha reunión entre o presidente da Xunta e o líder do Partido Popular que parece achandar o camiño á reforma: ambos os dous dirixentes manifestan nela que rexeitan, para Galicia, o modelo de financiamento prefigurado no Estatuto catalán e acordan impulsar o proceso de

reforma. Éntrase entón nun debate entre os tres grandes partidos de Galicia sobre a composición (proporcional ou paritaria) e a forma de traballo (a porta pechada ou porta aberta) da futura relatoría ou comisión parlamentaria que debería encargarse de elaborar a Proposición de lei de reforma estatutaria. A decisión final decántase cara á proporcionalidade e á publicidade dos traballos: a comisión, que se constituíu finalmente o día 16 de marzo, quedou composta por sete membros do PP, cinco do Partido Socialista e tres do BNG, baixo presidencia socialista. Unha vez constituída, a comisión abre un amplo proceso de comparecencias de institucións políticas e sociais e organizacións de moi diverso tipo, cuxos representantes achegan ao longo dos meses de abril, maio e xuño as súas consideracións ao órgano parlamentario sobre as distintas cuestións que son obxecto de consulta. A punto xa de pechase as comparecencias, producíranse dúas circunstancias, case simultáneas, que contribuirán a ir definindo os límites da senda pola que discurrirá a negociación estatutaria: a primeira, unhas declaracións do presidente da Xunta, realizadas tras unha visita ao daquela presidente Maragall, nas que defendía que o novo Estatuto asumise a identidade de Galicia como nación e nas que reclamaba un marco autonómico de *máximos* similar ao catalán; a segunda, unha entrevista celebrada unha semana despois (o 16 de xuño) entre o propio presidente e o vicepresidente da Xunta, líderes respectivos do PSdeG e o BNG, na que ambos os dous dirixentes pactan sete puntos de bases para o novo Estatuto que se estaba a elaborar: o recoñecemento do carácter nacional de Galicia, o recoñecemento de deber coñecer o galego, a inclusión no novo Estatuto dunha declaración de dereitos, a blindaxe de competencias, o establecemento de previsións sobre bilateralidade entre a Xunta e o Estado, a creación dunha axencia tributaria autonómica e a previsión dun acordo financeiro co Estado no que se compromete para Galicia un 8% do investimento estatal territorializado durante un período de dez anos.

Neste contexto, a comisión encargada da redacción do novo Estatuto comeza as súas reunións de elaboración do novo texto a finais de xuño nun ambiente político marcado polas acusacións cruzadas en relación coa axenda dos traballos e o ritmo, máis lento ou máis rápido, co que, a xuízo dos seus membros, a comisión debería traballar. O día 29 de xuño, tres días despois da primeira reunión de traballo da comisión, celébrase no Parlamento de Galicia un pleno monográfico sobre a reforma estatutaria no que os partidos do Goberno formulan tres exixencias de mínimos para o consenso estatutario (recoñecemento do carácter nacional de Galicia, máximo teito competencial e garantía do 8% do investimento territorializado do Estado), dos cales o líder do Partido Popular só aceptou o segundo. En todo caso, a partir dese momento o debate sobre a reforma estatutaria desenvólvese en dúas esferas diferentes: por unha parte, na da correspondente comisión parlamentaria redactora da proposición de reforma, que traballa cunha metodoloxía consistente en ir pechando acordos unánimes en todas as materias en que hai consenso entre o PP, o PSdeG e o BNG e en deixar *aparcadas* as cuestións nas que non é posible o acordo dos tres partidos con representación parlamentaria. Pero, por outra parte, o debate desenvólvese tamén nos medios, nos que non se discute, como na comisión, sobre aspectos concretos con textos detallados, senón sobre a cuestión xeral de se Galicia debe elaborar ou non un Estatuto que pronto se denomina «*de primeira*» (similar, polo tanto, ao catalán) e sobre os aspectos que a xuízo duns e doutros garanten ou non ese obxectivo.

En calquera caso, tanto o debate institucionalizado como a discusión política ante a opinión pública van pouco a pouco decantando os que acabarán por ser os auténticos nós políticos da reforma estatutaria: o do financiamento, o do novo status xurídico da lingua rexional e o da definición identitaria de Galicia. De feito, todas as declaracións políticas relevantes e todos os encontros políticos entre partidos desembocan dun modo ou outro na necesidade de desatar eses tres nós esenciais: o 25 de xullo, Día de Galicia («Día da Patria Galega» para o BNG), os nacionalistas exixen ao PP que apoiem un Estatuto *de primeira* para Galicia e chaman a Feijoo a aceptar o termo *nación*. Un día despois, o presidente da Xunta propón como fórmula identitaria a de «nazón de Breogán», que figura no himno oficial de Galicia, ao que o vicepresidente responde de inmediato que Galicia debe ser recoñecida

como nación «sen apelidos». O día 29 de xullo reúnen oficialmente os líderes do BNG e o PP e de novo a cuestión da entidade da reforma (*de primeira* ou non) e do carácter nacional de Galicia aparecen publicamente como os aspectos esenciais da reunión. Dous días despois, xa a punto de comezar as vacacións políticas estivais, o presidente da Xunta manifesta, en fin, a súa defensa da necesidade de deixar constancia no novo texto estatutario do carácter nacional de Galicia.

As primeiras noticias que chegan tras unhas vacacións estivais marcadas por unha desastrosa vaga de incendios forestais poñen de relevo a crecente desconfianza do Goberno bipartito en ser capaces de alcanzar un texto de consenso para a reforma estatutaria, dificultades que son visibles no seo da comisión redactora do proxecto de reforma. Pero a comisión segue traballando e os partidos, por boca sobre todo dos seus líderes, seguen fixando posicións sobre o debate e sobre as responsabilidades eventuais en que a xuízo de cada un incorrerán todos os demais se a reforma acabase por atascarse finalmente. A reunión celebrada a mediados de novembro entre o presidente da Xunta e o líder do PP completa os encontros bilaterais (tras os mantidos previamente entre os líderes do PSdeG e o BNG e do BNG e o Partido Popular): Pérez Touriño e Núñez Feijoo non avanza nela acordos concretos sobre os contidos da reforma, pero pactan que, de non se resolver a reforma en xaneiro de 2007, esta será posposta ata despois das eleccións municipais e autonómicas dese ano (só municipais en Galicia) para non mesturar o desenvolvemento dos comicios co debate estatutario. A evolución dos acontecementos ata o final do ano confirma plenamente, en todo caso, a dinámica precedente: o debate sobre a definición de Galicia gaña espazo na discusión ante a opinión pública, ata o punto de escurecer os traballos da comisión redactora, que continúan con normalidade. O 23 de decembro celébrase unha nova reunión bilateral, agora entre o PP e o BNG, que serve para constatar as diferenzas entre ambos os dous partidos sobre a definición nacional e as dificultades para atopar unha fórmula de transacción que sirva a populares, socialistas e nacionalistas. Ao pecharse o ano, as posturas ao respecto quedan claras: o PP proclama que todo depende de que o presidente da Xunta force unha definición identitaria que poida ser aceptada por todos e o PSdeG e o BNG proclaman, aínda que con matices diferentes, que a responsabilidade de que haxa Estatuto está nas mans do PP, que ten que decidir se acepta ou non unha fórmula de consenso para definir Galicia na nova norma estatutaria. O resultado último déixase, pois, ao que finalmente se decida nunha reunión multilateral que haberá de celebrarse nos primeiros días do ano 2007.

A vaga estival de incendios forestais

Os incendios forestais son unha triste realidade que forma parte, desde hai moitos, da realidade galega en canto chegan as primeiras calores estivais e, con elas, as primeiras secas do verán. O acontecido en 2006 foi, porén, algo moi diferente ao que desgraciadamente viña sendo habitual. E iso porque o xoves 4 de agosto de 2006 se desatou unha vaga de incendios pavorosa, que afectou basicamente ás provincias da Coruña e Pontevedra, cuxa intensidade descoñecida e longa duración –non puido ser extinguida ata o día 15 de agosto– deixarán un balance final realmente aterrador: 82.000 hectáreas de monte queimadas, equivalentes a case o 4% da masa forestal de Galicia, segundo os cálculos oficiais da Xunta de Galicia, cifra que algunhas fontes elevarán aínda máis (92.000 hectáreas segundo o CSIC e 86.000 segundo a Unión Europea, que computou tres días máis nos seus cálculos sobre a vaga de incendios de agosto), 2055 incendios e 10.253 focos de lume. Para dar unha idea da proporción da catástrofe deben terse en conta algúns datos comparativos: desde o ano 1989, o peor en materia de incendios forestais da historia de Galicia, en que arderon case 200.000 hectáreas de monte, as cifras descenderan substancialmente nos anos posteriores, de modo que no período 1990-2005 o peor ano fora o 2005, con case 53.000 hectáreas queimadas. A media para todo ese período será de algo máis de 40.000 hectáreas por ano, o que significa que a vaga de incendios de agosto de 2006 case dobrou

en 12 días de incendios as cifras medias para todo o ano: o 2006 acabou con 94.000 hectáreas queimadas, o que converte ese ano no peor da historia, con moita diferenza, tras o infausto 1989. Algúns outros datos adicionais poden axudar, ademais, a medir as dimensións do acontecido en agosto nos montes de Galicia: a loita contra o lume consumiu o 6% das reservas de auga de Galicia e supuxo danos económicos equivalentes ao 2% do PIB de Galicia durante o ano 2006 (851 millóns de euros de danos directos e 1800 millóns de danos a medio prazo), segundo os cálculos realizados polo diario *La Voz de Galicia* (edicións do 17 e 20 de agosto de 2006). Ademais, as perdas directas provocadas polo lume eleváronse ata os cen millóns de euros.

En todo caso, os efectos dos incendios non foron só ecolóxicos, sociais e económicos. A vaga de incendios e a forma en que a Administración autonómica dirixiu o operativo conxunto para facerlle fronte provocaron tamén un duro enfrontamento entre o Goberno e a oposición, cuxo primeiro motivo de confrontación tras o final da crise se centrou en determinar as orixes daquela. Segundo o Goberno, a vaga sería efecto dunha acción masiva de pirómanos, mentres que para a oposición a extensión dos incendios e a envergadura que chegaron a adquirir, achegándose en moitos casos ás portas dalgúns núcleos urbanos importantes, como Santiago, resultaría a consecuencia dunha deficiente resposta ante o lume, resposta que a Xunta de Galicia non sería capaz de dirixir e coordinar con eficiencia e rapidez. A vaga de incendios puxo tamén en primeiro plano outro debate, menos inmediato, sobre a eficacia da política de loita contra o lume que fora posta en marcha polos sucesivos gobernos do Partido Popular. E así, mentres este partido afirmaría que a evolución das series históricas de datos sobre superficie queimada e número de incendios demostraban a eficacia das súas políticas de extinción, socialistas e nacionalistas insistirán, polo contrario, no errático dun modelo de loita contra o lume baseado na extinción e non na prevención e na loita contra as causas que, segundo opinión bastante xeral, estarían na orixe última dos incendios forestais: a ausencia de políticas de utilización e rendibilización do monte, que provocarían un abandono das grandes superficies arboradas deixando medrar nelas dun xeito incontrolado unha masa explosiva susceptible de converterse de inmediato en causa de lume en canto as condicións meteorolóxicas (chuvias e humidade) deixan de favorecer a ausencia de focos de lume.

Neste contexto de debates cruzados, o Partido Popular solicitou en setembro a creación dunha comisión parlamentaria de investigación para determinar o acontecido en agosto nos montes de Galicia, pero a maioría socialista-nacionalista impediu a súa constitución como tal e só deu luz verde á creación dunha comisión de estudo ou indagación, na que os deputados do Partido Popular decidiron entón non participar. Do mesmo xeito, o presidente da Xunta mantivo no seu posto o conselleiro de Medio Rural, Alfredo Suárez Canal (do BNG), cuxo cesamento foi solicitado reiteradamente polo Partido Popular. A Comisión sobre Incendios finalizou os seus traballos en decembro, despois de solicitar un alto número de comparecencias, entre as que se incluíron varias de antigos altos cargos das administracións do Partido Popular, e concluíu que non existía responsabilidade por parte do Goberno, por máis que na resposta da Administración autonómica se puidesen detectar algunhas «disfuncións» e un colapso no operativo de extinción debido «á falta de adecuación do dispositivo á nova tipoloxía dos lumes que se produciron durante a crise»: «A vaga de incendios foi unha situación excepcional e non previsible, por non haber datos históricos que permitisen deducir a posibilidade de que acontecese», establece o ditame da comisión, que tamén afirma que «existiu unha actividade delituosa incendiaria desaforada, de elevada intencionalidade e con pretensión de causar o maior dano posible» e «que non se adoptou ningunha decisión política con incidencia para o dispositivo, polo que non sabe deducir responsabilidades políticas». O ditame da comisión foi sometido a votación do Pleno do Parlamento de Galicia, na súa sesión do 26 de decembro, e foi aprobado cos 38 votos da maioría, fronte á *inacción* dos deputados populares, que nin votaron en contra, nin se abstiveron, nin abandonaron o hemiciclo.

Realizaremos un último apuntamento, antes de pechar este apartado, en relación cos datos dispoñibles sobre a actuación de pirómanos na vaga de incendios que viñemos comentando. Segundo informacións procedentes da Garda Civil, un total de sesenta persoas foron detidas entre comezos do mes de agosto e o 13 de setembro, acusadas de causar incendios forestais de forma intencionada. De entre elas, un total de 22 foron postas á disposición dos tribunais e atopábanse procesadas, segundo unha información do diario *El País* (do 17 de setembro), a mediados dese mes. Pero todas as informacións que se foron publicando desde entón desautorizarán por completo a existencia dunha rede ou un complot incendiario organizado: a mediados de outubro, o delegado do Goberno informaba de que o número de presuntos detidos ata o momento era de 72, aínda que só 20 permanecían en prisión, e poñía igualmente de relevo que ningún dos informes oficiais avalaba a existencia dunha trama incendiaria. A Fiscalía de Delitos Ambientais do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia insistía, a principios de novembro, nesa mesma idea, ao informar que non había probas da existencia dunha trama organizada de pirómanos. Finalmente, e segundo informacións aparecidas nos primeiros días do ano 2007, xusto no momento en que se procedía ao peche deste capítulo, *La Voz de Galicia* publicaba os resultados da máis ampla investigación realizada pola Garda Civil sobre un total de 670 detidos acusados, desde 1995, de causar incendios forestais, investigación que relevaba que entre todos eles non se puidera determinar a existencia de ningún contacto persoal.

A vida político-partidista

O primeiro dos dous acontecementos relevantes que afectaron á vida dos partidos galegos durante o ano 2006 tivo como protagonista o Partido Popular e aconteceu en xaneiro dese ano, aínda que os feitos que deron lugar a este comezaron a incoarse en 2005, despois de que o PP perdesse o Goberno galego tras quedar nas eleccións autonómicas dese ano a un deputado dos 38 indispensables para obter a maioría absoluta que lle garantía seguir presidindo a Xunta de Galicia. Así as cousas, o abandono de Manuel Fraga da Presidencia da Xunta, que ocupara ininterrompidamente desde 1989, abriu á fin a cuestión sucesoria que precisamente as vitorias sucesivas do candidato do PP conseguiran manter pechada a cal e canto. Xa a finais de 2005, Xosé Cuíña, delfín do presidente Fraga ata o seu cesamento como conselleiro da Xunta a consecuencia de acusacións de aproveitamento ilícito vinculadas coa crise do *Prestige*, anunciara a súa intención de concorrer como candidato á Presidencia do PP cun programa de refundar o partido en clave galeguista. En novembro de 2005 arrancou a carreira sucesoria ao abrirse nese mes o proceso de elección de compromisarios que asistirían ao XIII Congreso do PP, no que habería de elixirse o sucesor de Manuel Fraga, que a esas alturas xa manifestara a súa vontade de deixar a política galega e volver ás Cortes xerais, agora como senador de designación autonómica. Os días 29 e 30 de novembro de 2005 os 90.000 afiliados do PP de Galicia elixiron os máis de 2000 compromisarios para o congreso que se celebrou finalmente os días 14 e 15 de xaneiro de 2006. Alberto Núñez Feijoo, vicepresidente da Xunta con Manuel Fraga, resultaba elixido cunha maioría abafadora do 96% dos compromisarios que acudiran á reunión, á que concorreu como único candidato tras a previa retirada de Xosé Cuíña da carreira sucesoria. Poucos días despois, o 7 de febreiro, Manuel Fraga era elixido senador autonómico polo Parlamento de Galicia, o que supoñía o peche definitivo dunha longa etapa autonómica que comezara coa vitoria electoral do propio Fraga nas eleccións autonómicas de 1989.

O ano comezou cun congreso de partido, o do PP, e pechouse tamén cun congreso partidista, o do Bloque Nacionalista Galego, que, ao igual que o anterior, non será tampouco unha reunión de mero trámite. A XII Asemblea Nacional do BNG, a primeira que celebrará o Bloque tras a súa entrada na Xunta de Galicia, acabará por ter unha enorme transcendencia na medida en que nela, á marxe doutras cuestións de tipo programático, se debaterá o cambio na estrutura e os modos de funcionamento da orga-

nización frontista, que agrupa diversos partidos e colectivos non partidistas (Unión do Pobo Galego, Esquerda Nacionalista, Partido Nacionalista Galego, Inzar, Colectivo Socialista e Galiza Nova) e militantes que o son a mero título individual, é dicir, que pertencen ao BNG e non a ningún dos partidos ou organizacións que o forman. A asemblea, celebrada os días 2 e 3 de decembro, móstrase dividida desde o primeiro momento, e iso ata o punto de que xunto a Quintana, líder da organización e vicepresidente da Xunta, que encabeza a lista oficial ao Consello Nacional –máximo órgano decisorio da organización entre asembleas–, se presentan ata tres candidaturas máis: a denominada «a alternativa», apoiada por Camilo Nogueira, un dos líderes históricos do nacionalismo galego na segunda metade do século XX; a chamada «encontro irmandiño», que encabeza Xosé Manuel Beiras, dirixente histórico do BNG antes da chegada de Quintana, impulsor orixinario da súa candidatura e adversario político á sazón de quen previamente fora o seu patrocinado; e a denominada «movemento pola base».

Na asemblea participan finalmente menos da metade dos arredor de 8000 militantes do BNG –todos con dereito a participar na reunión *in capita* e non a través de delegados previamente elixidos–, que toman, finalmente, tres decisións transcendentais no ámbito organizativo, ademais de reafirmar a aposta *nacional* do BNG como partido que aspira a unha definición de Galicia como nación no novo Estatuto de autonomía que entón entraba nunha fase decisiva do seu proceso de debate. A primeira desas decisións será a de abandonar o modelo asembleario vixente ata a data no BNG e a súa substitución por un sistema de representación delegada similar ao que rexe na maioría dos partidos españois: non sen oposición, a decisión foi adoptada por 1167 votos a favor, 813 en contra e 39 abstencións. A segunda será a relativa á composición dos órganos de dirección da organización, que deixarán moi debilitada internamente a posición do voceiro nacional, Anxo Quintana, quen sairá, pola súa banda, reelixido co voto do 62% dos militantes presentes no conclave, o que supón o apoio máis curto obtido nunca por ningún dirixente do Bloque na historia da organización: dos 50 membros do Consello Nacional que se elixiron na asemblea, a lista de Quintana conseguiu un total de 31 e quedaron os 19 restantes en mans das outras tres candidaturas antes mencionadas. En canto á composición da nova Comisión Executiva da organización, composta por 15 membros, 10 quedaron en mans do sector oficial e 5 en mans dos críticos, aínda que dos 10 primeiros haberá 6 membros da Unión do Pobo Galego (o partido máis forte e mellor organizado dos que conviven no BNG) e tan só 3 *quintanistas*, á parte do propio vicepresidente da Xunta. A última das tres decisións mencionadas é a relativa ao acordo da asemblea por virtude do cal o Consello Nacional gaña en poder respecto á Comisión Executiva, ao reservarse, entre outras facultades, a de vetar a elección dos altos cargos da Xunta cuxo nomeamento sexa da responsabilidade do BNG.

CAPÍTULO XXI

ANO 2007

1. Introducción: liñas xerais

Os dous feitos máis relevantes dun ano, o 2007, marcado en termos xerais na Comunidade Autónoma Galega pola estabilidade política e institucional, foron, sen dúbida ningunha, a decisión partidista de clausurar, tras o seu fracaso, o proceso de reforma estatutaria impulsado ao inicio da lexislatura polo novo Goberno bipartito socialista-nacionalista e a celebración, varios meses despois daquela clausura, das eleccións municipais do 27 de maio. O fracaso da reforma estatutaria, tras a incapacidade dos tres partidos con representación parlamentaria (PP, PSdeG e BNG) para chegar ao texto de consenso que as circunstancias exixían, supuxo, como veremos, a desaparición dun dos principais motivos de fricción política entre Goberno e oposición e tamén, aínda que noutro sentido, entre os dous partidos socios do Goberno, e centrou a segunda metade da lexislatura nos temas de xestión polos que discorreu desde os primeiros meses do ano 2007. As eleccións municipais, pola súa banda, culminaron a recomposición do mapa municipal galego iniciada con anterioridade (sobre todo no das grandes urbes e vilas de tamaño medio) e puxeron de relevo o carácter estrutural tanto dos acordos postelectorais entre o Partido dos Socialistas de Galicia e o Bloque Nacionalista Galego como do illamento político do Partido Popular, que sen socios de goberno parece quedar obrigado en Galicia a obter maiorías absolutas para poder optar aos gobernos locais e ao Goberno da Comunidade Autónoma.

Ademais do apuntado, o ano 2007 foi moi frutífero no ámbito da acción normativa, sobre todo no da acción lexislativa do Parlamento de Galicia, institución que aprobou un importante número de leis, varias delas de grande importancia social. O estudo desas leis, xunto coa xa habitual información sobre a actividade regulamentaria da Xunta de Galicia, constituirán a primeira parte deste capítulo. Abordaranse, despois, as relacións de conflito e cooperación con outras instancias, tras o cal o capítulo se pechará cun apartado final sobre os trazos fundamentais da vida política e institucional galega, no que, ademais de retomar con detemento os dous temas xa apuntados (clausura do proceso de reforma estatutaria e eleccións municipais), se abordará a análise dos que conformaron, xunto con eles, a axenda política dun ano de transición no que se superou o ecuador da lexislatura 2005-2009.

2. O exercicio das competencias legislativas

Segundo acaba de apuntarse, 2007 foi un ano lexislativo relevante no que a actividade do Parlamento de Galicia se situou en cotas moi altas. Aínda que no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) apareceron publicadas entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do ano ata un total de 19 leis, tres delas foron normas tramitadas e aprobadas en 2006, pero publicadas nos primeiros días de 2007. Agora ben, mesmo contando con esa mingua, 16 leis aprobadas segue sendo un número moi significativo para un período anual, máis se se ten en conta a transcendencia normativa de moitas das que procederemos a analizar seguidamente.

Comezando polas leis parlamentariamente de 2006 (aínda que publicadas en 2007), trátase das normas lexislativas 15/2006, do 27 de decembro, pola que se modifica a Lei 2/2000, do 21 de decembro, de creación da escala de axentes facultativos ambientais da Xunta de Galicia, 16/2006, do 27 de decembro, do Plan galego de estatística 2007-2011, e 17/2006, do 27 de decembro, do libro e da lectura de Galicia. A primeira e a terceira foron aprobadas co acordo dos tres grupos parlamentarios da Cámara autonómica, mentres que a segunda o foi co voto en contra do Partido Popular.

A primeira das tres normas aludidas, a Lei 15/2006, do 27 de decembro, de modificación da disposición transitoria única da Lei 2/2000, do 21 de decembro, creadora da escala de axentes facultativos ambientais da Xunta de Galicia, ten unha transcendencia pouco relevante desde o punto de vista xeral, por máis que poida tela para os destinatarios concretos afectados pola norma. Nela dispónse, en primeiro lugar, que o persoal funcionario de carreira pertencente á escala de axentes forestais do corpo de auxiliares técnicos da Xunta de Galicia poderá integrarse na escala de axentes facultativos ambientais, sempre que cumpra os requisitos de acceso establecidos legalmente. E en segundo lugar, que o curso específico de formación legalmente exixible para os efectos da citada integración estará homologado e impartido directamente por persoal cualificado das administracións públicas. A norma establece, ademais, as previsións necesarias para facer efectiva a nova regulación nela contida.

A Lei 16/2006, do 27 de decembro, do Plan galego de estatística 2007-2011, cuxo obxecto é a regulación do devandito plan durante o lustro aludido (entre o 1 de xaneiro de 2007 e o 31 de decembro de 2011), vén engadirse ás aprobadas previamente con idéntica finalidade. O Plan de estatística da Comunidade Autónoma é concibido polos autores da norma como un instrumento de ordenación e planificación da actividade estatística autonómica e, ao tempo, como un marco de colaboración interinstitucional tanto entre as diferentes entidades que conforman a organización estatística galega como entre estas e outras entidades públicas locais, estatais ou autonómicas, así como europeas ou internacionais. A norma, que derroga a Lei 10/2001, do 17 de setembro, do Plan galego de estatística 2002-2006, fixa a estrutura e desenvolvemento do novo plan 2007-2011 e determina o seu obxectivo central (desenvolver e consolidar o sistema estatístico galego e conseguir un conxunto coherente, rigoroso e actualizado de datos que responda ás demandas de información das institucións públicas, axentes económicos e sociais e cidadáns en xeral, adecuándose aos criterios de economía e de aproveitamento das fontes existentes, minimizando as molestias aos cidadáns e garantindo o segredo estatístico) e os seus obxectivos informativos, organizativos e instrumentais.

A última das tres normas de 2006 publicadas en 2007 é a Lei 17/2006, do 27 de decembro, do libro e da lectura de Galicia, probablemente a máis importante, desde o punto de vista normativo, dese grupo. A lei céntrase nun sector de actividade fundamental tanto desde o punto de vista cultural (a lectura como actividade formativa e informativa individual) como económico (o libro como produto de consumo) e ideolóxico (a lectura en galego como elemento potenciador da identidade rexional), dimensións todas que se poñen de relevo cando o lexislador determina os obxectivos fundamentais que persegue coa norma: promover a extensión social da lectura; facer promoción do

libro e da lectura en galego; definir un marco xurídico destinado a promover o proceso de creación ou preparación do libro, como forma de garantir a variedade, calidade e accesibilidade do libro galego ou editado en Galicia e de realizar un fomento eficaz da lectura; modernizar e poñer en valor todos os axentes implicados na existencia e difusión do libro e procurar o crecemento e a diversificación do sector editorial galego e dos seus produtos; regular o depósito legal no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia; apoiar a ampliación da oferta editorial en lingua galega naqueles eidos onde presenta maiores carencias temáticas ou de tipoloxías de edición; e favorecer todas as accións tendentes a incrementar a coordinación entre todos os axentes do libro. Para todos eses efectos, a Lei do libro e da lectura de Galicia, tras fixar toda unha serie de directivas xerais na materia, regula os plans e programas de actuación dirixidos a cubrir as necesidades de planificación, prevé distintos tipos de medidas enfocadas aos diferentes axentes que participan no sector do libro, regula a promoción e fomento do sector do libro e a lectura, crea o Consello Asesor do Libro (organismo dedicado ao estudo e asesoramento á Administración autonómica no referente ás políticas relacionadas cos contidos da lei), regula o depósito legal coa finalidade de recompilar o material bibliográfico, gráfico, sonoro, audiovisual, electrónico ou realizado en calquera soporte editado na Comunidade Autónoma galega con fins de difusión, e recolle, finalmente, aspectos referidos ao control de edicións e á protección dos dereitos de propiedade intelectual.

A acción legislativa desenvolvida polo Parlamento autonómico durante 2007 traducíuse, segundo xa antes se apuntaba, na aprobación dun total de 16 leis. Ademais da preceptiva norma orzamentaria (Lei 16/2007, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008), as restantes 15 normas destacaron especialmente a importancia de tres sectores de actividade: o da seguridade (leis 1, 4, 5, 8), o da protección e defensa dos dereitos das mulleres (leis 2 e 11) e o da ordenación e protección do territorio (leis 3, 6 e 7). Analizaremos seguidamente estes tres bloques normativos para estudar despois as restantes normas autonómicas de procedencia parlamentaria.

En materia de seguridade aprobáronse as leis 1/2007, do 15 de xaneiro, da Academia Galega de Seguridade Pública; 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais; 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia e 8/2007, do 13 de xuño, de Policía de Galicia. A primeira desas normas parte dunha consideración integral da seguridade pública (actividade que abrangue, segundo o lexislador, tanto a seguridade cidadá como a loita contra ameazas de orixe non persoal), consideración esa que exige concibir igualmente dun modo integral o proceso formativo dos xestores da seguridade. En coherencia con tal concepción, o lexislador autonómico propónse, mediante a Lei 1/2007, ampliar as funcións do organismo que viña encargándose no ámbito autonómico de impartir esa formación (o Centro de Estudos Xudiciais e Seguridade Pública de Galicia), de forma que, xunto aos tradicionais cursos formativos dirixidos ás policía locais de Galicia e a outros corpos policiais, bombeiros e protección civil, poña en marcha outras ensinanzas que afectan a determinados colectivos vinculados igualmente á seguridade pública. Para tal efecto, a lei (que derroga a 1/2005, do 4 de xaneiro, do Centro de Estudos Xudiciais e de Seguridade Pública de Galicia) crea a Academia Galega de Seguridade Pública (Agasp), institución que se concibe como un organismo autónomo de carácter administrativo, adscrito organicamente á consellaría competente en materia de interior e xustiza, dirixida ao enriquecemento do capital humano dos servizos de seguridade pública mediante a súa capacitación a través da formación, a innovación e a excelencia, o compromiso de xerar e transferir as bases de coñecemento para a mellora das políticas en materia de seguridade pública e o impulso da calidade nos servizos de seguridade pública para unha mellor atención ao cidadán e maior satisfacción dos seus xestores. O obxectivo de coordinar a actuación das policía locais resulta irrenunciábel nun territorio cunha estrutura local tan atomizada como a galega (Comunidade que conta na actualidade cun total de 315 municipios) e na que un importante número de entidades municipais conta con forzas de policía local: así, carecen desas forzas 75 municipios ourensáns, 46 lucenses, 34 coru-

ñeses e 37 pontevedreses. O aludido obxectivo foi abordado, inicialmente, pola Lei 3/1992, do 23 de marzo, de coordinación das policía locais de Galicia, norma aprobada para dar cumprimento ao preceptuado na Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de forzas e corpos de seguridade, que sinalou no seu día que correspondía ás comunidades autónomas, segundo a mesma lei e a de réxime local, coordinar as actuacións das policía locais dentro do seu ámbito territorial. Neste contexto, a nova norma de coordinación, que derroga a vixente ata a data, pretende ser coherente coa evolución dos corpos de policía local en Galicia, que corre parella á das propias administracións locais das que dependen tales corpos, un feito este que determinou que as policía locais asuman un protagonismo cada vez máis relevante na loita contra a denominada polo lexislador «delincuencia de proximidade». Deste modo, os concellos foron adquirindo durante os últimos anos cada vez maiores competencias e responsabilidades, circunstancia na que influíron, ademais doutros factores, a súa condición de Administración máis próxima ao cidadán, da que a policía local constituiría un bo exemplo. Todo iso determinou, segundo indica o propio preámbulo da Lei 4/2007, que a partir duns corpos de policía local moitas veces reducidos e dedicados a tarefas de carácter básico se fora evolucionando cara a equipos de persoal cada vez máis completos, profesionalizados e preparados para atender un crecente número de actuacións que xa pouco teñen que ver cos tradicionais labores e que, en moitas ocasións, implican unha considerable complexidade. Plenamente conscientes desta evolución e da necesidade de dar os pasos necesarios para adaptarse a esta, os municipios galegos veñen dedicando cada vez un maior número de recursos para lles proporcionar aos seus veciños un servizo de policía que, sen deixar de ser próximo, gaña cada día en eficacia e eficiencia. Á vista de todo iso, a Lei 4/2007, que reforza o control da Xunta de Galicia e a mobilidade dos axentes de policía, regula a coordinación das policía locais no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, sen prexuízo da súa dependencia das autoridades municipais, de conformidade co disposto na lexislación orgánica de forzas e corpos de seguridade e de acordo ao principio de autonomía municipal.

A Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia ten, ao igual que a anteriormente analizada, unha dimensión de harmonización interadministrativa, pois procede a estruturar de forma coordinada os labores das distintas administracións públicas galegas con competencias nas materias, ao tempo que fixa o ámbito de colaboración da sociedade civil nesa importante esfera da seguridade. Segundo especificación do propio preámbulo do texto, tal sistema integrado estrutúrase en dous ámbitos de actuación inseparables: dun lado, a xestión de riscos (que comprende a súa identificación e avaliación, a implementación de medidas estruturais de seguridade e a planificación); doutro lado, a xestión das emerxencias (que inclúe a activación dos plans, a coordinación dos recursos para o seu control ata a súa conclusión e, no seu caso, a posterior rehabilitación). E todo iso, de acordo non só ao establecido na Constitución española e no Estatuto de autonomía de Galicia, senón tamén ao disposto nas sentenzas 123/1984, do 18 de decembro, e 133/1990, do 19 de xullo, do Tribunal Constitucional. Así, e tras definir no seu título preliminar a protección civil como un servizo público esencial organizado nun sistema integrado de actuación para afrontar os riscos ordinarios e riscos graves coa participación das distintas administracións públicas, baixo a coordinación e dirección da Xunta de Galicia e coa colaboración cidadá, a Lei 5/2007 contén, no seu título I, un catálogo de dereitos e deberes que ten por obxecto promover a colaboración da cidadanía nas tarefas de protección civil, e introduce as garantías e cautelas pertinentes para asegurar que se respecten os dereitos fundamentais. O título II da norma regula a responsabilidade municipal na esfera da prestación dos servizos primarios de protección civil e a actuación inicial ante calquera situación de emerxencia que se detecte e o III aborda a acción pública de protección civil e emerxencias mediante unha estrutura integrada con tres ámbitos de planificación (territoriais, especiais e de autoprotección). Os títulos IV e V da lei refírense, respectivamente, ás medidas de autoprotección que han de ser adoptadas pola cidadanía e empresas e á regulación do persoal adscrito ao sistema integrado de protección civil e emer-

xencias de Galicia. Finalmente, os títulos VI e VII ocúpense dos recursos que financiarán o sistema integrado de protección civil e emerxencias de Galicia e do réxime sancionador na materia.

A Lei 8/2007, do 13 de xuño, de policía de Galicia, aprobada cos votos en contra do Partido Popular, supón un cambio do modelo policial polo que optara a Comunidade Autónoma galega ata a data, consistente na adscrición a aquela dunha unidade de axentes da Policía Nacional que, con uniforme e distintivos propios, cumprían as misións asignadas baixo mando policial autonómico. Fronte a este modelo, a nova lei, que vén dar cumprimento a un compromiso adquirido polos dous partidos que cogobernan a Xunta de Galicia no seu acordo de coalición, plasma a intención do Executivo galego de dotar a Comunidade Autónoma dun corpo policial eficaz que manteña as oportunas relacións de coordinación cos corpos e forzas de seguridade do Estado. Outro aspecto destacado da lei é a regulación do acceso de membros procedentes doutras forzas e corpos de seguridade á Policía de Galicia, tanto se pertencen ao Corpo Nacional de Policía como á Garda Civil ou á unidade do Corpo Nacional de Policía adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia ou a calquera outro, co obxecto de evitar calquera clase de discriminación. Ademais, conségrase o carácter civil da Policía de Galicia, dadas as características que inciden na función policial e a repercusión que as súas actuacións teñen sobre os dereitos e liberdades das persoas. Para garantir o seu exercicio, a Lei 8/2007 asignalle á Policía de Galicia unhas funcións que, dentro do marco constitucional, se dirixen a asegurar a protección das persoas e bens e que se asumirán nun marco acordado coa Administración xeral do Estado. Como policía ao servizo da comunidade, a galega haberá de contribuír á consecución do benestar social e cooperar con outros axentes sociais, especialmente nos ámbitos da prevención, o civismo, a cohesión social, a loita contra a violencia de xénero, a axuda e a asistencia ao cidadán e a rehabilitación e reinserción social. O carácter finalista das funcións de seguridade e o feito de que os últimos destinatarios da actividade de policía sexan os cidadáns exigen que a Policía de Galicia opere segundo os principios de cooperación, coordinación e colaboración con todas as demais forzas e corpos de seguridade, sempre segundo os criterios que as dúas partes acorden na Xunta de Seguridade. Así mesmo, a lei regula a coordinación da actuación da Policía de Galicia coas policía locais, ás cales o novo corpo policial dará soporte técnico e operativo cando estas non poidan asumir plenamente un servizo ou por solicitude das entidades locais, para desempeñar as funcións dos corpos de Policía Local. Segundo as previsións da Xunta de Galicia, o novo corpo policial, que bota a andar cos pouco máis de 400 axentes da unidade da Policía Nacional adscrita a Galicia, deberá contar en 2011 cun equipo de 2500 policía, o que supoñerá un custo anual de algo máis de cen millóns de euros.

O segundo grupo de normas antes mencionado, o das relativas á protección e defensa dos dereitos das mulleres, agrupa as leis 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia e 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero. A primeira das dúas, aprobada coa abstención do Partido Popular, persegue como finalidade global integrar a dimensión da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes nas competencias autonómicas sobre emprego e relacións laborais, para o que parte do compromiso de introducir o principio de transversalidade no exercicio de tales competencias. Defínense, así, nela os conceptos de discriminación directa e indirecta, acoso e acoso sexual; concrétese a excepción de boa fe ocupacional con relación á diferenza de trato lexítima e recoñécese a boa fe ocupacional con relación a actividades de atención a vítimas de violencia. Créase, ademais, a Unidade Administrativa de Igualdade do departamento da Administración autonómica competente en materia de traballo, con funcións de asesoramento en materia de xénero e impulso da participación equilibrada de mulleres e homes nos postos de traballo do citado departamento. A Lei 2/2007 determina tamén as medidas para a promoción da igualdade nas empresas e crea a Marca Galega de Excelencia en Igualdade, para cuxa obtención, as empresas con domicilio en Galicia poderán presentar un balance ao departamento da Administración autonómica competente en materia de traballo sobre os parámetros de igualdade

existentes na súa organización. A norma promove a igualdade no campo da negociación colectiva e das relacións de traballo colectivas, para o cal crea a Comisión Consultiva Autonómica para a Igualdade entre Mulleres e Homes na Negociación Colectiva. Pero a norma non queda aquí: ademais de todo o apuntado establece a integración da igualdade no emprego, e, en concreto, na formación profesional e nas políticas activas de emprego, prescribe a integración da igualdade na política preventiva de riscos laborais, regula os bancos municipais de tempo e os plans de programación do tempo da cidade, medidas cuxa xestión será municipal, contando co apoio do departamento da Administración autonómica con competencias en materia de traballo, e coas cales se pretende mellorar a conciliación da vida persoal, familiar e laboral, e crea, en fin, o Consello Galego de Participación das Mulleres no Ámbito do Emprego e das Relacións Laborais, órgano de participación mediante unha canle de libre adhesión das asociacións de mulleres, onde se integrarán as secretarías de Muller, de Sindicatos e de Confederación de Empresarios e Empresarias de Galicia.

A Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero é consecuencia dunha preocupación xeral da sociedade española –a de como facerlle fronte a unha parece que imparabile violencia de xénero–, preocupación que se traduciu na aprobación dunha importante lei estatal na materia, tras un impulso lexislativo que é o mesmo ao que responde esta norma do Parlamento de Galicia. O seu obxectivo é, así, adoptar na Comunidade galega toda unha serie de medidas integrais para a sensibilización, prevención e tratamento da violencia de xénero, así como para a protección e apoio ás mulleres que a sofren. A norma define, en primeiro lugar, a violencia de xénero (calquera acto violento ou agresión, baseados nunha situación de desigualdade no marco dun sistema de relacións de dominación dos homes sobre as mulleres, que teña ou poida ter como consecuencia un dano físico, sexual ou psicolóxico, incluídas as ameazas de tales actos e a coacción ou privación arbitraria da liberdade, tanto se acontecen no ámbito público como na vida familiar ou privada) e determina que as medidas nela contempladas serán de aplicación a todas as mulleres que vivan, residan ou traballen en Galicia e que se atopen nunha situación de violencia de xénero, así como ás súas fillas e fillos e a outras persoas dependentes delas, vítimas directas e indirectas. A Lei 11/2007 prevé, nesa liña, medidas conducentes a coordinar e planificar os recursos necesarios a través do establecemento dunha rede que integre medidas de información, de recuperación psicolóxica, de apoio económico, de inserción laboral e de acceso á vivenda. Por iso regula a norma dun modo exhaustivo as medidas de prevención da violencia de xénero (medidas precisas para unha adecuada sensibilización social fronte a este problema, e destaca o papel primordial que deben cumprir os medios de comunicación social neste ámbito; medidas de investigación e formación; e medidas para adoptar no ámbito da educación regrada, entre as que cabe salientar a revisión e adaptación do currículo educativo), regula as accións dos poderes públicos e dos profesionais precisas para protexer e asistir as mulleres que sofren violencia de xénero (asistencia sanitaria, xurídica, social e psicolóxica integral ás mulleres que sufran violencia), prevé os dispositivos de alarma (teleasistencia) e os programas de reeducación, que se consideran tamén instrumentos básicos para protexer as mulleres que sufran violencia, crea o Fondo Galego de Garantía de Indemnizacións e establece accións en materia de acceso a unha vivenda digna. A Lei 11/2007 organiza, por último, un sistema de protección e asistencia integral e especializada fronte á violencia de xénero, esfera na que debe destacarse a creación do Centro de Recuperación Integral para Mulleres que Sofren Violencia de Xénero e das oficinas de información ás vítimas dos delitos.

Finalmente, forman tamén un grupo destacable dentro da acción lexislativa do Parlamento de Galicia as normas centradas na esfera da ordenación e protección do territorio: trátase das leis 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia; 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia e 7/2007, do 21 de maio, de medidas administrativas e tributarias para a conservación da superficie

agraria útil e do Banco de Terras de Galicia. A primeira delas, a Lei 3/2007, aprobada co voto en contra do Partido Popular, constitúe a consecuencia directa, aínda que retardada, da trágica vaga de incendios que devastou Galicia no verán de 2006 e diríxese a facer fronte a un problema que pode considerarse xa estrutural na Comunidade Autónoma galega, con graves consecuencias económicas, sociais e ambientais. Así as cousas, a norma propónse actualizar o réxime xurídico da loita contra os incendios no medio rural, integrando a prevención e a extinción, ademais da protección da poboación, das infraestruturas e das instalacións agrarias. A planificación preventiva pasa a ser, polo tanto, un elemento fundamental do novo sistema de loita contra o lume, sistema que se asenta na actuación concertada de todas as administracións actuantes na defensa contra os incendios forestais, o que exige identificar os obxectivos e os recursos dispoñibles e fixar un modelo activo, dinámico e integrado que, segundo se definen no preámbulo da propia lei, responde aos seguintes criterios básicos: 1. Organizar a xestión de biomasa en zonas estratéxicas, especialmente aquelas declaradas de alto risco de incendio, unido á construción e mantemento de faixas exteriores de protección de zonas poboadas. 2. Reforzar as estruturas de extinción e de prevención dos incendios forestais. 3. Ampliar os esforzos de educación, sensibilización, divulgación e extensión agroforestal para a defensa do medio rural contra os incendios e para o uso correcto do lume nestes lugares. 4. Reforzar a vixilancia e poñer couto á actividade criminal incendiaria mediante a colaboración veciñal, ademais de asegurar a eficacia na fiscalización e aplicación do réxime sancionador instituído. Para todos estes efectos, a Lei 3/2007 procede a distribuír as competencias na materia entre os distintos órganos das administracións públicas galegas; a planear a defensa do espazo rural fronte aos incendios forestais, co establecemento dunha planificación en catro niveis (autonómico, de distrito, municipal ou inframunicipal) co obxecto de asegurar a consistencia territorial das políticas, instrumentos, medidas e accións, nunha lóxica de colaboración entre todas as administracións e os cidadáns; a fixar as actuacións preventivas, contemplando as infraestruturas de prevención e defensa contra os incendios forestais, a ordenación preventiva do terreo forestal e as medidas de silvicultura preventiva; a regular as condicións de acceso, permanencia e circulación en zonas forestais, en especial nas épocas de perigo alto de incendios forestais; a determinar o uso daquelas actividades nas que se emprega o lume para atenuar as accións que levan consigo maior risco de produción de incendios forestais; e a establecer as condicións para a realización de determinados aproveitamentos forestais, agrícolas e gandeiros no monte, atendendo á compatibilidade entre esas actividades e a rexeneración das zonas incendiadas.

A Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia sitúase no contexto xeral dunha crecente —e por veces desaforada— actividade construtiva na zona da costa de Galicia. Dous datos poden ser dabondo significativos ao respecto: en Galicia construíronse 17.949 millóns de metros cadrados na zona costeira nun período de seis anos (2000-2005) e 72 dos 83 municipios do litoral concentraron o 42% das edificacións levantadas desde o ano 2000 no territorio da Comunidade. Esa impresionante actividade construtiva afectou moi seriamente á ordenación racional do territorio, deteriorou a paisaxe na ampla franxa costeira galega e nas poboacións lindeiras e determinou unha demanda de servizos públicos locais (saneamento, seguridade, vías públicas, etc.) que moitas corporacións locais non están en condicións de prestarlle a unha poboación que só consome servizos de forma ocasional (estación estival, fins de semana) pero que non paga, por iso mesmo, as correspondentes taxas e impostos locais. Coa finalidade de facerlle fronte a esta complexa situación, fonte dun constante debate nos medios de comunicación social galegos, dado o tipo de intereses económicos e sociais implicados, a Lei 6/2007, aprobada co voto en contra do Partido Popular, adopta diversas medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, cunha tripla finalidade: a) Garantir a preservación do litoral en tanto non sexa aprobado o Plan de ordenación do litoral ou o plan urbanístico adaptado á lexislación vixente e aos criterios de sustentabilidade económica, social e ambiental. b) Integrar os procedementos de aprobación dos instrumen-

tos de ordenación do territorio e do plan urbanístico co proceso de avaliación ambiental estratéxica. c) Crear o Instituto de Estudos do Territorio. A lei establece, deste xeito, un conxunto de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral, fixa un réxime para a avaliación ambiental estratéxica de instrumentos de ordenación do territorio e de plan urbanístico e procede á creación do Instituto de Estudos do Territorio como organismo autónomo de carácter administrativo que ten por obxecto a análise, estudo e asesoramento en materia de urbanismo e ordenación do territorio. Aínda que as medidas establecidas na norma (que derroga parcialmente a Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia) son varias e de diversa natureza, a xeradora de maior debate social, político e económico foi a consistente en ampliar a prohibición de construír na franxa costeira galega (establecida na zona dos 200 metros contados desde o bordo do mar) ata a zona dos 500 metros, prohibición que a lei estende durante un período de dous anos tras a súa entrada en vigor e que afectará aos municipios que non adaptasen o seu plan urbanístico ás previsións establecidas na Lei do solo de Galicia, o que é tanto como dicir que afectará moi probablemente aos 83 municipios costeiros ou afectados polas mareas da Comunidade galega, pois ningún deles procedera á referida adaptación na data de aprobación da lei.

A Lei 7/2007, do 21 de maio, de medidas administrativas e tributarias para a conservación da superficie agraria útil e do Banco de Terras de Galicia (ditada ao abeiro do apartado 3.º do artigo 30.I do Estatuto de autonomía de Galicia, que outorga á Comunidade Autónoma competencia exclusiva, de acordo coas bases e a ordenación da actuación económica xeral e a política monetaria, en materia de agricultura e gandaría) diríxese a regular o uso racional da superficie agraria útil na busca da súa conservación e de evitar o seu abandono, articulando medidas que favorezan e dinamicen a oferta e a demanda. Entre outras, o preámbulo da norma menciona as seguintes: a) Constituír o Banco de Terras de Galicia, no que se relacionen todos os terreos rústicos vinculados aos destinos especificados na propia lei e que terá como función fundamental alcanzar a mobilización das superficies agrarias útiles improdutivas, favorecendo deste modo o redimensionamento das explotacións. b) Establecer o réxime xurídico do Banco de Terras de Galicia. c) Regular os diferentes procedementos de incorporación de terreos do Banco de Terras de Galicia e de cesión destas. d) Regular o procedemento para a declaración de terreos incultos ou abandonados que posibilite a realización de prácticas agronómicas de conservación e a preservación do ámbito e das condicións ambientais. e) Establecer o réxime sancionador correspondente ás accións e omisións descritas na presente lei. A norma foi rexeitada polo Grupo Parlamentario do Partido Popular, que acusou a maioría de bordear coa norma a confiscación de terras, nacionalizar terreos agrarios e atentar ao dereito á propiedade.

Xa para pechar este apartado referido á actividade legislativa do Parlamento de Galicia durante o ano 2007 analizaremos, seguidamente, as restantes normas adoptadas pola Cámara galega. A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobada por unanimidade, procede a regular o réxime xurídico das subvencións cuxo establecemento e xestión corresponde á Administración da Comunidade Autónoma, organismos e demais entidades vinculadas ou dependentes desta, así como tamén ás entidades locais galegas, incluídos os organismos e entidades dependentes destas. A lei fixa un concepto xurídico operativo de subvención (toda disposición monetaria realizada pola Administración da Comunidade Autónoma, ou por unha entidade vinculada ou dependente dela, a favor de persoas públicas ou privadas, e que cumpra os requisitos legalmente previstos) e suxeita a concesión de subvencións a toda unha serie de principios co fin de posibilitar o control social e institucional da actividade subvencional. Así, a transparencia, eficacia e eficiencia na xestión fundamentan, entre outras, as obrigas de publicidade en distintos momentos dos procedementos, a asunción legal das directrices básicas dos rexistros de subvencións, o fomento do uso intensivo das tecnoloxías da información e das comunicacións na tramitación administrativa e a implantación do procedemento abreviado de concesión.

A Lei 10/2007, do 28 de xuño, de reforma da disposición adicional terceira da Lei 2/2006, do 14 de xuño, de dereito civil de Galicia ten por obxecto dar nova redacción á devandita disposición. Segundo ela, para os efectos da aplicación da lei, equipáranse ao matrimonio as relacións maritais mantidas con intención ou vocación de permanencia, co que se estenden aos membros da parella os dereitos e as obrigas que a propia lei reconece aos cónxuxes. Ademais, segundo ela, terán a condición de parellas de feito as unións de dúas persoas maiores de idade, capaces, que convivan coa intención ou vocación de permanencia nunha relación de afectividade análoga á conxugal e que a inscriban no Rexistro de parellas de feito de Galicia, expresando a súa vontade de equiparar os seus efectos aos do matrimonio, non podendo constituír parellas de feito: a) Os familiares en liña recta por consanguinidade ou adopción. b) Os colaterais por consanguinidade ou adopción ata o terceiro grao. c) Os que estean ligados por matrimonio ou formen parella de feito debidamente formalizada con outra persoa. Finalmente, e segundo a mesma Lei 10/2007, os membros da unión de feito poderán establecer validamente en escritura pública os pactos que estimen convenientes para rexer as súas relacións económicas durante a convivencia e para liquidalas tras a súa extinción, sempre que non sexan contrarios ás leis, limitativos da igualdade de dereitos que corresponden a cada convivente ou gravemente prexudiciais para cada un destes, sendo nulos os pactos que contraveñan a anterior prohibición.

A necesidade da Lei 12/2007, do 27 de xullo, pola que se modifican dúas normas vixentes (a Lei 9/1995, do 10 de novembro, do Consello Consultivo de Galicia, e a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente) procede do feito de que Galicia non conta cunha normativa sistemática que regule o estatuto xurídico das persoas que ocuparon a Presidencia da Xunta. Por iso, e ata que a devandita regulación sexa adoptada e sistematizada nunha única norma lexislativa, o lexislador considerou necesario proceder a introducir no dereito autonómico unha modificación da Lei reguladora do Consello Consultivo, para posibilitar a incorporación a el dos que desempeñaron a máis alta responsabilidade política da Comunidade Autónoma, co propósito de que poidan poñer a súa experiencia ao servizo de Galicia. Con tal finalidade, a Lei 12/2007 limitase a introducir unha nova categoría entre os membros do Consello Consultivo (a de conselleiro nato), reservada ás persoas que foron titulares da Presidencia da Xunta. En consonancia con tal reforma, a Lei 12/2007 procede tamén a modificar a 1/1983, reguladora da Xunta e do seu presidente, no relativo á fixación da duración das compensacións económicas e dos medios e servizos aplicables ás persoas que ocuparon a Presidencia da Xunta, diferenciando para estes últimos a súa duración en función do período de tempo durante o cal desempeñaron o cargo de presidente.

A Lei 13/2007, do 27 de xullo, de modificación da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia constitúe, segundo determina o seu preámbulo, o resultado do desexo de continuar o camiño da modernización do emprego público, e é froito, en boa parte, do intercambio de ideas coas forzas sindicais máis representativas no sector, coas cales se constituíu unha mesa de traballo para a elaboración dun borrador de anteproxecto. Os cambios afectan, entre outras esferas, á lexislación supletoria; ao sistema de nomeamento de persoal eventual; ao persoal interino, ao crearse a figura do persoal interino por acumulación de tarefas, co que trata de responderse a unha necesidade organizativa; á regulación dos efectos da declaración de indefinición dunha relación laboral temporal ou da declaración de laboralidade dunha contratación administrativa; á participación dos representantes do persoal na elaboración das relacións de postos de traballo, no que afecte ás condicións de traballo das empregadas e empregados públicos; á periodicidade nos concursos para a promoción profesional do persoal, a efectividade da adscrición por causas de saúde e o traslado da funcionaria vítima de violencia de xénero que así o solicite; ao sistema dos postos que deben ser cubertos por libre designación; ao cumprimento do xa existente deber de acreditación do coñecemento da lingua galega no acceso ao emprego público autonómico; ou ao sistema de promoción interna como un instrumento básico na motivación e capacitación dos empregados e empregadas públicos. Outro bo número de

medidas de reforma tenden a introducir na Lei da función pública de Galicia mecanismos eficaces de conciliación da vida persoal, laboral e familiar. Finalmente, a Lei 13/2007 establece prazos para un proceso amplo de funcionarización, intentando rematar desta forma coa anomalía que supón que persoas suxeitas ao réxime laboral estean a realizar tarefas reservadas a funcionarios.

A Lei 14/2007, do 30 de outubro, pola que se crea e regula o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral, procede á creación do citado instituto como organismo autónomo de carácter técnico en materia de prevención de riscos laborais. A norma determina que o instituto estende a súa actuación a todas as empresas e á totalidade de persoal traballador, respecto aos centros de traballo radicados na Comunidade Autónoma, incluídas as administracións públicas e o persoal ao seu servizo. Especificamente inclúe na súa actuación as cooperativas de traballo asociado e demais cooperativas con relación aos seus socios de traballo. E determina, así mesmo, que levará a cabo actividades de promoción da prevención de riscos laborais con relación aos traballadores por conta propia e ao conxunto da poboación, prestando especial atención ás actividades de prevención dirixidas ás pequenas e medianas empresas. Para todos eses efectos, fíxanse como fins do instituto a xestión e coordinación das políticas que nas materias de seguridade, hixiene e saúde laboral establezan os poderes públicos da Comunidade Autónoma, para a mellora das condicións de traballo co obxecto de eliminar ou reducir en orixe os riscos inherentes ao traballo, para o que o instituto: desenvolverá accións de información, divulgación e formación, en materia preventiva; realizará o asesoramento e control das accións técnico-preventivas, sen prexuízo das competencias da Inspección de Traballo e Seguridade Social, dirixidas á diminución dos riscos laborais, accidentes de traballo e enfermidades profesionais que se realicen nas empresas para elevar a protección da seguridade e saúde dos traballadores; prestará ás empresas, con especial atención ás pequenas e medianas, aos traballadores, ás administracións públicas, sindicatos, asociacións empresariais e demais axentes económicos e sociais asesoramento e asistencia técnica para o mellor cumprimento da normativa de prevención de riscos laborais; realizará o seguimento, coordinará e promoverá a colaboración de accións en materia de prevención de riscos laborais dos diferentes departamentos da Administración autonómica, así como con aqueles organismos estatais e internacionais orientados aos mesmos fins; e, finalmente, fomentará a prevención de riscos laborais a través do seu tratamento como materia horizontal na ensinanza regrada e non regrada.

Finalmente, a Lei 15/2007, do 13 de decembro, procede á creación do Colexio Oficial de Enxeñeiras e Enxeñeiros Químicos de Galicia (no que poderán integrarse as persoas profesionais que estean en posesión do título universitario oficial de Enxeñeiro Químico, obtido conforme o disposto no Real decreto 923/1992, do 17 de xullo, ou título estranxeiro equivalente debidamente homologado) e concíbeo como unha corporación de dereito público, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos fins que lle son propios. A lei determina que será requisito para exercer a profesión de enxeñaría química no ámbito da Comunidade Autónoma a incorporación ao colexio cando o domicilio profesional único ou principal radique na propia Comunidade. E engade que o colexio procurará e fomentará o uso do galego en todas as súas comunicacións externas e internas, segundo o establecido no Estatuto de autonomía de Galicia e a regulación da normalización lingüística.

3. A actividade regulamentaria

Se, como puido verse no apartado precedente, a actividade legislativa autonómica foi moi significativa en 2007, o certo é que tamén tivo ese carácter a actividade regulamentaria da Xunta de Galicia, actividade que se centrou fundamentalmente nos seguintes sectores de actividade:

- a) Como xa vén sendo habitual, o ámbito normativo da *educación* concentrou un alto número de disposicións regulamentarias. Trátase dos decretos 10/2007, polo que se regula o fun-

cionamiento de comedores escolares nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria; 29/2007, polo que se regula a selección, nomeamento e cesamento dos directores e directoras dos centros docentes públicos que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación; 30/2007, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación; 33/2007, polo que se crea a Unidade de Muller e Ciencia de Galicia; 66/2007, polo que se establece o procedemento de autorización para a implantación de estudos universitarios oficiais de posgrao conducentes ao título de máster ou doutor; 85/2007, polo que se crea e se regula o Observatorio Galego da Convivencia Escolar; 124/2007, polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo; 130/2007, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia; e 133/2007, polo que se regulan as ensinanzas da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

- b) No sector de actividade da *agricultura e gandaría*, moi importante dado o peso do sector primario na economía galega, aprobouse un amplo grupo de decretos, algúns dos cales teñen, ademais, incidencia nas esferas da formación profesional e o comercio: 60/2007, polo que se regulan os cursos de formación en materia de benestar animal, se establece o procedemento de autorización das entidades de formación e se crea o rexistro destas; 61/2007, polo que se crea o Observatorio do Sector Lácteo de Galicia e se determinan as súas funcións, composición e funcionamento; 106/2007, sobre a distribución de competencias na aplicación e control da condicionalidade en relación co desenvolvemento rural e as axudas directas da política agrícola común; 158/2007, polo que se regula en Galicia a aplicación do réxime da taxa láctea; 182/2007, polo que se aproban os estatutos da sociedade anónima xestora do Banco de Terras de Galicia; 220/2007, polo que se crea o sistema oficial para o control da produción e comercialización dos materiais forestais de reprodución; e 235/2007, polo que se regulan os servizos de asesoramento e de xestión das explotacións agrarias.
- c) Significativa é tamén a actividade regulamentaria da Xunta no sector da *Administración pública*, en que deben mencionarse os decretos 184/2007, polo que crea a Comisión de Coordinación dos Fondos Comunitarios; 211/2007, polo que se establecen as percepcións, medios e recursos asignados e preferencias que lles correspondan ás ex-presidentas e ex-presidentes da Xunta de Galicia; 223/2007, polo que se aproba o Estatuto da Axencia Galega de Emerxencias; 226/2007, polo que crea o Rexistro de entidades de carácter ambiental da Comunidade Autónoma de Galicia; e 237/2007, polo que se crea a Xunta Consultiva de Contratación Administrativa da Comunidade Autónoma de Galicia e se regulan a súa composición e funcións.
- d) No sector de actividade da *política social* a Xunta de Galicia aprobou os decretos 143/2007, polo que se regula o réxime de autorización e acreditación dos programas e dos centros de servizos sociais; 176/2007, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia na Comunidade Autónoma de Galicia; e 195/2007, polo que se regula o Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal para persoas con minusvalía e/ou dependentes.
- e) Igualmente importante foi o sector de actividade da *sanidade*, onde se aprobou unha serie de decretos en materia de función pública (91/2007, de integración no réxime estatutario do persoal laboral do sector sanitario público xestionado por entidades adscritas á consellaría; e 138/2007, polo que se regula a habilitación do persoal técnico para o exercicio de actuacións

comprobatorias das condicións de seguridade e saúde nas empresas e centros de traballo) e en materia de dereitos cidadáns: Decreto 205/2007, polo que se regula o dereito á segunda opinión médica no sistema sanitario público galego.

- f) En materia de *política lingüística*, sector moi importante para a nova Xunta socialista-nacionalista, aprobáronse os decretos 258/2006, polo que se crea a Comisión Interdepartamental da Xunta de Galicia para a Normalización Lingüística Escolar, e 124/2007, polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo.
- g) Dous foron igualmente os decretos normativos aprobados no sector de actividade do *comercio e industria*: o 4/2007, polo que se regulan as denominacións xeográficas de calidade de sector alimentario e os seus consellos reguladores, e o 159/2007, polo que se regula o sistema de acreditación de entidades de control de calidade en edificación e se crea o Rexistro único de entidades e laboratorios acreditados na Comunidade Autónoma de Galicia.
- h) No sector de actividade da política ecolóxica aprobáronse os decretos 88/2007, polo que se regula o Catálogo Galego de Especies Ameazadas, e 226/2007, polo que crea o Rexistro de entidades de carácter ambiental da Comunidade Autónoma de Galicia.
- i) Finalmente aprobouse polo menos un decreto normativo significativo nos sectores de actividade do *xogo* (257/2006, sobre autorizacións en materia de identificación de máquinas recreativas), da *política de xénero* (33/2007, polo que se crea a Unidade de Muller e Ciencia de Galicia, norma xa mencionada ao enumerar os decretos en materia educativa), do *traballo* (138/2007, polo que se regula a habilitación do persoal técnico para o exercicio de actuacións comprobatorias das condicións de seguridade e saúde nas empresas e centros de traballo) e da *acción exterior* da Comunidade Autónoma (157/2007, polo que se crea a delegación da Xunta de Galicia en Bos Aires [República Arxentina] e se desenvolve a súa estrutura orgánica e funcións).

4. O proceso de transferencias e os conflitos con outras instancias

- 1) A cuestión das transferencias competenciais estivo presente ao longo de todo o ano 2007 no debate político galego como consecuencia da reclamación por parte da Xunta de varios dos traspasos que quedaran pendentes das anteriores lexislaturas e dalgúns outros novos que viñeron engadirse aos pendentes. A ese protagonismo político da cuestión contribuíu, ademais, o feito de que a negociación sobre as transferencias se atribuíra, no bipartito, á competencia da Vicepresidencia da Xunta, que consolidou o seu perfil político-institucional exixindo novos traspasos e discutindo sobre os que eran obxecto de negociación co Estado. O máis importante de todos, o do tráfico, non se pechou finalmente en 2007, pero tanto esa reclamación competencial como algunhas outras que a Xunta vén formulando desde hai tempo deron lugar a dúas diferentes iniciativas aprobadas por unanimidade no Parlamento de Galicia: a primeira, a votación dunha proposta de resolución, tras o debate do estado da autonomía, por virtude da cal o Parlamento de Galicia, con data do 3 de outubro, avalaba as reclamacións competenciais da Xunta de Galicia; a segunda, a aprobación, tamén por unanimidade, e na sesión plenaria do Parlamento galego do 27 de decembro, dunha iniciativa lexislativa para a súa tramitación como proposición de lei polo Congreso dos Deputados (segundo o previsto no artigo 87.2 da Constitución) reclamando a transferencia a Galicia das competencias en materia de tráfico e seguridade viaria. Entre a primeira e a segunda iniciativas, o vicepresidente da Xunta foi recibido no Palacio da Moncloa polo presidente do Goberno, para debater sobre as transferencias pendentes, como contrapartida ao apoio do

BNG á ministra de Fomento, quen necesitou os votos dos dous deputados nacionalistas galegos para superar a moción de reprobación presentada contra ela a finais de novembro polo Grupo Parlamentario Popular.

En todo caso, e ao longo de 2007, aprobáronse os seguintes reais decretos de transferencias: 1139/2007, do 31 de agosto, de ampliación dos medios adscritos aos servizos da Administración do Estado traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia polo Real decreto 1763/1982, do 24 de xullo, en materia de educación (CEIP Almirante Juan de Lángara e Huarte); 1140/2007, do 31 de agosto, de ampliación de medios económicos adscritos ao traspaso á Comunidade Autónoma de Galicia, aprobado polo Real decreto 553/2006, do 5 de maio, das funcións e servizos, en materia educativa, de emprego e formación profesional ocupacional encomendados ao Instituto Social da Mariña (ISM); e 1141/2007, do 31 de agosto, de ampliación das funcións traspasadas á Comunidade Autónoma de Galicia polo Real decreto 1643/1996, do 5 de xullo, en materia de colexios oficiais ou profesionais (título de xestor administrativo). A Xunta de Galicia asumiu, pola súa parte, tales competencias a través dos seguintes decretos: 170/2007, do 6 de setembro, sobre asunción da ampliación dos medios transferidos á Comunidade Autónoma de Galicia mediante o Real decreto 1139/2007, do 31 de agosto, en materia de educación no CEIP Almirante Juan de Lángara e Huarte, e a súa asignación á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria; 171/2007, do 6 de setembro, sobre asunción da ampliación dos medios transferidos á Comunidade Autónoma de Galicia mediante o Real decreto 1140/2007, do 31 de agosto, en materia educativa, de emprego e formación profesional ocupacional encomendados ao Instituto Social da Mariña e a súa asignación á Consellería de Traballo; e 172/2007, do 6 de setembro, sobre a asunción de funcións e servizos transferidos á Comunidade Autónoma de Galicia mediante o Real decreto 1141/2007, do 31 de agosto, en materia de expedición do título de xestor administrativo, e sobre a súa asignación á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

- 2) Polo que se refire aos conflitos competenciais, o Tribunal Constitucional emitiu durante 2007 as seguintes resolucións que afectan á Comunidade Autónoma de Galicia: a) Conflito positivo de competencia número 6767/2007: o Pleno do Tribunal Constitucional, pola Providencia do 11 de setembro actual, admitiu a trámite o Conflito positivo de competencia número 6767/2007, promovido pola Xunta de Galicia, en relación cos artigos 3 b), c) e e); 5.1.ºb); 6.2.º e 4.º; 12.1.º; 13; 14; 15; 16; 17; 19; 21; 22; 24.2.º e 3.º; 25.4.º e 5.º; 27.1.º, 2.º, 5.º e 6.º; 28.2.º, 3.º e 4.º; 29; 30; 31; 32.4.º; 33; 34; 35; 36.3.º; 37.2.º; 38.1.º; disposición adicional primeira e disposición final primeira do Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego, e, de conformidade co disposto no artigo 10.2.º LOTC na redacción dada pola Lei orgánica 6/2007, do 24 de maio, atribuír á Sala Segunda, á que por quenda obxectiva lle correspondeu, o coñecemento do presente conflito. b) Conflito positivo de competencia número 6893-2007: o Pleno do Tribunal Constitucional, pola Providencia do 25 de setembro actual, admitiu a trámite o Conflito positivo de competencia número 6893-2007, promovido pola Xunta de Galicia, en relación coa Orde TAS/1051/2007, do 18 de abril, pola que se establecen as bases reguladoras e se convoca a concesión de subvencións para a realización de programas de cooperación e voluntariados sociais con cargo á asignación tributaria do imposto sobre a renda das persoas físicas. c) Recurso de inconstitucionalidade (2845/2007): o Tribunal Constitucional, pola Providencia do 22 de maio de 2007, admitiu a trámite o Recurso de inconstitucionalidade número 2845/2007, promovido polo presidente do Goberno, contra o título II, capítulos I e II (artigos 27 a 41), relativo á adopción, e do título III (artigos 42 a 45), relativo á autotutela, da Lei de Galicia 2/2006, do 14 de xuño, de dereito civil de Galicia.

5. Trazos fundamentais da vida política e institucional galega

Aínda que, como se viu na introdución, os dous grandes temas da vida política e institucional galega durante o ano 2007 foron o peche do proceso de reforma estatutaria e as eleccións municipais de maio, outros de menor transcendencia ocuparon tamén a acción de institucións e partidos: a cuestión das áreas metropolitanas, a do galego no ensino e a do voto dos emigrantes. Ocupémonos a continuación de todas elas, na mesma orde en que ata aquí foron enumeradas.

A frustración da reforma estatutaria

Para situar o acontecido en 2007 en relación co proceso de reforma estatutaria no seu contexto político preciso, debemos recordar dúas das consideracións que nos servían para analizar a situación galega a ese respecto en 2006. Dunha parte, que tanto o debate institucional entre os dous partidos da Xunta e os tres representados no Parlamento de Galicia como a tradución dese debate en discusión política ante a opinión pública foron pouco a pouco decantando, ao longo de 2006, os tres temas que acabarán por ser os auténticos nós políticos da reforma estatutaria: o do financiamento, o do novo status xurídico da lingua rexional e o da definición identitaria de Galicia. E iso ata o punto de que, como xa se subliñou no capítulo anterior, «todas as declaracións políticas relevantes e todos os encontros políticos entre partidos desembocan dun modo ou outro na necesidade de desatar eses tres nós esenciais». Doutro lado, que ao pecharse o ano 2006 se fixara con toda claridade tanto o tema central do debate partidista (a cuestión da definición estatutaria de Galicia) como as respectivas posicións ao respecto do PP, PSdeG e BNG: o PP proclamaba que o éxito da reforma dependía de que o presidente da Xunta forzase unha definición identitaria que puidese ser aceptada por todos e o PSdeG e o BNG proclamaban, pola súa banda, aínda que con matices diferentes, que a responsabilidade de que houbera Estatuto estaba nas mans do PP, forza que tiña que decidir se aceptaba ou non unha fórmula de consenso que recoñecese o denominado «carácter nacional de Galicia» na nova norma estatutaria. O resultado último deixábase, pois, ao que finalmente se decidise nunha reunión multilateral que habería de celebrarse nos primeiros días do ano 2007.

Nun ambiente marcado polas acusacións cruzadas de falta de vontade para chegar a un acordo tripartito e pola mutua atribución de responsabilidade por un eventual fracaso das negociacións que se enxergaba xa con toda claridade no horizonte, esa reunión «para salvar o Estatuto», en expresión do presidente da Xunta, tivo lugar na súa vivenda oficial o día 17 de xaneiro e saldouse cun neto desacordo sobre os puntos de fricción obxecto de debate entre os tres partidos con representación parlamentaria. Tras barallarse diversas fórmulas para lograr o consenso desas forzas en torno a unha definición identitaria de Galicia que puidese satisfacer todas as posicións, o consenso foi imposible e o PP, o PSdeG e o BNG decidiron *aparcar* o tema estatutario ata que un cambio da situación política galega puidese facer factible a reapertura do proceso de reforma. E é que, de feito, máis alá das posicións ideolóxicas duns e doutros e das súas respectivas estratexias para non aparecer ante a opinión pública como os responsables do fracaso na elaboración do novo Estatuto que viña negociándose en diversas instancias políticas e institucionais desde había varios meses, o certo é que en Galicia se daban á sazón condicións obxectivas que dificultaban o logro do consenso entre as tres forzas presentes na Cámara galega: esencialmente que o limiar e a intensidade das reformas estatutarias que para uns (BNG e en menos medida PSdeG) resultaba o mínimo aceptable superaba para outros (PP) o máximo admisible. A esa circunstancia, que facía moi difícil o acordo entre os partidos do Goberno e o da oposición e, sobre todo, entre o PP e o BNG, engadíanse as características do sistema galego de partidos e a situación do Goberno bipartito, creadoras dun xogo de alianzas que se unía á dificultade que acaba de apuntarse. O vixente Estatuto de Galicia establece para a súa reforma unha maioría cualificada (o voto favorable dos 2/3 do

Parlamento de Galicia, é dicir, 50 escanos) que convertía en politicamente inviable o único acordo a dous numericamente factible (o dos 25 deputados socialistas e os 37 do PP) e que convertía, ao tempo, en numericamente insuficiente o único pacto a dous politicamente factible (o dos 25 deputados socialistas e os 13 nacionalistas). O terceiro dos pactos posibles, que poderían pechar populares e nacionalistas (que suman xustamente os 50 escanos necesarios para a reforma), significaría, ao igual que o primeiro dos apuntados, o final do Goberno bipartito, pero sería impensable, ademais, dadas as grandes diferenzas programáticas existentes entre o PP e o BNG.

Fose como for, o certo é que o fracaso do conclave do 17 de xaneiro entre Emilio Pérez Touriño, Anxo Quintana e Alberto Núñez Feijoo (é dicir, entre o presidente e o vicepresidente da Xunta e o líder da oposición) pechou o proceso de reforma e con el os traballos da relatoría parlamentaria que sobre ela viña traballando desde hai varios meses, nun ambiente de moita menos presión mediática e política. De feito, aínda que a relatoría conseguira pechar o capítulo do proxecto de reforma en materia de financiamento poucos días antes do conclave citado, os seus avances non foron capaces de sobrepoñerse a unha confrontación política que se desenvolvía noutro escenario: o da loita por gañar o favor do corpo electoral. Será esa loita, a fin de contas, a que fará inviables as tímidas iniciativas adoptadas, por uns ou por outros, con posterioridade ao fracaso do 17 de xaneiro, fracaso que os partidos galegos interpretaron de inmediato como o que autenticamente era no fondo: a constatación da inviabilidade da reforma estatutaria coa correlación de forzas parlamentaria existente en Galicia no momento e no ambiente político que dominara a legislatura das Cortes que comeza tras as eleccións xerais do ano 2004.

As eleccións municipais de maio

Galicia estaba xa en plena precampaña electoral cando o conclave do 17 de xaneiro sacou da axenda da legislatura 2005-2009 a reforma estatutaria. As eleccións municipais do 27 de maio de 2007, as primeiras celebradas en Galicia tras o cambio de Goberno, supuxeron unha profunda conmoción e provocaron a culminación do proceso de recomposición de posicións de poder entre o PSOE e o BNG, dun lado, e o PP, do outro lado, que acabaría por ter, tras os pactos entre as dúas primeiras forzas, unha enorme transcendencia.

De feito, os resultados globais dos comicios medidos en termos estritos da repartición de votos non indican a envergadura do cambio político que se esconde tras esa cifra do apoio electoral obtido respectivamente na Comunidade por cada unha das tres grandes forzas contendentes. Os tres partidos experimentaron unha lixeira variación do seu total de votos, nun contexto de igualmente lixeiro incremento da abstención (que pasou do 33,7% ao 36,7%): o PP caeu de 695.422 sufraxios a 650.816; o PSdeG subiu de 453.157 a 474.898 e o BNG descendeu de 325.331 a 314.228. A tradución destes datos en número de concelleiros achega xa máis a situación ao que realmente se producirá tras os comicios, pero reparte aínda as posicións de vencedor e perdedores dun modo non coincidente co que logo indicará a repartición de concellos por partidos: o PP pasou de ter 2042 concelleiros a sumar 1790; o PSdeG de 927 a 1115 e o BNG de 595 a 663. Nin sequera a repartición de concelleiros nas sete grandes cidades galegas (as catro capitais de provincia e mais Santiago, Vigo e Ferrol) dá unha idea cabal do que acontecerá tras pechase os pactos de goberno entre os dous partidos que gobernaban, á sazón, a Xunta de Galicia: contra todo prognóstico, o PP consegue resistir nesas sete cidades e pasa de sumar nelas un total de 67 concelleiros a sumar un total de 75; o PSdeG ascende de 61 a 65 e o BNG cae de 43 a 34. O PP queda, así, ao bordo da maioría absoluta en Santiago (11 sobre 25), Vigo (13 sobre 27), Pontevedra (12 sobre 25) e Ourense (13 sobre 27), pero non conseguirá gobernar en ningunha das sete grandes cidades.

E é que o día 11 de xuño de 2007, o presidente e o vicepresidente da Xunta, na súa calidade de dirixentes do PSdeG e o BNG, pechan un pacto municipal de mutuo apoio á forza máis votada alí onde o PP (ou outra forza maioritaria) non tivese maioría absoluta, pacto que terá dúas traducións esenciais. A primeira, a absoluta hexemonía socialista-nacionalista na sete grandes cidades de Galicia, dado que o Partido Socialista pasará a gobernar todas elas menos Pontevedra, que seguirá en mans dos nacionalistas. O PP perderá, en consecuencia, as tres cidades cuxo goberno aínda conservaba (Ourense, Vigo e Ferrol), malia que, como acaba de apuntarse, nas dúas primeiras lles faltase só un concelleiro para obter a maioría absoluta. Pero a perda de poder municipal do Partido Popular estenderíase tamén a moitas outras vilas de tamaño medio, onde a perda da maioría absoluta (ou, mesmo, da maioría) que conseguira os populares nas municipais de 2003 –perda froito dunha alza xeneralizada das porcentaxes de sufraxio do Partido Socialista e/ou do Bloque Nacionalista nesas vilas– significará un cambio nos gobernos locais. Aínda que tras os pactos o PP seguirá gobernando en 160 concellos (perde 59 alcaldías) –frente aos 102 do PSdeG (gaña 39 alcaldías) e os 31 do BNG (gaña 14 alcaldías)–, ese dato debe contrastarse con outro que resulta suficientemente significativo do cambio operado en Galicia no poder municipal tras os comicios do 2007: mentres que antes deses comicios o PP gobernaba 27 das 57 cidades e vilas de maior tamaño de Galicia (as de máis de 10.000 habitantes), tras as municipais de maio conservará o poder municipal en tan só 14 deses 57 concellos grandes e medianos. A perda, por parte dos populares, das deputacións de Lugo e A Coruña, institucións provinciais que pasarán tras as eleccións a estar gobernadas polo Partido Socialista en coalición co BNG, pechará o círculo do cambio de poder local producido tras as municipais de maio de 2007.

Outros temas da axenda política e institucional

Faremos, xa para rematar, unha breve referencia a outros tres temas que, dalgún modo, destacaron pola súa importancia sobre os demais que conformaron a axenda política e institucional galega ao longo de 2007. O primeiro deses temas, de indubidable transcendencia desde o punto de vista da ordenación do territorio e a planificación da economía rexional, foi o debate, técnico e político, xurdido na segunda metade do ano, en torno á conveniencia de configurar en Galicia *áreas metropolitanas*. Impulsado como consecuencia dunha iniciativa da Consellería de Presidencia da Xunta de Galicia, que traballaba nun proxecto destinado á creación de dúas grandes áreas metropolitanas (as da Coruña-Ferrol e Vigo-Pontevedra) que agruparían, respectivamente, poboacións situadas no ámbito dos 570.000 e os 620.000 habitantes, o coñecemento público do proxecto xerou diversas fronteas de discusión. O primeiro, o máis estritamente político, versou sobre a delimitación territorial das dúas zonas metropolitanas, discusión esta na que participaron os alcaldes afectados, algúns deles moi reticentes á delimitación prefigurada no proxecto da Xunta. Xunto a esa fronte de discusión, abriuse tamén un debate técnico e político sobre o tipo de áreas metropolitanas que deberían configurarse (status xurídico das institucións, estrutura orgánica, formas de financiamento, competencias, relacións interadministrativas) e sobre as funcións que deberían de asumir na estruturación territorial de Galicia á luz da forte atomización da súa organización local: máis de 315 municipios –a inmensa maior parte deles de menos de 10.000 habitantes– para unha poboación de menos de tres millóns de persoas.

O segundo tema de debate, dos tres apuntados previamente, foi o do chamado *voto emigrante*, é dicir, o dos límites materiais e as formas de exercicio do dereito de sufraxio activo dos españois no estranxeiro inscritos no Censo de Residentes Ausentes (CERA), tema este que fora xa obxecto de profundas controversias con ocasión das eleccións autonómicas de 2005. A causa xeradora do debate foi nesta ocasión a proposta de modificación do Código Civil no sentido de ampliar a nacionalidade española aos netos dos emigrantes, modificación de consecuencias moi notables en Galicia, pois tras

esta uns 150.000 netos de emigrantes galegos poderían adquirir a nacionalidade española, o que, segundo estimacións da Presidencia da Xunta, podería colocar o número de electores galegos no estranxeiro no ámbito do medio millón. Todo iso volveu situar no primeiro plano da actualidade política a cuestión do voto emigrante e reabriu os dous debates en torno aos cales xirou tradicionalmente ese problema en Galicia: a cuestión previa de ata onde debe de estenderse a nacionalidade española (só aos fillos dos emigrantes nados en España ou tamén aos seus netos) e a cuestión, técnica e política, de como deberían, no seu caso, exercer os inscritos no CERA o dereito de sufraxio: da forma en que viñeran facéndoo no pasado e, polo tanto, sen todas as garantías de limpeza que exige un auténtico proceso democrático, ou con voto en urna ou, en todo caso, a través dun procedemento susceptible de asegurar dun modo axeitado a limpeza das eleccións celebradas fóra do territorio nacional. A este tema de debate engadiuse tamén o de se debería ou non constituírse unha circunscripción única para os inscritos no CERA.

A cuestión do *galego no ensino*, co que pecharemos xa este capítulo, suscitouse en 2007 como consecuencia da aprobación do Decreto 124/2007, do 28 de xuño, polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo, norma coa que se quebra o acordo que ata a data viñeran mantendo as forzas parlamentarias galegas en relación co denominado proceso de normalización lingüística, ao opoñerse o Partido Popular ás previsións do decreto. A norma, que supón un afondamento no proceso referido, establece, entre outras medidas, tres que deben ser destacadas pola súa importancia substancial:

- a) En primeiro lugar, outorga unha clara preferencia ao galego como lingua de uso habitual da Administración educativa. O decreto dispón, a ese respecto, que «a Administración educativa de Galicia, os centros de ensino dependentes dela e o persoal ao seu servizo utilizarán, con carácter xeral, a lingua galega e fomentarán o seu uso oral e escrito tanto nas súas relacións mutuas e internas, como nas que manteñan coas administracións territoriais e locais galegas e coas demais entidades públicas e privadas de Galicia, sen que isto supoña unha restrición dos dereitos do persoal docente».
- b) En segundo lugar, o decreto fixa tamén a preferencia do galego como lingua vehicular do ensino, primando ademais, pola súa importancia curricular, as materias que se impartirán en lingua galega fronte ás que se impartirán en lingua española. En concreto, «na etapa de educación infantil, o profesorado usará na clase a lingua materna predominante entre o alumnado, terá en conta a lingua do contorno e coidará que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia, dentro dos límites propios da correspondente etapa ou ciclo. No caso de contornos castelanfalantes, a utilización nesta etapa da lingua galega como lingua de comunicación e ensino será como mínimo igual á da lingua castelá. Fomentárase a adquisición progresiva da lectura e da escritura en galego, no sentido de que este se converta no idioma base da aprendizaxe, de forma que o alumnado obteña unha competencia que lle permita comunicarse normalmente en galego co alumnado e o profesorado». Polo que se refire á etapa da educación primaria, «garantírase o cumprimento do establecido para esta etapa no Plan xeral de normalización da lingua galega aprobado polo Parlamento de Galicia o 21 de setembro de 2004 que se inclúe como anexo ao presente decreto, impartíndose obrigatoriamente en galego as áreas de matemáticas, coñecemento do medio natural, social e cultural e educación para a cidadanía e dereitos humanos, garantindo a competencia lingüística propia do nivel nas dúas linguas oficiais da comunidade autónoma». Na etapa da educación secundaria obrigatoria «impartíranse en galego as seguintes materias: ciencias da natureza, ciencias sociais, xeografía e historia, matemáticas e educación para a cidadanía. Cando a materia de ciencias da natureza se des-

dobre en bioloxía e xeoloxía por un lado, e física e química por outro, ambas as dúas materias impartiranse en galego». Finalmente, «no bacharelato o alumnado recibirá polo menos o 50% da súa docencia en galego, nos termos establecidos para esta etapa no Plan xeral de normalización da lingua galega aprobado polo Parlamento de Galicia o 21 de setembro de 2004 que se inclúe como anexo ao presente decreto, alcanzando a competencia lingüística propia do nivel en ambas as dúas linguas».

- c) Por último, contempla o decreto a posibilidade de que os propios centros fixen, no chamado proxecto lingüístico de centro, «as linguas que se deben empregar nas áreas, materias, módulos ou ámbitos de coñecemento distintos dos sinalados nos artigos 7.º a 12.º» (relativos á educación infantil, primaria e secundaria obrigatoria, ao bacharelato, á formación profesional, e ao ensino de persoas adultas), de xeito que o 50% de ensinanzas en galego é o mínimo legal, que os centros poderán ampliar ata o total das ensinanzas que se impartan (coa excepción das lingüísticas). Ese proxecto lingüístico «formará parte do proxecto educativo do centro educativo. Será redactado por unha comisión do profesorado do centro, designada polo equipo directivo, oída a Comisión de Coordinación Pedagóxica. Na súa composición terán especial relevancia o equipo de normalización e dinamización lingüística e os compoñentes dos departamentos das outras linguas».

TERCEIRA PARTE A XUNTA E O PARLAMENTO DE GALICIA: DATOS INSTITUCIONAIS (1990-2007)

Ano 1990

1. Composición da Asemblea Lexislativa por grupos parlamentarios

Total deputados: 75

Composición por grupos na data do 01-01-1990:

Popular de Galicia: 38

Socialistas de Galicia: 28

Bloque Nacionalista Galego: 5

Mixto: 4 (2 do Partido Socialista Galego-Esquerda Galega e 2 de Coalición Galega)

Composición por grupos na data do 31-12-1990:

Non se produciu ningunha variación con respecto á situación descrita para comezos do ano.

2. Estrutura do Goberno

Presidente: Manuel Fraga Iribarne (Partido Popular)

Número de consellarías: 11

Consellería de Presidencia e Administración Pública

Consellería de Economía e Facenda

Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

Consellería de Industria e Comercio

Consellería de Traballo e Servicios Sociais

Consellería de Agricultura, Gandería e Política Forestal

Consellería de Cultura e Xuventude

Consellería de Sanidade

Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura

Consellería de Relacións Institucionais e Portavoz do Goberno

3. Tipo de goberno

Tipo de goberno por apoio parlamentario: maioritario

Partidos e número de deputados que o apoian: Partido Popular (34 deputados) e Centristas de Galicia (4 deputados)

Composición do Goberno: de coalición (Partido Popular-Centristas de Galicia)

4. Cambios de Goberno

Ningún

5. Investidura, moción de censura e cuestión de confianza

O debate e a conseguinte votación de investidura de Manuel Fraga Iribarne, deputado do Partido Popular pola provincia da Coruña, como presidente da Xunta de Galicia (desenvolvidos conforme o previsto nos artigos 15.3 do Estatuto de autonomía para Galicia e 16 e 17 da Lei 1/83, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente), tiveron lugar nas sesións plenarias n.º 3, do 29 de xaneiro de 1991, e n.º 4, do 31 de xaneiro de 1991 (*Diario de Sesións do Parlamento de Galicia*, n.º 3 e 4). A votación celebrouse na sesión do 31 de xaneiro, co seguinte resultado: 38 votos si e 37 votos non (*Diario de Sesións do Parlamento de Galicia*, n.º 4).

6. Mocións de reprobación

Ningunha

7. Debates e resolucións máis importantes

7.1. Debate e votación de investidura (segundo consta no apartado 5)

7.2. Proposicións non de lei

Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Mixto, a iniciativa de Camilo Nogueira Román (PSG-EG), sobre o desenvolvemento do autogoberno nacional de Galicia e o dereito de autodeterminación [publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, n.º 9, do 23 de febreiro de 1990]. Debatida en sesión plenaria, n.º 7, do 13 de marzo de 1990 (*Diario de Sesións do Parlamento de Galicia*, n.º 7). A proposición non de lei é sometida a votación na mesma sesión, co seguinte resultado: os catro primeiros puntos da proposta (segundo os cales o Parlamento de Galicia: 1. Manifesta a vontade de autogoberno de Galicia como nación; 2. Reclama das institucións do Estado o desenvolvemento pleno do Estatuto de autonomía e exige a culminación urxente do proceso de transferencias; 3. Manifesta a necesidade de reformar o Estatuto e a Constitución como condicións para lograr o autogoberno nacional de Galicia nunha perspectiva confederal peninsular e europea; 4. Insta o Goberno galego a loitar contra a discriminación de Galicia na estratexia político-económica estatal) son rexeitados por 2 votos a favor, 66 en contra e 7 abstencións; o quinto, e último (o Parlamento de Galicia; 5. Declara que a nación galega ten dereito á autodeterminación e que ese dereito reside no Parlamento de Galicia, como representación democrática do pobo galego), é rexeitado por 4 a votos a favor e 70 en contra.

Proposición non de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de Xosé Manuel Beiras Torrado, sobre os montes queimados polos incendios forestais en 1989 e a prevención dos que poidan producirse no ano actual (publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, n.º 10, do 27 de febreiro de 1990). Debatida en sesión plenaria, n.º 9, do 27 de marzo de 1990 (*Diario de Sesións do Parlamento de Galicia*, n.º 9). O Parlamento aproba por unanimidade o apartado 3 e rexeita os apartados 1 e 2. O texto da proposición non de lei indica que «o Parlamento insta a Xunta de Galicia a que: comece de inmediato a posta en práctica de medidas preventivas contra os incendios forestais dentro do marco das resolucións contidas no ditame da Comisión Especial de Incendios Forestais aprobado polo Pleno desta Cámara o día 24 de novembro de 1987 [BOPG n.º 204 da II lexislatura] (*Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* n.º 17, do 31 de marzo de 1990).

Proposición non de lei dos grupos parlamentarios Popular de Galicia, do Bloque Nacionalista Galego e Mixto sobre a inclusión das autovías galegas no I Plan xeral de estradas (publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, n.º 22, do 20 de abril de 1990). Debatida na sesión plenaria, n.º 19, do 18 de maio de 1990 (*Diario de Sesións do Parlamento de Galicia*, n.º 19). O Parlamento aproba por 46 votos a favor, ningún en contra e 25 abstencións o texto da proposición. Segundo el, o Parlamento insta a Xunta de Galicia a que: 1) Urxa a Administración do Estado á reforma do I Plan xeral de estradas de forma que as autovías de Galicia sexan contempladas no mencionado plan. 2) As autovías teñan os seguintes trazados (autovía Sur: Vigo-O Porriño-Ourense-Verín-Puebla de Sanabria-Benavente; autovía Norte: A Coruña-Lugo-Ponferrada-Benavente). 3) Realice as conversacións necesarias coa Administración do Estado para que a construción das autovías se realice nos prazos fixados. 4) Dea conta á Cámara, dentro do actual período de sesións, do resultado das negociacións co Goberno central. 5) Proceda de inmediato a realizar os estudos técnicos necesarios para a execución das citadas autovías (*Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* n.º 34, do 26 de maio de 1990).

7.3. Debate de totalidade dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 1990

Sesións plenarias n.º 15, 16, 17 e 18, do 15, 16, 17 e 18 de maio de 1990 (*Diario de Sesións do Parlamento de Galicia*, n.º 15, 16, 17 e 18).

8. Reformas do Regulamento parlamentario

Ningunha

9. Normas interpretativas e supletorias do Regulamento

Ningunha

10. Institucións similares ao Consello Consultivo, Tribunal de Contas e Valedor do Pobo Valedor do Pobo

Polo que se refire a esta institución, prevista no artigo 14 do Estatuto de autonomía para Galicia, e desenvolvida pola Lei 6/1985, do 5 de xaneiro, do Valedor do Pobo, durante o ano 1990 procedeu-se a designar valedor, cargo que recaeu en José Cora Rodríguez. A elección foi levada a cabo polo Parlamento de Galicia, en sesión plenaria n.º 21, celebrada o día 30 de maio de 1990 (*Diario de Sesións do Parlamento de Galicia*, n.º 21) (*Diario Oficial de Galicia*, n.º 108, do 5 de xuño de 1990).

Consello de Contas

Polo que se refire a esta institución, prevista no artigo 53.2 do Estatuto de autonomía para Galicia, e desenvolvida pola Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, durante o ano 1990 procedeu-se a designar os membros do Consello, resultando elixidos, por maioría de 3/5 partes, Miguel Ángel Crespo Domínguez, Néstor Fernández Feijoo, Manuel González Vidal, Carlos Otero Díaz e Antonio Rey Lage. A elección foi levada a cabo polo Parlamento de Galicia, en sesión plenaria celebrada o día 26 de decembro de 1990 (*Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, n.º 102, do 10 de xaneiro de 1991).

11. Elección de senadores en representación da CAG

Na sesión plenaria do 22 de febreiro de 1990 (DSPG de Galicia, n.º 5) désígnanse senadores representantes da CAG no Senado, de conformidade co previsto no artigo 165 do Regulamento do Parlamento de Galicia. Por proposta da Mesa do Parlamento, e por 65 votos a favor e 8 en branco, resultan elixidos os deputados que integran a proposta conxunta: Fernando González Laxe (PSdeG-PSOE), Tomás Pérez Vidal (PP) e José María Hernández Cochón (PP).

Ano 1991

1. Composición da Asemblea Lexislativa por grupos parlamentarios

Total deputados: 75

Composición por grupos na data do 01-01-1991:

Popular de Galicia: 38

Socialistas de Galicia: 27

Bloque Nacionalista Galego: 5

Mixto: 4 (2 do Partido Socialista Galego-Esquerda Galega e 2 de Coalición Galega)

Composición por grupos na data do 31-12-1991:

Como consecuencia do abandono producido a comezos do mes de outubro do deputado socialista Alfredo Conde Cid, do Grupo Parlamentario Socialista, e do seu paso como independente ao Grupo Mixto, a Cámara quedou configurada a finais de ano do seguinte xeito:

Popular de Galicia: 38

Socialistas de Galicia: 26

Bloque Nacionalista Galego: 5

Mixto: 5 (2 do Partido Socialista Galego-Esquerda Galega, 2 de Coalición Galega e 1 independente)

2. Estrutura do Goberno

Presidente: Manuel Fraga Iribarne (PP)

Número de consellarías: 11

Consellería de Presidencia e Administración Pública

Consellería de Economía e Facenda

Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

Consellería de Industria e Comercio

Consellería de Traballo e Servicios Sociais

Consellería de Agricultura, Gandería e Política Forestal

Consellería de Cultura e Xuventude

Consellería de Sanidade

Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura

Consellería de Relacións Institucionais e Portavoz do Goberno

3. Tipo de goberno

Tipo de goberno por apoio parlamentario: maioritario

Partidos e número de deputados que o apoian: Partido Popular (38 deputados)

Composición do Goberno: homoxénea

4. Cambios no Goberno

O primeiro cambio substantivo en relación co Goberno foi o producido no tocante á súa propia natureza, ao pasar aquel de ser un goberno de coalición (entre os partidos Popular e Centristas de Galicia) a configurarse como un goberno homoxéneo, tras a integración no Partido Popular do partido Centristas de Galicia, fusión organizativa que deu lugar, consecuentemente, á integración no Partido Popular dos 4 deputados elixidos nas listas de Centristas de Galicia.

Polo que se refire á súa composición, producíronse os seguintes cambios:

Cambio na titularidade da Consellería de Traballo e Servicios Sociais (decretos 125/1991 e 126/1991, do 25 de abril, de cesamento de Manuel Pérez Álvarez e nomeamento de José A. Gil Sotres).

Cambio na titularidade da Consellería de Sanidade (decretos 316/1991 e 318/1991, do 9 de outubro, de cesamento de Manuel Montero Gómez e nomeamento de José M. Romay Beccaría).

Cambio na titularidade da Consellería de Agricultura, Gandería e Política Forestal (decretos 317/1991, do 9 de outubro, e 331/1991, do 15 de outubro, de cesamento de José M. Romay Beccaría e nomeamento de Tomás Pérez Vidal).

Entre o 10 de outubro e o 15 de outubro encargouse José M. Romay Beccaría provisionalmente da Consellería de Agricultura, Gandería e Política Forestal (Decreto 320/1991, do 10 de outubro).

5. Investidura, moción de censura e cuestión de confianza

Non se produciron actos desta natureza.

6. Mocións de reprobación

Proposición non de lei do GP dos Socialistas de Galicia instando o cesamento do conselleiro de Industria, pola rolda de prensa referente ao peche de Astano (Tramitación: BOPG, n.º 129, sesión plenaria do 7/5/1991. DSPG, n.º 71. Rexeitada BOPG, n.º 144).

7. Debates e resolucións máis importantes

7.1. Debate de política xeral

Comparecencia do presidente da Xunta de Galicia para expoñer o proceso evolutivo da autonomía, a actual situación da Comunidade Autónoma de Galicia e a súa articulación e desenvolvemento futuro (*Diario de Sesións do Parlamento de Galicia*, n.º 56, 57 e 58, do 19, 20 e 21 de febreiro de 1991,

respectivamente). Tras o debate sobre o estado da autonomía foron aprobadas un total de 27 propostas de resolución dos diferentes grupos parlamentarios da Cámara.

7.2. Proposicións non de lei e interpretacións

Proposición non de lei do GP Mixto (PSG-EG) sobre a revisión do sistema de financiamento autonómico que será negociado en 1991 e a necesidade dunha posición política colectiva que defenda os intereses da nosa nación no novo modelo de financiamento que rexerá no período 1992-96 (tramitación: BOPG n.º 108. Sesión plenaria do 23-04-1991; DSPG n.º 68. Aprobada BOPG n.º 144).

Proposición non de lei do GP dos Socialistas de Galicia sobre a aprobación polo Goberno galego dun Plan de prevención de accidentes e seguridade no mar, coordinado co Goberno central, e a creación dunha comisión de seguimento (tramitación: BOPG n.º 174. Sesión plenaria do 05-11-1991. DSPG n.º 88. Aprobada BOPG n.º 214).

Interpelación de D. Santos Oujo Bello, do GP Mixto (CG), sobre as razóns da publicación da Orde da Consellería de Presidencia do 31-01-1991 con anterioridade á presentación no Parlamento do Plan de distribución do Fondo de Cooperación Local (tramitación: BOPG n.º 135. Sesión plenaria do 04-06-1991. DSPG n.º 72). Como consecuencia desta interpelación o GP Mixto presentou unha moción sobre a distribución do Fondo de Cooperación Local (tramitación: BOPG n.º 157. Sesión plenaria do 20-06-1991. DSPG n.º 74. Rexeitada BOPG, n.º 166).

Interpelación de D. Miguel Martínez Losada, do GP dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións e os criterios do Goberno galego respecto dos métodos, prazos e contidos da concertación social (tramitación: BOPG n.º 26. Sesión plenaria do 22-10-1991. DSPG, n.º 86). Como consecuencia desta interpelación o GP dos Socialistas de Galicia presentou unha moción sobre a concertación social (tramitación: BOPG, n.º 203. Sesión plenaria do 05-11-1991. DSPG n.º 88. Rexeitada: BOPG n.º 214).

Interpelación de D. Carlos González Príncipe, do GP dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións da Consellería de Industria respecto do impacto da crise do Golfo Pérsico no sector industrial galego (tramitación BOPG n.º 57. Decaída: BOPG n.º 168).

Interpelación de D. Camilo Nogueira Román, do GP Mixto (PSG-EG) sobre a ausencia política do presidente da Xunta na defensa do autogoberno de Galicia como nación nas actuais circunstancias europeas e estatais (tramitación: BOPG, n.º 177. Sesión plenaria 08-10-1991. DSPG n.º 84). Como consecuencia desta interpelación o GP Mixto presentou unha moción sobre o desenvolvemento do autogoberno de Galicia (tramitación: BOPG n.º 195. Sesión plenaria 05-11-1991. DSPG n.º 88. Rexeitada: BOPG n.º 214).

7.3. Plans

Plan de acción para a celebración do Ano Santo de 1993 (publicado no BOPG n.º 151, do 1 de xuño de 1991. Tramitación: Comisión 1.ª, celebrada o día 26-06-1991).

Plan cuadrienal de vivenda e solo 1990-1993 (tramitación BOPG n.º 125. Aprobación BOPG, n.º 220).

8. Reformas do Regulamento parlamentario

Ningunha

9. Normas interpretativas e supletorias do Regulamento

A Mesa do Parlamento, oída a Xunta de Portavoces, en reunión celebrada o día 28 de maio de 1991, acordou aprobar as Normas reguladoras das relacións entre o Parlamento e o Valedor do Pobo (BOPG n.º 151, do 1 de xuño de 1991).

10. Institucións similares ao Consello Consultivo, Tribunal de Contas e Valedor do Pobo

Nomeamento dos vicevaledores do pobo 1.º e 2.º pola Resolución do Valedor do Pobo do 2 de abril de 1991 (DOG, n.º 73, do 17-04-1991 e BOPG n.º 136, do 24-04-1991).

Año 1992

1. Composición da Asemblea Lexislativa por grupos parlamentarios

Total deputados: 75

Composición por grupos na data do 01-01-1992:

Popular de Galicia: 38

Socialistas de Galicia: 26

Bloque Nacionalista Galego: 5

Mixto: 5 (2 de Partido Socialista Galego-Esquerda Galega, 2 de Coalición Galega e 1 independente)

Composición por grupos na data do 31-12-1992:

A mesma

2. Estrutura do Goberno

Presidente: Manuel Fraga Iribarne (PP)

Número de consellarías: 11

Consellería de Presidencia e Administración Pública

Consellería de Economía e Facenda

Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

Consellería de Industria e Comercio

Consellería de Traballo e Servizos Sociais

Consellería de Agricultura, Gandería e Política Forestal

Consellería de Cultura e Xuventude

Consellería de Sanidade

Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura

Consellería de Relacións Institucionais e Portavoz do Goberno

3. Tipo de goberno

Tipo de goberno por apoio parlamentario: maioritario

Partidos e número de deputados que o apoian: Partido Popular (38 deputados)

Composición do Goberno: homoxénea

4. Cambios de Goberno

Ningún

5. Investidura, moción de censura e cuestión de confianza

Non se produciron actos desta natureza.

6. Mocións de reprobación

Non existiron.

7. Debates e resolucións máis importantes

7.1. Debate de política xeral

Comparecencia do presidente da Xunta para expoñer o proceso evolutivo da autonomía, a situación da Comunidade Autónoma de Galicia e a súa articulación e desenvolvemento futuros (sesións plenarias n.º 104 e 105. *Diario de Sesións do Parlamento de Galicia*, n.º 6 e 7, do 10 e 11 de marzo de 1992). Tras o debate foron rexeitadas as 233 propostas de resolución dos grupos parlamentarios da oposición (146 do PSdeG-PSOE, 40 do BNG, 32 do PSG-EG e 15 de CG) e aprobadas as 6 propostas de resolución do Grupo Parlamentario Popular.

7.2. Comunicacions da Xunta

Comunicación da Xunta de Galicia sobre a Administración única na Comunidade Autónoma, coa comparecencia do conselleiro da Presidencia e Administración Pública (sesión plenaria n.º 117. *Diario de Sesións do Parlamento de Galicia*, n.º 117, do 26 de maio de 1992).

Comunicación da Xunta de Galicia sobre a Administración única na Comunidade Autónoma, coa comparecencia do presidente da Xunta de Galicia (publicada no BOPG, n.º 338, do 7 de novembro de 1992, debatida nas sesións plenarias do 10 e 11 de novembro de 1992). Aprobada a resolución.

7.3. Plans

Aprobación pola Comisión 7.^a de Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes do Plan forestal de Galicia e modelo de monte, como documento básico que establece un modelo forestal a longo prazo, co fin de manter unha coherencia nas intervencións no monte e nos sectores derivados e que sinala, en especial, as liñas de actuación da Administración autonómica neste ámbito, as da participación dos axentes sociais involucrados (BOPG, n.º 304, do 31 de xullo de 1992).

Aprobación pola Comisión 3.^a, de Economía, Facenda e Orzamentos, do Plan económico e social de Galicia 1993-1996, e de toda unha serie de propostas de resolución relativas a este, presentadas polos grupos parlamentarios Mixto e Popular (BOPG, n.º 350, do 4 de decembro de 1992). A Mesa do Parlamento, en reunión celebrada o día 20-10-1992, tivo coñecemento do escrito da Xunta de Galicia no que se remitía o citado plan, e acordou a súa tramitación pola vía de urxencia ante a Comisión 3.^a da Cámara (BOPG, n.º 333, do 30 de outubro de 1992, onde se publica unha parte do plan). Este plan ofrece, segundo o seu propio texto indica, «unha síntese do diagnóstico, prospección, estratexia de desenvolvemento e escenarios orzamentarios do Plan económico e social de Galicia para o período 1993-1996».

7.4. Proposicións non de lei

Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Mixto, a iniciativa de Camilo Nogueira Román (PSG-EG), sobre o desenvolvemento e transporte ferroviario interno e a integración de Galicia na rede europea de alta velocidade. Tras a presentación de dúas emendas, dos grupos parlamentarios Popular e Socialista, chegouse a un texto consensuado que foi aprobado por unanimidade, e no que, entre outras cousas, se acorda instar o Goberno galego para que reclame ante o Goberno do Estado e da CEE a inclusión de Galicia e do noroeste peninsular na rede ferroviaria europea de alta velocidade (sesión plenaria n.º 116, *Diario de Sesións do Parlamento de Galicia*, n.º 18, do 14 de maio de 1992).

7.5. Ditames de comisións

Ditame da Comisión Non Permanente para o Estudo da Repercusión Socio-Económica e Sanitaria do Narcotráfico en Galicia (publicación do ditame no DOPG, n.º 282, do 10 de xuño de 1992. Debate e votación deste na sesión plenaria n.º 123. *Diario de Sesións do Parlamento de Galicia*, n.º 123, xullo de 1992). O ditame, tras analizar o problema do narcotráfico en Galicia (consumo, tráfico e sentir da poboación), expón toda unha serie de conclusións relativas ás actuacións a realizar nese eido sobre a oferta (medidas legislativas, fiscais e encamiñadas ao rexeitamento social dos narcotraficantes) e sobre a demanda (nos ámbitos da prevención, asistencial, de reinserción, laboral e orzamentaria). O ditame foi aprobado por unanimidade.

8. Reformas do Regulamento parlamentario

Ningunha

9. Normas interpretativas e supletorias do Regulamento

Procédese á aprobación das «Normas sobre tramitación do proxecto de Regulamento de réxime interior do Consello de Contas» (Resolución da Mesa da Cámara do 31 de xaneiro de 1992).

10. Institucións similares ao Consello Consultivo, Tribunal de Contas e Valedor do Pobo

Informe anual correspondente ao ano 1991, presentado ante o Parlamento de Galicia polo Valedor do Pobo (presentación na sesión plenaria n.º 127, *Diario de Sesións*, n.º 117, do 26 de maio de 1992. Publicado no BOPG, n.º 269, do 16 de maio de 1992).

Ano 1993

1. Composición da Asemblea Lexislativa por grupos parlamentarios

Total deputados: 75

Composición por grupos na data do 01-01-1993:

Popular de Galicia: 38

Socialistas de Galicia: 27

Bloque Nacionalista Galego: 5

Mixto: 5 (2 do Partido Socialista Galego-Esquerda Galega, 2 de Coalición Galega e 1 independente)

O Parlamento de Galicia quedou disolto polo Decreto 198/1993, do 23 de agosto (DOG, n.º 162, do 24 de agosto de 1993), que convocou eleccións autonómicas para o día 17 de outubro de 1993. A sesión constitutiva tivo lugar o día 16 de novembro de 1993 e nela procedeuse a elixir os 5 membros da Mesa do Parlamento (3 do Grupo Popular, incluído o presidente; 1 do Grupo dos Socialistas de Galicia e 1 do Grupo do Bloque Nacionalista Galego). A sesión solemne de apertura do Parlamento de Galicia tivo lugar o 26 de novembro de 1993.

Composición por grupos na data do 31-12-1993:

Popular de Galicia: 43

Socialistas de Galicia: 19

Bloque Nacionalista Galego: 13

2. Estrutura do Goberno

Presidente: Manuel Fraga Iribarne (Partido Popular)

Número de consellarías: 11

Consellería de Presidencia e Administración Pública

Consellería de Economía e Facenda

Consellería de Política Territorial e Obras Públicas e Vivenda

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

Consellería de Industria e Comercio

Consellería de Agricultura, Gandería e Montes

Consellería de Cultura

Consellería de Sanidade e Servizos Sociais

Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura

Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais

Consellería de Familia, Muller e Xuventude

3. Tipo de goberno

Tipo de goberno por apoio parlamentario: maioritario

Partidos e número de deputados que o apoian: Partido Popular (43 deputados)

Composición do Goberno: homoxénea

4. Cambios no Goberno

A Xunta de Galicia non experimentou cambio ningún durante o ano, ata a formación do novo Goberno, nomeado tras as eleccións autonómicas do 17 de outubro de 1993. Os cambios concretáronse do seguinte xeito:

Creación dunha nova Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, á fronte da que é colocado Juan Miguel Diz Guedes, quen con anterioridade non formaba parte do Goberno.

Creación dunha nova Consellería de Familia, Muller e Xuventude, á fronte da cal se coloca a Manuela López Besteiro, quen con anterioridade non formaba parte do Goberno.

Cambio de denominación da antiga Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas, que agora pasa a denominarse Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda. Non se produce cambio de conselleiro.

Cambio de denominación da antiga Consellería de Agricultura, Gandería e Política Forestal, que agora pasa a denominarse Consellería de Agricultura, Gandería e Montes. Non se produce cambio de conselleiro.

Cambio de denominación da antiga Consellería de Cultura e Xuventude, que agora pasa a denominarse Consellería de Cultura ao trasladarse as competencias de xuventude á nova consellaría máis arriba citada. É nomeado novo conselleiro o antigo conselleiro de Relacións Institucionais e Portavoz do Goberno.

Cambio de denominación da antiga Consellería de Sanidade, que agora pasa a denominarse Consellería de Sanidade e Servizos Sociais, ao asumir estas últimas competencias, antes asignadas á Consellería de Traballo e Servizos Sociais. Non se produce cambio de conselleiro.

Cambio do titular da Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura, para a que é nomeado Juan Caamaño Cebreiro.

Desaparición das consellarías de Traballo e Servizos Sociais e de Relacións Institucionais e Voceiro do Goberno.

En resumo, os cambios persoais levados a cabo no Goberno polo presidente da Xunta de Galicia, tras as eleccións autonómicas, sáldanse coa incorporación ao Executivo de tres novos conselleiros, en substitución de tres destituídos, e o cambio de carteira dun dos membros da antiga Xunta de Galicia, mentres os restantes membros do Goberno son confirmados nos seus postos. Ao respecto deben verse os decretos 288/1993 e 289/1993, do 10 de decembro, de cesamento dos titulares dos departamentos da Xunta de Galicia e nomeamento de novos titulares (ambos os dous en DOG, n.º 237, do 11 de decembro de 1993).

En canto aos cambios na estrutura orgánica da Xunta e das consellarías que a compoñen, resumidos máis arriba, deben consultarse os decretos 287/1993, do 10 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia (DOG, n.º 237, do 11 de decembro de 1993), 290/1993, do 11 de decembro, polo que se determinan os centros directivos dependentes directamente da Presidencia da Xunta de Galicia, e 291/1993, do 11 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia (ambos os dous en DOG, n.º 238, do 13 de decembro de 1993).

5. *Investidura, moción de censura e cuestión de confianza*

Nas sesións plenarias do Parlamento de Galicia de data 29 de novembro e 1 de decembro de 1993 procédese ao debate de investidura de Manuel Fraga Iribarne como presidente da Xunta de Galicia, e resulta investido en votación celebrada na sesión do 1 de decembro por 43 votos a favor (do Grupo Parlamentario Popular) e 32 en contra (19 do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e 13 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego). O Real decreto 2115/1993, do 2 de decembro, polo que se nomea presidente da Xunta de Galicia a Manuel Fraga Iribarne, en DOG, n.º 234, do 7 de decembro de 1993.

6. *Mocións de reprobación*

Ningunha

7. *Debates e resolucións máis importantes*

Todos os datos van referidos ao primeiro período de sesións correspondente ao ano 1993, último da III lexislatura.

7.1. *Debates xerais*

Debate de investidura de Manuel Fraga Iribarne como presidente da Xunta de Galicia (nos termos explicados no apartado 5).

Debate de política xeral, coa comparecencia do presidente da Xunta de Galicia para expoñer o proceso evolutivo da autonomía, a actual situación da Comunidade Autónoma de Galicia e a súa articulación e desenvolvemento futuros (BOPG n.º 373, do 20 de febreiro de 1993). *Diario de Sesións do Parlamento*

de Galicia, do 24 de febreiro de 1993. Tras o debate aprobáronse un total de 22 propostas de resolución: 13 a iniciativa do Grupo Parlamentario Popular, 2 a iniciativa do GP do Bloque Nacionalista Galego, 3 a iniciativa do GP Mixto (Coalición Galega) e 4 a iniciativa do GP Mixto (Partido Socialista Galego-Esquerda Galega). As propostas de resolución, en BOPG n.º 380, do 12 de marzo de 1993.

7.2. Comparecencias de membros da Xunta

Entre os procedementos de información de membros da Xunta de Galicia ao Pleno do Parlamento de Galicia merecen ser destacadas as seguintes comparecencias:

Do conselleiro de Industria e Comercio para informar sobre a actitude da Xunta de Galicia en relación co gas natural de Galicia, a iniciativa do GP dos Socialistas de Galicia (n.º 10.223). Sesión plenaria do 9 de febreiro de 1993.

Do conselleiro de Economía e Facenda para explicar as liñas mestras da política económica da Xunta de Galicia, as medidas para mellorar a competitividade das empresas e produtos galegos e a definición da estratexia económica no marco do proceso de converxencia das economías comunitarias, por solicitude do GP dos Socialistas de Galicia (n.º 7.970). Sesión plenaria do 9 de marzo de 1993.

Do conselleiro de Sanidade para explicar a situación actual e a evolución das débedas da Consellería e do Servicio Galego de Saúde, por solicitude do GP dos Socialistas de Galicia (n.º 10.957). Sesión plenaria do 8 de xuño de 1993.

7.3. Proposicións non de lei

Entre as proposicións non de lei debatidas en pleno e aprobadas merecen ser destacada as seguintes:

Do Grupo Parlamentario Mixto (PSG-EG) sobre a formación de grandes grupos agroindustriais como política de desenvolvemento e industrialización das producións agrarias galegas (sesión plenaria do 23 de marzo de 1993, DSPG n.º 151, e BOPG, n.º 395, do 19 de abril de 1993).

Do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego sobre transferencia de explotación no territorio galego da rede de ferrocarril á Comunidade Autónoma de Galicia (sesión plenaria do 9 de marzo de 1993, DSPG n.º 149, e BOPG, n.º 386, do 26 de marzo de 1993).

7.4. Comisións de investigación

Durante o ano foron creadas tres comisións de investigación ou enquisa:

Comisión de Investigación que Estude as Causas do Accidente do Petroleiro *Mar Egeo*, Consecuencias e Solucións para Paliar os Danos Económicos e Ecolóxicos, a iniciativa dos GGPP do Bloque Nacionalista Galego e Mixto (n.º 10.053). Aprobada en sesión plenaria do 9 de febreiro de 1993.

Comisión de Investigación sobre Presuntas Irregularidades Detectadas na Xestión do Consello da Xuventude, a iniciativa do GP dos Socialistas de Galicia (n.º 10.338). Aprobada en sesión plenaria do 9 de marzo de 1993.

Comisión de Investigación para Determinar a Veracidade das Imputacións que Provocaron a Detención e Posterior Retención do Buque Galego *Horizonte I*, a iniciativa de todos os grupos parlamentarios (n.º 11.401). Aprobada en sesión plenaria do 8 de xuño de 1993.

8. Reformas do Regulamento parlamentario

A iniciativa dunha proposición de lei do GP Popular de Galicia (BOPG n.º 365, do 1 de febreiro de 1993), o Regulamento do Parlamento de Galicia foi modificado parcialmente por acordo adoptado en sesión plenaria do Parlamento o día 22 de xullo de 1993 (debate en pleno en DSPG, n.º 166, do 22 de xullo de 1993). Malia afectar de forma parcial ou total tan só a 13 dos 166 artigos de que consta o Regulamento, a reforma foi referida a cuestións de natureza diferente, pero, en xeral, de marcada significación no desenvolvemento da vida político-parlamentaria autonómica: así, procurouse unha máis minuciosa regulación do réxime de comprobación das incompatibilidades dos deputados; introduciuse o criterio do voto ponderado no funcionamento da Comisión do Estatuto dos Deputados e no das comisións non permanentes, agás no caso de que a representación de cada grupo parlamentario nelas garde a proporcionalidade existente no Pleno; modificáronse o réxime de intervencións dos membros da Xunta de Galicia nos debates e as facultades de ordenación do presidente da Cámara no seu desenvolvemento; modificouse parcialmente o réxime dos debates en pleno dos proxectos de lei remitidos pola Xunta de Galicia e, tamén por último, a regulación do debate de totalidade do Proxecto de lei de orzamentos.

9. Normas interpretativas e supletorias do Regulamento

A Mesa do Parlamento, oída a Xunta de Portavoces, procede a aprobar en reunión celebrada o día 25 de marzo de 1993 as Normas reguladoras das relacións entre o Consello de Contas e o Parlamento de Galicia (BOPG, n.º 400, do 28 de abril de 1993).

10. Institucións similares ao Consello Consultivo, Tribunal de Contas e Valedor do Pobo

Presentación do Informe do Valedor do Pobo ao Parlamento de Galicia correspondente ao ano 1992 (BOPG n.º 398, do 26 de abril de 1993). Sesión plenaria do 8 de xuño de 1993.

Presentación do proxecto de Regulamento de organización e funcionamento do Valedor do Pobo (BOPG, n.º 393, do 7 de abril de 1993).

Consello de Contas

Informe de fiscalización da conta xeral da Comunidade Autónoma, do exercicio de 1990, aprobado polo Pleno do Consello de Contas da Comunidade Autónoma (BOPG, n.º 394, do 17 de abril de 1993).

Aprobación das Normas reguladoras das relacións entre o Consello de Contas e o Parlamento de Galicia (BOPG n.º 400, do 28 de abril de 1993).

11. Designación de senadores en representación da CAG

Entre os procedementos electivos, durante o ano 1993 o Pleno do Parlamento de Galicia, en sesión específica celebrada o día 22 de xuño de 1993, acordou designar senadores en representación da Comunidade Autónoma de Galicia a Dna. Marta Álvarez Montes (PP), D. Luís Antonio Chao Gómez (PP) e D. Fernando Ignacio González Laxe (PSdeG-PSOE).

Ano 1994

1. Composición da Asemblea Lexislativa por grupos parlamentarios

Total deputados: 75

Composición por grupos na data do 01-01-1994:

Popular de Galicia: 43

Socialistas de Galicia: 19

Bloque Nacionalista Galego: 13

Composición por grupos na data do 31-12-1994:

A composición por grupos non experimentou variación ningunha ao longo do ano.

2. Estrutura do Goberno

Presidente: Manuel Fraga Iribarne

Número de consellarías: 11

Consellería de Presidencia e Administración Pública: Dositeo Rodríguez Rodríguez

Consellería de Economía e Facenda: José Antonio Orza Fernández

Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda: Xosé Cuiña Crespo

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria: Juan Piñeiro Permuy

Consellería de Industria e Comercio: Antonio Couceiro Méndez

Consellería de Agricultura, Gandería e Montes: Tomás Pérez Vidal

Consellería de Cultura: Víctor Manuel Vázquez Portomeñe

Consellería de Sanidade e Servicios Sociais: José Manuel Romay Beccaría

Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura: Juan Caamaño Cebreiro

Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais: Juan Miguel Diz Guedes

Consellería de Familia, Muller e Xuventude: Manuela López Besteiro

3. Tipo de goberno

Tipo de goberno por apoio parlamentario: maioritario

Partidos e número de deputados que o apoian: Partido Popular (43 deputados)

Composición do Goberno: homoxénea

4. Cambios no Goberno

A Xunta de Galicia experimentou un só cambio durante o ano: polo Decreto 96/1994, do 28 de abril, dispúxose o cesamento como conselleiro de Industria e Comercio de Juan José Fernández García (DOG n.º 82, do 29 de abril de 1994) e polo Decreto 101/1994, do 2 de maio, o nomeamento para o mesmo posto de Antonio Couceiro Méndez (DOG n.º 84, do 3 de maio de 1994).

5. Investidura, moción de censura e cuestión de confianza

Non houbo.

6. Mocións de reprobación

Moción formulada polo GP dos Socialistas de Galicia sobre cesamento de cargos da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais pola súa implicación na manipulación de exames para cubrir postos de traballo nela, apertura de investigación de responsables e dación de contas ao Parlamento do seu resultado (BOPG n.º 136. Debate no pleno do 19 de outubro de 1994. DSPG n.º 36. Rexeitada: BOPG n.º 144).

7. Debates e resolucións máis importantes

Os datos comprenden desde a data de apertura da IV lexislatura en sesión plenaria celebrada o día 6 de novembro de 1993. DSPG n.º 2.

7.1. Sesión constitutiva do Parlamento de Galicia

Celebrada o día 16 de novembro de 1993, ás 11 horas. Procédese á constitución da Mesa de Idade, á elección da Mesa do Parlamento, á súa constitución e á prestación por parte dos deputados da promesa ou xuramento de acatar a Constitución e o Estatuto de autonomía (BOPG n.º 1, do 12 de novembro de 1993, e DSPG n.º 1).

7.2. Debate do estado da autonomía

Comunicación da Xunta de Galicia na que se solicita a comparecencia do Excmo. Sr. Presidente da Xunta de Galicia para expoñer a situación política da Comunidade Autónoma de Galicia (BOPG n.º 114, do 17 de setembro de 1994). Debate no Pleno do Parlamento de Galicia nas sesións do 20 e 21 de setembro de 1994 (DSPG n.º 31 e 32). Resolucións subseguintes ao debate de política xeral sobre a situación política da Comunidade Autónoma de Galicia (BOPG n.º 123, do 28 de setembro de 1994).

7.3. Proposicións de lei

Dentro dos procedementos de natureza normativa debe destacarse a aprobación polo Parlamento de Galicia de dúas proposicións de lei para ser tramitadas no Congreso dos Deputados sobre a base do disposto no artigo 87.2 da Constitución española:

Proposición de lei ante o Congreso dos Deputados de transferencia á Comunidade Autónoma da competencia estatal en materia de portos galegos de interese xeral (BOPG n.º 18, do 6 de abril de 1990. Toma en consideración: DSPG n.º 13. Texto aprobado: BOPG n.º 132, do 9 de abril de 1991. Designación de deputados para a defensa no Congreso: pleno do 22 de decembro de 1993; DSPG

n.º 5, e BOPG n.º 19, do 2 de febreiro de 1994). Rexeitada no Congreso dos Deputados en sesión plenaria do 17 de maio de 1994 (DSCD, P., n.º 72).

Proposición de lei ante o Congreso dos Deputados de modificación do artigo 82 da Lei xeral de sanidade estatal, no referente ao financiamento da asistencia sanitaria da Seguridade Social (BOPG n.º 64, do 15 de outubro de 1990. Toma en consideración: DSPG n.º 41. Texto aprobado: BOPG n.º 245, do 2 de marzo de 1992. Designación de deputados para a defensa no Congreso: pleno do 22 de decembro de 1993; DSPG n.º 5, e BOPG n.º 19, do 2 de febreiro de 1994). Rexeitada no Congreso dos Deputados en sesión plenaria do 17 de maio de 1994 (DSCD, P., n.º 72).

7.4. Proposicións non de lei e mocións

Polo que se refire ás mocións e proposicións non de lei presentadas cabería destacar, polo interese parlamentario ou social que suscitaron, as seguintes:

Moción formulada polo GP do Bloque Nacionalista Galego sobre mantemento, mellora e modernización do ferrocarril galego (consecuencia da interpolación n.º 2329). BOPG n.º 162. Debate no pleno do 22 de outubro de 1994, DSPG n.º 40. Aprobada: BOPG n.º 172.

Proposición non de lei en pleno formulada polo GP do Bloque Nacionalista Galego sobre o conxunto culturo-natural do bosque do Eume-Caaveiro. BOPG n.º 31. Debate no pleno do 29 de xuño de 1994. Rexeitada.

Proposición non de lei en pleno formulada polos grupos parlamentarios Popular de Galicia, dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego sobre a realización de xestións para que Santiago de Compostela sexa declarada Capital Europea da Cultura (BOPG n.º 35).

Proposición non de lei en pleno formulada polo GP dos Socialistas de Galicia, sobre rexeitamento da imposición de peaxes nas estradas da Comunidade Autónoma A Coruña-Carballo e Puxeiros-Baredo, no Val Miñor. BOPG n.º 111. Debate no pleno do 13 de decembro de 1994. Rexeitada.

7.5. Comunicacions da Xunta

No relativo ás comunicacions da Xunta de Galicia, presentouse no Parlamento a seguinte: Comunicación da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes relativa á problemática láctea de Galicia. BOPG n.º 12. Comisión 7.a, do 30 de decembro de 1993. Resolucións aprobadas: BOPG n.º 13, do 5 de xaneiro de 1994.

7.6. Comparecencias

Das comparecencias producidas no Pleno do Parlamento nos dous períodos de sesións que vimos analizando cabería destacar:

Comparecencia do Excmo. Sr. Presidente da Xunta de Galicia para informar sobre as razóns da crise aberta na Xunta de Galicia coa dimisión do conselleiro de Industria e Comercio, D. Juan Fernández, a iniciativa do GP dos Socialistas de Galicia (BOPG n.º 64, e pleno do 10 de maio de 1994, DSPG, n.º 20).

Comparecencia do Excmo. Sr. Conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, para informar das razóns que xustifican a imposición de peaxe nas autoestradas da Comunidade Autónoma, incumprindo unha resolución aprobada por unanimidade no Parlamento de Galicia (BOPG n.º 124 e pleno do 4 de outubro de 1994, DSPG n.º 33).

Comparecencia do Excmo. Sr. Conselleiro de Agricultura, Gandería e Montes, para informar do Plan de ordenación dos bosques do Eume, a iniciativa do GP dos Socialistas de Galicia (BOPG n.º 149, e pleno do 8 de novembro de 1994, DSPG n.º 37).

7.7. Procedementos electivos

Entre os procedementos electivos cabe destacar, á parte dos xa mencionados para a designación dos deputados comisionados para a defensa de proposicións de lei do Parlamento de Galicia ante o Congreso dos Deputados, o dos membros do Consello de Administración da Compañía de Radio-Televisión de Galicia (pleno do 1 de xullo de 1994, DSPG n.º 28), o da designación dos membros do Consello Asesor de RTVE en Galicia (pleno do 1 de xullo de 1994, DSPG n.º 28) e o de elección de membros do Consello Universitario de Galicia (Comisión 4.a, BOPG n.º 101).

7.8. Comisións de investigación

No relativo ás comisións de investigación, á parte da modificación do Regulamento do Parlamento de Galicia nos termos que se refiren no punto seguinte, solicitouse a creación das seguintes:

Solicitud de constitución dunha comisión de investigación, por 18 deputados do GP dos Socialistas de Galicia, sobre as irregularidades e responsabilidades na realización das obras de Verín e Castrelo do Val (BOPG n.º 50 e pleno do 12 de abril de 1994, DSPG n.º 16. Aprobada: BOPG n.º 61). O ditame da comisión de investigación foi debatido no pleno da Cámara do 13 de setembro de 1994, DSPG n.º 29. O ditame aprobado polo Pleno da Cámara, en BOPG n.º 128, do 4 de outubro de 1994.

Solicitud de constitución dunha comisión de investigación para o estudo das actuacións do Instituto de Desenvolvemento Comunitario, da Asociación Grupo Local de Desenvolvemento Río Lor e da Administración autonómica no denominado Plan Courel, a iniciativa de 19 deputados do GP dos Socialistas de Galicia (BOPG n.º 81 e pleno do 14 de xuño de 1994, DSPG n.º 24. Rexeitada).

Solicitud de creación dunha comisión de investigación, formulada por unha quinta parte dos deputados da Cámara, pertencentes ao GP dos Socialistas de Galicia, que aborde e esclareza a execución dos orzamentos de 1993, por parte da Consellería de Presidencia da Xunta de Galicia, no que respecta ao programa 232 A, servizo 06, do capítulo VI (n.º 3824) (BOPG n.º 173 e pleno do 13 de decembro de 1994. Rexeitada).

Solicitud de creación dunha comisión de investigación, formulada por unha quinta parte dos deputados da Cámara, pertencentes ao GP dos Socialistas de Galicia, que examine e avalíe as relacións entre a Xunta de Galicia e Unión Eléctrica Fenosa Grupo de Empresas (n.º 3835) (BOPG n.º 173 e pleno do 13 de decembro de 1994. Rexeitada).

7.9. Declaracións institucionais

Declaración institucional de apertura da IV lexislatura. Pleno do 26 de novembro de 1993. DSPG n.º 2.

Declaración institucional relativa á situación dos cidadáns de orixe africana que chegaron ao Estado español no buque *Scheepers* e que na actualidade se atopan na cidade de Pontevedra. Pleno do 22 de febreiro de 1994. DSPG n.º 9.

Declaración institucional relativa á declaración da cidade de Santiago de Compostela como Capital Europea da Cultura durante o ano 2000. Pleno do 23 de febreiro de 1994. DSPG n.º 10.

Declaración institucional relativa á integración plena da frota española e galega na política pesqueira común, a través do adiamento do período transitorio recollido no Tratado de adhesión. Pleno do 9 de marzo de 1994. DSPG n.º 12.

Declaración institucional relativa á empresa Santa Bárbara na súa factoría da Coruña e solicitude á Administración central da continuidade do seu sistema produtivo. Pleno do 11 de maio de 1994. DSPG n.º 21.

Declaración institucional relativa á situación dos boniteiros do Cantábrico en xeral e dos galegos en particular na súa demanda ante a Administración española e a Unión Europea de que se impida a pesca con volantas ilegais. Mesa-Xunta de Portavoces do 20 de xullo de 1994. BOPG n.º 101.

Declaración institucional relativa ao pronunciamento en favor da defensa da frota boniteira do Cantábrico, e en especial da galega, solicitando e apoiando a retirada e supresión de volantas. Pleno do 14 de setembro de 1994. DSPG n.º 29.

Declaración institucional relativa á defensa polo Goberno do Estado ante as institucións da Unión Europea dunha posición favorable á obxección de cara aos acordos obtidos no seo da organización NAFO, especialmente o relativo ao TAC (captura total permisible) fixado para a especie «fletán negro», procedendo ao establecemento da correspondente cota autónoma para o devandito recurso. Pleno do 8 de novembro de 1994. DSPG n.º 37.

Declaración institucional relativa ao apoio ao Goberno do Estado na súa intención de vetar a ampliación da Unión Europea ata que se negocie un regulamento de pesca nas augas comunitarias, válido e aplicable para todos, sen as actuais restricións contra a frota española en xeral e galega moi en particular. Mesa-Xunta de Portavoces do 16 de novembro de 1994. BOPG n.º 165.

Declaración institucional relativa á política pesqueira. Pleno do 21 de decembro de 1994. BOPG n.º 186.

8. Reformas do Regulamento parlamentario

O *Diario Oficial de Galicia* n.º 3, do 4 de xaneiro de 1995, procede a publicar a «Comunicación do 19 de decembro de 1994 pola que se ordena a publicación no DOG da modificación dos artigos 52.2, 69.2 a e 70 do vixente Regulamento do Parlamento de Galicia». Tal modificación concreouse nos dous seguintes aspectos:

- a) Dun lado, especificase que as persoas requiridas como informantes nas comisións de investigación deberán ser advertidas dos seus dereitos e da posibilidade de comparecer ante estas asistidas de letrado.
- b) Doutro, modifícase o réxime das comisións de investigación no relativo á súa publicidade. En primeiro lugar, eliminando como excepción á publicidade das sesións do Pleno do Parlamento aqueles casos en que se debatan propostas, ditames, informes ou conclusións formulados polas comisións de investigación. E en segundo lugar determinando –fronte ao carácter previamente secreto en todo caso das comisións de investigación, determinado no artigo 70.3 do Regulamento do Parlamento– que as súas sesións serán a porta pechada, pero poden asistir os representantes dos medios de comunicación social debidamente acreditados, agás nos seguintes casos en que serán secretas: no das reunións das relatorías que se creen no seo da comisión; no das comparecencias que versen sobre materias que fosen declaradas reservadas ou secretas conforme á lexislación vixente e as que traten sobre asuntos que coincidan con actuacións xudiciais que fosen declaradas secretas; e no dos datos, infor-

mes ou documentos facilitados a estas comisións para o cumprimento dos seus fins cando o dispoña unha lei ou cando motivadamente o acorde a propia comisión.

9. Normas interpretativas e supletorias do Regulamento

Normas para a designación dos membros do Consello Universitario pola Comisión de Educación e Cultura do Parlamento de Galicia (BOPG n.º 99, do 18 de xullo de 1994).

Normas reguladoras do Rexistro de intereses da Cámara e modelos de declaración de actividades e bens, tanto iniciais como modificativos ou complementarios (BOPG n.º 101, do 4 de agosto de 1994).

10. Institucións similares ao Consello Consultivo, Tribunal de Contas e Valedor do Pobo

Valedor do Pobo

Presentación do Informe do Valedor do Pobo ao Parlamento de Galicia correspondente ao ano 1993 (BOPG n.º 67, do 10 de maio de 1994). Sesión plenaria do 14 de xuño de 1994 (DSPG n.º 24).

Informe extraordinario do Valedor do Pobo sobre a situación dos anciáns en Galicia: «Ser vello en Galicia» (BOPG n.º 133, do 10 de outubro de 1994).

Consello de Contas

Informe de fiscalización da conta xeral da Comunidade Autónoma, exercicio 1990, aprobado polo Pleno do Consello de Contas da Comunidade Autónoma (BOPG n.º 394, do 17 de abril de 1993). Debate en sesión plenaria o 28 de xuño de 1994 (DSPG n.º 26).

Informe de fiscalización sobre as eleccións ao Parlamento de Galicia do 17 de outubro de 1993 (BOPG n.º 79, do 24 de maio de 1994). Comisión Permanente Non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas. Sesión do 17 de xuño de 1994. Propostas de resolución: sesión do 30 de xuño de 1994.

Ano 1995

1. Composición da Asemblea Lexislativa por grupos parlamentarios

Total deputados: 75

Composición na data do 01-01-1995:

Popular de Galicia: 43

Socialistas de Galicia: 19

Bloque Nacionalista Galego: 13

Composición na data do 31-12-1995:

Sen cambios

2. Estrutura do Goberno

Presidente: Manuel Fraga Iribarne

Número de consellarías: 11

Consellería de Presidencia e Administración Pública: Dositeo Rodríguez Rodríguez

Consellería de Economía e Facenda: José Antonio Orza Fernández

Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda: Xosé Cuíña Crespo

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria: Juan Piñeiro Permuy

Consellería de Industria e Comercio: Antonio Couceiro Méndez

Consellería de Agricultura, Gandería e Montes: Tomás Pérez Vidal

Consellería de Cultura: Víctor Manuel Vázquez Portomeñe

Consellería de Sanidade e Servicios Sociais: José Manuel Romay Beccaría

Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura: Juan Caamaño Cebreiro

Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais: Juan Miguel Diz Guedes

Consellería de Familia, Muller e Xuventude: Manuela López Besteiro

3. Tipo de goberno

Por apoio parlamentario: maioritario

Partidos e número de deputados que o apoian: PP (43)

Composición do Goberno: homoxénea (PP)

4. Cambios no Goberno

Ningún

5. Investidura, moción de censura e cuestión de confianza

Non houbo.

6. Mocións de reprobación

Ningunha

7. Debates e resolucións máis importantes

7.1. Debate sobre o estado da autonomía

O debate máis importante do ano foi o que se coñece xa coa denominación de debate sobre o estado da autonomía. Este celebrouse nas sesións plenarias do Parlamento de Galicia do 10 e 11 de outubro de 1995 (DSPG números 72 e 73).

7.2. Proposicións de lei

Entre as proposicións de lei presentadas á Cámara poderían destacarse as seguintes:

Proposición de lei, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, de transparencia e control dos intereses privados dos xestores e representantes públicos (BOPG n.º 249, do 22-04-1995. Rexeitada: BOPG n.º 288, do 28-06-1995).

Proposición de lei, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, de creación dos consorcios interlocais de transporte público regular de viaxeiros de Galicia (BOPG n.º 330, do 09-10-1995. Rexeitada: BOPG n.º 379, do 20-12-1995).

Proposición de lei, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, relativa ao cinema e ao audiovisual en Galicia (BOPG n.º 199, do 07-02-1995. En trámite).

Proposición de lei, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, de xestión dos residuos sólidos urbanos (BOPG n.º 323, do 30-09-1995. En trámite).

7.3. Proposicións de iniciativa lexislativa popular

Proposición de lei de iniciativa lexislativa popular para a configuración do mapa de titulacións do campus universitario de Ourense. Tras admitirse a trámite a constitución da comisión promotora (BOPG n.º 30, do 21-02-1994), a proposición foi rexeitada (BOPG n.º 229, do 20-03-1995).

Proposición de lei de iniciativa lexislativa popular de tratamento axeitado dos residuos e prohibición da incineración dos residuos sólidos urbanos e tóxicos e perigosos (BOPG n.º 288, do 28-06-1995. En trámite).

7.4. Proposicións de lei ante o Congreso dos Deputados

Finalmente, no ámbito das iniciativas lexislativas, presentouse unha proposición de lei ante o Congreso dos Deputados sobre cambio de denominación das provincias da Coruña e Ourense.

7.5. Procedementos de control e impulso político (mocións)

No ámbito dos procedementos de control e impulso político, poderían destacarse as seguintes mocións, todas elas rexeitadas:

Sobre as responsabilidades políticas que se deriven da resolución xudicial respecto das presuntas irregularidades na realización dunhas obras pola Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda nos municipios de Verín e Castrelo do Val.

Sobre a presentación no Parlamento dun novo Plan de vivenda e solo para os seguintes catro anos.

Sobre adopción de medidas preventivas contra os incendios forestais.

Sobre a elaboración polo Goberno galego dun Plan integral de prevención de incendios forestais.

Sobre a demanda da Administración central do compromiso orzamentario para a finalización das autovías galegas en 1988.

7.5. Procedementos de control e impulso político (proposicións non de lei)

Sobre a realización de xestións ante o Goberno central para a adopción de medidas de loita contra o narcotráfico.

Sobre a realización de xestións para que a Comisión da Unión Europea non ratifique o acordo da NAFO relativo á repartición dos TAC de fletán negro.

Sobre a posible repercusión dos reaxustes orzamentarios do Ministerio de Obras Públicas, Transportes e Medio Ambiente na execución das autovías de comunicación de Galicia co resto de España.

Sobre a realización de xestións para que a Unión Europea logre un tratado de pesca no que se garanta a actividade da frota pesqueira que traballa nos caladoiros marroquís e o aboamento de indemnizacións no caso de que se produza o seu amarre temporal. Aprobada.

7.6. Procedementos de información

Deben destacarse neste ámbito, entre outras, as seguintes solicitudes de comparecencia:

Solicitud de comparecencia do Excmo. Sr. Presidente da Xunta de Galicia para que explique a actual situación da economía e, en especial, dos investimentos estranxeiros na nosa comunidade.

Solicitud de comparecencia, a iniciativa do GP dos Socialistas de Galicia, do Excmo. Sr. Conselleiro de Agricultura, Gandería e Montes, para dar conta da situación actual en relación cos incendios forestais, balance desta e medidas tomadas hai catro meses con motivo da primeira vaga de incendios forestais.

7.7. Comisións especiais

Debe destacarse, así mesmo, o ditame da Comisión Especial Permanente para a Elaboración dun Plan Ferroviario para Galicia sobre a Proposta Alternativa dun Plan Director de Infraestruturas Ferroviarias para Galicia.

7.8. Procedementos electivos

No ámbito dos procedementos electivos, procedeuse á designación dos vogais do Consello de Bibliotecas, dos vogais do Consello Reitor do Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais, dun membro do Consello de Administración da Compañía de Radio-Televisión de Galicia, dun membro do Consello Asesor de RTVE en Galicia e dun membro do Consello Social da Universidade da Coruña.

7.9. Comisións de investigación

Durante os dous períodos de sesións correspondentes a 1995 propúxose a creación de cinco comisións de investigación, que foron rexeitadas.

7.10. Declaracións institucionais

Declaración institucional relativa ás autovías de enlace de Galicia coa restante rede española e europea a través da Meseta (BOPG n.º 217, do 8-3-1995).

Declaración institucional relativa á pesqueira de fletán negro en augas NAFO (BOPG n.º 245, do 8-4-1995).

Declaración institucional con ocasión do Día Mundial de Loita contra a Droga (BOPG n.º 289, do 30-6-1995).

Declaración institucional sobre as probas nucleares francesas no atol de Mururoa (BOPG n.º 353, do 9-11-1995).

Declaración institucional con motivo do décimo quinto aniversario do referendo do Estatuto de autonomía de Galicia (BOPG n.º 387, do 30-12-1995).

8. Reformas do Regulamento parlamentario

Aínda que foron varias as proposicións de lei de reforma do Regulamento do Parlamento de Galicia, todas elas foron rexeitadas.

O Pleno da Cámara aprobou a modificación dos artigos 52.2 e 69.22 do Regulamento de Parlamento, ambos relativos á regulación das comisións de investigación.

9. Normas interpretativas e supletorias do Regulamento

Ningunha

10. Institucións similares ao Consello Consultivo, Tribunal de Contas e Valedor do Pobo Valedor do Pobo

Unha vez expirado o mandato do Valedor do Pobo, por transcurso do prazo de cinco anos fixado legalmente, procedeu-se á designación de novo valedor, cargo que volveu recaer na persoa de José Cora Rodríguez. A proposta foi aprobada por unanimidade no pleno do Parlamento de Galicia do 24 de outubro de 1995. En cumprimento das previsións contidas na súa lei reguladora, o valedor procedeu á designación de vicevaledores nas persoas de José Carlos Rodríguez González e José Manuel López Casanova.

Por outro lado, na sesión parlamentaria do 6 de xuño de 1995, o valedor do pobo procedeu á presentación ante a Cámara galega do seu informe correspondente ao ano 1994, dando así cumprimento a unha das previsións da súa lei reguladora.

Consello de Contas

Tras o falecemento dun dos conselleiros, Manuel González Vidal, o Pleno do Parlamento procedeu á designación dun novo conselleiro, cargo que recaeu en Ana María Luisa Bravo Doviso.

Informe de fiscalización da conta xeral da Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao exercicio económico de 1991, aprobado polo Pleno do Consello de Contas. Debate e aprobación en sesión plenaria do Parlamento do 20 de xuño de 1995.

Consello Consultivo

O Parlamento de Galicia aprobou a Lei 9/1995, do 10 de novembro, do Consello Consultivo de Galicia (DOG n.º 229, do 29-11-1995), sen que ao longo do mes de decembro se procedese á designación de conselleiros por parte do presidente da Xunta.

Ano 1996

1. Composición da Asemblea Lexislativa por grupos parlamentarios

Total deputados: 75

Composición na data do 01-01-1996:

Popular de Galicia: 43

Socialistas de Galicia: 19

Bloque Nacionalista Galego: 13

Composición na data do 31-12-1996:

Non experimentou variación ningunha ao longo do ano.

2. Estructura do Goberno

Presidente: Manuel Fraga Iribarne (Partido Popular)

Número de consellarías: 12

Consellería de Presidencia e Administración Pública: Dositeo Rodríguez Rodríguez

Consellería de Economía e Facenda: José Antonio Orza Fernández

Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda: Xosé Cuíña Crespo

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria: Celso Currás Fernández

Consellería de Industria e Comercio: Antonio Couceiro Méndez

Consellería de Agricultura, Gandería e Montes: Tomás Pérez Vidal

Consellería de Cultura e Comunicación Social: Jesús Pérez Varela

Consellería de Sanidade e Servizos Sociais: José María Hernández Cochón

Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura: Juan Caamaño Cebreiro

Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais: Xesús Carlos Palmou Lorenzo

Consellería de Familia, Muller e Xuventude: Manuela López Besteiro

Consellería sen carteira para Asuntos Parlamentarios: Víctor Manuel Vázquez Portomeñe

3. Tipo de goberno

Tipo de goberno por apoio parlamentario: maioritario

Partidos e número de deputados que o apoian: Partido Popular (43 deputados)

Composición do Goberno: homoxénea

4. Cambios no Goberno

Substitución do titular da Consellería de Sanidade e Asuntos Sociais: cesa José Manuel Romay Beccaría (Decreto 151/1996, do 6 de maio) e é nomeado José María Hernández Cochón (Decreto 156/1996, do 9 de maio) (DOG do 7 e 10 de maio, respectivamente).

Substitución do titular da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais: cesa Juan Miguel Diz Guedes (Decreto 166/1996, do 17 de maio) e é nomeado Xesús Carlos Palmou Lorenzo (Decreto 177/1996, do 20 de maio) (DOG do 18 e 21 de maio, respectivamente).

Substitución do titular da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria: cesa Juan Piñeiro Permuy (Decreto 189/1996, do 24 de maio) e é nomeado Celso Currás Fernández (Decreto 202/1996, do 28 de maio) (DOG do 27 e 31 de maio, respectivamente).

Cambio de nome da Consellería de Cultura, que pasa a denominarse de Cultura e Comunicación Social e substitución do seu titular: cesa Víctor Manuel Vázquez Portomeñe (Decreto 213/1996, do 6 de xuño) e é nomeado Jesús Pérez Varela (Decreto 217/1996, do 6 de xuño) (DOG do 7 de xuño de 1996).

Creación dunha nova Consellería sen carteira para Asuntos Parlamentarios e designación de Víctor Manuel Vázquez Portomeñe como o seu titular (Decreto 218/1996, do 6 de xuño) (DOG do 7 de xuño de 1996).

5. Investidura, moción de censura e cuestión de confianza

Non houbo.

6. Mocións de reprobación

Ningunha

7. Debates e resolucións máis importantes

7.1. Proposicións de lei máis destacadas

Proposición de lei, formulada polo GP dos Socialistas de Galicia, de ordenación do turismo de Galicia (BOPG n.º 451. Rexeitada).

Proposición de lei, formulada polo GP do Bloque Nacionalista Galego, de institucionalización do Día da Galicia Mártir na Comunidade Autónoma de Galicia (BOPG n.º 463. Rexeitada).

Proposición de lei do GP, dos Socialistas de Galicia, de reforma parcial do artigo 4 da Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia (BOPG n.º 473. Rexeitada).

7.2. Procedementos de control e impulso político

a) Comunicación da Xunta de Galicia relativa ao financiamento autonómico para o próximo quinquenio (BOPG n.º 517. Resolucións aprobadas: BOPG n.º 517).

b) Debate sobre o estado da autonomía: comunicación na que se solicita a comparecencia do Excmo. Sr. Presidente da Xunta de Galicia para expoñer a situación política da Comunidade Autónoma de Galicia (BOPG n.º 526). Resolucións subseguintes ao debate de política xeral sobre a situación política da Comunidade Autónoma de Galicia (BOPG n.º 547).

7.3. Declaracións institucionais

Declaración institucional de repulsa polo asasinato do Excmo. Sr. D. Francisco Tomás y Valiente, ex-presidente do Tribunal Constitucional (BOPG n.º 414).

7.4. Proposicións non de lei e mocións máis importantes

Proposición non de lei en pleno formulada polo GP dos Socialistas de Galicia, sobre a posible repercusión dos reaxustes orzamentarios do Ministerio de Obras Públicas, Transporte e Medio Ambiente nas autovías de comunicación de Galicia co resto de España (BOPG n.º 477, do 1 de xuño de 1996).

Proposición non de lei en pleno formulada polo GP dos Socialistas de Galicia, sobre a adopción de medidas para a construción da autovía Lugo-Santiago de Compostela (BOPG n.º 483, do 8 de xuño de 1996).

Proposición non de lei en pleno formulada polo GP dos Socialistas de Galicia sobre o rexeitamento da posible imposición polo Goberno central de calquera tipo de peaxe, canon ou taxa para as autovías de comunicación de Galicia co resto de España (BOPG n.º 513, do 16 de setembro de 1996).

Proposición non de lei en pleno formulada polo GP dos Socialistas de Galicia sobre a adopción de medidas para a creación da figura do Valedor dos Dereitos dos Espectadores e da Imparcialidade Informativa das sociedades da Compañía de Radio Televisión de Galicia (CRTVG) (BOPG n.º 513, do 16 de setembro de 1996).

Moción formulada polo GP do Bloque Nacionalista Galego sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego respecto do acordo da redución da frota pesqueira (BOPG n.º 440, do 11 de abril de 1996).

Moción formulada polo GP do Bloque Nacionalista Galego sobre o Plan de financiamento do Sistema Universitario de Galicia (BOPG n.º 455, do 3 de maio de 1996).

Moción formulada polo GP do Bloque Nacionalista Galego sobre a elaboración e remisión ao Parlamento dunha proposta de posición negociadora da Comunidade Autónoma de cara á confección do novo modelo de financiamento autonómico (BOPG n.º 476, do 31 de maio de 1996).

Moción formulada polo GP dos Socialistas de Galicia sobre o mantemento do recurso contra a cesión do 15% do IRPF ás comunidades autónomas e a presentación no Parlamento dunha proposta relativa ao modelo de financiamento autonómico (BOPG n.º 476, do 31 de maio de 1996).

Moción formulada polo GP dos Socialistas de Galicia sobre a presentación pola Xunta de Galicia ante o Goberno central das demandas de mellora do ferrocarril aprobadas no Parlamento e a correspondente consignación orzamentaria para 1997 (BOPG n.º 528, do 10 de outubro de 1996).

Moción formulada polo GP dos Socialistas de Galicia sobre as medidas que se van adoptar respecto da rebaixa do imposto de sociedades no País Vasco (BOPG n.º 554, do 15 de novembro de 1996).

8. Reformas do Regulamento parlamentario

Ningunha

9. Normas interpretativas e supletorias do Regulamento

A Mesa do Parlamento, en reunión celebrada o día 4 de novembro de 1995, aprobou as normas para a tramitación do proxecto de Regulamento de organización e funcionamento da Oficina do Valedor do Pobo (BOPG n.º 389, do 12 de xaneiro de 1996).

10. Institucións similares ao Consello Consultivo, Tribunal de Contas e Valedor do Pobo

Presentación do Informe do Valedor do Pobo e recomendacións ao Parlamento de Galicia correspondente ao ano 1995 (BOPG n.º 450, do 24 de abril de 1996). Sesión plenaria do 4 de xuño de 1996 (DSPG n.º 102).

Presentación dun informe extraordinario sobre a contaminación acústica (BOPG n.º 565, do 3 de decembro de 1996).

Publicación do proxecto de regulamento de organización e funcionamento do Valedor do Pobo (BOPG n.º 414, do 24 de febreiro de 1996).

Consello de Contas

Memoria de actividades do Consello de Contas de Galicia correspondente aos anos 1994 e 1995 e Informe de fiscalización da conta xeral da Comunidade Autónoma correspondente ao exercicio económico de 1992 (BOPG n.º 484, do 10 de xuño de 1996). Pleno do día 5 de novembro de 1996 (DSPG n.º 117). Aprobada (BOPG n.º 553, do 14 de novembro de 1996).

Recomendacións formuladas pola Comisión Non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas ás memorias do Consello de Contas de Galicia correspondentes aos exercicios de 1994 e 1995 (BOPG n.º 532, do 16 de outubro de 1996).

Consello Consultivo

Decretos 39 a 43, todos do 1 de febreiro de 1996, polos que se procede a nomear membros do Consello Consultivo de Galicia, respectivamente, os señores Antonio Carro Fernández-Valmayor, José Antonio García Caridad, José María Gómez y Díaz Castroverde, Pablo Moure Mariño e José Luis de la Torre Nieto (DOG do 9 de febreiro de 1996).

Designación como presidente do Consello de D. José Antonio García Caridad (DOG do 26 de febreiro de 1996).

Decreto 287/1996, do 12 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do Consello Consultivo de Galicia.

11. Elección de senadores en representación da CAG

Dona Marta Álvarez Montes (PP), D. Luis Antonio Chao Gómez (PP) e D. Fernando González Laxe (PSdeG-PSOE) foron designados polo Parlamento de Galicia, na súa sesión plenaria do 12 de marzo de 1996, como senadores en representación da Comunidade Autónoma de Galicia (DSPG n.º 89 e BOPG n.º 249, do 20 de abril de 1996).

Ano 1997

1. Composición da Asemblea Lexislativa por grupos parlamentarios

Total deputados: 75

Composición por grupos na data do 01-01-1997:

Popular de Galicia: 43

Socialistas de Galicia: 19

Bloque Nacionalista Galego: 13

Composición por grupos na data do 31-12-1997:

Popular de Galicia: 42

Bloque Nacionalista Galego: 18

Socialistas de Galicia: 13

Mixto (Esquerda Galega-Esquerda Unida): 2

2. Estrutura do Goberno

Presidente: Manuel Fraga Iribarne (Partido Popular)

Número de consellarías: 12

Consellería de Presidencia e Administración Pública: Dositeo Rodríguez Rodríguez

Consellería de Economía e Facenda: José Antonio Orza Fernández

Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda: Xosé Cuíña Crespo

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria: Celso Currás Fernández

Consellería de Industria e Comercio: Antonio Couceiro Méndez

Consellería de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria: Cástor Gago Álvarez

Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo: Jesús Pérez Varela

Consellería de Sanidade e Servicios Sociais: José María Hernández Cochón

Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura: Amancio Landín Jaráiz

Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais: Xesús Carlos Palmou Lorenzo

Consellería de Familia, Promoción do Emprego, Muller e Xuventude: Manuela López Besteiro

Consellería de Medio Ambiente: José Carlos del Álamo Jiménez

3. Tipo de goberno

Tipo de goberno por apoio parlamentario: maioritario

Partidos e número de deputados que o apoian: Partido Popular (42 deputados)

Composición do Goberno: homoxénea

4. Cambios no Goberno

Cambio de denominación da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, que pasa a denominarse de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria e substitución do seu titular: cesa Tomás Pérez Vidal e é nomeado Cástor Gago Álvarez (decretos 347, 348 e 349/1997, do 9 de decembro, en DOG n.º 238, do 10 de decembro).

Cambio de nome da Consellería de Cultura e Comunicación Social, que pasa a denominarse de Cultura, Comunicación Social e Turismo (Decreto 347/1997, do 9 de decembro).

Cambio de nome da Consellería de Familia, Muller e Xuventude, que pasa a denominarse de Familia, Promoción do Emprego, Muller e Xuventude (Decreto 347/1997, do 9 de decembro).

Substitución do titular da Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura: cesa Juan Caamaño Cebreiro e é nomeado Amancio Landín Jaráiz (decretos 348 e 349/1997, do 9 de decembro).

Supresión da Consellería sen carteira para Asuntos Parlamentarios e cesamento do seu titular, Víctor Manuel Vázquez Portomeñe, que abandona a Xunta de Galicia (decretos 347 e 348/1997, do 9 de decembro).

Creación dunha nova Consellería de Medio Ambiente, para a que é nomeado como titular José Carlos del Álamo Jiménez, que se incorpora á Xunta de Galicia (decretos 347 e 349/1997, do 9 de decembro).

5. Investidura, moción de censura e cuestión de confianza

Entre os días 1 e 3 de decembro de 1997 tivo lugar a sesión de investidura do presidente da Xunta de Galicia: iniciouse ás 10 horas do día 1 coa presentación do programa de goberno por parte do

candidato designado polo presidente do Parlamento de Galicia: Manuel Fraga Iribarne. Ás 12 horas dese mesmo día, o presidente da Cámara, dando cumprimento ás previsións do Regulamento do Parlamento, suspendeu a sesión ata as 12 horas do día 3 de decembro, momento en que comezou o debate de investidura, tras o cal o candidato proposto resultou elixido en primeira votación presidente da Xunta cos votos dos 42 deputados do Grupo Parlamentario Popular. O presidente foi nomeado polo Real decreto 1835/1997, do 4 de decembro, publicado no *Diario Oficial de Galicia* n.º 236 do 5 de decembro.

6. Mocións de reprobación

Ningunha

7. Debates e resolucións máis importantes

7.1. Sesións da Cámara

Á parte da xa mencionada sesión de investidura do presidente da Xunta de Galicia, a nova Cámara saída das eleccións autonómicas do 19 de outubro celebrou outras dúas sesións solemnes: a) a sesión constitutiva do Parlamento, o día 18 de novembro, na que se procedeu á elección da Mesa do Parlamento e na que os 75 deputados autonómicos presentes prestaron o preceptivo xuramento ou promesa; e b) a solemne sesión de apertura, que tivo lugar o 28 de novembro de 1997. Finalmente, e antes de pecharse o período ordinario de sesións da Cámara, o día 22 de decembro de 1997 celebrouse a sesión plenaria na que se deu conta dos asuntos tratados e das decisións adoptadas pola Deputación Permanente e do ditame da Comisión do Estatuto dos Deputados sobre a compatibilidade dos membros da Cámara.

7.2. Composición das comisións da Cámara

Nun ambiente marcado pola controversia, debido á disparidade de criterios dos diferentes grupos parlamentarios da Cámara ao respecto, a Mesa e a Xunta de Portavoces estableceron por maioría, na reunión celebrada o día 24 de novembro de 1997, o número de membros que haberían de compoñer as comisións da Cámara, número que quedou fixado en 16, un menos que os fixados durante as III e IV lexislaturas. As comisións permanentes constituíronse o día 27 de novembro de 1997.

7.3. Proposicións de lei ante o Congreso dos Deputados

Proposición de lei ante o Congreso dos Deputados sobre cambio de denominación das provincias de «La Coruña» e «Orense» (BOPG n.º 283, do 17 de xuño de 1995): a proposición de lei, pola que se propón que as novas denominacións oficiais sexan as de «A Coruña» e «Ourense», culminou finalmente a súa tramitación parlamentaria iniciado xa o ano 1998, ao ser aprobada por asentimento polo Pleno do Senado na súa sesión do 11 de febreiro de 1998.

7.4. Procedementos de control e impulso político

Plan de Galicia sobre drogas 1997-2000 (BOPG n.º 602, do 24 de febreiro de 1997). Debate do plan e propostas de resolución: Comisión 2.ª (27 de xuño de 1997). Aprobado.

Ditame e propostas de resolución formuladas pola Comisión Non Permanente Especial de Seguimento do Plan forestal de Galicia: BOPG n.º 607, do 1 de marzo de 1997. Texto aprobado: BOPG n.º 626, do 4 de abril de 1997.

Ditame da Comisión Non Permanente para a Igualdade e para os Dereitos das Mulleres. Debate no pleno: 17 de xuño de 1997. BOPG n.º 681, do 25 de xuño de 1997.

Resolucións aprobadas pola Comisión 3.ª, de Economía, Facenda e Orzamentos, relativas ao Fondo de Cooperación Local. BOPG n.º 633, do 15 de abril de 1997.

7.5. Declaracións institucionais

Declaración institucional sobre os traballadores galegos e o seu esforzo para conseguir un marco democrático (pleno do día 5 de marzo de 1997. BOPG n.º 633, do 15 de abril de 1997).

Declaración institucional relativa á celebración do Día Europeo das Linguas (pleno do día 8 de abril de 1997. BOPG n.º 647, do 5 de maio de 1997).

Declaración institucional que aproba o proceso de paz no antigo Sáhara Occidental español (pleno do día 17 de xuño de 1997).

7.6. Solicitude de creación de comisións de investigación

Solicitude de creación dunha comisión de investigación formulada por unha quinta parte dos deputados da Cámara, pertencentes ao GP dos Socialistas de Galicia, co obxecto de analizar a xestión dos correspondentes responsables da Xunta de Galicia á fronte das súas obrigas administrativas e políticas en canto ás circunstancias, os feitos e as actuacións previas e posteriores á traxedia acaecida na gardaría Dinky de Vigo (n.º 14.095) (BOPG n.º 626, do 4 de abril de 1997. Pleno do día 8 de abril de 1997. Rexeitada: BOPG n.º 641, do 24 de abril de 1997).

Solicitude de creación dunha comisión de investigación formulada por 19 deputados e deputadas da Cámara, pertencentes ao GP dos Socialistas de Galicia, para aclarar todos os aspectos relativos ao proceso de posta en marcha do Plan eólico de Galicia (n.º 15.141) (BOPG n.º 674, do 13 de xuño de 1997. Pleno do día 17 de xuño de 1997. Rexeitada).

7.7. Acordos da Deputación Permanente

Na súa sesión plenaria do 22 de decembro de 1997, o Pleno do Parlamento procedeu á validación dos acordos adoptados pola Deputación Permanente da Cámara no período vacacional desde a disolución da Cámara o día 26 de agosto de 1997 (BOPG n.º 9, do 19 de decembro de 1997).

8. Reformas do Regulamento parlamentario

Ningunha

9. Normas interpretativas e supletorias do Regulamento

Ningunha

10. Institucións similares ao Consello Consultivo, Tribunal de Contas e Valedor do Pobo

Valedor do Pobo

Proxecto de Regulamento de organización e funcionamento do Valedor do Pobo (texto aprobado: BOPG n.º 678, do 20 de xuño de 1997).

Ratificación do acordo de cooperación e coordinación entre o Defensor do Pobo e o Valedor do Pobo (DOG n.º 37, do 24 de febreiro de 1997).

Informe do Valedor do Pobo e recomendacións correspondentes ao ano 1996 (BOPG n.º 645, do 30 de abril de 1997. Debate no pleno do 3 de xuño de 1997. DSPG n.º 144).

Consello de Contas

Normas complementarias ao acordo da Mesa do Parlamento do 5 de maio de 1987 para ordenar a elección de dúas vacantes no Consello de Contas de Galicia (BOPG n.º 626, do 4 de abril de 1997).

Memoria de actividades do Consello de Contas correspondente ao ano 1996 e Informe de fiscalización da conta xeral da Comunidade Autónoma correspondente ao exercicio económico de 1993 (BOPG n.º 657, do 20 de maio de 1997).

11. Elección de senadores en representación da CAG

D. Víctor Vázquez Portomeñe (PP) e D. Victorino Núñez (PP) foron designados polo Parlamento de Galicia, na súa sesión do 5 de decembro de 1997, como senadores en representación da Comunidade Autónoma de Galicia.

Año 1998

1. Composición da Asemblea Lexislativa por grupos parlamentarios

Total deputados: 75

Composición por grupos na data do 01-01-1998:

Popular de Galicia: 42

Bloque Nacionalista Galego: 18

Socialistas de Galicia: 13

Mixto (Esquerda Galega-Izquierda Unida): 2

Composición por grupos na data do 31-12-1998:

A mesma

2. Estrutura do Goberno

Presidente: Manuel Fraga Iribarne (Partido Popular)

Número de consellarías: 12

Consellería de Presidencia e Administración Pública: Dositeo Rodríguez Rodríguez

Consellería de Economía e Facenda: José Antonio Orza Fernández

Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda: Xosé Cuíña Crespo

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria: Celso Currás Fernández

Consellería de Industria e Comercio: Antonio Couceiro Méndez

Consellería de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria: Cástor Gago Álvarez

Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo: Jesús Pérez Varela

Consellería de Sanidade e Servicios Sociais: José María Hernández Cochón

Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura: Amancio Landín Jaráiz

Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais: Xesús Carlos Palmou Lorenzo

Consellería de Familia, Promoción de Emprego, Muller e Xuventude: Manuela López Besteiro

Consellería de Medio Ambiente: José Carlos del Álamo Jiménez

3. Tipo de goberno

Tipo de goberno por apoio parlamentario: maioritario

Partidos e número de deputados que o apoian: Partido Popular (42 deputados)

Composición do Goberno: homoxénea

4. Cambios no Goberno

Ningún

5. Investidura, moción de censura e cuestión de confianza

Non se produciron.

6. Mocións de reprobación

Ningunha

7. Debates e resolucións máis importantes

7.1. Proposicións de lei ante o Congreso dos Deputados

Proposición de lei ante o Congreso dos Deputados, formulada polo Grupo Parlamentario Mixto, sobre a dispoñibilidade da propia vida (BOPG n.º 73, do 17 de abril de 1998. Rexeitada: BOPG n.º 118, do 27 de xuño de 1998).

Proposición de lei para presentar ante o Congreso dos Deputados, formulada polo Grupo Parlamentario Mixto, sobre a regulación da interrupción voluntario do embarazo (BOPG n.º 104, do 6 de xuño de 1998. Rexeitada: BOPG n.º 178, do 9 de novembro de 1998).

Proposición de lei de medidas para a igualdade xurídica das parellas de feito (BOPG n.º 149, do 29 de setembro de 1998).

7.2. Proposicións de lei de iniciativa lexislativa popular

Proposición de lei, de iniciativa lexislativa popular, para a ordenación e xestión do Servizo Galego de Saúde (BOPG n.º 80, do 30 de abril de 1998).

7.3. Procedementos de control e impulso político

7.3.1. Comunicazóns da Xunta

Comunicación da Xunta de Galicia sobre distribución do crédito correspondente ao programa 799 A «Accións do Plan de crecemento e emprego» dos orzamentos xerais para 1998 (comunicación BOPG n.º 126, do 11 de xullo de 1998; resolución aprobada na Comisión 3.ª do 29 de xuño de 1998, BOPG n.º 126, do 11 de xullo de 1998).

7.3.2. Resolucións do Pleno

Adhesión ás peticións elevadas á Unesco para declarar Patrimonio da Humanidade a muralla de Lugo (aprobada en sesión plenaria do 9 de xuño de 1998).

7.4. Debate de política xeral (debate sobre o estado da autonomía)

Comunicación na que se solicita a comparecencia do presidente da Xunta de Galicia para expoñer a situación política da Comunidade Autónoma (BOPG n.º 158, do 9 de outubro de 1998. Debate nos plenos dos días 13 e 14 de outubro de 1998).

Resolucións subseguintes ao debate de política xeral sobre a situación política da Comunidade Autónoma de Galicia (BOPG n.º 172, do 28 de outubro de 1998):

Relativa á potenciación do sector audiovisual galego

Relativa ao consello recollido no art. 131 da Constitución

Relativa á postura que debe manter o presidente da Xunta no seo da Relatoría para a Reforma Constitucional do Senado

Relativa ao teito competencial que se debe conseguir para Galicia

Relativa á violencia doméstica

Relativa á frota pesqueira que traballa ao abeiro do acordo entre a Unión Europea e o Reino de Marrocos

Relativa á aprobación dun Plan galego de investigación e desenvolvemento tecnolóxico

Relativa ao cumprimento da norma que vincula a frota pesqueira do Reino Unido

Relativa á modernización das explotacións agrícolas

Relativa ao impulso do proceso de transferencia de competencias do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia

Relativa ao acceso das amas de casa e outros grupos sociais a pensións con garantía pública

Relativa á materialización dunha conferencia de presidentes que aglutine o do Goberno da nación e os das comunidades autónomas

Relativa ao cumprimento dos acordos adoptados no pacto local

Relativa á extensión de xurisdición dos estados ribeiráns máis alá das 200 millas

Relativa á territorialización dos procedementos de xestión das bolsas universitarias

Relativa ás conexións ferroviarias con Portugal

Relativa ao fomento da contratación a tempo parcial con carácter estable

Relativa aos plans estratéxicos de turismo náutico e termal

Relativa á mellora do sector turístico

7.5. Procedementos electivos

Elección dos membros do Consello de Administración da Compañía de Radio-Televisión de Galicia (BOPG n.º 45, do 6 de marzo de 1998).

Elección de membros do Consello Asesor de Radio-Televisión Española en Galicia (BOPG n.º 45, do 6 de marzo de 1998).

Designación dos vogais do Consello Universitario de Galicia (BOPG n.º 82, do 5 de maio de 1998).

8. Reformas do Regulamento parlamentario

Ningunha

9. Normas interpretativas e supletorias do Regulamento

Normas supletorias do artigo 155.5 do Regulamento da Cámara para a tramitación das preguntas cualificadas de urxentes (BOPG n.º 151, do 1 de outubro de 1998).

10. Institucións similares ao Consello Consultivo, Tribunal de Contas e Valedor do Pobo

Valedor do Pobo

Informe do Valedor do Pobo e recomendacións correspondentes ao ano 1997 (BOPG n.º 77, do 25 de abril de 1998).

Informe extraordinario do Valedor do Pobo sobre «Discriminación, marxinación, exclusión social en Galicia» (BOPG n.º 198, do 3 de decembro de 1998).

Consello de Contas

Memoria de actividades do Consello de Contas correspondente ao ano 1996 e Informe de fiscalización da conta xeral da Comunidade Autónoma correspondente ao exercicio económico de 1993 (texto aprobado BOPG n.º 118, do 27 de xuño de 1998).

Memoria de actividades do Consello de Contas de Galicia correspondente ao ano 1997 e Informe de fiscalización da conta xeral da Comunidade Autónoma correspondente ao exercicio económico de 1994 (BOPG n.º 81; propostas de resolución BOPG n.º 114, do 23 de xuño de 1998).

Informe de fiscalización sobre as eleccións ao Parlamento de Galicia do 19 de outubro de 1997 (BOPG n.º 96; propostas de resolución BOPG n.º 114, do 23 de xuño de 1998).

Año 1999

1. Composición da Asemblea Lexislativa por grupos parlamentarios

Total deputados: 75

Composición por grupos na data do 01-01-1999:

Popular de Galicia: 42

Bloque Nacionalista Galego: 18

Socialistas de Galicia: 13

Mixto (Esquerda Galega-Izquierda Unida): 2

Composición por grupos na data do 31-12-1999:

A mesma

2. Estrutura do Goberno

Presidente: Manuel Fraga Iribarne (Partido Popular)

Número de consellarías: 12

Consellería de Presidencia e Administración Pública: Jaime Pita Varela

Consellería de Economía e Facenda: José Antonio Orza Fernández

Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda: Xosé Cuíña Crespo

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria: Celso Currás Fernández

Consellería de Industria e Comercio: Juan Rodríguez Yuste

Consellería de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria: Cástor Gago Álvarez

Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo: Jesús Pérez Varela

Consellería de Sanidade e Servicios Sociais: José María Hernández Cochón

Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura: Amancio Landín Jaráiz

Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais: Antonio Pillado Montero

Consellería de Familia, Promoción de Emprego, Muller e Xuventude: Manuela López Besteiro

Consellería de Medio Ambiente: José Carlos del Álamo Jiménez

3. Tipo de goberno

Tipo de goberno por apoio parlamentario: maioritario

Partidos e número de deputados que o apoian: Partido Popular (42 deputados)

Composición do Goberno: homoxénea

4. Cambios no Goberno

Substitución do titular da Consellería de Presidencia e Administración Pública: cesa Dositeo Rodríguez Rodríguez (Decreto 33/1999, do 18 de febreiro) e é nomeado Jaime Pita Varela (Decreto 347/1999, do 18 de febreiro) (DOG n.º 35, do 20 de febreiro de 1999).

Substitución do titular da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais: cesa Xesús Carlos Xalmou Lorenzo (Decreto 246/1999, do 13 de setembro) e é nomeado Antonio Pillado Montero (Decreto 247/1999, do 13 de setembro) (DOG n.º 178, do 14 de setembro de 1999).

Substitución do titular da Consellería de Industria e Comercio: cesa Antonio Couceiro Méndez (Decreto 253/1999, do 24 de setembro) e é nomeado Juan Rodríguez Yuste (Decreto 255/1999, do 24 de setembro) (DOG n.º 187, do 27 de setembro de 1999).

5. Investidura, moción de censura e cuestión de confianza

Non se produciron.

6. Mocións de reprobación

Ningunha

7. Debates e resolucións máis importantes

7.1. Proposicións de lei (rexeitadas ou retiradas)

Proposición de lei, formulada polo GP do BNG, de uso da lingua galega por parte da Administración da Xunta de Galicia (BOPG n.º 117, do 26 de xuño de 1998. Rexeitada: BOPG n.º 291, do 19 de abril de 1999).

Proposición de lei, formulada polo GP dos Socialistas de Galicia, de mellora da calidade do ensino (BOPG n.º 222, do 26 de xaneiro de 1999. Rexeitada: BOPG n.º 292, do 29 de abril de 1999).

Proposición de lei, formulada polo GP dos Socialistas de Galicia, de creación da fundación pública Universidade Aberta de Galicia (BOPG n.º 299, do 10 de maio de 1999. Rexeitada).

Proposición de lei, formulada polo GP do BNG, de bisbarras (BOPG n.º 299, do 10 de maio de 1999. Rexeitada: BOPG n.º 372, do 5 de outubro de 1999).

Proposición de lei, formulada polo GP dos Socialistas de Galicia, de creación do Colexio Profesional de Educadores e Educadoras de Galicia (Retirada: 14 de decembro de 1999).

7.2. Proposicións de lei ante o Congreso dos Deputados

Proposición de lei para presentar ante o Congreso dos Deputados, formulada por Dna. María Salomé Álvarez Blanco e tres deputados máis do GP do BNG, sobre a reforma do Código Penal e da Lei de axuízamento criminal (BOPG n.º 218, do 18 de xaneiro de 1999).

7.3. Proposicións de lei de iniciativa lexislativa popular

Proposición de lei, de iniciativa lexislativa popular, sobre ordenación e xestión do Servizo Galego de Saúde (BOPG n.º 30, do 30 abril de 1998. Rexeitada: BOPG n.º 305, do 20 de maio de 1999).

7.4. Procedementos de control e impulso político

7.4.1. Comunicazóns da Xunta

Debate de política xeral (debate do estado da autonomía): comunicazón na que se solicita a comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia para expoñer a situación política da Comunidade Autónoma de Galicia (BOPG n.º 365, do 24 de setembro. Resolucións subseguintes ao debate de política xeral sobre a situación política da Comunidade Autónoma: BOPG n.º 379, do 19 de outubro). O debate celebrouse nos plenos do Parlamento de Galicia celebrados os días 28 e 29 de setembro de 1999 (DSPG n.º 73 e 74).

Plan estratéxico de desenvolvemento económico de Galicia 2000-2006 (BOPG n.º 377, do 15 de outubro). Debate e votación das propostas de resolución formuladas: pleno do 26 de outubro de 1999.

7.4.2. Proposicións non de lei en pleno

Formulada polo GP dos Socialistas de Galicia, sobre presentación do Plan de infraestruturas de Galicia para debate e aprobación no Parlamento (BOPG n.º 229, do 5 de febreiro).

Formulada polo GP dos Socialistas de Galicia, sobre o cumprimento da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (BOPG n.º 250, do 5 de marzo).

Formulada polo GP do BNG, sobre o trato dado a Galicia nos orzamentos do Estado (BOPG n.º 260, do 17 de marzo).

Formulada polo GP do BNG sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego para reducir o número de embarazos non desexados e de abortos realizados polas adolescentes galegas (BOPG n.º 267, do 26 de marzo).

Formulada polo GP dos Socialistas de Galicia sobre a regulación polo Goberno galego do financiamento das corporacións locais antes do debate dos orzamentos para o ano 2000 (BOPG n.º 280, do 16 de abril).

Formulada polo GP dos Socialistas de Galicia sobre a actuación que debera levar a cabo o Goberno galego para a equiparación salarial dos docentes do ensino privado concertado cos docentes do ensino público e a homologación das súas condicións de traballo (BOPG n.º 287, do 24 de abril).

Formulada polo GP Popular de Galicia sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego para a sinatura dun acordo pesqueiro co Reino de Marrocos (BOPG n.º 293, do 3 de abril).

Formulada polo GP dos Socialistas de Galicia sobre a necesidade de deter o proceso de privatización desenvolvido polo Goberno galego (BOPG n.º 323, do 16 de xuño).

Formulada polo GP dos Socialistas de Galicia sobre a tramitación no Parlamento dun plan estratéxico do sector lácteo e a adopción de medidas ao respecto (BOPG n.º 366, do 25 de setembro).

Formulada polo GP do BNG sobre a necesidade de avaliación do sistema educativo galego (BOPG n.º 399, do 16 de novembro).

Formulada polo GP do BNG sobre a supresión dos contratos de privatización dos servizos de historias clínicas realizadas na rede sanitaria pública galega (BOPG n.º 403, do 22 de novembro).

7.5. Procedementos de información

Solicitude de comparecencia en pleno, por iniciativa do GP dos Socialistas de Galicia e Grupo Mixto, do Sr. presidente da Xunta de Galicia para informar da estratexia do Goberno galego de cara á mellora do ferrocarril en Galicia e da súa conexión coa rede de alta velocidade do Estado (BOPG n.º 320, do 11 de xuño).

Solicitude de comparecencia en pleno, por iniciativa do GP do BNG, do Sr. conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda para informar sobre o estado de cumprimento do Plan de melloira do ferrocarril galego aprobado polo Parlamento de Galicia e as distintas conexións de Galicia co exterior (BOPG n.º 374, do 8 de outubro).

7.6. Declaracións institucionais

Sobre conmutación da pena de morte ditada en Turquía contra Abdullah Ocalan (BOPG n.º 346, do 31 de agosto).

Sobre a situación de Timor Leste (BOPG n.º 372, do 5 de outubro).

Sobre a violencia doméstica (BOPG n.º 411, do 1 de decembro).

Sobre a decisión da ETA da ruptura da tregua (BOPG n.º 427, do 30 de decembro).

Sobre a traxedia acontecida en Venezuela (BOPG n.º 427, do 30 de decembro).

7.7. Comisión Especial para Asuntos Europeos

Aprobación polo Pleno do Parlamento da proposta de creación dunha comisión permanente non legislativa para asuntos europeos (BOPG n.º 286, do 13 de abril de 1999). O acordo de creación determina cales son as competencias que se lle asignan á citada comisión:

a) Formular preguntas á Xunta sobre os programas de traballo, as previsións plurianuais, os documentos intersectoriais e as grandes directrices políticas das institucións comunitarias que poidan afectar a Galicia.

b) Fixar a posición da Cámara respecto dos asuntos comunitarios europeos de orde institucional e as políticas comunitarias xerais mediante proposicións non de lei e comunicacións da Xunta de Galicia.

c) Solicitar e recibir información e documentación da Xunta sobre materias debatidas no Comité de Rexións e na Conferencia Sectorial para Asuntos Relacionados coas Comunidades Europeas; sobre a situación da transposición de directivas e execución das decisións e dos regulamentos comunitarios de ámbito multidepartamental que se refiran ás competencias xurídicas substantivas da Comunidade Autónoma galega; e sobre a evolución dos expedientes incoados pola Comisión Europea contra o Reino de España por accións ou omisións da Comunidade Autónoma de Galicia en materias da súa competencia.

8. Reformas do Regulamento parlamentario

Ningunha

9. Normas interpretativas e supletorias do Regulamento

Ningunha

10. Institucións similares ao Consello Consultivo, Tribunal de Contas e Valedor do Pobo

Valedor do Pobo

Informe do Valedor do Pobo e recomendacións correspondentes ao ano 1998 (BOPG n.º 289, do 27 de abril). Debatido no pleno do Parlamento do 15 de xuño de 1999.

Consello de Contas

Aprobación do ditame e da proposta de resolución sobre o Informe de fiscalización das contas do sector público da Comunidade Autónoma correspondente ao exercicio económico de 1994 (BOPG n.º 239, do 19 de febreiro).

Memoria de actividades do Consello de Contas de Galicia correspondente ao exercicio 1998 e Informe de fiscalización do sector público da Comunidade Autónoma correspondente ao exercicio económico de 1995 (BOPG n.º 272, do 7 de abril).

Informe de fiscalización das contas do sector público da Comunidade Autónoma correspondentes ao exercicio económico de 1996 e Informe de fiscalización da SA de Xestión do Plan Xacobeo do exercicio de 1997 (BOPG n.º 414, do 7 de decembro).

Ano 2000

1. Composición da Asemblea Lexislativa por grupos parlamentarios

Total deputados: 75

Composición por grupos na data do 01-01-2000:

Popular de Galicia: 42

Bloque Nacionalista Galego: 18

Socialistas de Galicia: 13

Mixto (Esquerda Galega-Izquierda Unida): 2

Composición por grupos na data do 31-12-2000:

A mesma

2. Estrutura do Goberno

Presidente: Manuel Fraga Iribarne (Partido Popular)

Número de consellarías: 13

Consellería de Presidencia e Administración Pública: Jaime Pita Varela

Consellería de Economía e Facenda: José Antonio Orza Fernández

Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda: Xosé Cuíña Crespo

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria: Celso Currás Fernández

Consellería de Industria e Comercio: Juan Rodríguez Yuste

Consellería de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria: Cástor Gago Álvarez

Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo: Jesús Pérez Varela

Consellería de Sanidade e Servicios Sociais: José María Hernández Cochón

Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura: Amancio Landín Jaráiz

Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais: Antonio Pillado Montero

Consellería de Familia, Promoción de Emprego, Muller e Xuventude: Manuela López Besteiro

Consellería de Medio Ambiente: José Carlos del Álamo Jiménez

Consellería sen carteira para as Relacións Institucionais: Juan Miguel Diz Guedes

3. Tipo de goberno

Tipo de goberno por apoio parlamentario: maioritario

Partidos e número de deputados que o apoian: Partido Popular (42 deputados)

Composición do Goberno: homoxénea

4. Cambios no Goberno

Creación dunha Consellería sen carteira para as Relacións Institucionais, para a que se nomea a Juan Miguel Diz Guedes (Decreto 105/2000, do 15 de maio). (DOG n.º 94, do 17 de maio de 2000).

5. Investidura, moción de censura e cuestión de confianza

Non se produciron.

6. Mocións de reprobación

Ningunha

7. Debates e resolucións máis importantes

7.1. Proposicións de lei

Proposición de lei, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, de creación e acreditación de comités de ética asistencial nos centros sanitarios dependentes do Servizo Galego de Saúde (BOPG n.º 529, do 29 de maio de 2000). Rexeitada.

Proposición de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dna. María Pilar García Negro, para a modificación da Lei 8/1983, do 8 de xullo, do Consello da Cultura Galega (BOPG n.º 563, do 26 de agosto de 2000). Rexeitada.

Proposición de lei formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, de modificación da Lei de eleccións ao Parlamento de Galicia (BOPG n.º 642, do 4 de decembro de 2000). En trámite.

7.2. Proposicións de lei ante o Congreso dos Deputados

Proposición de lei pola que se declara o Parque Nacional das Illas Atlánticas, para a súa presentación ante a Mesa do Congreso dos Deputados, de acordo co disposto no artigo 10.i.f) do Estatuto de autonomía para Galicia (BOPG n.º 453, do 14 de febreiro de 2000). Texto aprobado (BOPG n.º 643, do 5 de decembro de 2000).

Proposición de lei, para presentar ante o Congreso dos Deputados, formulada polo Grupo Mixto, sobre modificación da Lei 40/1998, do 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias (BOPG n.º 508, do 29 de abril de 2000). Rexeitada.

Proposición de lei, para presentar ante o Congreso dos Deputados, formulada polos grupos parlamentarios do Bloque Nacionalista Galego, Socialistas de Galicia e Mixto, sobre usos das linguas do Estado na emisión de selos e outros efectos postais (BOPG n.º 514, do 9 de maio de 2000). Rexeitada.

Proposición de lei, para presentar ante o Congreso dos Deputados, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre a transferencia de competencias en materia de aeroportos e tráfico aéreo (BOPG n.º 540, do 14 de xullo de 2000). Rexeitada.

Proposición de lei orgánica, para presentar ante o Congreso dos Deputados, sobre a modificación da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, para o recoñecemento dos dereitos de sufraxio activo e pasivo a determinados cidadáns estranxeiros (BOPG n.º 572, do 8 de setembro de 2000). Rexeitada.

Proposición de lei orgánica, para presentar ante o Congreso dos Deputados, sobre a reforma da Lei 7/1991, pola que se crea o Instituto Cervantes (BOPG n.º 581, do 19 de setembro de 2000). Rexeitada.

Proposición de lei orgánica, para presentar ante o Congreso dos Deputados, sobre a modificación da Lei orgánica 1/1992, do 21 de febreiro, sobre protección da seguridade cidadá, en relación coa posesión de drogas para consumo propio (BOPG n.º 581, do 19 de setembro de 2000). Rexeitada.

Proposición de lei orgánica, para presentar ante o Congreso dos Deputados, sobre a reforma do artigo 13, apartado 2, da Constitución española (BOPG n.º 601, do 14 de outubro de 2000). Rexeitada.

Proposición de lei orgánica, para presentar ante o Congreso dos Deputados, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, de reforma parcial da Lei orgánica 57/1985, reguladora do réxime electoral xeral (BOPG n.º 642, do 4 de decembro de 2000). En trámite.

7.3. Procedementos de control e impulso político

7.3.1. Comunicacions da Xunta-Debate de política xeral

Comunicación na que se solicita a comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia para expoñer a situación política da Comunidade Autónoma de Galicia (BOPG n.º 595, do 5 de outubro de 2000). Debate no pleno do día 10 de outubro de 2000. Resolucións aprobadas: BOPG n.º 627, do 16 de novembro de 2000.

7.3.2. Solicitude de creación de comisións de investigación

Solicitude de creación dunha comisión de investigación, por petición dos grupos parlamentarios dos Socialistas de Galicia e Mixto, para investigar o conxunto das adxudicacións de obras da Xunta de Galicia e a súa relación co grupo de empresas Martínez Núñez (BOPG n.º 475, do 10 de marzo de 2000). Rexeitada.

Solicitude de creación dunha comisión de investigación, por petición de 14 deputados e catro deputadas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre o alcance político, relacións, posibles implicacións e responsabilidades en relación coa denuncia, trama e noticias relacionadas co

presunto intento de asasinato do Sr. Cuiña e as adxudicacións de obras da Xunta de Galicia (BOPG n.º 475, do 10 de marzo de 2000). Rexeitada.

Solicitude de creación dunha comisión de investigación, por iniciativa dos grupos parlamentarios Mixto e dos Socialistas de Galicia, para investigar sobre as irregularidades nos servizos concertados do Sergas cos hospitais cirúrxicos privados, referidas ás intervencións nestes centros sanitarios de especialistas do Sergas a pacientes derivados desde os hospitais públicos a hospitais privados concertados (BOPG n.º 536, do 9 de xuño de 2000). Rexeitada.

Solicitude de creación dunha comisión non permanente de investigación, por iniciativa dos grupos parlamentarios do Bloque Nacionalista Galego, dos Socialistas de Galicia e Mixto, sobre as posibles implicacións da Administración no asunto de Bemposta (BOPG n.º 548, do 23 de xuño de 2000). Aprobada por unanimidade a creación dunha comisión non permanente de investigación sobre as actuacións de Bemposta e das distintas institucións (pleno do día 27 de xuño de 2000).

Solicitude de creación dunha comisión non permanente de investigación, por iniciativa dos grupos parlamentarios Mixto e dos Socialistas de Galicia, co fin de esclarecer plenamente a xestión do Goberno galego na epidemia de neumonía atípica por lexionela na cidade de Vigo (BOPG n.º 628, do 17 de novembro de 2000). Rexeitada.

Solicitude de creación dunha comisión non permanente de investigación, por iniciativa dos grupos parlamentarios Mixto e dos Socialistas de Galicia, sobre a concesión de subvencións á Confederación de Empresarios de Galicia (BOPG n.º 653, do 19 de decembro de 2000). Rexeitada.

7.3.3. Constitución de creación de comisións non permanentes

Comisión Especial Non Permanente de Estudo da Situación dos Emigrantes Galegos (constitución o 27 de abril de 2000: BOPG n.º 516, do 11 de maio de 2000).

Comisión Especial Non Permanente para o Estudo da Situación e das Propostas de Mellora en Materia de Seguridade Viaria (constitución o 3 de maio de 2000: BOPG n.º 516, do 11 de maio de 2000).

7.4. Declaracións institucionais

De condena do atentado terrorista producido en Vitoria (BOPG n.º 47, 1 de marzo de 2000).

Relativa á importancia socioeconómica que ten para Galicia a pesca no banco canario-sahariano (BPG n.º 530, do 30 de maio de 2000).

De condena do atentado terrorista contra D. José Luis López de la Calle e do asasinato de D. Gonzalo Torres Lage e D. Jesús Sobral Otero (BOPG n.º 534, do 7 de xuño de 2000).

De condena do asasinato do concelleiro D. José Luis Ruiz Casado (BOPG n.º 594, do 4 de outubro de 2000).

Relativa á Marcha Mundial das Mulleres de 2000 (BOPG n.º 619, do 7 de novembro de 2000).

De condena do asasinato do fiscal xefe do Tribunal Superior de Xustiza de Andalucía, don Luis Portero (BOPG n.º 619, do 7 de novembro de 2000).

De condena do asasinato do coronel médico D. Antonio Enrique Muñoz Cariñano (BOPG n.º 619, do 7 de novembro de 2000).

De condena do asasinato do funcionario de prisións D. Máximo Casado Carrera (BOPG n.º 619, do 7 de novembro de 2000).

De condena do asasinato do catedrático e ex-ministro D. Ernest Lluch Martín (BOPG n.º 638, do 29 de novembro de 2000).

De condena do asasinato do concelleiro D. Francisco Cano Consuegra (pleno do 18 de decembro de 2000).

De condena do asasinato do garda urbano de Barcelona D. Juan Miguel Gervilla Valladolid (pleno do 20 de decembro de 2000).

Relativa á conmemoración do 20 aniversario do referendo do Estatuto de autonomía para Galicia (pleno do 21 de decembro de 2000).

8. Reformas do Regulamento parlamentario

Ningunha

9. Normas interpretativas e supletorias do Regulamento

Ningunha

10. Institucións similares ao Consello Consultivo, Tribunal de Contas e Valedor do Pobo Valedor do Pobo

Informe do Valedor do Pobo e recomendacións correspondentes ao ano 1999 (BOPG n.º 504, do 25 de abril de 2000). Debatido no pleno do Parlamento do 13 de xuño de 2000.

Resolución da Presidencia do Parlamento pola que se declara vacante o cargo de valedor do pobo e se prorrogan as funcións do excelentísimo señor D. José Cora Rodríguez (BOPG n.º 611, do 27 de outubro de 2000).

Consello de Contas

Informe de fiscalización das contas do sector público da Comunidade Autónoma correspondentes ao exercicio económico de 1996 e Informe de fiscalización da SA de Xestión do Plan Xacobeo do exercicio de 1997 (BOPG n.º 414, do 7 de decembro de 1999). Aprobación polo Pleno do Parlamento do ditame e das propostas de resolución (BOPG n.º 516, do 11 de maio de 2000).

Resolución da Presidencia do Parlamento de Galicia relativa á aprobación da conta xeral do Parlamento de Galicia e do Valedor do Pobo correspondente ao exercicio económico de 1999 (BOPG n.º 559, do 22 de agosto de 2000).

Memoria de actividades do Consello de Contas de Galicia do ano 1999 e Informe de fiscalización das contas do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia correspondentes ao exercicio económico de 1997 (BOPG n.º 587, do 26 de setembro de 2000).

11. Elección de senadores en representación da CAG

Designación como senadores en representación da Comunidade Autónoma de Galicia de D. Victorino Núñez Rodríguez, D. Juan Corral Pérez e D. Anxo Manuel Quintana González (BOPG n.º 488, do 30 de marzo de 2000).

Año 2001

1. Composición da Asemblea Lexislativa por grupos parlamentarios

Total deputados: 75

Composición por grupos na data do 01-01-2001:

Popular de Galicia: 42

Bloque Nacionalista Galego: 18

Socialistas de Galicia: 13

Mixto (Esquerda Galega-Izquierda Unida): 2

Composición por grupos na data do 31-12-2001:

Popular de Galicia: 41

Bloque Nacionalista Galego: 17

Socialistas de Galicia: 17

2. Estructura do Goberno

Presidente: Manuel Fraga Iribarne (Partido Popular)

Número de consellarías: 13

Consellería de Presidencia e Administración Pública: Jaime Pita Varela

Consellería de Economía e Facenda: José Antonio Orza Fernández

Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda: Xosé Cuíña Crespo

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria: Celso Currás Fernández

Consellería de Industria e Comercio: Juan Rodríguez Yuste

Consellería de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria: Cástor Gago Álvarez

Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo: Jesús Pérez Varela

Consellería de Sanidade e Servicios Sociais: José María Hernández Cochón

Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura: Amancio Landín Jaráiz

Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais: Antonio Pillado Montero

Consellería de Familia, Promoción de Emprego, Muller e Xuventude: Manuela López Besteiro

Consellería de Medio Ambiente: José Carlos del Álamo Jiménez

Consellería sen carteira para as Relacións Institucionais: Juan Miguel Diz Guedes

3. Tipo de goberno

Tipo de goberno por apoio parlamentario: maioritario

Partidos e número de deputados que o apoian: Partido Popular (41 deputados)

Composición do Goberno: homoxénea

4. Cambios no Goberno

Antes da celebración das eleccións autonómicas do 21 de outubro de 2001 producíronse dous cambios no Goberno:

Polo Decreto 1/2001, do 10 de xaneiro, dispúxose o cesamento de Cástor Gago Álvarez como conselleiro de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria. Polo Decreto 4/2001, da mesma data, foi nomeado no seu lugar Juan Miguel Diz Guedes. Este último cesou, polo Decreto 2/2001, tamén do 10 de xaneiro, como conselleiro sen carteira para as Relacións Institucionais. Por último, polo Decreto 4/2001, sempre do 10 de xaneiro, encomendóuselle ao conselleiro de Agricultura, acabado de nomear, o despacho das funcións asignadas ao conselleiro sen carteira para as Relacións Institucionais.

Polo Decreto 208/2001, do 19 de setembro, dispúxose o cesamento de Amancio Landín Jaráiz como conselleiro de Pesca, Marisqueo e Acuicultura. Polo Decreto 209/2001, da mesma data, foi nomeado no seu lugar Enrique César López Veiga.

Tras a celebración das eleccións autonómicas do 21 de outubro de 2001, a nova Xunta de Galicia quedou configurada como segue (polos decretos 306/2001, do 15 de decembro, polo que se estableceu a súa estrutura orgánica, e 308/2001, da mesma data, polo que se procedeu a nomear os titulares dos departamentos da Xunta de Galicia):

Presidente: Manuel Fraga Iribarne (Partido Popular)

Número de consellarías: 14

Consellería de Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública: Jaime Pita Varela

Consellería de Economía e Facenda: José Antonio Orza Fernández

Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda: Xosé Cuíña Crespo

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria: Celso Currás Fernández

Consellería de Industria e Comercio: Juan Rodríguez Yuste

Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural: Juan Miguel Diz Guedes

Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo: Jesús Pérez Varela

Consellería de Sanidade: José María Hernández Cochón

Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos: Enrique César López Veiga

Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais: Antonio Pillado Montero

Consellería de Familia, Promoción de Emprego, Muller e Xuventude: Manuela López Besteiro

Consellería de Medio Ambiente: José Carlos del Álamo Jiménez

Consellería de Asuntos Sociais: Corina Porro Martínez

Consellería de Emigración e Cooperación Exterior: Aurelio Miras Portugal

5. Investidura, moción de censura e cuestión de confianza

Investidura

Nas sesións plenarias do 3 e 5 de decembro de 2001, do Parlamento de Galicia, procedeuse a discutir como punto único da orde do día a «Proposta de candidato a presidente da Xunta de Galicia, presentación do seu programa de goberno e elección, de conformidade co disposto en ao artigo 15.3 do Estatuto de autonomía para Galicia». Foi proposta a candidatura de D. Manuel Fraga Iribarne, quen resultou elixido presidente da Xunta na sesión do 5 de decembro por 41 votos a favor e 34 en contra (*Diario de Sesións do Parlamento de Galicia*. VI lexislatura. Números 3 e 4). O candidato elixido foi nomeado presidente da Xunta polo Real decreto 1408/2001, do 10 de decembro (*Diario Oficial de Galicia*, n.º 238, do 11 de decembro de 2001).

Moción de censura

Moción de censura, presentada por catorce deputados e catro deputadas pertencentes ao GP do BNG, para exixir a responsabilidade política da Xunta de Galicia, do seu presidente e dos conselleiros, e que inclúe a D. Xosé Manuel Beiras Torrado como candidato á Presidencia da Xunta de Galicia (BOPG n.º 671, do 19-01-2001). Rexeitada (pleno do día 29-12-2001). (*Diario de Sesións do Parlamento de Galicia*, n.º 33).

6. Mocións de reprobación

Ningunha

7. Debates e resolucións máis importantes

7.1. Proposicións de lei

Proposición de lei, formulada por catorce deputados e catro deputadas do GP do BNG, sobre os traballos de dotación artística e de intervención artístico-visuais nas obras públicas da Comunidade Autónoma de Galicia (BOPG n.º 761, do 16-05-2001). Rexeitada

Proposición de lei, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, de modificación da Lei de eleccións ao Parlamento de Galicia (BOPG n.º 642, do 4 de decembro de 2000). Rexeitada.

Proposición de lei, formulada por catorce deputados e catro deputados do GP do BNG, pola que se modifica a Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais (BOPG n.º 768, do 26-05-2001). Rexeitada.

Proposición de lei, formulada polo GP do BNG, de comercio interior de Galicia (BOPG n.º 768, do 26-05-2001). Rexeitada.

Proposición de lei, formulada polo GP do BNG, de ordenación agraria de Galicia (BOPG n.º 786, do 19-06-2001).

7.2. Proposicións de lei de iniciativa lexislativa popular

Proposición de lei, formulada por iniciativa lexislativa popular, de modificación da Lei de creación da Compañía de Radio-Televisión de Galicia (V lexislatura. BOPG n.º 725, do 23-03-2001). Admitida a trámite pola Mesa do Parlamento de Galicia na súa reunión do 26 de novembro de 2001 (VI lexislatura. BOPG n.º 14, do 17-12-2001).

7.3. Proposicións de lei para presentar ante o Congreso dos Deputados

Proposición de Lei para presentar ante o Congreso dos Deputados, formulada polo GP do BNG, de reforma parcial da Lei orgánica 5/1985, reguladora do réxime electoral xeral (BOPG n.º 712, do 08-03-2001). Rexeitada.

7.4. Comisións de investigación

Solicitud de creación dunha comisión de investigación, por iniciativa dos GGPP dos Socialistas e Mixto, sobre a concesión de subvencións á Confederación de Empresarios de Galicia (BOPG n.º 719, do 16-03-2001). Rexeitada.

Aprobación do ditame da Comisión Non Permanente de Investigación sobre as Actuacións de Bemposta e as Distintas Institucións (BOPG n.º 705, do 28-02-2001). Pleno do día 06-03-2001 (DSPG n.º 138).

7.5. Comisións de estudo

Aprobación do ditame da Comisión Non Permanente para a Igualdade e para os Dereitos das Mulleres (pleno do día 26-06-2001).

7.6. Revalidación de acordos da Deputación Permanente

Asuntos tramitados pola Deputación Permanente e pola súa Mesa no período vacacional e desde a disolución da Cámara o 27 de agosto de 2001 (BOPG n.º 12, do 14-12-2001).

Dación de contas dos asuntos tramitados pola Deputación Permanente e pola súa Mesa no período vacacional e desde a disolución da Cámara o 27 de agosto de 2001 (*Diario de Sesións do Parlamento de Galicia*, n.º 5, do 20-12-2001).

7.7. Procedementos de control e impulso político

7.7.1. Comunicacións da Xunta

Resolución da Presidencia, do 14 de maio de 2001, de Comunicación da Xunta de Galicia sobre o novo Plan de financiamento autonómico para os próximos anos (BOPG n.º 763, do 19-05-2001. Propostas aprobadas pola Comisión 3.ª o 19-06-2001).

7.7.2. Plans

Plan de revitalización demográfica de Galicia (BOPG n.º 989, do 06-02-2001. Propostas de resolución: BOPG n.º 776, do 05-06-2001).

7.8. Declaracións institucionais

V lexislatura

Declaración institucional de condena do asasinato de D. Ramón Díaz García (BOPG n.º 712, do 08-03-2001).

Declaración institucional de condena do asasinato dos traballadores D. José Ángel Santos Larrañaga e D. Josu Leonés Azkona (BOPG n.º 712, do 08-03-2001).

Declaración institucional relativa ao aniversario do golpe de Estado do 23 de febreiro de 1981 (sesión plenaria do 22-02-2001).

Declaración institucional de condena do asasinato do *mosso d'esquadra* D. Santos Santamaría Avendaño (BOPG n.º 742, do 17-04-2001).

Declaración institucional relativa á traxedia do buque pesqueiro *Hansa* (BOPG n.º 742, do 17-04-2001).

Declaración institucional de condena do asasinato do tenente de alcalde do PSE-EE no concello de Lasarte, D. Froilán Elespe Inciarte (BOPG n.º 748, do 25-04-2001).

VI lexislatura

Declaración institucional de apertura da VI lexislatura (DSPG, n.º 2, do 30-11-2001).

Declaración institucional relativa á situación económica e social de Arxentina (BOPG n.º 22, do 28-12-2001).

Declaración institucional relativa á suspensión da condena a morte de Sofya Hussaini Tudú (BOPG n.º 22, do 28-12-2001).

8. Reformas do Regulamento parlamentario

Ningunha

9. Normas interpretativas e supletorias do Regulamento

Ningunha

10. Institucións similares ao Consello Consultivo, Tribunal de Contas e Valedor do Pobo

Valedor do Pobo

Informe ordinario do Valedor do Pobo correspondente ao ano 2000 (BOPG n.º 780, do 09-06-2001). Debate en pleno día 26-06-2001.

Consello de Contas

Memoria de actividades do Consello de Contas de Galicia do ano 1999 e Informe de fiscalización das contas do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia correspondentes ao exercicio económico de 1997 (BOPG n.º 587, do 26 de setembro de 2000). Aprobado no pleno do día 03-04-2001. Propostas de resolución aprobadas BOPG n.º 746, do 23-04-2001).

Ano 2002

1. Composición da Asemblea Lexislativa por grupos parlamentarios

Total deputados: 75

Composición por grupos na data do 01-01-2002:

Popular de Galicia: 41

Bloque Nacionalista Galego: 17

Socialistas de Galicia: 17

Composición por grupos na data do 31-12-2002:

A mesma

2. Estrutura do Goberno

Presidente: Manuel Fraga Iribarne (Partido Popular)

Número de consellarías: 14

Consellería de Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública: Jaime Pita Varela

Consellería de Economía e Facenda: José Antonio Orza Fernández

Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda: Xosé Cuíña Crespo

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria: Celso Currás Fernández

Consellería de Industria e Comercio: Juan Rodríguez Yuste

Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural: Juan Miguel Diz Guedes

Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo: Jesús Pérez Varela

Consellería de Sanidade: José María Hernández Cochón

Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos: Enrique César López Veiga

Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais: Antonio Pillado Montero

Consellería de Familia, Promoción de Emprego, Muller e Xuventude: Manuela López Besteiro

Consellería de Medio Ambiente: José Carlos del Álamo Jiménez

Consellería de Asuntos Sociais: Corina Porro Martínez

Consellería de Emigración e Cooperación Exterior: Aurelio Miras Portugal

3. Tipo de goberno

Tipo de goberno por apoio parlamentario: maioritario

Partidos e número de deputados que o apoian: Partido Popular (41 deputados)

Composición do Goberno: homoxénea

4. Cambios no Goberno

Non se produciron.

5. Investidura, moción de censura e cuestión de confianza

Moción de censura, presentada por once deputados e seis deputadas pertencentes ao GP dos socialistas de Galicia, para exixir a responsabilidade política da Xunta de Galicia, do seu presidente e dos conselleiros, e que inclúe a D. Emilio Pérez Touriño como candidato á Presidencia da Xunta de Galicia (BOPG, n.º 248, de 03-12-2002). Rexeitada no pleno do día 12-12-2002.

Moción de censura, presentada por trece deputados e catro deputadas pertencentes ao GP do BNG, para exixir a responsabilidade política da Xunta de Galicia, do seu presidente e dos conselleiros, e que inclúe a D. Xosé Manuel Beiras Torrado como candidato á Presidencia da Xunta de Galicia (BOPG, n.º 251, do 07-12-2002). Rexeitada no pleno do día 12-12-2002.

6. Mocións de reprobación

Ningunha

7. Debates e resolucións máis importantes

7.1. Proposicións de lei

Proposición de lei, formulada polo GP do BNG, sobre a ordenación agraria de Galicia (BOPG n.º 118, do 16-05-2002). Rexeitada.

Proposición de lei, formulada polo GP dos Socialistas de Galicia, sobre a prevención dos malos tratos e de protección ás mulleres vítimas da violencia de xénero (BOPG n.º 122, do 22-05-2002). En trámite.

Proposición de lei, formulada polo GP do BNG, sobre as organizacións interprofesionais agroalimentarias de Galicia (BOPG n.º 127, do 28-05-2002). En trámite.

Proposición de lei, formulada polo GP do BNG, sobre as unións de feito de Galicia (BOPG n.º 143, do 15-06-2002). En trámite.

7.2. Proposicións de lei de iniciativa lexislativa popular

Proposición de lei de modificación da Lei 9/1984, do 11 de xullo, de creación da compañía de Radio-Televisión de Galicia (debate no pleno do día 14-05-2002). Rexeitada.

7.3. Proposicións de lei para presentar ante o Congreso dos Deputados

Proposición de lei, formulada polo GP do BNG, relativa á igualdade xurídica para as unións de facto (BOPG n.º 102, do 24-04-2002). Rexeitada.

Proposición de lei, formulada polo GP do BNG, de corresponsabilidade laboral e familiar (BOPG n.º 44, do 05-02-2002). Rexeitada.

Proposición de lei, formulada polo GP do BNG, de modificación da Lei 4/1980, do 10 de xaneiro, reguladora do Estatuto de radiodifusión e televisión, e da Lei 46/1983, do 26 de decembro, reguladora da terceira canle de televisión (BOPG n.º 168, do 26-08-2002). Rexeitada.

Proposición de lei, formulada polo GP do BNG, relativa á modificación da Lei 39/1998, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, para atribuír as funcións relativas á formación e renovación dos catastros inmobiliarios ás comunidades autónomas (BOPG n.º 132, do 03-06-2002). En trámite.

7.4. Comisións de investigación

Solicitude de creación dunha comisión de investigación, por iniciativa de trece deputados e catro deputadas pertencentes ao GP do BNG, para esclarecer as circunstancias e responsabilidades que se produciron na catástrofe do petroleiro *Prestige* fronte ás costas galegas.

Solicitude de creación dunha comisión de investigación, por iniciativa de once deputados e seis deputadas pertencentes ao GP dos Socialistas de Galicia, sobre o desastre ecolóxico producido polo *Prestige*. BOPG n.º 246, do 30-11-2002. Composición: BOPG n.º 264, do 23-12-2002.

7.5. Convenio de colaboración

Resolución do presidente do Parlamento do 25 de abril de 2002, sobre ratificación dun convenio de colaboración entre as comunidades autónomas de Galicia e Castela e León en materia de extinción de incendios forestais (BOPG n.º 112, do 08-05-2002).

7.6. Procedementos de control e impulso político

7.6.1. Comunicazóns da Xunta

Comunicación na que se solicita a comparecencia do señor presidente da Xunta de Galicia para expoñer a situación política da Comunidade Autónoma de Galicia (BOPG n.º 202, do 04-10-2002). Resolúcións aprobadas: BOPG n.º 221, do 30-10-2002.

7.6.2. *Proposicións non de lei*

Proposición non de lei, en pleno, formulada polos grupos parlamentarios Popular de Galicia, BNG e Socialistas de Galicia, por iniciativa do grupo de traballo constituído na Comisión 8.^a, de Pesca e Marisqueo, sobre o primeiro paquete de propostas da Comisión Europea para a reforma da política común de pesca (aprobada por unanimidade. BOPG n.º 187, do 17-09-2002).

7.6.3. *Declaracións institucionais*

Declaración institucional de condena ao asasinato de D. Juan Priede Pérez (BOPG n.º 86, do 04-04-2002).

Declaración institucional polo falecemento de D. Carlos Casares Mouriño (BOPG n.º 86, do 04-04-2002).

Declaración institucional a propósito do conflito palestino-israelí (pleno do día 09-04-2002).

Declaración institucional de condena do asasinato de D. Juan Carlos Beiro Montes (BOPG n.º 199, do 01-10-2002).

Declaración institucional relativa á condena da violencia contra as mulleres (BOPG n.º 252, do 09-12-2002).

Declaración institucional de condena do asasinato do garda civil D. Antonio Molina Martín (pleno do día 18-12-2002).

8. *Reformas do Regulamento parlamentario*

Ningunha

9. *Normas interpretativas e supletorias do Regulamento*

Normas supletorias do artigo 155 do Regulamento do Parlamento de Galicia para a tramitación das preguntas parlamentarias dirixidas ao presidente da Xunta de Galicia (BOPG n.º 43, do 04-02-2002).

Modificación do acordo interpretativo, do 20 de xuño de 1986, sobre o artigo 161 do Regulamento do Parlamento de Galicia, respecto ao prazo de inclusión na orde do día do Pleno ou das comisións das proposicións non de lei (BOPG n.º 86, do 04-04-2002).

10. *Institucións similares ao Consello Consultivo, Tribunal de Contas e Valedor do Pobo*

Valedor do Pobo

Resolución do 20 de febreiro de 2002, do Parlamento de Galicia, de nomeamento de valedor do pobo da Comunidade Autónoma a D. José Ramón Vázquez Sandes (DOG n.º 41, do 26 de febreiro de 2002).

Resolución do 6 de maio de 2002, do valedor do pobo, polo que se fai público o nomeamento dos vicevaledores primeiro, segundo e terceiro (DOG n.º 88, do 8 de maio de 2002).

Proxecto de modificación do Regulamento de organización e funcionamento do Valedor do Pobo (BOPG n.º 147, do 20-06-2002).

Informe do Valedor do Pobo e recomendacións correspondente ao ano 2001 (BOPG n.º 138, do 10-06-2002). Debate en pleno día 25-06-2002.

Consello Consultivo

Decreto 51/2002, do 25 de febreiro, polo que se nomea presidente do Consello Consultivo de Galicia a José Antonio García Caridad (DOG n.º 41, do 26 de febreiro de 2002).

Consello de Contas

Memoria de actividades do Consello de Contas de Galicia do ano 2001 e Informe de fiscalización das contas do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia correspondentes ao exercicio económico de 1999 (BOPG n.º 214, do 19-10-2002).

Memoria de actividades do Consello de Contas de Galicia do ano 2002 (recomendacións aprobadas pola Comisión: BOPG n.º 136, do 07-06-2002).

Informe de fiscalización das contas do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia correspondentes ao exercicio económico de 1998 (debate en pleno: sesión do 25-06-2002).

Ano 2003

1. Composición da Asemblea Lexislativa por grupos parlamentarios

Total deputados: 75

Composición por grupos na data do 01-01-2003:

Popular de Galicia: 41

Bloque Nacionalista Galego: 17

Socialistas de Galicia: 17

Composición por grupos na data do 31-12-2003:

A mesma

2. Estrutura do Goberno

Presidente: Manuel Fraga Iribarne (Partido Popular)

Número de consellarías: 14

Consellería de Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública: Jaime Pita Varela

Consellería de Economía e Facenda: José Antonio Orza Fernández

Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda: Alberto Núñez Feijoo

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria: Celso Currás Fernández

Consellería de Innovación, Industria e Comercio: Juan Rodríguez Yuste

Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural: Juan Miguel Diz Guedes

Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo: Jesús Pérez Varela

Consellería de Sanidade: José María Hernández Cochón

Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos: Enrique César López Veiga

Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local: Xesús Carlos Palmou Lorenzo

Consellería de Familia, Xuventude e Voluntariado: Pilar Milagros Rojo Noguera

Consellería de Medio Ambiente: José Manuel Barreiro Fernández

Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais: M.ª José Cimadevila Cea

Consellería de Emigración: Aurelio Miras Portugal

3. Tipo de goberno

Tipo de goberno por apoio parlamentario: maioritario

Partidos e número de deputados que o apoian: Partido Popular (41 deputados)

Composición do Goberno: homoxénea

4. Cambios no Goberno

Polo Decreto 1/2003, do 16 de xaneiro, dispónse o cesamento de Xosé Cuiña Crespo como Conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda (DOG n.º 11, do 17 de xaneiro).

Polos decretos 9, 10, 11, 12, 13 e 14, todos eles do 18 de xaneiro de 2003, dispónse, respectivamente, o cesamento de Juan Rodríguez Yuste como conselleiro de Industria e Comercio; de Antonio Pillado Montero como conselleiro de Xustiza, Interior e Relacións Laborais; de Manuela López Besteiro como conselleira de Familia, Promoción de Emprego, Muller e Xuventude; de José Carlos del Álamo Jiménez como conselleiro de Medio Ambiente; de Corina Porro Martínez como conselleira de Asuntos Sociais; e de Aurelio Miras Portugal como conselleiro de Emigración e Cooperación Exterior (DOG n.º 12, do 20 de xaneiro).

Polos decretos 15, 16, 17, 18, 19, 20 e 21, todos eles do 18 de xaneiro de 2003, dispónse, respectivamente, o nomeamento de Alberto Núñez Feijoo como conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda; de Juan Rodríguez Yuste como conselleiro de Innovación, Industria e Comercio; de Antonio Pillado Montero como conselleiro de Xustiza, Interior e Administración Local; de Pilar Milagros Rojo Noguera como conselleira de Familia, Xuventude e Voluntariado; de José Manuel Barreiro Fernández como conselleiro de Medio Ambiente; de M.ª José Cimadevila Cea como conselleira de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais; e de Aurelio Miras Portugal como conselleiro de Emigración (DOG n.º 12, do 20 de xaneiro).

Polo Decreto 287/2003, do 24 de xuño, dispónse o cesamento de Antonio Pillado Montero como conselleiro de Xustiza, Interior e Administración Local (DOG n.º 122, do 25 de xuño).

Polo Decreto 288/2003, do 24 de xuño, dispónse o nomeamento de Xesús Carlos Palmou Lorenzo como conselleiro de Xustiza, Interior e Administración Local (DOG n.º 122, do 25 de xuño).

5. *Investidura, moción de censura e cuestión de confianza*

Non se produciron.

6. *Mocións de reprobación*

Ningunha

7. *Debates e resolucións máis importantes*

7.1. *Proposicións de lei*

Proposición de lei, formulada polo GP dos Socialistas de Galicia, de subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia (BOPG n.º 287, do 11 de febreiro de 2003. Rexeitada: BOPG n.º 364, do 30 de maio de 2003).

Proposición de lei, formulada polo GP dos Socialistas de Galicia, de ordenación sanitaria de Galicia (BOPG n.º 308, do 10 de marzo de 2003. Rexeitada: BOPG n.º 342, do 25 de abril de 2003).

Proposición de lei, formulada polo GP dos Socialistas de Galicia, de creación do procurador para a defensa dos emigrantes galegos (BOPG n.º 310, do 12 de marzo de 2003. Rexeitada: BOPG n.º 364, do 30 de maio de 2003).

Proposición de lei, formulada polo GP do BNG, sobre o fomento da lectura e das bibliotecas públicas (BOPG n.º 378, do 25 de xuño de 2003. Rexeitada: BOPG n.º 438, do 24 de outubro de 2003).

Proposición de lei, formulada polo GP do BNG, de ordenación vitivinícola de Galicia (BOPG n.º 446, do 6 de novembro de 2003. Rexeitada: BOPG n.º 477, do 16 de decembro de 2003).

Proposición de lei, formulada polo GP do BNG, de normalización de usos sociais e públicos da lingua galega (BOPG n.º 412, do 20 de setembro de 2003. Retirada).

Proposición de lei, formulada polo GP do BNG, de organizacións interprofesionais agroalimentarias de Galicia (BOPG n.º 446, do 6 de xuño de 2003. En trámite).

Proposición de lei, formulada polos grupos parlamentarios Socialista, BNG e Popular de Galicia, de parellas de feito de Galicia (BOPG n.º 450, do 12 de novembro de 2003. En trámite).

Proposición de lei, formulada polo GP do BNG, de ordenación agraria de Galicia (BOPG n.º 452, do 14 de novembro de 2003. En trámite).

7.2. Proposicións de lei para presentar ante o Congreso dos Deputados

Proposición de lei orgánica, formulada polo GP do BNG, para presentar no Congreso dos Deputados, de transferencia de competencias á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de salvamento marítimo e loita contra a contaminación mariña (BOPG n.º 359, do 23 de maio de 2003; toma en consideración: pleno do día 25 de xuño de 2003. Rexeitada).

Proposición de lei formulada polo GP do BNG, para presentar no Congreso dos Deputados, relativa á modificación da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, para atribuír as funcións relativas á formación e renovación dos catastros inmobiliarios ás comunidades autónomas (BOPG n.º 132, do 3 de xuño de 2003. En trámite).

7.3. Comisións de investigación

Solicitud de disolución da Comisión de Investigación da Catástrofe do Petroleiro *Prestige* formulada por doce deputados e catro deputadas do GP Popular de Galicia (BOPG n.º 307, do 8 de marzo de 2003. Disolución da Comisión: pleno do día 11 de marzo de 2003. BOPG n.º 324, do 2 de abril de 2003).

Solicitud de creación dunha comisión de investigación para esclarecer as causas, responsabilidades e consecuencias da instalación de videocámaras na Fundación Hospital de Verín (BOPG n.º 476, do 15 de decembro de 2003. Rexeitada na votación plenaria do 18 de decembro de 2003).

7.4. Procedementos de control e impulso político

Debate de política xeral: informe do presidente da Xunta, debate e propostas de resolución (BOPG n.º 430, do 15 de outubro de 2003. Debate no pleno dos días 21 e 22 de outubro de 2003. Resolucións aprobadas: BOPG n.º 443, do 30 de outubro de 2003).

7.5. Declaracións institucionais

Declaración institucional relativa á condena do asasinato perpetrado en atentado terrorista de D. Joseba Pagazaurtundua (pleno do 11 de xaneiro de 2003. BOPG n.º 304, do 3 de febreiro de 2003).

Declaración institucional sobre os graves acontecementos que no día 7 de outubro causaron a morte de D. Manuel Ríos Suárez ao final dun acontecemento deportivo no compostelán estadio de San Lázaro (pleno do día 7 de outubro de 2003. BOPG n.º 438, do 24 de outubro de 2003).

Declaración institucional sobre a violencia de xénero (pleno do día 24 de novembro de 2003. BOPG n.º 473, do 11 de decembro de 2003).

7.6. Administración parlamentaria

Resolución do Parlamento de Galicia, 20 de xuño de 2003, pola que se publica o Regulamento de organización e funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia (DOG n.º 131, do 8 de xullo de 2003).

8. Reformas do Regulamento parlamentario

Ningunha

9. Normas interpretativas e supletorias do Regulamento

Resolución da Presidencia do Parlamento de Galicia, do 5 de marzo de 2003, pola que se publican as normas supletorias do artigo 50 do Regulamento do Parlamento de Galicia para a extinción de comisións de investigación por disolución anticipada acordada polo Pleno da Cámara (BOPG n.º 306 e 307, do 6 e 8 de marzo de 2003, respectivamente). A resolución foi recorrida en amparo ante o Tribunal Constitucional polos grupos parlamentarios Socialistas de Galicia e BNG, recurso que está pendente de resolución.

Criterios de ordenación da elección dos seis membros representantes dos intereses sociais nos consellos sociais do Sistema Universitario de Galicia designados polo Parlamento de Galicia (BOPG n.º 377, do 23 de xuño de 2003).

Normas para a elección de cinco membros do Consello Galego de Universidades pola Comisión de Educación e Cultura do Parlamento (BOPG n.º 377, do 23 de xuño de 2003).

10. Institucións similares ao Consello Consultivo, Tribunal de Contas e Valedor do Pobo Valedor do Pobo

Resolución do Parlamento de Galicia, do 20 de xuño de 2003, pola que se publica o Regulamento de réxime orzamentario e contable do Parlamento de Galicia e do Valedor do Pobo (DOG n.º 131, do 8 de xullo de 2003).

Informe do Valedor do Pobo e recomendacións correspondentes ao ano 2002 (BOPG n.º 343, do 30 de abril de 2003. Debate no pleno do día 10 de xuño de 2003).

Consello de Contas

Memoria de actividades do Consello de Contas de Galicia do ano 2001 (recomendacións aprobadas pola comisión: BOPG n.º 324, do 2 de abril de 2003).

Informe de fiscalización das contas do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia relativo ao exercicio de 1999 (propostas de resolución: BOPG n.º 305, do 5 de marzo de 2003; debate e votación do ditame: BOPG n.º 342, do 25 de abril de 2003).

Memoria de actividades do Consello de Contas de Galicia do ano 2002 e Informe de fiscalización das contas do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao exercicio económico de 2000 (publicación: BOPG n.º 449, do 11 de novembro de 2003).

Elección de D. Xaquín Álvarez Corbacho e D. Francisco Javier Constenla Acasuso como membros do Consello de Contas de Galicia (DOG n.º 85, do 6 de maio de 2003).

Ano 2004

1. Composición da Asemblea Lexislativa por grupos parlamentarios

Total deputados: 75

Composición por grupos na data do 01-01-2004:

Popular de Galicia: 41

Bloque Nacionalista Galego: 17

Socialistas de Galicia: 17

Composición por grupos na data do 31-12-2004:

A mesma

2. Estrutura do Goberno

Presidente: Manuel Fraga Iribarne (Partido Popular)

Vicepresidente primeiro: Alberto Núñez Feijoo

Vicepresidente segundo: José Manuel Barreiro Fernández

Número de consellarías: 14

Consellería de Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública: Jaime Pita Varela

Consellería de Economía e Facenda: José Antonio Orza Fernández

Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda: Alberto Núñez Feijoo

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria: Celso Currás Fernández

Consellería de Innovación, Industria e Comercio: Juan Rodríguez Yuste

Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural: José Antonio Santiso Miramontes

Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo: Jesús Pérez Varela

Consellería de Sanidade: José Manuel González Álvarez

Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos: Enrique César López Veiga

Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local: Xesús Carlos Palmou Lorenzo

Consellería de Familia, Xuventude e Voluntariado: Pilar Milagros Rojo Noguera

Consellería de Medio Ambiente: José Manuel Barreiro Fernández

Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais: Belén Prado Sanjurjo

Consellería de Emigración: Aurelio Miras Portugal

3. Tipo de goberno

Tipo de goberno por apoio parlamentario: maioritario

Partidos e número de deputados que o apoian: Partido Popular (41 deputados)

Composición do Goberno: homoxénea

4. Cambios no Goberno

Polos decretos 206 e 207, ambos os dous do 9 de setembro de 2004, dispónse o nomeamento de Alberto Núñez Feijoo e José Manuel Barreiro Fernández como Vicepresidentes primeiro e segundo da Xunta de Galicia (DOG n.º 177, do 10 de setembro).

Polos decretos 201, 202 e 203, todos eles do 9 de setembro de 2004, dispónse, respectivamente, o cesamento de Juan Miguel Diz Guedes, José María Hernández Cochón e María José Cimadevila Cea como conselleiros de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural; Sanidade; e Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais (DOG n.º 177, do 10 de setembro).

Polos decretos 208, 209 e 210, todos eles do 9 de setembro de 2004, noméase, respectivamente, a José Antonio Santiso Miramontes, José Manuel González Álvarez e Belén Prado Sanjurjo como conselleiros de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural; Sanidade; e Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais (DOG n.º 177, do 10 de setembro).

5. Investidura, moción de censura e cuestión de confianza

Non se produciron.

6. Mocións de reprobación

Ningunha

7. Debates e resolucións máis importantes

7.1. Proposicións de lei

Proposición de lei, formulada polo GP do BNG, de reforma parcial da Lei 6/1993, do 11 de maio, de pesca de Galicia (rexeitada: BOPG n.º 539, do 7 de abril de 2004).

Proposición de lei, formulada polo GP do BNG, de ordenación agraria de Galicia (rexeitada: BOPG n.º 533, do 30 de marzo de 2004).

Proposición de lei, formulada polo GP do BNG, de organizacións interprofesionais agroalimentarias de Galicia (rexeitada).

Proposición de lei, formulada polos grupos parlamentarios Popular de Galicia, do BNG e dos Socialistas de Galicia, reguladora do recurso de casación en materia de dereito civil de Galicia (relatoría conxunta) (en trámite: debate de toma en consideración no pleno do día 1 de decembro de 2004, *Diario de Sesións* n.º 134).

Proposición de lei, formulada en relatoría conxunta polos grupos parlamentarios dos Socialistas de Galicia, do BNG e Popular de Galicia, sobre parellas de feito en Galicia (en trámite: debate de toma en consideración no pleno do día 17 de decembro de 2003, BOPG n.º 490. Texto da proposición: BOPG n.º 500, do 6 de febreiro de 2004).

7.2. Proposicións de lei para presentar ante o Congreso dos Deputados

Proposicións de lei, para presentar ante o Congreso dos Deputados, formulada polo GP do BNG, relativa á modificación da Lei 39/1998, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, para atribuír as funcións relativas á formación e renovación dos catastros inmobiliarios ás comunidades autónomas (BOPG n.º 132, do 3 de xuño de 2002. En trámite).

Proposición de lei formulada polo GP do BNG, por iniciativa de Dna. Ana Belén Pontón Mondelo e D. Xosé Francisco Ferreiro Abelleira, para presentar ante o Congreso dos Deputados, do aborto (rexeitada: BOPG n.º 692, do 22 de decembro de 2004).

Proposición de lei orgánica para presentar ante o Congreso dos Deputados, formulada polo GP do BNG, de transferencia de competencias á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de navegación marítima e mariña mercante (retirada no pleno do día 23 de novembro de 2004 e creación dunha relatoría conxunta. *Diario de Sesións* n.º 132).

Proposición de lei orgánica para presentar ante o Congreso dos Deputados, formulada polo GP Popular de Galicia, de modificación da Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código Penal, para a tipificación do delito de furtivismo (BOPG n.º 659, do 28 de outubro de 2004. En trámite).

Proposición de lei orgánica para presentar ante o Congreso dos Deputados, formulada polo GP do BNG, sobre modificación da Lei 25/1990, do 20 de decembro, do medicamento, para promover a participación das comunidades autónomas na fixación dos prezos dos medicamentos (BOPG n.º 687, do 16 de decembro de 2004. En trámite).

7.3. Procedementos de control e impulso político

Debate sobre o estado da autonomía: comunicación na que se solicita a comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia, para expoñer a situación política da Comunidade Autónoma de Galicia (BOPG n.º 639, do 29 de setembro de 2004. Pleno do Parlamento dos días 5 e 7 de outubro de 2004. Resolucións aprobadas: BOPG n.º 656, de 25 de outubro de 2004 e n.º 661, do 30 de outubro de 2004).

Comunicación da Xunta de Galicia sobre o estudo e a avaliación do gasto farmacéutico (BOPG n.º 591, do 19 de xuño de 2004. Debate no pleno dos días 28 e 29 de xuño de 2004. Resolucións aprobadas: pleno do 29 de xuño de 2004).

7.4. Declaracións institucionais

Aprobación polo Pleno da Cámara, na reunión do 11 de maio de 2004, da declaración institucional relativa ao apoio á Marcha Mundial das Mulleres que se celebrou en Vigo os días 22 e 23 de maio de 2004 (BOPG n.º 574, do 28 de maio de 2004).

Declaración institucional sobre conmemoración do Día contra a Violencia de Xénero (BOPG n.º 693, do 23 de decembro de 2004).

Declaración institucional sobre a Declaración do Milenio, asumida pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas, aprobada no Cumio do Milenio, en setembro de 2000, en Nova York (BOPG n.º 693, do 23 de decembro de 2004).

7.5. Plans da Xunta

Plan xeral de normalización da lingua galega (BOPG n.º 622, do 7 de setembro de 2004. Aprobación do plan e das resolucións presentadas no pleno dos días 21 e 22 de setembro. *Diario de Sesións* n.º 120/121).

7.6. Acordos, resolucións ou propostas de comisións especiais

Ditame sobre a prostitución feminina en Galicia emitido pola Comisión Non Permanente para a Igualdade e para os Dereitos das Mulleres (aprobación do ditame: pleno do día 15 de xuño de 2004. BOPG n.º 598, do 29 de xuño de 2004).

Creación da Comisión Especial Non Permanente para Realizar o Seguimento e Avaliación do Desenvolvemento do Plan Galicia e do Plan de dinamización da economía de Galicia (BOPG n.º 590, do 18 de xuño de 2004. Resolución aprobada na sesión celebrada o 28 de xullo de 2004: BOPG n.º 610, do 19 de agosto de 2004. Resolución aprobada na sesión celebrada o 28 de outubro de 2004: BOPG n.º 662, do 3 de novembro de 2004).

Comisión Especial Non Permanente para o Estudo, Diagnóstico e Elaboración do Sistema Educativo no Medio Rural (creación: Mesa do 22 de xuño de 2004. Elección: BOPG n.º 651, do 19 de outubro de 2004).

Creación da Comisión Non Permanente sobre Diagnose e Elaboración de Propostas de cara a Procurar un Plan Integral contra os Incendios Forestais (entrada da iniciativa no rexistro: 10 de decembro de 2004).

7.7. Comisións de investigación

Solicitud de creación dunha comisión non permanente para investigar as causas do fracaso da política contra os incendios forestais e as propostas que se van facer para o futuro (BOPG n.º 611, do 21 de agosto de 2004. Rexeitada: Deputación Permanente do 28 de agosto de 2004. *Diario de Sesións da Deputación Permanente* n.º 8).

8. Reformas do Regulamento parlamentario

Ningunha

9. Normas interpretativas e supletorias do Regulamento

Ningunha

10. Institucións similares ao Consello Consultivo, Tribunal de Contas e Valedor do Pobo

Valedor do Pobo

Informe do Valedor do Pobo e recomendacións correspondentes ao ano 2003 (BOPG n.º 563, do 12 de maio de 2004. Debate no pleno do día 15 de xuño de 2004).

Consello de Contas

Memoria de actividades do Consello de Contas de Galicia do ano 2002 (recomendacións aprobadas pola comisión: BOPG n.º 557, do 3 de maio de 2004).

Informe de fiscalización das contas do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia relativo ao exercicio de 2000 (propostas de resolución: BOPG n.º 534, do 31 de marzo de 2004. Debate e votación do ditame: BOPG n.º 574, do 28 de maio de 2004).

Memoria de actividades do Consello de Contas de Galicia do ano 2003 e Informe de fiscalización das contas do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao exercicio económico de 2001 (informe da relatoría sobre o Informe de fiscalización: BOPG n.º 683, do 11 de decembro de 2004).

11. Elección de senadores en representación da CAG

Resolución da Presidencia do 9 de marzo sobre a designación de senadores en representación da Comunidade Autónoma de Galicia (BOPG n.º 523, do 11 de marzo de 2004).

Designación de Dna. Corina Porro Martínez, D. Manuel Jaime Cabezas Enríquez e D. Manuel Anxo Quintana González como senadores da Comunidade Autónoma de Galicia na VIII lexislatura do Senado (BOPG n.º 528, do 24 de marzo de 2004. Designación no pleno do día 30 de marzo de 2004).

Ano 2005

1. Composición da Asemblea Lexislativa por grupos parlamentarios

Total deputados: 75

Composición por grupos na data do 01-01-2005:

Popular de Galicia: 41

Bloque Nacionalista Galego: 17

Socialistas de Galicia: 17

Composición por grupos na data do 31-12-2005:

Popular de Galicia: 37

Socialistas de Galicia: 25

Bloque Nacionalista Galego: 13

2. Estructura do Goberno

Presidente: Emilio Pérez Touriño (PSdeG-PSOE)

Vicepresidente: Anxo Manuel Quintana González (BNG)

Número de consellarías: 12

Consellería de Presidencia, Administración Pública e Xustiza: José Luis Méndez Romeu (PSdeG-PSOE)

Consellería de Economía e Facenda: Xosé Ramón Fernández Antonio (PSdeG-PSOE)

Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes: María José Caride Estévez (PSdeG-PSOE)

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria: Laura Sánchez Piñón (PSdeG-PSOE)

Consellería de Innovación e Industria: Fernando Blanco Álvarez (BNG)

Consellería de Medio Rural: Alfredo Suárez Canal (BNG)

Consellería de Cultura e Deporte: Ánxela Bugallo Rodríguez (BNG)

Consellería de Sanidade: María José Rubio Vidal (PSdeG-PSOE)

Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos: Carmen Gallego Calvar (PSdeG-PSOE)

Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible: Pachi Vázquez Fernández (PSdeG-PSOE)

Consellería de Traballo: Ricardo Varela Sánchez (PSdeG-PSOE)

Consellería de Vivenda e Solo: Teresa Táboas Veleiro (BNG)

3. Tipo de goberno

Tipo de goberno por apoio parlamentario: maioritario

Partidos e número de deputados que o apoian: 38 (25 do PSdeG-PSOE e 13 do BNG)

Composición do Goberno: de coalición

4. Cambios no Goberno

Como consecuencia dos resultados das eleccións autonómicas celebradas o día 19 de xuño de 2005 e da subseguinte elección de Emilio Pérez Touriño como presidente da Xunta de Galicia polo Parlamento de Galicia o día 29 de xullo, na correspondente sesión de investidura, o *Diario Oficial de Galicia* (DOG) do 1 de agosto de 2005 publicou os reais decretos 1007/2005 e 1008/2005, ambos os dous do 29 de xullo, que procedían, respectivamente, a cesar a Manuel Fraga Iribarne como presidente da Xunta e a nomear, no seu lugar, para ese cargo, a Emilio Pérez Touriño. Poucos días despois, o 4 de agosto, o propio DOG publicaba os decretos 212/2005 e 213/2005, ambos os dous do 3 de agosto, nos que se procedía, respectivamente, a cesar os membros da Xunta de Galicia pertencentes ao último Goberno de Manuel Fraga Iribarne e a nomear os do primeiro Goberno de Emilio

Pérez Touriño, coa composición que consta no apartado previo sobre a estrutura do Goberno. O novo Goberno quedará, así, formado, ademais de polo presidente da Xunta de Galicia –Emilio Pérez Touriño, do Partido dos Socialistas de Galicia–, por un único vicepresidente –Anxo Quintana, do Bloque Nacionalista Galego–, por doce consellarías: oito asignaranse ao Partido dos Socialistas de Galicia (Presidencia; Política Territorial, Obras Públicas e Transportes; Educación e Ordenación Universitaria; Sanidade; Economía e Facenda; Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible; Pesca; e Traballo) e as catro restantes ao Bloque Nacionalista Galego: Desenvolvemento Rural; Industria, Turismo, Comercio e Innovación; Cultura e Deporte; e Vivenda.

5. Investidura, moción de censura e cuestión de confianza

O Pleno do Parlamento de Galicia, na sesión de investidura que tivo lugar o día 29 de xullo de 2005, e de acordo co disposto no artigo 15.2 do Estatuto de autonomía de Galicia, 17 e seguintes da Lei 3/1983, reguladora da Xunta e do seu presidente, e 136 e seguintes do Regulamento do Parlamento de Galicia, acordou por maioría absoluta en primeira votación (38 votos a favor e 37 en contra) investir presidente da Xunta de Galicia a Emilio Pérez Touriño (BOPG n.º 5, do 30 de xullo de 2005).

6. Mocións de reprobación

Ningunha

7. Debates e resolucións máis importantes:

VI lexislatura

7.1. Proposicións de lei de iniciativa lexislativa popular

Proposición de lei, formulada por iniciativa popular, para a protección, a conservación e a mellora dos ríos galegos (BOPG n.º 738, do 21 de xaneiro de 2005).

7.2. Comunicazóns da Xunta

Comunicación da Xunta de Galicia sobre o modelo policial de Galicia (pleno do día 22 de febreiro de 2005. BOPG n.º 757, do 1 de abril de 2005).

7.3. Declaracións institucionais

Aprobación polo Pleno da Cámara, na reunión do 22 de febreiro de 2005, da declaración institucional sobre o naufraxio do barco *Siempre Casina* (BOPG n.º 744, do 12 de marzo de 2005).

Aprobación polo Pleno da Cámara, na reunión do 8 de marzo de 2005, dunha declaración institucional sobre a conmemoración do Día Internacional da Muller (BOPG n.º 757, do 1 de abril de 2005).

7.4. Solicitude de creación de comisións especiais

Solicitude de creación dunha comisión non permanente de impulso e seguimento do proceso electoral autonómico no exterior integrada por todos os grupos parlamentarios (acordo de creación pola Mesa do día 5 de abril de 2005).

Solicitud de creación dunha comisión de investigación, por iniciativa de trece deputados e catro deputadas do grupo parlamentario do BNG, para esclarecer as presuntas irregularidades acontecidas nos recentes procesos selectivos para o acceso ao emprego público (BOPG n.º 725, do 17 de febreiro de 2005. Rexeitada: BOPG n.º 744, do 12 de abril de 2005).

VII lexislatura

7.1. Sesións especiais

Sesión plenaria do 18 de xullo de 2005, constitutiva do Parlamento de Galicia, na que se procedeu á constitución da Mesa de Idade, á elección da Mesa do Parlamento, á constitución da Mesa do Parlamento e á prestación por parte dos deputados da promesa ou xuramento de acatar a Constitución e o Estatuto de autonomía (*Diario de Sesións do Parlamento de Galicia* n.º 1).

Sesión plenaria do 5 de agosto de 2005, na que se dá lectura, por parte da presidenta da Cámara, Dolores Villarino, á Declaración institucional de apertura da VII lexislatura (*Diario de Sesións do Parlamento de Galicia* n.º 4).

Sesión plenaria do 19 de decembro de 2005, conmemorativa dos 25 anos do Parlamento de Galicia (*Diario de Sesións do Parlamento de Galicia* n.º 21).

7.2. Solicitud de creación de comisións especiais

Solicitud de creación da Comisión Permanente Non Lexislativa para Asuntos Europeos (proposta de creación presentada pola Mesa da Cámara: BOPG n.º 32, do 20 de outubro de 2005).

7.3. Dación de contas da Deputación Permanente do Parlamento

Dación de contas dos asuntos tratados pola Deputación Permanente do Parlamento de Galicia e a súa Mesa desde a disolución da Cámara o 26 de abril de 2005. Sesión plenaria do 13 de setembro de 2005 (*Diario de Sesións do Parlamento de Galicia* n.º 5 e BOPG n.º 12, do 5 de setembro de 2005).

8. Reformas do Regulamento parlamentario

Ningunha

9. Normas interpretativas e supletorias do Regulamento (VII lexislatura)

Resolución da Mesa do Parlamento de Galicia, do 30 de agosto de 2005, de modificación das normas supletorias referidas ao contido, ao prazo de inclusión na orde do día e á cualificación das emendas presentadas ás proposicións non de lei (BOPG n.º 10, do 31 de agosto de 2005).

Resolución da Mesa do Parlamento de Galicia, do 30 de agosto de 2005, de modificación das normas supletorias do artigo 155 do Regulamento para a tramitación das preguntas parlamentarias dirixidas ao presidente da Xunta de Galicia (BOPG n.º 10, do 31 de agosto de 2005).

Resolución da Presidencia, do 30 de decembro de 2005, pola que ditan instrucións en relación coa aplicación da Lei estatal 28/2005, do 26 de decembro, de medidas sanitarias fronte ao tabaquismo e reguladora da venda, a subministración, o consumo e a publicidade de produtos do tabaco (BOPG n.º 69, do 3 de xaneiro de 2006).

10. Institucións similares ao Consello Consultivo, Tribunal de Contas e Valedor do Pobo

Valedor do Pobo (VI lexislatura)

Presentación do Informe anual do Valedor do Pobo correspondente ao ano 2004 (presentado o 24 de abril de 2005).

Consello de Contas (VI lexislatura)

Memoria de actividades do Consello de Contas de Galicia do ano 2003 e Informe de fiscalización das contas do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao exercicio económico de 2001 (ditame e propostas de resolución aprobadas: BOPG n.º 733, do 26 de febreiro de 2005).

11. Elección de senadores en representación da CAG (VII lexislatura)

Na sesión plenaria do 10 de outubro de 2005 do Parlamento de Galicia procedeuse á designación de como senador representante da Comunidade Autónoma de Galicia de Francisco Xesús Jorquera Caselas en substitución de Anxo Manuel Quintana González (*Diario de Sesións do Parlamento de Galicia*, n.º 9).

Ano 2006

1. Composición da Asemblea Lexislativa por grupos parlamentarios

Total deputados: 75

Composición por grupos na data do 01-01-2006:

Popular de Galicia: 37

Socialistas de Galicia: 25

Bloque Nacionalista Galego: 13

Composición por grupos na data do 31-12-2006:

A mesma

2. Estrutura do Goberno

Presidente: Emilio Pérez Touriño (PSdeG-PSOE)

Vicepresidente de Igualdade e Benestar Social: Anxo Manuel Quintana González (BNG)

Número de consellarías: 12

Consellería de Presidencia, Administración Pública e Xustiza: José Luis Méndez Romeu (PSdeG-PSOE)

Consellería de Economía e Facenda: Xosé Ramón Fernández Antonio (PSdeG-PSOE)

Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes: María José Caride Estévez (PSdeG-PSOE)

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria: Laura Sánchez Piñón (PSdeG-PSOE)

Consellería de Innovación e Industria: Fernando Blanco Álvarez (BNG)

Consellería de Medio Rural: Alfredo Suárez Canal (BNG)

Consellería de Cultura e Deporte: Ánxela Bugallo Rodríguez (BNG)

Consellería de Sanidade: María José Rubio Vidal (PSdeG-PSOE)

Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos: Carmen Gallego Calvar (PSdeG-PSOE)

Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible: Pachi Vázquez Fernández (PSdeG-PSOE)

Consellería de Traballo: Ricardo Varela Sánchez (PSdeG-PSOE)

Consellería de Vivenda e Solo: Teresa Táboas Veleiro (BNG)

3. Tipo de goberno

Tipo de goberno por apoio parlamentario: maioritario

Partidos e número de deputados que o apoian: 38 (25 do PSdeG-PSOE e 13 do BNG)

Composición do Goberno: de coalición

4. Cambios no Goberno

Ningún

5. Investidura, moción de censura e cuestión de confianza

Non se produciron.

6. Mocións de reprobación

Ningunha

7. Debates e resolucións máis importantes

7.1. Creación de comisións non permanentes

Creación dunha comisión para a igualdade de dereitos das mulleres, que quedou constituída nunha sesión celebrada o 14 de febreiro coa finalidade de contribuír á fixación do principio de igualdade de xénero, establecendo medidas administrativas e legislativas para alcanzar ese obxectivo.

Creación dunha comisión non permanente especial para o estudo da situación dos emigrantes galegos. Integrada por dous deputados de cada grupo parlamentario, a comisión quedou constituída o día 22 de maio.

Creación dunha comisión sobre as causas e consecuencias dos incendios forestais en Galicia, respecto da cal se mantiveron dúas iniciativas. O GP Popular demandou a constitución dunha comisión de investigación, nos termos previstos no artigo 52 do Regulamento do Parlamento, e os grupos parlamentarios Socialista e do BNG a creación dunha comisión de estudo, ao abeiro do artigo 51 do Regulamento parlamentario. Por acordo maioritario da Mesa e da Xunta de Portavoces, do 29 de agosto, optouse pola segunda das propostas citadas. A Comisión sobre Incendios finalizou os seus traballos en decembro, despois de solicitar un alto número de comparecencias, e concluíu que non existía responsabilidade por parte do Goberno. O ditame da comisión foi sometido a votación do Pleno do Parlamento de Galicia, na súa sesión do 26 de decembro, e foi aprobado cos 38 votos da maioría, fronte á inacción dos deputados populares, que nin votaron en contra, nin se abstiveron, nin abandonaron o hemiciclo.

7.2. Comisión Especial de Reforma do Estatuto de Autonomía para Galicia

Creación dunha comisión especial de reforma do Estatuto de autonomía para Galicia ao abeiro do previsto no artigo 50 do Regulamento do Parlamento de Galicia, relativo ás comisións non permanentes. A comisión constituíuse formalmente o día 16 de marzo coa seguinte composición: sete representantes do Grupo Parlamentario Popular, cinco do Grupo Parlamentario Socialista e tres do Grupo Parlamentario do BNG. Constituíuse, ademais, na mesma sesión, a Mesa da Comisión, formada por D. Francisco Cerviño González (do GP Socialista, como presidente), D. Pablo González Mariñas (do GP do BNG, como vicepresidente) e D. Xesús Palmou Lorenzo (do GP Popular, como secretario). Finalmente, a comisión acordou designar os membros dunha relatoría conxunta para o desenvolvemento dos traballos de reforma. A comisión aprobou na sesión do 3 de abril as súas normas de funcionamento e na do día 7 do mesmo mes o seu plan de traballo e calendario. En cumprimento do devandito plan, na sesión do 20 de abril tiveron lugar as primeiras comparecencias ante a Comisión, comparecencias que se desenvolveron ao longo de 25 sesións e finalizaron na sesión do 28 de xuño, despois de que se presentasen ante a comisión un total de 109 persoas. Na súa reunión do 16 de maio, a Mesa do Parlamento acordou, oída a Xunta de Portavoces, habilitar todo o mes de xullo para que a relatoría conxunta encargada da redacción da proposición de lei correspondente á reforma do Estatuto de autonomía para Galicia puidese programar e esgotar o seu calendario de reunións. A relatoría constituíuse, pola súa banda, o 21 de abril e iniciou os seus labores o 27 de xuño de 2006, integrada por tres deputados e un suplente de cada un dos tres grupos parlamentarios da Cámara. O relatorio desenvolveu o seu labor ao longo de toda a segunda metade de 2006 e decidiu, finalmente, suspender de xeito indefinido os seus traballos, na sesión do 18 de xaneiro de 2007, despois de que o día anterior os líderes dos tres partidos galegos con representación parlamentaria constataren, nunha reunión conxunta celebrada na residencia oficial do presidente da Xunta, a imposibilidade de chegar a un acordo sobre a reforma estatutaria.

7.3. Debate de política xeral sobre a situación política da Comunidade Autónoma

O denominado «debate sobre o estado da autonomía» tivo lugar nas sesións plenarias do Parlamento de Galicia celebradas os días 3 e 4 de outubro. (*Diario de Sesións do Parlamento de Galicia* n.º 52). O GP Popular presentou, tras a comunicación do presidente da Xunta de Galicia e o debate subseguinte, un total de 462 propostas de resolución e os grupos parlamentarios Socialista e do BNG presentaron conxuntamente un total de 48. De todas elas foron aprobadas as seguintes: por unanimidade, dúas propostas transaccionadas polos tres grupos (sobre medidas tendentes a afrontar a política contra os incendios forestais e sobre desenvolvemento dun novo programa de deporte escolar); por unanimidade, 37 propostas do GP Popular; por unanimidade, 27 propostas formuladas conxuntamente polos grupos parlamentarios Socialista e do BNG; e, por maioría, 18 propostas formuladas

conxuntamente polos grupos parlamentarios Socialista e do BNG (*Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* n.º 212, do 11 de outubro de 2006).

7.4. Sesión conmemorativa do 25 aniversario do Parlamento de Galicia

O día 19 de decembro, o Parlamento galego celebrou un pleno extraordinario e solemne conmemorativo do vinte e cinco aniversario da súa instauración tras as primeiras eleccións autonómicas que tiveron lugar o día 20 de outubro de 1981.

8. Reformas do Regulamento parlamentario

Ningunha

9. Normas interpretativas e supletorias do Regulamento

Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 19 de maio de 2006, de modificación da norma interpretativa sobre o prazo para a inclusión de asuntos na orde do día dos plenos e das comisións (*Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, n.º 147, do 16 de maio de 2006).

10. Institucións similares ao Consello Consultivo, Tribunal de Contas e Valedor do Pobo

Consello Consultivo

Informe do Consello Consultivo de Galicia sobre a reforma do Estatuto de autonomía para Galicia, do 27 de xaneiro de 2006.

Consello de Contas

Aprobación do ditame sobre o Informe de fiscalización da conta xeral do sector público da Comunidade Autónoma para o exercicio 2002. As recomendacións da Cámara foron aprobadas pola comisión parlamentaria competente o día 20 de marzo de 2006 e publicáronse no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* n.º 108, do 25 de marzo. O ditame foi aprobado polo Pleno da Cámara do día 6 de xuño.

Valedor do Pobo

Informe do Valedor do Pobo correspondente ao ano 2005. Presentouse ante a Cámara na sesión plenaria do 20 de xuño e publicouse integramente no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* n.º 154, do 9 de xuño.

11. Elección de senadores en representación da CAG

Na sesión plenaria do 7 de febreiro de 2006 do Parlamento de Galicia procedeuse á designación de como senador representante da Comunidade Autónoma de Galicia de D. Manuel Fraga Iribarne, que resultou elixido por 74 votos a favor e un en branco.

Ano 2007

1. Composición da Asemblea Lexislativa por grupos parlamentarios

Total deputados: 75

Composición por grupos na data do 01-01-2007:

Popular de Galicia: 37

Socialistas de Galicia: 25

Bloque Nacionalista Galego: 13

Composición por grupos na data do 31-12-2007:

A mesma

2. Estrutura do Goberno

Presidente: Emilio Pérez Touriño (PSdeG-PSOE)

Vicepresidente de Igualdade e Benestar Social: Anxo Manuel Quintana González (BNG)

Número de consellarías: 12

Consellería de Presidencia, Administración Pública e Xustiza: José Luis Méndez Romeu (PSdeG-PSOE)

Consellería de Economía e Facenda: Xosé Ramón Fernández Antonio (PSdeG-PSOE)

Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes: María José Caride Estévez (PSdeG-PSOE)

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria: Laura Sánchez Piñón (PSdeG-PSOE)

Consellería de Innovación e Industria: Fernando Blanco Álvarez (BNG)

Consellería de Medio Rural: Alfredo Suárez Canal (BNG)

Consellería de Cultura e Deporte: Ánxela Bugallo Rodríguez (BNG)

Consellería de Sanidade: María José Rubio Vidal (PSdeG-PSOE)

Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos: Carmen Gallego Calvar (PSdeG-PSOE)

Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible: Pachi Vázquez Fernández (PSdeG-PSOE)

Consellería de Traballo: Ricardo Varela Sánchez (PSdeG-PSOE)

Consellería de Vivenda e Solo: Teresa Táboas Veleiro (BNG)

3. Tipo de goberno

Tipo de goberno por apoio parlamentario: maioritario

Partidos e número de deputados que o apoian: 38 (25 do PSdeG-PSOE e 13 do BNG)

Composición do Goberno: de coalición

4. Cambios no Goberno

Ningún

5. Investidura, moción de censura e cuestión de confianza

Non se produciron.

6. Mocións de reprobación

Ningunha

7. Debates e resolucións máis importantes

7.1. Creación de comisións non permanentes

Comisión Non Permanente para o Estudo da Xuventude en Galicia

Comisión Non Permanente para o Estudo da Seguridade Viaria en Galicia

7.2. Creación de comisións de investigación

Comisión de Investigación sobre a Vía de Alta Capacidade do Salnés, constituída co obxecto de investigar as causas da rápida deterioración da denominada vía de alta capacidade do Salnés. A comisión concluíu os seus traballos en decembro de 2007 mediante un ditame aprobado polo BNG e PSdeG cos votos en contra do PP no que se concluíu que os problemas detectados na vía foron a consecuencia directa de decisións políticas incorrectas e non de decisións técnicas inadecuadas: en concreto, da decisión política de substituír os tubos de formigón armado previstos no proxecto inicial por outros de chapa galvanizada, menos custosos pero menos resistentes.

Comisión de Investigación sobre a Totalidade das Accións Públicas Referentes á Chamada Cidade da Cultura desde o seu inicio mesmo á actualidade, cuxos traballos deron inicio o 17 de setembro de 2007 coa finalidade de investigar da eventual «desviación» dunha cantidade de douscentos millóns de euros dos orzamentos autonómicos previstos para a construción da Cidade da Cultura situada en Santiago de Compostela.

7.3. Creación de comisións mixtas

Comisión Mixta de Integración do Sistema Educativo de Galicia no Espazo Europeo de Educación Superior.

7.4. Comisión Especial de Reforma do Estatuto de Autonomía para Galicia

Constituída formalmente o día 16 de marzo por sete representantes do Grupo Parlamentario Popular, cinco do Grupo Parlamentario Socialista e tres do Grupo Parlamentario do BNG, a comisión acordou designar os membros dunha relatoría conxunta para o desenvolvemento dos traballos de reforma, relatoría que se constituíu o 21 de abril e iniciou os seus labores o 27 de xuño de 2006, integrada por tres deputados e un suplente de cada un dos tres grupos parlamentarios da Cámara. A relatoría desenvolveu o seu labor ao longo de toda a segunda metade de 2006 e decidiu, finalmente, suspender de xeito indefinido os seus traballos, na sesión do 18 de xaneiro de 2007, despois de que o día anterior os líderes dos tres partidos galegos con representación parlamentaria constataren, nunha reunión conxunta celebrada na residencia oficial do presidente da Xunta, a imposibilidade de chegar a un acordo sobre a reforma estatutaria.

7.5. Proposicións non de lei

Proposición non de lei sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para evitar as desigualdades.

Proposición non de lei sobre a violencia de xénero, referida á creación de xulgados específicos nas principais cidades galegas.

Proposición non de lei sobre a promoción da igualdade de oportunidades para mulleres reclusas nas penitenciarías galegas.

Proposición non de lei relativa á creación de unidades xudiciais para o partido xudicial de Betanzos.

Proposición non de lei para a aprobación de medidas destinadas a minimizar os efectos e perdas que se produciron na economía agraria galega a consecuencia da seca producida en outono.

7.6. Declaracións institucionais

Durante 2007 aprobáronse, entre outras relativas a temas de importancia, as declaracións institucionais sobre a conmemoración anual en memoria das vítimas do Holocausto, a conmemoración do Día do Doador, a loita contra o narcotráfico, a paz en Palestina e o cambio climático.

7.7. Debate de política xeral sobre a situación política da Comunidade Autónoma

O denominado «debate sobre o estado da autonomía» tivo lugar nas sesións plenarias do Parlamento de Galicia celebradas os días 2 e 3 de outubro de 2007.

8. Reformas do Regulamento parlamentario

Ningunha

9. Normas interpretativas e supletorias do Regulamento

Estatuto do persoal do Parlamento de Galicia (DOG n.º 248, do 26 de decembro de 2007).

10. Institucións similares ao Consello Consultivo, Tribunal de Contas e Valedor do Pobo

Consello de Contas

Aprobación do ditame sobre o Informe de fiscalización da conta xeral do sector público da Comunidade Autónoma para o exercicio 2004.

Valedor do Pobo

Informe do Valedor do Pobo correspondente ao ano 2006.

Informe extraordinario sobre a seguridade viaria en Galicia.

Procédese á elección de novo Valedor do Pobo –resulta elixido por unanimidade do Parlamento de Galicia en sesión plenaria celebrada o 17 de xullo de 2007 D. Benigno López González– e de novos vicevaledores, cargos que recaen nas persoas de D. José Julio Fernández Rodríguez, María Dolores Galovart e Domingos Merino.

ISBN 978-84-453-4685-3



9 788445 346853



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E
XUSTIZA



Escola Galega de
Administración
Pública